

# A parroquia en Galicia

pasado, presente e futuro



# A parroquia en Galicia

pasado, presente e futuro



Edita

**Xunta de Galicia**

Coordinación da edición

**Fernando García Pazos**

Coordinación da cartografía

**Manuel Gallego Priego**

**Fernando García Pazos**

Implementación no Sistema de Información Xeográfica

**Francisco J. Fanego Rioboo**

**Celso Cuñarro Taboada**

Bases de Datos

**Berta Román Díaz**

**María José Rodríguez Villar**

Fotografía

**Turgalicia**

**S.A de Xestión do Plan Xacobeo**

**Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia**

Deseño e maquetación

**Xosé G. Xoga**

Impresión

**Imprenta Imprenta**

Depósito Legal

**C-0000-2009**

I.S.B.N.

**978-84-453-4777-5**

© de autores, 2009

© Xunta de Galicia, 2009

# índice

Limiar .....	9
Relación de autores .....	17
<b>O territorio</b>	
01 A parroquia e a xeografía de Galicia .....	21
<b>O pasado e espazo identitario</b>	
02 Da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval á parroquia clásica en Galicia .....	57
03 A rede parroquial desde finais do século XV a mediados do XIX .....	77
04 Vida e morte nas parroquias galegas da idade moderna: Cambios e permanencias .....	105
05 A reforma parroquial de 1867: a diocese de Santiago de Compostela .....	123
06 A parroquia en Galicia: unha ollada etnográfica dende as festas .....	147
07 Os espazos da identidade: reflexións desde a antropoloxía social sobre a actualidade da parroquia rural en Galicia .....	167
08 Parroquias e toponimia .....	181
<b>O presente e a realidade territorial</b>	
09 A parroquia galega na modernidade territorial .....	205
10 O papel da organización parroquial na análise e na ordenación do modelo de asentamento poboacional .....	225
11 Estrutura territorial e vilas “estrada” en Galicia .....	235
12 Parroquias e planificación territorial .....	253
13 A parroquia no ámbito estatístico .....	285
<b>O futuro e alternativas</b>	
14 A parroquia galega no contexto da multilevel governance .....	309
15 Elementos fundamentais do réxime xurídico das entidades parroquiais de Galicia no século XXI .....	317
16 Turismo e parroquias .....	329
<b>Outras realidades: Portugal</b>	
17 A freguesía como unidade político-administrativa mínima en Portugal .....	347
<b>Cartografía, espazo sentido e percibido</b>	
18 A representación da parroquia na cartografía antiga .....	373
19 O mapa de parroquias de Galicia. Problemática da demarcación territorial da parroquia na cartografía actual .....	391

# Veges y Morals.

4.  
Mediunas de sobre Lyes.

Verde de

Santo  
Parricida  
Piedra paradas  
yca



12.  
Hacienda de la traba

11.  
Cerro de  
S. Vemonte  
S. demarcacion

- 16. Fuente de la Pracueroira
- 15. Fuente de la Pracueroira
- 14. Fuente de la Pracueroira
- 13. Fuente de la Pracueroira
- 12. Fuente de la Pracueroira
- 11. Fuente de la Pracueroira
- 10. Fuente de la Pracueroira

Pracueroira mide su nombre  
la agua de q. la pracueroira

Cruce de la calle de la Pracueroira

10.  
Calle  
de la Pracueroira  
yca de

Camino

Pracueroira

Seans.  
p.d.  
B.

Costa de Occidente pa  
Pousada. Sobras  
del Itar.

ya  
Pedra arredada alias dalinda  
pousa deoura y das. Ma  
El Vinca. C...

Penas quadas

Monte que pasa por el monte de las  
del Itabaco.

de las montañas  
de las a pias

Monte que pasa por el monte de las

Monte de las  
de las a pias

Castro de  
El Vinca  
Pararica



Casa q' pias  
de las a pias

Monte de las  
de las a pias

Monte de las  
de las a pias

parq

# Limiar

*A nosa paisaxe é natureza humanizada, natureza feita cultura.  
Na súa formación interveu o traballo, a enerxía,  
a esperanza e o sufrimento dos homes,  
que non só a empaparon mil veces coa súa suor  
senón que lle infundiron o calco do seu espírito.*

**Ramón Piñeiro (1915-1990). Día das Letras Galegas 2009**

A paisaxe de Galicia amósanos a faciana dun territorio onde se reflicten as diferentes vinculacións e relacións do home co espazo ao longo do tempo. Acontecementos sociais, culturais, económicos e políticos incidiron no proceso construtivo dunha estrutura territorial que ten na parroquia un exemplo paradigmático de ordenamento espacial orixinario nos tempos do medievo e vixente na actualidade.

O proxecto Parroquias de Galicia, acometido no Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), ten por obxecto a elaboración dunha nova edición do mapa dos límites de parroquias de Galicia que sirva de referente para o estudo e a análise da estrutura do territorio. Ao mesmo tempo considerouse necesario facer unha reflexión sobre o sentido actual da parroquia.

A crise do microcosmos da parroquia é un feito patente hoxe en día. O seu modelo de organización territorial vaise esvaecendo no medio rural e deixa de ser percibido no espazo urbano. Nestes tempos do culto ao efémero, da ultramobilidade, da “desterritorialización” na network society e da “aldea global”, o individuo perde o control sobre o espazo. É evidente a perda de elementos de cohesión e o debilitamento de moitas das referencias identitarias existente no espazo parroquial, como eran as vinculadas coa igrexa, reducidas a certos ritos e símbolos; ou as vinculadas á terra, relacionadas cos ciclos agrarios que marcaban o tempo das vivencias.

No actual contexto socioeconómico completamente transformado, resulta difícil saber si a parroquia será capaz de adaptarse a semellantes cambios, así como saber si é posible “explorar” o valor engadido que encerra en se mesma. Son moitas as consideracións que se poden facer sobre esta entidade territorial inserida na estrutura territorial. Por tanto, resulta de suma importancia afondar no seu coñecemento para valorar os elementos identitarios da nosa paisaxe, e non esquecer as súas experiencias e dinámicas xeradoras de inercias que nos seguen envolvendo. Por iso é necesario mergullármonos no seu proceso histórico, analizar a súa función na actualidade e valorar o seu potencial organizativo. Deste xeito poderemos achegar propostas sobre o aproveitamento de certas sinerxias para buscar solucións aos actuais problemas territoriais, apoiar a formulación dunha planificación coherente e a conservación dun patrimonio cultural singular.

Con esta pretensión intentamos abranguer neste obra a multiplicidade de aspectos que definen a parroquia. Na súa estruturación partimos da súa visión actual, achegámonos ao seu pasado, analizamos o seu presente e a súa proxección no futuro. Os apartados son os que seguen: o territorio; o pasado e o espazo identitario; o presente e a realidade territorial; o futuro e alternativas; outras realidades: Portugal e, por último, a cartografía: espazo sentido e percibido.

Afrontamos o seu estudo desde a pluralidade de coñecemento, para o que recorreremos á colaboración dun grupo multidisciplinar de profesionais do ámbito da historia, da antropoloxía

social, do xurídico, da socioloxía, da estatística, e mesmo aqueles relacionados coa análise e planificación territorial como os xeógrafos, urbanistas, agrónomos ou enxeñeiros de camiños.

Neste monllo de contribucións quérese recoller o pouso deixado polo traballo de investigadores de diferentes xeracións en estudos sobre o territorio e os seus habitantes. Da súa lectura infírese unha reflexión feita desde diferentes horizontes do coñecemento e distintas modalidades interpretativas, que nos axudan a entender mellor a parroquia en toda a súa complexidade.

Unha primeira aproximación á parroquia como entidade territorial é a feita polos xeógrafos M<sup>a</sup> Pilar de Torres Luna, investigadora con múltiples traballos sobre o mundo rural galego, e de xeito moi significativo sobre a parroquia e a súa cartografía, xunto con Rubén C. Lois González, investigador con estudos no ámbito da Xeografía Cultural e Urbanismo, introdúcennos no significado que ten a parroquia na organización territorial de Galicia. No seu percorrido polas contribucións de autores galegos e foráneos, así como polas de xeógrafos e economistas rexionais sobre o papel desta entidade, ofrécennos a caracterización da parroquia no seu máximo esplendor no século XX. A seguir, preséntannos a crise do mundo tradicional agrario que se reflicte na parroquia ao desaparecer como universo produtivo, a despoboación e o avellentamento da poboación. Neste contexto de mudanzas os autores consideran que se pode aproveitar a forza aínda vixente das súas comunidades sociais, posible clave no reequilibrio territorial, na sustentabilidade, no establecemento dun modelo de organización territorial sobre un novo sistema de relacións territoriais das áreas metropolitanas, comarcas e concellos.

Desde esta imaxe da parroquia actual, achegámonos ao seu pasado para ver como desde a súa orixe no medievo acada o seu esplendor nos séculos da Idade Moderna e inicia o seu declive a principios do século XX. Este proceso axúdanos a entender a construción dun espazo identitario que se reflicte na súa realidade social e no propio topónimo.

O medievalista, Fernando López Alsina, expón o proceso evolutivo da parroquia desde a súa orixe urbana no marco do Imperio Romano ata conformar no século XI o sistema parroquial clásico de Galicia, vixente na actualidade. Nestes tempos a dependencia das forzas dos poderes establecidos (reis, señores, bispos, mosteiros, etc.) condiciona a súa evolución. Pouco a pouco, desde a protoparroquia, iranse configurando os elementos que fan da parroquia un territorio diferenciado e necesariamente delimitado territorialmente.

Seguindo o decorrer dos tempos entramos na Idade Moderna, en que a parroquia se consolida como estrutura organizativa do territorio e acada o seu esplendor. Pegerto Saavedra e Domingo Lopo, investigadores de historia moderna, aproxímannos á realidade da parroquia existente entre o século XIV e mediados do XIX.



O profesor Pegerto Saavedra pon de manifesto o papel fundamental da parroquia no artellamento dun hábitat moi pulverizado. Por unha banda, resáltase a pouca variación do número de parroquias e dos seus territorios ante a incidencia do chamado sistema benefical e os dereitos de padroado, que constitúe parte do patrimonio de familias e institucións. Pola outra banda, o Concilio de Trento contribuirá a un reforzamento do marco parroquial no aspecto administrativo e a unha afirmación do seu ámbito identitario co impulso das vivencias relixiosas no seo da comunidade parroquial.

Pola súa parte, o investigador Domingo González Lopo deixa constancia dalgúns dos aspectos fundamentais da parroquia, como son o espiritual e a transcendencia cultural desde a vida á morte. A súa incidencia na vida e o comportamento da poboación influirá na maior integración do individuo no colectivo e porá de manifesto a contribución da institución eclesiástica en moitos aspectos na cohesión da comunidade parroquial.

Por último, neste decorrer pola historia Xosé Ramón Barreiro Fernández, con numerosos traballos de investigación sobre a historia contemporánea de Galicia, trata da reforma xurídica da parroquia rural galega no século XIX, concretamente entre 1851 e 1868. Atopámonos nun período en que se deixan entrever os primeiros elementos de desintegración da parroquia ante as novas relacións da Igrexa e o Estado, a supresión do sistema benefical e os profundos cambios económicos e sociais.

Desde o coñecemento do proceso histórico en que a parroquia se conforma como espazo vivo achegámonos ao estudo da súa realidade social a través dos costumes enraizados na colectividade que nos retrotraen no tempo.

Xosé Manuel González Reboredo achéganos a parroquia desde unha perspectiva etnográfica, tomando como fío condutor do seu discurso as festas, manifestacións dunha dimensión sociocultural onde a unidade relixiosa e civil conflúen e que serve para reforzar o carácter identitario. O autor afirma que o legado cultural adoita ter compoñentes que poden ser aproveitados nun mundo de macromercados e dominado pola sociedade urbano-tecnolóxica. Propón unha serie de actuacións sobre o patrimonio etnográfico das nosas parroquias co obxectivo de conservar este capital cultural que vén ser parte da nosa identidade simbólica como pobo.

Para completar esta visión etnográfica Xaquín Rodríguez Campos, na súa calidade de antropólogo social, reflexiona sobre a vivencia da parroquia rural hoxe. Esta constitúe unha comunidade liminar, porque permite xuntar nun mesmo espazo vivencias de tempos moi diferentes, e resulta posible como forma de comunidade rural sempre adaptable, non só para conservarse, senón tamén para responder aos problemas rurais máis modernos. O autor

amósanos a parroquia como referente para asociacións veciñais, cunha organización máis moderna en que os dinamizadores son os veciños que defenden o seu dereito a autoxestionar o seu propio territorio.

O filólogo Gonzalo Navaza explícanos as diferentes particularidades do nome da parroquia. Neste topónimo resúmese o carácter identitario dun territorio, a fondura do seu pasado e a multitude de relacións subxacentes entre o territorio e home.

Despois desta caracterización da parroquia faise doado comprender mellor a realidade actual desta estrutura territorial. Ata a década de 1960 ten plena vixencia, mentres que nos anos seguintes vai perdendo forza ante a transformación social e económica de Galicia. Este feito é analizado polo xeógrafo Ramón Rodríguez González, que trata a *modernidade territorial* da parroquia galega. A decadencia dos fundamentos básicos da vida parroquial ante o despoboamento do mundo rural, o debilitamento dos vínculos de convivencia interna existentes ante a forza da expansión urbana, o incremento da mobilidade e as profundas transformacións agrarias, a concentración dos servizos públicos nas vilas e cabeceiras municipais, fan que a parroquia perda todos os seus contidos como unidade organizativa da sociedade e quede relegada aos de carácter de simple división territorial relixiosa.

Juan Luís Dalda Escudero, arquitecto e urbanista, considera que a parroquia como circunscrición conserva a súa capacidade estruturante da unidade territorial. Resulta clave para entender as formas contemporáneas de urbanización difusa e o modelo de asentamento poboacional de Galicia en termos morfolóxicos e estruturais. A parroquia mantense como unidade ecolóxica de compartimento do espazo que é necesario delimitar xunto coa identificación dos límites físicos dos asentamentos celulares base, trasladando os seus resultados á cartografía e censos oficiais.

Carlos Nárdiz, enxeñeiro de camiños, canles e portos, trata da transformación que supoñen as estradas nas estruturas do rural, sobre todo as que unen as principais vilas e cidades. Estes eixes de comunicación propician un proceso de urbanización difusa sobre o rural e provocan a distorsión do sistema de asentamentos tradicionais, ademais de actuaren como elementos desestruturantes do territorio que rachan coa estrutura territorial existente na parroquia.

Rafael Crecente Maseda, enxeñeiro agrónomo, introdúcenos na perspectiva do planificador do rural que, distanciándose do urbano, asume a análise do espazo agrario desde si mesmo. Aborda o papel da parroquia na normativa legal de ordenación do territorio e urbanismo en Galicia e na planificación agroforestal. Avoga pola parroquia como unha célula de integración de diferentes iniciativas, políticas e instrumentos de planificación e desenvolvemento para o desempeño dunha acción de planificación integrada.

Desde a análise estatística da parroquia como fonte de información utilizada polo Instituto Nacional de Estadística, José Manuel Colmenero e Fernando L. Lema, delegados provinciais do INE en Lugo e na Coruña respectivamente, preséntannos a parroquia como unidade estatística específica. Eles explican como a parroquia é asimilada ou incorporada nas operacións estatísticas exhaustivas ou de mostraxe dirixidas á poboación na unidade territorial básica da sección, utilizada para a xestión do censo electoral. Deixan claro que a parroquia se mantén na estatística oficial polo seu carácter integrador, aínda que as novas conxunturas tenden a modificar a súa utilización.

Nun intento de ver alternativas de futuro para a parroquia, recollemos a perspectiva da parroquia no contexto político e xurídico, en que se analiza o seu papel no modelo organizativo da administración local.

Álvaro Xosé López Mira, desde a súa área de coñecemento da Ciencia Política e da Administración, achéganos unha reflexión sobre a parroquia no modelo de organización territorial local de Galicia. Avoga pola que podería ser a parroquia contemporánea dentro dun novo modelo de goberno local que contemplase os principios da *multilevel governance*.

Pablo González Mariñas, especialista en dereito administrativo, introdúcenos nos elementos fundamentais do réxime xurídico das entidades parroquiais de Galicia no século XXI. Aproxímanos ao perfil dunha parroquia anovada para a que define competencias, potestades, atribucións e formas de financiamento no contexto dun sistema local moderno, que baixo os principios da gobernanza multinivel favorecería un esquema de participación de axentes institucionais e axentes sociais.

Na liña da busca de alternativas para a parroquia no futuro, Xosé M. Santos Solla, investigador do Centro de Estudos Turísticos da Universidade de Santiago de Compostela, analiza o papel que pode ter o sector turístico no ámbito da parroquia. Pode ser o sector turístico un revulsivo para revitalizar o mundo rural e a parroquia un marco axeitado para o seu desenvolvemento? É un reto moi difícil para unha actividade tan complexa, polo que cumpriría un grande esforzo de coordinación e a implicación dos diferentes sectores públicos e administrativos.

No apartado 'Outras realidades' queremos achegar ao coñecemento da parroquia en Portugal. Antonio Almeida Calheiros, asesor do Centro Rexional de Braga da Universidade Católica Portuguesa, analiza a freguesía como unidade política e administrativa en Portugal. Desde a súa orixe e evolución ata o funcionamento dos órganos actuais, as súas competencias e os seus modelos de financiamento. Un estudo moi completo que nos permite coñecer a realidade das freguesías do país veciño, coas que tanto comparamos as parroquias de Galicia.

O último apartado refírese á cartografía da parroquia, un espazo percibido e sentido que se mantén na memoria dos máis vellos, pero sempre de complicado trazado nos mapas. Gonzalo Méndez Martínez, estudoso da cartografía antiga de Galicia, pon de relevo o problema da representación da súa demarcación, tanto polo seu número como pola dificultade da súa delimitación. Ofrécenos un percorrido polos antecedentes da representación das parroquias desde o século XVI ata chegar ao século XIX ao mapa de Fontán e ás representacións cartográficas dos expedientes e preitos das desamortizacións.

Para rematar, analízase a problemática da delimitación parroquial na actualidade e preséntase a metodoloxía de elaboración do novo mapa de parroquias de Galicia realizado no SITGA. O emprego das novas tecnoloxías de información aplicadas a cartografía facilitan a elaboración dos mapas e achegan un novo xeito de elaborar a información cartográfica do mapa dos límites de parroquias.

Acompañando ao libro achegase un CD e o mapa de parroquias a escala 1:200.000. No CD aparecen datos sobre a súa superficie e relativos a poboación como o número de entidades e habitantes, algúns mapas temáticos e referencias de páxinas de internet. Tamén engádese un localizador para facilitar a busca de cada parroquia no mapa anexo.

Desde estas páxinas queremos expresar o noso agradecemento aos distintos colaboradores pola entrega xenerosa do seu esforzo, do seu valioso tempo e por facernos partícipes dos seus coñecementos sobre a parroquia. Sen dúbida ningunha, axudará a comprender mellor a realidade do territorio de Galicia así como a valoralo para respectalo mellor.

Queremos agradecer o apoio dos concellos que se involucraron na verificación da delimitación das parroquias do seu termo municipal; das asociacións veciñais e culturais, que identificadas co espazo parroquial nos ofreceron información de gran valía; e das mancomunidades de montes veciñais como a Organización Galega de Montes Veciñais, que nos axudaron a verificar moitos dos lindeiros parroquiais de complicado trazado. Tamén desde a propia Xunta de Galicia diferentes consellerías e departamentos que teñen na parroquia un referente espacial para os seus traballos, como a Consellería de Medio Rural e a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, procuráronnos información sobre a delimitación dos montes veciñais en man común, ao tempo que o Servizo de Infraestruturas e Estruturas Agrarias fixo o propio coa concentración parcelaria.

Así mesmo, contamos coa colaboración da Sociedade Estatal de Correos, que a través do equipo de organización da Zona Primeira, nos fixo partícipes dos seus traballos de campo e nos posibilitou a corrección da delimitación parroquial nun número importante de concellos.

Non podemos esquecer o apoio ofrecido polos bispados de Santiago, Mondoñedo-Ferrol, Tui-Vigo, Lugo, Astorga e Ourense que, en todo momento, nos facilitaron a información para mellorar a cartografía existente. De xeito especial, agradecemoslle ao bispado de Ourense a súa especial colaboración que suporía a elaboración do *Mapa da Diocese de Ourense*, publicado en 2008 como parte da Guía da diocese de Ourense.

Agradecemoslle tamén a Turgalicia e á S.A. de Xestión do Xacobeo os fondos fotográficos contribuídos, e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os documentos achegados do Arquivo do Reino de Galicia que, xunto cos procedentes do propio fondo fotográfico da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, conforman a documentación gráfica do libro.

Por último, agradecemos a implicación da Consellería de Industria e Innovación desde a Dirección Xeral de Turismo e S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no apoio deste proxecto.

Desexamos con este traballo render un pequeno tributo aquelas persoas, que dedicaron moitos anos da súa vida de investigación no estudo dos diferentes aspectos da realidade territorial de Galicia, de xeito especial da parroquia, e que con esta publicación queremos lembrar facéndonos eco do seu saber.

**Fernando García Pazos**  
*Coordinador do Proxecto Parroquias de Galicia*

# Relación de autores

<b>Mª Pilar de Torres Luna</b>	Catedrática de Xeografía de Universidade.
<b>Rubén C. Lois González</b>	Catedrático de Análise Xeográfica Rexional. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Fernando López Alsina</b>	Catedrático de Historia Medieval. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Pegerto Saavedra Fernández</b>	Catedrático de Historia Moderna. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Domingo L. González Lopo</b>	Profesor doutor de Historia Moderna. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Xosé Ramón Barreiro Fernández</b>	Presidente da Real Academia de Galicia. Catedrático de Historia Contemporánea de Universidade.
<b>Xosé M. González Reboredo</b>	Coordinador do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego.
<b>Xaquín Rodríguez Campos</b>	Profesor titular de Antropoloxía Social na Facultade de Humanidades (Lugo), Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Gonzalo Navaza Blanco</b>	Membro da Comisión de Toponimia. Profesor Titular da Universidade de Vigo.
<b>Román Rodríguez González</b>	Profesor titular de Análise Xeográfica Rexional. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Juan Luis Dalda Escudero</b>	Doutor arquitecto. Urbanista. Profesor titular da Universidade da Coruña.
<b>Carlos Nárdiz Ortiz</b>	Doutor enxeñeiro de Camiños, Portos e Canles. Profesor titular da Universidade da Coruña.
<b>Rafael Crecente Maseda</b>	Doutor enxeñeiro agrónomo. Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela. GI-TTB-LaboraTe. Dpto. Enxeñaría Agroforestal-IBADER, Escola Politécnica Superior de Lugo da USC.
<b>Fernando Lema Devesa</b>	Delegado provincial do Instituto Nacional de Estadística da Coruña.
<b>José Manuel Colmenero Álvarez</b>	Delegado provincial do Instituto Nacional de Estadística de Lugo. Profesor asociado do Departamento de Estatística e Investigación da Universidade de Santiago.
<b>Álvaro Xosé López Mira</b>	Doutor en Dereito Constitucional. Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía. Profesor titular de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo.
<b>Pablo González Mariñas</b>	Doutor en Dereito. Do Corpo de Administradores Cívís Superiores do Estado. Profesor titular de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña.
<b>Xosé Manuel Santos Solla</b>	Director do Centro de Estudos Turísticos da USC. Profesor titular de Xeografía Humana. Universidade de Santiago de Compostela.
<b>Antonio Almeida Calheiros</b>	Xeógrafo. Profesor asistente da Facultade de Ciencias Sociais do Centro Rexional de Braga da Universidade Católica Portuguesa.
<b>Gonzalo Méndez Martínez</b>	Xeógrafo. Profesor titular do Dpto. De Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio. Universidade de Vigo.
<b>Fernando García Pazos</b>	Xeógrafo. Técnico de Sistemas Información Xeográfica SITGA. Xunta de Galicia.

# o territorio

**01** M<sup>a</sup> Pilar de Torres Luna e Rubén C. Lois González  
A parroquia e a xeografía de Galicia

# 01 A parroquia e a xeografía de Galicia

**M<sup>a</sup> Pilar de Torres Luna**

Catedrática de Xeografía de Universidade

**Rubén C. Lois González**

Catedrático de Análise Xeográfica Rexional

Universidade de Santiago de Compostela

Todos os estudosos da realidade galega dos séculos XIX e XX, sen case ningunha excepción, observaron que a organización territorial do país non se podía comprender á marxe da parroquia. A parroquia definiuse e defínese como unidade de delimitación eclesiástica, que ao longo da Idade Media e até os nosos días se consolidou como célula básica de relación social no agro, espazo delimitado ao que lle correspondían bens comunais, microcosmos da existencia labrega (cun ritmo anual de festas e eventos perfectamente pautado), ámbito da cooperación veciñal e lugar preferente de pertenza das persoas, por enriba da aldea (ou o barrio, ou a vila, etc.) e da bisbarra de orixe. Para os xeógrafos, as freguesías interprétanse sobe todo como territorios, que se representan con límites precisos nos mapas de Galicia. As parroquias engloban un número moi variable de entidades singulares de poboación, segundo as comarcas do país ás que nos refiramos, pero os seus lindes sempre separan o propio, o cotián, o verdadeiramente sentido e coñecido, do outro, das persoas que xa non son

San Mamede de Pentes,  
A Gudiña (Ourense)



consideradas directamente veciñas, que non exercen o seu control sobre o mesmo espazo de monte e que non celebran as mesmas festas patronais. Esta presenza hexemónica do parroquial mantívose en Galicia até hai moi poucos decenios, os 1960 ou 1970, cando se inicia un fondo proceso de recomposición territorial no país, que se traduciu nun continuado declive do peso das freguesías que, aínda así, manteñen un rol estruturante de moitos espazos rurais ou periurbanos onde estas entidades adquiren novos significados.

Na presente contribución ímonos achegar á importancia do feito parroquial desde un punto de vista eminentemente xeográfico. Unha aproximación complementaria ás esbozadas pola antropoloxía e a etnografía, a historia, a socioloxía, a economía rural ou a ciencia política e da administración, o que non impide que coincidamos con estas disciplinas en



múltiples temas e cuestións abordadas. De feito, partiremos dunha reflexión xeral sobre o significado da parroquia na organización do espazo galego. As freguesías entendidas ao mesmo tempo como territorios e comunidades, vinculadas directamente á articulación tradicional do mundo agrario, e aos costumes e ritos da sociedade labrega tradicional. O segundo apartado do noso traballo establecerá unha caracterización da parroquia nun dos seus períodos de máximo esplendor, o mundo rural denso (do *atraso* segundo X.M. Beiras, definitorio do *vello complexo agrario tradicional* segundo A. Bouhier) de mediados do século XX, cando os efectos da Guerra Civil frearon en seco os intentos de modernización autoxerada do noso agro (Fernández Prieto, 1992). Neste epígrafe tamén partiremos das lecturas que tanto autores galegos como foráneos fixeron sobre o protagonismo do parroquial; logo ocuparémonos de seguir dun xeito particular as análises realizadas por xeógrafos e economistas rexionais. Interesaranos coñecer o proceso de elaboración dos primeiros mapas de freguesías, para deternos (xusto no momento en que o mundo rural de dominante labrega comezaba a súa decadencia) na consideración da parroquia polas institucións da autonomía acabada de instaurar. A terceira parte do texto dedicarémola a estudar a evolución recente do feito parroquial. Por suposto, exporemos como a crise do mundo rural tradicional tivo consecuencias para as parroquias, como se afirmou unha nova dualidade entre freguesías despoboadas e freguesías vivas, cales son as relacións entre parroquia e municipio, e sinalaremos algúns elementos (puntuais e illados, pero significativos) de revitalización parroquial. Por último, estamos obrigados a interrogarnos sobre cal será o futuro da parroquia como entidade territorial, polo tanto obxecto de estudo da Xeografía. Para isto, debémonos preguntar sobre o porvir demográfico e económico destes territorios seculares, o seu posible recoñecemento político-administrativo e a dinámica que seguirán as freguesías urbanas, con puntos en común pero con notables diferenzas, respecto ás súas orixinarias rurais ou vilegas.

## 1. A parroquia na organización do espazo galego

Para comezar destacando o papel asignado á parroquia na xeografía de Galicia, nada mellor que recorrer ás afirmacións do xeógrafo clásico por excelencia no noso país, R. Otero Pedrayo, sobre a cuestión. En opinión de Otero, a organización *natural* ou *espontánea* do territorio galego por enriba da familia non a constitúe a aldea, senón a parroquia, isto é, o conxunto de aldeas baixo a advocación dunha mesma igrexa. As parroquias forman

*“a estrutura vital e orgánica da poboación galega...trazada dunha vez para sempre desde as orixes históricas” (Otero Pedrayo, 1933; García Álvarez, 2001)*

Segundo a súa tese, congruente coa da corrente máis esencialista do nacionalismo agromado durante o primeiro terzo do século XX, este xeito de organización, xurdido formalmente da administración eclesiástica medieval cristiá, tería o seu antecedente primixenio na época prerromana, no primitivo clan céltico (estruturado en aldeas rurais dispostas ao redor dun castro ou núcleo principal) que se transmutou, logo da colonización romana e sueva, na parroquia rural, até chegar aos tempos presentes (Otero Pedrayo, 1933; García Álvarez,

Santiago de Martón,  
Baleira (Lugo)





Campobecerros, Castelo do Val (Ourense)

2001). Esta continuidade histórica renovada decote pola xuntanza dominical na igrexa sitúa a natureza da parroquia nun plano *espiritual* que lle garantiría unha vitalidade esencial e en certo xeito indestrutible. Para Otero Pedrayo, o lugar, a aldea individual “pode morrer”, pero “a parroquia non morre nunca”, xa que subsistirá sempre no sentimento dos seus fregueses (Otero Pedrayo, 1928; García Álvarez, 2001). Como noutra ocasión concluíu este gran pensador:

*“Polo tanto, na Galiza temos unha unidade vital, antiga, xeográfica, eterna: a parroquia. Para coñecermos a Xeografía humana galega é preciso estudar todas as parroquias con método seguro” (Otero Pedrayo, 1927).*

O sentir de R. Otero Pedrayo foi o de toda a súa xeración de pensadores e activistas do recoñecemento de Galicia. Por iso, non estraña que tamén V. Risco dixese:

*“Fundamentalmente Galiza é un pobo de paisanos, que vive da procura e da explotación da terra. Unha poboación densa, espallada en pequenas comunidades rurais, as parroquias ou freguesías... A unidade económica en Galiza é a casa; o grupo social transfamiliar é a parroquia” (Risco, 1962).*

Pola súa banda, A.R. Castelao defendeu que

*“a parroquia segue sendo a única célula vital do noso país, a única entidade de poboación campesiña. A parroquia rural é unha das máis puxantes características da nosa terra, e de ningunha maneira se debe prescindir da súa existencia”. (Rodríguez Castelao, 1944).*

Finalmente, Florentino López Cuevillas, referíndose á parroquia ourensá de Velle, escribiu:

*“eiqué, como no resto de Galicia, a freguesía, auténtica molécula social do noso campo segue en pé e en estado de que o seu alento vital poida ser recollido e enrotado nunha lexislación concordante co xeito dispersivo en que se distribúe a poboación” (López Cuevillas, 1936).*

Morquitián, Muxía (A Coruña)



Se damos un pequeno salto no tempo, cómpre referir que nos anos 1960 e 1970 se consolidaron tardiamente unhas ciencias sociais con base académica no noso país que tomaban o relevo dos pensadores da preguerra. Estas acadaron a súa máxima expresión coas análises que sobre o sistema agrario tradicional realizaron dous xeógrafos foráneos, J. García Fernández e A. Bouhier, e un economista galego, X.M. Beiras, que de diversos xeitos cimentaron tanto a popular teoría do *atraso* coma a da singularidade (e potencia) do mundo labrego na explicación contemporánea de Galicia, que se mantivo vixente durante varios decenios (Beiras Torrado, 1972; García Fernández, 1975; Bouhier, 1979). No mesmo período, dous autores, o antropólogo procedente de Madrid C. Lisón Tolosana e o xurista (secretario da administración local) J. Fariña Jamardo, centraron boa parte das súas análises sobre a realidade galega na parroquia, presentada como peza clave para a comprensión dun territorio tremendamente rural, complexo, tradicional e densamente poboado (Lisón Tolosana, 1979; Fariña Jamardo, 1981, 1996). Resumindo a súa interpretación sobre o parroquial, cómpre destacar que C. Lisón, na súa obra *Antropología Cultural de Galicia* de 1979, observaba que:

*“Por las citas queda comprobado que verbal y conceptualmente la unidad de referencia y ubicación personal inmediata y normal es la parroquia. Que la conceptualización y la verbalización local presenta, además, la parroquia como unidad en un abanico de aspectos: emigratorio, económico, costumbrista, folclórico, parajurídico y moral. Y por último que el topónimo secular parroquial eclipsa con frecuencia el nombre propio de la aldea.”*

E continúa apuntando:

*“...las parroquias tienen límites propios; también tienen algunas parroquias montes e tierras parroquiales en propiedad colectiva, es decir, estas tierras pertenecen indistintamente a los parroquianos por el hecho de serlo”.*

A este respecto, unhas páxinas máis adiante o autor sinala:

*“Desde el momento en que una persona es bautizada en la pila de la iglesia parroquial, no importa que mude de residencia, emigre a Asturias, Barcelona, Buenos Aires etc., sus derechos y deberes como miembro de la parroquia de los vivos y como miembro también de la parroquia de los muertos siguen vigentes”*

De feito, e en coincidencia cos estudos realizados sobre estes territorios básicos de sociabilidade e relación, este antropólogo reafirma a orixe eclesiástica das freguesías do seguinte xeito:

*“Me refiero al principio integrador religioso de la misma. Parroquia equivale a territorio incluído bajo la jurisdicción espiritual del sacerdote en su ministerio pastoral. Todos los feligreses escuchan la voz del mismo pastor, se congregan y reciben los sacramentos en la misma iglesia, celebran las mismas fiestas patronales y reciben sepultura en el mismo cementerio. [E segue:] En la iglesia parroquial están las campanas que congregan a los vecinos a consello, a los cultos, los avisa de algo no esperado...” (Lisón Tolosana, 1979).*

Finalmente, o antropólogo madrileño refírese explicitamente aos colectivos que actúan lembrando a cohesión da parroquia fronte a supostas agresións exteriores, e non dubida en dicir que,

*“el exponente máximo de esta unidad interna [da freguesía] y de agresividad al exterior era la juventud... Ésta simbolizaba la fuerza interna de la parroquia y su prolongación, sin ser absorbida por otras unidades, en el futuro.”*

A mocidade sería, segundo a súa interpretación, a encargada de defender a parroquia, as máis das veces en loitas ou regueifas ritualizadas, moi frecuentes con ocasións dalgunha festa (Lisón Tolosana, 1979).

Santa María de Leboreiro, Melide (A Coruña)



Pola súa banda, J. Fariña Jamardo sentenza:

*“O territorio da freguesía rural galega, como unidade de delimitación perfectamente definida e consolidada ao longo dos séculos, segue tendo na actualidade a mesma vixencia que no pasado, e aínda que as leis locais non falan de demarcacións parroquiais senón municipais, na práctica é a parroquia un punto para situar a propiedade rústica e inmobiliaria; así se expresa nas escrituras públicas e privadas e aparece nos boletíns oficiais, ou nas relacións das expropiacións para fincas rústicas dos organismos oficiais ou da concentración parcelaria” (Fariña Jamardo, 1981, 1996).*

E segue redundando na mesma idea:

*“Como se pode deducir do que levamos dito, os montes veciñais en Galicia, a súa especialidade, a súa propia existencia, son unha consecuencia directa da existencia mesma da parroquia rural; da súa esencial condición de grupo característico e diferenciado” (Fariña Jamardo, 1981, 1996).*

Isto mantense cando tamén admite que nin todas as parroquias posúen monte a día de hoxe, nin moito menos todos os montes comunais son adscritos a unha freguesía ao completo. De feito, a parroquia é o substrato, visible ou non, que xustifica as territorialidades da Galicia non cidadá. Así,

*“os textos fálannos claramente de que o concello rural galego é unha suma de parroquias, e que o territorio parroquial é o determinante (Fariña Jamardo, 1981, 1996).*

Pedrafita (Lugo)



Para J. Fariña a dimensión territorial das freguesías é o fundamental, se ben non dubida en considerar que a parroquia é así mesmo “unha unidade relixiosa e unha unidade social”, do mesmo xeito que apuntaron os outros escritores citados (Fariña Jamardo, 1981, 1996). As parroquias, tal e como as coñecemos, constitúen unha realidade que se estende por toda Galicia, Norte de Portugal, Asturias e determinadas comarcas de León e Cantabria, xa que ao seu modo de ver,

*“o feito xeográfico, en canto determina a existencia dunhas formas dispersas ou diseminadas de asentamento da poboación, ten unha grande influencia na creación desa unidade social que chamamos parroquia” (Fariña Jamardo, 1981, 1996).*

Uns decenios despois, pero estamos diante dalgúns dos argumentos manexados xa por R. Otero Pedrayo ou F. López Cuevillas, pola Xeración Nós.

Se avanzamos un pouco máis no tempo, un xeógrafo renovador no contexto galego, X.M. Souto, na súa *Xeografía Humana* de 1985, dicía o seguinte:

*“existe así unha referencia mental a unha demarcación espacial que é coñecida e asumida polos parroquiáns, que perciben así globalmente a relación dos lugares”.*

Para Souto este autor a parroquia é a célula básica de relación social, de veciñanza, do noso mundo rural e periurbano. Un territorio con límites perceptibles que se consolidou desde a Idade Media e que constitúe a unidade base indiscutible do poboamento campesiño até épocas recentes. O protagonismo e a vitalidade da parroquia, pola contra, constitúe unha

*“realidade política que non se reconece, pois desde 1833 os municipios rurais solaparon a súa funcionalidade. Así, a imposición dos límites municipais e a elección das capitais municipais sen ter en conta a realidade anterior creou un desaxuste claro entre unha realidade funcional e unha realidade xurídico-política que tiña que acomodarse a aquela” (Souto González, 1985).*

Neste senso, X.M. Souto tamén advirte outra ameaza, cando sinala que:

*“non hai dúbida de que esta integración no mundo capitalista occidental, e o seu modelo espacial, comporta transformacións nas parroquias rurais, segundo o grao de dependencia*

respecto aos centros reitores. De feito, nas parroquias convertidas en capitais municipais asentáronse as oficinas bancarias, garaxes, talleres, etc., aínda que non provocasen un crecemento demográfico importante, nin fosen capaces de absorber a poboación sobrante das parroquias da bisbarra. Tamén é nesta parroquia, ou mellor no lugar parroquial central, onde máis penetrou a influencia do castelán (...); son os núcleos que se queren aproximar ás cidades e diferenciar das aldeas respecto ao conxunto da bisbarra. Así, a capital municipal preséntase como un mundo diferenciado, estraño, para o propio parroquiano da bisbarra, xa que percibe unhas diferenzas morfolóxicas (as rúas, o aspecto dos edificios, os locais comerciais), que asocia ao progreso e ao desenvolvemento” (Souto González, 1985).



Rúa da cidade da Coruña

Un discurso claramente influído pola interpretación dialéctica formulada uns anos antes polo economista X.M. Beiras na súa teoría do atraso. En concreto, este xeógrafo conclúe, desde unha perspectiva crítica e máis actual, que

*“a parroquia perdeu o tren da historia en 1833 coa imposición da organización municipal e a designación de núcleos capitais municipais; subsiste pola importancia da igrexa (tanto a nivel institucional como de crenzas, que se interrelacionan cunha grande forza no rural) e nalgúns casos tenta ser revitalizada por asociacións de veciños” (Souto González, 1985).*

A crise da parroquia como resultado dunhas transformacións políticas e económicas provenientes do exterior, impostas e desligadas da realidade territorial secular, e autocentrada, de Galicia. Por iso, fronte á análise do declive das freguesías, X.M. Souto fai unha reivindicación, moi representativa dos primeiros anos de autonomía no noso país:

*“Agora ben, a organización social que parte da parroquia ten que ir vencellada a unha nova concepción territorial, que desbote a significancia dos municipios e recoñeza a bisbarra como área propia administrativa”*

Sen dúbida, X.M. Souto recolle e adapta aos novos tempos as formulacións clásicas dos galeguistas de principios da centuria pasada, que “cuestionaron duramente a división territorial-administrativa liberal, implantada no século XIX e baseada na triloxía municipio-partidos xudiciais-provincias” (García Álvarez e Marías Martínez, 2002). Unhas realidades consideradas “artificiosas, arbitrarias, implantadas desde patróns externos que encobren as formas de organización espontáneas e xenuínas do territorio galego” (García Álvarez e Marías Martínez, 2002). Os galeguistas da preguerra civil reclamaron a supresión das provincias e dos municipios rurais e o recoñecemento político ou administrativo do país, da parroquia e da comarca natural (García Álvarez e Marías Martínez, 2002). Por isto, desde a propia declaración da Asamblea Nazonalista de Lugo en 1918, pasando polo Congreso de Economía Galega de 1925 e até chegar ás formulacións do Partido Galeguista na Segunda República, deféndese en paralelo a redacción dun Estatuto de Autonomía para Galicia e o recoñecemento oficial da parroquia como unidade básica do territorio do país (González Mariñas, 1994). Un



Ría de Pontevedra

recoñecemento explícito das freguesías que se plasmou no articulado do Estatuto de 1936, referente evocado nos múltiples traballos que coa recuperación da democracia se desenvolveron para conceder autonomía a Galicia entre finais dos 1970 e o ano 1980. A importancia da parroquia recóllese no texto do Estatuto de 1980, aínda vixente, se ben fronte a uns primeiros anteproxectos do mesmo (nomeadamente o *Estatuto dos 16*) que afirmaban a personalidade xurídica destes territorios, o texto definitivo emprega o condicional, sinalando que máis adiante unha lei (nunca aprobada) poderá considerar a parroquia como entidade administrativa (Fariña Jamardo, 1996). Nalgún desenvolvemento lexislativo ulterior, e aquí ímonos deter na Lei de adaptación da do solo a Galicia (LASGA) de 1985, pola súa indubidable transcendencia, a parroquia cobra certo protagonismo, aínda que sen carácter impositivo. De feito, a parroquia xunto coa comarca deben terse en conta (art. 1.1) na ordenación do solo. O substrato parroquial (que existe en todos os concellos galegos) considerárase como criterio substantivo de ordenación urbanística do medio rural, unha planificación estruturada en documentos que, non obstante, manteñen a división municipal como marco de referencia indiscutible (Díaz Lema, 1989).

Dous territorios onde a parroquia posúe unha consideración legal máis desenvolvida que en Galicia son, curiosamente, Asturias e Portugal. En Asturias, o Estatuto de Autonomía aprobado en 1981 dedica o seu artigo sexto á organización territorial do principado e determínase a necesidade de recoñecer a existencia da parroquia rural “...*como forma tradicional de convivencia y asentamiento de la población asturiana*”. Este mandato estatutario foi desenvolvido coa publicación no boletín oficial da comunidade (o BOAP) de 20 de novembro de 1986, pola que se recoñece a personalidade xurídica da parroquia (Cervilla Martínez, 1993), algo que en Galicia nunca chegou a producirse. En todo caso, considerando as fondas transformacións territoriais que operaron en Asturias,

*“el legislador autonómico no pretendió recuperar esa división parroquial en su conjunto, si no reconocer singularmente aquellas comunidades tradicionales que siguen demostrando su vigencia y utilidad. Así, la Ley de parroquias (...) condiciona dicho reconocimiento a la existencia de intereses peculiares o a el efectivo gozar comunitario de bienes patrimoniales por parte de esa comunidad, distintos y diferenciados de los municipales”* (Cervilla Martínez, 1993).

Pola súa banda, en Portugal a conformación do Estado moderno partiu do recoñecemento inmediato das *freguesías*, institucións civís que tiñan o seu correlato nas *parroquias* eclesiásticas (trátase dunha diferenciación terminolóxica á que nós non recorremos en todo o texto, onde se empregan as dúas acepcións indistintamente). De feito, “*a instituição das juntas de freguesia ocorreu em 1830, por decreto de 26 de Novembro [e] ...em 1833 preveniu-se constituir as câmaras municipais de uma ou mais freguesias por inteiro*”, sendo en 1835, pola Lei de 25 de abril e Decreto de 18 de xullo “... *que as mesmas pasan a compreenderse na organização administrativa portuguesa*”, algo que non aconteceu en Galicia cando os municipios xurdidos de agregados de parroquias non permitían que estas acadaran o “*estatuto de autarquías*” (Santos, 1995). En épocas moito máis recentes, en concreto na Constitución de 1976 aprobada logo do 25 de abril, recoñéceselles ás freguesías a manutención do estatuto autárquico que xa posuían; de feito o nivel autárquico de base é cuberto por este territorio (Santos, 1995). A Constitución de 1976 definiu a composición e estrutura organizativa das

*“autarquías paroquiais (Art. 245 e 247). Como órgãos representativos dispõe a freguesia de uma assembleia e de uma junta. A assembleia de freguesia, com poderes deliberativos, é eleita pelos cidadãos censados.... A junta de freguesia, órgão executivo, é eleita pela assembleia dentre os seus membros...”* (Santos, 1995).

Das distintas referencias que sobre a parroquia manexamos, dedúcese claramente que a mesma exerce como unha comunidade e como un territorio ao mesmo tempo. Como unha comunidade, en tanto que os seus habitantes considéranse pertencentes a un mesmo lugar, veciños, con coñecemento directo dos doutras casas e cunha noción precisa dos accidentes xeográficos que o seu espazo vital básico posúe. En segunda instancia, comunidade que se vincula á existencia de bens e propiedades colectivas e, noutra orde de cousas, conxunto de fregueses articulados por unha igrexa. A comunidade, como se dixo, pode transcender o propio espazo da freguesía, xa que a condición de veciño mantense mesmo se un emigrou hai moito tempo. En terceiro lugar, a comunidade festexa xunta, desenvolve sistemas de axuda mutua no traballo do campo e únese fronte a un acontecemento negativo. Son as campás da parroquia as que anuncian un falecemento e os veciños os que protagonizan os actos de velorio do defunto. A comunidade tamén se identifica por un nome perfectamente recoñecible, que a maioría dos habitantes dirán ou escribirán cando se lles pregunta de onde son. No que concirne á territorialidade, deriva da existencia de límites precisos que separan unha parroquia doutra. Uns límites que coñecen exactamente os seus veciños, pero que moitas veces son difíciles de sinalar (de cartografar) por funcionarios ou por organismos públicos encargados da xestión territorial. A parroquia posúe unha lóxica espacial propia, cos seus lugares, áreas de cultivo inmediatas aos mesmos, monte nos rebordos e novas implantacións en función das clases de solo e das estradas principais definidas. En definitiva, o territorio engloba unha comunidade de persoas que son do mesmo sitio, que por esta razón posúen un conxunto de relacións moito máis intensas que coas doutros lugares, por moi próximos que estes estean.

Todas estas características que vimos de enunciar tiveron a súa época de mellor cumprimento coincidindo coa existencia dun vello *complexo agrario tradicional* e denso en Galicia, entre o período culminante da Idade Media e ben avanzado o século XX. Un tempo de longa duración que se estendeu durante todas as centurias en que o modo de produción feudal era o hexemónico, e que se alongou no século XIX, en que as insuficiencias da industrialización xeraron o escenario do *atraso*. Un atraso que comezou a ser superado entre 1900 e 1936, con iniciativas autoxeradas de desenvolvemento rural, pero que a Guerra Civil cortou, volvendo a aparecer un modelo económico pechado, autárquico, pouco mecanizado e produtivo no campo galego (tamén superpoboado) das décadas de 1940, 1950 e 1960. Desde entón, as freguesías preséntansenos como entidades en relativa decadencia, resultado das fondas mudanzas acontecidas no rural. En todo caso, e seguindo as lóxicas do devir histórico, as transformacións culturais e de mentalidades sempre son máis lentas e, polo tanto, a parroquia permanece en maior medida que o sistema agrario tradicional mobilizado por unha abundante man de obra e baseado no policultivo de subsistencia. A freguesía segue



San Xoán de Coira, Piñor de Cea (Ourense)



Val de Lourenzá (Lugo)



Feira en Parga, Guitiriz (Lugo)

sendo o lugar (no senso do *place* inglés) por excelencia do mundo agrario e rural, aínda que unha gran parte dos seus habitantes non se dedique xa ao traballo do campo. Ademais, como xa dixemos na parroquia están os que se consideran veciños, aqueles que nos botan unha man cando certas tarefas da casa así o requiren. Ao redor das vivendas e das aldeas sempre agroman sectores de cultivos intensivos, hortas ou cortiñas, normalmente orientadas a producións de autoconsumo ou á venda directa en mercados próximos.

Máis lonxe, os espazos reservados á gandería ou aos cultivos hexemónicos da bisbarra en cuestión (cada vez máis, nas áreas periurbanas a almacéns, naves ou empresas), que sempre se localizan cunha referencia parroquial. Por último, os montes hoxe desaproveitados en gran proporción seguen sendo o

referente comunal, a memoria de que o colectivo, o pertencente a todos os veciños, marca o confín do territorio da parroquia e defínese como propiedade conxunta. De feito, na máis urbanizada e transformada provincia de Pontevedra, unha porcentaxe non desbotable da superficie total (máis do 20%) segue correspondendo a montes en man común, reflexo da pervivencia dun substrato do vello complexo agrario sobre novas realidades xeográficas. Como precisión complementaria, lembrar tamén que xunto co monte ou cos sistemas de axuda mutua, os centros simbólicos da freguesía (os arredores da igrexa, o cemiterio, o campo da festa etc.) adoitan ser reivindicados dun ou doutro xeito como propiedade veciñal.

Para rematar con este primeiro epígrafe dedicado á importancia da parroquia, cómpre reiterar unha serie de elementos que lle conferiron e lle confiren hoxe en día identidade. Por unha banda, a noción de freguesía establece automaticamente a interrelación entre unha serie de aldeas, lugares ou barrios integrados no mesmo territorio, e segue marcando as diferenzas con outras entidades situadas nun territorio limítrofe, pero distinto. Por outra, moitos atributos, fitos paisaxísticos e trazos percibidos como propios polas xentes van conformando a *personalidade* que toda freguesía posúe. Unha personalidade expresada tamén nun ciclo festivo autónomo, en moitas ocasións asociado a costumes e rituais cos que se procura reforzar o identitario. En terceiro lugar, os recentes e continuos procesos de elección de representantes aos concellos, onde un bo reparto territorial dos candidatos e, en concreto, a súa adscrición a freguesías reforzan as posibilidades de calquera lista municipal de obter bos resultados, demostra o mantemento da institución parroquial. Os antigos e tradicionais líderes da parroquia (os curas, os



Aldea de San Paio en Santiago de Mondoñedo (Lugo)

mestres, os herdeiros de casas grandes ou fidalgas etc.) foron desaparecendo, e desde 1970 son substituídos por concelleiros, pedáneos ou simples interlocutores coas alcaldías (ou con outros representantes do poder político). Por último, as parroquias reveláronse como unidades básicas para o estudo das transformacións



económicas recentes, nomeadamente as agrarias (Lois González, 1988). Aínda que a adaptación a unha agricultura ou unha gandería de mercado (ou a chegada do turismo, ou a localización de empresas) sexan dinámicas de ámbito comarcal, supralocal, moitos traballos de investigación demostraron que os actores, as familias, a sociabilidade de cada freguesía, condicionan, matizan a intensidade dos cambios (Lois González, 1988; Iturra, 1988; Pereiro Pérez, 1995).

## 2. A Parroquia no mundo rural denso

Ao longo das páxinas anteriores, insistimos na idea de que a parroquia constituíu a unidade territorial básica da Galicia rural e atrasada que se mantivo até os anos 1970 sen uns procesos de modernización e urbanización irreversibles. Por iso, moitos autores, tanto galegos como foráneos, cando comezaban a achegarse á realidade, á xeografía do país, topaban sempre as freguesías como entidades cun protagonismo indubidable, no contexto do mundo labrego denso que estaban a interpretar. Entre os autores que observaron isto houbo varios profesores madrileños, tan emblemáticos na construción da disciplina xeográfica en España, como J.M. Casas Torres e J. Dantín Cereceda. Na súa obra *Las regiones naturales de España*, Dantín constata que:

*“La forma de agrupación de las aldeas en Galicia es la siguiente: varias aldeas contiguas se agrupan en una sola parroquia; varias parroquias extensas a veces en un amplio territorio pertenecen a un mismo municipio” (Dantín Cereceda, 1942).*

Unha descrición semellante á que decenios despois formularía J. Fariña Tojo cando propón o seguinte modelo de comprensión para os asentamentos rurais de Galicia: as parroquias subdividiríanse en aldeas, e estas á súa vez en lugares. Aínda que en ocasións a parroquia “configúrase directamente” en lugares (Fariña Tojo, 1980). Pola súa banda, nunha achega moi temperá, J.M. Casas Torres afirma:

*“El municipio en Galicia es, no tanto, una nueva división administrativa cuya influencia se limita nada más, y como suele añadirse casi siempre, nada menos, a la puramente oficial. Según es sabido, cada municipio agrupa varias parroquias y estas a su vez están integradas por un número variable de lugares. La célula, pues, de la organización pública gallega es el lugar, y la entidad de orden superior, perfectamente adaptada a la realidad de las cosas, es la parroquia” (Casas Torres, 1943).*

Bastantes anos despois, J.M. Casas e os seus colaboradores ratificaban estas ideas sinalando que semella obvio que a parroquia rural galega debe ser posta en relación coa organización social do home sobre un espazo determinado, cunha superficie media de 7,7 hab./km<sup>2</sup> e preto de 700 habitantes en 1970, e cunha proporción de 9 aldeas por freguesía (Casas Torres, Miralbés Bedera e Torres Luna, 1976; Souto, 1985). Tamén desde unha perspectiva foránea e no período central do século XX, un xeógrafo alemán que traballou durante anos en Galicia, G. Niemeier, concordaba en subliñar a enorme transcendencia da parroquia. De feito, este autor escribe:

*“É frecuente topar nos textos a afirmación de que a parroquia (parroquia, freguesía) constitúe, dentro das grandes divisións políticas (concello), o verdadeiro nexo espiritual e económico do labrego galego. A parroquia rural vive aínda en moitos sitios – especialmente na montaña, de xeito case autárquico... A conciencia de comunidade maniféstase cando o galego fala sempre do seu pobo, do seu lugar natal, da parroquia e non do concello, ou da aldea” (Niemeier, 1945).*

Moitos dos discursos que vimos de lembrar foron, en boa medida, o resultado das lecturas que sobre Otero Pedrayo e os autores da Xeración Nós realizaron, sen excepción, todos aqueles investigadores interesados pola realidade territorial galega. De novo, cómpre sinalar que R. Otero xa no 1927 escribía que:



Xunqueira de Ambía (Ourense)

*“na Galicia temos unha unidade vital antiga, xeográfica, eterna: a parroquia. Para coñecer a xeografía humana galega é preciso estudar todas as parroquias con método seguro” (Otero Pedrayo, 1927).*

Aínda que dos anos 1940 aos 1960 os escasos xeógrafos galegos en exercicio apenas puideron afondar nas afirmacións do seu incuestionable mestre, entre finais dos 1960 e comezos dos 1970 a obra dun economista rexional (crítico) retomou toda a tradición de preguerra para formular unha interpretación científica das causas do atraso, a dependencia económica e o éxodo rural da Galicia do seu tempo. Este economista foi X.M. Beiras Torrado e, se ben as referencias directas ao mundo parroquial son escasas como corresponde a un estudoso da economía, a trama de pequenos territorios e comunidades

labregas do país está na base da maioría dos seus artigos e monografía sobre a Galicia hexemonicamente rural e moi poboada que tentou caracterizar. Por unha parte, este profesor insistiu en que o mundo labrego tradicional se encadraba nun modo de produción (seguindo a tradición herdada do materialismo histórico) precapitalista, baseado no recurso a unha abundante forza de traballo, que se estruturaba ao redor das unidades domésticas e da solidariedade do grupo. A penuria tecnolóxica do modelo obrigaba a destinar unha importante porción do esforzo desenvolvido a garantir o autoconsumo e facerlle fronte ao pago de rendas, co que o excedente obtido era escaso, do mesmo xeito que febles eran os intercambios comerciais (Beiras Torrado, 1972).

A situación descrita, sen dúbida a propia dos decenios da posguerra civil, tamén se vinculaba coa existencia dun agro superpoboado, con problemas de abastecemento interno, onde o recurso á emigración masiva constituía unha válvula de escape habitual, sempre e cando o contexto político e económico externo o permitía (Beiras Torrado, 1970). Este mundo labrego definido por X.M. Beiras podería ter iniciado unha senda de desenvolvemento sostido, de non mediar a obrigación (de orixe feudal) do pago de foros, décimos, rendas e, en épocas xa próximas no tempo, impostos ao Estado central. Segundo esta interpretación Galicia, a maioritariamente rural e densa que estamos a evocar, destinaba inxentes recursos económicos xerados polo seu aparato produtivo cara ao exterior. Un exterior encarnado en España (no pasado en Castela), que sometía o país a unhas condicións de dependencia e atraso. E non só isto. Segundo Beiras, na época contemporánea o Estado centralizado (coa súa lóxica de mercado único) respondía aos intereses dun novo modo de produción capitalista, que se procuraba impor tamén no país. Así, o crecemento das cidades, o pulo dunha industrialización incipiente e dirixida, o auxe da pluriactividade nas periferias urbanas e a xeneralización do traballo asalariado constituían algunhas das manifestacións relevantes da nova dinámica emprendida en Galicia. Unha dinámica que remataría, de non lle pór fin, co sistema labrego tradicional.

O Beiras do *Atraso* non dubidaba en definir un escenario de confrontación dialéctica entre os dous modelos económicos (Beiras Torrado, 1972), unha confrontación que de concluír co trunfo do capitalismo suporía a desaparición dos trazos de sociabilidade, axuda mutua, propiedade comunal e campos densos que sempre caracterizaron o país (e que, engadimos nós, estaban no fundamento da importancia acadada polo mundo parroquial).

Uns poucos anos despois da publicación das obras centrais de X.M. Beiras, saíu á rúa o traballo do xeógrafo valisoletano J. García Fernández, *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*, que supuxo a segunda gran contribución á análise do mundo rural denso que definía, non só Galicia, senón nesta monografía tamén Asturias e Cantabria (García Fernández, 1975). Este autor aplica un esquema de investigación derivado da xeografía rexional de fondas raíces historicistas, para estudar o agro coherente, pouco proclive aos cambios e envorcado sobre si mesmo de boa parte da Iberia húmida (García Fernández, 1975). En terceiro lugar por orde cronolóxica, se ben gran parte da súa investigación foi realizada bastantes anos antes, temos a publicación da tese de Estado francesa do xeógrafo de orixe vendeana A. Bouhier: *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire* (Bouhier, 1979). Nesta monumental investigación, en que o autor empregou dezaioito anos de pescudas, téntase explicar a xénese, consolidación e lóxica interna dun mundo labrego galego definido polas súas permanencias (e os cambios só na media e longa duración) e pola súa riqueza paisaxística. Galicia é, para Bouhier, un universo agrario pechado, onde o comunitario, as redes tecidas nos pequenos territorios (desde a época dos castros) e unha lóxica complexa de aproveitamento da terra caracterizan o vello sistema hexemonicamente rural que se caracteriza (Bouhier, 1979).

Dun xeito aproximado, por estes anos e ao longo da década de 1980, nun período que coincide cronoloxicamente tamén co da principal publicación de C. Lisón Tolosana, saíron á luz unha serie de obras de selo antropolóxico que tomaban parroquias concretas como obxecto exclusivo de investigación. Sen ánimo de sermos exhaustivos, citaremos até cinco traballos desa época: o realizado por X.M. Lema Suárez sobre *Bamiro. Un estudio do hábitat rural galego*, dedicado á súa freguesía vimiancesa natal (Lema Suárez, 1977); o de A. Suárez, centrado no brionés territorio da *Luaña, mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega* (Suárez, 1979); o de C. Sixirei Paredes, referido a *San Cristobo de Xavestre* (Sixirei Paredes, 1982); o de M. Mandianes, co sinxelo título de *Loureses* (Mandianes Castro, 1984), e o do prestixioso investigador chileno Raúl Iturra, xa citado, que sistematizou os procesos de adaptación económica e cultural colectiva en Vilatuxe (Lalín) (Iturra, 1988). Este interese da antropoloxía galega ao redor do parroquial rastréxase moi ben en manuais dedicados á exposición dos



Piñeira de Arcos,  
Sandiás (Ourense)

grandes temas que esta disciplina e a etnografía veñen cultivando no noso país desde comezos do século XX (Consello da Cultura Galega, 1990; Mariño Ferro, 2000). De feito, esta opción polo marco parroquial como escenario do discurso científico de corte histórico ou cultural segue persistindo até hoxe en monografías de regular publicación, como a premiada de X. Pereiro Pérez sobre Palas de Rei (Pereiro Pérez, 1995) ou a moi recente de S. Pérez López sobre O Buriz en Guitiriz (Pérez López, 2008), por citar tan só dous exemplos.

Un apuntamento non desbotable sobre esta cuestión refírese a que este interese sobre o parroquial nos espazos rurais tradicionais e transformados transcende as nosas fronteiras e aparece presente sobre todo en Francia, aínda que tamén en estudos realizados en Gran Bretaña, Italia, Irlanda, Romanía ou Canadá, por sinalar os máis frecuentes. Así, nunha obra colectiva significativamente titulada *La fin des paroisses?*, varios xeógrafos do Oeste francés sinalan:

*“Lugar de referencia, espazo eminente de reunión dos cristiáns, a parroquia exerce á vez como lugar de vida e de memoria que cada un coñece sen poder en todos os casos designar as súas fronteiras. Estrutura fundamental e territorial do poboamento, traducida en diversas institucións civís no decurso dos dous últimos séculos, a parroquia foi o cadro e a institución de base da vida social das comunidades rurais e urbanas do Occidente e das súas prolongacións a ultramar” (Mercator, 1997).*

En todo caso, este colectivo de autores insiste en que:

*“... desde hai anos, a institución parroquial vacila, tópase cuestionada ou en proceso de redefinición... [Así] ... estes movementos de reorganización das parroquias prodúcense nas sociedades onde a práctica, a frecuentación das institucións da igrexa faise máis rara, máis espaciada” (Mercator, 1997).*

Polo tanto,

*“o fin das parroquias é, primeiro, a desaparición da relación tridentina no mundo católico: unha parroquia, unha igrexa, un cura. A mesma caracterizou e soldou comunidades de habitantes, sobre todo nos espazos rurais, pero tamén nos barrios das aglomeracións urbanas. O fin destas formas de servizo (divino) de proximidade semella sinalar o recoñecemento de mobilidades xeográficas máis intensas e de relacións sociais máis complexas, entre as cales a institución parroquial apenas puido conservar o seu lugar. Na maior parte das ciencias do home, as análises do cambio social conclúen xeralmente e subliñan a debilitación dos lazos comunitarios ou a menor visibilidade das comunidades diante da afirmación dos comportamentos individualistas” (Mercator, 1997).*

En todo caso, e en coherencia con esta asociación que se establece entre parroquia e comunidade no mundo rural, a freguesía tradicionalmente

*“debe non só asumir unha función de territorialización cristiá senón exercer igualmente un rol de integración e de regulación das relacións sociais, porque é produtora de consensos e sustentadora do edificio social” (Palard, 1999).*

Por último, coa intención teórica de vincular relixión e procesos de territorialización históricos en sociedades de dominante agraria, atopamos o traballo de J.-R. Bertrand e R. Lois sobre *Espacio, territorio e relixión*, onde todo o discurso gravita sobre o protagonismo das freguesías (Bertrand e Lois González, 1996). Unhas parroquias enormemente vitais

San Xulián da Barcala,  
Negreira (A Coruña)



no campo hai uns decenios, e que manteñen a súa relativa pegada mesmo nos espazos urbanos do presente (Bertrand e Lois González, 1996).

Ademais das lecturas antropolóxicas, xeográficas clásicas, da economía crítica e da análise territorial de fonda influencia sociolóxica, unha enorme contribución ao redescubrimento da importancia do parroquial no país veu da man dunha serie de estudos consecutivos que tiñan por finalidade presentar os índices e mapas de delimitación das freguesías (máis recentemente dos arciprestados) de Galicia e que foron elaborados no seo do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago. Os primeiros traballos datan dos anos 1970 e os máis recentes dos 1990, e en todos eles aparece como directora ou coautora a xeógrafa M<sup>a</sup> Pilar de Torres Luna. Para resumir a tarefa desenvolvida, xusto cando as parroquias gozaban dunha significación incuestionable ao longo do territorio e antes de que o SITGA (Sistema de Información Territorial de Galicia, dependente da Xunta de Galicia) asumise a función de elaborar unha base de datos cartográfica e toponímica moi ampla sobre as freguesías, un texto dos profesores A. Pazo e X. Santos Solla aclara a secuencia da investigación realizada:


*“Na órbita da disciplina xeográfica, Miralbés Bedera e Torres Luna (1976) toman a parroquia como base fundamental na súa análise do hábitat galego. Estas dúas autoras, xunto con Pérez Iglesias (1978), levan a cabo tamén o labor de cartografiar todas as parroquias da rexión coas súas respectivas aldeas. Antes, Miralbés e Torres (1976), xunto co profesor Casas Torres, inician unha serie de traballos, cada vez máis perfeccionados, que tentan delimitar, dunha forma que poida ser asumida e utilizada por calquera persoa interesada no tema, todas as parroquias rurais da rexión. No 1976 aparece a obra de Casas, Miralbés e Torres, “Galicia. Mapa e índices de localización xeográfica de sus parroquias”, onde se relaciona xa un compendio de cada unha das parroquias cunha serie de datos históricos que serán o punto de partida para as demais, amén de sucesivas transformacións e melloras. Éstas lévanse a cabo en 1979 co libro de Miralbés, Torres e Rodríguez, “Mapa de límites de las parroquias de Galicia”; en 1985, co de Torres, Pérez e Chantada, “Las parroquias de Galicia. Cartografía y estadísticas”; en 1989, indícase xa coa toponimia normativizada, no libro de Torres, Pérez e Santos, Municipios y Parroquias de Galicia; por último, en 1994, Torres e Pazo, publican outro máis actualizado coa innovación das circunscripcións arciprestais. Todos eles significan un loable labor de intentar plasmar e cuantificar a realidade da parroquia, e da súa utilidade da boa conta o rápido esgotamento das sucesivas edicións, e o seu emprego como base dos estudos que se levan a cabo sobre bisbarras e concellos rurais da rexión, coa posibilidade que ofrecen de afinar na análise territorial a media ou gran escala” (Pazo Labrador e Santos Solla, 1995).*

A título de mostra deste traballo continuo de practicamente vinte anos, achéganse cinco exemplos dos mapas e índices de parroquias elaborados, seguindo unha secuencia temporal de máis antigos a máis recentes.

Como se puido comprobar, a parroquia foi un tema estrela de múltiples traballos académicos enmarcados nas ciencias sociais e humanas da segunda metade do século XX, xusto cando as freguesías acadaron o seu último período de esplendor e cando se desenvolveron os procesos que levaron á súa perda progresiva de protagonismo. O cambio económico, a mobilidade, a secularización ou o éxodo rural erosionaron a importancia da parroquia. Para rematar este apartado, agora cómpre preguntármonos se algúns dos atributos destes pequenos territorios rurais se manteñen non só vivos na memoria colectiva da xente, senón con influencia destacable sobre a organización do territorio actual. Así, o xeógrafo asturiano F. Quirós escribe:

*“Sin embargo, dado que la parroquia constituye una unidad tradicionalmente aceptada, que no es tan sólo de carácter religioso, sino que tiene, o tuvo, también un fundamento económico en la existencia de montes comunales y, en cualquiera caso, dado que viene utilizándose como unidad estadística censal, y también catastral, su delimitación tiene una utilidad indudable” (Quirós Linares, 1993).*

Mapa das parroquias rurais e as súas aldeas por Miralbé Bedera, Torres Luna e Pérez Iglesias, 1977



Exemplos de índices de parroquias coa toponimia normalizada publicados por Torres Luna, Pérez Fariña e Santos Santos Solla en 1989

PARROQUIA	N.º en el Mapa	MUNICIPIO	N.º en el Mapa	Provincia	PARROQUIA	N.º en el Mapa	MUNICIPIO	N.º en el Mapa	Provincia
OURENSE (Núcleo urbano)	3	OURENSE	217	Ourense	PAIZAS (S. Salvador)	5	RAMIRAS	283	Ourense
OUIROL (S. Xulián)	25	GUNTIN	117	Lugo	PALAS DE REI (Santiso)	29	PALAS DE REI	115	Lugo
OUIROL (Sta. María)	8	OUIROL	24	Lugo	PALEO (S. Estevo)	5	CARRIAL	57	A Coruña
OUSA (S. Xulián)	10	FRIOL	95	Lugo	PALMEIRA (S. Pedro)	5	RIBEIRA	147	A Coruña
OUSENDE (Sta. María)	16	SAVIÑO, O	165	Lugo	PALMES (S. Mamede)	1	OURENSE	217	Ourense
OUSON (S. Adrián)	21	BECERREA	122	Lugo	PALMOU (S. Xoán)	16	LALIN	161	Pontevedra
OUTARA (Sta. María)	1	POBRA DO BROLLON	167	Lugo	PAMBRE (S. Pedro)	35	PALAS DE REI	115	Lugo
OUTEIRO (O Salvador)	8	LUGO	96	Lugo	PANDO (S. Xoán)	10	BECERREA	122	Lugo
OUTEIRO (S. Cozmes)	10	OUTES	128	A Coruña	PANDO (Sta. María)	3	CERVANTES	125	Lugo
OUTEIRO (Sta. María)	2	CASTRO DE REI	73	Lugo	PANTIN (Santiago)	1	ALDOVIVIRO	1	A Coruña
OUTEIRO (Sta. María)	8	QUIROGA	194	Lugo	PANTROBRE (S. Estevo)	11	ARZUA	112	A Coruña
OUTEIRO DE REI (S. Xoán)	12	OUTERIO DE REI	72	Lugo	PANTON (S. Mariño)	14	PANTON	190	Lugo
OUTERIO DE REI (Sta. Mariña)	10	OUTERIO DE REI	72	Lugo	PANXON (S. Xoán)	1	NIGRAN	265	Pontevedra
OUTES (S. Pedro)	4	OUTES	128	A Coruña	PAO, O (Sta. María)	4	GOMESENDE	281	Ourense
OVIÑAO (Santiago)	4	NEGREIRA DE MUÑOZ	78	Lugo	PAPUCIN (Sta. María)	3	FRADES	89	A Coruña
OUZANDE (S. Lourenzo)	31	ESTRADA, A	158	Pontevedra	PARADA (S. Estevo)	8	OZA DOS RIOS	63	A Coruña
OVE (S. Xoán)	9	RIBADEO, A	31	Lugo	PARADA (S. Pedro)	6	CERDEDO	160	Pontevedra
OZA (S. Breixo)	6	CARBALLO	52	A Coruña	PARADA (S. Pedro)	45	ESTRADA, A	158	Pontevedra
OZA (S. Pedro)	7	OZA DOS RIOS	63	A Coruña	PARADA (S. Tomé)	33	SILLEDA	159	Pontevedra
OZA (Sta. Eulalia)	8	TEO	134	A Coruña	PARADA (S. Xoán)	26	OUTEIRO DE REI	72	Lugo
OZON (S. Mariño)	5	MUXIA	80	A Coruña	PARADA (Santiago)	5	AMOIRO	216	Ourense
PACIO, O (Sta. María)	32	FRIOL	95	Lugo	PARADA (Santiago)	6	NIGRAN	265	Pontevedra
PACIOS (O Salvador)	1	CASTRO DE REI	73	Lugo	PARADA (Sta. Eufemia)	2	LOBEIRA	294	Ourense
PACIOS (S. Lourenzo)	8	PIEDRAFITA	145	Lugo	PARADA (Sta. María)	7	ORDES	87	A Coruña
PACIOS (S. Mariño)	2	BEGOATE	68	Lugo	PARADA (Sta. María)	20	LALIN	161	Pontevedra
PACIOS (Sta. María)	9	FONSAGRADA, A	77	Lugo	PARADA DA SERRA (S. Lucas)	3	GUSTELO DO VAL	308	Ourense
PACIOS (Sta. María)	5	INCIÓ, O	143	Lugo	PARADA DA SERRA (S. Lucas)	4	GUDINA, A	312	Ourense
PACIOS (Sta. María)	4	BARALLA	121	Lugo	PARADA DE ACHAS (Santiago)	6	CANIZA, A	245	Pontevedra
PACIOS DA SERRA (S. Salvador)	2	QUIROGA	194	Lugo	PARADA DE LAVIOTE (S. Xulián)	6	IRIXO, O	182	Ourense
PADERNE (S. Cibrao)	5	PADERNE DE ALLARIZ	258	Ourense	PARADA DE OUTEIRO (Sta. María)	1	VILAR DE SANTOS	288	Ourense
PADERNE (S. Estevo)	18	CASTROVERDE	98	Lugo	PARADA DE RIBEIRA (S. Salvador)	13	XINZO DE LIMIA	301	Ourense
PADERNE (S. Xoán)	5	PADERNE	61	A Coruña	PARADA DE VENTOSA (S. Pedro)	9	MUÍÑOS	297	Ourense
PADERNE (Santiago)	5	CESURFAS	64	A Coruña	PARADA DO SIL (Sta. Mariña)	2	PARADA DO SIL	223	Ourense
PADORNELO (S. Xoán)	3	PIEDRAFITA	145	Lugo	PARADA DOS MONTES (Sta. Inés)	11	POBRA DO BROLLON	167	Lugo
PADREDA (S. Miguel)	2	VILAR DE BARRIO	262	Ourense	PARADASECA (S. Marcos)	14	QUIROGA	194	Lugo
PADREIRO (S. Salvador)	3	SANTA COMBA	83	A Coruña	PARADASECA (Sta. María)	7	CHANDREXA DE GUEIXA	264	Ourense
PADRENDIA (S. Cibrao)	5	PADRENDIA	280	Ourense	PARADAVELLA (S. Xoán)	15	FONSAGRADA, A	77	Lugo
PADRENDIA (S. Mariño)	1	MEÑO	173	Pontevedra	PARADELA (S. Andrés)	29	SARRIA	142	Lugo
PADRINAN (S. Xes)	7	SANXENXO	199	Pontevedra	PARADELA (S. Antonio)	6	MANZANEDA	228	Ourense
PADRON (Núcleo urbano)	2	PADRON	133	A Coruña	PARADELA (S. Miguel)	12	PARADELA	141	Lugo
PADRON, O (S. Xoán)	17	FONSAGRADA, A	77	Lugo	PARADELA (S. Pao)	2	TOQUES	94	A Coruña
PADRONIS (S. Salvador)	1	PONTEAREAS	241	Pontevedra	PARADELA (S. Pedro Fiz)	15	CORGO, O	97	Lugo

MUNICIPIO/PARROQUIA	N.º en el mapa	Extensión en Km²	Población en 1986	
			Habitantes	Densidad
SOBREDÁ (S. Xoán)	7	8,1	227	28,0
VILACAZ (S. Xulián)	3	10,6	254	24,3
VILAESTEIVA (O Salvador)	6	10,5	395	37,6
VILASANTE (O Salvador)	26	3,0	970	323,3
VILATÁN (S. Xoán)	18	1,6	83	51,9
VILLOS (S. Martiño)	8	6,8	287	42,2
XUVENCOS (Santiago)	10	4,3	93	21,6
<b>SOBER</b>	<b>191</b>	<b>138,2</b>	<b>4.456</b>	<b>32,2</b>
AMANDI (Sta. María)	22	6,8	128	18,8
ANLLO (S. Estevo)	11	11,2	318	28,3
ANLLO (S. Martiño)	12	3,7	292	78,9
ARROXO (S. Martiño)	6	1,2	420	350,0
BARANTES (S. Xoán)	15	2,5	101	40,0
BOLMENTE (Sta. María)	13	15,0	311	20,7
BROSANOS (Sta. Cruz)	18	5,0	89	17,8
BULSO (S. Pedro)	17	3,7	103	27,8
CANABAL (S. Pedro)	1	5,0	296	59,2
DOADE (S. Martiño)	19	21,2	358	16,9
FIGUEIROA (S. Salvador)	14	4,3	131	30,5
GUNDEBOS (Santiago)	10	11,2	281	25,1
LIÑARAN (S. Martiño)	9	1,9	35	18,4
LOBIOS (S. Xulián)	21	5,6	155	27,7
MILLAN (S. Nicolás)	5	1,5	95	63,3
NEIRAS (S. Salvador)	3	13,1	228	17,2
PIÑOL (S. Vicente)	20	5,0	147	29,4
PROENCOS (Sta. María)	8	6,2	338	54,5
REFOXO (S. Estevo)	2	2,0	140	70,0
ROSENDE (S. Miguel)	7	4,7	178	37,9
SANTIXORO (S. Xurxo)	16	4,3	143	33,2
VILAOSCURA (Sta. María)	4	3,1	171	55,2
<b>TABOADA</b>	<b>140</b>	<b>152,3</b>	<b>5.764</b>	<b>37,8</b>
ANSAR (S. Estevo)	15	1,7	62	36,5
ARXIZ (S. Paio)	2	3,7	117	31,5
BEMBIBRE (S. Pedro)	8	5,6	223	39,8
BOUZOIA (S. Xoán)	13	7,5	155	20,7
CAMPO (S. Xulián)	18	5,1	298	58,4
CARBALLO (S. Tomás)	11	5,0	1.008	201,6
CASTELO (Sta. María)	19	8,2	228	28,8
CERDEDA (Sta. María)	14	4,5	169	37,5
CICILLON (Santiago)	26	3,2	190	59,4
COUTO (S. Martiño)	7	8,2	290	46,8
ESPERANTE (Santiago)	23	8,1	310	38,3
FRADE (Santiago)	9	2,0	89	44,5
GONDULFE (S. Lourenzo)	17	3,7	124	33,5
INSUA (S. Salvador)	12	6,2	146	23,5
INSUA (S. Xulián)	20	5,7	196	32,6
MATO (S. Martiño)	22	5,0	204	40,8
MEIXONFRIO (Sta. María)	1	7,5	162	21,5
MORFEDA (Sta. María)	10	4,3	164	38,1
MOURELLE (S. Vicente)	21	1,7	25	14,7
PIÑEIRA (Sta. María)	24	5,2	202	38,8
SOBRECEDO (Santiago)	27	5,6	209	37,3
TADGADA DOS FREIRES (Sta. María)	16	3,7	164	44,3
TORRE (S. Mamede)	3	5,0	153	30,6
VILAMÉR (Sta. María)	4	5,6	122	21,8
VILAR DE CABALOS (Sta. Eulalia)	5	8,1	187	23,1
VILLA (S. Miguel)	25	2,5	203	81,2
XIAN (Sta. María)	6	23,7	374	15,8
<b>TRABADA</b>	<b>32</b>	<b>87,2</b>	<b>2.165</b>	<b>24,8</b>
FORNEA (S. Estevo)	1	3,7	136	36,7
RIA DE ABRES (Santiago)	6	3,5	239	68,3
SANTE (S. Xulán)	5	12,5	416	33,3
TRABADA (Sta. María)	4	25,0	767	30,7
VALBOA (Sta. María Madanela)	3	8,7	175	20,1
VIDAL (S. Matou)	2	6,9	142	20,6
VILAFORMAN (S. Xoán)	8	12,5	143	11,4
VILAPENA (Santiago)	7	14,4	147	10,2
<b>TRIACASTELA</b>	<b>123</b>	<b>51,2</b>	<b>1.157</b>	<b>22,6</b>
ALFOZ (Sta. Eulalia)	4	3,7	117	31,6
BALSA (S. Braixo)	3	5,0	54	10,8
CANCELO (S. Cristovo)	5	3,1	126	40,6
LAMAS (S. Isidro)	7	5,9	158	22,9



Mapa de localización das parroquias de Galicia de 1994. Segundo Torres Luna e Pazo Labrador

Mapa de localización das parroquias da provincia da Coruña de 1994. Segundo Torres Luna e Pazo Labrador



O devandito profesor enumera unha serie de posibilidades prácticas que ofrece a trama de freguesías, algo que debeu estar moi presente en diversos países, pois como se afirma no libro colectivo francés xa citado:

*“Moitas funcións encomendadas á parroquia, como o estado civil, as escolas e os padroádegos, os dispensarios e casas de xubilación etc., foron asumidas polas institucións civís. [E continúa] O paso do dominio eclesiástico ao territorio civil non deixou de causar problemas cando a laicización é total e conflitiva. [Se ben] ... os procesos de laicización dos poderes locais recoñeceron, en numerosos países, a pertinencia das comunidades parroquiais. En certos casos, as novas entidades administrativas son directamente calcadas da malla das parroquias” (Mercator, 1997).*

Como acontece coas *communes* rurais de Bretaña e Normandía en Francia. Este resultado semella lóxico se seguimos algunhas das argumentacións máis frecuentes da socioloxía política francesa que, a xeito de mostra, considera:

*“Establecendo o balance, quince anos despois das primeiras leis de descentralización, da organización estática da xestión pública territorial, Patrice Duran e Jean-Claude Thoenig estiman que, para o Estado, a recomposición das súas misións non se fai máis polo alto, é dicir, por París e o nacional, pero si polo baixo, a partir dos territorios e do local” (Duran e Thoenig, 1996; Palard, 1999).*

Isto sería o que numerosos intelectuais, políticos, movementos sociais e asociativos demandaron en Galicia desde hai xa case un século, aínda que como podemos comprobar con escaso éxito. O recoñecemento da parroquia figura no texto do Estatuto de Autonomía sen que unha lei desenvolvese as súas funcións, e as abundantes referencias á mesma non deixan de acadar unha importancia administrativa limitada. Así e todo, hai doce anos xa apuntabamos que a creación de nove entidades locais menores, a xestión do monte e cada vez máis dos pastos que se obteñen da deforestación do comunal, e a xeneralización da malla parroquial a contextos netamente urbanos (en tanto territorio e comunidade), eran feitos que nos traían até o presente a herdanza do enorme peso que as freguesías acadaron no mundo rural denso do noso país (Bertrand e Lois González, 1996).



Mapa de arciprestados de Galicia de 1994. Segundo Torres Luna e Pazo Labrador



### 3. Evolución da Parroquia galega até comezos do século XXI

En varias ocasións precisouse que a época de esplendor das parroquias, e do universo labrego que permitiu a súa consolidación e protagonismo, comezou a ser superada nos anos 1960 e 1970. Un período que coincide co do inicio do rápido proceso de urbanización de Galicia, de modernización e crecemento económico do territorio, e de avance capitalismo á hora de establecer unhas relacións produtivas crecentemente complexas, diversificadas e tecnificadas. Para achegarnos á magnitude dos cambios rexistrados, partiremos dunha exposición teórica que sulíne canto mudou o rural en pouco menos de cincuenta anos, logo procuraremos aportar datos demográficos das transformacións acontecidas,

examinaremos como se trastocou e se diferenciou internamente unha malla parroquial que era bastante homoxénea, e por último seguiremos a reflexionar sobre a relación azarosa entre freguesías e concellos, mesmo na actualidade. O contido deste apartado dedicase sobre todo a enunciar transformacións, a crise relativa do feito parroquial, pero ao mesmo tempo e nos parágrafos finais do mesmo procuraremos sinalar de xeito breve algúns elementos de revitalización destes pequenos territorios na Galicia do século XXI.

Existe un consenso amplo en afirmar que o campo galego mudou desde a década dos 1960, afondou nas súas transformacións nos 1970 e asumiu o novo marco imposto pola entrada nas institucións europeas nos 1980 (Colino e Pérez Touriño, 1983; Casal, 1984; Iturra, 1988; Lois González, 1988; López Iglesias, 1996). Estes cambios pódense sintetizar en seis dinámicas, con indubable transcendencia para o debilitamento da persoalidade das parroquias. En primeiro termo, xa desde mediados do século XX se viña detectando un incipiente éxodo rural que se converteu en emigración masiva nos 1960 e inicios dos 1970. Fronte á situación da posguerra civil, onde era moi difícil partir en dirección ás cidades ou ao estranxeiro para gañarse a vida, pasados os anos centrais da centuria os países de América do Sur acolleron a miles de galegos, nunha vaga emigratoria que moi pronto se dirixiría cara as nacións europeas máis ricas (Alemaña, Franza, Suíza, etc.), ás rexións industrializadas do Estado (País Vasco, Cataluña, etc.) e, en menor medida, ás principais urbes galegas (Vigo, A Coruña). Este éxodo foi cuantioso e provocou que un rural superpoboado (con man de obra abundante e

sociabilidade moi arraigada) perdese boa parte dos efectivos máis novos e vigorosos, e comezase a mostrar (até hoxe en día) os efectos dunha despoboación que ao ser rápida foi devastadora para o mantemento dunha estrutura demográfica equilibrada. De feito, centos de freguesías vitais do interior do país pasaron a ser territorios habitados por xente maior, por aqueles xoves que non puideron marchar e por moi poucos nenos, xa que os grupos de poboación en idade de procrear foron os máis afectados pola emigración (Hernández Borge 1992; Lois González e Rodríguez González, 2001). En segundo lugar, a *apertura demográfica* das áreas rurais coincidiu no tempo cunha

dinámica de adaptación económica do noso agro ás lóxicas impostas pola economía de mercado (Colino e Pérez Touriño, 1983).

O policultivo de subsistencia, acompañado da xeración de poucos excedentes comercializables, foi substituído por unha gandería, agricultura ou explotación forestal especializadas, que procuraban a obtención de beneficios cuantificables en diñeiro. Moitas comarcas do país orientáronse pola explotación pecuaria bovina (de leite ou carne), que supuxo estender as terras reservadas a forraxes, prados e



Explotación gandeira en Mazaricos (A Coruña)

pastizais a costa das antigas leiras dedicadas a cultivos cerealeiros de autoconsumo (e patacas) (Lois González, 1988). Noutros casos optouse por unha produción agrícola dominante, de doada venta no exterior e adaptada aos condicionantes ecolóxicos da bisbarra (viñedo en certas áreas, patacas, horticultura, etc.); tamén houbo exemplos de intensificación da produtividade forestal, en particular con plantacións de especies madeirables moi rendibles. Deste xeito, rompeuse a secular articulación do espazo agrícola de miles de aldeas e parroquias, que partía da casa ou dos lugares habitados e que tiña os seus bordos nun monte que fornecía de toxos, xestas e queirugas para as cortes do gando, en definitiva para a obtención de abonos orgánicos, que agora perdían utilidade coa construción de novos tipos de establos, o recurso a puríns e abonos químicos, e o desinterese por certos cultivos. Neste proceso, o monte deixou de cumprir un papel básico para o mantemento das comunidades e unha abrumadora maioría das relacións económicas realizadas no marco da parroquia, foron substituídas por intercambios das explotacións individuais con fornecedores, compradores ou socios residentes no exterior.

Unha terceira mudanza de fondo que afectou e segue a afectar ás freguesías de todo país é o proceso de diversificación económica, que se difundiu tanto por espazos periurbanos como estrictamente rurais. Así, a maioría das parroquias das catro provincias xa non gravitan sobre o traballo no campo. Moitos dos seus activos desprázanse a unha vila ou unha cidade próxima para desenvolver a súa xornada laboral, os máis afortunados empréganse en empresas localizadas no propio territorio ou nun limítrofe, e as actividades comerciais, artesanías, turísticas e de sevizos en xeral espalláronse por todos os lugares. Como se pode deducir, isto supón a consolidación dun novo esquema de relacións interpersoais e, aínda que a solidariedade no seo da comunidade de vida siga manténdose, outras redes de contacto e interese establecidas co exterior xa posúen unha indubidable transcendencia. O sistema produtivo e de xeración de riqueza mudou e a tecnificación de determinados procesos debilita o feito parroquial.

En relación co anterior, e en cuarta instancia, a terra deixou de posuír un valor dominante de uso para responder aos principios capitalistas do valor de cambio da mesma (Souto González, 1988). Dito doutro xeito, a importancia que acadaba organizar ben o espazo de cultivo, de pastos e de monte ao redor dos núcleos habitados perdeu interese en todas partes. Agora a proximidade a unha vía de comunicación revaloriza os terreos, a clasificación polos plans xerais do solo convértese nunha decisión determinante para o futuro, e as parcelas destinadas a acoller unha empresa rematan por ser prioritarias fronte ás máis fértiles, máis soleadas e protexidas dos ventos de antano. Para a actividade agraria xa se pode recorrer a calquera terreo, son os outros sectores económicos os que imponen as súas esixencias prioritarias na organización do espazo interior da parroquia.

Friol (Lugo)



A Ponte do Pedrido na ría de Betanzos (A Coruña)





Cariño parroquia do litoral coruñés no que o sector pesqueiro é a base do seu desenvolvemento económico

Relacionado coas dúas consideracións anteriores, unha quinta dinámica a destacar é a importancia acadada pola mobilidade na vida das persoas do rural (da mesma forma, que decenios antes os urbanitas se individualizaban por este atributo). As persoas en idade activa desprázanse distancias crecentes para ir ao traballo, os nenos van á escola ou ao instituto, os maiores acoden a cobrar as súas pensións e regularmente ao médico, e todos eles mercan, participan en actividades culturais ou deportivas, disfrutan do lecer, entre outros, en lugares relativamente lonxe do domicilio. As lóxicas de mudanza na organización do espazo en Galicia desde hai corenta ou cincuenta anos non se poderían entender sen a xeneralización do uso do automóbil e dos restantes vehículos a motor.

Deste xeito, os habitantes dunha freguesía abandonana moitas veces á semana, mesmo chegan a pasar máis tempo fora que dentro da mesma. Moitos residentes no rural adoitan visitar e desprazarse polas vilas e cidades próximas de forma habitual, co que sen dúbida algunha a cohesión parroquial, baseada no mantemento de comunidades que só saían ao exterior de xeito excepcional, vese debilitada considerablemente. Por último, se o éxodo rural baleirou moitas comarcas e freguesías do interior rural do país e contribuíu decisivamente a que se producira un avellentamento demográfico notable, noutras áreas (nomeadamente as limítrofes coas principais cidades, as litorais ou as atravesadas por un eixo estruturante de comunicación) rexistráronse procesos de periurbanización (*rururbanización*, *suburbanización*) e medran en número de habitantes, ao mesmo tempo que conservan pirámides de poboación relativamente rexuvenecidas. Esta realidade nova expresa unha sexta dinámica derivada dos cambios recentes na organización territorial de Galicia: a existencia de situacións parroquiais moi contrastadas entre as distintas bisbarras do país, fronte á relativa homoxeneidade reflectida pola trama de antano. Así, poderemos falar de parroquias vivas (cun elevado número de habitantes, puxanza económica, redes de sociabilidade, etc.) e de parroquias decadentes (definidas pola despoboación, o avellentamento e a atonía económica), como expresión dos procesos que observamos sen dificultade nestes inicios do século XXI.

Co obxectivo de expresar numericamente todo o que foi o retroceso demográfico do rural nos últimos decenios, coas súas indubidables consecuencias no debilitamento da vida parroquial, aportamos dúas novas figuras, que se resolven en tres cadros, e que tentan reflectir tanto o proceso de perda de habitantes nos espazos extraurbanos de Galicia como o marcado avellentamento

**Táboa 1.** Número de habitantes de Galicia (exceptuando as sete grandes cidades), en 1960 e 2007. Total e por provincias

	Habitantes en 1960 (excepto cidades)	Habitantes en 2007 (excepto cidades)	Variación en %
A Coruña	660.085	719.511	+ 9,0
Lugo	418.231	261.323	-37,5
Ourense	385.159	229.740	-40,4
Pontevedra	483.688	572.665	+18,5
Galicia	1.947.163	1.783.239	- 8,4

Fonte: INE, Censos de Población e Padróns de Habitantes

poboacional das comarcas de base agraria do interior. Na táboa 1, achégase os datos da evolución demográfica do país desde 1960 até 2007, excluindo

	Habitantes en 1960 (excepto cidades)	Habitantes en 2007 (excepto cidades)	Variación en %
A Coruña	660.085	719.511	+ 9,0
Lugo	418.231	261.323	-37,5
Ourense	385.159	229.740	-40,4
Pontevedra	483.688	572.665	+18,5
Galicia	1.947.163	1.783.239	- 8,4

Fonte: INE, Censos de Población e Padróns de Habitantes

**Táboa 2.** Concellos clasificados segundo a súa evolución demográfica. Totais e por provincia, 1960 e 2007

simplemente da cuantificación aos residentes nos concellos das sete cidades principais (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol).

En segundo termo (táboa 2), individualízanse aqueles concellos con fortes ganancias e perdas de poboación, para insistir na idea de que moitos territorios quedan baleiros, perderon boa parte das redes comunitarias que os caracterizaran durante séculos, mentres só uns poucos rexistraron incrementos moi notables de efectivos humanos. Pola súa banda, na táboa 3 téntase resumir a gravidade do proceso de envellecemento demográfico que afecta a maioría dos espazos de Galicia.

Os datos referidos á evolución do número de habitantes de Galicia (táboa 1), poñen de manifesto que a poboación extracidadana de Galicia retrocedeu no último medio século, e que se o efectivo demográfico total se incrementou (en 197.730 habitantes) foi debido ás considerables ganancias en número de residentes de Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo e Pontevedra. Isto significa que o universo natural onde se desenvolvían as parroquias (o rural e o vilego) perdeu peso en épocas recentes, dun xeito traumático nas áreas do interior (os valores correspondentes a Lugo e Ourense con retrocesos poboacionais próximos ao 40% así o ratifican). A emigración desde o agro, xa o sinalamos, é tanxible e o tránsito cara a un país urbanizado reflíctese en calquera serie demográfica que empreguemos. Só o territorio pontevedrés e nos contornos da Coruña, Santiago e Ferrol mostran crecementos significativos para espazos rurais e periurbanos onde, como veremos, a trama de freguesías pode manterse viva, vinculada a un asociacionismo renovado, ao mantemento de propiedades comunais e a un ciclo festivo que se vive de xeito intenso ao longo do ano.

Da análise da evolución demográfica dos concellos (táboa 2) ratifícase un pouco o observado no cadro anterior. Só unha cuarta parte dos concellos galegos (e un pouco menos de parroquias) viron aumentar os seus habitantes desde 1960, nunha distribución territorial que sinala que este crecemento pode ser normal en Pontevedra e nas áreas urbanas da provincia da Coruña e excepcional (só nas capitais, en certos municipios vilegos ou na Mariña lucense) nas dúas provincias do interior. A singularización dos concellos con ganancias máis elevadas no número de residentes sérvenos para ratificar a importancia da periurbanización ou de procesos puntuais de crecemento urbano na Galicia contemporánea. Entre os termos que incrementan máis do 50% os seus habitantes están Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros nos contornos da Coruña, Ames de Santiago, Narón de Ferrol, Barbadás de Ourense, Poio de Pontevedra, Nigrán de Vigo, e a vila mariñeira de Burela xunto coa cidade de Vigo, que hoxe en día contabiliza preto

Trabada (Lugo)




dos 300.000 moradores. Aínda que en moitos destes territorios se detecta unha relativa vitalidade das freguesías, aumentos poboacionais así de fortes expresan que a organización do espazo galego mudou con tanta profundidade que moitos dos trazos de ruralidade, comunitarismo e predominio das relacións de veciñanza de antano, hoxe en día non deixan de ser irrecoñecibles. Pola contra, os datos desta figura 6B tamén traducen unha realidade dramática: case un terzo dos concellos galegos (e unha cifra un pouco superior no caso das parroquias) perderon máis da metade dos seus habitantes desde 1960. Esta situación xeneralízase en todo o interior e nas áreas litorais menos dinámicas (sobre todo na comarca de Ortelgal) e, de novo, relaciónase coa creba do sistema agrario tradicional que arrastra a unha fonda crise ás parroquias, en tanto comunidades de vida agora habitadas polos restos dunha desfeita demográfica rexistrada en moi pouco tempo.

**Táboa 3.** Os concellos galegos con maiores niveis de avellentamento en 2001. Totais e por provincias

	Do 25 ao 34,9% maiores de 65 anos (núm. de concellos)	Do 35 ao 44,9% maiores de 65 anos (núm. de concellos)	Máis do 45% maiores de 65 anos (núm. de concellos)
A Coruña	34	3	
Lugo	35	22	2
Ourense	28	48	6
Pontevedra	15	1	
<b>Galicia</b>	<b>112</b>	<b>74</b>	<b>8</b>

Fonte: INE, Censo de Población 2001

Distribución da poboación maior de 65 anos por concellos en 2001. Fonte: INE. Mapa elaborado polo SITGA



Para ratificar o expresado polas series numéricas ata o de agora, os datos simples e directos recollidos na táboa 3 e reflectidos no mapa, dan conta da magnitude do avellentamento demográfico do país. No 2001, ano da última renovación censal e data máis recente da que dispomos de datos, uns 557.772 galegos pasan dos 65 anos de idade, ou o que é o mesmo un 20,7% da poboación total. Pero este promedio aclara moi pouco, se consideramos que nas cidades e os seus territorios inmediatos as porcentaxes sitúanse por debaixo destes valores e que, pola contra, na maioría de Galicia o panorama do avellentamento demográfico é desolador. Por iso, só illamos aqueles municipios con taxas superiores ao 25% (máis de un de cada catro habitantes xa cumpriu os 65 anos) e topámonos con que representan máis do 60% das entidades municipais do país.

Un total de 194 municipios contabilizan unha poboación severamente avellentada, con máis da cuarta parte dos seus efectivos por enriba dos 65 anos. Estamos ante un novo dato que corrobora o agudo declive demográfico do mundo rural galego. De feito, xa non sorprende tanto que máis dun terzo dos concellos de A Coruña e un quinto dos de Pontevedra acaden estas cifras negativas, o realmente impactante é que 82 entidades municipais posúan máis dun 35% de vellos e que aínda 11 superen a porcentaxe do 45%. Os casos máis extremos detectados, a título de curiosidade, son os territorios de: O Bolo, Calvos de Randín, O Irixo, Oourol, A Porqueira, San Xoán de Río e A Teixeira. Este último concello xa pasaba en 2001 o 51% de maiores de 65. Estes números, xunto coa constatación de que practicamente todo Lugo e Ourense se topan moi avellentados, volven sobre o feito de que a vida en numerosas parroquias vaise extinguindo por falta de xente e por un predominio abafador dos anciáns entre os poboadores que quedan. Xente maior, relativamente illada, cunha actividade moi limitada e poucas gañas de manter tradicións festivas ou de lecer antigas, pouco pode contribuír ao protagonismo do feito parroquial.

En relación con estas freguesías decadentes e con algún exemplo de freguesías dinámicas aportaremos o estudo da información estatística correspondente aos datos demográficos, parroquiais e municipais, de catro concellos galegos: Cenlle, A Fonsagrada, Lalín e Teo, que son de diferentes características e están localizados en distintas comarcas do país. Esta elección non é accidental, xa que se trata dos territorios onde se sitúan as freguesías de Esposende, Suarna, Sello e Cacheiras-Os Tilos, sobre as que realizamos un traballo de investigación sobre a tipoloxía das mudanzas no espazo rural a mediados dos 1990 (Lois González, 1996), e onde constatamos modelos diferentes de transición económica, poboacional e social de cara ao presente. A parroquia de Esposende expresaba o despoboamento agudo e a intensificación da viticultura en plena comarca do Ribeiro, Suarna era un exemplo de gran freguesía de montaña en crise e abandono, Sello caracterizábase

Poboación 1960	Poboación 1981	Poboación 2007	% maiores de 65 anos
4.092	2.274	1.513	38,80%
	Poboación 1981	Poboación 2007	Evolución 1981-2007 en %
Barbantes	269	153	-43,1%
Cenlle	452	308	-31,9%
Esposende	173	91	-47,4%
Laias	223	244	+ 9,4%
Osmo	124	66	-46,8%
Pena	314	152	-51,6%
Razamonde	247	172	-30,4%
Sadurnín	155	119	-23,2%
Trasariz	142	97	-31,7%
Vilar de Rei	175	111	-36,6%
	<b>2.274</b>	<b>1.513</b>	<b>-33,5%</b>

Fonte: Censos de Población e Padróns Municipais. INE

**Taboa 4.** Datos demográficos relevantes e evolución da poboación por parroquias no concello de Cenlle

Núcleo de Esposende (Cenlle)



polo mantemento da súa vitalidade grazas á especialización gandeira e á atracción laboral da moi próxima vila de Lalín, e Cacheiras-Os Tilos constituían o modelo de antigos espazos rurais das proximidades de Santiago, neses momentos e hoxe

**Taboa 5.** Datos demográficos relevantes e evolución da poboación por parroquias no concello da Fonsagrada

	Poboación 1960	Poboación 1981	Poboación 2007	% maiores de 65 anos
	12.423	9.246	4.748	35,20%
	Poboación 1981	Poboación 2007	Evolución 1981-2007 en %	
Allonca, A	122	35	-71,3%	
Arroxo	269	130	-51,7%	
Bastida	179	56	-68,7%	
Bruicedo	126	52	-58,7%	
Carballido	529	266	-49,7%	
Cereixido	270	119	-55,9%	
Cuiñas	283	140	-50,5%	
Fonfria	96	33	-65,6%	
Fonsagrada, A	1.140	1.202	+ 5,4%	
Freixo	449	178	-60,4%	
Lamas de Campos	308	163	-47,1%	
Lamas de Moreira	658	290	-55,9%	
Logares	293	177	-39,6%	
Maderne	367	113	-69,2%	
Monteseiro	140	58	-58,6%	
Neiro	275	111	-59,6%	
Pacios	221	89	-59,7%	
Padrón	202	74	-63,4%	
Paradavella	172	61	-64,5%	
Piñeira	331	140	-57,7%	
Pobra de Burón	247	130	-47,4%	
Río	263	105	-60,1%	
Suarna	493	190	-61,5%	
Trapa, A	230	124	-46,1%	
Trobo, O	372	175	-53,0%	
Viega de Logares	389	189	-51,4%	
Vieiro	243	132	-45,7%	
Vilabol de Suarna	408	156	-61,8%	
Vilar da Cuiña	171	60	-64,9%	
	<b>9.246</b>	<b>4.748</b>	<b>-48,6%</b>	

Fonte: Censos de Población e Padróns Municipais. INE



e n  
d í a



Núcleo do Vilar da Cuiña (A Fonsagrada)

Poboación 1960	Poboación 1981	Poboación 2007	% maiores de 65 anos
19.627	17.666	20.867	21,60%
	Poboación 1981	Poboación 2007	Evolución 1981-2007 en %
Albarelos	57	45	-21,1%
Alenparte	53	43	-18,9%
Anseán	98	70	-28,6%
Anzo	278	201	-27,7%
Barcia	261	285	+ 9,2%
Bendoiro	341	309	- 9,4%
Bermés	357	253	-29,1%
Botos	628	612	- 2,5%
Busto	117	72	-35,3%
Cadrón	192	165	-14,1%
Camposancos	142	96	-32,4%
Cangas	160	100	-37,5%
Castro	136	121	-11,0%
Catasós	499	479	- 4,0%
Cello	81	60	-25,1%
Cercio	347	244	-29,7%
Cristimil	236	182	-22,9%
Doade	193	168	-23,0%
Donramiro	680	902	+32,5%
Donsión	231	240	+ 3,9%
Filgueira	445	458	+ 2,9%
Galegos	175	105	-40,0%
Goiás	776	756	- 2,6%
Gresande	216	210	- 2,8%
Lalín	4.944	9.683	+95,9%
Lebozán	250	166	-33,6%
Lodeiro	112	74	-33,9%
Losón	411	385	- 6,3%
Maceira	168	127	-24,4%
Madriñán	227	150	-33,9%
Meixome	144	138	- 4,2%
Moneixas	232	264	+13,8%
Muimenta	209	165	-21,1%
Noceda	400	300	-25,0%
Palmou	281	178	-36,7%
Parada	113	92	-18,6%
Prado	347	264	-23,9%

**Taboa 6.** Datos demográficos relevantes e evolución da poboación por parroquias no concello de Lalín

Fonte: Censos de Población e Padróns Municipais. INE

Núcleo de Lalín



**Taboa 7.** Datos demográficos relevantes e evolución da poboación por parroquias no concello de Teo

Poboación 1960	Poboación 1981	Poboación 2007	% maiores de 65 anos
9.848	10.986	17.441	13,2%
	Poboación 1981	Poboación 2007	Evolución 1981-2007 en %
Baamonde	317	232	-26,8%
Cacheiras	1.805	4.994	+176,7%
Calo	3.461	4.223	+22,0%
Lampai	381	297	-22,0%
Luci	474	737	+55,5%
Luou	999	903	- 9,4%
Oza	638	993	+55,4%
Rarís	789	623	-22,0%
Recesende	452	498	+10,2%
Reis	901	782	-13,2%
Teo	572	384	-32,9%
Vilariño	197	170	-13,2%
Tilos, Os	----	2.607	-----
	<b>10.986</b>	<b>17.441</b>	<b>+58,8%</b>

Fonte: Censos de Población e Padróns Municipais. INE

Os Tilos, Teo



completamente urbanizados. Estes territorios de análise volvemos retomalos, para precisar dous feitos: o proceso de diversificación interna entre as parroquias de Galicia, e o cada vez máis evidente contraste entre freguesías decadentes e freguesías vivas; en segundo termo, as distintas tipoloxías de relación actual entre parroquias e concello onde se agrupan. Para este fin, consideramos suficiente empregar os datos do censo e do padrón de habitantes posteriores a 1980, para incidir de mellor forma nos cambios recentes acontecidos.



A cidade de Santiago de Compostela

Unha primeira lectura dos valores representados pon de manifesto a existencia dun contraste profundo entre unha maioría de parroquias en aguda despoboación e unha minoría que concentran fortes incrementos. Así, en Cenlle e A Fonsagrada case todas as freguesías decrecen moito, en Lalín faíno máis do 80% destes pequenos territorios, pero con menor intensidade, en tanto que en Teo son un pouco máis da metade as que perden efectivos tamén de xeito relativamente contido. Esta constatación inicial permite apreciar unha ausencia de vitalidade dunha fracción hexemónica das parroquias, algo que se ratifica máis aínda cando coñecemos que: en Cenlle un sistema agrario complexo e vinculado a un rural superpoboado evolucionou cara a unha práctica do monocultivo vitícola, moitas veces practicado por persoas orixinarias do concello residentes en Vigo ou en Ourense; en A Fonsagrada, só algunhas actividades de preservación forestal e casos non moi numerosos de explotación pecuaria de carne dan traballo á escasa xente nova que reside fóra da vila, nun contexto de avellentamento agudo; en Lalín, un certo trunfo da orientación pecuaria e o auxe do traballo nas empresas da vila capital corrixen o que doutro xeito sería unha creba demográfica profunda; e nos espazos máis periféricos de Teo (polo tanto, menos urbanizados), un pouco o mesmo que en terras lalineses, no que se refire á mobilidade laboral dos seus activos dentro da área urbana de Santiago de Compostela (Lois González, 1996). Con respecto ás freguesías que gañan, destacar as cabeceiras municipais que actúan de centro funcional das súas respectivas bisbarras (Lalín e A Fonsagrada).

En Lalín tamén medran as parroquias que acollen parte da expansión da vila, ao localizarse nas súas proximidades (Donramiro, Filgueira, Moneixas, etc.). No que concirne a Laias (Cenlle), o seu modesto crecemento obedece ao seu emprazamento moi accesible nunha estrada xeral e á apertura dun hotel-balneario no seu territorio, que xerou emprego.

Por último, a periurbanización de Santiago polos territorios de Cacheiras (e a súa freguesía segregada dos Tilos), Calo, Oza, Lucí e Recesende, explica a puxanza demográfica destes espazos. Precisamente, nalgúns destes territorios de expansión das primeiras coroas dunha cidade (aquí, Santiago) ou dunha pequena urbe (o exemplo de Lalín), é onde mellor podemos recoñecer o significado de parroquias vivas, con vitalidade asociativa, dinamismo nas redes sociais internas e a práctica común dun calendario festivo autónomo. A importancia do feito parroquial na Fonsagrada, en Lalín ou nos Tilos é máis relativa; aquí xa predominan as lóxicas do *xeito de vida* urbano e, se preguntásemos aos seus residentes, topariámonos con que freguesía é sinónimo case exclusivo de demarcación eclesiástica (xa nun contexto de secularización máis acentuado).

A segunda cuestión que interesa tratar, a partir dos datos estatísticos reflectidos anteriormente sobre os concellos estudados, refírese ás relacións que se establecen entre parroquias e concellos. De feito, nos catro exemplos municipais propostos apreciamos dous modelos diferentes da sinalada relación, que poderían extrapolarse ao conxunto de Galicia como outras tantas situacións-tipo que se rexistran na

actualidade. Na Fonsagrada e en Lalín os concellos aparecen centralizados por un núcleo-cabeceira fóra de toda discusión; unha capital municipal que reforzou o seu peso demográfico notablemente neste último cuarto de século. No concello da montaña luguesa, fronte a unha diminución á metade da poboación total, a vila da

A Illa de Arousa (Pontevedra) parroquia que se converteu en concello en 1995



Fonsagrada gaña algúns residentes, mostrando o proceso de constitución dun núcleo refuxio para as xentes que seguen a vivir neste espazo periférico e cunha marcada tendencia á perda de habitantes. En Lalín temos un dos casos máis notorios de consolidación dunha pequena cidade do interior, grazas a unha dinámica de industrialización endóxena reforzada co pulo acadado pola localidade como centro comercial e servizos dunha ampla bisbarra. En definitiva, en ámbolos dous concellos a importancia do municipal avanza da man do reforzamento das vilas capital, mentres que a lóxica de abandono de moitas aldeas vai creando un escenario de freguesías cunhas dimensións demográficas moi mediocres e pouca viabilidade de futuro (na Fonsagrada 8 parroquias non acadan os 100 residentes en 2007 e en Lalín a cifra é de 9). Se a hexemonía do núcleo cabeceira se reafirma en moitos concellos galegos, noutros acontece o mesmo que en Cenlle ou en Teo: os termos municipais manteñen cohesión administrativa, pero non deixan de ser aglomerados de freguesías. En Cenlle podemos falar de práctica inexistencia dun lugar que exerza de capital (mesmo as oficinas municipais e os servizos están repartidos polo territorio), e o efectivo humano distribúese en parroquias de tamaño similar. Pola súa banda, en Teo o principal contraste radica na desigual incidencia do proceso de urbanización. Estamos diante dun concello periurbano, onde a puxanza e hexemonía demográfica corresponde aos territorios de Cacheiras, Calo, Os Tilos, Luou, Oza e Lucí, mentres que a cabeceira municipal (o lugar da Ramallosa) a penas se presenta como o núcleo de radicación da casa do concello, e dalgunhas tendas e bares. Nestes dous exemplos, resulta evidente que o protagonismo parroquial é moi superior, expresando unha nova situación de diversidade relativa en Galicia entre aqueles territorios onde o municipal se reforzou a partir do crecemento das súas cabeceiras e aqueles outros que como no século XIX non deixan de ser agrupacións máis ou menos homoxéneas de freguesías.

Para rematar este terceiro apartado, só cabe formular algunhas reflexións non enunciadas até o de agora sobre certas dinámicas de revitalización parroquial. Así, se ben as freguesías sofren unha aguda crise nas áreas máis rurais do interior, non é menos certo que en espazos periurbanos a puxanza da vida social e asociativa, e algunhas decisións das autoridades locais, seguen a apostar polo mantemento da trama de parroquias. O máis usual é a creación de centros socio-culturais ou de veciños na maioría dos pequenos territorios dun determinado concello. Isto acontece frecuentemente en Pontevedra (con exemplos en Vigo, Nigrán, Mondariz, Cambados, A Estrada, etc.), onde os locais adoitan ser sufragados polos beneficios do monte comunal e complementados con axudas públicas. Noutros casos como Oleiros, Culleredo, Brión, etc., foron os gobernos municipais os que apostaron por unha certa desconcentración de servizos e pola construción de locais parroquiais.



Carnavais en Xinzo de Limia



Coedo (Allariz)



Sanxenxo (Pontevedra),  
prototipo de espazo turístico

Un segundo trazo evidente de revitalización é o calendario festivo do país. En Galicia cada vez se celebran máis (e maiores) festas, xa que ás clásicas do patrón súmanse as asociadas á exaltación dun produto gastronómico e os innumerables festivais que proliferan por todas partes. A este respecto, cómpre significar que as festas seguen a ser o dominio case exclusivo do parroquial; celébranse no territorio da freguesía, os seus veciños están de festa (e non van á festa) e os lugares simbólicos de reunión da xente ocúpanse seguindo unha lóxica de distribución no interior da parroquia.

Por último, en épocas moi recentes detectáronse tímidos procesos de recuperación (agora democrática) das figuras dos pedáneos, en tanto representantes da freguesía e interlocutores da mesma coas respectivas alcaldías. Aínda que se trata dunha dinámica a penas iniciada en Monforte de Lemos ou Arzúa, por citar dos exemplos por nós coñecidos, a súa análise pode aportar conclusións relevantes sobre as posibilidades de utilización futura da trama de parroquias para o goberno representativo e de base do territorio.

#### 4. O futuro da parroquia como entidade territorial e como obxectivo de estudo da xeografía de Galicia

A partir do discurso que fomos elaborando nos apartados anteriores, é posible establecer unha serie de conclusións xerais que deben mirar cara o porvir das freguesías, en canto entidades de seu e obxecto de análise científico por parte da nosa disciplina. En concreto, debemos iniciar este epígrafe plantexándonos de xeito sintético cales son as perspectivas sociodemográficas e económicas das nosas parroquias. A resposta á primeira variable é simple: moitas freguesías irán extinguíndose pouco a pouco como consecuencia da propia desaparición dos seus habitantes, mentres que outras continuarán existindo sen problemas como comunidades relativamente densas e vitais nos decenios vindeiros. Entre as primeiras, están numerosos pequenos territorios da Galicia montañosa, do interior e das áreas menos dinámicas do litoral. Aquí, o dilema xurdirá entre o mantemento de divisións simbólicas que cada vez terán menos contido ou un proceso de reagrupamento das parroquias que, tanto a igrexa como as administracións local e autonómica, deberán acometer. No resto do país non semella que a trama de freguesías poida modificarse a non ser mediante procesos moi puntuais de segregación de novos espazos urbanizados, que constitúen núcleos de residencia densa, e que necesitan dunha delimitación cando menos con efectos de domiciliación, estatísticos ou de asignación de servizos para a colectividade.

Desde o punto de vista económico, a freguesía como universo produtivo bastante pechado ao exterior desapareceu e a diversidade de actividades do rural nestes primeiros anos do século XXI trasládase á práctica totalidade dos pequenos territorios analizados. Unhas parroquias cunha economía aberta, con base ou herdanzas agrarias notables, presenza do sector industrial e de empresas de distinto tipo, con crecente importancia do turismo e dos servizos como formas de vida no conxunto dos espazos extracidadáns do país. Sen dúbida, a

Val da Rabeda, Taboadela (Ourense). Nesta zona rural contéplase a creación dun campus empresarial e unha zona residencial buscando o máximo respecto a paisaxe existente mediante aplicación dun plan territorial integrado



freguesía de trazos novedosos xurdida desde os anos 1980 non fai máis que reafirmarse de cara aos próximos tempos.

Diante do panorama que vimos de describir, cómpre de novo formularse un posible recoñecemento das entidades parroquiais, aproveitando a vindeira reforma estatutaria e sempre no marco dunha ulterior lei de desenvolvemento? Na nosa opinión sí. As freguesías deben ser identificadas como tais tanto para o planeamento como para finalidades catastrais, estatísticas, de aproveitamento agroforestal e para constituír a unidade básica de poder a nivel local. Quizais sexa inviable seguir o modelo proporcionado por Portugal (coa excepción dalgunhas parroquias de Pontevedra cunha abundante propiedade comunal dos montes e rendas asociadas), pero a revitalización da figura dos pedáneos, a desconcentración dalgunhas decisións municipais a escala destes pequenos territorios e con propostas de orzamentos participativos, e a xeneralización dos centros socioculturais para o conxunto das freguesías, serían medidas encamiñadas na boa dirección e que se poderían asumir por amplo consenso. Esta afirmación do parroquial deberá ser paralela a unha simplificación desexable do mapa municipal, á creación de áreas metropolitanas nos espazos máis urbanizados de Galicia e de comarcas con peso administrativo nos ámbitos rurais. Trátase, ao noso entender, de recuperar para o século XXI as vellas propostas defensoras de parroquias e bisbarras (ou outras novas territorialidades de nivel supralocal) fronte ás insuficiencias manifestadas desde sempre polas provincias e os municipios.

Como unha continuación ás reflexións anteriores debe interpretarse a nosa defensa do papel central das parroquias para o estudo da Xeografía de Galicia nestes inicios do século XXI. Ao longo de todo texto, púxose unha especial énfase en destacar o protagonismo das freguesías para entender a Xeografía rural e as transformacións agrarias en toda Galicia. Do mesmo xeito, a trama de parroquias cumpre un papel crecente na comprensión de procesos de planificación territorial tanto ao nivel máis clásico do planeamento do solo como no que se refire a documentos centrados no desenvolvemento e na reforma das estruturas rurais, na preservación do medioambiente, no deseño de redes de comunicacións, e no establecemento de mapas enerxéticos ou de parques empresariais. Se cada vez máis a Xeografía aplicada se entende como sinónimo da ordenación do territorio, o feito de ordenar no noso país conleva o obrigado respecto á trama de freguesías como referente a microescala dos procesos sociais, económicos e espaciais que teñen lugar sobre o terreo. Por outra banda, tamén aludimos á evidente relación da parroquia con calquera estudo detido que se pretenda efectuar sobre a Xeografía política (tamén electoral, administrativa, etc.) do país. As freguesías sitúanse no nivel básico de territorialización de Galicia e as súas relacións dialécticas cos concellos onde se integran, as comarcas ou áreas metropolitanas ás que pertencen, definen un bo substrato teórico para afrontar as análises xeográficas de Galicia, nunha lóxica que desde os máis recentes modelos de interpretación debe partir de abaixo cara arriba. De feito, o parroquial segue sendo, como en tempos de Otero Pedrayo, clave para explicar a Xeografía do noso país.



Santa María do Cebreiro (Lugo)

En todo caso, tanto o progresivo recoñecemento oficial das parroquias como a súa revalorización para as análises territoriais, deberán ter en conta que as freguesías perderon a súa homoxeneidade do pasado, unha idea na que viñemos insistindo no texto. Deste xeito, haberá que dispensar cando menos un tratamento diferente ás parroquias rurais (polo xeral, en declive) e ás urbanas (mellor dito, periurbanas, con novos elementos de vitalidade interna). Nas áreas rurais e do interior calquera política de desenvolvemento endógeno minimamente sensata non pode quedarse na escala de actuación municipal, só traballando con pequenas comunidades, coas súas posibilidades de xeración de emprego e actividade, proponendo medidas activas tendentes á súa revitalización demográfica, se poñerán uns alicerces sustentables de cara á viabilidade futura destes espazos ameazados. Nos sectores periurbanos, recuperar unha serie de trazos de solidariedade, sentido de veciñanza, de pertenza ao lugar, propios da historia das freguesías, supón implementar estratexias de mellora de calidade de vida para poboacións que residen en núcleos satélites moi densificados ou en áreas onde proliferan as vivendas unifamiliares, dispostas de forma caótica ou articuladas en urbanizacións de chalés. Tamén facilitará a recuperación de ciclos festivos autónomos, o coñecemento entre as persoas que viven preto e porá en valor un ámbito de comunidade vinculada aos individuos, máis próxima que moitos concellos afastados e entendidos como maquinarias burocrático-administrativas máis ou menos eficientes. En definitiva, a potenciación do parroquial pode ser un instrumento valioso para un novo paradigma de ordenamento territorial baseado nas persoas, no comunitario, no reequilibrio territorial e na sustentabilidade, e que considere a Galicia un territorio que engloba dinámicas internas ás veces moi diferenciadas.

## Bibliografía

- **Beiras Torrado, X.M.** (1970): *Estructura y problemas de la población gallega*. Servicio de Estudios del Banco del Noroeste. A Coruña
- **Beiras Torrado, X.M.** (1972): *O atraso económico de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo.
- **Bertrand, J.-R. e Lois González, R.C.** (1996): "Espacio, territorio e relixión", en *Revista Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 7-8. *La religiones en la historia de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela, pp. 533-577.
- **Bouhier, A.** (1979): *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire. 2 Vols.* La Roche-sur-Yon.
- **Casal, B.** (1984): *A Galicia Campesina*. Ed. Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega, 22. Vigo.
- **Casas Torres, J.M.** (1943): "Sobre la Geografía Humana de la ría de Muros y Noya", en *Revista Estudios Geográficos*, núm. 12. Pp. 559-623. CSIC. Madrid.
- **Casas Torres, J.M.; Miralbés Bedera, M<sup>a</sup>.R. e Torres Luna, M<sup>a</sup>.P. de** (1976): *Galicia. Mapa e Índices de Localización Geográfica de sus Parroquias*. Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- **Cervilla Martínez, P.** (1993): "Presentación", en *División parroquial de Asturias*. Pp. 7-9. Consejería de Interior y Administraciones Públicas, Principado de Asturias. Oviedo.
- **Colino, X. e Pérez Touriño, E.** (1983): *Economía campesina e capital. A evolución da agricultura galega 1960-1980*. Ed. Galaxia. Vigo.
- **Dantfn Cereceda, J.** (1942): *Regiones naturales de España*. Instituto Elcano. Madrid.
- **Díaz Lema, J.M.** (1989): *Derecho urbanístico de Galicia*. Fundación Caixa Galicia, Serie Estudios Sectoriales 1. Santiago de Compostela.



- Duran, P. e Thoenig, J.-C. (1996): "L'État et la gestion publique territoriale", en *Revue Française de Science Politique*, 46 (4). Pp. 599-69. Paris.
- Farifia Jamardo, J. (1981): *La parroquia rural en Galicia*. Instituto de Estudios de Administración Local. Madrid. [A *parroquia rural en Galicia*. EGAP e Xunta de Galicia. Reedición de 1996].
- Farifia Tojo, J. (1980): *Los asentamientos rurales en Galicia*. Instituto de Estudios de Administración Local. Madrid.
- Fernández Prieto, L. (1992): *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación na agricultura galega. 1850-1939*. Ed. Xerais. Vigo.
- García Álvarez, J. (2001): *Territorio y Nacionalismo. La construcción da la identidad geográfica gallega*. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- García Álvarez, J. e Marfías Martínez, D. (2002): "Nacionalismo y educación geográfica en la España del siglo XX. Una aproximación a través de los manuales de bachillerato", en *Documentos de Traballo do IDEGA. Xeografía 11*. Pags. 38. IDEGA-Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- García Fernández, J. (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*. Ed. Siglo XXI. Madrid.
- González Marifías, P. (1994): *Territorio e Identidade: Galicia como espacio administrativo. As grandes "cuestións históricas" e a súa proxección actual*. Xunta de Galicia e EGAP. Santiago de Compostela.
- Hernández Borge, J. (1992): *Tres millóns de galegos*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- INE (1960-2001): *Censos de Población de 1960, 1981 y 2001*. INE. Madrid.
- INE (2007): *Padrón Municipal de Habitantes de 2007*. INE. Madrid.
- Iturra, R. (1988): *Antropología Económica de la Galicia Rural*. Consellería da Presidencia e Administración Pública, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Lema Suárez, X.M. (1977): *Bamiro. Un estudio do hábitat rural galego*. Colexio de Arquitectos de Galicia. Santiago de Compostela.
- Lisón Tolosana, C. (1979): *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Akal. Madrid.
- Lois González, R.C. (1988): *A Gandería na Ulloa. Repercusións nas paisaxes agrarias*. Consellería de Agricultura, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- Lois González, R.C. (1996): "As transformacións socioeconómicas e espaciais recentes nas antigas comunidades campestres", en *Humánitas. Estudos en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real, 2 Vols*. Pp. 763-791. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago. Santiago de Compostela.
- Lois González, R.C. e Rodríguez González, R. (2001): "Cambios recentes no espacio rural: a Galicia interior", en *IX Semana de Historia. Unha panorámica de Valdeorras. A dinámica dun espacio interior de Galicia*. Pp. 29-53. Instituto de Estudios Valdeorreses, Cuaderno Monográfico Nº 35. Madrid.
- López Cuevillas, F. (1936): *Parroquia de Velle*. Seminario de Estudios Galegos. Santiago de Compostela.
- López Iglesias, E. (1996): *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Serie Estudios, núm. 120. Madrid.
- Mandianes Castro, M. (1984): *Loureses*. Ed. Galaxia. Vigo.
- Mercator, P. (1997): *La fin des paroisses? Recompositions des communautés, aménagement des espaces*. Ed. Desclée de Brouwer. Paris.
- Miralbés Bedera, M<sup>a</sup>.R.; Torres Luna, M<sup>a</sup>.P. de, e Pérez Iglesias, M<sup>a</sup>.L. (1978): "El mapa de las parroquias rurales de Galicia y sus aldeas", en *Miscelánea de Geografía de Galicia en Homenaje a Otero Pedrayo*. Pp. 411-422 e Mapa. Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago. Santiago de Compostela.
- Miralbés Bedera, M<sup>a</sup>.R.; Torres Luna, M<sup>a</sup>.P. de, e Rodríguez-Martínez-Conde, R. (1979): *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago. Santiago de Compostela.
- Niemeier, G. (1945): "Tipos de población rural en Galicia", en *Revista Estudios Geográficos*, núm. 19. Pp.301-327. CSIC. Madrid.
- Otero Pedrayo, R. (1927): "Problemas de Xeografía Galega. Notas encol das formas de poboación galega", en *Revista Nós*, núms. 45-49. A Coruña.
- Otero Pedrayo, R. (1928): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Compañía Iberoamericana de Publicaciones. Madrid.
- Otero Pedrayo, R. (1933): *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. Ed. Nós. Santiago de Compostela.
- Palard, J. (1999): "Institution religieuse et recomposition territoriale", en J.-R. Bertrand et C. Muller (Dir.), *Religions et territoires*. Pp. 181-195. Ed. L'Harmattan. Paris
- Pazo Labrador, A. e Santos Solla, X.M. (1995): *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

# o pasado e espazo identitario

- 02** **Fernando López Alsina**  
Da protoparroquia ou parroquia antiga  
altomedieval á parroquia clásica en Galicia
- 03** **Pegerto Saavedra Fernández**  
A rede parroquial desde finais do século  
XV a mediados do XIX
- 04** **Domingo L. González Lopo**  
Vida e morte nas parroquias galegas da  
idade moderna: cambios e permanencias
- 05** **Xosé Ramón Barreiro Fernández**  
A reforma parroquial de 1867:  
A diocese de Santiago de Compostela
- 06** **Xosé M. González Reboredo**  
A parroquia en Galicia: unha ollada  
etnográfica dende as festas
- 07** **Xaquín S. Rodríguez Campos**  
Os espazos da identidade: reflexións  
dende a antropoloxía social sobre a  
actualidade da parroquia rural en Galicia
- 08** **Gonzalo Navaza Blanco**  
Parroquias e toponimia

## 02 Da protoparroquia ou parroquia antiga altomedieval á parroquia clásica en Galicia

**Fernando López Alsina**

Catedrático de Historia Medieval

Universidade de Santiago de Compostela



As murallas testemuña do seu pasado romano. Cidade de Lugo

O sistema parroquial en Galicia ten as súas máis remotas orixes na afastada etapa da cristianización da poboación rural<sup>1</sup>. No curso do século IV a organización da Igrexa no seo do Imperio Romano tende a se acomodar ás realidades administrativas da administración provincial civil. O resultado é o progresivo despregamento dunha malla de sés episcopais no interior das provincias romanas.

O bispo, a maior parte do clero e os fieis dunha determinada comunidade residen inicialmente nunha cidade romana ou nun núcleo administrativo importante, onde se encontra a igrexa catedral, o baptisterio e a propia residencia episcopal. Co aumento do número de fieis fúndanse novos lugares de culto na cidade. Con carácter xeral, no Concilio de Nicea (ano 325) sanciónase a existencia dos metropolitanos,

é dicir, a aplicación da organización provincial romana á organización territorial da Igrexa. Téndese entón a que unha provincia eclesiástica se acomode á correspondente provincia romana.

Do mesmo xeito, a organización da Igrexa dentro dunha determinada provincia hase adaptar ás pautas da organización territorial concreta existente no interior desa mesma provincia. O bispo da capital da provincia pasará a ser o bispo metropolitano, aínda que tamén se coñecen outros modelos diferentes. Igual que para cada metropolitano é relevante a circunscrición provincial, para os restantes bispos dunha mesma provincia eclesiástica será significativa a cidade onde se asenta a sé episcopal e o seu respectivo territorio rural e, eventualmente, as pautas organizativas do territorio.

<sup>1</sup> Abordan aspectos relacionados coa historia da implantación parroquial nos reinos peninsulares os estudos de P. David: *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIe siècle*, Coimbra, 1947; L. Casado Tejero: "La organización parroquial en el espacio de la actual diócesis de Santander (790-1220)", en *El Fuero de Santander y su época. Actas do congreso conmemorativo do seu VIII centenario*, Santander, 1989, pp. 63-73; J. Mattoso: "L'histoire des paroisses au Portugal", en *Pievi e Parrocchie in Europa dal medioevo all'Età Contemporanea*, ed. C. D. Fonseca e C. Violante, Galatina, 1990, pp. 187-201; F. López Alsina: "Parroquias y diócesis: el obispado de Santiago de Compostela, en J.A. García de Cortázar, (coord.), *Del Cantábrico al Duero. Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII a XIII*, Santander, 1999, pp. 263-312; M. Calleja Puerta: *La formación de la red parroquial de la diócesis de Oviedo en la Edad Media*, Oviedo, 2000; F. López Alsina: "El encuadramiento eclesiástico como espacio de poder: de la parroquia al obispado", en J. I. de la Iglesia Duarte (coord.): *Los espacios de poder en la España Medieval*, XII Semana de Estudios Medievales, Nájera 2001, Logroño, 2002, pp. 425-457.

Loxicamente este modelo está estreitamente condicionado polo grao de romanización e a organización social de cada provincia, con comprensibles diferenzas dun extremo a outro do Imperio. Tamén é moi particular a cronoloxía da penetración do cristianismo entre a poboación rural do territorio de cada cidade episcopal e, en consecuencia, o despregamento das primeiras estruturas pastorais nese territorio. A este respecto, téñase en conta que até finais do século IV, na propia igrexa romana a liturxia eucarística celébrase aínda en grego, o que fai extraordinariamente improbable a existencia de igrexas rurais en Occidente antes do século V cuxos presbíteros poidan desenvolver semellante liturxia. Esta observación permite interpretar o alcance do canon do Concilio de Elvira de principios do século IV que estipula a asistencia á misa dominical, práctica que probablemente só se podería levar a cabo na igrexa catedral.

A organización eclesiástica dos séculos IV ao VI do territorio romano da Galicia actual responde nas súas liñas básicas a estas mesmas pautas xerais no caso de Braga, Astorga e Lugo. O bispo de Braga é o metropolitano da provincia. A existencia dun bispo en León-Astorga consta xa para mediados do século III. Tamén se constata a existencia da sé episcopal de Lugo. Porén, non se pode documentar semellante antigüidade para outras sé episcopais. Máis ben podemos sinalar a presenza de sé episcopais que non se consolidarán como tales. É o caso dos bispos de Aquae Flaviae ou Aquis Celenis, residentes en núcleos de poboación que non teñen a mesma distinción urbana que Braga, Lugo ou Astorga. O testemuño de Idacio ilumina parcialmente esta realidade da Galicia do século V, complexa pola existencia de bispos e comunidades priscilianistas e a presenza dos suevos, pagáns primeiro e arianos despois.



Mapa da Hispania Romana.  
Fonte: [http://redgeomatrica.rediris.es/ecai/atlas\\_iberomundo/mapas\\_iberomundo/hispromana.gif](http://redgeomatrica.rediris.es/ecai/atlas_iberomundo/mapas_iberomundo/hispromana.gif)

## 1. Igrexas rurais e protoparroquia

Non hai dúbida de que no último terzo do século V estaba en marcha a penetración do cristianismo entre a poboación rural do territorio da Galicia actual e que xa había cristiáns entre os habitantes de castros romanizados, *villae rusticae* e núcleos ou aglomeracións secundarias<sup>2</sup>. O mesmo que á escala provincial, tamén neste nivel a Igrexa se acomoda ás características económicas, sociais e administrativas da organización do territorio e non despreza unha organización territorial distinta, que até certo punto sería artificial. Configúranse así as grandes unidades fraccionarias do territorio do bispado que denominamos parroquias antigas ou protoparroquias, para as distinguirmos da posterior parroquia clásica.

Igual que no ámbito da cidade que alberga a sé episcopal puideron aparecer novos lugares de culto, tamén no territorio rural do bispado foron xurdindo os primeiros templos. En certos casos trátase de igrexas fundadas pola iniciativa particular e privada dun gran propietario, que dentro dunha *villa rustica* ergue un lugar de culto onde poderán acudir os campesiños do seu dominio. Noutros casos pode ser a iniciativa particular da comunidade cristiá dun determinado

San Pedro de Bugallido,  
Negreira (A Coruña)



<sup>2</sup> Sobre o panorama xeral pódese ver *Cristianizzazione ed organizzazione ecclesiastica delle campagne nell'Alto Medioevo: espansione e resistenze*, Settimane di Studio del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, XXVIII, Spoleto, 1982. Sobre estes núcleos en Galicia véxase F. Pérez Losada, *Entre a Cidade e a Aldea: estudos arqueohistóricos dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia*, *Brigantium*, 13 (2002), pp. 15-348.



Pía bautismal

*vicus*. E, sen dúbida, tamén os propios bispos fundaron directamente templos rurais, suxeitos así directamente á súa xurisdición. Estas igrexas pasan a ser o centro da actividade pastoral para pequenas comunidades locais. Nelas asisten á misa dominical e celebran as grandes festividades do ano litúrxico. Xunto a elas reciben sepultura os seus defuntos. O clérigo ou os clérigos que as atenden reciben as ofrendas dos fieis.

Nun determinado momento, quizais cando o número de fieis dunha destas unidades territoriais medrou o suficiente, o bispo organiza a parroquia antiga, ao lle transferir ao sacerdote responsable dun deses templos rurais, directamente suxeitos á xurisdición episcopal, a facultade de administrar o sacramento do bautismo, até ese momento administrado exclusivamente no baptisterio da sé episcopal.

Este modelo organizativo, ben coñecido noutras rexións europeas<sup>3</sup> é o que se desprega tamén no territorio do reino suevo. En cada bispado existe un número de protoparroquias relativamente reducido, cada unha das cales, consecuentemente, ten unha extensión relativamente ampla. Á súa vez, dentro de cada protoparroquia hai como mínimo unha igrexa parroquial e un número variable de igrexas rurais non parroquiais. Na segunda metade do século VI as actas dos concilios I e II de Braga debuxan este panorama. É certo que cobren un territorio máis amplo ca o da Galicia actual, ao incluíren *grosso modo* tamén as provincias de Asturias, León, Zamora e en parte Salamanca, xuntamente co norte de Portugal até pouco máis alá do Mondego. Os canons aplícanse a todo o reino, onde entra de cheo o actual territorio de Galicia.

Con toda probabilidade é a este conxunto de igrexas rurais dunha mesma parroquia antiga ao que se refire no século VI o II Concilio de Braga, ao establecer que os clérigos das igrexas rurais veciñas celebren conxuntamente as ladaíñas<sup>4</sup>. Esta práctica devocional demostra a existencia dentro dun mesmo bispado de unidades de encadramento que agrupan varias igrexas rurais e os seus clérigos, unidades de encadramento que son probablemente as protoparroquias.

Á súa vez, dentro dunha mesma protoparroquia hai igrexas rurais que contan co seu propio cemiterio. Os canons que insisten na obrigaición de inhumar os mortos nos cemiterios, existentes xunto ás paredes exteriores dos templos, non se poden referir a un único cemiterio por protoparroquia. Por conseguinte, no seo de cada protoparroquia existen varias comunidades rurais, perfectamente diferenciadas, que enterran os seus mortos nos cemiterios anexos á igrexa rural. Estas disposicións revelan a existencia de verdadeiras freguesías rurais ou comunidades de vivos, que enterran os seus mortos no cemiterio da igrexa cabeza de freguesía<sup>5</sup>.

Nos canons bracarenses do século VI tamén está presente a realidade da igrexa propia<sup>6</sup>. A censura da cobiza daqueles que fundan igrexas para captaren ofrendas<sup>7</sup>, non só certifica a existencia deste tipo de igrexas, senón que nos mostra que a igrexa propia pode ser o templo dunha freguesía rural.



Mapa do reino Suevo. Fonte: [http://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Reino\\_suevo.svg](http://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:Reino_suevo.svg)

<sup>3</sup> Segundo M. Aubrun: La paroisse en France. Des origines au XVe siècle, Paris, 1986, pp. 18-22, é o caso de Auxerre, Amiens, Auvergne, Limoges ou Tours, entre outras.

<sup>4</sup> Sobre a celebración conxunta das ladaíñas coesmais polas igrexas veciñas véxase o Concilio II de Braga do ano 572, c. 9, Concilios visigóticos e hispano-romanos, ed. preparada por J. Vives, coa colaboración de T. Marín Martínez e G. Martínez Díez, Barcelona-Madrid, 1963, p. 84.

<sup>5</sup> Segundo J. Fernández Alonso: La cura pastoral en la España romanovisigoda, Roma, 1955, pp. 201-224, a iniciativa na fundación dunha igrexa situada fóra da civitas episcopal case sempre está relacionada coa cura pastoral dun determinado grupo humano.

<sup>6</sup> Sobre a igrexa propia en España véxase J. Faci Lacasta: "Estructuras sociales de los reinos cristianos (s. VIII-XI). La iglesia propia en España", en R. García Villoslada (dir.), Historia de la Iglesia en España. II-1. La Iglesia en la España de los siglos VIII al XIV, Madrid, 1982, pp. 118-139, concretamente, pp. 136-139.

<sup>7</sup> Concilio II de Braga do ano 572, c. 6, Concilios visigóticos..., p. 83.

Os cambios na organización da igrexa do reino suevo que se observan entre os dous concilios dos anos 561 e 572 –fundamentalmente o aumento do número de sés episcopais e a existencia dun distrito bracarense e outro lucense na segunda data– explícanse pola celebración intermedia dun concilio en Lugo arredor do ano 569, do que quedou noticia no chamado Parroquial *Suevicum*<sup>8</sup>. Aínda que o exemplar coñecido do Parroquial non se remonta máis aló de finais do século XI e presenta algunhas manipulacións que non podían figurar no texto orixinal, non cabe dúbida de que o fondo histórico que transmite pode ser tido como bo.

No último terzo do século VI a *Divisio Theodemiri*, nome con que tamén se coñece o Parroquial, ten como finalidade consignar o repartimento de protoparroquias entre cada unha das sés episcopais do territorio controlado pola monarquía sueva, coa esperanza de que a enumeración das parroquias de cada bispado perfile con eficacia e claridade os límites de cada diocese e evite litixios territoriais entre bispados limítrofes. A *Divisio* confírmanos a existencia na Galicia da Antigüidade Tardía desta unidade territorial da parroquia antiga, que nalgún dos casos se caracteriza como un *pagus*. Fronte a este modelo territorial xeneralizado, aflora tamén a realidade característica da igrexa britoniense, cuxo bispo con sé en Bretoña ten xurisdición sobre as comunidades bretoas e as súas igrexas, onde queira que estean, e non sobre o conxunto dos cristiáns dun determinado territorio. É dicir, trátase dunha igrexa persoal e non territorial.

Os dous primeiros concilios bracarenses pretenden consolidar até onde é posible a xurisdición episcopal sobre cada igrexa diocesana, a pesar da existencia das igrexas propias. Regúlase a institución do concilio provincial e lémbrese a obriga do bispo de visitar as igrexas rurais da súa diocese. As fontes que permiten constatar a existencia da protoparroquia non aclaran moitos dos seus trazos internos. Sabemos que no seo de cada unha delas existe unha pluralidade de templos rurais, moitos dos cales son verdadeiras cabeceiras de grupos humanos de *filiu ecclesie* ou fregueses, que enterran os seus mortos cerca das paredes dun mesmo templo. Pero non sabemos gran cousa sobre cantos deses templos rurais, cabeceira dunha freguesía, existentes dentro dunha mesma protoparroquia, administran tamén o sacramento do bautismo á súa comunidade de fregueses.

É unha característica da evolución da *pieve* italiana esa tensión entre a sé parroquial da *pieve* e as igrexas rurais do territorio parroquial ou *pievere*, que aspiran a adquirir a totalidade das funcións parroquiais, incluído o bautismo dos seus fieis<sup>9</sup>. En calquera caso, queda patente de novo a profunda imbricación entre a organización territorial xeral e a organización eclesiástica, tanto a nivel xeral no marco do reino –a Igrexa do reino suevo prescinde da organización territorial provincial romana e adáptase ao territorio do reino articulado agora en dous distritos, que inclúen parte da antiga bracarense e a parte máis setentrional da Lusitania–, como a nivel rexional e comarcal, cuxa base é o ámbito do *pagus* ou a realidade territorial equivalente<sup>10</sup>.

## 2. As parroquias de Galicia no período visigodo

É seguro que o período visigodo propiciou un maior control episcopal sobre as igrexas rurais<sup>11</sup>. Non cabe dúbida de que as decisións dos concilios xerais de



San Martín de Braga o de Dumio. No 572 preside o II Concilio de Braga. Fonte: <http://es.wikipedia.org/wiki/Archivo:MartindeBraga-Albelda.jpg>

<sup>8</sup> Editado en *Itineraria et alia geographica* (Corpus Christianorum 175), Turnholt, 1965, pp. 411-420. Véxase o estudo de P. David, *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIe siècle*, Lisboa, 1947, pp. 1-82.

<sup>9</sup> C. Violante: "L'organizzazione ecclesiastica per la cura d'anime nell'Italia settentrionale e centrale", en *Pievi e parrocchie in Europa dal medioevo all'età contemporanea*, ed. C. D. Fonseca e C. Violante, Galatina, 1990, pp. 203-224.

<sup>10</sup> Para P. David: *Etudes...*, pp. 80-81 non ofrecería ningunha dúbida no caso das parroquias caracterizadas como *pagi*.

<sup>11</sup> G. Martínez Díez: *El patrimonio eclesiástico en la España visigoda. Estudio histórico-jurídico*, Comillas, 1959, pp. 73-79, sostén que ese maior control impediu a existencia da igrexa propia.



Mapa Hispania visigoda. Fonte: <http://www.vallenajerilla.com/blerceo/codoner/mapahispaniavisigoticap.jpg>

Toledo van nesa mesma dirección. Na actual Galicia consolídase unha rede episcopal visible desde o ano 562, que se apoia en cinco séns -Bretoña, Iria, Lugo, Tui e Ourense-. Non é fácil dilucidar se nalgún momento a sé britoniense chegou a se transformar nunha sé plenamente territorial, semellante ás demais, quizais o máis probable, ou se mantivo o seu carácter persoal.

O tránsito do control pola monarquía sueva ao da visigoda non supuxo unha alteración brusca para as protoparroquias da actual Galicia. A lexislación conciliar visigoda reforza a xurisdición do bispo sobre o seu territorio diocesano. Como era de esperar, todo novo templo construído dentro dos límites do bispado só poderá ser consagrado polo bispo da diocese respectiva<sup>12</sup>.

Procúrase marcar con claridade a diferenza entre mosteiros e igrexas existentes nunha protoparroquia. Porén, a causa da presenza das igrexas privadas pode resultar moi difícil marcar claramente a liña que nun momento determinado distingue unha igrexa propia rural da igrexa dun mosteiro fundado por un membro da aristocracia: primeiro, porque non se exclúe que o centro monástico poida desempeñar a cura pastoral dun grupo campesiño próximo á igrexa monacal e, en segundo lugar, porque, en canto se relaxa a vida monástica, o centro pode quedar asimilado ao réxime dunha igrexa rural.

Os concilios xerais insisten en que a terceira parte das rendas e as ofrendas feitas ás igrexas rurais permanezan baixo o control do bispo<sup>13</sup>, mentres que outro terzo se destina ao clérigo ou aos clérigos da igrexa e o terzo restante á fábrica, o que pode ser unha forte limitación da marxe de manobra dos titulares de igrexas propias<sup>14</sup>.

Tamén se consagra definitivamente ese ámbito máis próximo ás paredes do templo, destinado a cemiterio, ao se establecer o requisito de que todo templo rural estea rodeado por un circuíto mínimo de trinta pasos, que se considera espazo de asilo<sup>15</sup>. Un ámbito de trinta pasos ten unha extensión dunhas 60 ha. Para as igrexas rurais de nova fundación, a dotación do novo templo con este ámbito espacial mínimo pasará a ser unha obriga.

Os sacerdotes das igrexas de cada protoparroquia han de acudir ao sínodo diocesano convocado polo bispo, quen á súa vez se obriga a practicar a visita pastoral das igrexas rurais.

A finais do século VII endurecéanse as condicións para que unha igrexa rural poida ter un sacerdote á fronte. Prohíbese que o bispo poña a cargo dun mesmo presbítero varias igrexas rurais, porque non podería exercer adecuadamente o seu ministerio, desempeñar as funcións sacerdotais sobre a vila da igrexa ou administrar satisfactoriamente os seus bens. O criterio para determinar que igrexas rurais poden ter un sacerdote á fronte non é o tamaño da comunidade, é dicir, o número de fregueses, senón a riqueza da igrexa. En consecuencia, esíxese que a igrexa susceptible de ter presbítero propio posúa un patrimonio rural que requira non menos de dez servos para a súa explotación. Só estas igrexas poderán ter un presbítero á fronte. As que non cheguen a estes requisitos mínimos non poderán ter sacerdote propio e, en consecuencia, terán que se uniren a unha igrexa que cumpra a condición esixida<sup>16</sup>.

<sup>12</sup> Segundo o Concilio IV de Toledo do ano 633, c. 35, Concilios visigóticos..., p. 205.

<sup>13</sup> Concilio IV de Toledo do ano 633, c. 33, Concilios visigóticos..., p. 204.

<sup>14</sup> O Concilio IX de Toledo do ano 655, c. 2, Concilios visigóticos..., p. 298 recoñece o dereito dos fundadores de igrexas parroquiais rurais a presentárenlles aos bispos os reitores que han de ser instituídos nelas.

<sup>15</sup> Concilio XII de Toledo do ano 681, c. 10, Concilios visigóticos..., p. 398.

<sup>16</sup> Concilio XVI de Toledo do ano 693, c. 5, Concilios visigóticos..., p. 502.

En zonas de poboamento rural disperso, con predominio de pequenas entidades de poboación, habitadas por un modesto número de persoas, podía existir a tendencia a erixir un templo en cada entidade de poboación para maior comodidade dos campesiños, que evitaban así desprazárense ao templo dunha entidade de poboación próxima. As ofrendas quedaban no novo templo máis próximo, o que tamén lle interesaba ao señor que promovía a fundación. O novo templo poderíase considerar filial do primitivo. No seo dunha freguesía rural orixinal multiplicaríase así o número de templos filiais do templo matriz, cabeza da freguesía, a cuxa fronte o bispo tería que instituír un presbítero. Nestes casos dunha freguesía rural con igrexa matriz e igrexas filiais existiría unha tendencia á segregación da igrexa filial para se converter nunha nova freguesía co seu propio presbítero. Parece claro que o nivel patrimonial dun mínimo de dez servos está moi por enriba do dote que un señor podía estar disposto a entregarlle á igrexa por el fundada nunha desas pequenas entidades de poboación. As que xa foran fundadas, loxicamente sen semellante dote, nunca se poderían transformar en cabeceiras de freguesía rural, e terían que permanecer unidas á igrexa matriz.

En territorios con este tipo de poboamento refórzase a tendencia a que a freguesía rural encadre non só a entidade de poboación que alberga o templo cabeceira de freguesía, senón tamén outras entidades próximas, teñan ou non un templo ou oratorio. Nestes casos a comunidade campesiña formada polos fregueses dunha freguesía habita nun número variable de pequenas entidades de poboación que, sumadas unhas e outras, garante finalmente que toda freguesía teña un número mínimo de fregueses.

Con estes freos conciliares evítase a proliferación de freguesías rurais inviables polo seu reducido tamaño e, asemade, ponse freo á multiplicación innecesaria de freguesías rurais dentro dunha mesma protoparroquia e tamén ao desenvolvemento da igrexa propia. É, pois, comprensible que a Igrexa visigoda puidese manter as figuras dun único arcepreste e un único arcediago por sé episcopal e que non tivese necesidade de introducir os arceprestados e arcediagos rurais.

Na paisaxe da Galicia actual quedan moitos elementos do panorama que describimos, se ben a maior parte están sen identificar. Os templos de moitas das igrexas parroquiais actuais substituíron as fábricas, moito máis modestas, dun templo altomedieval, fundado en data incerta no mesmo lugar. En todos estes casos, difíciles de cuantificar, a sondaxe arqueolóxica encontrará con facilidade a vella necrópole tardo-antiga ou altomedieval subxacente. Os templos parroquiais actuais poden ser en moitos casos puntos de ancoraxe aínda visibles dun poboamento altomedieval eventualmente desaparecido ou substancialmente transformado. Aínda que non sexa un criterio concluínte en todos os casos, a advocación da igrexa parroquial actual pode ser un indicio da súa antigüidade. Trátase de advocacións presentes no primeiro santoral hispano: Vicente, Félix, Eulalia, Martín etc. Loxicamente, hai que sinalar o fenómeno contrario, é dicir, que moitas igrexas, templos e oratorios rurais de fundación máis temperá foron destruídos ou abandonados nalgún momento, circunstancia que explica a descontinuidade de colocación respecto aos templos parroquiais medievais ou modernos. A súa eventual localización só se podería realizar por vía arqueolóxica.

Nas coleccións documentais medievais pódense rastrexar algúns exemplos de igrexas rurais anteriores ao ano 800 en que se verifica a identidade de localización da igrexa parroquial moderna, aínda que sexa imposible datar a fundación da igrexa. É o caso da igrexa compostelá de San Félix, alcumada *Sub Lobio*, probablemente pola referencia espacial ao lugar de Lobio (parroquia de San



Pedrafita, Lugo

A necrópole de Adro Vello oculta restos arqueolóxicos dunha vila tardorromana que se superpoñen a un templo precristián erixido á advocación dun misterioso deus pagán denominado Devero e do cal non hai constancia en ningún outro. Fonte: [http://www.ogrovedixital.com/pag2/monumentos\\_00.html](http://www.ogrovedixital.com/pag2/monumentos_00.html)





Martiño de Arís). Tamén se constata a mesma identidade de localización en San Vicente de Adro Vello (O Grove)<sup>17</sup>.

Ademais da continuidade topográfica, temos que analizar tamén a cuestión da continuidade funcional. Estas igrexas rurais máis antigas exercían unha auténtica cura de almas sobre un grupo campesiño. A presenza das necrópoles anexas suxíreo claramente. Como se definía ese grupo de fregueses? É posible que estas igrexas tivesen un termo espacial? Neste sentido apuntan polo menos algúns indicios. Na documentación máis antiga encontramos referencias a *villae*, dotadas

dos seus correspondentes termos, que aparecen cualificados como termos antigos. Agora ben, no caso da *villa* dun gran propietario, nada se opón a que a igrexa eventualmente existente dentro dos termos desa *villa* poida ser considerada unha igrexa propia e, neste caso, a igrexa propia podería ter como termo o mesmo que ten a *villa*. Alternativamente, unha igrexa existente dentro dos termos dunha *villa* podería exercer a cura pastoral sobre os habitantes dunha *villa* próxima, carente de igrexa dentro dos seus termos. Neste segundo caso o termo da igrexa rural sería a suma dos termos das *villae* cuxa poboación serve. Unha freguesía rural constitúe así un marco de solidariedade campesiña na medida en que, na mesma comunidade, teñen cabida campesiños de moi diferente condición social e xurídica e, eventualmente, de dependencias diferentes.



O emprazamento da actual vila de Allariz (Ourense) non se corresponde co núcleo altomedieval Allariz Vella

Un exemplo relevante polo temperán da súa data (ano 818) é Vilouchada, hoxe perpetuada como parroquia de San Vicente de Vilouchada<sup>18</sup>. A antigüidade dos termos desta *villa –terminis antiquis–* cómpre póla en relación co seu topónimo prelatino –Lentobre–, excepcionalmente rexistrado no documento. Pois ben, na mesma escritura tamén se menciona a igrexa de San Vicente, o que suxire que o conxunto *villa*, termos e igrexa ten unha antigüidade notable, sempre moi superior á data do documento.

A favor da existencia de termos, que contribúen a definir a comunidade de fregueses como aqueles campesiños que residen dentro dese espazo coñecido e delimitado, cómpre indicar tamén o máis que probable pagamento do décimo desde o século VII<sup>19</sup>. A percepción do décimo reforzaría a necesidade de que o presbítero rural soubese con claridade dentro de que termos podería esixilo.

### 3. A progresión do control dos poderes laicos sobre os centros de cura de almas nos séculos VIII ao X

No curso do século VII a protoparroquia galega estaba claramente evolucionando na dirección que levaba á súa transformación nun conxunto de parroquias clásicas. Nos tres séculos seguintes, non é tanto a efémera presenza islámica, senón a formación de Al Andalus e, sobre todo, a nova realidade do reino ástur-leonés, o que propiciou os cambios máis significativos. A sociedade tardo-antiga desestruturouse definitivamente. A fracción da antiga Igrexa hispano-

<sup>17</sup> J. Carro Otero, Los esqueletos bajo-romanos de San Vicente de O Grove, Cuadernos de Estudios Gallegos, XXVI, fasc. 79 (1971), 129-153.

<sup>18</sup> F. López Alsina, La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: villa, parroquia, terra, en La pervivencia del concepto. Nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media, coord. J. Á. Sesma Muñoz e C. Laliena Corbera, Zaragoza, 2008, pp. 57-111, especialmente pp. 66-77.

<sup>19</sup> Só así se explicaría a súa mención na Liébana no século VIII por Beatus Liebanensis et Eterius Oxomensis Aduersus Elipandum libri duo, ed. B. Löfstedt (Continuatio Mediaevalis 59), 1984, p. 1-168, concretamente, II, 35: "Coniugati, qui hunc praeceptum observant apostoli, intra ecclesia sunt, quia sub disciplina apostolorum sunt. Si aliquis inter eis deliquerit, sicut ab ecclesia excommunicatur, ita et ab eis non recipitur. Decimas suas recte dant Deo. Pauperibus ministrant...".

visigoda comprendida dentro dos límites do novo reino hispano-cristián volveuse adaptar, unha vez máis, ás novas circunstancias políticas. Desapareceu a conexión co primado toledano e a organización provincial representada pola sé de Braga. Emerxeron novas sés episcopais, fundadas pola autoridade rexia: Oviedo, Santiago, León, San Martiño de Mondoñedo e, no século X, Zamora. Afonso III de Oviedo reorganizou a igrexa do seu reino e suprimiu a sé de Braga: o título bracarense uniuse á sé lucense e o título dumiense á sé mindoniense. Só en data tan tardía como 1071 volvería instalarse un bispo na sé de Braga.

A alteración do cadro das sés episcopais trouxo consigo unha profunda desarticulación dos espazos diocesanos tardo-visigodos. A medida que as protoparroquias existentes eran redistribuídas entre novas e vellas sés episcopais do reino foise esbozando unha nova xeografía. Desapareceu a acción colexiada dos bispos. Deixaron de celebrárense concilios xerais e xa non se volveron tomar acordos para manter o vigor da xurisdición episcopal sobre as igrexas e o clero da diocese. Os reis e a aristocracia laica atoparon maiores facilidades para desenvolveren o sistema das igrexas propias, que escapan ao control dos bispos. É moi ilustrativo un documento de ca. 868, segundo o cal o número de igrexas rurais que pertencía á sé iriense en parte do seu espazo diocesano tan só chegaba a 65<sup>20</sup>. A crise da monarquía leonesa na segunda parte do século X non fixo senón acelerar os cambios.

Nestes tres séculos constatamos un fenómeno cuxas raíces están sen dúbida no período anterior. Por primeira vez a documentación escrita pon ante a nosa mirada un conxunto de mosteiros rurais. Para algúns cenobios é posible presumir unha fundación na etapa precedente –é o caso de Ribas de Sil, Samos, Rocas-, aínda que a maioría foron creados nestes tres séculos -Antealtares, Pinario, Celanova, Sobrado, Carboeiro, Lourenzán etc.-. Na súa etapa altomedieval prebenedictina estes mosteiros xogan un papel relevante na atención pastoral da poboación campesiña. Case todos eles, ben na dotación inicial, ben nas décadas posteriores, reciben de reis e aristocracia laica un conxunto importante de igrexas rurais, centros de cura de almas, que se incorporan ao seu patrimonio. Entrado o século XI observamos entre os mosteiros documentados no século X, que conseguiron sobrevivir como tales, que as igrexas rurais que integran a pequena constelación de cada cenobio son parroquias clásicas da rede parroquial pleno-medieval. Mesmo certos mosteiros, como Samos, Celanova ou San Vicente do Pino, aspiran a impedir a plena xurisdición episcopal sobre a parte das parroquias rurais máis próximas ao mosteiro<sup>21</sup>.

Durante os séculos VIII ao X a mesma capacidade que ten o rei para fundar sés episcopais e alterar os espazos diocesanos esténdese, como non podía ser menos, ao territorio da protoparroquia. Isto evidénciase no caso de Amaia, á conta do cal os reis asturianos constitúen dous novos territorios: os dous Xiros de Santiago. O resultado é que a única protoparroquia inicial –*Amaea*– se desdobra en tres: os dous Xiros e o que resta de *Amaea*<sup>22</sup>. Nestes séculos a imbricación entre territorios e protoparroquias segue sendo completa.



Mapa do reino de León nos séculos X-XI.  
Fonte: [http://users.servicios.retec.al.es/msanch3/Mapa\\_Siglo\\_XI.jpg](http://users.servicios.retec.al.es/msanch3/Mapa_Siglo_XI.jpg)



Mosteiro de Lourenzán

<sup>20</sup> F. López Alsina, *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela, 1988, pp. 156-167.

<sup>21</sup> O exercicio da xurisdición eclesiástica do abade con autoridade substitutiva do arcediogo sobre certos arceprebados dos respectivos bispados, onde a propiedade monástica de igrexas rurais era, de antigo, moi acusada, conséntase en J. M. Andrade Cernadas, *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*, Sada, 1997, pp. 183-189.

<sup>22</sup> F. López Alsina, *La ciudad...*, pp. 128-137.

É imposible penetrar no interior de todas e cada unha das protoparroquias. Non coñecemos o seu número, aínda que nos consta que non foi inalterable e podía ser modificado nun determinado momento, como vimos no caso dos Xiros de Santiago. Tampouco é posible saber cantas igrexas rurais coas súas correspondentes freguesías hai en cada momento no seo dunha mesma protoparroquia e cantas desas igrexas son plenamente parroquiais. É probable que as igrexas propias da sé iriense, que o documento do ano 868 sitúa nun determinado territorio rural, é dicir, nunha protoparroquia, fosen igrexas parroquiais plenas, dotadas de pía bautismal, se ben quizais non fosen as únicas parroquiais plenas existentes na protoparroquia respectiva.

#### 4. O despuntar da afirmación da xurisdición episcopal

Desde a última década do século X e no curso do século XI ponse en marcha un proceso tendente á implantación do sistema parroquial baseado na parroquia clásica. Un indicador seguro da eficacia deste movemento radica no fortalecemento da xurisdición episcopal.

O primeiro indicio da nova orientación atopámolo no reinado de Bermudo II (985-999), é dicir, uns anos antes da morte de Almanzor en 1002. Só coñecemos a iniciativa de Bermudo II parcialmente. Tiña como obxectivo investigar os bens e dereitos correspondentes ao reguengo e responde a un claro desexo de reconstrución do reino tras a longa crise política leonesa da segunda metade do século X, agravada polas incursións normandas e as campañas de Almanzor.

As medidas adoptadas por Bermudo II teñen que se interpretar desde o testemuño de fontes indirectas: as mencións nas crónicas e a referencia no Foro de León de 1017. Como é sabido, as leis leonesas do Foro de León de 1017 constitúen unha fonte de difícil interpretación, cunha tradición manuscrita moi tardía que depende de dúas copias: a versión bracarense, recollida no Liber Fidei da Sé de Braga -a máis próxima ao orixinal, aínda que desgraciadamente incompleta- e a versión ovetense, recollida no *Liber Testamentorum* de Pelayo de Oviedo en 1118 -co texto completo, pero con manipulacións-. O último estudo e edición débese a Gonzalo Martínez Díez<sup>23</sup>, que publicou unha edición crítica das versións portuguesa e ovetense, cunha moi completa indicación da tradición manuscrita.

Desde o punto de vista do seu contido como primeiro acto legislativo coñecido dos reis leoneses, que completa o texto do Liber Iudicum visigodo, mereceu a atención de diversos estudosos. Hai uns anos, José Sánchez-Arcilla Bernal, facía unha completa revisión historiográfica do mesmo, antes de dar a súa propia interpretación dos distintos preceptos<sup>24</sup>. José María Mínguez entende estas leis leonesas como o recoñecemento e sanción do feudalismo leonés<sup>25</sup>.

A nós neste momento interéсанos unha referencia segundo a cal Bermudo II levaría a cabo unha enquisa xeral en todo o seu reino. En efecto, o decreto 13 fai alusión a que o rei enviara os seus axentes ou saións por todas as *mandationes* do reino para determinar as terras pertencentes ao reguengo e a condición dos campesiños que as traballaban<sup>26</sup>. Tratábase de identificar que campesiños eran *iuniores* e cales eran homes de behetría. Unha vez inventariadas as herdades do



Liber Testamentorum de Pelayo de Oviedo en 1118  
Fonte: <http://www.finns-books.com/fpelayo.htm>

<sup>23</sup> G. Martínez Díez, La tradición manuscrita del Fuero de León y del Concilio de Coyanza, en El Reino de León en la Alta Edad Media. II: Ordenamiento jurídico del Reino, (Fuentes y Estudios de Historia Leonesa 49), León, 1992, pp. 115-183, 188, especialmente pp. 155-172.

<sup>24</sup> J. Sánchez-Arcilla Bernal, El derecho especial de los fueros del Reino de León (1017-1229), en El Reino de León..., León, 1992, pp. 185-380, concretamente pp. 236-274.

<sup>25</sup> J. M. Mínguez, Poder político, monarquía y sociedad en el reino astur-leonés en el período de su configuración, en Estructuras y formas de poder en la historia, Salamanca, 1991, pp. 73-88.

<sup>26</sup> G. Martínez Díez, La tradición..., p. 157.

reguengo e investigado o estatuto dos campesiños que as traballaban, determinouse que os campesiños *iuniores* carecían, pola súa mesma condición, de liberdade de movementos e non podían abandonar a mandación en que residían para fixar a súa residencia noutra. Só aos campesiños de behetría lles estaba permitido abandonar as herdades que cultivaban no reguengo e marchar libremente para outra mandación.

A frase das Leis leonesas de 1017 que lembra a medida de Bermudo II é literalmente a seguinte: “Cando o rei don Bermudo se fixo cargo de todo o seu reino, enviou os seus saións ao longo e ancho de toda a súa terra para que todo *iunior* non deixase de servir na mandación correspondente e que só os homes de behetría puidesen ir á mandación que quixesen”.

Cumprindo as instrucións do rei, os saións inventariaron e tomaron posesión de todas as herdades reguengas existentes en cada mandación. En 1017, a asemblea de León non ve necesario realizar unha nova enquisa de herdades reguengas e dá por bo o inventario de Bermudo II. Por iso se afirma expresamente: “Que non se volvan inquirir as herdades reguengas”. E, de maneira indirecta, decláranse terras non reguengas todas as herdades non censadas polos saións de Bermudo II, é dicir, “aquelas herdades das que os saións non tomaron posesión naqueles días en cada unha das mandacións”.

Malia as dificultades interpretativas do Foro de León de 1017, podemos ter a certeza de que Bermudo II quixo realizar o primeiro catastro sistemático coñecido das herdades reguengas de cada mandación. En 1017 coñecía perfectamente o catastro, até o punto de que se dá por bo e non se considera necesario levar a cabo unha nova inquisición. Desta iniciativa de Bermudo II só se coñecen estas alusións lembradas en 1017. Porén, as crónicas atribúenlle ao seu reinado outras medidas que cómpre relacionarmos necesariamente coa inquisición xeral dos bens do reguengo.

A primeira crónica que se fai eco destas medidas é a Silense, escrita arredor de 1118. Entre as escasas noticias da Crónica Silense sobre Bermudo interésannos dúas. A primeira, que Bermudo II confirmou a vixencia do *Liber Iudicum*, o código de dereito hispano-visigodo do século VII, e dos canons hispánicos, é dicir, da vella colección canónica hispana: “*uir satis prudens leges a Uambano principe conditas firmavit; canones aperire iussit.*”<sup>27</sup> A segunda noticia, xustaposta á primeira, refírese ao comezo da reconstrución do reino, simbolizada na referencia á restauración da igrexa de Santiago de Compostela, recentemente destruída por Almanzor: “*rex uero Ueremudus a Domino adiutus cepit restaurare ipsum locum Sancti Iacobi in melius*”.

A transcendencia desta decisión de restablecer a plena vixencia do ordenamento canónico hispánico estriba en que a lexislación visigoda non recoñecía a prescrición tricenal para certos dereitos eclesiásticos. Unha coñecida sentenza do século VII establecía, para estes efectos, que a Igrexa era “unha patroa que nunca morre”<sup>28</sup>.

A combinación de todas as noticias cronísticas coas do Foro de León de 1017 permítenos encadrar a decisión de Bermudo II no contexto de restauración do reino, que pasa polo control e recuperación dos dereitos do rei, que loxicamente inclúen as igrexas rurais do reguengo, pero tamén a dos dereitos da Igrexa. Quedan identificadas as herdades do reguengo existentes en cada mandación cultivadas por *iuniores* e as cultivadas por homes de behetría, e abríase a porta para que as institucións eclesiásticas identificasen “*in melius*” os seus dominios.



Fuero de León de 1017

<sup>27</sup> J. Pérez de Urbel e A. González Ruiz Zorrilla, *Historia Silense*, Madrid, 1959, p. 172.

<sup>28</sup> Concilio IV de Toledo do ano 633, c. 70, *Concilios visigóticos...*, p. 215: “*Liberti ecclesiae, quia nunquam moritur eorum patrona, a patrocinio eiusdem nunquam discedant*”.



Mosteiro de Monfero. Un primitivo eremitorio deu orixe ao mosteiro alá polo século X. Este primeiro cenobio foi favorecido polo Rei de Galicia, Bermudo II, que lle procurou propiedades ao redor da zona onde se situaba

Se ben é moi probable que Bermudo II adoptase estas decisións nunha asemblea ou curia rexía, non existe ningún texto que as reflecta.

Polo que se refire ao nivel da organización parroquial, os esforzos de Bermudo II favorecen a implantación do sistema parroquial clásico, na medida en que se pretende restablecer a disciplina eclesiástica e a xurisdición episcopal. Este tipo de parroquia defínese por cinco trazos: 1) a comunidade parroquial; 2) o párroco, instituído polo bispo ou o seu delegado, con xurisdición eclesiástica para a exclusiva administración dos sacramentos aos membros da comunidade parroquial; 3) o templo parroquial como centro da vida espiritual e litúrxica da comunidade; 4) o termo parroquial particular propio, cuxos límites enmarcan a xurisdición do párroco sobre os bautizados que nel residen e 5) o pagamento obrigatorio do décimo eclesiástico polos fregueses<sup>29</sup>.

Na liña da implantación do sistema parroquial, a segunda medida débese a Afonso V (999-1028), que convocou a asemblea de 1017, no marco da vixencia do dereito hispano-visigodo. Como acabamos de ver, a asemblea leonesa de 1017 remítese ás medidas de Bermudo II e, no tocante ás herdades reguengas, non introduce novidades. Pero, en cambio, pasa ao primeiro plano a cuestión do *ius episcopale* e adóptanse por primeira vez acordos concretos, no canto de se limitaren a confirmar o dereito canónico precedente.

No tocante ao modelo parroquial actualizado, as leis leonesas de 1017 marcan un punto de inflexión<sup>30</sup>. Para a recta interpretación dos acordos leoneses de 1017, no que concirne ao réxime parroquial, cómpre ter en conta as relacións existentes entre as dúas redaccións. A redacción ovetense é unha recensión, reelaborada en Oviedo no século XII. Cando se fai esta versión ovetense, a organización da Igrexa do reino leonés e as institucións parroquiais, en particular, xa non eran as mesmas que en 1017. As diferenzas da recensión ovetense respecto ao texto bracarense reflicten o alcance dos cambios que tiveron lugar entre o primeiro cuarto do século XI e o século XII. Ademais, as oito disposicións da redacción bracarense que regulan os dereitos da Igrexa leonesa foron reducidas a cinco na redacción ovetense.

De acordo coa tradición conciliar hispánica, establécese no primeiro punto que a asemblea ha de tratar primeiro as cuestións relativas á Igrexa e despois as referentes ao rei e ao pobo. O segundo artigo sanciona a favor da Igrexa a posesión das herdades cuxa titularidade poida constar mediante escrituras. No caso de disputa sobre herdades, as escrituras serán examinadas en concilio, segundo o procedemento previsto na *Lex*. Se a igrexa carece de escrituras, poderá probar o seu dereito mediante declaración xurada, sen que nunca se poida invocar na súa contra a prescrición tricenal.

O terceiro acordo afirma a xurisdición do bispo<sup>31</sup>, que se fai recaer sobre os “seus” abades e os “seus” monxes, mesmo se se deron á fuga. Aínda cando o texto estea incompleto, a posición en terceiro lugar suxire unha afirmación xeral da xurisdición do bispo que, loxicamente, se estende tanto sobre os clérigos seculares coma os monxes dos mosteiros. Non debe despistarnos o feito de que se empregue, como tantas outras veces, unha terminoloxía aparentemente

<sup>29</sup> Segundo propón J. Gaudemet: *Le gouvernement de l'Eglise a l'époque classique. IIe partie: Le gouvernement local*, Paris, 1979, p. 224; en cambio, A. García García, “Parroquia, arceprestazgo y arcedianato: origen y desarrollo”, en *Parroquia y arceprestazgo en los archivos de la Iglesia, Memoria Ecclesiae VIII*, Oviedo-Salamanca, 1996, pp. 19-40, concretamente p. 27, propón os catro seguintes: fonte bautismal, territorio, sacerdote e fieis.

<sup>30</sup> L. Vázquez de Parga: “El Fuero de León. Notas y avance de edición crítica”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, 15 (1944), pp. 464-498. Véxase agora G. Martínez Díez, *La tradición...*

<sup>31</sup> Na redacción bracarense G. Martínez Díez, *La tradición...*, p. 156: “Intullamus et non parent ad [episcopos suos abbates contempntione suos monacos nec super refuganes...”

monástica (*abbates, monacos*). Interpretada restritivamente, a xurisdición episcopal recaería unicamente sobre as comunidades monásticas, cando é evidente que se estendía tamén ao clero que chamariamos secular, en boa parte o clero das parroquias rurais. En cambio, ao autor da redacción ovetense, que traballa en pleno século XII, resúltalle incomprendible esta formulación xeral da xurisdición episcopal feita en termos monacais e non entende que se trata da xurisdición sobre clérigos seculares e monxes. Interpreta o artigo en consonancia coa terminoloxía do século XII e cre, restritivamente, que se trata de afirmar a xurisdición episcopal exclusivamente sobre os mosteiros. Tras esta redución, parécelle inconcibible que os mosteiros femininos poidan quedar fóra da xurisdición do bispo, polo que se ve obrigado a interpolar as palabras “abadesas e monxas”<sup>32</sup>. Por outra banda tamén resulta revelador que se crea necesario precisar o alcance diocesano da xurisdición episcopal, xa que se trata dos monxes e monxas da “diocese” do bispo. Subliñemos estes matices como evidencia dos cambios que se deron entre 1017 e a metade do século XII na organización eclesiástica: da xurisdición episcopal sobre clérigos e monxes, formulada ademais en termos monásticos, á xurisdición episcopal sobre un espazo diocesano.

Afirmada a xurisdición sobre as persoas, o cuarto precepto ocúpase dos bens eclesiásticos. As leis leonesas ocúpanse agora das igrexas e das rendas eclesiásticas, designadas co termo “víveres”. Trátase, ante todo, de impedir que sexan subtraídas pola violencia: protéxense “os viveres” das igrexas e prohíbese que se beban ou que se coma o pan ou a carne “á forza”<sup>33</sup>. Obsérvese que, se non se fai mediante a violencia, non é ilícito que os laicos perciban as rendas das igrexas rurais, práctica amplamente estendida daquela.

Fronte á aparente sinxeleza e mesmo rudeza da fórmula bracarense, o texto ovetense é moi diferente. Comparte obxectivo -protexer as igrexas e as súas rendas-, pero entre 1017 e ca. 1130 a reforma reforzou o control sobre as igrexas rurais e as súas rendas. O redactor do texto ovetense distingue tres ámbitos: o templo propiamente dito, o ámbito consagrado que o rodea e o espazo exterior aos dextros. Protexe, en primeiro lugar, todo canto haxa dentro da igrexa -*mandamus adhuc ut nullus audeat aliquid rapere ab ecclesia*-. En segundo lugar, o que poida haber dentro do espazo consagrado que a rodea, cuxa violación constitúe un sacrilexio: “*uerum si aliquid infra cimiterium per rapinam sumpserit sacrilegium soluat et quicquid inde abstulerit rapinam reddat*”. En último lugar, as rendas e bens que poida haber fóra do templo e do espazo circundante consagrado: “*si autem extra cimiterium iniuste abstulerit rem ecclesie reddat eam et calumpniam cultoribus ipsius ecclesie more terre*”<sup>34</sup>.

Entre 1017 e a primeira metade do século XII, o Concilio de Coyanza de 1055 e os dous concilios composteláns posteriores amplían a sacralización dos dextros, cousa que non se fixera aínda nas leis leonesas. Por iso para o autor da redacción ovetense a subtracción “*infra cimiterium*” non é só un roubo, senón tamén un sacrilexio. Hai que devolver o roubado e pagar polo sacrilexio. En cambio, de se realizar fóra do espazo consagrado só se trata dun roubo e, en tal caso, haberá que devolver o roubado e pagarlles a calumnia aos clérigos da igrexa, consonte o costume da terra.



San Cristovo de Corzón.  
Mazaricos (A Coruña)

<sup>32</sup> Na redacción ovetense G. Martínez Díez, *La tradición...*, p. 160: “*Decreimus etiam ut nullus contineat seu contendat episcopis, abbatibus suarum dioceseon siue monacos, abbatissas, sancti moniales, refuganos, sed omnes permaneant sub ditione sui episcopi*”.

<sup>33</sup> Na redacción bracarense G. Martínez Díez, *La tradición...*, p. 156: “*... inde comedant panem nec bibere neque ciuata non carne ... re inuitissime, sed omnia sua causa intemerata ui ... Ecclesie*”.

<sup>34</sup> Na redacción ovetense G. Martínez Díez, *La tradición...*, p. 160.

O quinto artigo das leis leonesas regula a xurisdición no tocante aos homes dependentes dunha igrexa e menciona o homicidio de calquera home pertencente a unha igrexa. Caso que a igrexa non poida cobrar o homicidio dun dos seus homes polos seus propios medios e recorra ao auxilio do señor da terra (*princeps*), este terá dereito a percibir a metade do importe do homicidio<sup>35</sup>. A redacción ovetense mantén con bastante fidelidade o sentido da disposición pero, unha vez máis, actualiza os seus termos para os encaixar nas realidades contemporáneas. É revelador neste sentido que o auxiliar da igrexa non sexa xa o *princeps*, senón un “*maiorino regis*”<sup>36</sup>.

Os tres últimos artigos de 1017 desaparecen na redacción ovetense. Os preceptos sexto e sétimo no texto de Braga protexen os bens raíces e os inmobles das igrexas. Sen o consentimento da igrexa non é posible traballar as súas terras –*fecerit hereditatem*- nin instalarse nelas –*non faciat ibi populatura*<sup>37</sup>. Pola súa banda, o artigo sétimo estipula a incapacidade dos servos da igrexa para venderen herdades ou casas da igrexa: o rei ou calquera outra persoa que o intente perderá os bens e o prezo<sup>38</sup>. O artigo oitavo volve incidir sobre as persoas dependentes das igrexas. Aborda novamente o homicidio do home dunha igrexa. Se no artigo quinto se regulaba a posibilidade de acudir ao auxilio do gobernante da *terra* para cobrar o homicidio, aquí régúlase o caso contrario, é dicir, aquel en que o mordomo posto pola igrexa é capaz de resolver a situación por si mesmo. Se o mordomo leva a bo porto a investigación, o gobernante da *terra* non debe participar do importe do homicidio, que será integramente da igrexa. O recoñecemento desta reducida xurisdición da Igrexa sobre os seus homes leva como contrapartida que os homes das igrexas lle paguen ao rei os tributos e dereitos fiscais e que desde as aldeas realicen a favor do rei as mesmas prestacións ou labores que fixeran os seus pais e avós<sup>39</sup>.

A redacción ovetense altera completamente estes tres artigos do texto de 1017. Substitúe o sexto artigo pola frase “*iudicato ergo ecclesie iudicio adeptaque iustitia agatur causa regis*”, dando así a entender que se dan por finalizadas as disposicións relativas á Igrexa. A continuación introduce unha simple rúbrica –*deinde causa populorum*–, para proseguir co que sería un artigo oitavo: “*decrevimus iterum ut nullus emat hereditatem serui ecclesie seu regis uel cuiuslibet hominis. Qui autem emerit perdat eam et precium*”<sup>40</sup>. Ao situar este precepto fóra xa dos especificamente referidos á Igrexa, pódelle dar un alcance xeral, xa que prohíbe a compra de herdades de servos de calquera dependencia, sexan estes servos do rei, da Igrexa ou de calquera outro home.

Aínda que non conste que bispos estiveron presentes na Asemblea leonesa de 1017, podemos ter a certeza de que estas medidas afectaban todo o territorio da actual Galicia, un territorio habitado daquela por señores e campesiños de forma practicamente exclusiva e, en consecuencia, afectaron todas as freguesías e parroquias rurais.

Nótese que a igrexa episcopal, presidida polo bispo –en último termo a figura da igrexa diocesana que el preside–, non é en absoluto a única titular da



San Miguel de Valga (Pontevedra)

<sup>35</sup> Na redacción bracarense G. Martínez Díez, La tradición..., p. 156: “et si acciderit occasio faciant homicidio ...a prenda ille princeps ille homicidio medio ...”

<sup>36</sup> Na redacción ovetense G. Martínez Díez, La tradición..., p. 161: “item decrevimus ut si forte aliquis hominem ecclesie occiderit et per se ipsa ecclesia iustitiam adipisci non potuerit, concedat maiorino regis uocem iudicii diuidantque per medium calumpniam homicidii”.

<sup>37</sup> Na redacción bracarense G. Martínez Díez, La tradición..., p. 156: “maneant illas hereditates intemeratas post pa[r]te] ... rit hereditates infra testamentum Ecclesie integra care ... et non faciat ibi populatura.”

<sup>38</sup> G. Martínez Díez, La tradición..., p. 156: “et de parte regis ... non comparent ullum hominem hereditatem seu et de casa ...”

<sup>39</sup> Na redacción bracarense G. Martínez Díez, La tradición..., p. 156: “de illos homicidios inquirant illos maiordomos de ... illius ad integrum foris de ecclesiis, sicut de super resonat, et reddat [tribu]ta uel fiscalia regis et faciant suos labores de suas uillas, uel quod soluti fuerunt facere auolum uel parentum suorum”.

<sup>40</sup> Na redacción ovetense G. Martínez Díez, La tradición..., p. 161.

propiedade eclesiástica. Existe unha pluralidade de titulares de propiedade eclesiástica. Ademais dos mosteiros, calquera das igrexas rurais con cura de almas pode ter propiedades. É sabido que o conxunto patrimonial de cada posible titular de propiedade eclesiástica pode ser diverso e heteroxéneo. A novidade do segundo acordo leonés non é tanto defender esta propiedade eclesiástica como establecer unha clara distinción entre os patrimonios eclesiásticos e os que non o son. Polo demais, admite que estes patrimonios –por exemplo as igrexas propias- poidan seguir estando en mans de laicos.

Teña unha propiedade ampla ou exigua, non hai igrexa con cura de almas que non teña clérigos ou monxes vinculados a ela. Sobre eles, como segunda gran novidade, o terceiro precepto afirma de forma universal a xurisdición do bispo. Esta afirmación xeral da xurisdición do bispo impónse ás facultades que señores e donos de igrexas rurais con ou sen cura de almas poidan ter sobre os clérigos das mesmas, posto que os bispos e as sés episcopais só posúen unha reducidísima parte das igrexas rurais con cura de almas.

O cuarto precepto protexe as rendas das igrexas que, no tocante ás rurais con cura de almas incluíría, sen dúbida, os décimos. Condena a usurpación violenta, pero non cuestiona en absoluto que as controlen plenamente os titulares das igrexas propias.

As restantes disposicións definen algunhas características do alcance da xurisdición eclesiástica. Na propiedade agraria eclesiástica ninguén pode cultivar a terra –facer herdades- ou instalar campesiños –facer poboación-, se non é a propia Igrexa. A xurisdición esténdese ás terras e aos campesiños nela instalados –cualificados xenericamente como servos- e é exercida por un mordomo. Cada un dos titulares de propiedade eclesiástica organiza o seu patrimonio agrario en tantos conxuntos como poidan ser necesarios, dirixido cada un deles por un mordomo. En principio o conxunto de terras e servos integrados no ámbito de xestión dun mordomo teñen que estar o suficientemente próximos como para que sexa posible e eficaz unha xestión e vixilancia unipersoais. Toda terra e todo servo da igrexa atópanse necesariamente situados nalgunha das *terrae* ou unidades territoriais de articulación do goberno a escala local, cada unha das cales ten tamén á súa fronte un único responsable do seu goberno. Os preceptos regulan o alcance da esfera de competencias do mordomo eclesiástico fronte á do gobernante da *terra*. O mordomo eclesiástico é competente para resolver directamente o suposto dun homicidio dun servo. Só en caso de que o mordomo eclesiástico non sexa capaz por si mesmo de cobrar o homicidio pode intervir o gobernante da *terra*, en cuxo caso terá dereito a percibir a metade da taxa do homicidio. O mordomo eclesiástico controla e vixía as terras da igrexa e os homes que as traballan e exerce unha certa xurisdición sobre homes e terras. Agora ben, os servos da igrexa –os campesiños que traballan as súas terras- non forman illotes completamente illados do réxime xeral da *terra* en que están enclavados. Ademais de facer fronte ás rendas, cargas e dereitos que lles esixe o titular da mordomía, os dependentes da Igrexa están obrigados a pagarlle ao rei tributos fiscais e prestacións en traballo consuetudinarias, o que fan desde a *villa* que habitan a través do gobernante da *terra* en que está situada esta vila.

Como noutros casos o actual emprazamento urbano da vila medieval de Betanzos (A Coruña) difire do orixinario en época altomedieval coñecido como Betanzos O Vello, na parroquia veciña de Tiobre





As leis leonesas volven pór ante os nosos ollos eses marcos locais do goberno do territorio. A *terra*, que goberna un *princeps* ou un meiriño en nome do rei, alberga no seu seo un territorio, un certo número de *villae*, un conxunto de habitantes, na meirande parte campesiños de diversa condición social, pero tamén un conxunto de igrexas e de freguesías rurais. As mesmas freguesías rurais que están encadradas nunha determinada *terra* integran unha protoparroquia, que axiña se denominará arciprestado.

A propiedade e as rendas eclesiásticas, que pertencen ás igrexas, poden estar en mans eclesiásticas –clero regular ou secular- ou laicas. En ningún momento, como se fará máis adiante, poderá a propiedade eclesiástica estar só en mans de clérigos, o que sería equivalente a dicir que só pode estar en mans de persoas que fosen ordenadas. En 1017 non se chega a este punto; con todo, declárase a dependencia de todo clérigo ou monxe da xurisdición do bispo, o cal non deixa de ser unha novidade importante naquel momento.



Vista de Tui (Pontevedra)

A igrexa catedral, é dicir, a sé episcopal, é unha titular máis de propiedade eclesiástica, se cadra das máis importantes, pero desde logo nunha medida extraordinariamente inferior ao que cada unha posuirá despois do pleno movemento de reforma. Moitos mosteiros poden ser titulares dunha propiedade eclesiástica voluminosa. O mesmo cabe dicir do rei e dos señores. Nos catro casos as igrexas rurais con cura de almas forman parte deses conxuntos. En León en 1017 vemos como se sentaron as bases para que se organicen máis eficazmente as séis episcopais. Os bispos, que xa adquiriron a xurisdición sobre clérigos e monxes, tentarán tamén adquirir o control e a xurisdición da propiedade eclesiástica, e para isto o marco axeitado de administración e control será precisamente esa unidade fraccionaria do territorio da *terra*, ou o que é o mesmo, a protoparroquia, axiña denominada arciprestado. Estas unidades territoriais serán os marcos das propiedades *diocensales* ou diocesanas.

## 5. A cristalización do sistema parroquial clásico: obxectivos e resistencias

Na última década do longo reinado de Fernando I o sistema parroquial convértese por primeira vez en obxecto de atención global, especialmente no territorio da actual Galicia, coa celebración do Concilio de Coyanza (1055), ao que asisten practicamente todos os bispos do reino, e os dous de Santiago (1059 e 1063), o primeiro coa asistencia de Cresconio de Iria, Suero de Dumio-Mondoñedo e Vistruario de Lugo, e o segundo coa dos bispos Froilán de Oviedo, Cresconio da Sé Apostólica, Sisnando de Porto, Suero de Dumio-Mondoñedo e Vistruario de Lugo, co título de metropolitano, ambos os dous sintomaticamente sen a presenza do monarca.

Tamén no caso de Coyanza dispomos de dúas versións, a mellor das cales é a redacción procedente da cidade portuguesa de Coimbra, sé que en 1055 estaba aínda en mans musulmás. Como sucedera coa sé de Braga e coas leis leonesas, nalgún momento moi posterior á conquista da cidade por Fernando I en 1064, a sé de Coimbra entendeu a importancia que para ela mesma e o seu espazo

diocesano tiñan as actas conciliares, até o punto de que acabou por incorporalas ao seu *Livro Preto*. A redacción ovetense está tamén puntualmente retocada<sup>41</sup>.

O carácter dos acordos de Coyanza apréciase mellor ao compararmos a redacción portuguesa e a ovetense, que reflicte os cambios que se operaron no curso do último terzo do século XI e do primeiro do século XII, baixo os efectos da reforma de inspiración propiamente gregoriana; tamén ao contrastármolos coas actas dos dous concilios composteláns, que afondan as medidas de Coyanza.

Agudízase a dicotomía clérigos-laicos. Para o clero regular propónse a regra beneditina como norma universal da vida monacal e para o clero secular a regra de san Isidoro, tanto nas igrexas catedrais coma nas comunidades rurais. Coa regra beneditina preténdese que os monxes elixan o abade nos mosteiros, que o patrimonio pertenza á comunidade, que os membros da comunidade estean sometidos á regra e que, en último termo, todo mosteiro estea suxeito á autoridade do bispo, obxectivos moi relevantes tendo en conta que moitos destes mosteiros controlan igrexas rurais con cura de almas.

A aplicación da regra de san Isidoro ás comunidades de clérigos de todas as catedrais do reino e nos dous concilios composteláns, ás cinco sés episcopais de Oviedo, Iria, Lugo, Dumio-Mondoñedo e Porto, propón organizar e financiar a vida en común do bispo e os cóngos con todos os recursos da igrexa catedral, distribuídos polas diferentes unidades territoriais diocesanas, incluída a participación nos décimos das igrexas rurais. É dicir, afírmase o cabido catedralicio, a construción do espazo diocesano sometido ao *ius episcopale* e unha certa centralización do patrimonio diocesano.

Os concilios inciden sobre os cinco trazos que caracterizan a parroquia clásica como institucións de salvación do pobo cristián. Á afirmación da xurisdición sobre persoas eclesiásticas de 1017 súmase agora a xurisdición sobre edificios e bens eclesiásticos. O templo parroquial, cabeza da freguesía rural, aínda no caso de que sexan igrexas propias, queda sometido á xurisdición do correspondente bispo; prescríbese a integridade da igrexa rural e a súa indivisibilidade entre máis de un presbítero, para reforzar a eficacia da cura de almas; regulan, non prohiben aínda, o dereito dos laicos, é dicir, os patróns das igrexas, a recibir rendas (servizos) dos clérigos das igrexas, matizando que só sirvan aos laicos voluntariamente ou como autorizase o bispo. A distancia entre 1055 e o século XII márcaa, de novo, a redacción ovetense, que “moderniza” o texto Coyanza. Fronte á versión do *Livro Preto* -“*et clerici nullum inde servicium laicis faciant, nisi sua voluntate et suorum episcoporum iussione*”<sup>42</sup>-, a versión ovetense reduce o poder dos patróns “*nec potestatem aliquam habeant super ecclesias aut clericos laici*”<sup>43</sup>.

O obxectivo é claro: que a igrexa propia empece a saír da esfera do dominio dos laicos e pase a depender da xurisdición eclesiástica, e tanto mellor se esta é a episcopal. Refórzase o carácter sacro das igrexas parroquiais e do espazo inmediato, recollido xa na Hispana, pero impensable como obxectivo en 1017. Prohíbese que ninguén, agás o bispo, poida consagrar a ara. Ao confirmar os dextros que rodean cada igrexa, prohíbese tamén que no ámbito que configuran ningún laico –especialmente o patrón da igrexa– poida ter dereito ningún. Toda igrexa e a súa contorna, como lugar consagrado, subtráese ao dominio dos laicos e pasa a quedar baixo a directa xurisdición eclesiástica.



Castillo de Coyanza, sede do Concilio de 1055

A igrexa e o seu entorno queda como lugar consagrado baixo a directa xurisdición eclesiástica e fóra do dominio dos laicos. Santiago de Gosteí, Coles (Ourense)



<sup>41</sup> A recensión segundo o *Livro Preto* (texto A) e a do *Liber Testamentorum* (texto B) son editadas e estudadas por A. García Gallo: “El Concilio de Coyanza”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, 20 (1950), pp. 275-633, cos textos nas pp. 286-302. Véxase a edición recente de M. J. Sanz Fuentes: “Transcripción”, en *Liber Testamentorum Ecclesiae Ovetensis*, Oviedo, 1995, nº 34. Outra edición en paralelo de ambos os textos en G. Martínez Díez, *La tradición...*, pp. 173-183 y 188.

<sup>42</sup> G. Martínez Díez, *La tradición...*, pp. 180-181.

<sup>43</sup> G. Martínez Díez, *La tradición...*, pp. 180-181.

O párroco queda tamén contemplado nos acordos, posto que se insiste no celibato de clérigos de ordes maiores e se prohíbe que dentro dos dextros vivan mulleres que non sexan parentes próximas do clérigo. Aínda que non hai prohibición formal da investidura laica, nos concilios composteláns irrompe a novidade de propor a provisión dunha igrexa parroquial en termos dun beneficio eclesiástico, que só pode conferir o bispo, fórmula que abre as portas aos conceptos de *cura* e *sinectura*.

Lémbranse atribucións e deberes do párroco como responsable da saúde espiritual dos “*fili ecclesie*” ou fregueses da súa parroquia. Como instrución relixiosa mínima, o párroco débelle aprender aos seus fregueses o credo e o nosopai. A *cura animarum*, como plena xurisdición sobre os seus fregueses, inclúe a administración do bautismo, o que nos pon claramente ante a realidade dunha parroquia clásica en que desembocou o modelo altomedieval da parroquia antiga.

En efecto, estas medidas xeneralizan ou, se cadra, limítanse a recoñecer universalmente a parroquia clásica. Os bispos propugnan os fundamentos da configuración da malla parroquial que encadre todos os bautizados na súa diocese. Para iso poténciase decisivamente o marco territorial das antigas parroquias rurais, agora entendido como unha agrupación de parroquias clásicas, que axiña veremos denominado arciprestado.

O marco local do goberno territorial, na súa progresiva e continua evolución desde a Alta Idade Media, sae de novo recoñecido e reforzado. Os presbíteros que están á fronte de cada unha das súas freguesías elixirán entre eles o seu presidente. No modelo antigo non cabía este principio electivo, xa que esa función só podía ser exercida polo presbítero que estivese á fronte da igrexa cabeceira da protoparroquia rural. Esta figura do antigo párroco rural situado á fronte da única igrexa parroquial, desde a que orixinalmente se dirixira a cura pastoral no seo do conxunto da parroquia antiga, aparece aínda nestes concilios baixo a denominación de *abbas*, pero tamén coa nova de arcipreste, ao tempo que se impón a de arciprestado para a unidade territorial que agrupa as parroquias clásicas e, á súa vez, constitúe unha unidade fraccionaria do espazo diocesano.

A partir de agora colócase o *abbas*, o arcipreste do conxunto dos presbíteros da antiga parroquia rural deste espazo do noroeste peninsular, á cabeza dos presbíteros das que se pretende que sexan parroquias clásicas. Os concilios composteláns dan un paso máis na consecución dunha maior formación do clero ao regular os centros de formación dos futuros ordenandos. O *abbas* ou arcipreste terá a responsabilidade de formar os posibles candidatos ao sacerdocio nas parroquias do seu arciprestado. Por iso preocupa a preparación intelectual do elixido para a función, concretada nun mínimo de coñecementos teolóxicos, escriturarios e de dereito canónico. Mellor preparados ca os outros presbíteros rurais, os abades son, por iso, os responsables da escola rural, onde se forman os futuros clérigos. Antes de llos presentaren ao bispo para a súa ordenación, os candidatos terán que estar ben instruídos polo *abbas* na liturxia e a administración dos sacramentos. É unha extraordinaria novidade esta preocupación pola instrución do clero diocesano<sup>44</sup>. Froito destas medidas ha de ser o costume testemuñado na Historia Compostelana de que o *abbas* ou arcipreste sexa no arciprestado o responsable de pór por escrito os documentos<sup>45</sup>.

<sup>44</sup> Nas actas do Concilio Compostelán de 1075 confirma un grupo de nove abades “de diocese”, ed. F. López Alsina, La ciudad de Santiago..., nº 14, p. 410-2.

<sup>45</sup> Véxase HC I, 96, Historia Compostellana. Cura et studio Emma Falque Rey, (Corpus Christianorum, Continuatio Mediaevalis LXX), Trnholti, 1988, pp. 155-160.

Os obxectivos da reforma están claros. Trátase de eliminar os obstáculos que impidan acadar a salvación do pobo cristián. Para iso profúndase a distinción entre o sacro e o profano, entre clérigos e laicos. Un clero renovado e mellor instruído, situado á fronte das igrexas das células parroquiais, achegaralle ao pobo as institucións da salvación. Como os laicos non poderán ser titulares de propiedade eclesiástica, cómpre vixiar con atención e pór fin a que a administración de ordes sagradas, que marca a entrada no grupo eclesiástico, se realice tras pagamento ningún, como establece o I Concilio Compostelán: *“que ningún ministro eclesiástico, bispo, arcepreste ou diácono, actúe como simoníaco en punto a ordenacións, nin pretenda compralas ou vendelas”*<sup>46</sup>.

En Galicia estaba particularmente arraigada a presenza do rei e os señores laicos como titulares das igrexas e dereitos parroquiais. O desexado control preferentemente clerical e a afirmación da xurisdición do bispo sobre todo o territorio diocesano chocarán coa resistencia dos patróns laicos das igrexas rurais e dos mosteiros titulares de moitas destas igrexas.

Estes impulsos reformistas do século XI, que non podían deixar de afectar a organización parroquial, nacían do seo da Igrexa leonesa; pero desde que Afonso VI se afianzou como único rei, aos estímulos internos de reforma sumáronse os xerais da Igrexa impulsados pola actuación dos legados pontificios e pola crecente centralización romana que, en último termo, reforzaba a diocesana. No último terzo do século XI introdúcese en Galicia unha nova institución: o arcediagado rural<sup>47</sup>. A amplitude do espazo diocesano era demasiado para que o bispo puidese exercer eficazmente a súa xurisdición sobre todos os arceprestados e as igrexas parroquiais que agrupaban. Por iso un certo número de arceprestados, é dicir, unha fracción do espazo diocesano, ponse baixo a xurisdición directa desta nova figura do arcediago rural. A nova institución unipersonal, que actúa sobre ámbitos máis reducidos, reforza as posibilidades de implantar o novo modelo de organización parroquial e de vixiar o seu correcto funcionamento. A maior ou menor fortuna dos esforzos dos bispos en cada bispado e dos arcediagos nos seus arcediagos explicarán o destino das institucións parroquiais no seu conxunto. Os medios empregados para construír espazos diocesanos coherentes e xeneralizar en cada un deles a aplicación do modelo de parroquia proposto agora pola reforma gregoriana e os equilibrios acadados cos monarcas, os patróns laicos e os mosteiros explican os desiguais resultados acadados no despregamento da rede parroquial e no control xurisdiccional das parroquias e



Castelo de Soutomaior (Pontevedra), símbolo do poder laico

Alfonso X, o Sabio, na *carta puebla* de 1270 describe o alfoz de Pontedeume (A Coruña) como un agregado de parroquias rurais



<sup>46</sup> Celebrado probablemente o 14 de xaneiro de 1059, editado por J. Sáenz de Aguirre, *Collectio Conciliorum*, III, Madrid, 1694, p. 199-200.

<sup>47</sup> Para Asturias véxase M. Calleja Puerta, *La formación de la red parroquial de la diócesis de Oviedo*, Oviedo, 2000, pp. 72-73.

definen as condicións en que se ha de proceder á creación das novas parroquias a partir do século XI, nos séculos de plena expansión demográfica e territorial.

En conclusión, o sistema parroquial de Galicia estaba plenamente configurado no século XI nos seus elementos básicos, se ben non é posible coñecermos todas as súas dimensións, nin daquela nin ao longo do resto dos séculos medievais. Pero no caso galego é posible recoñecer as súas profundas raíces altomedievais, en consonancia coa continuidade de habitación do territorio desde a Antigüidade Tardía. A organización parroquial preséntase, pois, como unha característica definitoria da historia de Galicia na longa duración.

## Referencias bibliográficas

- **Andrade Cernadas, J.M.** (1997): *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*, Sada.
- **Aubrun, M.** (1986): *La paroisse en France. Des origines au XVe siècle*, Paris, 1986.
- **Calleja Puerta, M.** (2000): *La formación de la red parroquial de la diócesis de Oviedo en la Edad Media*, Oviedo.
- **Casado Tejero, L.** (1989): "La organización parroquial en el espacio de la actual diócesis de Santander (790-1220)", en *El Fuero de Santander y su época*. Actas do congreso conmemorativo do seu VIII centenario, Santander, pp. 63-73.
- **Carro Otero, J.** (1971): Los esqueletos bajo-romanos de San Vicente de O Grove, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVI, fasc. 79 (1971), 129-153.
- **David, P.** (1947): *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIIe siècle*, Lisboa
- **Faci Lacasta, J.** (1982): "Estructuras sociales de los reinos cristianos (s. VIII-XI). La iglesia propia en España", en R. García Villoslada (dir.), *Historia de la Iglesia en España. II-1. La Iglesia en la España de los siglos VIII al XIV*, Madrid.
- **García García, A.** (1996): "Parroquia, arciprestazgo y arcedianato: origen y desarrollo", en *Parroquia y arciprestazgo en los archivos de la Iglesia*, Memoria Ecclesiae VIII, Oviedo-Salamanca, pp. 19-40,
- **López Alsina, F.** (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela, pp. 156-167.
- **López Alsina, F.** (1999): "Parroquias y diócesis: el obispado de Santiago de Compostela, en J.A. García de Cortázar, (coord.), *Del Cantábrico al Duero. Trece estudios sobre organización social del espacio en los siglos VIII a XIII*, Santander, pp. 263-312;
- **López Alsina, F.** (2002): "El encuadramiento eclesiástico como espacio de poder: de la parroquia al obispado", en J. I. de la Iglesia Duarte (coord.): *Los espacios de poder en la España Medieval*, XII Semana de Estudios Medievales, Nájera 2001, Logroño, pp. 425-457.
- **López Alsina, F.** (2008): "La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: villa, parroquia, terra", en *La pervivencia del concepto. Nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media*, coord. J. Á. Sesma Muñoz e C. Laliena Corbera, Zaragoza, pp. 57-111
- **Mattoso, J.** (1990): "L'histoire des paroisses au Portugal", en *Pievi e Parrocchie in Europa dal medioevo all'Età Contemporanea*, ed. C. D. Fonseca e C. Violante, Galatina, pp. 187-201;
- **Martínez Díez, G.** (1959): *El patrimonio eclesiástico en la España visigoda. Estudio histórico-jurídico*, Comillas.
- **Martínez Díez, G.** (1992): "La tradición manuscrita del Fuero de León y del Concilio de Coyanza", en *El Reino de León en la Alta Edad Media. II: Ordenamiento jurídico del Reino*, (Fuentes y Estudios de Historia Leonesa 49), León.
- **Pérez Losada, F.** (2002): Entre a Cidade e a Aldea: estudos arqueohistórico dos "aglomerados secundarios" romanos en Galicia, *Brigantium*, 13, pp. 15-348.

# 03 A rede parroquial desde finais do século XV a mediados do XIX\*

**Pegerto Saavedra Fernández**

Catedrático de Historia Moderna

Universidade de Santiago de Compostela

## 1. A permanencia dos cadros parroquiais nun mundo moi cambiante

Se algo chama a atención ao analizar a rede parroquial de Galicia desde finais do xv a comezos do xix é a súa notable estabilidade, polo menos formal, malia os grandes cambios que durante eses tres séculos e medio tiveron lugar no ámbito da demografía, do sistema agropecuario e mesmo do hábitat. En efecto, segundo os padróns feitos para repartir a contribución da Santa Hermandad, Galicia tiña na década de 1490 uns 50.000 veciños, ou sexa, non máis de 250.000 habitantes; en 1800 roldaba os 340.000 lumes e as 1.500.000 almas; poida que a primeira cifra sexa inferior á real, pero non cabe dúbida de que entre ambas as datas a poboación se multiplicou polo menos por cinco, sen que o número de parroquias variase substancialmente: xa que logo en 1490/1550 cada unha tería de media 13-15 veciños, cifra que en 1800 ascendía a uns 90.

O que si mudou de modo profundo foi o hábitat, algo que se entende ben, á vista da traxectoria da poboación. Os datos referidos ao número de veciños de cada aldea ou lugar non son moi abundantes para a época moderna, porque en xeral as fontes documentais utilizan como marco de referencia a parroquia, a xurisdición (ou couto), ou as circunscricións de carácter fiscal (“partidos”). Con respecto aos compartos fiscais e mesmo ás veciñanzas, poderían citarse moitos exemplos do emprego das demarcacións dos “partidos” para pescudar o número de veciños á hora de repartir alcabalas, servizos e outras cargas correspondentes á facenda real. Así acontece no século xvi, coas chamadas veciñanzas de 1528 e 1591, o primeiro para readaptar o servizo ordinario e extraordinario e o segundo para distribuír entre as sete provincias os servizos de millóns correspondentes a 1595-96, e cos numerosísimos compartos polo miúdo (a nivel de cada cotizante) de alcabalas, servizos e derramas extraordinarias conservadas no Archivo General de Simancas, nos arquivos municipais e nos fondos de protocolos. Ben entendido que os “partidos” ou circunscricións fiscais que se utilizaban para repartir a nivel local os impostos e servizos da facenda real non eran os mesmos para as alcabalas

\* Trabajo realizado no marco do Proxecto de Investigación HUM2005-0665/HIST, financiado pola Dirección General de Investigación, do Ministerio de Educación y Ciencia.

que para os servizos votados en cortes ou nas xuntas do Reino; e de feito, ata finais do XVII, as alcabalas distribuíanse dentro de Galicia por bispados (os que se engadía o partido de Viveiro), mentres os servizos e donativos se repartían por provincias, unha demarcación que se empregará para unhas e outras cargas no século XVIII (por iso alcabalas, servizos e rendas agregadas recibirán entón a designación de “rendas provinciais”) (Saavedra, 1993). Algúns investigadores de fóra de Galicia que empregaron as fontes mencionadas, en particular as veciñanzas de 1528 e 1591, identificaron “partido” con “lugar” ou aldea –o que resulta un despropósito–, ou limitáronse a constatar o “caso particular” de Galicia, territorio no que non parece doado cartografar os pequenos núcleos de hábitat. Así, no volume que contén os datos da veciñanza de 1591, editado por E. García España e A. Molinié-Bertrand, figuran en Galicia 932 “partidos”, que desde logo non poden ser lugares ou aldeas, pois serían moitos menos que parroquias (García España-Molinié-Bertrand, 1986; Molinié-Bertrand, 1980, 1985).

O catastro de Ensenada, cuxas primeiras operacións corresponden a 1749-53, realizouse basicamente por parroquias, polo menos os libros “persoais” (ou de familias) e os reais, mentres os interrogatorios (“respuestas generales”) se fixeron en ocasións por xurisdicións; o censo de Floridablanca utiliza o marco xurisdiccional e específica logo as parroquias comprendidas dentro de cada xurisdición. De calquera xeito, a terminoloxía da época resulta xa un pouco confusa, debido a que a distribución espacial da poboación galega (e en xeral da cornixa cantábrica) se parecía pouco á que rexía en Castela. Os comisarios que se encargaron de dirixir as operacións do Catastro cansáronse de explicar á Real Junta de la Única Contribución, que supervisaba desde Madrid as operacións, que en Galicia as cousas non eran igual que no centro e sur da península, polo que non resultaba doado seguir unhas instrucións uniformes para toda a coroa de Castela. Dada a distribución da poboación en pequenas entidades espalladas, a parroquia aparecía como verdadeiro ámbito aglutinador e os párrocos como os intermediarios privilexiados entre a comunidade e as autoridades político-fiscais externas a ela. Así, cando os comisarios Juan Felipe Castañón e Francisco Javier Serón principiaron as pescudas pola xurisdición de Pontedeume atopáronse con que nas 25 parroquias sufragáneas non había autoridades constituídas ás que convocar e dar a coñecer as instrucións. Deste xeito, á vista do espallamento do hábitat, da inexistencia de autoridades municipais, do dominio da oralidade nas comunicacións e do descoñecemento do castelán por parte das xentes, o recurso do que botaron man os comisarios foi chamar os curas e os pedáneos, resultando fundamental a colaboración dos primeiros, porque “los más [pedáneos] no saben leer ni alcanzan los términos del castellano”.

Estadillo con datos das provincias gallegas de Lugo, Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui firmado polo Intendente de Galicia

The image shows a historical document titled "ESTADILLO" (Census) from the 18th century. It features a decorative border and a coat of arms at the top. The main content is a table with multiple columns and rows, containing data for various provinces in Galicia: Lugo, Coruña, Betanzos, Mondoñedo, and Tui. The table is signed by the Intendente de Galicia. The document is part of the MCIU Archivos Estatales collection.

Cando se atopaba facendo as operacións de parroquias das Rías Baixas, moi poboadas e coa paisaxe xa daquela parcelada de xeito extraordinario, García Serón solicitou da Real Junta da Única Contribución que á hora de describir as parcelas de cada declarante se lle permitise prescindir do dato tocante á distancia existente entre as leiras e as aldeas,

*“por los millones de millones en que está divisa la tierra, de partes minutísimas esparcidas y en innumerables poseedores”, e porque a disposición laberíntica do hábitat non permitía fixar un punto de referencia para calcular distancias: “que respecto esta tierra es diversa de las Castillas u otros reinos, en que los lugares estaban formados en unida población (...), acá [en Galicia] son cortos y bien conocidos los términos de cada feligresía, cuyas casas componen una dispersa población, aunque estén distantes unas de otras, y son como cortijos o alquerías, que aquí llaman lugares [e] son las mismas que dan nombre y vecindario a la propia feligresía y forman su esparramada consistencia, sin haber población y parte principal a que poder adscribir la distancia, porque cualquier casa y sus contiguas tierras son parte de aquel todo que se denomina feligresía” (Saavedra, 2007).*

A situación a este respecto non era a mesma en toda Galicia –pois como resulta ben coñecido, conforme se vai do litoral cara ao interior as aldeas, grandes ou pequenas, estaban máis individualizadas–, pero nos resumos que os propios autores do catastro de Ensenada fixeran dos datos demográficos parciais, identifícase “lugar” e “feligresía” ou parroquia, debido a que esta fora o marco básico sobre o que realizaran as pescudas. En concreto, na “relación de las poblaciones, edificios, yndividuos de que se componen las siete provincias de él”, que figura no chamado *Censo de Ensenada*, establécese a seguinte xerarquía das entidades catastradas: “ciudades”, “villas”, “lugares o feligresías”, “términos redondos o granjas”, “cortijos o casas de campo”, “edificios particulares” (e do rei) e “casas”, termo este que se debe entender en sentido de edificio material e non de familia (pois hai 343.884 casas, bastantes máis que familias, que non pasaban de 300.000). En total había no Reino sete cidades, 81 vilas, 3.202 “lugares o feligresías”, 667 “términos redondos o granjas” (coutos que en moitos casos tamén eran parroquias) e 67 “cortijos o casas de campo”. Detrás desas denominacións está non só a intención de clasificar as poboacións desde unha perspectiva da súa disposición xeográfica, senón tamén a de xerarquizar politicamente o espazo, algo así mesmo evidente no nomenclátor de Floridablanca, que fala de cidades, vilas, lugares, coutos e freguesías.

O feito de que os diversos documentos elaborados pola administración monárquica para un mellor control do territorio na etapa final do Antigo Réxime se realizasen, basicamente, por parroquias (catastro de Ensenada, censo de Floridablanca), e non seguindo a división dos “partidos” fiscais que rexían para a repartición de alcabalas e servizos pon de manifesto a afirmación, tamén no plano administrativo, da freguesía. Para o poder real a división parroquial vaise facendo a máis operativa e, ao tempo, os párrocos convértense en mediadores e interlocutores privilexiados en todo o tocante á transmisión de información e a outros cometidos. É doado comprobar asemade que nos documentos notariais a freguesía figura como o marco mellor definido de pertenza das persoas que outorgan escrituras. Algo parecido acontece en Portugal, onde a mediados do XVIII os curas redactaron unhas interesantes Memorias Parroquiais a petición do poder real; nelas pode comprobarse como a freguesía resultaba un ámbito social e administrativo fundamental, que entre Douro e Minho deixaba nun lugar secundario ao municipio (J. V. Capela, 2003 e 2005).

Sinalaba antes que a rede parroquial cambiou pouco na época moderna, pero si o fixo o hábitat, en especial nas comarcas nas que a poboación aumentou en ocasións espectacularmente desde mediados do XVI (ou desde antes), ata finais do Antigo Réxime. Camilo Fernández Cortizo puxo de manifesto como na década de



1580 máis dunha cuarta parte das entidades poboación da xurisdición da Lanzada tiñan un ou dous veciños tan só, e outras tantas tres ou catro, unha situación que a mediados do XVIII case non se daba. Se na primeira data a media de veciños por aldea era de 7,4 na segunda subira a 24,10. Na Terra de Montes tamén se produciron cambios na mesma dirección, aínda que non tan radicais, mentres no interior as mudanzas foron menores, porque o número de efectivos demográficos non aumentou tanto como nas comarcas litorais, naquelas nas que xeneralizou o cultivo do millo.

### Evolución do hábitat en diversas comarcas de Galicia

Os asentamentos rurais na Lanzada, Montes e Arzúa							
	Aldeas			Veciños/km <sup>2</sup>		Veciños/aldea	
	1582	1752	% de aumento	1582	1752	1582	1752
A Lanzada	73	76	4,1	7,44	24,10	6,5	20,29
Montes	113	126	11,5	3,39	10,60	6,1	16,12
Arzúa	82	95	15,8	5,21	6,40	4,0	4,90

Tamaño	A Lanzada		Terra de Montes	
	1582	1752	1582	1752
Veciños/aldea	% aldeas	% aldeas	% aldeas	% aldeas
1-2	26,0	1,3	19,4	14,2
3-4	24,7	1,3	25,6	4,0
5-9	31,5	23,7	36,3	21,4
10-14	10,9	22,4	13,3	20,6
15-19	1,4	10,5	4,4	9,5
20-24	4,1	11,9	0,9	9,5
25-29	--	11,9	--	4,8
30-39	1,4	7,9	--	8,8
40-49	--	2,6	--	2,4
50-59	--	1,3	--	3,2
60-69	--	1,3	--	1,6
70-79	--	2,6	--	--
80 e +	--	1,3	--	--

Id. en dous concellos limítrofes da Galicia interior: Samos e Sarria								
Veciños/aldea	Samos				Sarria			
	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación	% aldeas en 1590	% poboación	% aldeas en 1857	% poboación
1	9,9	1,3	11,9	1,3	23,7	5,7	25,6	4,1
2	12,3	3,4	9,2	1,9	20,7	9,9	14,-	4,5
3-4	14,8	7,4	14,7	5,3	21,5	17,2	16,9	9,3
5-6	17,3	12,6	10,1	5,6	11,9	15,5	9,7	8,6
7-9	16,-	16,9	14,7	12,6	13,3	24,5	10,4	12,8
10-14	16,-	26,7	12,8	16,2	5,2	13,5	12,3	22,5
15-19	11,1	24,8	17,4	31,5	3,7	13,7	5,1	13,6
20-29	2,5	6,9	6,4	16,5	--	--	4,5	16,1
30-39	--	--	2,8	9,1	--	--	0,9	4,2
40 e + (Samos)	--	--	--	--				
40-49 (Sarria)					--	--	0,6	4,3
50 e +					--	--	--	--

Media de veciños por aldea	1590	1857
Samos	7,4	9,4
Sarria	4,3	6,3

Id. en Cervantes						
	1561		1709		1857	
Veciños/aldea	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños	% aldeas	% veciños
1	3,2	0,5	3,9	0,6	3,-	0,4
2	6,4	2,-	3,9	1,1	6,-	1,4
3-4	24,2	13,4	27,5	14,2	14,3	5,9
5-6	19,4	17,5	24,5	19,7	26,3	16,8
7-9	27,4	35,2	16,7	18,7	19,5	18,7
10-14	19,4	31,4	17,6	29,-	15,-	18,7
15-19			3,9	9,3	10,5	21,4
20-29			1,-	2,8	3,8	10,4
30-39			1,-	4,6	1,5	6,3
40-49						
50 e máis						
TOTAL	100	100	100	100	99,9	100
MEDIA		6,27		6,97		8,5


\* Corresponden a oito "ferrerías" e a unha reitoral. Fonte: Fernández Cortizo (1994) e Saavedra (1997).

Se existisen datos para 1480/1500, cando Galicia tiña bastantes menos veciños que un século despois, atoparíamos con aldeas aínda máis pequenas, rodeadas de masas boscosas, de xeito que as familias vivían illadas no medio do comunal. Conforme se recuperou a demografía, se ampliou o espazo cultivado e se deforestaron moitos bosques, a paisaxe humanizouse profundamente. No aspecto da paisaxe, a Galicia de 1800 tiña pouco que ver coa de 1500, parece que non tanto porque aumentase o número de aldeas (desde mediados do XVI son escasos os asentamentos que aparecen de novo, agás os casaríos illados), senón porque as que nos comezos da idade Moderna tiñan dous ou tres veciños a finais do XVIII multiplicaban varias veces esa cifra; as terras cultivadas dilatáranse e os intercambios de todo tipo –materiais e inmateriais– intensifícanse, pois non era o mesmo vivir nunha aldea de dous veciños que nunha de dez ou quince. Por dicilo dun xeito simplificado: as xentes de 1800 estaban acostumadas a tratar máis entre elas que as de 1500, con independencia de que o número de palabras que usasen fose igual ou maior.

Malia que no decorrer da Idade Moderna as aldeas viron medrar o seu número de lumes, ata se volveren en ocasións irrecoñecibles cando transcorreran tres ou catro xeracións, xa quedou indicado que a rede parroquial se modificou pouco. Se se comparan os datos do chamado "censo dos bispos" de 1587 cos de dous séculos despois os cambios non son importantes no tocante ao número de freguesías. Esta rixidez significa que circunscricións que en 1500 tiñan oito ou dez veciños cara a 1800 podían alcanzar os cincuenta ou oitenta. O crecemento demográfico, moi desigual segundo as comarcas e dioceses, motivou que na etapa final do Antigo Réxime houbera grandes diferenzas na media de persoas que correspondían a cada parroquia:

Extensión e habitantes por parroquia, segundo as dioceses, en 1752-68			
Diocese	Núm. parroquias	Km <sup>2</sup> /parroquia	Habs./parroquia
Santiago	1.038	8,25	397
Ourense	679	7,80	340
Lugo	1.131	6,40	194
Tui	248	7,- 0	669
Mondoñedo	370	12,- 0	422
Galicia	3.466	7,79	353

Fonte: Elaboración a partir da *Historia de las diócesis españolas*, vol. 14, *Santiago de Compostela-Tuy-Vigo*, e vol. 15, *Lugo-Mondoñedo-Ferrol-Ourense*, Madrid, BAC, 2002 (contribucións de Barreiro Mallón e Rey Castelao), e Real Academia da Historia, Madrid, Censo de Aranda. Non se inclúen as parroquias que daquela pertencían a Oviedo, e, aínda hoxe, a Astorga.



Mapa da zona oriental da provincia de Lugo no que se visualiza o diferente tamaño das parroquias. Elaborado polo SITGA

As diferenzas no que respecta ao número de almas por parroquia son moi acusadas, pois a media das de Tui multiplican por 3,5 á das de Lugo. En cambio, a extensión media de cada freguesía non varía moito dunhas dioceses a outras, salvando o caso da de Mondoñedo, que haberá que explicar polas propias particularidades históricas que atravesou esta sé ata comezos do século XII (Cunqueiro dicía que Mondoñedo era unha “diocese mutante”). Poderíanse facer, dentro de cada diocese, máis matizacións, pois na de Lugo, por exemplo, as parroquias máis pequenas sitúanse no centro (na Mestrescolía teñen 3,84 km<sup>2</sup> de media; en Sarria, 3,7, e en Monterroso, 4,33; namentres na zona oriental e montañosa acadan extensións máis dilatadas: 10,2 km<sup>2</sup> en Cervantes; 12,67 en Val de Pedroso e 18,2 no Courel) (Rey Castelao, 2002). Tamén se podería comentar o feito de que en certas comarcas a aldea sede da igrexa parroquial concentra un importante número de veciños –sur de Lugo–, e noutras non se diferencia do resto dos pequenos asentamentos (mariña cantábrica). De calquera xeito, as parroquias galegas eran –e son– en termos de superficie moi pequenas, debido en parte a que o espallamento da poboación facía difícil servir ou atender os fieis de núcleos distantes. A brevidade das freguesías, en termos de superficie, está, xa que logo, en relación coa súa propia “densidade”: a rede parroquial é a única que cobre todo o territorio, e a que serve para artellar un hábitat moi pulverizado (unhas 7,5 aldeas por parroquia en 1800). A este respecto hai que indicar que Galicia tiña case tantas parroquias como Portugal, cando a súa superficie queda nun terzo; ben é certo que no reino portugués o territorio miúdo se caracterizaba tamén pola elevada densidade de freguesías, mentres no Algarve e no Alentejo estas acadaban dimensións moi superiores (A. Santos, 1995).

As visitas pastorais, que se conservan de xeito desigual para as diferentes dioceses, permiten comprobar tanto a estabilidade da rede parroquial como o incremento do número de fregueses desde finais do XV a finais do XVIII. Na diocese de Ourense, por exemplo, resulta posible comparar as cifras de fregueses-veciños da década de 1480 coas doutras visitas que se fixeron ao rematar o Concilio de Trento (visitas de 1568-69) e cos datos referidos á enquisa que se realizou para a repartición de mouriscos (1571), ou con visitas de mediados do XVII. En todo caso, o que queda claro é que as parroquias tiñan a finais do XV un número moi baixo

Pobra do Burón, A Fonsagrada (Lugo). Zona montañosa na que as parroquias son de maior superficie



de fregueses, pois son ben raras as que acadan os 40, e moi abundantes as que non alcanzan os 20. Esta era a situación en 1480 e 1571 en diversas demarcacións da diocese:

Evolución do número de fregueses na diocese de Ourense de finais do xv a 1571			
Arciprestado	$\bar{X}$ fregueses por parroquia c. 1480	(Parroquias+anexos)	Id. en 1571
Baronceli	20,2	(16+3)	44,4
Buval	16,-	(31+1)	29,6
Caldelas	11,7	(29+2)	33,7
Castela	11	(49+4)	22
Celanova	14,5	(28)	42,6
Deanazgo	14,8	(31+2)	30,6
Forcelon	16,7	(22+1)	25,6
Vicariato	17	(45+9)	38,4
Media	16,6	(223+22)	36,4
Total Fregueses	3.692		8.116

Fonte: Elaboración a partir de C. Cid (1913-18 e 1928-22) e M<sup>a</sup> C. González Muñoz (1982).

Tanto nunha data como noutra a situación non era a mesma en todos os arciprestados, pero o que resulta patente é que a finais do xv poucos lumes estaban acesos nas diversas freguesías, pois a media rara vez chega a 20 e nun terzo das circunscricións, sumando principais e anexos, nin sequera alcanza a ducia de familias.

Outros estudos feitos polo miúdo sobre comarcas concretas da mesma diocese confirman o que queda sinalado. Así, as parroquias de Monterrei tiñan en 1479 unha media de 14,5 veciños; en 1568 acadaban os 48 e en 1753 chegaban a 79. Algunhas notaron entre a primeira data e mediados do xviii incrementos espectaculares: Alvarelos, por exemplo, pasou de 14 a 87 lumes; Berrande, de 25 a 125; Castrelo de Val, de 23 a 116; Castro de Laza, de 30 a 200; Cerdedelo, de 18 a 231; Mandí, de 8 a 76 e Retorta, de 16 a 49 (González Avellás, 1999). Para a comarca de Celanova, á parte dos datos que quedaron mencionados arriba, contamos cos que achega Delfina Rodríguez Fernández nunha rigorosa monografía (1999), na que se pode observar que parroquias tiñan 11,5 veciños de media en 1487, 30 nas visitas de 1566-69 e 101 en 1753.

Quintela de Leirado na comarca de Celanova



É probable que a fonte da década de 1480 sexa menos fiable que as posteriores, e que o concepto de “fregués” poida non corresponder sempre ao de “veciño” (e si máis ben co de familia que paga décimos e outras contribucións ao reitor parroquial, segundo sinalou M<sup>a</sup> Luz Ríos, 2002), pero a coincidencia xeral dos datos de visitas de varios territorios e de padróns da Hermandad parece acreditar que moitas parroquias estaban case despoboadas na altura de 1480. En 21 freguesías da Mariña cantábrica, incluídas polo tanto na diocese de Mondoñedo, residían en 1510 uns 430 veciños (20,5 de media en cada unha), que en 1752 se converteran en 1.975, isto é, 4,5 veces máis (agora 94 familias por parroquia; Saavedra, 1985). En canto á diocese de Tui, a que tiña con diferenza as parroquias máis poboadas a finais do Antigo Réxime, o crecemento, por veces extraordinario, produciuse desde a primeira metade do xvi, e sobre

todo desde mediados desta centuria ata 1750, segundo acredita un recente traballo de José Manuel Pérez García (2006), que pon de manifesto que o número de veciños se multiplicou por 3,75 entre 1551 e 1754, pero pódense atopar parroquias nas que o incremento é moi superior, sobre todo se a comparación se establece entre visitas pastorais da década de 1520 (cando o baleiro demográfico era máis acusado) e mediados do XVIII (Bouzon Gallego, 1998; Gómez Sobrino, 1990).

En resumo, queda claro que o número de veciños de cada parroquia aumentou moito no percorrer da Idade Moderna. Se a comparanza se fai entre 1480/1500 e 1752 habería que falar dunha multiplicación por cinco ou seis; se establece desde 1580/90 (despois dunha fase de ascenso demográfico), trataríase case que dunha triplicación. De calquera xeito, e á marxe das grandes diferenzas comarcais, parece evidente que os cambios demográficos foron moito máis importantes que os que se poden atopar na rede parroquial. As dioceses galegas tiñan na década de 1580 -no chamado “censo do bispos”- unhas 3.307 parroquias, cifra que a mediados do XVIII non aumentara nin o 5 por cento (3.466 parroquias). Polos datos das visitas pastorais de finais do XV e de principios do XVI, a estabilidade parece que se pode predicar de toda a Idade Moderna -agás na diocese de Tui, como logo se verá-, á marxe de que en determinados momentos algunhas parroquias ora andasen rexidas por un mesmo crego ora separadas, sempre que pertencesen a un mesmo patrón; tamén houbo algúns cambios na localización da igrexa parroquial (por traslado de lugar, ou porque unha capela puido pasar a cumprir esa función, por ruína do templo principal).

Bispado de Tui dividido en arciprestados de Rosendo Amoedo (1767)



## 2. O sistema benefical e os intentos de reforma

A causa principal da estabilidade parroquial hai que buscaba no chamado sistema benefical e nos dereitos de padroado que estaban detrás. Nun longo percorrido iniciado nos concilios dos séculos v e vi, o beneficio quedou definido como un oficio ao servizo da igrexa que daba dereito a percibir unhas rendas polo feito de exercelo (Barreiro Fernández, 1969). Nun traballo recente, claro e sintético, Maximiliano Barrio indica que

*“el derecho canónico define el beneficio como un oficio eclesiástico al que están unidos de forma indisoluble cierto número de bienes y que reúne dos características fundamentales: haber sido fundado con la intervención de la jerarquía eclesiástica y con una presumible perennidad (...). En esta definición, por tanto, se incluye lo mismo un obispado que una parroquia, una canonjía que una capellanía”.*

Na práctica, o concepto de beneficio ampliábase

*“hasta encuadrar jurídicamente otras áreas de organización en origen extrañas a la normativa canónica, como los simples legados y las capellanías que en muchos casos fueron asimiladas prácticamente a las capellanías y admitidas como títulos para acceder a las órdenes sagradas” (Barrio Gozalo, 2001).*

O beneficio era oficio, pero sobre todo renda, e a selección dos que a percibían correspondía ao patrón. Por dicilo doutra maneira, o dereito de presentación da persoa que ía percibir os ingresos correspondentes a un beneficio eclesiástico formaba parte a miúdo do patrimonio de casas nobres e de institucións eclesiásticas, aínda que tamén podía estar en mans de grupos de veciños e de municipios:

*“El derecho de patronato se define como el derecho de nombrar al titular de un beneficio vacante y de presentarlo a la autoridad eclesiástica a fin de obtener su investidura formal o canónica institución. Pero los patronos, además de elegir al beneficiado, disfrutan de otros derechos: uno de tipo honorífico, como era el tener sitio reservado en la iglesia de su patronato; otro más oneroso, que se traducía en la conservación y manutención decorosa de la fábrica y de los bienes patrimoniales del beneficio; y un tercero más útil, como era la exacción anual sobre las rentas del beneficio”.*

Como parte dun patrimonio, o dereito de padroado herdábase, aforábase, cedíase e incluso, na práctica, podía ser obxecto de venda:

*“en suma, herencia, donaciones, permutas y ventas ficticias fragmentan muchos patronatos en porciones o votos, dando lugar a complejas coparticipaciones de familias o entes. Se crea así una compleja e intrincada situación de derecho de patronato, que suscita muchos problemas al investigador porque no siempre se pueden reconstruir documentalmente los cambios y trasposos del derecho de patronato”.*

No caso de Galicia, as parroquias –quitadas as poucas vigairías amovibles de ordes militares e de mosteiros–, constituían *beneficios curados*:

*“El beneficio curado era un oficio eclesiástico, provisto de una dotación, cuyo oficio implicaba la cura de las almas y otorgaba a su titular potestad de orden -administrar los sacramentos-, de jurisdicción y de gobierno sobre los fieles de su parroquia”, señala Barrio Gozalo.*

E se os dereitos de padroado de tales beneficios estaban, en moitas ocasións, en mans de familias nobres, de comunidades monásticas, etc., non resultaba doado facer modificacións na rede parroquial, creando novas circunscricións a conta das xa existentes, pois isto afectaba ás rendas dos beneficios e, en definitiva, aos patrimonios dos titulares dos dereitos de presentación. Segundo indica o profesor Xosé Ramón Barreiro nesta mesma obra, ata que a desamortización e a abolición dos décimos deixou sen rendas aos beneficios eclesiásticos –debendo daquela os párrocos vivir á conta da asignación orzamentaria do Estado–, non se

acometeron, con carácter xeral, nas diferentes dioceses arranxos parroquiais, erixindo algunhas de novo, suprimindo outras ou modificando os límites de varias. E aínda así, os cambios non foron importantes.

Despois do concordato de 1753, negociado polo galego Ventura Figueroa e que poñía nas mans do monarca os dereitos de presentación dalgúns parroquias nas que o papa o exercía antes se quedaban vacantes en determinados meses, o Consello da Cámara de Castela tentou levar adiante unha “reforma benefical”, suprimindo os beneficios –curados e sen cura– con pouca renda (uníndoos a outros), e creando parroquias novas cando fose necesario e posible. En 1758 e 1769 déronse ordes aos bispos de que elaborasen un censo dos beneficios existentes nas súas respectivas dioceses, para que a continuación dotasen convenientemente aos párrocos e para que rendas de beneficios sen cura de almas (partes de décimos, etc.) se destinasen a financiar os novos seminarios diocesanos ou os antigos reformados (en Galicia só existían os de Mondoñedo e Lugo, que funcionaban como escolas de Gramática). Pero a reforma –aquí radicaba o seu límite– non podía prexudicar os dereitos de padroado:

*“Por ello se debe citar a los patronos para que puedan aumentar la dotación de los beneficios incongruos de su patronato y, si no lo hacen, se presume que consienten en su anexión y reducción” (Barrio Gozalo, 2001).*

De resultas do proxecto de reforma, os bispos trataron que os curatos que estaban atendidos por vicarios “amóviles” –en calquera momento podía cesalos o patrón– se transformasen en curatos perpetuos, con dotación decimal. Varios mosteiros, que nomeaban vicarios en parroquias do seu padroado, tiveron que acceder a ese cambio, e perderon parte dos décimos que viñan cobrando; estes pasaron a ser percibidos polos curas, que antes só recibían unha asignación fixa, co nome de congrua (Fernández González, 1995a). En cambio erixir parroquias novas, ou modificar os límites –e o número de veciños– das existentes era máis complicado, porque, segundo quedou sinalado, os dereitos de padroado exercíanse sobre territorios concretos e delimitados, sobre as parroquias fixadas de antigo. Parece que só na diocese de Tui, pola determinación dos bispos don Domingo Fernández Angulo (1775-1796) e don Juan García Benito (1797-1825), houbo algúns cambios, xa que a densidade demográfica e o elevado número de fregueses de varias parroquias (e o mesmo valor dos décimos) facían moi necesario converter anexos en matrices, ou “capelas con territorio” en anexos. Chega con lembrar que a mediados do XVIII as parroquias de Tui tiñan de media uns douscentos veciños, unha cifra que multiplicaba por cinco a correspondente ás da diocese de Lugo.

Na utilísima obra *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado*, de Francisco Avila y La Cueva (rematada en 1852), pode atoparse abundante información ao respecto do sinalado. Este autor, moi ben documentado, sinala que a diocese se divide en arciprestados, e estes en parroquias “matrices”, anexos e “capelas con territorio”. Destas di que

*“son ciertos lugares que, por hallarse a larga distancia de la matriz (...) o de los anejos, no pueden sus moradores sin gran trabajo concurrir a la iglesia de la matriz, especialmente en tiempo de invierno, y por este causal tienen allí una capilla con capellán tan sólo para decirles en ella misa los días festivos, y explicarles el evangelio en los*

Mosteiro de Oseira en San Cristovo de Cea (Ourense)



*domingos, pues para lo demás se valen de la parroquia. Formando esta suerte un principio de anejo: cuyos capellanes en algunas partes son pagos por el abad de la matriz, y en las demás por los vecinos de los tales lugares”.*

Como exemplo de capela con territorio pódese mencionar o lugar de Saa, na parroquia de San Xoán de Fornelos (Fornelos da Ribeira), que ten unha dedicada ao apóstolo San Tomé, “cuya fiesta le celebran a 21 de Diciembre, donde hay un capellán pago por los vecinos de él [do lugar], que les dice misa todos los días festivos y les explica el evangelio de las dominicas” (pero cita moitos outros casos de aldeas servidas por un capelán). A denominación dos presbíteros que estaban á fronte de matrices, anexos e capelas con territorio tamén variaba:

*“Los párrocos que administran las matrices y llevan todos o parte de los diezmos les titulan en este obispado «abades», que es lo mismo que padres, cuyo dictado lo tienen por muy honroso, y no les gusta les llamen curas; y los que sirven los anejos u otras iglesias que, aunque son matrices, no perciben diezmos sino una dotación que les está asignada, como también los capellanes que tienen los abades, se dicen «curas». Y esta costumbre y práctica de llamar abades a los párrocos principales viene de tiempos bastante remotos” (Vol. II).*

Do prelado don Domingo Fernández Angulo pondera Avila y La Cueva o coidado que tiña dos pobres e dos enfermos e a súa preocupación polas escolas de primeiras letras (que viñan ser, en certo modo, “igrexas para nenos”), o seu empeño por amañar materialmente, con obras, mobiliario e roupas, os templos, e tamén o feito de crear novas parroquias para mellorar a atención relixiosa aos fieis:

*“Empleó grandes sumas en las fábricas de las iglesias, muchas hizo de nuevo y otras reparó; y a todas las de la Dignidad [episcopal] equipó de alhajas y ornamentos, para cuyos templos hizo sólo en una ocasión mil y quinientas casullas de todos colores. Promovió la erección de nuevas iglesias parroquiales, y desmembró muchas con el solo fin de que los fieles fuesen más bien administrados de los Santos Sacramentos por párrocos que viviesen inmediatos a ellas, y no a largas distancias como antes sucedía en las tales parroquias” (Vol. IV).*

Do bispo don Juan García Benito afirma o mesmo autor que tivo un goberno exemplar, no só por atender os necesitados e por axeitar os templos, senón polo seu labor pastoral:

*“No olvidaba su Ilma. por estas obras de caridad en que se ocupaba el mirar por el bien espiritual de sus ovejas, instruyéndolas en la divina palabra por medio de misioneros apostólicos que con gran frecuencia traía al obispado; visitábalas muy a menudo por toda la diócesis, ministrábales el Santo Sacramento de la confirmación y en una palabra no omitía hacer en utilidad de ellas todo cuanto estaba a su alcance, aunque fuese con fatiga y trabajo de su persona (...). Durante su Pontificado se desmembran diferentes parroquias y se reedificaron varias iglesias del obispado...”.*

Da renovación dos edificios relixiosos pode atoparse información na monografía recente de Ana M<sup>a</sup> Pereira Molaes (2006); da anexión de parroquias pequenas con poucas rendas e da erección de outras novas hai noticias precisas na propia obra de Avila y La Cueva. A modo de exemplo de anexións poden citarse os casos de San Vicente de Canedas, que “era anejo muy antiguo de San Miguel de Canedas”, e cando esta parroquia se mudou a Pontearreas, “desde entonces se suprimió *in totum* e incorporó a ella”, e o de Pedrafurada, anexa a Santa María de Oleiros

*“desde remotas edades, hasta que últimamente el Sr. Obispo don Juan García Benito en los últimos años de su pontificado le suprimió enteramente y agregó sus feligreses en todo y por todo a la matriz, cesando desde entonces dicha parroquia, la que tenía por patrona tutelar a Santa Columba, virgen y mártir francesa (...). Su población consta de 30 vecinos” (Vol. II).*

A creación de novos anexos ou a transformación destes en parroquias matrices son procesos relativamente frecuentes durante os pontificados dos bispos





*ante el ordinario eclesiástico de Tuy, y estándola siguiendo, se convino el abad de Fofe con aquellos habitantes en quedarse Godones de anejo para que en él se administrasen sacramentos y se enterrase como en la propia matriz...” (Vol. IV).*

Da parroquia de Santa Mariña de Insoa esgalláronse a finais do XVIII dous anexos. Santa María de Silvoso e Santa Columba de Rebordelo, namentres que da de Santiago de Antas saíu a de San Bartomeu de Seixido, que arredor de 1840 tiña nada menos que 172 veciños:

*“Esta parroquia, que consta de los lugares de Barreiros de Fentosa, Cabalar, Tras da Veiga, Cobas, Cendón, Gaiola, Pumar, Casavella, Canceleira y Carreiro, componían antes una porción de la de Santiago de Antas, y hallándose el Sr. Obispo don Domingo Fernández Angulo de visita en esta última el año 1778, viendo la larga distancia que había desde Seixido a la iglesia matriz, y por esta razón la extrema necesidad de pasto espiritual que se advertía en aquellos lugares, mandó recibir y recibió información de todo ello; y en su visita mandó que se edificase allí una iglesia, que desde luego sirviese de ayuda de parroquia”,*

cun cura nomeado polo abade de Antas;

*“Y en efecto, se colocó procesionalmente la Santísima Eucaristía allí el 8 de diciembre del propio año 79; y en el siguiente de 1780 se empezó a bautizar, casar y enterrar en la propia iglesia. Desmembróse enteramente de la matriz y se erigió en parroquia de todo independiente de aquélla hacia el año 1786...”.*

Non era para menos, pois a nova freguesía tiña, contra 1840, 172 fregueses.

Outros casos máis ou menos semellantes, de finais do XVIII e principios do XIX, son os de Xiesta, Xende, Estacas, A Ermida, Chan de Brito, Ventosela, Zamans, Cepeda, Vilameán, Viladesuso e Pinzás (onde os veciños fixeron unha igrexa en 1741, logo preitearon varios anos co cabido de Tui sobre creación da parroquia, e conseguiron converterse en anexo de Santa María de Tebra en 1761); ou o de Ribarteme, que ten o interese engadido de que parece a primeira parroquia de Galicia da que é patrón tutelar San Xosé, un santo “revalorizado” a partir do Renacemento e en especial despois do Concilio de Trento:

*“Ha sido esta parroquia desmembrada de la antecedente Santiago de Rivarteme por sr. obispo don Juan García Benito en 5 de octubre del año 1803, en vista de expediente que primero para ello se formó, mandando que mientras tanto que no se fabricaba iglesia nueva sirviese de tal la capilla de Santa Marta, que allí había (...). Venera por patrono tutelar a San José, esposo de la Virgen Santa María, cuya fiesta celebran aquí en su día propio, 19 de marzo. Su población la es de 102 vecinos”.*

Nos outros casos, os patróns adoitan ser máis “tradicionais”, en parte porque se converten en tales os que xa o eran de capelas ascendidas a parroquias, aínda que había algunha capela transformada en parroquia que estaba dedicada a un santo ou santa “nova”. Na Cañiza en concreto, existía a de Santa Teresa, que quedou de patroa cando esta vila se converteu en anexo de Valeixe (segunda metade do XVIII) e logo en matriz (1815):

*“mas insistiendo los vecinos en su desmembración total, lo consiguieron en 1815, y desde entonces quedó la Cañiza parroquia en todo independiente de la matriz. Venera por patrona tutelar a Santa Teresa de Jesús, que ya lo era antes de la capilla, a quien celebran su fiesta a 15 de octubre. Habítanla 100 vecinos” (Vol. IV).*

Unha nova parroquia podía aparecer, xa que logo, alí onde os veciños levantaran unha capela para ter misa os domingos; o paso seguinte era converter esa capela “con territorio” en anexo da matriz, e logo independizarse de todo, cousa que non sempre lograban, por impedilo os dereitos de padroado, a distribución dos décimos e do “pé de altar”. Porén, como quedou sinalado, en Tui a resolución dos bispos de finais do XVIII e principios do XIX, á vista do elevado número de veciños de moitas parroquias, conseguiu reformas de certa

profundidade (aínda que non aceptaron todas as demandas veciñais que había neste sentido). Tamén hai algún exemplo de traslado da igrexa parroquial dun lugar a outro da mesma freguesía, se ben isto provocaba conflitos. Así, en Setados mudouse en 1838 o Santísimo Sacramento ao santuario das Neves, onde residían 60 dos 170 veciños da parroquia, non obstante, “vuelto a oponerse a ello los vecinos de abajo, se volvió muy luego a restituir el Santísimo Sacramento a la iglesia de Setados”. Pola contra, en Canedos, onde a igrexa se trasladou a Pontearreas (en auxe debido á feira), o cambio fíxose efectivo cara a 1818.

A reforma beneficiar na diocese de Tui ten importancia polos cambios que implicou na rede parroquial, pero tamén polo que significa no plano relixioso: uns mellores servizos, demandados polos veciños, identificados en moitas ocasións coas “capelas con territorio”, ás que asistían a misa os domingos e festivos, e menos coa igrexa, afastada e concorrida por centos de persoas; uns abades e párrocos a miúdo máis preparados e responsables (malia que ata mediados do XIX non existe seminario diocesano), como acredita o feito de que varios deles dotasen nas súas freguesías escolas de primeiras letras: nada menos que o 41 por cento dos fundadores de escolas na etapa final do Antigo Réxime na actual provincia de Pontevedra pertencen ao clero (L. Obelleiro Piñón, 2007).

Nas outras dioceses galegas non parece que a reforma beneficiar acadase os efectos que tivo en Tui. A de Lugo, con parroquias moi pequenas (un 45,5 por cento tiña a condición de anexo) era, se acaso, onde máis se precisaba introducir unha reordenación profunda, que non se levou a efecto. Na década de 1750, o bispo Izquierdo y Tavira elaborou, por mandato do marqués de la Ensenada, unha minuciosa “Razón universal de todas las piezas eclesiásticas de este obispado...”, publicada en 1991 polo cóengo-arquiveiro Amador López Valcárcel. Figuran na relación todas as parroquias, con indicación do valor dos décimos e da titularidade dos dereitos de presentación; as freguesías “Nullius Dioecesis”, nas que exercía xurisdición o abade de Samos –quen as visitaba–, aparecen á parte.



Abadía de Samos (Lugo).  
“Nullius Dioecesis”

O bispo Armañá (1768-1785) tentou levar adiante a tan necesaria reforma beneficiar, pero sen éxito, segundo o seu biógrafo Francisco Tort, cuxas palabras recolle López Valcárcel:

*“Lugo es una de las Diócesis en que las dificultades a expediente tan ambicioso son muy agudas y repetidas (...). Armañá, muy a pesar suyo, verá pasar los años sin poderlo presentar a la Cámara. No podrá tocar pieza alguna, intentar unión o reducción, sin que surjan multitud de inconvenientes. El egoísmo de los beneficiados a quien el plan va a perjudicar, el número abundante de patronatos laicados con mil «voces» o presenteros a quienes debe informarse y reducir, ciertas interpretaciones prelaticias por un lado y clericales por otro referentes a vicarios perpetuos y «naturales», distribución de diezmos, primicias, etc., se unen a complicar y retractar la formación del plan de benefical de Lugo” (López Valcárcel, 1991).*

Haberá que agardar a 1890 para que se proceda a un “arranxo parroquial”, que tan pouco cambiou gran cousa a situación anterior (suprimíronse medio cento de curatos e creáronse uns corenta, o que non afectou moito a unha diocese de preto de 1.150 parroquias).

### 3. Reforma relixiosa e reforzamento cultural e administrativo da parroquia

Con todo, a permanencia dos cadros administrativos de carácter relixioso, os máis completos e mellor dotados de persoal, non significa, obviamente, que a vida comunitaria no seo da parroquia non notase transformacións: o crecemento, espectacular en ocasións, do número de fregueses; a residencia habitual dos reitores ou abades a partir de Trento e, con ela, un maior control dos actos de parroquialidade, pois para iso comezaron a levarse libros de bautizados, casados e defuntos; a fundación de confrarías e capelanías; o normal funcionamento da fábrica sostida coas cotas da primicia, ou a obriga de asistir á misa maior domingos e festivos e de confesar e comulgar, logo de superar o exame da doutrina por Pascua Florida, constitúen factores que, en diferente grao, intensificaron, sen dúbida, os intercambios materiais e emocionais dentro de cada parroquia. En consecuencia, reforzouse a identificación dos veciños co ámbito parroquial, centrado pola igrexa en cuxo interior se achaban os santos protectores e o cemiterio, e coroando o exterior do edificio a campá, a cuxa linguaxe familiar e case máxica se recorría *“al repellendas tempestates, ad petendam pluviam, ad postulandam serenitatem”*, e para evitar *“incursio turbinum, percussio fulminum, laesio tronitruum, calamitas tempestatum, omnisque spiritus procellarum”*. Dito doutra maneira, os factores demográficos e sociorelixiosos reforzaron a parroquia como elemento de identidade local. En certo modo, todos os veciños tiñan os mesmos dereitos a servizos relixiosos, e neste aspecto o cristianismo era un factor que igualaba a ricos e probes, poñéndoos por riba dos irracionais e, polo mesmo, dignificándoos. As queixas que en ocasións se atopan nos preitos dos provisoratos, orixinadas porque os párrocos negaban os sacramentos aos que non sabían a doutrina, deben entenderse neste contexto: cando a práctica relixiosa tiña carácter comunitario e servía para diferenciar os humanos dos irracionais, excluír alguén do precepto pascual equivalía a situalo fóra da comunidade e a tratalo como se fose un animal (Saavedra, 1994).

No tocante ao dito abondará pensar que a vida parroquial non podía ser igualmente intensa cando había 10 ou 15 fregueses que cando eran 80, 150 ou 200, segundo acontece a fins do Antigo Réxime en diversas matrices de Tui, Mondoñedo e Ourense. Xa quedou indicado que as visitas pastorais de finais do XVI e primeira metade do XVII deixan patente o baleiro demográfico; en Tui, en 1529, aparece inclusive unha parroquia sen fregueses e coa igrexa esborrallada. Á parte diso, os templos estaban case espídos, e tiñan aspecto de almacén (servían para gardar cereais, leña, carne, viño...), e os titulares dos beneficios curados

adoitaban habitar nas poboacións urbanas, deixando nas parroquias un mercenario a miúdo con escasa preparación. Para a diocese de Santiago, Baudilio Barreiro (2002) achegou información exhaustiva e de grande interese referida á década de 1540: unha media de 20 lumes por parroquia, misa só cada quince días en case todas, poucas con Santísimo Sacramento, e menos con confrarías, en especial no mundo rural. A ignorancia da doutrina por parte dos fregueses, e mesmo de cegos mercenarios, o incumprimento de preceptos como a misa os domingos e festivos (non sempre a había), da confesión e comunión pascual, etc., non son excepciónais, segundo as visitas da primeira metade do XVI, nas que tamén queda constancia de que os nenos pequenos falecidos se enterraban a miúdo sen a presenza do cura, e non sempre en sagrado.

As visitas pastorais de fins do XVI e comezos do XVII permiten xa ver un cambio na situación da vida parroquial, aínda que será a partir de 1630 cando a “relixiosidade barroca” alcance a súa apoteose (González Lopo, 2002). Arredor de 1600, moitos templos foran axeitados con pinturas e outros amaños materiais; os reitores comezaban a residir habitualmente entre o seu rabaño; o número de confrarías aumentara (na diocese de Santiago había máis dunha por parroquia, cando en 1540 non as había en tres de cada catro parroquias); comezaban a levarse libros de bautizados, casados e defuntos, o que denota un control dos fieis e de actos sacramentais polos reitores; na diocese de Tui xa quedara ordenado levar estes libros en 1529, pero o mandato non parece terse cumprido (se houbo rexistros, perdéronse). Aparecen tamén os libros de fábrica, ou sexa, dos ingresos e gastos da igrexa, que resultan fundamentais para o estudo da “arte rural”, e logo os de confrarías, segundo estas se ían fundando.

Reforzouse, polo tanto, a vida parroquial no aspecto administrativo, e non das vivencias relixiosas e de intercambios de toda clase, desde os matrimoniais aos de traballo e aos emocionais, pero ao mesmo tempo multiplicáronse os lugares e ocasións de culto, coa aparición de santuarios, capelanías e confrarías. No século XVII este proceso resulta patente e se en boa medida é froito do labor da igrexa – do clero parroquial, dos misioneiros –, deu tamén orixe a moitos altares, oratorios e capelas de fundación privada, de xeito que o “consumo de devocións” non sempre estaba controlado polos bispos e curas, situación que se quixo corraxir desde mediados do XVIII, coa reforma das confrarías e control das romarías (López López, 1990). En ocasións, os veciños tenderon a identificarse con estes novos centros de culto, en especial coas capelas; por iso en Tui apoiaron a conversión de capelas en igrexas anexas ou matrices e na Galicia oriental, onde moitas aldeas estaban lonxe da igrexa parroquial, moitos matrimonios celebrábanse en capelas, nas que tamén tiña lugar a festa local (non existindo festa da parroquia). Os libros de matrimonios das parroquias orientais das dioceses de Lugo e Mondoñedo así o acreditan.

No florecemento de novos lugares e ocasións de culto, e en certo modo tamén nos cambios que se notan na onomástica (moi rápidos desde mediados do XVI), pode apreciarse o espallamento de novas devocións. No tocante a isto, o santoral que compoñen os patróns das parroquias diferéncianse parcialmente do das capelanías e do da onomástica, moito máis dinámico, namentres o primeiro quedou en boa medida fixado na Idade Media. Ao respecto, chama a atención a escasa devoción que, en canto tal, suscitan algúns santos patróns de parroquia, polo menos ata que a fins do Antigo Réxime a xerarquía eclesiástica tentou de estimular o seu culto para facer fronte á multiplicación descontrolada de celebracións relixiosas que tiñan lugar fóra da igrexa parroquial.

Como exemplo do exposto, pódese citar o caso de Santiago, titular do 8 por cento das parroquias de Galicia (despois da Virxe, cun 20 por cento, e de San Pedro, cun 8,2 por cento), feito apenas percibido na onomástica, pois na mesma cidade de Compostela só un 2 por cento dos cabeza de casa entende en 1752 por Santiago ou Xacobe; se o cálculo se fixese unicamente entre os bautizados na cidade, esa porcentaxe quizais sería un pouco máis alta, pero aínda así o patrón non competiría con San Xoán, San Domingos ou Santo Antón. O mapa parroquial é anterior á Idade Moderna e mantense ríxido na maioría das dioceses ata fins do XIX; en cambio, os santuarios e capelas que van aparecendo reflicten mellor cales son os santos que conservan ou van gañando a confianza das xentes. No cadro seguinte compáranse as advocacións das parroquias e dos santuarios e capelas de toda Galicia, a mediados do XIX:

Patróns das parroquias e dos santuarios e capelas a mediados do XIX			
Patrón da parroquia, en %		Patrón de santuarios e capelas, en %	
María	20,1	María	29,3
Pedro	8,2	Antón	7,7
Santiago	7,9	Roque	5,1
Martiño	6,2	Pedro	3,8
Xoán	6,2	Xosé	3,6
Divino Salvador	4,6	Xoán	2,4
Miguel	3,9	Miguel	2,2
Olalla	3,9	Lucía	1,6
Outros	39,0	Outros	44,3
TOTAL	100,0	TOTAL	100,0

Fonte: X. R. Barreiro (1979)

Mosteiro de Herbón en Padrón (A Coruña). A figura da Virxe preside o centro do retablo



As advocacións dos santuarios deixan ver o reforzamento, no curso do XVI-XVIII, da devoción á Virxe e a santos con escasa ou ningunha presenza como patróns de parroquias: é o caso de Santo Antón, San Roque, San Xosé ou Santa Lucía. Estes santos eran, xunto con San Pedro e San Xoán, os máis representados nos retablos de mediados do XVIII (López López, 1993; Lema Suárez, 1993). Pero esta uniformidade que se descobre cando se estudan os santuarios ou retablos duns e doutros arciprestados non pode levar a esquecer o acusado carácter local das diversas advocacións: a Virxe, ben fose a da Inmaculada, a do Carme, a do Rosario, a dos Dores..., era para o campesiñado unha santa máis, e a de cada igrexa ou capela tiña as súas virtudes particulares. O mesmo debe dicirse dos santos: o San Pedro dunha localidade podía ser máis milagreiro que o doutra...

En calquera caso, a Virxe, nas moitas advocacións locais, e os santos eran para o labrego personaxes próximos, realmente presentes e case omnipotentes, intercesores aos que tanto se lles ofrecía unha misa como un lacón, e que convida ter de man para cada apuro cotián: “el santoral enmarca todo el acontecer humano, desde la cuna hasta la tumba”, escribe X. R. Barreiro. Santo Antón era avogoso para moitas enfermidades de persoas e animais, e para atoparen noivo as mozas: “Todas as mozas solteiras / pedíronlle a Santo Antonio / que lles dese casamento / que estaban no purgatorio”, dicía a copla. A San Andrés de Teixido, onde se atopaba a “herba empreñadeira”, ían as parellas que non tiñan descendencia: “A San Andrés, van dous e veñen tres...”; San Xosé favorecía a vida matrimonial feliz e, xunto coa Virxe, axudaba a ben morrer; San Roque e San Sebastián defendían da peste, por iso

teñen moitos devotos a fins do XVI; Santa Lucía era avogosa para os ollos, San Blas para a gorxa, San Ramón para os partos (“As meniñas cando paren / lémbrense de San Ramón...”, rezaba o cantar). E logo había santos con virtudes máis particulares: a unha legua de Chantada atopábase, por exemplo, “el santuario tan nombrado en España de San Juan de la Rosa, donde todos los años por día y víspera suya de 24 de Junio se cortan las rosas a las personas que les tienen por hombres de cierta familia, a quien Dios Nuestro Señor dio esta particular gracia, que es una de las mejores del mundo, muy semejante a la de los reyes de Francia de curar y sanar de los lamparones”, din os irmáns Boán a fins do 1640.

Non só os santos estaban presentes, tamén o demo se aparecía en figuras “espantosas y horribles”, segundo nos di o cura Juan Antonio Posse cando fala das crenzas de seu pai:

*“hablaba de apariciones de almas, de duendes y de lugurmantas, que en su idea y en la de los del país eran unos entes dañinos, que causaban las tempestades, y los rayos. Decía haber visto muchas veces multitud de luces y difuntos, que afirmaba andan de noche dentro y alrededor de las iglesias. El diablo era para él un ser muy visible, y siempre en figuras espantosas y horribles, en lo cual iba muy conforme con la creencia vulgar”.*

O proceso de intensificación da vida parroquial non estivo exento de tensións e nel danse a man a imposición da autoridade da xerarquía eclesiástica e o seu progresivo control das prácticas relixiosas externas, cunha certa capacidade da comunidade para decidir sobre o “consumo de devocións”. En todo caso, malia a residencia de párrocos ou tenentes en todas as parroquias principais, moitos aspectos da vida campesiña escapaban a unha xurisdición que se pretendía tan ancha que o abarcaría todo, desde as blasfemias proferidas en despoboados ata as embriagueces tabernarias e os pecados de simple fornicación cometidos en muíños ou en sitios aínda máis apartados. Non resultaba posible controlar todos os actos dos fieis, principalmente se vivían en lugares espallados. Doutra banda, o mesmo crecemento demográfico e os cambios económicos favoreceron que a fins do Antigo Réxime se intensificase a sociabilidade profana, manifestada en traballos colectivos, feiras e tabernas. Grazas a ela o patrimonio cultural de Galicia conta con abundantes coplas e cantigas, que non teñen precisamente contido relixioso. A parroquia constituía, xa que logo, moito máis que unha circunscrición relixiosa, aínda sendo a relixión unha parte fundamental da vida familiar e comunitaria. Por iso os rexionalistas e nacionalistas reclamaron, sen éxito, o recoñecemento político-administrativo da parroquia, algo que si tivo lugar en Portugal a partir da revolución liberal (F. Catroga, 2004; A. A. Calheiros, no prelo).

#### 4. A distribución dos décimos e a titularidade dos dereitos de padroados

Os efectos que o crecemento demográfico e a expansión da produción agropecuaria tiveron na vida parroquial foron diversos, algúns de tipo material e outros cultural. En Tui tiveron maior intensidade, como se aprecia na media de veciños por freguesía a mediados do XVIII. Das transformacións na paisaxe e no número de veciños das freguesías tudenses dá idea o acontecido na de Santa Mariña de Xinzo: o visitador que a percorre en 1568, cando tiña uns 60 fregueses, manda que

*“atento que la dicha feligresía es montaña y áspera, procuren [os veciños] siempre que fuese menester los caminos bien aderezados y desocupados, para que cuando el dicho cura llevar los santos sacramentos vaya sin peligro”.*

### Ávila y La Cueva di que

*“hoy en día, por beneficio del cultivo, se halla muy mejorada, pues toda ella está cultivada y produce con mucha abundancia vino y todo género de frutos (...). Hábitanla actualmente 240 vecinos” (Vol. IV).*

Ávila y La Cueva, que menciona o número de veciños e o valor dos décimos das parroquias de Tui na década de 1830 (cando os décimos non estaban no seu apoxeo), achega datos realmente espectaculares, coma o de San Lourenzo de Salcidos, con 720 veciños, e cuns décimos valorados en 41.342 reais, dos que correspondían ao abade dúas terceiras partes (por iso don Juan Ponce de León puido levantar *a cimentis* a igrexa en 1760), ou o do Rosal, con 1.023 familias, polo que o abade tiña que axudarse de dous curas; os décimos ascendían a 69.630 reais, levando o abade 20.810 (que gozaba ademais “de buena casa rectoral, mejor iglesario y diestros de 143,75 ferrados de pan en simiente” e varias rendas), e 3 600 cada cura (un deles tiña tamén casa reitoral e igrexario). En parroquias de menos veciñanza, cando o abade “levantaba” todos os décimos, podía superar os 40.000 reais de ingresos só por este concepto.

Os estudos que se fixeron sobre o valor e a distribución do décimo a mediados do XVIII, a partir dos datos que ofrece o Catastro de Ensenada, por parte de Ofelia Rey Castelao (1992) e Anxo I. Fernández González (1995a) confirman, dunha banda, a elevada participación dos reitores ou abades nese imposto eclesiástico, e, doutra, que rendementos dos curatos variaban moito segundo as dioceses. En concreto a masa decimal repartíase entre os seguintes beneficiarios:

Repartición xeral do décimo a mediados do século XVIII		
Perceptores	Reais, en total	%
Reitores ou abades parroquiais	5.376.527	59,7
Bispos	292.701	3,2
Cabidos	1.177.353	13,1
Outros eclesiásticos seculares	211.873	2,4
Clero regular	801.662	8,9
Nobreza e fidalguía	822.597	9,1
Ordes militares	126.054	1,4
Outros (universidade, hospitais, etc.)	198.638	2,2
<b>TOTAL</b>	<b>9.007.405</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Rey Castelao (1992)

Segundo se pode apreciar, os reitores parroquiais son os maiores perceptores, con diferenza, do décimo, unha renda moi importante se se ten en conta que representaba o dez por cento da produción bruta agropecuaria –polo menos dos cultivos principais– e que non había practicamente terras exentas ou libres de non pagala. Os curas podían, ademais, gozar do igrexario, de parte da primicia e sempre dos dereitos de “estola e pé de altar”, ou sexa o que cobraban polos servizos relixiosos que dispensaban aos fregueses, cuxo valor non é posible calcular. Non cabe dúbida, en calquera caso, que os reitores parroquiais constituían en Galicia un grupo privilexiado, unha verdadeira elite rural, e nun terzo das freguesías eran en 1752 os “maiores facendados”, ou sexa os que máis elevados ingresos percibían nesa demarcación concreta (Fernández González, 1995b). A posición do clero parroquial reforzouse aínda máis a fins do XVIII e principios do XIX, cando de resultas da reforma benefical décimos correspondentes a beneficios sen cura foron asignados aos reitores, en prexuízo, por exemplo, de mosteiros.

Porén, a situación económica do clero parroquial variaba dunha diocese a outra, en función da veciñanza das parroquias, da riqueza agraria e doutros



factores, como a porcentaxe do conxunto da masa decimal asignada aos reitores. Só nun 11 por cento das parroquias –contando matrices e anexos– non percibían ningún décimo, e debían conformarse cunha modesta “congrua”; nun 8,2 por cento cobraban menos do 30 por cento; nun 30,2 por cento percibían entre o 30 e o 59 por cento de toda a masa decimal; nun 10,9 entre o 60 e o 99 por cento, e nun 40,7 por cento das parroquias os reitores ingresaban todos os décimos. Os datos do Catastro veñen por provincias, e non por dioceses, pero así e todo resultan indicativos: na provincia de Ourense hai un 75 por cento das parroquias nas que os abades reciben todos os décimos, na de Tui un 42,3, na de Santiago un 35,1, na de Lugo un 31,2, e nas de Betanzos, A Coruña e Mondoñedo entre o 7,3 e o 10,7 por cento. De todos os xeitos, o máis ilustrativo é ver a clasificación das parroquias segundo a cantidade total, en reais, de décimos que perciben os reitores, pois nunha freguesía pequena e pobre o total dos décimos podía representar moito menos que o 50 por cento noutra máis poboada e rica.

Clasificación das parroquias, por provincias, segundo o valor dos décimos que perciben os reitores ou abades, en 1752. Parroquias en % de cada provincia								
Valor do décimo dos curas, en reais	Santiago	Betanzos	A Coruña	Mondoñedo	Lugo	Ourense	Tui	Galicia
Ata 500	19,2	16,5	9,3	25,5	49,1	13,9	2,7	26,3
500-1 500	39,5	61,5	61,6	42,3	39,8	31,9	17,8	39,0
1 500-3 000	23,2	19,5	19,7	29,6	9,4	28,1	16,-	20,4
3 000-5 000	12,7	2,5	8,2	4,6	1,3	12,1	25,5	9,1
5 000-10 000	4,6	---	---	2,-	0,2	7,2	16,1	4,-
+ 10 000	0,7	---	---	---	---	6,8	4,3	0,9

Fonte: Elaboración a partir de Rey Castelao (1992)

A situación material dos reitores parroquiais varía bastante dunhas provincias a outras (habería que dicir entre as dioceses). Os extremos, por así dicilo, están representados por Lugo, dun lado, e Ourense e Tui, doutro, ocupando Santiago e Mondoñedo –A Coruña pertence a Santiago, e Betanzos repártese entre as dioceses de Santiago e Mondoñedo– unha posición intermedia. En Lugo –unha provincia que case coincide en 1752 coa diocese–, os párrocos teñen uns ingresos moi escasos en concepto de décimos: preto dun 50 por cento dos casos por baixo dos 500 reais, e nun 89 por cento dos 1.500 reais; pola contra, en Ourense, e sobre todo en Tui, hai moitos reitores-abades que superan os 3.000 reais; en Tui en concreto unha cuarta parte supera os 5.000, e en Ourense un 14 por cento, situación case descoñecida nas outras demarcacións, agás na de Santiago e, dun xeito excepcional, en Mondoñedo. Isto quere dicir que os curatos verdadeiramente ricos se atopaban nas dioceses de Ourense e Tui, en razón tanto do número de veciños das parroquias como do volume da produción agraria, moi elevado, por tratarse dunha agricultura intensiva, “virtuosa”, no século XVIII (Pérez García, 1999). En certo modo, a diferente proporción de anexos, abundantes en Lugo, corruxía un pouco as diferenzas mencionadas, pero sen anulalas, nin moito menos, pois a media de reais por párroco ascendía a uns 1 100 en Lugo e Mondoñedo, e pasaba de 3.500 en Ourense e de 3.600 en Tui.

As cifras do Catastro serven para xerarquizar o clero parroquial polos seus ingresos decimais, segundo a diocese (e poderían establecerse distincións tamén entre os arciprestados), pero son datos fiscais, e en consecuencia están infravalorados. Se de media en 1752 correspondían a cada abade en Tui 3.621 reais, os valores –máis fidedignos– que ofrece Ávila y La Cueva para 1838 ascenden a 12.850 reais (Rey Castelao, 2002). Serven, con todo, as cifras de mediados do XVIII para ver que os beneficios curados que reportaban meirandes

ingresos aos seus titulares eran os radicados en Tui e Ourense, por iso os nobres que tiñan dereitos de presentación nestas dioceses víanse “cortexados” por unha morea de presbíteros que desexaban cubrir as vacantes que se producían. A fins do XVIII, os condes de Amarante, que herdaran dúas ducías de morgados co patrimonio repartido por diversas comarcas de Galicia, desde A Ulloa a Tui, ían promovendo en ocasións os curas de presentación pasándoos das parroquias pequenas e pobres da diocese lucense ás máis ricas de Tui (Saavedra, 1994).

Os dereitos de padroado constituían parte do patrimonio de familias e institucións e condicionaban o acceso aos curatos e a propia estrutura parroquial, difícil de modificar sen que aqueles quedasen afectados. Os diversos estudos que se fixeron poñen de manifesto que tales dereitos estaban repartidos entre a nobreza e a fidalguía, os mosteiros, os cabidos catedralicios, as ordes militares e as comunidades veciñais ou de parentesco (que se repartían os votos por “vozes”). Esta era a situación nas dioceses de Santiago, Lugo e Ourense, segundo A. I. Fernández González:

Patróns de curatos en diversas dioceses de Galicia Santiago (1748), Ourense (1823) e Lugo (s. XIX)								
	Santiago		Lugo		Ourense		TOTAL	
	Parrs.	%	Parrs.	%	Parrs.	%	Parrs.	%
1. Nobreza	155	15	258	25	157	30	570	21,9
2. Morgados e laicos	289	28	295	29	45	9	629	24,1
3. Mosteiros	339	33	180	17	131	25	650	24,9
4. Xer. Igrexa secular	239	23	200	19	160	30	599	23,0
5. Ordes militares	---	--	64	6	34	6	98	3,8
6. Outros	16	1	41	4	2	--	59	2,3
	1 038	100	1.038	100	529	100	2.605	100,0

Fonte: Fernández González, (1995a)

En conxunto, a nobreza titulada e a fidalguía presentaban preto da metade das parroquias, e os mosteiros bieitos e do Císter, unha cuarta parte, de modo que aos bispos poucos curatos lles quedaban para cubrir directamente. En Ourense, de preto de 700 parroquias, as de “libre colación” do prelado non chegaban a 70, correspondendo moitas á nobreza, en especial a casa de Monterrei. A situación cambiaba un pouco na diocese de Tui, pois 101 parroquias de 270 eran a finais do Antigo Réxime de presentación ordinaria (do bispo, e do rei, entón), e 98 da nobreza e fidalguía (Rey Castelao, 2002). O concordato de 1753 non tocou os dereitos do padroado de familias e institucións, pero na práctica reforzou o papel dos bispos, por canto as parroquias que pasaron a ser presentadas polo rei se cubriron mediante concurso entre aspirantes e a Cámara de Castela respectaba a clasificación que chegaba desde os bispados.

Nas mans das familias nobres, os dereitos de padroado eran un instrumento poderoso para reforzar a súa influencia social, xa que os curatos eran moi demandados e os agraciados coa presentación quedaban de por vida obrigados ao señor que os favorecera e comportábanse a miúdo como pezas da administración señorial. A correspondencia entre curas e señores, por exemplo; a conservada nos fondos da casa de Amarante, e outros documentos, como a *Descripción de los*

Castelo de Monterrei. Ourense



*estados de la casa de Monterrei en Galicia* (obra do abade don Pedro González de Ulloa, que rexeu parroquias da casa en cuestión) non deixan ao respecto lugar a dúbidas. O cura Juan Antonio Posse, nado na xurisdición de Vimianzo en 1766, e que a comezos do XIX tentou, sen fortuna, que os patróns o presentasen para a parroquia de Santa Sabina, tiña unha opinión pésima da clerecía galega, a que consideraba ignorante e sometida aos señores:

*“unos curas de presentación, ignorantes y criados de servizo, clérigos mercenarios, ebriosos y conjuradores y todo un clero cuya sabiduría era un poco de mal latín, y algunos casos del padre Larraga, compondían todo lo que por las cercanías había de más ilustrado”.*

A opinión de Posse non pode, así e todo, xeneralizarse ao conxunto dos reitores parroquiais de Galicia, pois daquela habíaos cun certo nivel cultural e preocupados pola formación dos fregueses, como se comproba na fundación de escolas rurais, non poucas dotadas por eclesiásticos seculares.

O número de parroquias, ou máis ben de matrices, condicionaba o de reitores ou abades, únicos presbíteros que ocupaban un beneficio curado, por seren presentados polo patrón correspondente ou por gañaren un concurso no caso daqueles curatos de presentación ordinaria, e real desde 1753. Como os aspirantes á orde sacra eran moitos máis que os que se podían colocar en beneficios curados, a solución consistía en ordenarse a título de capelanía ou de patrimonio; no primeiro caso as rendas dunha capelanía xustificaban o mantemento do futuro presbítero; no segundo, a familia do aspirante a crego asignáballe un patrimonio ou dote do que vivir namentres non atopase outro beneficio, cousa que en ocasións non acontecía nunca. Moitos cregos de orixe campesiña ordenáronse grazas a un patrimonio, mentres os de familia fidalga adoitaban contar cunha capelanía paxega.

De calquera xeito, o recurso á constitución de patrimonios como medio para acadar o acceso dun mozo ás sagradas ordes foi cada vez máis frecuente en toda Galicia segundo avanzaba o Antigo Réxime, aumentaba o número de cregos –sen aumentar apenas o de parroquias– e non resultaba posible para moitos acceder á titularidade dunha freguesía. Na diocese de Santiago, duns 25 presbíteros ordenados a título de patrimonio cada ano na segunda metade do século XVII, pásase a máis de 60 en 1760-84. Iso foi posible polo esforzo que fixeron moitas familias, na súa maior parte campesiñas, á hora de constituír un patrimonio, isto é, asignarlle ao aspirante a clérigo un conxunto de bens a maneira de dote, cos que sosterse en tanto non alcanzase un improbable beneficio curado.

<b>a) Título a que se ordenan os cregos da diocese de Santiago, en %</b>					
Título	1656-60	1696-1700	1751-52	1790-94	1850-53
Patrimonio	32,2	46,0	53,3	69,9	63,2
Capelanía	26,7	41,6	25,0	14,4	22,4
Parroquia	29,1	7,3	14,5	6,3	9,2
Beneficio simple	9,3	3,9	4,2	8,4	5,0
Outros	2,4	1,1	0,8	0,8	0,2

<b>b) Renda dos patrimonios, en reais</b>			
	1750	1780	1807
Número de patrimonios	23	58	47
Renda media	1 071	1 081	1 357
Renda mínima	649	508	607
Renda máxima	1 781	3 370	2 250

Fonte: Barreiro Mallón (2002)

O incremento do número e proporción dos ordenados a título de patrimonio resulta espectacular e pon de manifesto o forte atractivo que tiña na sociedade galega a carreira clerical, malia a escaseza do número de beneficios curados en comparación ao de ordenados *in sacris*. Parece evidente que moitas familias campesiñas e tamén de núcleos urbanos estaban disposta a “investir” na promoción dalgún mozo. Unha promoción limitada en moitos casos, pois a gran maioría dos patrimonistas e dos capeláns –aínda que entre estes figuraban membros da fidalguía– ficaban para sempre na condición de “clérigos mercenarios”, sen cura de almas, e polo mesmo sen outras obrigacións que dicir ao ano unhas breves misas e axudar o párroco nos momentos en que se lle acumulaba o traballo. Fóra diso, só lles quedaba agardar aos premios menores da repartición de misas que dispoñían os acomodados nas súas últimas vontades. Retomando unha expresión afortunada de Diego de Torres Villarroel, o clérigo mercenario non pasaba de ser un “desventurado oficial de misas”.

Patrimonistas e capeláns formaban, por así dicilo, unha especie de proletariado clerical, pois vivían na súa maior parte de curtas rendas e dedicábanse a negocios pouco edificantes ou “decentes”, como a labranza de terras, a parcería de gando e outras ocupacións que en ocasións os asimilaban máis aos labradores que a graves membros do estamento eclesiástico. En cambio, as súas obrigas espirituais eran escasas e, ao carecer de cura de almas, tampouco estaban demasiado controlados pola xerarquía, máis pendente, con razón, dos párrocos, pois se estes eran ignorantes ou levaban unha vida chea de vicios e disipacións, causaban notorio escándalo entre os fregueses.

O número de eclesiásticos seculares ascendía en Galicia en 1591 a 3.090, en 1752 a 8 532 e en 1787 a 10 309, ou sexa, preto de tres por parroquia na última data. Destes só un terzo escaso eran párrocos ou tenentes, o resto entraban na categoría de capeláns e patrimonistas. A distribución territorial do clero secular non era homoxénea, e o máis indicativo é poñer en relación o número de presbíteros e o de habitantes e veciños. Resulta doado facer este cálculo para 1752, aínda que por provincias e non por dioceses.

<b>Habitantes e veciños por cada eclesiástico secular nas sete provincias, en 1752</b>				
Provincia	Habs.	Eclesiásticos seculares	Habs./Eclesiástico	Veciños/Eclesiástico
Coruña-Betanzos	136.364	726	188	42
Mondoñedo	78.078	523	149	33
Santiago	412.757	2.476	167	39
Tui	164.864	1.027	161	42
Lugo	225.978	1.935	117	22
Ourense	281.266	1.845	152	38
<b>Total</b>	<b>1.299.312</b>	<b>8.532</b>	<b>152</b>	<b>36</b>

Fonte: Rey Castelao (1995), e Censo de Ensenada

Como se pode ver, é a provincia ou a diocese de Lugo a que concentra, en comparanza ao número de habitantes e veciños, a meirande proporción de eclesiásticos seculares, o que se debe poñer en relación cunhas estruturas familiares de carácter troncal, articuladas arredor dun sistema de herdanza baseado na mellora longa, que limitaba moito os casamentos, co que os patrucios tentaban de compensar a algún fillo favorecendo a súa entrada no estamento eclesiástico, algo que tamén contribuía a honrar e engrandecer a casa (Dubert, 1992; Sobrado, 2001; Saavedra, 1994).

O clero secular do Antigo Réxime era abundante, e tamén heteroxéneo pola súa procedencia social –desde a fidalguía e grupos urbanos ao campesiñado–, pola súa

formación cultural -había presbíteros que cursaran teoloxía na Universidade de Santiago e outros que pouco máis aprenderan que rudimentos de latín e moral- e pola súa posición dentro do sistema benefical, pois un abade tudense podía vivir coma un fidalgo mentres un patrimonista tiña en ocasións semellanzas cun labrador pobre. Coa reforma e creación dos seminarios e coas medidas da revolución liberal, que suprimiu o décimo e desamortizou rendas e terras, e fixo, xa que logo, menos apetecible socialmente a carreira eclesiástica, o clero adquiriu a mediados do XIX unha notable homoxeneidade cultural e social, e converteuse nunha verdadeira “milicia” antiliberal ás ordes dos bispos (Barreiro Fernández, 1995).

## Coda

No decorrer da Idade Moderna a parroquia reforzou as súas funcións en todos os ámbitos, debido a unha chea de cambios económicos, demográficos, culturais e políticos. O aumento do número de veciños e o que se pode chamar a “humanización” da paisaxe, a reforma do clero e a “sacralización” da sociedade, a necesidade do poder político de contar cos curas coma interlocutores privilexiados... Estes e outros factores fixeron do marco parroquial o ámbito administrativo e identitario máis visible. No tocante ao patrimonio familiar e comunitario, do que ninguén estaba privado, a relixión constituía un forte vínculo de cohesión local, que hoxe perdeu, polo menos en parte.

A rede parroquial non era a única na que se dividía o territorio, pero era a máis sólida e a mellor dotada de persoal. As circunscricións fiscais –“partidos”–, non respectaban sempre os marcos parroquiais, non coincidían as das diversas cargas da facenda real (había uns partidos para os servizos e outros para as alcabalas, por exemplo) e carecían de persoal especializado na cobranza de trabucos. Por iso no século XVIII nas diversas pescudas de tipo fiscal e demográfico, a administración borbónica diríxese, con preferencia, aos párrocos.

A despoboación de moitas comarcas rurais, as novas funcións das vilas, a secularización da sociedade (coa falta de curas), trastornaron profundamente as funcións da parroquia. Pero a mesma ameaza de desaparición de moitas delas motiva en ocasións un máis vivo sentimento de pertenza dos que quedan (ou non se foron de todo), dispostos a afirmar que “aínda estamos aquí”. Poderanse discutir iniciativas varias sobre as funcións que convén outorgar ás parroquias, contempladas na necesidade de evitar a desertización humana de boa parte da Galicia rural; o que non cabe discutir é, na miña opinión, a obrigatoriedade de conservar un patrimonio cultural creado ao longo de xeracións por familias que vivían arredor de dous lumes: o do fogar e o da igrexa, cuxo cemiterio -no espazo do templo ata comezos do XIX- constituía, por así dicilo, un fogar colectivo, ou a parroquia dos mortos. Corresponde aos responsables políticos evitar que moitas parroquias queden convertidas só en parroquias de mortos.

## Bibliografía

- **Ávila y La Cueva, F.** (1995 [1852]): *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (edición facsímil do manuscrito), 4 vols.
- **Barreiro Fernández, X. R.** (1969): "La estabilidad de los párrocos: estudio histórico jurídico", *Compostellanum*, 14, 5-72.
- **Barreiro Fernández, X. R.** (1979): "El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía y sociedad". Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago, Facultade de Xeografía e Historia.
- **Barreiro Fernández, X. R.** (1996): "Edad contemporánea: Los hombres del altar (aproximación al clero secular como grupo social)", *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, 7-8, 181-232.
- **Barreiro Mallón, B.** (1988): "El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos", *Compostellanum*, 469-508.
- **Barreiro Mallón, B.** (2000): "Clero rural y religiosidad popular en la Galicia de tiempos de Carlos V", en A. Eiras Roel: *El reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Xunta de Galicia, 823-846.
- **Barreiro Mallón, B.** (2002): "La diócesis de Santiago en la época moderna", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesias de Santiago de Compostela, Tuy-Vigo*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 177-352.
- **Barreiro Mallón, B. / O. Rey Castelao** (2002a): "La Diócesis de Mondoñedo en la edad moderna", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 255-333.
- **Barreiro Mallón, B. / O. Rey Castelao** (2002b): "La Diócesis de Ourense en la edad moderna", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 471-508.
- **Barrio Gozalo, M.** (2001): "El sistema benefical en la España del siglo XVIII. Pervivencias y cambios", *Cuadernos Dieciochistas*, 2, 73-102.
- **Bouhier, A.** (2001): *Galicia: ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Caixanova.
- **Bouzón Gallego, A.** (1998): "Visitas pastorales de los siglos XVI y XVIII. Diócesis de Tui. Parroquias de Amorán, Carregal y Currás", *Tui. Museo y Archivo Diocesano*, 8, 147-168.
- **Cal Pardo, E.** (2003): *Episcopologio mindoniense*. Santiago de Compostela: [s.n.], 239-655.
- **Calheiros, A. A.** (no prelo): "A Freguesía en quanto unidade político-administrativa mínima em Portugal". [Neste mesmo volumen].
- **Capela, J. V. (coord.)** (2003): *As freguesías do distrito de Braga nas Memórias Parroquiais de 1758*. Braga: Barbosa S. Xavier.
- **Capela, J. V. (coord.)** (2005): *As freguesías do distrito de Viana do Castelo nas Memórias Parroquiais de 1758*. Braga: Casa Museo de Monção - Universidade do Minho.
- **Catroga, F.** (2004): "O poder político-administrativo das parroquias en Portugal (séculos XIX-XX)", *Revista de História da Sociedade e da Cultura*, 4, 149-255.
- **Censo de Ensenada, 1756** (1993), introducción P. Carasa Soto. Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria - Tabapress.
- **Cid, C.** (1913-18 e 1918-22): "Una visita pastoral de la diócesis auriense en 1487", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, V e VI.
- **Contreras, J.** (1982): *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia (1500-1700). Poder, sociedad y cultura*. Madrid: Akal.
- **Diccionario de historia eclesiástica de España** (1972-1987), direc. de F. Aldea, T. Mariva e J. Vives. Madrid: Instituto Enrique Flórez, 5 vols.
- **Dubert, I.** (1992): *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- **Dubert, I.** (1994b): "La huella de la transgresión en el mundo eclesiástico de la Galicia interior (1600-1830)", *Compostellanum*, 371-389.
- **Dubert, I.** (1996): "Alma de curas, cura de almas. Moral y comportamientos eclesiásticos en la Galicia interior durante el Antiguo Régimen, 1600-1830", en M. García Quintela (coord.): *Las religiones en la historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio científico, 379-411.

- **Dubert, I.** (2005): "Montagnes, clercs et vocations religieuses dans la Galice intérieure, 1685-1859", en S. Brunet / N. Lemaitre (eds.): *Clergés, communautés et familles des montagnes d'Europe*. París: Publications de la Sorbonne, 75-86.
- **Dubert, I. / C. Fernández Cortizo** (1994): "Entre el regocijo y la bienaventuranza: Iglesia y sociabilidad campesina en la Galicia del Antiguo Régimen", en M. Núñez Rodríguez (ed.): *El rostro y el discurso de la fiesta*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 237-261.
- **Fariña Jamardo, X.** (1996): *A parroquia rural en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (1ª ed. en castelán en 1975).
- **Fernández Cortizo, C.** (1994): "Aldeas y caseríos «a tiro de mano de piedra»: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)", *Espacio. Tiempo. Forma. Historia Moderna*, 211-225.
- **Fernández Cortizo, C.** (2001): "La tierra de Montes en el siglo XVIII: estructura demográfica y sistema familiar en una sociedad rural". Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago, Fac. de Xeografía e Historia.
- **Fernández Cortizo, C.** (2003): "«Las Indias de estas partes»: La reforma del clero y del pueblo en el obispado de Ourense (1500-1650)", en J. de Juana / X. Castro (dirs.): *XII Xornadas de Historia de Galicia. Perspectivas plurais sobre a Historia de Galicia*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 55-85.
- **Fernández Cortizo, C.** (2007): "Para que esta gente bárbara fuese política y doméstica y enseñada en la doctrina cristiana: Iglesia, Estado y reforma religiosa en Galicia (siglos XVI-XVIII)", *Manuscrits*, 25, 157-186.
- **Fernández González, A. I.** (1995a): "A fiscalidade eclesiástica en Galicia, 1750-1850". Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- **Fernández González, A. I.** (1995b): "Los grupos de poder local en Galicia, 1750-1850", *Noticario de Historia Agraria*, 9, 129-153.
- **Fraga Vázquez, G.** (2003): "O arciprestado de Ulloa-Repostería: vida parroquial, s. XVII-XIX", *Lucensia*, 26, 35-50.
- **Fraga Vázquez, G.** (2006): "O arciprestado de Chantada: vida parroquial, s. XVII-XIX", *Lucensia*, 32, 93-108.
- **García Conde, A. / A. López Valcárcel** (1991): *Episcopologio lucense*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- **García España, E. / A. Molinié-Bertrand** (1986): *Censo de 1591: estudio analítico*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística.
- **García Oro, J.** (1979): "La vida religiosa en el Valle de Oro a principios del siglo XVI (Actas de la visita realizada en junio de 1510, por orden de D. Diego de Muros III)", *Compostellanum*, 3-4, 121-172.
- **García Oro, J. / Mª J. Portela Silva** (1999a): "La recepción del concilio tridentino en Galicia. Informes de los obispos gallegos a Felipe II", *Lucensia*, 19, 295-312.
- **García y García, A.** (1981): *Synodicon hispanum*, Vol. I, Galicia. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.
- **Gómez Sobrino, J.** (1990): "Datos histórico-artísticos de las parroquias orensanas pertenecientes a la antigua diócesis de Tui a través de las visitas pastorales del siglo XVI", en *En torno al arte auriense: homenaje a Don José González Paz*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago - Deputación Provincial de Ourense, 77-86.
- **González Avellás, J. C.** (1999): "Aproximación a las tendencias demográficas del valle de Monterrei durante el Antiguo Régimen: finales siglo XV-1900", *Cuadernos Feijonianos de Historia Moderna*, I, 11-50.
- **González de Ulloa, P.** (1950): *Descripción de los estados de la casa de Monterrey en Galicia (1777)*, ed. de José Ramón e Fernández Oxea. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.
- **González Lopo, D.** (1996a): "Aspectos de la vida religiosa barroca. Las Visitas Pastorales", en M. García Quintela (coord.): *Las religiones en la Historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 412-450.
- **González Lopo, D.** (1996c): "La evolución del asociacionismo religioso gallego entre 1547 y 1740: el arzobispado de Santiago", *Obradoiro de Historia Moderna*, 5, 157-182.
- **González Lopo, D.** (2002a): *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Xunta de Galicia.
- **González Lopo, D. / A. Presedo Garazo** (1998): "A visita pastoral de Juan Manxón ao arcidiácono de Cornado en 1519", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 31-72.
- **González Muñoz, Mª C.** (1982): *Galicia en 1571: Población y economía. Respuestas del Reino al interrogatorio de Felipe II para el reparto de moriscos granadinos*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- **González Reboredo, X. M.** (2008): "Notas sobre la religiosidad en la Galicia de Gregorio Fernández..., y en otros tiempos", en J. L. Alonso Ponga / P. Panero García (coords.): *Gregorio Fernández: Antropología, Historia y Estética en el Barroco*. Valladolid: Ayuntamiento, 43-78.

- **Hoyo, J.** del (s. d. [c. 1607]): *Memorias del arzobispado de Santiago*, edición de B. Varela Jácome e A. Rodríguez González. Santiago de Compostela: Porto y Cía editores (edición sen data).
- **Lema Suárez, X. M<sup>a</sup>** (1993): *A arte relixiosa na Terra de Soneira*. Santiago de Compostela: Fundación Universitaria de Cultura.
- **Lema Suárez, X. M<sup>a</sup>** (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica.
- **Lisón Tolosana, C.** (1979): *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.
- **López Álvarez, M<sup>a</sup> J.** (1998): "Visitas pastorais: fonte de apoio para o estudio da poboación nunha comarca cerealeira do noroeste ourensán: a Terra de Cea, 1487-1720", en M. del Pilar Carrillo Lista et al.: *Historia Nova, V: Contribución dos xoves historiadores de Galicia*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, 103-118.
- **López López, R.** (1990): "Las cofradías gallegas en el Antiguo Régimen", en *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaje al Prof. Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 181-200.
- **López López, R.** (1992): "Arte y sociedad: la religiosidad de Galicia durante el Antiguo Régimen a través de algunos elementos iconográficos", en *Actas del VIII Congreso Nacional de Historia del Arte*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, t. II, 851-857.
- **Molinié-Bertrand** (1980): *La population du Royaume de Castille d'après le recensement de 1591: étude cartographique*. Caen: Université de Caen.
- **Molinié-Bertrand** (1985): *Au siècle d'or: L'Espagne et ses hommes. La population du Royaume de Castille au XVIe siècle*. París: Económica.
- **Obelleiro Piñón, L.** (2007): *As escolas de fundación en Galiza. Unha necesidade social de alfabetización*. Vigo: A Nosa Terra.
- **Otero Pedrayo, R.** (1922): "Encol da aldeia", *Nós*, 14, 1-7.
- **Otero Pedrayo, R.** (1927): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones.
- **Otero Pedrayo, R.** (1969): *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*. Vigo: Galaxia.
- **Pereira Molares, A. M<sup>a</sup>** (2006): *Arquitecturas y arquitectos en la diócesis de Tuy: siglos XVII y XVIII*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- **Pérez García, J. M.** (1999): "En los límites del virtuosismo agrario tradicional: la fertilidad de la comarca del Bajo Miño (1730-1860)", *Ler História*, 36, 221-245.
- **Pérez García, J. M.** (2006): "De la escasez a la precoz saturación: el desarrollo demográfico de la comarca del Bajo Miño (1550-1850)", *Cuadernos Feijonianos de Historia Moderna*, III, 53-102.
- **Pérez López, S.** (1987): "Las visitas pastorales como fuente histórica. Aportación a su estudio en la diócesis de Mondoñedo", *Estudios Mindonienses*, 1, 133-165.
- **Poska, A. M.** (1998): *Regulating the People. The Catholic Reformation in Seventeenth-Century Spain*. Leiden-Boston-Köln: Brill.
- **Posse, J. A.** (1984): *Memoria del cura liberal don \_\_\_\_\_*, ed. de R. Herr. Madrid: Siglo XXI.
- **Rey Castelao, O.** (1992): "El reparto social del diezmo en Galicia", *Obradoiro de Historia Moderna*, 1, 145-162.
- **Rey Castelao, O.** (1996): "Edad moderna: Iglesia y religión", en M. García Quintela (coord.): *Las religiones en la historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 141-181.
- **Rey Castelao, O.** (1998b): *A Galicia Clásica e Barroca*. Vigo: Galaxia.
- **Rey Castelao, O.** (2002b): "La diócesis de Tuy en la época moderna", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesias de Santiago de Compostela, Tuy-Vigo*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 571-664.
- **Rey Castelao, O.** (2002c), "La diócesis de Lugo en la época moderna", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 95-165.
- **Rey Castelao, O.** (2002d): "La diócesis de Ourense en la época moderna: El clero regular", en J. García Oro (coord.): *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 508-533.
- **Río Barja, F.** (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.



- **Ríos Rodríguez, M<sup>a</sup> L.** (2002): "Las iglesias de la tierra del cabildo en la diócesis Auriense a fines del s. xv", en *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, I, 111-131.
- **Rodríguez Campos, X.** (1994): "¿Qué es la parroquia rural en Galicia, una institución o una imagen?", en *Antropología sin fronteras: ensayos en honor a Carmelo Lisón*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, 445-453.
- **Rodríguez Fernández, D.** (1999): *A terra e as xentes: nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ao longo da Idade Moderna*. A Coruña: Vía Láctea.
- **Rodríguez Fernández, D.** (2005): "Aldeas y parroquias: la estructuración del territorio en la comarca celanovesa a lo largo de los tiempos modernos", en *Homenaxe á profesora Lola F. Ferro: estudos de historia, arte e xeografía*. Vigo: Universidade de Vigo, 535-555.
- **Saavedra Fernández, P.** (1985a): *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- **Saavedra Fernández, P.** (1985b): "Comunidades campesinas, xurisdiccions e partidos na Galicia da Idade Moderna", *Revista de Administración Galega*, 2, 113-142.
- **Saavedra Fernández, P.** (1993): *A Facenda real na Galicia do Antigo Réxime (As rendas provinciais)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- **Saavedra Fernández, P.** (1991): "O papel da Igrexa na evolución da Galicia moderna", *A Trabe de Ouro*, IV, 487-506.
- **Saavedra Fernández, P.** (1994): *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Barcelona: Crítica.
- **Saavedra Fernández, P.** (1997): "O hábitat no noroeste peninsular nos ss. xvi-xix", *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 9, 173-193.
- **Saavedra Fernández, P.** (2007): "Reforma fiscal y control del territorio: el Catastro de Ensenada –o la confusión de Babel– en Galicia", *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXXVII, 771-844.
- **Santos, A.** (2005): *As freguesías. História e actualidade*. Oeiras: Celta Editores.
- **Sanz González, M.** (1992): "Clero y religiosidad popular en la península del Morrazo en los siglos xvii-xviii", *Pontevedra. Revista da Deputación Provincial*, 8-9, 231-242.
- **Sobrado Correa, H.** (2001): Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550- 1860, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- **Sobrado Correa, H.** (1998): "Evolución de las devociones populares en la Galicia interior del Antiguo Régimen a través de la onomástica", *Boletín de Estudios del Seminario "Fontán-Sarmiento"*, 19, 64-74.
- **Teruel González de Tejada, M.** (1993): *Vocabulario básico de historia de la Iglesia*. Barcelona: Crítica.
- **Vecindario de Ensenada, 1759** (1991), introd. de A. Domínguez Ortiz, C. Camarero e J. Campos. Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria - Tabapress, vol. II.

# 04 Vida e morte nas parroquias galegas da idade moderna: cambios e permanencias

**Domingo L. González Lopo**

Profesor Asociado do Departamento de Historia Moderna  
Universidade de Santiago de Compostela

Nas parroquias rurais galegas experimentábase unha fonda transformación espiritual e cultural no período que vai do século XVI ao XVIII, que ten sido presentada en recentes estudos como o resultado da loita entre as actitudes e crenzas populares e a ofensiva da Igrexa por introducir entre os fieis os principios doutrinarios aprobados en Trento, así como unhas normas de conduta suxeitas a policía, é dicir, civilizadas. Certamente dita mutación non se pode explicar sen os seus antecedentes, que se deben procurar basicamente na segunda metade do século XV, nin tampouco é un proceso que se poida considerar rematado no século XVIII, mais é indubidable que nese amplo espazo cronolóxico ten lugar un cambio relevante no comportamento dos naturais do Noroeste que, a vista das probas documentais, ninguén pode negar. Das súas características, dos mecanismos que o fixeron posible, así como tamén do seu alcance final trataremos neste traballo.

## 1. O labor do episcopado galego no proceso de renovación da igrexa

Entre fins do século XV e a primeira metade do XVI a Igrexa española experimenta un importante proceso de renovación. A multitude de problemas suscitados pola crise espiritual da Baixa Idade Media facía evidente á altura dos anos setenta do Catrocentos, a necesidade de proceder a unha profunda depuración da doutrina e do comportamento de laicos e eclesiásticos. A Coroa converterase en axente activo desta reforma -papel que continuaría exercendo no futuro- impulsando a adopción de medidas para acadar tal fin e que terán a Galicia entre os seus obxectivos prioritarios, pois a súa atormentada vida política durante aquel século tivera graves repercusións no terreo espiritual.

Singular importancia tivo nos inicios desta reforma española pretridentina, a asemblea do clero reunida en Sevilla en 1478, promovida polos Reis Católicos, que trataría de xeito especial a situación caótica da Igrexa galega e traería consigo unha reactivación da actividade sinodal. Desgraciadamente para o coñecemento da situación reinante neste período -entre finais do XV e mediados do XVI- non é abundante a documentación conservada, pero a imaxe que debuxan as constitu-

cións sinodais, así como os escasos informes de visitas pastorais que chegaron ata nós, é desoladora: párrocos absentistas, igrexas en estado de abandono, esporádica celebración do culto, ignorancia da doutrina tanto por parte do clero coma dos fieis, ausencia de disciplina entre o clero parroquial e capitular e prácticas supersticiosas moi estendidas. Non permaneceu indiferente o episcopado galego da época a esta penuria espiritual reinante; en Galicia foron polo menos 38 as asembleas diocesanas que se celebraron entre 1478 e 1563, se ben os momentos de maior intensidade tiveron lugar entre 1478/86 e 1511 -un total de quince-, e 1519-1545 -polo menos dezanove-, separados pola etapa de atonía que supuxo a convocatoria por Xulio II do V Concilio de Letrán (Maio de 1512 a Marzo de 1517), preparado con grande interese e esperanza polo clero español. A pobreza dos seus resultados acabaría orixinando un enorme desengano, motor sen dúbida desa reactivación sinodal que se experimenta con posterioridade a 1517 na cal tamén deberon influír o fracaso da Dieta de Worms (1521) -que significou a ruptura definitiva con Lutero-, así como o atraso na convocatoria dun novo concilio ecuménico. A apertura do tridentino atenuará a celebración de asembleas diocesanas, das que só se rexistran catro entre 1545 e 1563, cuxa convocatoria obedece moi probablemente á longa duración do concilio; de feito o sínodo compostelán de 1559 tivo lugar durante un dos dilatados períodos de interrupción dos traballos conciliares.

A clausura da magna asemblea ecuménica en Decembro de 1563, marca o inicio dunha nova etapa para a Igrexa galega, especialmente coidada por Felipe II á hora de proceder ás providións episcopais, pois tivo moi en conta as súas peculiares características. En efecto, se Carlos I debeu loitar sempre coa súa conciencia, que lle recriminaba o absentismo duns bispos dos que non podía prescindir en Consellos e Chancelarías, seu fillo apostou claramente por bispos pastores; isto explica a mudanza que se aprecia nos *curricula* dos prelados galegos do reinado filipino. En realidade, xa dende os anos trinta introducírase un novo criterio á hora de prover as dioceses montañosas da periferia, como era o caso de Galicia, preferíndose en diante a teólogos en lugar de especialistas en Leis, rompendo así a norma ata entón habitual. Felipe II continuará con esta política, de maneira que dos vinte e sete bispos designados por el personalmente, vinte e seis terán aquela condición e só un será xurista -D. Cristóbal Fernández de Valtodano- significativamente destinado á sede compostelá, sempre envolvida en preitos pola defensa dos seus importantes intereses materiais. Así mesmo, e co apoio dos decretos tridentinos, impúxolles como obriga inescusable a residencia nas súas dioceses, controlando de xeito estreito as súas ausencias, o que fixo nacer neles un sentimento de firme compromiso para coas sedes que rexían. Os resultados non se fixeron esperar e a comparación entre os pontificados da primeira e a segunda metade da centuria móstranos un apreciable aumento no tempo medio de duración dos episcopados filipinos, se ben un tanto enmascarado en Santiago e Lugo pola presenza na primeira parte do século de dous prelados cunha excepcional permanencia á fronte das súas sedes. D. Alonso de Fonseca III que ocupou moi novo a cátedra compostelá, e D. Xoán Suárez de Carvajal, para quen a súa promoción a Lugo se



D. Alfonso de Fonseca III (1475-1534), arcebispo de Santiago de Compostela e de Toledo. Foi un protector e mecenas do humanismo e un dos principais impulsores da Universidade de Santiago

Tempo medio de duración dos episcopados		
	1516-1556	1556-1598
Santiago	8,5	6,2
Mondoñedo	5,8	6,3
Lugo	18,8	8,2
Ourense	7,0	11,2
Tui	5,2	8,3

converteu nun auténtico desterro despois de actuacións pouco claras durante o seu período de conselleiro de Indias e, máis tarde, de Facenda.

Esta dobre condición de teólogos e residentes permitiulles acometer en profundidade un amplo proxecto reformista, que se iniciou de contado ao remate do Concilio. Os éxitos dos seus esforzos son innegables; abonda comparar os informes das visitas pastorais anteriores e posteriores aos anos cincuenta para decatarse diso. Poden servirnos de exemplo os casos das dioceses tudense e compostelá. Cando D. Antonio Cascante leva a cabo a súa xira no nome do bispo D. Diego de Avellaneda na primeira das mencionadas durante a Primavera de 1528, abundan os párrocos non residentes e os capeláns ignorantes entre os seus substitutos; é habitual que non haxa reserva eucarística; que a igrexa se diferencie en pouco de cortes ou alpendres; que a celebración da misa sexa ocasional -cada quince días no mellor dos casos- e haxa unha total ausencia de labor de catequese<sup>1</sup>. Pola contra, as 150 freguesías percorridas en 1588 ofrecen un panorama sensiblemente distinto. Só en tres comunidades se acusa a falta de residencia, que por outra parte está perfectamente suplida; en todas as súas igrexas hai Santísimo Sacramento, salvo en tres e por causas xustificadas, aínda que iso non librou ao párroco dunha reprimenda; os templos aparecen reparados, limpos e dotados de canto é necesario para o culto; impúxose a misa dominical e, salvo nas zonas máis agresivas e illadas -arciprestados de Soutomaior e Montes-, os fregueses posúen un aceptable coñecemento das verdades básicas da fe<sup>2</sup>. Na arquidiocese compostelá a situación é moi semellante a esta, tal como revela a visita de 1607. En efecto, se en 1547-48 máis dun 92% das igrexas visitadas carecían de reserva eucarística, agora tan só un 10% destas segue presentando unha situación anómala, aínda que en todas elas xustificada; nun terzo por estar ameazada de profanación, e no resto debido á escasa capacidade económica da comunidade, insuficiente para cubrir os gastos xerados polo culto eucarístico.

Coa chegada da nova centuria truncáronse as boas expectativas que se prometían despois da actuación dos bispos filipinos, pois o cambio de monarca propiciou tamén unha mudanza de política na provisión de prelados. O Seiscentos caracterizarase na súa maior parte por episcopados fugaces, desempeñados por individuos máis preocupados pola súa carreira política que polo seu labor pastoral.

Tempo medio de duración dos episcopados		
	1598-1700	1701-1800
Santiago	9,5	10,6
Mondoñedo	7,1	14,0
Lugo	6,0	11,7
Ourense	6,9	14,0
Tui	5,7	15,6

Fonte: Rey Castelao, 1996

O absentismo episcopal volveu ser moi importante durante boa parte do Seiscentos, por iso o intenso labor sinodal que se experimenta entre 1600 e 1640 - o 82% dos sínodos reunidos entre 1563 e 1700 (40 de 49) teñen lugar neses anos- vese en boa parte frustrado pola falta de aplicación posterior das súas dis-

<sup>1</sup> En San Xés de Francelos (Rivadavia) la iglesia "estaba llena de cubas y una pipa, está todo el año cerrada y convertida en otros usos y no se dize misa en ella". Y en San Xián de Moimenta, "por falta de clérigo enterraban muchas veces los niños [sin él]; y ansi mismo declararon que no savian los artículos de la fe porque no tenyan quien se los insinase. Paresció que estava la iglesia cerrada, que al parecer avia un año que no se abría alynpiado la pyla [bautismal, que estaba] llena de lymo y convertida la iglesia en otros usos; el cálice lleno de telas de araña...". Arquivo Catedralicio de Tui (A.C.T.), Fondo de Visitas Pastorais.

<sup>2</sup> A.C.T. Fondo de Visitas. Informe da Visita Pastoral de 1588 realizada en tempo do bispo D. Bartolomeu Molino.

posicións ante o descenso dos periplos pastorais. Hai un caso moi ilustrativo do cambio operado. No bispado de Mondoñedo, D. Isidro Caja de la Jara (1582-1593) levou a cabo unha importante tarefa da que son proba destacada as constitucións do sínodo de 1586, que forman un impresionante monumento lexislativo. Non obstante un dos seus sucesores, D. Pedro Fernández Zorrilla (1616-1618), declara que ao chegar á diocese a atopou nun estado lamentable e sen constitucións sinodais, séndolle preciso traer de Burgos un exemplar das de 1586 para facelas reimprimir.

Dende o último terzo do século XVII en diante obsérvanse, porén, cambios notables que terán a súa continuación durante a centuria seguinte. É certo que diminúe a actividade sinodal, o cal é coherente cunha realidade en que as normas canónicas estaban xa ben asentadas, pero aumentan as visitas e a publicación de cartas pastorais, véndose os seus efectos favorecidos por unha maior estabilidade dos prelados, consecuencia da ampliación dos períodos de goberno e de residencia á fronte das súas dioceses; unha circunstancia que, á súa vez, favorecerá tamén un maior control sobre o clero diocesano. Esta situación contribuiría de modo notable a introducir fondas transformacións na vida relixiosa da poboación galega. Con todo, e a diferenza do acontecido durante a segunda metade do Cincocentos, o proceso carece de homoxeneidade e os ritmos non serán similares nos distintos territorios episcopais, o que traerá consigo un desaxuste temporal na obtención de resultados nuns con respecto a outros, como teremos ocasión de comprobar.

## 2. A Reforma do clero secular. Mais formación, disciplina e mellores costumes

Un obxectivo prioritario da acción reformadora da xerarquía eclesiástica galega, consistiu en introducir nas filas do clero parroquial e capitular disciplina e formación, tanto intelectual como doutrinal, pois o certo é que se a documentación nos pinta un triste cadro do comportamento dos fieis, non é máis favorable á hora de describir o do clero que debía exercer a tarefa de educar e guiar aqueles na fe. As visitas pastorais da primeira metade do XVI desvelan a existencia dun elevado absentismo dos párrocos, e as constitucións sinodais insisten en sinalar a presenza de clérigos que descoñecen o latín, que non saben escribir, nin cantar o oficio divino, e ignoran os principios elementais da doutrina cristiá; así mesmo denuncian reiteradamente irregularidades no rezo do breviario, a celebración da misa, o emprego do calendario litúrxico e mesmo na administración dos sacramentos ao seu rabaño. A isto engádense outras moitas denuncias respecto ao seu comportamento moral no relativo ao celibato, a participación en banquetes profanos e bailes, intervención en negocios seculares, falta de caridade, exceso de violencia, práctica de xogos de azar e demasiada familiaridade coas tabernas e o viño que se despachaba nelas. Non obstante non foi doado levar a cabo a reforma de costumes dos clérigos, que se opuxeron teimudamente aos intentos de control por parte do episcopado. Xa en 1528 Carlos I tivo que ordenar ao gobernador e alcalde maior de Galicia que axudase aos representantes do arcebispo de Santiago, D. Xoán de Tabera, para castigar os clérigos que alborotaban o reino con conspiracións polo desgusto que causaran entre eles as medidas disciplinares do prelado, que *“han quitado e echado las mugeres que tenían algunas personas eclesiásticas públicamente en sus casas y en otras partes, con sus hijos como casados [e] de otros excesos e desobediencias”*. Outros esforzos posteriores correron semellante sorte, como aconteceu ao arcebispo D. Gaspar de Ávalos, que en 1543 quixo exercer un maior control sobre os nomeamentos de reitores e atopouse cun recurso diante da Audiencia de Galicia promovido polos implicados, aos que o tribunal recoñeceu os seus derei-

Don Juan Tabera (1472-1545), arcebispo da arquidiocese de Santiago de Compostela, ao mesmo tempo que presidía as Cortes de Toledo e as de Valladolid no ano 1525



tos históricos obrigando ao prelado a paralizar a súa iniciativa. Aínda nos anos setenta queixábanse os bispos ao rei do estéril dos resultados da ardua loita que mantiñan cos seus diocesanos, debido ao amparo que atopaban nos tribunais e o favorecidos que saían dos enredos dos xuíces.

## 2.1 A importancia da formación do clero



Seminario Conciliar de Mondoñedo. Lembra que a súa fundación foi a partir das disposicións do Concilio de Trento

Os esforzos por contribuír a unha mellor formación do clero son evidentes xa nos sínodos da primeira metade do século XVI, non obstante os bos desexos pronto bateron coas dificultades materiais para levarlos a cabo. Falaban medios económicos, faltaba profesorado, faltaban instalacións axeitadas e moi probablemente tamén faltaba vontade nos interesados para aproveitar os beneficios dunha posible oferta educativa. Non pode estrañar, polo tanto, a modestia das iniciativas, como, tampouco sen dúbida, a dos seus resultados, ás veces valorados polos biógrafos dos prelados e os seus apoloxistas cun entusiasmo e un triunfalismo en absoluto acorde coa realidade. De feito boa parte daquelas tiñan como obxectivo paliar tan só as carencias máis gra-

ves. É o caso das cátedras de gramática -é dicir, de latín- e canto creadas en Tui polo bispo D. Diego de Avellaneda a raíz do sínodo de 1528, a traxectoria das cales foi moi irregular, pois xa un dos seus sucesores, D. Miguel Muñoz, viuse obrigado a adoptar medidas para consolidalas -en realidade pode dicirse sen esaxero que para volver fundalas- en 1543, aínda que só a partir de 1563 contarán con edificio propio e unha dotación económica axeitada grazas ao bispo D. Xoán de San Millán. Non ían moito máis alá outros proxectos acometidos a finais da centuria, tanto en Mondoñedo -tamén a partir dos anos sesenta-, coma en Lugo -dende os noventa-, que a pesar do solemne cualificativo de seminarios con que foron coñecidos e mesmo presentados nas visitas ad limina, non pasaban de ser nas súas orixes meras escolas de gramática e canto para os nenos do coro, similares á tudense e á que probablemente tamén existía en Santiago sen aquel nome. Outros centros educativos fundados durante o Cincocentos en diversas cidades e vilas galegas, tanto a impulso institucional como privado, e con bens achegados por laicos e eclesiásticos -Santiago 1501, Pontevedra 1533, Ribadeo 1542, Monterrei 1543, Noia 1544, Vilagarcía, tamén nesa década, A Coruña 1549, Viveiro, tamén chamado seminario, 1565,... -, non pasaban de ser meras escolas de latín e pouco máis, a pesar do pomposo título de cátedras e catedráticos que ostentaban os seus preceptores, que en case todo asemellábanse aos mestres que ensinaban pola súa conta noutras moitas localidades da xeografía galega. Tamén houbo un esforzo por introducir no seo dos cabidos catedralicios coenxías de oficio para ensino da Sagrada Escritura, pero os seus resultados deberon ser igualmente moi cativos. En realidade o influxo de tales esforzos educativos apenas debeu

superar o espazo dos núcleos en que desenvolvían as súas actividades ou ben o seu ámbito rural máis próximo, pois dificilmente acudirían estudantes de localidades campesiñas afastadas, que non necesitaban inverter uns caudais, que con frecuencia non lles sobrarían, en desprazarse para aprender o que podería ensinarlles calquera clérigo da súa bisbarra medianamente instruído. A proba do feble da formación adquirida neses lugares é que xa dende moi pronto e de forma sistemática, os bispos van incluíndo nas súas sinodais auténticos compendios de doutrina destinados aos clérigos das súas dioceses, co fin de que lles servisen tanto de manuais de instrución persoal, coma de libros de texto a empregar no ensino dos seus fregueses. Ao mesmo tempo comezan a incluírse nelas referencias a obras que se aconsellaba adquirir aos sacerdotes co fin de ampliar os coñecementos precisos para o exercicio do seu ministerio, así como para inclinalos á práctica da oración e a meditación para que puidesen acadar unha madurez espiritual que favorecese o seu cambio de vida. Non contamos aínda con estudos en profundidade dos enxovais dos curas rurais do Cincocentos, pero non deixa de ser significativo que na manchea de inventarios que manexa o prof. Gelabert, só nun conste un libro, que ademais de non pertencer ao depositario, pois o recibiu dun estudante como garantía dun empréstimo, versa sobre dereito canónico.

## 2.2 Busca de medidas para a mellora dos costumes e aumento da disciplina

Ante tal cúmulo de dificultades, e a pesar dos bos desexos, é evidente que os bispos tiveron que ser tolerantes e transixir coa situación existente, en parte por necesidade e en parte para non colapsar o funcionamento da maquinaria eclesiástica e a cura de almas, agravando os males que se padecían. Expúñao con crueza o bispo de Lugo en carta datada o 29 de Maio de 1575 e dirixida ao rei:

*“porque si se ubiese de obrar a todas las ofensas que contra Nuestro Señor se comenten en este Reyno bendría a çesar el sacrificio de la misa, porque muchos clérigos tiniendo la manceba en casa e hijos y nietos diçen misa sin poderse remediar por mas que los perlados trabajan, y esta mesma razón corre de otras muchas cerimonias que tiene la Yglesia (...)”.*

Por outra banda, as denuncias de épocas posteriores demostran que seguiron accedendo ás ordes maiores individuos que continuaban sen cumprir plenamente os requisitos tan minuciosamente sinalados nas constitucións sinodais dende había décadas, demostrándose así que os bispos do XVI, como xa fixeran os seus predecesores no XV, continuaron durante moito tempo primando a cantidade sobre a calidade. Así o recoñecía abertamente un dos prelados de finais da centuria, D. Isidro Caja no informe da visita *ad limina* que rendeu o 8 de Xuño de 1592 por medio do clérigo Gabriel de Paz. Nel declara que ao longo dos últimos sete anos vírase obrigado a ordenar candidatos moi pouco preparados, pois os únicos de que dispuña eran ignorantes e inhábiles. Non debía ser moito máis favorable a situación noutros lugares. Clemente VIII, entre os reproches que fai ao episcopado español nun breve de 1596, inclúe tamén *que neque sacram ordinationem (...) administrant*, ao que responde con humildade o arcebispo de Santiago dicindo que el celebra ordes catro veces cada ano. Pola súa parte o de Mondoñedo afirma que dende que chegou á sede administrou o sacramento sacerdotal todos os anos e en cada un catro veces. É evidente que non todos os candidatos podían responder ao perfil que se desexaba, pois os resultados da incipiente acción reformadora non podían ser tan espectaculares, e non obstante o número de clérigos non cesa de crecer durante o XVII, tendencia que se mantén ao longo de boa parte do Setecentos.



Antigo cárcere eclesiástico de Lugo, ou tamén coñecido como castelo do Bispo Izquierdo

Durante a segunda metade do século XVII a situación experimenta un cambio substancial, non só porque nalgunhas dioceses aumenta o período de goberno duns prelados mais residentes, senón tamén porque se volve máis intenso o seu control sobre clero e fieis. En Tui os pontificados dos inquisidores D. Fr. Xoán de Villamar (1660-1666) e D. Bernardino León de la Rocha (1669-1673), así como o de D. Fr. Simón García Pedrejón (1674-1682), franciscano como o primeiro, marcan o inicio dunha liña de actuación dura coa celebración dun sínodo (1665), visitas pastorais frecuentes e a combinación de métodos persuasivos -cartas pastorais, promoción de exercicios espirituais e misións- e coercitivos, como a reforma do tribunal do provisor e a construción do cárcere eclesiástico. Comportamentos similares obsérvanse en Lugo e, especialmente, en Santiago.

É na diocese compostelá onde a actividade reformista se recrúa de forma máis temperá e onde antes comezan a recollerse os seus froitos. En efecto, o corte co século XVI é aquí menos brusco e máis breve, pois o talle dos seus arcebispos, como consecuencia das características desta sede, foi sempre máis elevado. De feito a centuria comezara co goberno dun ilustre prelado, D. Maximiliano de Austria (1606-1614), quen celebrou sínodos case que anualmente e coidou moito os percorridos de inspección pastoral. Un dos seus sucesores, D. Fernando de Andrade (1646-1655), comezou a utilizar as visitas como mecanismo de control do clero realizando exames e informes individuais. Será non obstante o pontificado de D. Andrés Girón (1670-1680) que sinala un punto de inflexión do que xa non haberá volta atrás. A súa actuación destaca pola grande enerxía e dureza con que acometeu a tarefa reformadora, non dubidando en encerrar en conventos ou enviar ao cárcere eclesiástico cargados con grillóns e cadeas a algo máis do 12% dos clérigos da súa diocese, actitude que provocou un motín dos seus subordinados, que se reuniron nunha asemblea en Padrón co fin de arbitrar mecanismos de defensa. Isto obrigáralo a moderar os seus métodos represivos, pero non a abandonar os seus planos, mantendo a celebración de exames para controlar a preparación dos candidatos antes de administrar ordes. Así mesmo impulsou as campañas misioneras para adoutrinar non só aos fieis, senón tamén ao clero. Dos resultados favorables non pode dubidarse despois de analizar o cadro seguinte:

A realidade do clero compostelán entre 1650-1680					
Comportamento					
	Párrocos	Ecónomos	Expectantes	Global	Estudantes
Bo	59,1%	60,8%	65,1%	61,7%	84,8%
Regular	17,6%	10,8%	9,1%	13,2%	1,3%
Malo	23,2%	28,2%	25,7%	24,9%	13,9%
Coñecementos					
Bos	61,6%	60,8%	51,4%	58,1%	-
Regulares	26,7%	32,6%	20,0%	24,9%	-
Malos	11,6%	6,5%	28,5%	17,0%	-

Fonte: Barreiro Mallón, 1991

Un de cada catro clérigos mereceu censura polo seu comportamento, situación que é máis favorable no caso concreto dos párrocos. Respecto á preparación, o cadro preséntanos unha realidade algo máis positiva, pero aquí é onde máis se acusa a distancia que separa os curas dos sacerdotes sen obrigas pasto-



rais. De todos os xeitos é evidente que os datos do cadro anterior revelan unha situación máis favorable da que cabería esperar a teor da imaxe reflectida na documentación, e é que non cabe dúbida de que neles están a repercutir os efectos dunha longa traxectoria reformista que excede ao período de goberno de dous prelados, o que demostra que o traballo realizado dende a segunda metade do Cincocentos non foi en van, se ben a partir de mediados da centuria vólvese máis eficaz polo carácter sistemático e enérxico dos métodos empregados<sup>3</sup>. Os prelados da primeira metade do Setecentos continuarán este labor establecendo, na medida en que as súas facultades llelo permitían, un control sobre as provisións a curatos e un endurecemento no contido do exame dos concursos<sup>4</sup>. De igual xeito a obtención e renovación das licencias ministeriais -mecanismo de control para o clero expectante- introduciu unha supervisión periódica sobre a vida e preparación dos sacerdotes. Dos bos efectos destas medidas dan conta os informes de mediados do XVIII, especialmente representativos por canto neste caso se refiren exclusivamente a capeláns e patrimonistas. Agora os clérigos notados por mala conduta non superan o 4,5%, e aqueles cuxa formación se considera deficiente non chega ao 18%. Esta evolución positiva vese confirmada por outro feito, o número de párrocos que acceden a estudos superiores. En efecto, se en 1737 superaban en pouco o 3%, en 1786 aproxímanse ao 30%, o cal terá un importante efecto indirecto, pois isto contribuirá a mellorar a formación de estudantes e futuros sacerdotes, ao converterse en preceptores de moitos deles. Maiores en número, mellor preparados, residentes nos seus curatos<sup>5</sup>, máis honestos no seu comportamento moral<sup>6</sup> e máis responsables no desempeño das súas obrigas pastorais, forzosamente a súa actuación tivo que exercer un efecto proveitoso sobre os seus fregueses.

Con todo, a falta de seminarios tal como os concibía o concilio de Trento, continuará supoñendo un lastre importante na formación do clero, máxime se non concorren circunstancias favorables como as que acabamos de sinalar. É o que sucede en Lugo, onde a intensificación da reforma iniciase serodiamente como consecuencia do atraso no proceso de estabilización do seu episcopado, axustándose os seus resultados a uns ritmos moi diferentes dos ata agora considerados. En efecto, as actuacións prometedoras durante o goberno dos bispos Girón e Santos Moratinos nos anos sesenta, víronse debilitadas polas provisións de finais de século e a longa vacante posterior a 1710. A isto xúntanse as dificultades derivadas das características peculiares do territorio lucense, con parroquias illadas e dispersas, que facilitan a impermeabilidade dos curas respecto aos mandatos sinodais.

Como en Santiago, a reforma asentouse na combinación de dous factores. Un represivo a través do tribunal do provisor da diocese, o labor sistemático do cal iniciase a partir da década dos oitenta do Seiscentos asentándose a partir de principios da centuria seguinte, e un control sobre o acceso ao sacerdocio con exames máis rigorosos. Dende mediados de século os resultados son evidentes e entre 1755-1770 hai unha caída no número de procesos abertos que o demostra. Como sucede en Santiago, alí onde o bispo controla a provisión dos curatos, os resultados son máis positivos. Con todo, estes cambios non se consolidan ata principios do Oitocentos, cun século de atraso respecto á diocese compostelá. Isto demostra canto co-

<sup>3</sup> Só así se explica que xa en 1652 algúns arceprestados presentasen unha situación moi positiva, como é o caso de O Morrazo, cun 62,1 de párrocos e un 63,6 de estudantes facendo gala dun comportamento sen chata.

<sup>4</sup> Aquí radicaba boa parte do problema, pois os párrocos que accedían ao seu curato por concurso presentaban unha condición moito máis favorable que os de provisión laica ou eclesiástica. Xa o denunciaba o bispo de Ourense en 1590: "Allégase a esto alguna falta de curas por ser presentados y muchas veces se escoje el pariente y no el docto".

<sup>5</sup> A proporción de párrocos rurais que testan na cidade de Santiago e non nos seus curatos, evoluciona do seguinte xeito: 1641-70, 20 ; 1671-1700, 13,7 ; 1701-1730, 5,5 ; 1731-60, 2,6 ; 1761-90, 1,8 y 1791-1810, 1 .

<sup>6</sup> De todos os xeitos nunca se erradicarán por completo todos os defectos, pois como con gran lucidez escribía en 1590 o bispo de Ourense, "aunque hay clérigos, muchos, muy recojidos y cada día ay más reformation y recato, que dejar de aver miserias en esto asta que se acabe el mundo no es cosa de creer".

mentabamos páxinas atrás acerca do seminario lucense e as súas características, pois non parece que a súa existencia desempeñase un papel decisivo na transformación do clero da diocese; Santiago sen seminario, pero grazas a un esforzado e continuo labor episcopal obterá con moita antelación mellores resultados.

### 3. As campañas misioneras medio de propagación das maneiras tridentinas

Non se poden explicar por completo os cambios introducidos nas actitudes relixiosas da poboación galega ao longo do século XVII, sen considerar o intenso labor misionero desenvolvido polas diferentes ordes relixiosas, tanto as establecidas dende antigo como as de nova implantación a partir da segunda metade do XVI. Igualmente activa foi a participación nesa tarefa de misioneiros apostólicos seculares, que sen ter unha ligazón especial coa terra, acudiron a ela conscientes de que as súas características xeográficas -montañosa e illada- convertíana en “tan Indias como las de Japón”<sup>7</sup>.

Dominicos e franciscanos realizaron unha senlleira tarefa evanxelizadora, aínda que moi mal coñecida polo miúdo por causa do alongado baleiro documental que sobre as súas actividades se estende durante todo o Seiscentos. Non obstante do intenso e continuado labor duns e outros existen probas abondo, que se remontan ao último terzo do XVI, momento no que se enceta en Galicia a época doucada da actividade misionera, e perduran ata a exclaustación. Dos frades predicadores -que chegarán a ter en Galicia trece conventos masculinos e catro femininos, ademais de varias residencias con cargo parroquial- temos constancia de frecuentes periplos pola diocese tudense emprendidos a partir dos conventos de Tui e Ribadavia, segundo consta nos libros das confrarías fundadas por eles como parte da súa tarefa misionera<sup>8</sup>.

Os fillos de San Francisco, con vinte e dous conventos en Galicia a finais do século XVI e un colexio de misións fundado en Cambados en 1695 e logo trasladado ao convento de Santo Antonio de Herbón (Padrón) en 1701, levarán adiante unha esforzada tarefa, facilitada polo aumento de efectivos da orde, un 69% entre 1591 e 1808, de cuxo éxito fala de xeito elocuente a expansión e a solidez das devocións do seu instituto, tales como o culto a Santo Antonio de Padua, o emprego do seu hábito como mortalla ou a elección dos seus altares para a celebración dunha porcentaxe importante das misas dispostas nos testamentos<sup>9</sup>.

Ás mencionadas xúntanse outras ordes de menor implantación e de actividades, a día de hoxe, practicamente descoñecidas. É o caso dos carmelitas de Padrón, que chegan en 1715 e axiña gañarán o afecto dos fieis, como demostra a expansión do culto á Virxe do Carme e a diminución dos ingresos do convento franciscano de Herbón por vía de esmolos; ou dos agostiños.

Non esgota canto levamos dito á achega misionera, pois hai iniciativas individuais que non poden desprezarse, aínda que no seu conxunto este labor pasa moitas veces desapercibido para os historiadores. Non é o caso do capuchino Fr. Xosé de Carabantes, que levou a cabo 152 misións en Galicia entre 1669-1694, sobre todo nos bispados do interior, ben coñecidas grazas á biografía que deste personaxe publicou Diego González de Quiroga en 1698, pouco despois da súa



Convento de Santo Antonio de Herbón (Padrón). De 1701 ata a exclaustación de 1835 funciona como colexio seminario de misións

<sup>7</sup> Así se expresaba o cóengo compostelán D. Telmo Ruiz de Tapia cando en 1566 trataba de convencer o Xeneral dos xesuítas para que se decidise a fundar un colexio na cidade de Santiago.

<sup>8</sup> Podemos mencionar os anos 1587, 1591, 1614, 1640, 1653, 1673, 1681, 1697, 1747, 1755, 1766, 1792 e 1805. Arquivo Histórico Diocesano de Tui (A.H.D.T.), Fondo Parroquial.

<sup>9</sup> Fr. Buenaventura Tellado ao facer relación das indulxencias que gañan os que bican o hábito dos franciscanos, sinala, “diligencia que en Galicia (...) suele la piedad católica hacer de rodillas”. TELLADO, B.: *Promptuario de Terceros (...)*. Imprenta de Santa Cruz. Salamanca, 1729, p. 402.

morte. O mesmo cabe dicir doutros predicadores seculares, como o P. Francisco Colmenero, que percorreu Galicia a mediados do XVIII deixándonos en dous libros noticia das súas actividades. Pero outros moitos quedaron no anonimato ou apenas coñecemos algo máis que o seu nome, como o P. Simón Moreira Saavedra, do que sabemos que, con licenza do bispo de Tui, percorría esta diocese en Xuño de 1684<sup>10</sup>.

Non obstante, ao tratar de campañas misioneras, é obrigado destacar de xeito especial a actividade desempeñada pola Compañía de Jesús, cuxa presenza ocasional en Galicia ten lugar con anterioridade á fundación dos seus colexios, o primeiro dos cales se establece en 1556 na localidade ourensá de Monterrei grazas á iniciativa do Conde do mesmo título. Nas décadas inmediatas instálanse en Santiago -en 1577- por obra do arcebispo D. Xoán Blanco, e en Monforte en 1593, a instancias do Cardeal D. Rodrigo de Castro, ilustre rebento da casa condal de Lemos. Os de Ourense e Pontevedra aparecen case simultaneamente en 1652 e 1653 tendo como base económica os respectivos legados procedentes das Indias. Pecha a nómina o colexio de A Coruña, de xestión longa e laboriosa a partir de 1673.

As campañas misioneras tiñan como obxectivo implantar as directrices de Trento e neste aspecto foron un mecanismo complementario dos sínodos e as visitas pastorais, pois contribuíron a divulgar as súas constitucións e mandatos facilitando así que fosen respectados e obedecidos. Neste senso a instrución dos fieis -e dos párrocos- nos principios da doutrina cristiá foi un obxectivo prioritario, que se viu acompañado do fomento da práctica sacramental da penitencia e a comunión, aspecto especialmente coidado polos xesuítas cuxa actitude en materia eucarística vai ser moito máis aberta e permisiva que a observada por outras ordes e, en especial, polo clero secular, sobre todo a partir da querela cos xansenistas, que levou á Igrexa a adoptar unha actitude en exceso prudente, o resultado da cal foi restrinxir o achegamento dos fieis á Eucaristía reducíndoo a dúas ocasións moi concretas, anualmente por Pascua e en forma de viático cando enfermaban gravemente. Serán tamén albo do seu labor a reforma de costumes procurando suprimir infraccións morais, algunhas fortemente arraigadas ao non considerárense como pecaminosas polos fieis -amancebamento, simple fornicación, adulterio, bigamia...-, así como as transgresións espirituais -blasfemias, xuramentos, supersticións,...-, para cuxa represión contaron co apoio do Santo Oficio, que se estableceu en Galicia a partir dos anos sesenta do século XVI. Así mesmo pretendéron a eliminación de retesías e odios persoais, pretendendo con iso establecer un espírito de fraternidade en comunidades rexeneradas espiritualmente.

Como apoio ao seu labor de catequese e co fin de consolidar de cara ao futuro o éxito acadado -sempre seguro, pero tamén ameazado unha vez arrefriados os entusiasmos do momento-, os misioneiros procuraban introducir prácticas devotas. O rezo do rosario foi a principal de todas elas. Oración por excelencia da reforma tridentina e bandeira particular da orde dominica, foi impulsada por todos cantos desenvolveron campañas de evanxelización co gallo de fomentar unha relixiosidade disciplinada e participativa, ao tempo individual e colectiva, ao que tamén coaduvou, como veremos no apartado seguinte, o encadramento dos fieis en confrarías, a fundación das cales será outra das actividades habituais dos predicadores.

O éxito das campañas misioneras foi incuestionable e debe medirse, máis que na obtención de obxectivos mediatos, que se apagaban unha vez arrefriados os rescaldos da emoción pasaxeira, na paulatina adopción de determinados hábitos, que contribuíron á mellora dos comportamentos. A reiteración con que se celebraron durante dúas centurias, explícanos o avance e a consolidación das medidas reformistas.

<sup>10</sup> A.H.D.T. Arquivos Parroquiais. Santa María de Gargamala. Libro da Confraría de N. S. do Rosario.

## 4. O papel das confrarías máximo referente de integración da igrexa na vida da parroquia

As asociacións relixiosas non serán unha creación da Contrarreforma, pero foi esta a que estimulou a súa multiplicación naquelas rexións que gardaron a súa fidelidade a Roma. Eran moitas as vantaxes que ofrecían aos ollos dos eclesiásticos. Aseguraban a difusión da doutrina aprobada polos pais conciliares, garantían a participación dos fieis nos actos litúrxicos, de xeito especial nas festas máis sobranceiras do calendario relixioso, agora remodelado; permitían a existencia dunhas reservas económicas para solemnizar as cerimonia da Igrexa e aquelar os templos, ao tempo que servían para disciplinar e homoxeneizar a piedade dos fieis, introducindo hábitos devotos regulares na súa existencia cotiá<sup>11</sup> e poñendo o seu control nas mans dos párrocos. Todo iso xustifica o forte estímulo que reciben de bispos, curas e relixiosos. Algúns prelados ordenan a súa creación nas constituicións sinodais, como fai en Santiago D. Gaspar de Zúñiga en 1559 ao declarar obrigatorias as do Santísimo na súa diocese -disposición renovada por D. Francisco Blanco en 1576 e D. Xoán de Sanclemente en 1601- ou D. Isidro Caja en Mondoñedo respecto as eucarísticas, as do Rosario e das Ánimas do Purgatorio en 1586.

Pero tamén aos fieis lles ofrecían importantes beneficios, de aí a súa boa disposición para afiliarse a elas. Seguridade ante os problemas da vida cotiá (protección do patrón) e o Alén (indulgencias, oracións dos irmáns, celebración de sufraxios de xeito permanente), tamén garantían unha mínima infraestrutura funeraria con que solemnizar o velorio, a condución do cadáver e o enterro dos confrades (cera, pendón, acompañamento, en ocasións o escano ou cadaleito comunitario...). Ao mesmo tempo contribuían á cohesión da comunidade, pois algunhas obrigaban nos seus estatutos a facer as paces aos irmáns postos a mal, e tamén permitían o desenvolvemento de mecanismos de sociabilidade, como, por exemplo, a celebración da festividade do padroeiro, que ademais de aspectos espirituais, comportaba outros profanos -comidas e bailes- que contribuían a romper a monotonía da vida cotiá e a fomentar a identidade do grupo, en especial cando o titular da freguesía tamén era o da irmandade. Por outra banda, as confrarías de Ánimas -especialmente, pero non só- permitirán regulamentar o culto ós defuntos, que tanta importancia ten nas comunidades do Noroeste, de maneira que non é difícil albiscar a súa pegada nas crenzas relacionadas con contactos entre vivos e finados<sup>12</sup>. Estes factores, unidos á boa conxuntura agraria pola que atravesa Galicia durante o século XVII, explícanos que sexa entre 1630 e 1740 cando teña lugar o seu mellor momento, producíndose un inzamento de irmandades, ata o punto de superar amplamente no arcebispado de Santiago, nos anos corenta do século XVIII, a media de dous por freguesía nas comunidades rurais dos arceprestados do norte e de tres nos do sur do seu territorio.



Peto de ánimas de Briallos, cumpre a misión de recordar aos vivos o que nos pode esperar noutro mundo. Portas, Pontevedra (Foto do autor)

Media de confrarías por parroquia. Arquidiocese de Santiago				
Arceciogados	1547-48	1594	1630/50	1740/50
Trastámara	0,22	0,75	1,26	2,13
Nendos	-	-	1,23	2,23
Cornado	-	-	-	1,98
Deanazgo	-	0,83	1,38	2,60
O Sainés	-	0,64	1,41	3,14

<sup>11</sup> Rezo do rosario en determinados días ou celebración regular de procesións, como as mensuais que sinalan moitas constituicións de confrarías do Rosario ou do Santísimo Sacramento, estas chamadas minervas.

<sup>12</sup> O cortexo da Santa Compañía non é mais -á hora de concibir unha canle de contacto co Alén- que o reflexo das chamadas procesións de ánimas que estas confrarías popularizarán. En moitas freguesías, aínda hoxe, vencéllase a desaparición das pantasma e visións de espectros coa restauración daquela práctica, que tiña caído no esquecemento co paso dos anos.

No bispado de Tui a evolución foi semellante, se ben as lagoas documentais impídenos medila con tanta exactitude como na diocese compostelá. En efecto, as visitas pastorais de mediados do XVI -1551 e 1559- revelan unha escasa presenza de irmandades, pois dun total de 115 núcleos de poboación só aparecen en oito (6,9%), sendo na súa maior parte localidades de certa entidade como Baiona, Vigo, Bouzas ou A Guarda. A finais do século XVIII a situación da diocese coincide coa de Santiago, segundo se desprende da media de confrarías existente nas súas parroquias rurais cara a 1780:

Arcediagado de Miñor	3,57
Arcediagado de Montes	3,70
Deanazgo	2,82
Maestrescolía	3,08
Chantría	2,75

No bispado de Mondoñedo a tendencia é similar, pois se a principios do século XVII a media de confrarías por parroquia é de 1,5, a finais do século seguinte ascende a 2,3.

## 5. O pasamento, os seus preparativos e novas devocións no marco da reforma tridentina.

Os efectos dunha acción tan intensa como prolongada, aínda a pesar do seu carácter discontinuo, forzosamente tiña que deixar pegada sobre a poboación do Noroeste, e así maniféstao, en efecto, a documentación, que aos dous séculos de iniciarse aquela mostra un panorama sensiblemente distinto. Un indicio moi significativo é a difusión do hábito de testar, é dicir, de dispoñer xuridicamente a ordenación dos bens antes da morte, non só entre os herdeiros senón tamén en beneficio da alma, tal e como aconsellan repetidamente aos fieis os seus directores espirituais en sermóns, libros de piedade e tratados de teoloxía moral. Non é sorprendente, polo tanto, que nos atopemos con proporcións de testadores ante notario que oscilan entre algo máis da cuarta parte e do terzo do total de falecidos, pero que poden acadar niveis superiores no medio rural -sobre o 60/70% - se lles sumamos a aqueles os chamados testamentos nuncupativos ou memorias simples, outorgados ante o sacerdote que vén a administrar os últimos sacramentos, o estudante do lugar ou de calquera capaz de recoller nun anaco de papel a última vontade do que se sabe xa co pé na estribeira. Ademais hai outro dato revelador que non pode pasarse por alto. De xeito progresivo os testadores van adiantando o momento da redacción do mencionado documento sen agardar a unha seria deterioración da saúde, como aconsellan tamén os seus pastores espirituais. Así, de niveis superiores ao 80% de outorgantes que na segunda metade do Seiscentos declaran estar enfermos en cama cando se deciden a poñer en orde as súas cousas, pasamos a proporcións inferiores ao 57% na última parte da centuria seguinte.

Outro dato moi expresivo atopámolo na recepción do Viático e a Extremaunción. Se no século XVI os bispos víanse obrigados a insistir nas súas sinodais sobre a obriga dos párrocos de celar a súa administración e dos fieis en solicitalos e recibilos, o estudo das partidas de defunción revélanos proporcións que roldan ou superan, segundo os momentos e lugares, o 90% de individuos que entre mediados do XVII e mediados do XVIII decidiron aparellar a súa alma con tan só-

lido escudo fronte ás postremeiras tentacións demoníacas e o arranxo de contas no divino tribunal.

Un exemplo máis do triunfo da Igrexa postridentina queda reflectido na importancia que conceden os fieis ao coñecemento, profesión e defensa dos principais misterios da fe católica. As invocacións testamentarias, a través da fórmula notarial, indícanos como os preceptos doutriniais asentados polo Concilio foron asimilados progresivamente polos outorgantes, resultado dun coidado, sistemático e permanente labor de catequese desenvolvido polos párrocos e as ordes relixiosas a través das súas campañas misioneras. Uns principios concisos e básicos (misterio trinitario, maxisterio da Igrexa, valemto espiritual da Virxe e os santos, misterio da redención e encomendación da alma), pero cuxo coñecemento e profesión se consideran imprescindibles para poder atinxir a salvación, como reiteradamente recordan os catecismos e insisten os moralistas, e de cuxo valor e importancia para os fieis dá conta, non só a súa presenza permanente a través do tempo, senón tamén o progresivo enriquecemento do seu contido, que non se detén ao longo de todo o Setecentos, pois se xa na segunda metade do XVII máis dun 74% dos testadores optaban polas fórmulas máis elaboradas, a tendencia continúa en alza e durante a primeira metade do XVIII aqueles supoñen o 87% do total.



Santa Marta de Ribarteme, onde cada 29 de xullo se celebra a procesión dos cadaleitos, mestura de ritualidade simbólica e relixión  
Fonte: [www.asneves.com](http://www.asneves.com)

Ao mesmo tempo os fieis iranse decantando polo emprego do hábito dunha orde relixiosa mendicante como mortalla.

A solicitude de hábito relixioso como mortalla en Galicia						
	Santiago		Tui		Lugo	
	Cidade	Campo	Cidade	Campo	Cidade	Campo
1641-1700	95,9%	54,4%	-	-	40,0%	1,8%
1701-1760	97,6%	92,7%	98,0%	75,3%	77,5%	21,5%

No seu conxunto, máis de dous terzos de todos os testadores do arcebispado de Santiago entre 1641-70 optaron por un sudario relixioso; esa proporción aumentou ao 95,6% no segundo terzo do Setecentos en todo o occidente galego. Especialmente significativa resulta a evolución campesiña, pois partindo duns niveis baixos -31,2% entre 1641/70-, ponse á altura das cifras urbanas nun proceso que sorprende pola súa rapidez, proba do intenso esforzo realizado sobre a súa poboación para introducir novas prácticas piadosas. Os datos testamentarios vense confirmados pola documentación parroquial, como no caso da freguesía tudense de San Xoán de Páramos, onde entre 1732-55, case que o 76% do total de veciños falecidos (non só testadores) amortallouse coa mencionada prenda, demostrándose así a ausencia de nesgo na información obtida dos protocolos notariais.



O hábito franciscano superará en popularidade a todos os demais xuntos, acaparando máis do 82% do total de solicitudes en todo o occidente galego e o 96% na área lucense, resultado da popularidade do *Poverello* e a súa orde, así como do elevado número de indulxencias que concedía o seu emprego, ata o punto de acabar sendo considerado polos fieis como un salvoconduto infalible para abandonar axiña o Purgatorio e entrar no Paraíso, tal e como o demostra a existencia de estampas e de petos de ánimas espallados por todas as encrucilladas de Galicia, nos

que se mostra a San Francisco ou a Santo Antonio pescando almas de entre as lapas co cordón que cingue o seu saial. Un bo feixe de lendas populares referentes a ánimas condenadas que deben retornar ao mundo dos vivos para que lle rachen e poder así entrar no Inferno, constitúen tamén boa proba do valor que se lle concedía por parte dos fieis<sup>13</sup>.

Outra práctica que se acaba impondo entre os galegos é a de sinalar sepultura no interior dun templo co fin de gozar da protección dos seus muros e da proximidade de Cristo, patente na Eucaristía, para que os velase durante o sono da morte e puidesen resucitar na súa presenza ó fin dos tempos. Un comportamento que se ben vive os seus inicios no período medieval, verase estimulado durante o século XVI polo espírito contrarreformista, provocando que os cemiterios, cada vez máis abandonados, acaben quedando relegados a servir de carnarios de miserables ou última morada de individuos que pretenden dar exemplo de humildade cando a morte converte en ridícula a vaidade de que fixeron ostentación mentres vivían. Na cidade de Santiago a mediados do Cincocentos aínda o 44% dos testadores opta por unha necrópole como lugar de inhumación; entre 1641-1700 non chegan o 4% e durante os cincuenta anos seguintes a práctica totalidade dos testadores, tanto urbanos como rurais, das dioceses galegas inhumaranse no interior dunha igrexa<sup>14</sup>.



Imponse nestes séculos a práctica da sepultura no interior da igrexa. Búscase gozar da protección dos seus muros e da proximidade de Cristo e así poder resucitar na súa presenza ao fin dos tempos

Como consecuencia do apoio que dan os pais conciliares ao valor satisfactorio da misa para a remisión das penas espirituais, esta vaise consagrar como o sufraxio por excelencia para eludir ou acurtar a estancia nas calores do Purgatorio. Non é de estrañar, polo tanto, que o seu número se multiplique considerablemente ao longo do tempo nas solicitudes dos testadores; unha realidade que se aprecia tanto en Tui coma en Santiago e Lugo, na cidade ao igual que no campo, e que é común a todos os grupos que conformaban a escala social.

Evolución da media de misas en Galicia						
	Santiago		Tui		Lugo	
	Cidade	Campo	Cidade	Campo	Cidade	Campo
1641-1700	272	78	-	-	138	43
1701-1760	700	173	179	71	216	34

Estreitamente relacionado co tema anterior atópase o das fundacións perpetuas, pois perseguen un obxectivo similar, aínda que prolongándoo no tempo. Na súa maior parte -entre o 80/90% do total- consistirán en asegurar a celebración de misas de xeito indefinido, constituíndo a súa creación un dos xestos piadosos máis característicos da relixiosidade barroca, alcanzando o seu mellor momento na segunda metade do século XVII. En Compostela máis dun 54% dos individuos que ordenan a súa última vontade entre 1681-1700, decide cargar os seus bens cunha hipoteca espiritual; no campo santiagués son máis do 66% entre 1660-1680. É certo que o seu éxito será a causa da súa deterioración, pois non se poden

<sup>13</sup> É curioso o costume gardado nalgunhas parroquias de Cotobade (Pontevedra) nas que para evitar tal posibilidade, en lugar de vestirlo, simplemente se pousaba encol do cadáver. A orixe destas lendas atópase en sermóns de dominicos e franciscanos, que empregaban eses exemplos para loar as virtudes dos hábitos. En Anceu (Ponte Caldelas) aínda se conta o caso de dúas mulleres que fuxiron arrepiadas abandonando o gando que gardaban ó ver achegarse cara a elas polo camiño a dous frades que viñan predicar unha misión na súa parroquia.

<sup>14</sup> A esta realidade escapan en parte os composteláns debido ao atractivo que para eles ten o cemiterio da Quintana, que é o da catedral, pola súa proximidade ao sepulcro do Apóstolo, aínda que esta preferencia nunca desprazará aos templos da urbe, que nos mellores momentos daquel -a mediados do XVIII- seguen contando co favor do 70% dos testadores

establecer de forma ilimitada. Por un lado porque os bens se resenten na súa capacidade xeradora de rendas; por outro porque chega un punto en que o clero é incapaz de dar saída a tal volume de sufraxios acumulados<sup>15</sup>. Iso explica o motivo da súa diminución progresiva dende principios do XVIII, aínda que case un terzo de testadores as segue establecendo durante a primeira metade desta centuria na diocese de Santiago, e en torno a unha cuarta parte na de Tui. É digno de ser salientado, polo ben que manifesta o éxito do labor pastoral postridentina, que máis do 61 % daquelas fundacións que non están compostas exclusivamente por misas, teñen como obxectivo garantir ou solemnizar o culto eucarístico.

A onomástica -e, naturalmente, as devocións- son tamén fiel reflexo das novidades introducidas polo labor de reforma do clero. Este proceso non é froito dunha moda cambiante, senón o resultado, tamén, dun adoutramento sistemático, como demostran as sinodais ou os sermóns, nos que se impulsa a aplicación aos bautizados duns apelativos ortodoxos, así como a devoción ao santo do nome e ao Anxo da Guarda, a presenza dos cales nos proemios testamentarios non deixará de medrar dende mediados do Setecentos. Así mesmo durante o século XVII e a primeira parte do XVIII se observa, tanto na Galicia atlántica coma no interior do seu territorio, un abandono progresivo de nomes que tiveran un enorme éxito no período medieval: Fernán, Lopo, Álvaro, Roi, Ares, Vasco, Elvira, Leonor, Mencía, Constanza, Sancha..., ao tempo que se van impondo outros que non só se adecúan mellor ao santoral, senón que gardan unha estreita relación co mundo devoto das ordes relixiosas máis populares ou con novas devocións -o que non implica que sexan santos novos- especialmente coidadas pola Igrexa postridentina. Por iso, e deixando a un lado pequenas variantes relacionadas coa tradición local, ou a nomes que seguen conservando un gran dinamismo como consecuencia da súa permanente importancia -o dos Apóstolos ou algúns familiares de Cristo-, vemos triunfar agora plenamente apelativos como Antonio, Francisco, Domingos ou Xosé, coas súas variantes femininas aos que se debe engadir o de Rosa, se ben a onomástica da muller se mostra máis conservadora, pois moitos dos seus apelativos tradicionais coincidían cos que serán promovidos a partir da segunda metade do XVI (María, Ana, Isabel...), mentres que as advocacións marianas (Rosario, Carmen, Dores,...) só se volverán populares serodiamante ao traspasarse o limiar do Oitocentos.

## 6. A modo de conclusión. Luces e sombras doutros tempos sobre o noso presente

Á luz de canto levamos dito, podemos concluír afirmando que a actuación da Igrexa en Galicia a partir da segunda metade do XVI e durante os séculos XVII e XVIII, como noutros lugares do occidente cristián, obtivo éxitos importantes ao saber dar aos fieis o que precisaban naquel momento. Proporcionoulles unha doutrina sinxela, doada de aprender e asimilar; facilitoulles os medios para salvar con éxito os medos que ela mesma sementaba no seu ánimo para lograr o seu arrepentimento e a reordenación da súa existencia; tamén os proveu de novas devocións -reflectidas igualmente nunha nova onomástica- con que afrontar os seus problemas terrealis e espirituais, así como as vías para o seu desenvolvemento a través das confrarías, convertidas tamén nun magnífico vehículo de adoutramento e control espiritual. Dignificou o culto e transformou os templos nun espazo sagrado, lugares de oración, ensino, encontro coa divindade por medio do culto e adoración ao Santísimo Sacramento e cos demais protectores celestiais por medio

<sup>15</sup> Este será tamén o motivo que xustifique o retroceso na media de misas soltas encomendadas na segunda metade do XVIII, como se desprende das advertencias e das mostras de desconfianza dos propios testadores na capacidade de cumprimento dos seus párrocos.



das súas imaxes, que poboarán os novos retablos con que se recubrirán as súas paredes; pero tamén ámbito de refuxio e descanso para os cadáveres dos fieis. Así mesmo deu a estes novos pastores, maiores en número e mellor capacitados que os seus antecesores do Cincocentos para o desempeño das súas obrigas, e por medio das campañas misioneras corruxará os defectos, endereitará as condutas e asegurará as fidelidades. E non se pode dúbida do positivo dos resultados, a pesares dos laios dos eclesiásticos, nunca satisfeitos dos resultados da súa cruzada para converter as parroquias en conventos e os fogares en celas monásticas; nin das moitas supervivencias que salientan antropólogos e etnógrafos nos traballos de campo realizados nos séculos XIX e XX, circunstancia que tamén levou a algúns historiadores a soste a febleza do control da Igrexa sobre os comportamentos populares. A realidade é moito mais complexa. Quen lea as descrições de agonías e mortes redactadas por aqueles que recolleron os comportamentos rurais antes de mediados do Novecentos, e as compare co contido das constitucións de moitas confrarías do Santísimo ou de Ánimas, atopará alí o seu guión. De igual maneira certas prácticas apotropaicas -uso de auga bieita, sal, emprego de estolas en exorcismos feitos por bruxos ou meigas, lectura de ladaíñas, preferentemente en latín, emprego de reliquias en beizóns de enfermos, bautismos prenatais...- non son senón a vulgarización nas mans dos laicos de cerimonia litúrxica propias da Igrexa. Así mesmo moitas festas e prácticas devotas de hoxe en día son meras supervivencias das outrora nadas o abeiro das irmandades relixiosas e que sobreviviron a súa desaparición a partir do primeiro terzo do Oitocentos.

É certo que o desexo de controlar determinadas manifestacións e condutas rematará fracasando, pero tamén o é que a propia Igrexa non só consentiu moitas delas durante moito tempo, senón que incluso as promoveu nos momentos álxidos das loitas doutrinarias<sup>16</sup>. Cando quixo coutar aqueles comportamentos, de maneira especial a partir do século XVIII, xa non foi quen de facelo, dando orixe ademais por parte dos fieis a unha forte reacción en contra, xa que non entendían o porque do cambio de actitude dos bispos, máxime cando moitos párrocos, activa ou pasivamente, se puñan do seu lado. O anticlericalismo decimonónico repercutiría sobre esta situación dando lugar a realidades contraditorias; por un lado ao debilitamento paulatino da adhesión de moitos fieis as normas eclesiásticas, actitude observada máis serodidamente nas comunidades rurais; e por outro, ao cambio de actitude da xerarquía cara a prácticas antes condenadas, como as festas das confrarías, agora valoradas como medio de garantir a fidelidade da masa campesiña. Neste senso é de salientar a resposta do arcebispo de Santiago ao intento do goberno central de suprimir as confrarías en 1842<sup>17</sup>:

*“... en nuestro sentir sería utilísima la conservación de todas las cofradías que radican en las Iglesias Parroquiales y en capillas propias separadas de las mismas, pues que sobre no costar nada al estado, tienen vinculadas así las afecciones de los naturales, que voluntariamente las sostienen para honrar sus difuntos y reunirse el día del patrono, que siempre es un día de fiesta y de alegría para el país”.*

Se os arcebispos do Setecentos puideran ler estas palabras, sen dúbida non lles darían creto. Todo isto axúdanos a comprender mellor o elo que existe entre aquel pasado e o noso presente. Do tirapuxa entre un clero que pretendía homoxeneizar as condutas cunha nova doutrina -ensinada nas igrexas- que procuraba implantar novos hábitos, e uns fieis que loitaban por manter determinadas crenzas -aprendidas ao carón do lume da lareira- que garantían a

<sup>16</sup> Así respondía o bispo de Tui, D. Diego de Torquemada, a Felipell avogando por manter disciplinantes e procesións nocturnas na Semana Santa, que o rei quería abolir: “si en estos tiempos que tan desenfadadamente los herejes blasfeman de las santas ceremonias de la iglesia mudásemos o alterásemos algo de ellas, sería rendirnos en cierta manera a su parecer y convenir con ellos en algunas cosas, de lo qual a de huyr el cristiano aún en las cosas indiferentes”. No século XVIII, rei e bispos loitarán xuntos, sen éxito, contra ese costume.

<sup>17</sup> A.H.D.S., Fondo Xeral, Cartafoi nº 1.211.

súa seguridade material e espiritual, procede esta nosa realidade de hoxe, esmorecente pero aínda viva en moitas comunidades rurais, feita de fracasos e triunfos. Por baixo dunha morte paulatinamente mais clericalizada sobreviviron unhas prácticas nunca totalmente erradicadas, como as que xiran arredor do tratamento do cadáver ou do velorio. Fronte a unha pretendida renovación do culto aos santos, mantivéronse crenzas sobre as súas virtudes terapéuticas, a súa capacidade de vinganza sobre o fiel ingrato e perviviron tamén os ritos apotropaicos e curativos con homes e gando, que era preciso desenvolver ou gardar nos seus santuarios ou nas casas dos que anceiaban a súa protección. Fronte ao intento de converter aos clérigos en únicos intermediarios entre a terra e o Alén, en volvelos os monopolizadores do mundo espiritual; bruxos, meigas e menciñeiros seguiron desenvolvendo un papel indispensable, non só no eido da medicina empírica, senón tamén no control das relacións dos fieis co espazo metafísico e de ultratumba, que nunca conseguirá ser abafado a pesar da forte represión da Igrexa, auxiliada durante séculos polos temibles servidores do Santo Oficio. Luces e sombras dunha loita na que todos perderon e todos gañaron, na que as pegadas do pasado e da súa transformación continúan vivas deica o presente contribuíndo en moitos aspectos a cohesión da comunidade parroquial e ao asentamento dos alicerces da súa personalidade e idiosincrasia.

## Bibliografía (breve escolma bibliográfica)

- **Barreiro Mallón, B.** (1988), "El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)", en *Compostellanum*.
- **Barreiro Mallón, B.** (1991), "El clero de la diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas *ad limina*, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos", en *Compostellanum*.
- **Barreiro Mallón, B.** (2002), "La diócesis de Santiago en la Época Moderna", en J. García Oro (coord.), *Historia de la Diócesis Españolas.14. Iglesia de Santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid.
- **Contreras, J.** (1982), *El Santo Oficio de la Inquisición de Galicia (1500-1700). Poder, sociedad y cultura*, Madrid.
- **Dubert García, I.** (2007), *Cultura popular e imaxinario social en Galicia*. Santiago.
- **Fernández Cortizo, C.** (2003), "Las indias de estas partes. La reforma del clero y del pueblo en el obispado de Ourense, 1500-1650", en J. de Juana et al., *Perspectivas pluraís sobre a Historia de Galicia. XII Xornadas de Historia de Galicia*. Ourense.
- **Fernández Cortizo, C.** (2007), "Para que esta gente bárbara fuese política y doméstica y enseñada en la doctrina cristiana. Iglesia, estado y reforma religiosa en Galicia (siglos XVI-XVIII)", en *Manuscrits*, 25.
- **García Oro, J.** (1979), "La vida religiosa en el Valle de Oro a principios del siglo XVI", en *Compostellanum*, 3-4.
- **García Oro, J.** (2005), *Historia de la Iglesia.III. Edad Moderna*, Madrid.
- **García Oro, J. e Portela Silva, M<sup>a</sup> J.** (1998), "Felipe II y los obispos de Galicia en la hora de la reforma tridentina", en *Lucensia*, 17.
- **García Oro, J. e Portela Silva, M<sup>a</sup> J.** (1999), "La recepción del concilio tridentino en Galicia. Informes de los obispos gallegos a Felipe II", en *Lucensia*, 19.
- **Gelabert González, J. E.** (1982), *Santiago y la Tierra de Santiago de 1500 a 1640*. Sada.
- **González Lopo, D. L.** (1996), "Aspectos de la vida religiosa barroca. Las visitas pastorales", en *Las religiones en la Historia de Galicia. Sémata*, 7-8.

- **González Lopo, D. L.** (1998), "El papel de las cofradías en las prácticas funerarias de las comunidades rurales gallegas (siglos XVI-XVIII)", en *Morte e sociedade no N.O. peninsular e Un percorrido pola Galicia cotiá*, Santiago.
- **González Lopo, D. L.** (2001), *Las mentalidades religiosas de Antigo Régimen en la Galicia occidental*. Tese de doutorado defendida na Universidade de Santiago en Decembro de 2001. Capítulos inéditos.
- **González Lopo, D. L.** (2002), *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago.
- **Iglesias Almeida, E.** (2007), "Las visitas pastorales del arcedianato de Rivadavia en el siglo XVI", en *Diversarum rerum (Revista de los Archivos Catedralicio y Diocesano de Ourense)*, 2.
- **López López, R.** (1990), "Las cofradías gallegas en el Antigo Régimen", en *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaje al prof. Antonio Eiras Roel en el XXV aniversario de su Cátedra.* Santiago.
- **López López, R.** (1993), "La religiosidad popular en Galicia durante el Antigo Régimen", en *O feito relixioso na Historia de Galicia*, Santiago.
- **Mariño Ferro, X. R.** (2000), *Antropoloxía de Galicia*. Vigo.
- **Pérez López, S.** (2003), *La Iglesia en la Galicia bajomedieval (1215-1563)*, Santiago.
- **Rey Castelao, O.** (1996), "Edad Moderna: Iglesia y Religión", en *Las religiones en la Historia de Galicia. Sémata*, 7-8.
- **Rey Castelao, O.** (1998), *A Galicia Clásica e Barroca*. Vigo.
- **Rey Castelao, O.** (2002a), "La diócesis de Tuy en la Época Moderna", en *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesia de santiago de Compostela y Tuy-Vigo*, Madrid.
- **Rey Castelao, O.** (2002b), "La diócesis de Lugo en Época Moderna", en *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*, Madrid.
- **Ríos Rodríguez, M<sup>a</sup> L.** (2000), "La preparación de la reforma en Galicia. Alonso Carrillo de Albornoz y la diócesis auriense en 1489", en *Espacio, Tiempo y Forma. Historia Medieval*, 13.
- **Ríos Rodríguez, M<sup>a</sup> L.** (2003), "El arcedianato de Celanova a fines del siglo XV", en A. de Fonseca et al., *Os reinos ibéricos na Idade Media. Livro de Homenagem ao Profesor Humberto C. Baquero Moreno*, Barcelos.
- **Ríos Rodríguez, M<sup>a</sup> L. e Díaz Herrera, C.** (1995), "La vie du clergé rural dans le Nord de l'Espagne médiévale et moderne", en *Le clergé rural dans l'Espagne médiévale et moderne*, Toulouse.
- **Rivera Vázquez, E.** (1989), *Galicia y los jesuitas*, La Coruña.
- **Saavedra Fernández, P.** (1994), *La vida cotidiana en la Galicia del Antigo Régimen*, Barcelona.
- **Sanz González, M.** (1992), "Clero y religiosidad popular en la Península del Morrazo en los siglos XVII y XVIII", en *Pontevedra. Revista de Estudios Provinciais*, 8-9.
- **Sobrado Correa, H.** (2001), *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna*. A Coruña.

# 05 A reforma parroquial de 1867: a diocese de Santiago de Compostela

**Xosé Ramón Barreiro Fernández**

Presidente da Real Academia de Galicia

Catedrático de Historia Contemporánea de Universidade

O obxecto deste estudo é a investigación da reforma xurídica que experimenta a parroquia rural galega no século XIX e máis especificamente entre 1851 e 1868, como consecuencia de dous factores: a perda de boa parte do dote benefical dos párrocos como consecuencia da nacionalización das propiedades eclesiásticas e, en segundo lugar, pola incidencia dos cambios introducidos na sociedade rural como consecuencia da emigración e a inicial integración de Galicia no sistema capitalista que alterou, sobre todo posteriormente ás datas citadas, as relacións económicas e sociais do país galego.

Dos dous elementos destacados, en realidade, só o primeiro actúa en forma decisiva na reforma parroquial dende o momento en que o Estado asume en 1851 parcialmente a responsabilidade da sustentación do clero parroquial reclamando para iso, previamente, un arranxo da rede das parroquias.

O segundo elemento tivo unha influencia moito menor. A emigración reiniciada en 1854-1855 significaba neste intre (1851-1868) un reducido caudal, que non afectaba exclusivamente á zona rural. O desenvolvemento económico, como consecuencia da nosa integración no sistema capitalista, non se inicia ata finais do século XIX cando por causa da crise agraria pola caída de prezos (ante a oferta cerealística de América e de Rusia), foi preciso establecer novas estratexias (exportación de gando, mecanización do agro, primeiras empresas agro-alimentarias etc) (cf. Fernández Prieto, 1992), que non se documentan ata o século XX.

A reforma xurídica da parroquia rural galega do século XIX ten, por conseguinte, un obxectivo moi claro: dar resposta ás demandas dos Gobernos para que o Estado poida elaborar un presuposto axeitado para o ramo do culto e do clero.

Pero antes de verificar a través das fontes históricas os cambios introducidos na rede parroquial rural (verificación que só faremos na diocese de Santiago e que pode servir de paradigma para o resto das dioceses galegas), interézanos salientar algunhas cuestións de tipo histórico canónico sen as que non é fácil entender a fortaleza desta institución que foi capaz de manterse durante séculos resistindo as crises, os cambios intraeclesiásticos e, sobre todo, os intereses tanto do Estado coma dos leigos que se situaron dentro da institución parroquial a través do dereito de padroado.

## 1. A formulación da parroquia como ente benefical

A parroquia experimenta un cambio cualitativo cando ao *officium* ou responsabilidade pastoral se lle agrega o *beneficium* como soporte económico do *officium*.

Este proceso ten dúas fases: na primeira, obrígase aos presbíteros e diáconos á fronte das igrexas locais a residir nas mesmas en forma estable evitando que os clérigos andaran errantes na procura de novos destinos. A estabilidade no oficio non era un privilexio para o clérigo senón unha responsabilidade en favor das propias igrexas. E isto xa se constata a partir do concilio de Calcedonia (451) e contense no c. 6 do concilio de Valencia (549), c. 12 do de Mérida (666), no c. 27 do IV de Toledo (633) etc.<sup>1</sup>

A segunda fase comeza cando a partir do concilio de Roma (502) se permite que os clérigos participen dos bens da Igrexa (algo que antes estaba reservado aos bispos).

Foi así como se pechou o círculo e a parroquia pasa a formar parte do universo benefical, que foi a fórmula utilizada pola Igrexa para a administración do seu enorme poder económico.

A defensa e utilización do dote benefical parroquial (é dicir, os bens ou rendas vinculados a cada parroquia e cuxo fin era a sustentación do clero) é o que explica a necesidade de fixar os límites parroquiais, de defender a inamovibilidade dos mesmos, a non ser por causa grave e taxativamente fixada no *ius poenale* canónico, de delimitar os dereitos dos leigos na administración parroquial. Cada parroquia era, pois, unha institución canónica reforzada nos seus dereitos e obrigacións tanto pola *lex canonica* como polos concilios, e moi especialmente polo de Trento (Sec. XXIV, c. 13 de Ref.), que non debemos esquecer que os seus decretos foron promulgados como lei polo Reino de España.

Parecía a institución parroquial a salvo de continxencias cando primeiro a Revolución Francesa e posteriormente a revolución liberal alteraron radicalmente a relación *officium-beneficium* ao nacionalizar os bens da Igrexa. Iso obrigou aos bispos e ao Papa a formular distintas estratexias para reconducir a situación. Podemos dicir que en cada Estado se procuraron solucións distintas.

### 1.1. O novo modelo parroquial francés

Para asentar con firmeza o seu modelo de Estado, precisaba Napoleón resolver os graves conflitos abertos pola Revolución coa Igrexa. Con esta finalidade o 18 de abril de 1802 foi solemnemente promulgado o concordato entre Francia e o Papa. Acordaran a publicación ao mesmo tempo dun regulamento de cultos, peza que estaría unida ao texto do concordato. Sorpresivamente, Napoleón mandou redactar o regulamento sen consulta previa co Papa, facéndoo promulgar co nome de Artigos Orgánicos.

Foi nestes Artigos Orgánicos onde apareceu unha nova configuración do estatuto parroquial francés. O Estado obrigábase a soste economicamente aos párrocos e por esta razón decidiu unilateralmente reducir en forma drástica o número de parroquias. Argumentou Napoleón que era preciso unificar administrativamente todo o territorio e a redución de parroquias só tiña como obxectivo facelas coincidir cos xulgados de paz: é dicir, tres mil parroquias para toda Francia.

Firma do Concordato de 1802.  
Estampa popular que  
conmemora o restablecemento  
do culto Católico en Francia por  
Napoleón despois da Revolución



<sup>1</sup>O lector atopará a xustificación destas afirmacións no noso artigo "La estabilidad de los párrocos, *Compostellanum*, XIV (1969), pp. 1-68.

En troques, estes tres mil párrocos percibirían un soldo importante do Estado.<sup>2</sup>

Como as necesidades pastorais de Francia non podían ser atendidas decorosamente con só tres mil párrocos, permitiúselles aos bispos crear, cada un na súa diocese, outro tipo de parroquias chamadas *succursales*, que deseguida foron convertidas en verdadeiras parroquias, con autonomía parroquial espiritual e administrativa, pero parroquias sen soldo do Estado e cuxos titulares xa non eran inamovibles senón removibles *ad nutum episcopi*, é dicir, á vontade do bispo.

Apareceron, pois, dous tipos de párrocos e de parroquias: os tres mil cantonais (con soldo, inmovilidade e que ocupaban as cidades e vilas máis importantes) e máis de 17.000 *succursalistas*, sen soldo, nas comarcas máis atrasadas e sen estabilidade.

A resistencia dos *succursalistas* derivou nun cisma na Igrexa francesa (cf. Barreiro Fernández, X.R. 1970: 61-89) especialmente cando os irmáns Allignol, párrocos *succursalistas* lideraron un movemento de rebeldía. No ano 1839 publicaron un libro (cf. Frères Allignol, 1839, p. 292)<sup>3</sup> no que concluían:

*Nous croyons l'avoir prouvé, démontré le nouveau régime ecclésiastique, introduit en France par les articles organiques, est contraire à la nature des choses, à la raison, à sens, à l'expérience des siècles. Il est en opposition directe avec l'esprit de l'Eglise, avec toute la tradition, avec la pratique actuelle de toute la catholicité. Il met l'Eglise Gallicane hors du droit commun, et, sous le rapport de la discipline, il la sépare de la grande unité [...].*

A cuestión non foi resolta ata a aparición do decreto *Maxima Cura* (1910) no que se reformaba a disciplina canónica sobre a remoción dos párrocos desaparecendo a odiosa distinción entre párrocos inamovibles ou cantonais e *succursalistas*.

O modelo parroquial francés non era exportable porque xerou máis problemas que os que veu resolver.

## 1.2. O modelo español da reestruturación parroquial

O concordato de 1851 pretendeu resolver unha serie de conflitos coa Igrexa. Lamentablemente non foi o concordato resultado dun consenso dos partidos progresista e moderado, senón obra exclusivamente do partido moderado, o que significou que cando os progresistas pasaron ao poder, conculcaron o acordo ou aproveitáronse del no que tiña de beneficioso para o Estado prescindindo das obrigacións que o Concordato imponía.

Dá a sensación de que os moderados actuaron cunha especie de complexo de culpabilidade, o que explica tanto o ton obsequioso das disposicións regulamentarias para aplicar o Concordato coma as excesivas concesións outorgadas á Igrexa.

Referíndonos ao tema da estruturación parroquial, o artigo 24 do concordato dicía:

*A fin de que en todos los pueblos del Reino se atienda con el esmero debido al culto religioso y a todas las necesidades del pasto espiritual, los muy reverendos arzobispos y reverendos obispos procederán desde luego a formar un nuevo arreglo y demarcación parroquial de sus respectivas diócesis.*

<sup>2</sup> Boulay de la Meurthe, *Documents su la négociation du Concordat*, 5 vols., París, 1891-1897; Mathieu, *Le Concordat de 1801*, París, 1903, p. 328 negándolles aos Artigos Orgánicos valor xurídico; Semestre, *L'Histoire, le texte et le destinée du concordat de 1801*, París, 1905, p. 304; Desjardins, *Les articles organiques*, Grenoble, 1882, 4ª ed.

<sup>3</sup> Frères Allignol, prêtres desservans, *De l'état actuel du clergé en France et en particulier des curés ruraux appelés desservans*, París, 1839, p. 292.

Esta disposición concordataria cedíalles aos prelados todo o protagonismo no arranxo parroquial, como se o Estado non tivese dereitos que tutelar, sobre todo de índole económica.

Os bispos acolleron con satisfacción a actitude dos moderados, que foi tachada de “entreguismo” polos progresistas.

O gran problema para executar este artigo era de tipo económico porque ao non controlar o Goberno a reestruturación parroquial e ao comprometerse a satisfacer os soldos dos párrocos, ecónomos e coadxutores, mais os gastos de culto, abríase un panorama para o ramo de culto e clero dificilmente avaliable antes de realizar a reforma. Non debe, pois, estrañar que o arranxo parroquial se fose atrasando por culpa dos gobernos.

Unha Real Cédula do 5 de xaneiro de 1854 indicaba “que no siendo posible dilatar más negocio tan importante de que depende la subsistencia proporcionalmente decorosa del culto, la de los párrocos y coadjutores” era necesario acometer a reestruturación parroquial. Por iso lles pide Isabel II aos bispos que exciten.

Ofrecíanse aos bispos 26 normas básicas. Distinguía a Real Cédula (Base VII) entre poboación “aglomerada” e “diseminada”. Na primeira fixébase un baremo poboacional: ata 4000 habitantes, unha parroquia; de 4001 a 10.000, dúas; e logo unha parroquia por cada 5000 habitantes.

Para o caso das parroquias diseminadas

*[...] se formarán comarcas, siempre que el número de almas sea prudencialmente bastante par componer feligresía y se establecerá parroquia en el punto de cada una que se estime más conveniente [...].*

Marcando como único criterio que as aldeas máis distantes estean a “una hora regular de camino”.

Fixábanse tamén os criterios para ter coadxutor, (Bases XIX e XX).

Polo que respecta á dotación, a Real Cédula deixaba a cuestión sen resolver:

*Para fijar la dotación de los curas y coadjutores y la consignación para gastos del culto, se tomarán en consideración primera y principalmente, las circunstancias generales del país y las de las respectiva diócesis, y en segundo lugar las especiales de la población [...].*

É dicir, non se aclaraba nada. Non debe estrañar o desconcerto dos prelados ao ler tan xenéricas referencias. O que sucedera era que o Goberno, que abrira con manifesta xenerosidade a man para facer o arranxo parroquial, agora non acababa de fixar os soldos polo temor a que os gastos dispararan o presuposto do Estado.

Algúns bispos, e a pesar da indefinición do capítulo económico, comezaron a elaborar o arranxo parroquial, pero nos meses de xuño e xullo un golpe de Estado leva novamente aos progresistas ao poder, o que significou a total paralización do proceso.

Novamente os moderados no goberno de España, publican a Real Cédula do 15 de febreiro de 1867. Nesta ocasión, aínda lembrando que

*[...] cuando la situación económica del país lo permita, los diocesanos podrán proponer al Gobierno, en casos dados, [...] el aumento individual que conceptúen conveniente dentro del límite establecido en el artículo 33 del Concordato [...]*

xa se fixan as cantidades a percibir<sup>4</sup>.

Os tipos fixados eran:

- a) as parroquias “de término” entre 6000 e 10.000 reais anuais, quedando o termo medio en 8000.
- b) as parroquias “de ascenso”: entre 4500 e 6000 reais, quedando o termo medio en 5500.
- c) as “de entrada” entre 3300 e 5000, quedando o termo medio en 4000 reais.
- d) as parroquias “rurais” de 1ª clase entre 3300 e 4000, quedando o termo medio en 3600.
- e) as rurais de 2ª clase, entre 2500 e 3600, quedando o termo medio en 3300.
- f) finalmente para os coadxutores entre 2000 e 4000, quedando o termo medio en 3000<sup>5</sup>.

Conforme ao artigo 28 da Real Cédula urxiase aos prelados para que dispuxesen a publicación do novo plan parroquial, sinalando o día no que deben ter lugar as segregacións e agregacións acordadas.

Nesta ocasión os prelados apresuráronse a executar o acordado. Eran conscientes da gravidade da situación política e da ameaza dun proceso revolucionario, que podería trastocar toda a situación<sup>6</sup> e por iso aceleraron a formación do arranxo parroquial.

## 2. A reforma parroquial da diocese de Santiago de Compostela

Aínda que moi probablemente o arcebispo García Cuesta estivo auxiliado dunha reducida comisión na que estarían o cóengo Canosa, que actuaba de Gobernador da diocese nas ausencias do arcebispo, o provisor Flecha e o canceleiro do arcebispado, Pablo Cuesta, sobriño do Cardeal, sabemos que os expedientes foron estudados, corrixidos e ratificados persoalmente polo arcebispo, como consta en cada un dos atados de cada arciprestado.

### 2.1. Preparación dos expedientes<sup>7</sup>

O proceso seguido foi o seguinte: encomendóuselles aos arciprestes unha primeira avaliación, de acordo cos criterios que o arcebispo lles enviou e que lamentablemente non se conservan nos expedientes. Nestes criterios sen dúbida eran informados dos obxectivos da reforma e da conveniencia de guiarse pola

<sup>4</sup> No artigo 33 do texto concordatario establecíase que a dotación dos párrocos urbanos sería entre 3000 e 10.000 reais, e nas parroquias rurais o mínimo de dotación sería de 2200 reais. Os coadxutores e ecónomos entre 2000 e 4000. A imprecisión canónica é manifesta posto que non todas as parroquias non urbanas eran rurais, e tampouco se explicaba cómo era posible que un coadxutor puidese percibir 4000 reais e un párroco menos. Todo isto e mais a posición dos prelados, que consideraron moi baixas as dotacións, é o que explica que se reformularan no ano 1867.

<sup>5</sup> Real Cédula de 15 de febreiro de 1867, artigo 20.

<sup>6</sup> Ante os ataques aparecidos na prensa estranxeira contra Isabel II promovidos polos políticos españois exiliados, produciuse un movemento de desagravio por parte do bispado español, sen dúbida movido dende a Nunciatura. O 19 de marzo de 1867 o arcebispo de Santiago, García Cuesta, envíalle á Raíña unha Exposición na que se lía: “Sin declararme partidario de ninguna determinada política debo reprobar todas las maquinaciones encaminadas a derribar el trono de V. M., el cual es como la clave de la bóveda de nuestro edificio social. El día en que esa catástrofe sucediese, lo que Dios no permita, sería el día del caos y de la confusión, de la pérdida de nuestra independencia o de la de nuestra integridad territorial”, *Boletín Archidiócesis de Santiago*, núm. 181 (1867), pp. 129-130.

<sup>7</sup> A documentación que consultamos atópase no Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, “General”, atados 1216, 1217, 1210. Toda a información está organizada por arciprestados.



Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela, situado no Mosteiro de San Martín Pinario



necesidade urxente de asentar o maior número de clérigos evitando o desamparo económico do clero.

Posteriormente os arceprestes tiñan que reunir a todos os clérigos do arceprestado para elaborar xa un plan case definitivo que lle foi enviado ao arcebispo.

Recibida a proposta dos arceprestes, o prelado solicitaba novas informacións sobre cuestións moi concretas, informacións que lle axudaban a completar o mapa de reformas.

Logo comezaron a chegar ao arcebispo solicitudes dos veciños: nuns casos para impedir que a súa parroquia fose suprimida, noutros para opoñerse a seren trasladados a outras parroquias, non faltaron tampouco solicitudes para constituír novas demarcacións parroquiais. Estas exposicións, sempre moi respectuosas, procedían ou viñan asinadas por todos os veciños da parroquia, os veciños dun lugar ou aldea ou veciños que persoalmente se sentían afectados polo arranxo.

O Arcebispo consultou persoalmente estas exposicións, o que se manifesta nas marxes das mesmas, nas que García Cuesta emitía o seu xuízo, que case sempre asinaba: “Atendida”, “atendida en parte”, “vista”, “ho ha lugar”, etc.

Tamén se incorporaron aos expedientes as peticións dos patróns que temían que con motivo do arranxo parroquial se puidesen ver lesionados nos seus dereitos.

Estamos, por conseguinte, ante unha reforma que, aínda que se fixo en moi pouco tempo, foi moi pensada, discutida e consultada.

## 2.2. Os criterios da reforma

Xa dixemos que non se conservan os escritos dirixidos aos arceprestes, que nos permitirían coñecer os criterios da reforma, pero á vista dos resultados non resulta difícil precisar os obxectivos e criterios.

Tiña o arcebispo que conciliar distintos intereses:

- a) O interese pastoral e a resistencia das comunidades a experimentar cambios na estrutura parroquial.
- b) A necesidade de tutelar os dereitos dos clérigos e de garantirlles o suficiente número de beneficios parroquiais. Teñamos en conta que o número de clérigos excedía en moito o número de pezas eclesiásticas.
- c) Respectar no posible os dereitos dos patróns laicais a facer as presentacións. A redución dun excesivo número de parroquias podería xerar longos preitos.
- d) Finalmente había que respectar as indicacións do Goberno que, sen ser moi estritas, aconsellaban que as parroquias non conglomeradas, é dicir, as non urbanas, deberían ter como mínimo 400 habitantes.

Para conxugar intereses tan contrapostos foi preciso manter en forma suficientemente firme algúns criterios de reforma:

- a) Reducir o menor número posible de parroquias, e nos casos moi extremos proceder a converter as parroquias en anexos ou parroquias vinculadas a outra considerada matriz ou principal.
- b) Para chegar aos 400 habitantes, entre a matriz e o anexo, o Arcebispo xogou coas aldeas ou lugares, máis ou menos próximas, desagregándoas dunha parroquia e uníndoas a outra ata alcanzar o número de habitantes necesario.

c) Como a Real Cédula permitía o nomeamento de coadxutores, o Arcebispo incrementou a poboación dalgunhas parroquias mediante o sistema de agregarlles as aldeas doutras parroquias ata chegar aos 800 habitantes, o que significaba xa un dereito a coadxutor.

d) Nas cidades e vilas importantes, cabeceiras de partidos xudiciais e doutros servizos do Estado, incrementou o número de parroquias de “término” que soportaban a necesidade de coadxutores. Cando isto non era posible, elevaba as parroquias á categoría de ascenso que, ás veces, implicaba o dereito a ter coadxutor.

### 3. A reforma parroquial de García Cuesta

O 30 de decembro de 1867 comeza García Cuesta a publicar no *Boletín da Arquidiocese* o resultado do arranxo parroquial<sup>8</sup>, que publicamos nas páxinas seguintes. Prolongouse a publicación no ano 1868<sup>9</sup> ata a súa conclusión.

Con anterioridade<sup>10</sup> xa publicara o Cuadro Sinóptico coas parroquias de “término” e de “ascenso”, fixando as cantidades a percibir polos titulares das mesmas e o número de coadxutores precisos para estas parroquias.

Consideraba “de término” 34 parroquias que precisaban os servizos de 55 coadxutores.

De “ascenso” contabilizaba 95 parroquias que precisaban 80 coadxutores. É dicir, só polo capítulo de coadxutores parroquiais, situaba a 135 sacerdotes.

Parroquias de “término” eran, ademais das da Coruña, Santiago e Pontevedra, as de Negreira, Carballo, Ordes, Muros, Arzúa, Betanzos, Caldas, Ponte Caldelas, Cangas, Corcubión, Noia, Pontedeume, Cambados, A Estrada, Padrón e Iria, é dicir, todas as capitais dos partidos xudiciais mais Cangas e Iria ás que se lles suprimira a igrexa colexiata, no Concordato de 1851.

A selección feita das parroquias de “ascenso” foi algo máis aleatoria por non dicir arbitraria, porque non se entende moi ben (agás dos criterios poboacionais provocados artificialmente pola agregación de aldeas doutras parroquias) que tal cualificación se lle dera a unha serie de parroquias plenamente rurais e que non era cabeza de concello.



Colexiata de Iria Flavia.  
Padrón (A Coruña)

#### 3.1. A rede parroquial da diocese de Santiago

Nas páxinas que seguen ofrecemos os cambios experimentados nas parroquias, por decisión do cardeal García Cuesta, ata constituír a rede parroquial que durou case cen anos.

Para a mellor comprensión dos cadros o lector deberá ter en conta que as parroquias aparecen encadradas en arciprestados, a histórica unidade da administración eclesiástica, tal e como existían no ano 1867<sup>11</sup>.

Unicamente enumeramos aquelas parroquias nas que se efectúan cambios. Por supresión, creación, desagregación ou incorporación de aldeas, por conseguinte, do seu territorio ou porque quedan reducidas á condición de anexos. Cando non aparece nos cadros unha parroquia, é porque non experimentou cambio ningún.

<sup>8</sup> Boletín Archidiócese de Santiago núm. 204 (30 de decembro de 1867), pp. 562-563.

<sup>9</sup> A publicación remata no núm. 208 (10 de febreiro de 1868), pp. 67-88.

<sup>10</sup> Boletín Archidiócese de Santiago núm. 196 (30 de setembro de 1867), pp. 124-131.

<sup>11</sup> Debe terse en conta que na actualidade hai 43 arciprestados e no ano 1867 só 36.

Cotexando a rede de parroquias de 1867 co *Nomenclátor de Galicia* da Xunta de Galicia (2003) ou o Mapa de Parroquias de Galicia (2001) advertimos varias desviacións: a maior parte das parroquias suprimidas eclesiasticamente seguen aparecendo nas fontes citadas: moitas das aldeas que foron agregadas a outras parroquias nuns casos aparecen recollidas no *Nomenclátor*, pero outras non.

O feito de marcar estas desviacións só ten a intención de alertar aos investigadores para que nos seus traballos teñan en conta este feito, que cómpre analizar: se é por un defecto de información na elaboración do *Nomenclátor* ou se a reforma de 1867 non se executou plenamente. Ao remate volveremos sobre esta cuestión.

---

### ARCIPRESTADO DE ABEGONDO

#### Suprimidas

Vizoño A parroquia de San Lourenzo de Bruma, que se incorpora a San Pedro de

**Creadas** Ningunha

porque aínda que no proxecto constaba que se faría unha nova igrexa en Gudín, o feito é que a titularidade permaneceu en Vizoño.

#### Cambios

San Xulián de Sergude incorpórase como anexo de Santa Eulalia de Cañás.

Santo Estevo de Cos tamén se incorpora como anexo a Santiago de Meangos.

Santa Eulalia de Leiro incorpórase como anexo a San Salvador de Viós.

Tendo en conta que Santo Estevo de Paleo vai ser a capital do novo municipio de Carral é elevada á categoría de parroquia de ascenso, a única desta clase no arciprestado.

---

### ARCIPRESTADO DE BAMA

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

#### Cambios

A parroquia de Bando (Santa Eulalia) une as aldeas de San Marco, Castro e as casas de Zaramacedo que pertencían á parroquia de Lamas.

A Santo André de Barciela únense as casas que en Sigüeiro tiña a parroquia de Oroso

---

### ARCIPRESTADO DE BARBEIROS

#### Suprimidas

San Román de Pasarelos que se incorpora a Santa Eulalia de Moar. Posteriormente á solicitude dos veciños, Pasarelos incorpórase á parroquia de Santa María dos Anxos, anexa de Calvente.

**Creadas** Ningunha

#### Cambios

A parroquia de San Salvador de Mesos queda incorporada como anexo a Santo Estevo de Abellá.

A parroquia de San Martiño de Ledoira incorpórase como anexo a Santa María de Añá.

A San Martiño de Cabrui incorpóranse as aldeas de Foucellas e As Cargas procedentes da parroquia de Cumbraos.



Igrexa San Lourenzo de Bruma. Mesía (A Coruña)

A parroquia de San Xoán de Vitre incorpórase como anexo a San Salvador de Xanceda.

A parroquia de San Martiño de Galegos incorpórase como anexo de San Martiño de Marzoa.

A parroquia de San Martiño de Frades incorpórase como anexo a Santa María de Papucín.

---

#### ARCIPRESTADO DE BARCALA

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas**

San Vicente da Baña que antes era anexo de Ordoeste e San Salvador da Baña, constitúen unha nova parroquia. San Vicente principal e San Salvador anexa.

**Cambios**

A parroquia de San Cristovo de Arzón incorpórase como anexo a Santa Eulalia de Lueiro.

San Xoán de Barcala incorpórase como anexo a Santa María de Ordoeste.

As parroquias de Monte, Covas e San Cibrán de Barcala, que xa estaban unidas, pasan á categoría de ascenso.

---

#### ARCIPRESTADO DE BEMBEXO

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas**

Santiago de Boimorto, que antes era anexo de Santa María de Sendelle. Incorpóranselle as aldeas de Sobreira e Rego do Seixo, procedentes da parroquia de Boimil, a aldea de Pedral, procedente de Mella, Franzomil da de Sendelle e as da Cheda de Enriba e de Abaixo, procedentes da parroquia de Cardeiro.

**Cambios**

A parroquia de Santa María de Dodro quedou como anexo da de San Cosme de Oíns.

Santo Estevo do Campo quedou como anexo de San Lourenzo Pastor.

A parroquia de San Pedro da Mella quedou como anexo de Santa María de Sendelle, que perdeu o anterior anexo de Boimorto.

Como expuxemos ao referírmonos á creación de Boimorto, a parroquia de Boimil perdeu as aldeas de Sobreira e Rego do Seixo.

A parroquia de San Martiño de Calvos de Sobrecamiño incorpora as aldeas de Orxal e O Sebio que eran das parroquias de Campo e Oíns.

De Cardeiro segrégase a aldea da Cheda, que pasa a Boimorto.

A Gonzar incorpórase a aldea de San Gregorio sen indicar de onde procede, pero que pola información de Del Hoyo supoñemos pertencía a Medín.

Lardeiros incorpora as aldeas de Tambre e Barcia, que pertenceran a Pastor.

---

#### ARCIPRESTADO DE BERGANTIÑOS

**Suprimidas**

San Xiao de San Xusto que queda incorporada a Santa Baia de Castro. En realidade a parroquia de San Xusto cede a Castro a aldea Lume da Cova e a Cereo a aldea da Igrexa.

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Á parroquia anexa de San Paio de Coristanco (anexa a Santa Eulalia de Castro) incorpóranse as aldeas do Carrizal e Recesinde, procedentes da parroquia de Seavia.

A Cereo incorpórase a aldea da Igrexa, da extinguida de San Xusto.

Á parroquia de Couso agrégase a aldea de Pereiros, procedente da de Seavia.

Á parroquia de San Miguel de Vilela incorpórase a aldea de Castelo, procedente de Noicela.

### ARCIPRESTADO DE BERREO DE ARRIBA

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

A Santo André de Meirama únense a aldea de Entrambosríos, Figueira, Longo e Sabugueira, procedentes da parroquia das Encrobas.

A San Clemente de Mercurín agrégase a aldea de Mañufe.

A Santa María de Ordes agréganse as aldeas de Fraga da Galiña, Gundibón de Riba, procedentes da parroquia de Pereira e as casas de Sar de Poulo.

Santa María de Deixebre pasa a ser anexo de Santo Estevo de Trasmonte.

### ARCIPRESTADO DE BERREO DE ABAIXO

---

**Suprimidas**

San Xoán de Tordoia, que era anexo de San Cibrán de Vila de Abade.

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Ao anexo Aldemunde, da igrexa matriz de San Mamede de Andoio únense oito aldeas procedentes da parroquia de Sofán (Figueira, O Gonzalves, O Río, Vilar, Pedreira, Calvelo de Arriba e Calvelo de Abaixo, Covas de Arriba e Covas de Abaixo), de Rus (Cáparros, Calvos, Cornaces e San Sadurniño), de Rodís (Tasende e Xende) e de Montemaioir (Canedo).

Á parroquia de Bardaos únese a aldea de Arcai.

San Vicenzo de Vilouchada queda como anexo de San Mamede de Berreo, segregándolle a Vilouchada tres lugares (O Casal, A Cerdeira e Barro) que pasan, as dúas primeiras a Chaián.

Santa María de Morlán pasa a ser anexo de Santa María de Castelo.

A Santa Comba de Xesteda, agréganse as aldeas da Carballeira, O Fontán, Sucadío e O Uzal, procedentes da parroquia de Rodís.

Santa María de Parada queda como anexo de Santiago de Numide.

### ARCIPRESTADO DE BEZOUÇOS

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Barallobre e Perlío, unidas como matriz e anexo, terán coadxutor.

Franza e Piñeiro (matriz e anexo) terán coadxutor.

Limodre e Maniños, matriz e anexo, terá coadxutor.

Lubre, Meá e Ares seguirán unidas, pero a matriz e a igrexa parroquial estará en Ares. Con dereito a coadxutor. De ascenso.

San Mamede de Laraxe queda como anexo a San Martiño de Porto.

### ARCIPRESTADO DE CÉLTIGOS

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Santa Cruz de Campolongo pasa a ser anexo de Alvite.

A San Mamede de Alborés agrégase a aldea de Ribadeza da parroquia de Antes.

A San Cosme de Antes agréganse as aldeas da Xunqueira e Pazos procedentes da de Alborés.

A San Tomé dos Vaos agrégase a aldea do Couquiño procedente da de Olveira.

Xallas de Castriz terá dereito a coadxutor.

Santa María de Grixoa queda como anexo de San Salvador de Padreiro.

Santa Comba queda cos dous anexos: Cícere e Grixoa, pero en Grixoa eríxese unha axuda de parroquia con coadxutor. De ascenso.

### ARCIPRESTADO DE CERVEIRO

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Santa Mariña de Rois únese como anexo a Santa Marta de Babío.

Bergondo e Moruxo terá dereito a coadxutor.

Santa Comba de Veigue, que era anexo de Sada, pasa a ser anexo de Dexo.

Santa Leocadia de Alfoz "vulgo Perillo", queda como anexa a San Salvador de Liáns. Dereito a coadxutor.

Santa María de Cortiñán, únese como segundo anexo a Vixoi (xa tiña como anexo a Santa María de Pontellas). Dereito a coadxutor por ter tres igrexas.

Terían tamén dereito a coadxutor as parroquias de Meirás, Mondego, Sada.

### ARCIPRESTADO DE COTOBADE

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas**

San Sebastián de Covelo, segregada da parroquia de Valongo. Agregábenselle ademais as dúas aldeas do Peso e Carrizais procedentes da parroquia de Aguasantas.

**Cambios**

Aguasantas terá coadxutor.

A San Martiño de Borela agréganse as aldeas de Tenorio e Pazos de Ribeira.

Santiago de Caroi pasa a ser anexo de San Gregorio de Corredoira e a Caroi únense as aldeas de Fraguas, Pena e Douzadome (que non se indica a que parroquia pertencían).

A Rebordelo agréganse as aldeas de Pazo e Lagoa, da de Tenorio.

San Xurxo de Sacos terá dereito a coadxutor.

Tenorio terá dereito a coadxutor.

A Valongo incorpóranse as aldeas do Campodanta e Agualta, de Aguasantas. "Continuará por agora con el anejo", que debía ser San Sebastián de Covelo, ata que non se levara a cabo a erección da nova parroquia de Covelo.

### ARCIPRESTADO DE DUBRA

---

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Santa María de Arabexo únese como anexo a San Cristovo de Erviñou, cando haxa vacante do párroco.

San Miguel de Cabanas agrégase como anexo a Lañas.

A Vilamaior agréganse as aldeas de Pereira, Recarei e Portovilar da parroquia de Rial

## ARCIPRESTADO DE ENTINES

---

**Suprimidas**

Anexo de Santa Leocadia que estaba unida a Chacín

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Carnota. San Mamede terá coadxutor, declarada de ascenso. A capela do Pindo foi erixida como axuda de parroquia con residencia do coadxutor.

Santa Comba de Carnota, de ascenso e coadxutor.

Santa María de Coiro terá como axuda parroquial con coadxutor a capela da Virxe do Monte. Agregaranse, ademais das aldeas de Paxareiras, Recarei, Gosende e Xestoso, que xa ten, as de Adraño, Outeiro, Vilaes, Cubelo e Xestoso de San Mamede de Carnota e as de Figueira e O Señorío, da de Arcos.

Santa Mariña de Maroñas queda como anexo de San Fins de Eirón.

San Cristovo de Corzón queda como anexa a Mazaricos.

Muros, declarada de termo, antiga colexiata suprimida, terá un coadxutor na Virxe do Camiño, declarada como axuda de parroquia.

Segréganse da parroquia de Outes os lugares “medianeros” de Terelle, Esperante, Lestaio, Mirás, Loios, Lucil, Moledo, Carballa da Cova que pasou á parroquia de Valadares.

A Esteiro, anexo de Tal, agréganse os lugares de Lestelle, O Catadoiro, Arestión e A Penseira da parroquia de Sabardes; e á parroquia de Tal, os lugares de Bornalle e Vilar de Bornalle, da de Abelleira.

Matasueiro queda como anexo da parroquia de Valadares, o que se verificará cando quede vacante unha das parroquias.



Colexiata de Santa María do Campo. Muros (A Coruña)

## ARCIPRESTADO DE FARO

---

**Suprimidas**

San Martiño de Suevos, que era anexo de Santa María de Pastoriza, “quedando su iglesia reducida a hermita”.

**Creadas**

Santa Lucía na Coruña que se desprende na súa maior parte da parroquia de San Xurxo. Mentres non se verifique a creación, manterá a xurisdición o párroco de San Xurxo.

San Cristovo das Viñas, desmembrada da parroquia de Santiago da Coruña. Manterá o Reitor de Santiago a xurisdición mentres non se realice a erección

**Cambios**

San Lourenzo de Meixigo pasa a ser anexo de San Martiño de Andeiro.

Segregase de San Pedro de Visma a aldea de Nostián, que se agrega a Pastoriza.

Santa María do Temple queda como anexo a Santiago do Burgo. Agrégase ao Burgo a aldea de Acea de Ama de Rutis e as aldeas de Almeiras e A Barcala de San Pedro de Nós. A igrexa do Temple queda reducida a capela.

Santa María da Coruña. Polo concordato, o abade da Colexiata será o párroco.

San Xián de Barrañán quedara como anexo de Santa Mariña de Lañas.

De San Martiño de Lestón segrégase a aldea de Fofelle que se agrega a Torás.

San Silvestre de Veiga queda como anexo de Ledoño.

A Orro agrégase o lugar de Arcas, da de Morás.

Chamín queda unida como anexo a Sorrizo.

San Bieito de Gomar queda unido como anexo a Soutullo.

---

### ARCIPRESTADO DE FERREIROS

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

#### Cambios

A parroquia de Santiago de Arzúa e ao anexo San Pedro de Lema incorpóranse as aldeas de Fraga do Rei procedente de Santa María de Arzúa e as aldeas de Cortobe, Pregontoño e Raído, procedentes da parroquia de Burres.

A parroquia de Santa María de Arzúa, que perde a aldea de Fraga do Rei, recibe a aldea de San Salvador, procedente de Santiago de Arzúa e as aldeas de Sebio, Rourís, As Quintás e Os Pazos, procedentes da parroquia de Burres.

A parroquia de Brandeso recibe o lugar de Bustelo, procedente da parroquia de Dombodán.

A parroquia de Andeade que de iure é anexa a Santiso de Cornado, pero de facto é anexa de Novefontes, seguirá "por agora" unida a Novefontes.

Á parroquia de Pantiñobre incorpóranse as aldeas de O Rial e A Riba que pertencían á parroquia de Burres.

---

### ARCIPRESTADO DE IRIA

**Suprimidas** Ningunha

Non obstante, no arranxo parroquial dise, ao referirse á parroquia de Dodro, que se "segrega la población de Lestrove" que é a habitual expresión para referirse ás supresións parroquiais.

#### Creadas

San Xulián de Requeixo "parroquia de nueva creación", segregada de Herbón.

#### Cambios

Santa María de Rumille convértese en anexo de Carcacia.

A Santiago de Carril agréganse as aldeas de Trabanca, Sardiñeira, da parroquia de Bamio e Guillán e A Caldigüela, da parroquia de Cea. Desta forma consegue unha poboación de 1180 persoas e, por iso, é cualificada de ascenso.

Declárase que o santuario da Escravitude será a igrexa parroquial de Santa María de Cruces.

De Dodro segrégase a poboación de Lestrove pero non se indica a que parroquia se incorpora.

A Santa María de Oín agrégase a aldea de Seira, da parroquia de Seira, anexo de Sorribas. En compensación agréganse a Seira as aldeas da Peroxa e A Peruca de Santa María de Oín.



---

## ARCIPRESTADO DE A MAÍA

### Suprimidas

suprímese a parroquia de San Salvador de Bastavales, que era anexo da de Santa María dos Anxos, e todos os veciños quedan na única parroquia dos Anxos.

### Creadas

Ningunha

### Cambios

Incorpóranse á parroquia de San Vincenzo de Augasantas as aldeas de Predrouzos e Vilar de Castro, segregadas de Leroño.

Agrégase á parroquia de San Miguel de Boullón a aldea de Pedreira, que pertencía á parroquia de Luaña.

Incorpórase á parroquia de Santo Estevo de Covas a aldea de Ventosa e a casa de Lombao (sen que se determine de que parroquia proceden).

---

## ARCIPRESTADO DE MONTES

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

### Cambios

Únese, como anexo, a Santa María de Aciveiro, San Bartolomeu de Pereira, que era anexo de Quintillán. En compensación segréganse de Aciveiro as aldeas da Graña de Cabanelas, Levoso, Rozados e A Graña de Umia, que se incorporan á parroquia de Quintillán.

A parroquia de Santa Ana de Barcia do Seixo únese á aldea de Ricovanca que pertencía á parroquia de San Salvador de Xirazga, da provincia de Ourense (concello de Beariz) pero da diocese de Santiago. Ademais a aldea de Cernedo agrégase a Barcia, separándose de Presqueiras.

A parroquia de San Miguel de Castro agrega a aldea de Bugarín da parroquia de San Isidro de Montes.

Da parroquia de Cercedo segrégase o anexo de Caroi que pasa a ser anexo de San Gregorio de Corredoira, do arciprestado de Cotobade.

Agrégase á parroquia de Santa María de dúas Igrexas a aldea de Espindo, procedente da parroquia de Forcarei.

Agrégase á parroquia de Xirazga en Beariz (Ourense) a aldea de Doade, que pertencía a Beariz (da provincia de Ourense pero da diocese de Santiago).

Agréganse á parroquia de Santa María Madanela de Montes as aldeas de Soutelo de Arriba e Soutelo de Abaixo, que pertencían á parroquia de Pardeso.

San Isidro de Montes que era o anexo de Morillas pasa agora a ser a principal e Morillas anexo.

O mesmo sucede con Santa Mariña de Castrelo, que era anexa a Parada e agora pasa a ser principal mentres que Parada é só anexo.

Agrégase á parroquia de Santo Estevo de Pedre a aldea de Serrapio, de San Isidro de Montes.

Santa Mariña de Presqueiras, que era o anexo de San Miguel de Presqueiras, pasa a ser a principal e San Miguel o anexo.

---

## ARCIPRESTADO DE MORAÑA

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

### Cambios

Únense á parroquia de Santa María de Alba, os lugares do Ribeiro, procedente de Campañó, e o lugar de Casaldarado, procedente de Lérez.

A parroquia de San Miguel de Couselo quedará unida, como anexo, a Santa Eulalia de Portela.

As dúas parroquias de Caldas, Santo Tomás e Santa María, teñen a categoría de parroquias de “término” e as dúas con dereito a coadxutor e as de Santo André de Xeve e Lérez de ascenso con dereito a coadxutor, o mesmo que San Verísimo de Barro, aínda que só sexa de “entrada”.



Paisaxe do Morrazo (Pontevedra)

## ARCIPRESTADO DE MORRAZO

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas**

Santa María de Caritel formada polo Coto de Caritel e as aldeas de A Pousa, Portasouto e Larpea que pertencen á parroquia de Santa Fiz de Forzáns, da diocese de Tui, “cuando me haya puesto de acuerdo con aquel obispo sobre esta unión y sobre la diócesis a que ha de pertenecer la nueva parroquia”, o que confirma que foi persoalmente o arcebispo García Cuesta quen redactou este arranxo parroquial. Ao final, Caritel quedou na diocese de Santiago.

Santa María de Darbo, nova parroquia, con categoría de “entrada”.

San Xurxo de Mogor, formada coas aldeas de Mogor, Castro, Currás, Brea, Bagúín, Aguete, Soaxe e Seixo, todas pertencentes a San Tomé de Piñeiro.

**Cambios**

Agrégase a Ardán a aldea de Campo de Cortes, de San Tomé de Piñeiro.

Agrégase a Bértola o lugar de Borraleiro, sen indicar de onde procede.

Agréganse a Santa Mariña de Bora as aldeas de Matalobos, Cara, Condesa e Freixeiro procedentes da parroquia de Mourente, e A Cardosa, da de Marcón.

Agrégase á parroquia de Pontecaldelas “el partido llamado de Caritel”.

A parroquia de Santiago de Hermelo únese como anexo a Santa María de Celas.

A parroquia de San Martiño de Xustáns únese definitivamente a aldea de Reigosa, e a aldea de Vilarchán a Tourón “cesando la alternativa que en ellas tenían los curas”.

A Lourizán agrégase a aldea do Casal que pertencía a Salcedo.

É declarada principal Santa María de Marín e anexa San Xulián de Marín.

Á parroquia de Meira agréganse as aldeas da Marrúa e Fraga, que pertencían a Moaña (Nosa Señora).

A San Bartolomeu de Pontevedra agrégase a aldea de Armiña, que pertencía a Mourente.

A Tomeza agrégaselle a aldea da Carballa, que pertencía a Salcedo.

## ARCIPRESTADO DE NEMANCOS

**Suprimidas**

San Cristovo de Codeso era anexa de Pereiriña. Agora queda suprimida e unida a esta.

**Creadas**

Créase a parroquia de San Xoán de Bardullas, co anexo de San Tirso de Vuiturón e cun segundo anexo, o de Santa Leocacia de Frixe. Agrégaselle tamén á nova parroquia a aldea de Campelo, da parroquia de Coucieiro

**Cambios**

Santiago da Ameixenda únese como anexo á parroquia de Brens.

San Cristovo de Carnés queda como anexo de Santiago de Cereixo.

Agrégase a San Pedro de Coucieiro a aldea de Santa Mariña, procedente de Moraime.

Á parroquia de Nosa Señora da O únese como anexo San Pedro de Leis, e agrégaselle a aldea de Riotorto procedente de Ozón.

Santiago de Olveira únese como anexo a San Martiño de Olveira.

San Martiño de Carantoña queda unida como anexo a San Pedro de Porto.

Agrégase a San Cibrán de Vilastose a aldea de Baltar, de Moraime.

---

## ARCIPRESTADO DE PILOÑO

### Suprimidas

Foron suprimidas San Salvador de Portodemouros, anexo de Ínsua e San Miguel de Duxame, tamén anexo de Ínsua. Quedou unha soa parroquia: San Tomé de Ínsua.

San Mamede de Bodaño, anexo de Oirós, foi suprimida

### Creadas

Ningunha

### Cambios

Na parroquia de San Miguel de Brandariz co seu anexo San Tomé de Obra, foi declarada igrexa parroquial “provisionalmente” a capela de San Roque.

A parroquia de Santa María de Sabrexo quedou como anexo de Carbia.

San Fiz de Besexos queda como anexo de San Pedro de Cumeiro. Agora ben, a capela da Piedade é erixida como igrexa parroquial mentres que a igrexa de Besexos queda reducida a ser unha capela.

Agrégase á parroquia de Dornelas a aldea de Besteiros, procedente da parroquia de Orazo.

Permanece como principal San Xoán de Larazo e de Santa María de Arnego como anexo, pero “cuando se construya una iglesia en un punto céntrico quedarán reducidas las dos parroquias a una”. Seguen sendo dúas parroquias.

A parroquia de Santa María de Ollares, queda como anexo de San Pedro de Salgueiros.

---

## ARCIPRESTADO DE POSMARCOS DE ABAIXO

**Suprimidas** Ningunha

**Creadas** Ningunha

### Cambios

A parroquia de Boiro, declarada de ascenso, terá unha capela constituída “en ayuda de parroquia [...] en el partido de abajo” e onde residirá o coadxutor.

A Santa María de Caamaño únese, como anexo, San Fins de Ribasieira.

Corrubedo, que era anexo de San Martiño de Oleiros, pasa a ser anexo de Santa María de Olveira.

Á parroquia de San Isidro de Posmarcos agréganse as aldeas de Piñeiro e Montaña, que pertencían á parroquia de Lampón.

No arciprestado son de ascenso: Boiro, con coadxutor, Santa María do Caramiñal, tamén con coadxutor, San Paio de Carreira, con coadxutor, Palmeira, Pobra do Deán. Todas coan coadxutor

---

## ARCIPRESTADO DE POSMARCOS DE ARRIBA

**Suprimidas** Ningunha

### Creadas

Créase unha nova parroquia no Couto de San Bricio, formada polo Couto de Sabardes, que pertencía á parroquia de Matasueiro; o lugar da Ponte que pertencía a Argalo, as aldeas de Quintáns e Pedra de Folga, da parroquia de Lousame e mais tamén a aldea de Berrimes, igualmente de Lousame. Non obstante, o Arcebispo engade “Como no hay capilla que pueda servir de

parroquia, sólo cuando se haya construído un templo en la aldea del Coto, se entenderá erigida la parroquia". Nas primeiras Guías da Arquidiocese aparece a parroquia do Coto de Bricio, o que é indicio da erección desta parroquia, pero logo desaparece nas guías posteriores

#### Cambios

Agrégase á parroquia de Fruíme a casa denominada do Cercal, pertencente a Lousame.

A Toxos Outos agréganse as aldeas de Vilafabeiro e Vilardante, pertencentes a Santa María de Ro.

No arciprestado hai una parroquia de "término", que é Noia, e de ascenso, Lousame, Miñortos, Noal, con coadxutor.

---

### ARCIPRESTADO DE PRUZOS

#### Suprimidas

Suprímese Santo Estevo de Quintas "quedando su iglesia reducida a capilla" e incorporando os 47 veciños á parroquia de Paderne.

#### Creadas

O anexo de San Martiño de Porto, que estaba agregado a Pontedeume, constitúese en parroquia pero no arciprestado de Bezoucos.

#### Cambios

Santa María de Miño queda incorporada como anexo a San Tomé de Bemantes. Permanecen Santa María de Doroña e o anexo, San Pedro de Grandal, pero "cuando se construya una iglesia central, quedarán las dos feligresías reducidas a una". De acordo coa Guía da Arquidiocese mantéñense as dúas freguesías.

A Santa María de Mántaras, que xa tiña o anexo de San Martiño de Churío, engádesse agora un segundo anexo: San Salvador de Coruxou.

Agréganse a San Cosme de Nogueirosa, as aldeas de Barral e Vilar, procedentes da parroquia de San Pedro de Vilar.

A parroquia de San Xoán de Vilamourel queda como anexo de Paderne, que tamén recibe os veciños da suprimida de Quintas.

A parroquia de Centroña queda como anexo de Pontedeume, quen agrega ademais as casas que hai entre Soto da Vila ata Portos, que eran de San Pedro de Vilar.

San Andrés de Obre, queda como anexo de Tiobre e segregada, por conseguinte, de Santa María de Souto.

Á parroquia de Santa Mariña de Taboada agréganse as aldeas da montaña: Vilamoire, Gunturiz, Veiga e Allegue, procedentes de San Pedro de Vilar; A Orela, Pico e Regueira procedentes da parroquia de Santa María de Ombre e Castiñeira e Doroña, que proceden da de Doroña.

Á parroquia de Tiobre únese o anexo de San Andrés de Obre.

San Pedro de Vilar perde o anexo de San Martiño de Andrade, que pasa a ser anexo de Nogueirosa.



Igrexa de Paderne (A Coruña)

---

### ARCIPRESTADO DE RIBADULLA

#### Suprimidas

Santa María de Luci que queda incorporada a San Tomé de Vilariño e a igrexa "reducida a hermita".

#### Creadas

Ningunha

#### Cambios

A aldea de Caldelas, pertencente a Ponte Ulla, agrégase á parroquia de San Pedro de Donas.

A parroquia de Santa María de Bendaña queda como segunda anexa de San Pedro de Oural, que xa tiña como anexa a San Salvador de Ledesma.

A parroquia de Teo agrega os veciños da aldea de Noceda, que pertencían a Trobe.

Santo André de Trobe agrega a aldea de Bazar, que pertencía a Vedra.

A parroquia de Vilariño, ademais de agregar a antiga parroquia de Lucí, incorpora a aldea de Cerdeira, que pertencía a Teo.

Só dúas parroquias teñen a categoría de ascenso: Teo e Vedra.

---

## ARCIPRESTADO DE SALNÉS

### Suprimidas

San Amaro de Arra, que queda incorporada a Portonovo.

### Creadas

San Roque de Combarro, que era anexo de Poio. Agora constitúe unha nova parroquia pola agregación das aldeas de Cidrás, Xuviño, Pereiro de Arriba e Pereiro de Abaixo, O Esperón, Vilar, Armada, Casal de Vite, Rial e Sanchín.

### Cambios

Ao anexo de Besomaño, San Fins de Lois, agrégase a aldea de Puxeira, da parroquia de San Lourenzo de Nogueira.

Agrégase a Cambados a vila de Fefiñáns, que procedía de San Adrián de Vilariño.

Agréganse a San Pedro de Cea as aldeas de Trabancos, A Bouza, Os Martices, procedentes da de Vilagarcía.

Á parroquia de Santa Cristina de Covas agrégase a aldea de Fofán, da parroquia de Armenteira.

A San Mamede de Corvillón agrégase a aldea de Cortiñas de Abaixo, da parroquia de Vilariño.

A Dena agrégase a aldea de Coirón, da parroquia de Santa Baia de Xil.

A parroquia de Santiago de Godos únese, como anexo, a Santa María de Godos.

A San Martiño do Grove incorpórase o Couto da Graña.

Á parroquia de Lantaño agrégase a aldea de Lantañón, da parroquia de Baión.

Á parroquia de Nantes agréganse as aldeas de Seixomil, Nantes e A Cancela, da parroquia de Lores.

O Couto de Aios queda definitivamente agregado a Santo Estevo de Noalla.

Agrégase a San Lourenzo de Nogueira a aldea da Xesteira, da parroquia de Lois.

Incorpórase á parroquia de Oubiña a aldea de Ponte Arnelas.

Agrégase a Padrenda a aldea de Sisán Grande, da parroquia de San Clemenzo de Sisán.

A Santa María de Portas agréganse as casas da Peroxa, de Santa María de Caldas.

A Raxó agrégase a aldea de Valdemós (sen indicar a que parroquia pertencía).

San Pedro de Fontecarmoa queda como anexo de Sobradelo, parroquia á que se agrega a aldea de Feal.

Incorpóranse a Sobrán as aldeas de O Castelete e O Casal, que pertencían a Sobradelo.

A Santo Estevo de Tremoedo incorpórase o lugar de Cuíña, sen que se indique a parroquia á que pertencía.

---

## ARCIPRESTADO DE SEAIA

### Suprimidas

No arranxo parroquial suprimíase o anexo de Silvarredonda (S. Pedro) "por su corta población, quedando su iglesia reducida a capilla de San Félix de Allóns". Por iso nas guías máis antigas da arquidiocese desaparecía Silvarredonda, pero reaparece nas guías máis recentes.

Suprímese a parroquia de San Vicenzo da Graña, anexo de Cospindo.

Suprímese a parroquia de Santiago de Langueirón, anexo de Santo André de Tallo.

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

San Xoán de Niñós queda como anexa de S. Xián de Brantuas. Antes era anexo de Cores.

Incorpórase á parroquia de Cores, como anexo, San Tomé de Nemeño.

En Corme eríxese no porto a capela de Nosa Señora dos Remedios como axuda da parroquia con coadxutor, que debe residir no porto.

San Pedro de Barizo únese como anexo a Mens, que é declarada parroquia principal.

Agréganse á parroquia de San Tirso de Vilanova as aldeas e A Pontella, Seaia, As Casas do Monte, Vigo e Beo, que pertencían a Malpica.

---

### ARCIPRESTADO DE SOBRADO

**Suprimidas**

Santa María da Ciadella, que só tiña 25 veciños e que se incorpora a San Martiño de Armental, que é anexo de San Vicenzo de Curtis. Pero a igrexa parroquial trasládase á capela de Laxe.

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Na parroquia de Santaia de Curtis eríxese unha axuda de parroquia, con coadxutor, na ermida da Nosa Señora de Teixeiro.

Santa María dos Anxos queda como anexo da parroquia de Dormeá.

Na parroquia de Fisteus eríxese como axuda de parroquia a capela de Santa Xuliana da Illana con dereito a coadxutor.

Na parroquia de Foxado, eríxese como axuda de parroquia e con dereito a coadxutor a capela de Santiago de Paradela.

A parroquia de Santiago de Vilasantar queda como anexo de Santa María de Mezonzo.

San Mamede de Pousada queda como anexo de San Xurxo de Nogueira.

---

### ARCIPRESTADO DE SONEIRA

**Suprimidas**

San Pedro de Follente, que era anexo de Mira, queda suprimida e a súa igrexa "reducida a capilla".

Tamén a parroquia de Santo Estevo de Soesto, anexo de Sarces queda suprimida e a igrexa "reducida a capilla".

**Creadas** Ningunha

**Cambios**

Agréganse á parroquia de San Vicenzo de Cuns as aldeas de Sordíns, Moucos, Budián, Parga e Vila Ramilo, que pertencían á parroquia de Santa María de Gándara.

Agrégase a San Pedro de Allo, anexo de Pazos, a aldea de Xerne, da parroquia de Lamas. A única parroquia de ascenso do arciprestado é a de Vimianzo.

---

### ARCIPRESTADO DE TABELRÓS

**Suprimidas**

Queda suprimida a parroquia de San Lourenzo de Ouzande cuxas sete aldeas quedarán incorporadas á parroquia da Estrada. Non obstante, Ouzande permanece como anexo da Estrada.

Queda tamén suprimida a parroquia de San Martiño de Barbude, que era anexo de Paradela. A súa igrexa “queda reducida a capilla”.

#### Creadas

De nova creación é a parroquia de San Paio da Estrada. Formada pola de San Paio de Figueroa e mais a suprimida de Ouzande. A pesar do decreto de supresión de Ouzande, subsistiu como anexo e desaparece sen deixar rastro Figueroa.

Para chegar aos 700 habitantes foi preciso agregarlle as aldeas de Brea, e Rí dos Sapos, que pertencían a Matalobos, tamén se lle agregou A Baiuca e Vedelle da parroquia de Guimarei “viniendo a resultar así una parroquia de 147 veciños o unas 700 almas”.

A parroquia foi valorada “de término”.

#### Cambios

A parroquia de Quireza foi incorporada ao arceprestado de Montes.

A Santa Mariña de Ribela, co seu anexo de Meavía, incorpórase como segundo anexo San Xoán de Liripio que era anexo de Sabucedo. Desta forma eleva a poboación a 1170 habitantes, dándolle a categoría de ascenso.

A Sabucedo compénsase a perda do anexo uníndolle as aldeas de Vilaboa, da parroquia de Codeseda, Barbeira e A Devesa da parroquia de Tomonde.

Tabeirós ten dereito a coadxutor e é de “ascenso”.

---

### ARCIPRESTADO DE VEA

#### Suprimidas

Suprímese o anexo de Santa María de Frades que queda incorporado á parroquia de San Xurxo de Vea “quedando su iglesia reducida a capilla y erigimos en ayuda de parroquia la capilla de la aldea de Requián”. Non obstante, tal supresión non se levou a cabo porque nas guías eclesiásticas subsiste Frades como anexo de Vea.

#### Creadas

Ningunha

#### Cambios

A San Miguel de Barcala agrégase a aldea de Bandín, sen indicar de onde procede.

A Santa María de Couso agrégase a aldea chamada Fontenlo, de San Xurxo de Vea.

Únense as parroquias de Toedo e Matalobos, sen indicar cal é a principal e cal o anexo. Matalobos pasou, na práctica, a ser a principal e Toedo, o anexo.

San Salvador de Baloira pasa a ser anexo de San Xiao de Vea.

A San Xurxo de Vea agréganse as aldeas As Laceiras, os Vilares e os Martores da parroquia de Valga e Parafita, da de San Salvador de Setecoros.

---

### ARCIPRESTADO DE XANROZO

#### Suprimidas

Santa Aia da Espenuca. O antigo territorio desta parroquia divídese: a aldea de Espenuca incorpórase a San Xoán de Coirós e a aldea de Carretíns, a Santiago de Ois. Coirós recibe tamén a igrexa da Espenuca “quedando su iglesia reducida a hermita”.

Tamén foi suprimida a parroquia de Santo Estevo de Vivente, que era anexa de Santa María de Cuíña e quedou incorporada a Santa María de Cuíña.

#### Creadas

San Lourenzo de Vilarraso que estará formada por 19 lugares: Vilarraso, Os Carneiros, A Carballeira, Os Ferreiros, Castrobó, A Casanova, A Castellana, Santiso, Solmé e Vilourís, que proceden da parroquia Muniferral; e os da Graña, Carballotorto, Santiso e Oroso da parroquia de Aranga; os da Gopelleira, Paredes, Vilardois e A Espiñeira, da de Curtis e Guisamel, da de Foxado. Con todas estas incorporacións formábase unha parroquia duns 200 veciños ou mil habitantes.

Ermita de Santaia da Espenuca.  
Coirós (A Coruña)



**Cambios**

A parroquia de Santiago de Betanzos incorpora o lugar das Cascas que pertencía a Requián.

A parroquia de Fervenzas agrega as aldeas de Boquixón, da parroquia de Ois, A Anta e as casas de Monte Salgueiro que pertencían ás parroquias de Feás e Muniferral.

A parroquia de Santiago de Paderne únese, como anexo, a Santa María de Figueredo.

San Tomé de Vilacova incorpórase como anexo de Santo Estevo de Loureda.

Segréganse de Mandaio e Bragade as aldeas de San Gregorio e Pardiñas que se incorporan a San Pedro de Borrifáns (arciprestado de Barbeiros).

Á parroquia de Santa María da Regueira incorpóranse as aldeas da Codeseira e A Pena procedentes da parroquia de Trasanquelos, as aldeas do Freixo, Mundín, Seselle, Carnes e Xambouca, sen indicar de que parroquia proceden. Ademais da igrexa da Regueira, constitúese en axuda da parroquia a capela de San Vincenzo de Carballal (debía ser unha ermida) na que o párroco terá que misar nos días festivos.

Incorpóranse á parroquia de Rodeiro as aldeas da Lagoa e Os Campos que se desprenden da parroquia de Fisteus (arciprestado de Sobrado). Constitúese en axuda da parroquia a capela de San Cibrán.

Incorpórase á parroquia de Trasanquelos a aldea da Ponte, segregada á parroquia de Bragade.

---

**ARCIPRESTADO DO XIRO DA ROCHA****Suprimidas**

Parroquia de San Xoán de Recesende, que era anexo de Cacheiras (San Simón). A antiga igrexa parroquial quedaba "reducida a hermita".

**Creadas**

Ningunha

**Cambios**

Incorpóranse á parroquia de San Pedro de Bugallido "las casas que en el lugar de Quistilás tiene la (parroquia) de Viduido".

Aparecen cualificadas como parroquias de ascenso as de Bugallido, Calo, Biduído.

As parroquias de Cacheiras e Ortoño, seguen a ser de entrada pero terán dereito a coadxutor.

**3.2. Recapitulación**

No arranxo de 1867 só foron suprimidas 22 parroquias en toda a diocese. Sorprendentemente no *Nomenclátor* e no *Mapa de Parroquias* 15 destas parroquias suprimidas seguen figurando como tales. Non así nas Guías Eclesiásticas.

Foron creadas 15 parroquias, só dúas urbanas.

Pola súa escasa poboación deberían ser suprimidas outras 66 parroquias rurais, pero o arcebispo decidiu incorporalas como novos anexos a outras parroquias matrices.

Para facer posible todos estes arranxos para unir a poboación das parroquias rurais, para incrementar a poboación doutras etc. agregou, partiu ás veces, lugares ou aldeas. É moi posible que nesta operación se tivese en conta a distancia dos lugares con respecto ás igrexas, pero todo nos fai pensar que foi un recurso utilizado pera manter a maior parte das parroquias o que, sen dúbida, lle foi agradecido polos fregueses.



Esta operación de encaixe das aldeas significou a utilización de 255 lugares que dunha ou doutra maneira se viron afectados: uns por seren agregados a novas parroquias, outros por agregárense a parroquias xa existentes pero diferentes das súas.


Cotexando o *Mapa de Parroquias* e o *Nomenclátor* con esta redistribución das aldeas atopamos tres situacións:

- Aquelas aldeas que aparecen correctamente emprazadas nas súas parroquias asignadas.
- Aquelas outras, case o 60%, que permanecen agregadas ás súas parroquias primitivas e non ás parroquias asignadas en 1867.
- Aquelas aldeas que non aparecen nin no *Mapa de Parroquias*, nin no *Nomenclátor* e que si aparecen no arranxo de 1867. Apenas un 10%.

Dedúcese deste cotexo a necesidade de realizar un traballo de campo para situar correctamente tanto as parroquias como as aldeas para evitar estas desviacións que podemos localizar neste estudo sobre a reforma parroquial de 1867, posiblemente a máis importante.

O Arcebispo de Santiago de Compostela debeu quedar moi satisfeito da reforma realizada: mantiña 768 parroquias matrices o que significaba 768 párrocos. Engádese a isto os 133 coadxutores que deberían ser nomeados como axudas dos párrocos, do que resulta que só as parroquias absorbían 900 sacerdotes con soldo do Estado.

Unha reforma que avala a prudencia, habilidade e tenacidade do arcebispo de Santiago.



Arciprestado de Xanrozo. Crease a parroquia de Vilarraso con 19 lugares pertencentes a parroquias de Muniferral do concello de Aranga xunto coas de Curtis e Foxedo do concello de Curtis. Elaborado polo SITGA

#### 4. Reflexións finais sobre a parroquia rural

A parroquia rural galega sobreviviu a todas as crises ao longo dos séculos adquirindo unha fortaleza non só institucional, senón tamén social. Fortaleza que, ao meu entender, non procedía do suposto substrato céltico da súa poboación, de acordo coa visión esencialista de Otero Pedrayo e doutros galeguistas, senón da conxunción de distintos elementos entre os que destaca o predominio do contrato foral que ataba, por interese, as familias á terra.

O mesmo decorrer da vida da parroquia durante séculos, só alterada polas quintas, polas pestes e fames, pola barbarie dos bandoleiros ou pola invasión

francesa, hai douscentos anos, proporcionoulle a estabilidade que a converteu nunha unidade orgánica no territorio galego.

Todo estaba medido na vida da parroquia: os santos e as lúas marcaban os tempos de sementeira e da seitura, da monda e da poda, da vendima e do nacemento das pitas. Todo estaba sometido a un calendario cosmolóxico que se repetía ciclicamente. Ríxidos códigos sociais fixaban tamén as condutas dos veciños.

Todo iso xerou un sentimento de pertenza a unha colectividade propia que se mantivo aínda despois de que aparecese o concello como unidade administrativa, porque ningún veciño se definía pola pertenza a un concello senón a unha parroquia.

A integración da institución parroquial no universo canónico benefical, no que se regularon os dereitos e obrigacións dos párrocos, colocou a parroquia nun estado de privilexio e fóra do poder arbitrario dos arcebispos e dos bispos.

A feliz conxunción dos elementos institucionais eclesiásticos e os elementos sociolóxicos-antropolóxicos converte a parroquia nun modelo de estabilidade social que durou varios séculos.

A serodia integración de Galicia no sistema capitalista, a carencia dun desenvolvemento industrial e a ausencia dunha gran capital que tirase da modernización e atraese poboación da zona rural explican a permanencia da poboación rural e a súa organización social.

A emigración do século XIX, que actuou como unha válvula de escape da presión poboacional do campo, non alterou substancialmente, non obstante, esta marca, sobre todo se temos en conta que a emigración non era unha decisión individual senón unha estratexia da familia que, ao asumir os custos da emigración dalgún membro, sempre calculaba que a perda de man de obra ou forza de traballo, non impedira a produción sobre a que se sustentaba a unidade familiar.

Foi xa avanzado o século XX cando se iniciou a desarticulación do sistema parroquial.

A forte emigración a Europa, ao triángulo industrial español (Cataluña, Asturias - País Vasco e Madrid) e ás cidades galegas (sobre todo A Coruña e Vigo) significou o despoboamento das parroquias rurais e a conseguinte desarticulación do sistema parroquial tradicional.

O posterior ingreso no Mercado Común Europeo, para o que a agricultura galega non estaba preparada, provocou a emigración de miles de familias ás vilas e cidades.

Todo isto demostra a inconsistencia das interpretacións esencialistas sobre a parroquia.

Coincide todo isto cunha grave crise vocacional no clero galego que obriga aos cregos a multiplicar, con non pequeno esforzo persoal, a atención pastoral e sacramental a varias parroquias, rachándose tamén o vínculo personalizado do ministro da Igrexa coa comunidade de veciños.

Aínda que en Galicia permanecen e posiblemente permanecerán por algún tempo as parroquias rurais, nada xa é como antes. A televisión que penetrou en todas as casas, a radio e, sobre todo, Internet, transmiten modelos culturais e sociais que nada teñen que ver cos tradicionais e cada parroquia e aldea galegas xa non son máis ca un punto de referencia nesa “aldea global” da chamada industria cultural con pretensións de homoxeneización.

Seguirán, pois, as parroquias como unidades funcionais para a produción económica, para a administración, para os servizos relixiosos e para o consumo doutra cultura envasada en Hong-Kong, en Las Vegas ou en Barcelona. Pero xa non é a parroquia rural galega que agarda dentro de pouco –quizais hoxe mesmo- a súa musealización.

## Bibliografía

- **Allignol**, prêtres desservans, (1839): De l'état actuel du clergé en France en particulier des curés ruraux appelés desservans, París, p. 292.
- **Barreiro Fernández, Xosé Ramón** (1970): "El origen de las parroquias amovibles. Un capítulo de historia de la Iglesia en Francia en el siglo XIX", *Compostellanum* XV, pp. 61-89.
- **Barreiro Fernández, Xosé Ramón** (1969): La estabilidad de los párrocos, *Compostellanum* XIV, pp. 1-68.
- *Boletín Archidiócesis de Santiago*, 196 (30 de setembro de 1867), pp. 562-563.
- *Boletín Archidiócesis de Santiago*, 204 (30 de decembro de 1867), pp. 562-563.
- **Fernández Prieto, Lourenzo** (1992): Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega (1850-1939), Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Mapa de parroquias de Galicia (2001), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Nomenclátor de Galicia (2003), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

# 06 A parroquia en Galicia: unha ollada etnográfica dende as festas

**Xosé Manuel González Reboredo**

Coordinador do Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego

*A Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia* fíxome unha amable invitación para que elaborase unha contribución ao estudo da parroquia rural dende unha perspectiva etnográfica. Asumín con ilusión esa encomenda, da que é froito o presente escrito, no cal, ademais de dar conta sintética das achegas ao tema de etnógrafos, e cultivadores de saberes afíns, do último século e medio, usarei como fío condutor do meu discurso as festas para comprobar a afirmación, ou, en casos, a negación da parroquia no só como unidade relixiosa, senón tamén como comunidade civil. Finalmente, rematarei facendo algunhas suxestións sobre a crise da parroquia e as accións de salvagarda do patrimonio cultural que xira arredor dela con vistas ao futuro. Inicio, pois, a tarefa.

## 1. Os estudos etnográficos sobre a parroquia en Galicia

Deixando a un lado algúns antecedentes, o interese pola cultura que adoita chamarse *tradicional* ou *popular*, por acordo tácito e non por precisión conceptual, pasou, a grandes trazos, na nosa terra por tres períodos no último século e medio (González Reboredo, 1997a, 37 e ss.):

a) Un primeiro momento no que acaba predominando o concepto de *folklore*, por influencia anglosaxona asumida por Machado y Álvarez e os seus seguidores en terras hispanas, e que chega ata 1923.

b) Malia manterse ideas, termos e métodos propios do momento anterior, que se combinan con novas perspectivas, a partir da data citada xurde un importante grupo de etnógrafos no seo, sobre todo, do *Seminario de Estudos Galegos* - ademais doutro pequeno núcleo coruñés vinculado á Real Academia Galega-, quen continuarán o seu labor despois de desaparecida esta venerable institución en 1936, chegando ata a década de 1970 e mesmo, nalgún caso, ata tempos máis recentes. Podemos etiquetar este amplo espazo temporal como o da Etnografía no nivel descritivo e, nos niveis explicativos, o da Etnoloxía.

c) Froito das investigacións de campo dun antropólogo non galego, Carmelo Lisón Tolosana, editouse, no ano 1971, a obra *Antropología cultural de Galicia*, que marca o comezo dunha nova e actual etapa, a da Antropoloxía social e cultural,

sen prexuízo, unha vez máis, de que sobrevivan estudos e coleccións de materiais ancorados nos estadios anteriores.

Os folkloristas do primeiro momento, como Manuel Murguía, Marcial Valladares, os membros da *Sociedade “El Folklore Gallego”*, creada na Coruña en decembro de 1883, etc, non se ocuparon da parroquia dunha maneira directa, aínda que poidamos atopar algún dato illado en relación con ela nos materiais recollidos nesta época. Con todo, a nacente conciencia de que era unha unidade social pertinente maniféstase no feito de que o *Cuestionario de folklore gallego*, elaborado en 1885 pola sociedade coruñesa antes citada, inclúe algunha pregunta que ten como referente a parroquia. Así sucede especialmente coa n<sup>o</sup> 193, dedicada a festas, e que está redactada así:

*Festas particulares de parroquias. Xeito especial de manifestar a devoción ó Santo Patrón con ofrendas, votos e funcións. O Ramo do Mordomo ou funcionista. Poxa ou cerimonia que o ramo leva consigo. Ramo de San Ripote<sup>1</sup>.*

Sen saírmonos deste horizonte cronolóxico é de salientar a presenza, no século XIX e comezos do XX, de escritores de diversa orixe e formación que deron á luz achegas coincidentes coa temática da Etnografía. Así, o periodista Alfredo Vicenti publicou unha colección de artigos agrupados baixo o título *A orillas del Ulla* (1875-1879), na que aparece algún con claras manifestacións da identidade parroquial festiva, como o titulado “La máscara”, onde calquera lector pode atopar unha interesante descrición do Entroido en terras da Estrada<sup>2</sup>.

Tamén son de interese os escritos de xuristas que se preocupan polo dereito consuetudinario, e polos costumes rurais en xeral, nos comezos do século XX. Merece ser destacado de maneira especial o caso do xuíz gaditano Nicolás Tenorio, destinado en Viana do Bolo, quen nos deixou unha interesante obra, sobre a que farei un breve comentario. Aínda que o seu título é *La aldea gallega*, en realidade, como xa sinalou hai anos Vicente Risco, o referente *aldea* pode considerarse como equivalente de *parroquia*, xa que nestas terras do oriente ourensán ambos chanzos da escada social chegan a coincidir, a diferenza do que sucede na Galicia centro-occidental, onde ambas entidades están máis diferenciadas, abranguendo cada parroquia varias aldeas e casaríos. Para Tenorio, a parroquia/aldea ten a súa orixe no clan propio da “organización celto-ibera” (Tenorio, 1982,11), asociación que se repetirá en etnógrafos posteriores. Son numerosos os datos que fornece este autor para afirmar a identidade aldeano-parroquial, do que son boa mostra os referidos a festas, entre elas as patronais, nas que a sociabilidade local está presente na función relixiosa e procesión con danzantes, nos bailes e tamén nun xogo peculiar do oriente galaico e terras veciñas de León: o dos bolos (Tenorio, 1982, 113 e ss.).

Xunto cos datos de Nicolás Tenorio, teñen valor os recollidos por un coñecido estudioso do noso dereito consuetudinario, Alfredo García Ramos, quen cita numerosos exemplos da operatividade da parroquia rural como unidade social. Un deles é *A Xunta dos homes* de Taboadelo (Pontecaldelas) (García Ramos, 1912, 98 e ss.). Tamén alude de pasada a celebracións festivas como o Entroido da comarca da Ulla, xa descrito con anterioridade por Vicenti (Idem, 17-18).

Porén, será dende a terceira década do século XX, no período do *Seminario de Estudos Galegos* e as súas prolongacións posteriores, cando a parroquia se converta, xunto coa comarca, en unidade de observación e de estudo etnográfico. Algunhas



Aldea de Rubiá, Ourense

<sup>1</sup> O orixinal do Cuestionario está en castelán, pero eu utiliceí a versión galega editada na colección Alicerces, do Museo do Pobo Galego (1994).

<sup>2</sup> Os artigos de Vicenti, editados en principio no periódico ourensán *El Heraldo Gallego*, foron recollidos por J. A. Durán en *Aldeas, aldeanos*



das monografías elaboradas e editadas por esta institución, como *Parroquia de Velle* (1936), así o poñen de manifesto. Esta orientación repítese noutras obras dos etnógrafos formados no SEG, con exemplos como unha de Xosé Ramón e Fernández Oxea, titulada *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán* (1925-1935), a cal veu a luz en data serodia (Vigo, Castrelos, 1968).

É evidente que o máis destacado etnógrafo do SEG foi Vicente Risco. Na súa produción etnográfica, que chega a 1962, atopamos reiteradas alusións á parroquia. Aparece como unidade de observación/estudo nun escrito seu dedicado a san Pedro de Sabariz (Rairiz de Veiga) (Risco, 1993) e, por citar unha mostra máis, noutro centrado nas ánimas e as premonicións da morte, onde nos dá o seguinte sobre a Santa Compañía:

*Ésta, en sus recorridos, unas veces sigue...el mismo camino que los entierros; otras anda por toda la parroquia, pero jamás traspasa sus lindes. Por lo tanto, no se trata de una sola procesión, sino que cada parroquia tiene la suya. Lo cual se relaciona con la importancia que en Galicia tiene la vida parroquial y la relación de vecindad que engendra...* (Risco, 1946, 405).

Pero onde atopamos unha síntese completa das súas investigacións é no longo escrito destinado ao tomo I da *Historia de Galiza* dirixida por R. Otero Pedrayo, e editado en Buenos Aires (1962) baixo o título de “Etnografía. Cultura espiritual”<sup>3</sup>. No apartado titulado, curiosamente, “A aldea galega”, en coincidencia con N. Tenorio, fálanos da parroquia ou freguesía como unha organización comunal (Risco, 1994, 505 e ss.). Para el é de feito, xa que non de dereito, unha entidade administrativa, chegando a formarse arredor dela “unha verdadeira conciencia de grupo”, en posible relación xenética, ou formal, cos vellos clans da Galicia prerromana. Máis adiante, no capítulo centrado no ámbito festivo, tamén destaca a importancia das festas de parroquia, co seu ramo, o folión, a misa e procesión, e a festa laica da tardiña (Idem, 651 e ss.).

Os escritos de Risco deberon actuar como suxestión para o plano de investigacións de campo levadas a cabo por Carmelo Lisón Tolosana na nosa terra, as que se concretaron nunha serie de obras que comezan coa xa citada *Antropología cultural de Galicia*. En realidade este antropólogo social reitera os trazos destacados xa por Risco e os seus compañeiros de época no que á parroquia se refire. Institucións como o *pedáneo* de parroquia, o concepto de *veciño* asociado á parroquia, as terras comunais administradas pola parroquia, a *parroquia de vivos*, mais tamén a *parroquia de mortos* (Compañía ou Estadea), a endogamia parroquial, as festas e pelexas nelas dos mozos agrupados por parroquias, etc., son outros tantos indicativos de que arredor deste segmento de sociabilidade se constrúe unha identidade de grupo no mundo rural do noroeste (Lisón Tolosana, 1971:55 e ss.). Mais a diferenza está nas orientacións teórico-metodolóxicas, que agora se basean na práctica dunha observación ampla e continuada sobre o terreo-coa utilización dos informes verbais recollidos no corpo do texto- e nos principios da antropoloxía funcional-estruturalista de berce británico. O seu discurso, en definitiva, inclúe a parroquia nunha segmentación na que casa (familia)→aldea→parroquia→concello (comarca) forman un *continuum*, con ámbitos propios de pertinencia para cada un destes chanzos.

Con posterioridade este enfoque foi reiteradamente desenvolvido noutros escritos seus. Así se pode apreciar nun libro dedicado á Santa Compañía, onde repite, con detalle e profundidade hermenéutica, que esta procesión/crenza serve, entre outras cousas, para superar a separación entre vida e morte, entre a

<sup>3</sup> Despois desta primeira edición fixéronse outras dúas, unha por Akal Editor, Madrid (1979) e outra nas obras completas de Risco, de Editorial Galaxia, que é a que usarei neste caso.

parroquia dos vivos e a dos mortos, afirmando a identidade parroquial coa inclusión do máis alá (Lisón Tolosana, 1998:209 e ss.).

Moitos outros antropólogos, e algún sociólogo, dos tres últimos decenios publicaron obras de moi diversa orientación nas que a parroquia, como unidade de observación nuns casos, ou como marco de estudo de feitos diversos noutros, ocupa un lugar de relevo. Resulta imposible nesta achega citar todas as análises da parroquia, ou de unidades inferiores nela integradas, pero non renuncio a amosar algunha mostra illada, como as de Baldomero Cores (1973), J. A. Fernández de Rota (1984), X. A. Fidalgo Santamariña (1988), José M<sup>a</sup> Cardesín (1992), etc. No que se refire ás festas das parroquias, tema que será dominante neste escrito, son moi diversos os artigos e contribucións a obras colectivas nelas centradas, polo que remito ao lector ás insinuacións bibliográficas finais.

## 2. Sobre festas, patróns e devocións locais

A festa pode ser considerada un *feito social total* (M. Mauss), pois nela se manifestan todos os aspectos que conforman unha comunidade humana. Ademais de atalaia axeitada para descubrir trazos da economía, da sociedade, do universo simbólico ou da historia, propios da humanidade nas súa plural variedade, é tamén un *locus* privilexiado para detectar as identidades de grupo, sexan estas sectoriais ou territoriais. No que a Galicia se refire, moitas das nosas festas permiten percibir a identidade de parroquia dunha maneira diáfana; por iso vale a pena facer, a seguir, algunhas consideracións sobre a festa en xeral e sobre as festas das nosas parroquias en particular.

### 2.1. Consideracións xerais sobre a festa

En todas as sociedades rurais xurdiron unidades de convivencia que xeraron unha “conciencia de grupo” (Risco). En Castela será o *pueblo-municipio* (Velasco, 1991) o centro desa conciencia, mentres que en Galicia ese papel é desempeñado pola parroquia, ou, en casos, pola aldea/lugar, o cal, reitero unha vez máis, ten na festa un reflexo. A festa pode ser definida como unha *moratoria da cotianidade* (Marquard, 1993, 359-360) porque establece un tempo extraordinario no vestir, no xantar e no lecer en xeral que rompe coa monotonía diaria (Rodríguez Becerra, 1978, 922) para, a seguir, producirse unha volta ao vivir diario. Neste sentido ten un desenvolvemento semellante ás secuencias cerimoniais *dos ritos de paso*, por exemplo o matrimonio, ou o paso da infancia á idade adulta, marcados en moitas sociedades con complexos rituais. En efecto, a festa, o mesmo que estes ritos, supón unha ruptura co tempo ordinario (fase A), representada polas salvas de foguetes, as dianas/alboradas ou os folións que anuncian o comezo da festa; un mantemento desta situación liminar durante máis ou menos tempo (fase B, ou plenamente festiva) e, por último, unha reintegración na vida ordinaria (fase C), manifesta nos fins de festa, de novo con foguetes que avisan do retorno ao tempo cotián, enterros ou testamentos de despedida de Entroido, etc. A única diferenza é que, nos *ritos de paso*, os individuos adoitan reintegrarse á sociedade cun novo *status* -os noivos, por exemplo, despois da voda, pasan á categoría de casados, e non retornan á de solteiros que tiñan antes-, mentres que a festa non o cambia (Van Gennep, 1981, 13-14; Leach, 1971, 207-208; González Reboredo, 2006, 25).

Polo seu carácter extraordinario a celebración festiva é un bo referente para marcar as secuencias temporais, situándose moitas delas en datas relacionadas cos ritmos astrais, especialmente o ritmo solar - O Nadal preto do solsticio de



Festas de Santa Cruz de Ribadeo, Lugo). Festa de interese turístico

inverno; o san Xoán preto do de verán, etc-, feito moi importante, nas latitudes nas que viviron e viven as comunidades europeas rurais, pola relación deses ritmos coas plantas, e os animais, de que dependen (González Reboredo, 1997, 11-12). Malia estar repartidas por todo o calendario anual, as máis delas, especialmente as patronais ou de devocións locais, tenden a concentrarse nos meses de verán, entendido *lato sensu*. A título de mostra direi que 10 das 11 festas principais de parroquia na zona de Monfero (A Coruña) coinciden co período que vai do 29 de xuño ao 23 de setembro (Fernández de Rota, 1984, 217). Semella que o verán, época de intensos traballos agrarios no mundo labrego, tamén é un período axeitado para as festividades, establecéndose así unha relación complementaria entre *traballo intenso* → *festa* que ten unha fonda lóxica, na medida que permitiu lograr cousas como momentos necesarios de ocio no medio do esforzo, ou tamén gozar dunha alimentación especial, de farturentos xantares festivos, nunha época do ano na que se consumen máis calorías (Valdés del Toro, 1976, 343-345). Nos nosos días esta *estivalidade* festeira está reforzada por ser o momento do ano no que a maior parte dos asalariados gozan das vacacións e poden retornar aos seus lugares de nacemento.

Mais, por riba do carácter ecolóxico e temporal, as manifestacións festivas teñen unha clara dimensión sociocultural. Como ben indica Salvador Rodríguez Becerra, “a través de la festa, observant atentament, hom pot aprendre como s’organitza una societat: bases econòmiques, classes, grups....” (Rodríguez Becerra, 1998, 28). Vistas dende unha perspectiva durkheimiana, adoitan ser un espello da comunidade que as organiza e vive, aínda que sexa un espello ás veces deformador, ou idealizador. Por dicilo de outra maneira, na súa dimensión de redundancia do grupo que as celebra son un *modelo-da-realidade*, pero si reflicten aspiracións ideais, ou innovadoras, dese grupo, serán un *modelo-para-a-realidade* (Prat, 1982, 164).

Na medida en que a festa se sitúa na *liminalidade*, é dicir, fóra do ritmo ordinario da sociedade, tende a crear unha sensación de *communitas* - ao estilo das que definiron F. Tönnies ou V. Turner-, coa que todos se deben sentir identificados, independentemente do seu status, sexo, profesión ou calquera outra diferenza propia do tempo normal, de *societas*. A festa, neste sentido, é percibida como unha *festa de todos* cando se desenvolve no seo de unidades sociais baseadas na convivencia intensa, independentemente da situación dos seus compoñentes, como é a parroquia rural en Galicia.

Por todo o dito a celebración festiva tradicional adoita aparentar un carácter bastante conservador. Sen prexuízo de que nela agromen, por veces, os conflitos sociais internos, ou que se produzan nela cambios derivados das transformacións da sociedade, en xeral non ten vocación revolucionaria. Nos meus estudos etnográficos de campo puiden recoller algúns testemuños que apuntan á construción dunha comunidade ideal na festa. Así, na parroquia de Salcedo (Pobra do Brollón) era normal hai anos que, en tempo de Entroido, as casas abastadas lle regalasen algo de carne - chourizos, por exemplo- aos pobres da localidade para que estes tamén puidesen celebralo con certa fartura, aliviando así, no momento festivo, as diferenzas alimentarias entre uns e outros. O mesmo sucedía hai tempo nas pelexas entre mozos nas festas, pois estes, esquecendo as posibles antipatías persoais, adoitaban agruparse por parroquias, e algunhas veces por aldeas, para enfrontarse cos antagonistas, tamén de outra parroquia, algo que sucedía, por poñer un exemplo entre moitos, en Igrexafeita (San Sadurniño), consonte un informe que recollín hai máis dun cuarto de século.



Polo momento non falei nada dos diferentes tipos de festa que podemos rexistrar en Galicia, e nos nosos veciños do sur e oriente. Malia algúns defectos, creo que é unha válida clasificación a que utilicei en escritos anteriores a este, e agora repito: a) festas universais do ciclo anual -Nadal, Entroido, Semana Santa, Maios, Corpus, San Xoán, Santos-Defuntos-Magostos; b) romarías, caracterizadas por se centrar nun ente sacro considerado avogoso para diversos males, exercendo a súa influencia sobre unha área ou *territorio de graza* ; c) festas patronais ou de devocións locais e sectoriais; e d) festas laicas, moitas delas *neofestas* de creación recente -curros, festas gastronómicas, festas relacionadas coa historia...- (González Reboredo, 1997, 28 e passim). En todas elas a parroquia pode ser, aínda que non sempre, un marco axeitado para o seu desenvolvemento. Así, as roldas de mozos cantores por Nadal, pedindo un aguinaldo, ou os *ranchos de Reis* do suroeste de Galicia, tiñan, as máis das veces, a parroquia como referente; a celebración do Entroido, como veremos, tamén se desenvolve a miúdo no seo da parroquia; e o mesmo sucede con algúns actos da Semana Santa.

Porén, onde mellor se reflicte a identidade parroquial é nas numerosas festas patronais ou de devocións locais, centradas en santos, Cristo ou a Virxe, que son elevados á condición de valedores da comunidade e celebrados, por iso, mediante a correspondente festa. Como xa dixen noutra ocasión *“independentemente de que o mesmo santo se repita noutras parroquias, o certo é que o patrón é vivido polos fregueses como o seu santo, e a súa festa equivale a unha festa nacional da parroquia”* (González Reboredo, 1997b, 197). Dada a súa importancia, creo que merece a pena parármonos un pouco no universo dos santos patróns das parroquias galegas.



Procesión en San Xurxo de Cereixo, A Estrada. Foto do autor

## 2.2. Santos titulares e devocións locais

Non é doado facer unha cuantificación precisa dos titulares de parroquia en Galicia, o mesmo que non é doado fixar con exactitude o número de parroquias existentes no noso país. Todo depende da fonte que se utilice, pois as fontes eclesiásticas fixan as parroquias cuns criterios, mentres que as estatísticas das administracións do Estado fano con outros, mantendo parroquias que foron suprimidas na organización eclesiástica, e, ademais, omitindo as dos chamados *núcleos* de vilas e cidades. Tamén hai algunhas discrepancias sobre os santos titulares<sup>4</sup>.

<sup>4</sup> Nos últimos tempos publicáronse diversas relacións de parroquias, baseadas nos *Nomenclator* oficiais. Unha delas é a de P. de Torres Luna/M<sup>a</sup> L. Pérez Fariña/ J. M. Santos Solla: *Municipios y parroquias de Galicia*. Santiago: Universidad, 1989. Outra é a de A. Pazo Labrador/ X. M. Santos Solla: *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*. Santiago: Difux, 1995. Finalmente está a de A. Precedo Ledo/M. Gallego Priego (dirs.): *Mapa de parroquias de Galicia*. Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal- Xunta de Galicia, 2001. No que se refire ás parroquias eclesiásticas, ademais das *Guías* de algunhas dióceseses, pode consultarse o listado de parroquias a partir dos bisposdos que figuran na páxina web da Conferencia Episcopal Española.



Recesende. Imaxes preparadas para saír na procesión o 24 de xuño de 2005. Foto do autor

Esta falta de coincidencia, non obstante, pode servir para atopar indicios dunha forte identidade parroquial. Un exemplo é san Xoán de Recesende (Teo), anexo<sup>5</sup> de san Simón de Ons de Cacheiras, que foi suprimida polo arcebispado de Santiago no ano 1868. Pero aínda segue a ser considerada polos seus veciños, e polos de Cacheiras, como parroquia á parte. Conserva en moi bo estado o seu antigo templo parroquial con cemiterio ao seu carón, e, polo que puiden comprobar neste ano de 2007, celebrou, aínda que só con función relixiosa, a festa do seu patrón san Xoán - o ano 2006 tamén houbera baile-. Por outra banda, os de Recesende, en conxunto, nunca se integraron nunha festa moi arraigada na parroquia de Cacheiras, o *Entroido dos xenerais*, e, cando algún ano decidiron levar a cabo esta celebración, tiveron a súa propia mascarada. En contrapartida, nunca a mascarada de Cacheiras entra no territorio de Recesende. Todo iso despois da desaparición eclesiástica desta freguesía fai 140 anos!. Mesmo puiden recoller unha lenda local que serve para reforzar esa diferenciación Cacheiras/Recesende; dinos o relato que hai un penedo nun monte lindeiro con Cacheiras onde están as pegadas que deixaron san Simón de Ons e san Xoán, quen alí acordaron ir para cada unha das parroquias das que son titulares. Desta maneira, mediante esa manifestación lendaria da vontade dos propios santos, con referente físico na mesma fronteira parroquial, refórzase a idea de que ambas entidades manteñen a súa diferenza orixinaria.

Pero volvamos ao tema dos santos patróns, e o das súas orixes. Consonte un cómputo persoal, que aspira a compaxinar as fontes civís e eclesiásticas en certa medida, e a corrixir en parte diversos erros, os titulares de parroquia en Galicia, incluídas as parroquias urbanas, son Santa María e algunhas advocacións marianas, algunha advocación cristolóxica, e unha variada cohorte de santos, sumando preto de 140. Dou a continuación a porcentaxe, sobre o total, que obtiven dos 20 titulares máis numerosos, e que comprenden o 83% das nosas parroquias:

1-Santa María (e un número moi limitado de advocacións marianas): 20,8%; 2- San Pedro: 7,8% (8,3% se engadimos as parroquias de san Pedro Fiz); 3- Santiago: 7,5%; 4- san Xoán Bautista: 6%; 5-san Martiño de Tours: 5,9%; 6-O Salvador: 4,3%; 7-san Miguel: 3,9%; 8- santa Baia: 3,6%; 9-san Xiao: 3,2%; 10-santa Mariña: 2,8%; 11- santo Estevo: 2,7%; 12-san Vicente: 2,5%; 13-san Mamede: 2,4%; 14-santo André: 1,8%; 15-san Lourenzo: 1,8%; 16-san Cristovo: 1,6%; 17-san Tomé: 1,2%; 18-san Cibrao: 1%; 19-san Paio: 1%; 20- santa María Madalena: 1%.

Os datos anteriores amosan uns trazos moi característicos que tratarei de resumir. En primeiro lugar, é de salientar que santa María domina sobre os demais, con porcentaxes moi achegadas ás que obtiven en dioceses do norte e noroeste - Oviedo: 21,6%; Santander: 21,9%; Viana do Castelo: 19,3%; Braga: 15,2%, Bragança: 19,6%-. Pero esa dominancia relativízase cando ampliamos a comparación cara o sur, onde as porcentaxes son moito maiores -Ávila: 35%; Toledo: 33,9%; Mérida: 48,1%; Évora: 43%; Huelva: 46,4%; Algarve: 54,5%; Córdoba: 46,8%; Almería: 50,6%-. O feito explícase porque nas terras meridionais da península procedeuse a unha recristianización despois da fin da presenza islámica, a que se fixo con María como principal protagonista, mentres que nestas terras do norte sobreviviu a lembranza de mártires das primeiras forxadas do cristianismo, anteriores ao século XII, como Estevo, Baia, Xiao, Mariña, Vicente, Mamede, etc, así como Paio, un neno-santo galego, de terras tudenses, que sufriu martirio no ano 925, na Córdoba de Abderramán III. Ao dito hai que engadir que en Galicia a titular de parroquias adoita ser, sacados casos illados e recentes, santa María, e non unha das varias advocacións marianas que se difundiron en tempos posteriores, como a Virxe do Rosario, ou a do Carme, ou, máis preto de nós, as de Lourdes e Fátima.

<sup>5</sup> Como é sabido, a diferenza básica entre unha parroquia principal e un anexo é que este último non ten párroco residente. Pero, no sentir popular, os anexos son parroquias igual que as demais.

Por outra banda, a presenza de Cristo como O Salvador tamén é outro indicio de antigüidade dos nosos titulares parroquiais, xa que é cousa ben sabida que esta advocación cristolóxica tivo un especial espallamento nos dez primeiros séculos do cristianismo. Se acrescentamos o anterior con feitos como que a devoción aos apóstolos Pedro, Santiago, Tomé e André, a San Xoán Bautista- orixinariamente protector de baptisterios-, e a arcanxos como san Miguel, é tamén antiga, ou que a de san Martiño de Tours está presente aquí dende o século V, reforzándose continuamente en tempos posteriores do medioevo, podemos confirmar que o noso sistema de titulares de parroquia é dos máis antigos da península, particularizándonos de maneira especial con respecto a outras terras. Malia poder documentar desaparicións de parroquias e a creación de outras novas, para o que non hai máis que cotexar as actuais coas citadas en fontes como as *Memorias* de Jerónimo del Hoyo para a diocese de Compostela, ou consultar os datos que nos facilita Ávila y la Cueva sobre as parroquias do bispado de Tui, o feito da persistencia da maior parte delas, e os seus titulares, confírmase nos estudos de investigadores da historia da Igrexa no noroeste e da parroquia rural galega en xeral, entre eles P. David, M. C. Díaz, X. R. Barreiro Fernández, X. Fariña Jamardo, E. Portela, etc.

Porén, non se pode negar que, a carón destes santos, a Igrexa, o clero regular e persoas concretas foron introducindo ao longo dos séculos novas devocións (ver, por exemplo, W. Christian, 1976), as que, por veces, chegaron a escurecer aos iniciais protectores da comunidade parroquial. Así, na parroquia de Noal (Porto do Son), o vello patrón, san Vicente, convive cunha nova devoción, moi propia de localidades costeiras como Porto do Son, a da Virxe do Carme, que é celebrada festivamente non na súa data, senón o 8 de setembro porque substituíu á Virxe da Misericordia, vella valedora dos mariñeiros, e tamén porque o comezo de setembro era momento no que a xente de mar da localidade detiña a súa actividade para realizar tarefas de cambio de aparellos, ou de reparación dos barcos (Pazos, 1969; Calo Lourido, 2001). A vila e parroquia de Rianxo, pola súa banda, ten por titular a santa Comba, unha antiga mártir, pero é sabido que o seu padroado quedou amplamente superado pola fama da Virxe de Guadalupe, introducida por un frade xerónimo no século XVIII. Outro exemplo, entre os varios de que dispoño, é santa Baia de Arca (O Pino), que celebra a súa patroa o día 10 de decembro, seguida doutros dous días dedicados a diversos santos (san Roque, santa Lucía...); pero o Corpus Christi, xa no verán, chegou a ser a festa de máis sona no aspecto laico, polo menos nos últimos tempos. Situación semellante é a de Bugallido (Ames), onde, ademais de conmemorar ao seu titular, san Pedro, se fai unha festa secundaria dedicada tamén á Virxe do Carme.



Santa María, patroa de Biduído, Ames, é celebrada festivamente o día 15 de agosto. Foto do autor

Con todo, sexa titular antigo, sexa devoción posterior, o certo é que cada parroquia ten o seu(s) valedor(es) sacro(s), que cumpre(n), como di P. Sanchís en imaxe expresiva, por riba dunha función de fomento da devoción, unha *función totémica* (Sanchís, 1992, 318). Porque, con motivo da súa conmemoración, a comunidade parroquial se presenta diante dos outros cunha identidade colectiva ben definida polo seu referente sacro. O disparo de foguetes, as dianas e alboradas, a misa e procesión, os xantares especiais, o baile e a música, están a transmitir, tanto a nativos como a visitantes, a máis ou menos vizosa realidade da identidade local. En verbas de Xulio Caro Baroja

*el santo celebrado es “el patrón”, ni más ni menos; el defensor, protector o amparador, como dice el viejo diccionario “de Autoridades”, que indica también que un santo puede serlo de un reino, pueblo, cofradía o hermandad (Caro Baroja, 1984, 97).*

### 3. Da parroquia afirmada á parroquia esquecida

No marco deste escrito resulta imposible dar conta polo miúdo dos múltiples matices da festa na Galicia non urbana, e a súa relación coa parroquia. Por iso limitareime a completalo con tres exemplos significativos que foron obxecto das miñas observacións como etnógrafo, un da Galicia occidental, outro da central e un terceiro da oriental. Advirto que os dous primeiros están elixidos como modelos axeitados para comprobar a afirmación da parroquia, mentres que o terceiro é un exemplo *a contrario sensu*, no que a parroquia non aparece por ningures, é dicir, é unha *parroquia esquecida*, segundo anunciei no título deste apartado.

#### 3.1. O Entroido na comarca da Ulla e o seu contorno

No val medio do río Ulla e os seus afluentes, entre as provincias da Coruña e Pontevedra, ten lugar cada ano unha orixinal festa de Entroido, tanto nos días grandes da festividade como nos fins de semana que os anteceden ou seguen. Trátase das *maskaradas dos xenerais*, que así defino porque homes, e nos últimos anos algunhas mulleres, a cabalo, vestidos con indumentaria que reproduce os uniformes militares decimonónicos, son o máis salientable do conxunto. A eles súmanse outros compoñentes a pé, como *coros de mozos e de vellos*, e os *oficios*, os que responden, en liñas xerais, ao que se entende vulgarmente por disfraces e comparsas carnavalescas. Compre salientar, de entrada, que se trata sempre de *maskaradas de parroquia*.

No seguimento que fixen persoalmente, e en colaboración co profesor Mariño Ferro, nos últimos 25 anos, puiden recoller, ou coñecer, datos deste Entroido en freguesías de Santiago (Castiñeiriño, Eixo), Touro (Bama, Fao, Novefontes), Teo (Cacheiras, Vaamonde, Oza, sta. María de Teo), Vedra (Sales, Sarandón), Boqueixón (Lestedo, Sergude), Vila de Cruces (Piloño), e A Estrada (Santeles, sta. Cristina de Veia) (González Reboredo/Mariño Ferro, 1987a, 121 e ss.; e 1987b.-González Reboredo, 2006). Pero hai noticias de moitas outras parroquias da zona dende o século XIX, en periodistas como o xa aludido A. Vicenti, escritores como M García Barros e X. Neira Vilas, estudosos como A. García Ramos, etnógrafos como F. Bouza-Brey e A. Fraguas, ou, finalmente, en investigadores locais como O. Arca Caldas.

O carácter parroquial da mascarada maniféstase na súa propia preparación e composición, sempre con naturais ou veciños da parroquia, e nos percorridos, que inclúen normalmente todas as aldeas, e as casas, do seu ámbito territorial, saíndo soamente en ocasións contadas dos seus límites. Mais tamén está



Xeneral de Santa Cristina de Veia (A Estrada). Entroido de 2005. Foto do autor



Director e directora de coros en San Xoán de Santeles, A Estrada. Entroido de 1999

presente nos *Vivas* que pronuncian os xenerais, e no chamado *atranque* ou *alto*, posta en escena que ten lugar ao final do día, e que enfronta aos *correos*, unha especie de oficiais subalternos, e *xenerais* en loitas dialécticas, imitando a militares de dous países, ou, recentemente, a políticos de distintos partidos. No que se refire aos *Vivas*, inténtase que ningún veciño da parroquia quede sen o seu, sempre a cambio dun donativo, e, cando se lle dá un *viva* a veciño ou residente en parroquia allea, debe indicarse a de nacemento e a de adopción. Velaquí dous exemplos:

*-¡Atención señores, digan todos unidos a mi voz! ¡Viva el señor (nome) como natural y vecino de santa Cristina de Veá, en compañía de su esposa y demás familia!*

*- ¡ Vuelvo y repito! ¡Viva don (nome) en compañía de su esposa y de toda su familia, como natural de santa Eulalia de Oza y residente en san Julián de Sales!<sup>6</sup>.*

Os vivas cumpren unha función social importante dentro deste Entroido, pois equivalen a unha integración da *casa*, célula social básica da Galicia rural, nunha unidade superior, a parroquia. Por medio do donativo, cada casa, representada polo *cabo da casa*, confirma a súa pertenza á parroquia, e os xenerais e a mascarada identifícanos como veciño mediante o correspondente *viva*. Por lóxica, non carente dun desexo de reunir fondos para a festa, o mesmo fan cos presentes de diferentes parroquias, dentro dun espírito de equilibrio e boa veciñanza.

Pero a parroquia aparece tamén, de maneira colectiva, nos *vivas* que os xenerais pronuncian aludindo a ela como conxunto, e que son como unha invitación á unión e colaboración. De novo poño un exemplo:

*-¡Atención, señores, digan todos a mi voz! ¡Viva la columna sonante y brillante de san Simón de Ons de Cacheiras!*

*(todos):-¡Vivaaaa!*

*-¡ Vivan nuestros directores y nuestros coros!*

*(todos):-¡Vivaaa!*

*-¡Viva nuestra unión!*

*(todos):-¡Vivaaa!*

Nos últimos tempos a mascarada non sae normalmente do ámbito parroquial, sacado o caso de parroquias da Estrada que dedican un día a visitar a capital municipal. Con todo, temos algún dato do pasado que revela que non sempre foi así, producíndose entóns encontros entre parroquias diferentes que podían acabar en enfrontamento violento. Así sucedeu na década dos setenta do século XIX, segundo testemuño do citado A. Vicenti, cando se produciu un choque entre as parroquias de Oca e Arnois (A Estrada), o cal rematou con vitoria para os de Oca porque, segundo este escritor, “tenían mejor caballería”.

En definitiva, este singular Entroido reforza, mediante a troula festiva, a importancia da parroquia como unidade de convivencia e cooperación, aínda que tampouco esquece de todo a aldea ou lugar, presente nalgúns atranques menores que, en ocasións, se celebran na entrada ou no centro destas entidades inferiores á parroquia. Malia ser o Entroido tempo de inversións puntuais, propicio para a sátira e para poñer o mundo “do revés”, neste caso a mensaxe de fondo é unha redundancia do ideal de unidade parroquial, que debe predominar en todos os aspectos da vida. E para representar festivamente iso, as parroquias da Ulla apropiáronse dunha imaxe pertinente, a do militar que xorde no século XIX ao



Xerais de Santa Cristina de Veá (A Estrada) hai un cuarto de século. Foto do autor

<sup>6</sup> Aínda que os veciños que fan de xenerais son, normalmente, galegofalantes, non obstante nos vivas e nos atranques usan o castelán por unha razón elemental: os xenerais de verdade, aos que eles imitan, nunca falan en galego. Con todo, nos últimos anos xa son frecuentes os atranques en lingua galega.

servizo do estado-nación. Ao cabo, un informante meu de San Simón de Ons de Cacheiras manifestouno con precisión espontánea cando me dixo, hai anos, que *unha parroquia é como unha nación*.

### 3.2. As fachas de santa María de Castelo

Nas terras do suroeste da provincia de Lugo, en plena Galicia central, as festas de parroquia adoitaban ser anunciadas mediante o *folión*, con salvas de foguetes, mais tamén con fachos acesos, levados na man pola xente ou, se eran de especial grandor, espetados no chan (Vázquez Rodríguez, 1997). Os máis destes comezos de festa desapareceron nos últimos tempos, pero aínda sobrevive algún, especialmente as chamadas *fachas* da parroquia de Castelo (Taboada), que foron obxecto, nos últimos anos, de atención por parte de investigadores (Delgado Gómez, 2000; González Reboredo, s. a.).

Santa María de Castelo é unha freguesía situada a tres quilómetros de Taboada. Comprende na actualidade os lugares de Castelo de Abaixo, Covas, Eirexe, Faquiós, Frameán, Ider e Perrelos, aínda que hai anos tiña outros dous, Abeledo e Pincelo, hoxe deshabitados a causa do encoro de Belesar. Todos os anos celebra a súa titular, santa María, os días 8 e 9 de setembro, pero o que compe ter en conta agora é o limiar festivo do día 7 pola tarde-noite, cando os veciños, e cada vez máis curiosos foráneos, se dirixen a un antigo castro situado preto da igrexa parroquial, dende o que se domina unha ampla paisaxe, para colocar as chamadas *fachas* e, despois das dez da noite, prenderlles lume.

Cada facha é un longo pau de carballo ou piñeiro, de ata seis metros, cuberto por capas de *agucios*, talos dunha planta coñecida noutras partes de Galicia como abrótega (*asphodelus albus*). Hai anos os nenos de cada casa da freguesía comezaban apañalos no mes de agosto, ata xuntar a cantidade necesaria para facer unha ou varias fachas, aínda que na actualidade esta recollida pode ser levada a cabo por xente adulta, dada a escaseza de infantés. Unha vez concluídas, coa axuda de maiores habilidosos nesta tarefa, están dispostas para seren trasladadas ao castro,

labor que se fai ao longo da tarde do día 7, levantándoas no chan coa axuda de sachos ou legóns. Xa no remate da tardiña todo o perímetro da croa castrexa queda cuberto delas, formando unha circunferencia. Mais a súa vida é curta, pois, en canto chega a noite, se procede á súa queima, dando lugar a un espectáculo de lume e luz que é seguido, no medio dunha atmosfera festiva, polos presentes. Feito importante é que as luminarias de Castelo poden ser vistas a moita distancia, máis alá do territorio parroquial.

Este cerimonial ígneo está en relación coa parroquia como grupo con identidade propia porque, o mesmo que moitos outros actos festivos presentes na



Colocando as fachas na tarde do día 7 de setembro de 2005. Foto do autor

Fachas ardendo no castro de Castelo. Foto de X.M Salgado. Arquivo de Hércules de Ediciones



Galicia rural, ten dúas funcións que así o indican. A primeira delas é anunciar cara o exterior, cara outras parroquias, que o conxunto de Castelo entra nas *súas* datas de festa. En canto á segunda, consiste en que, mediante a facha, ou fachas, cada casa se vincula á parroquia de pertenza, ou, por dicilo doutro xeito, reconece que forma parte desa unidade superior que é a parroquia.

A relación casa→parroquia, ademais, reitérase na posición das fachas, que non se sitúan ao chou, senón que a(s) de cada casa se coloca(n) na parte da acrópole que mira cara o lugar do seu emprazamento, onde viven os seus compoñentes. O castro, lembranza do pasado remoto, e soporte agora dunha manifestación da identidade parroquial, pode ser tamén un espazo no que se mantén a identidade do segmento inferior *casa*, evitando anulalo totalmente. Ao cabo, en todo sistema social con trazos segmentarios, o segmento superior, o mesmo que sucede no Entroido da Ulla, integra ao inferior, pero non o nega. E neste sentido podemos asegurar que o ritual das fachas é unha reiteración da realidade cotiá presente na Galicia rural ata hai pouco tempo, cando se establecían unhas necesarias relacións no ámbito parroquial para traballos como as mallas, ou o arranxo de camiños, pero cada casa conservaba a súa autonomía en cuestións que eran da súa incumbencia.

### 3.3. A festa de san Donato en Murias de Rao, ou a parroquia esquecida

Nas sínteses sobre a estrutura social na Galicia rural os etnógrafos adoitamos crear un *modelo ideal* mediante a suma de datos variados. Mais si se descende a casos concretos, sempre agroman diversas alteracións, máis ou menos intensas, dese modelo. Hai parroquias que, pola súa escasa contía demográfica, dificilmente poden cumprir as funcións propias deste segmento de convivencia. Noutras o trinomio *casa* → *aldea (lugar)* → *parroquia* queda reducido ao binomio *casa* > *aldea* porque parroquia e aldea coinciden, feito común no oriente da provincia de Ourense. En moitas parroquias pode haber, por outra banda, unha aldea que, polo seu grandor, chega a ser case independente do resto da parroquia, polo menos en certos aspectos. Para ilustrar esta variedade de situacións no ámbito festivo describirei con brevidade o exemplo da aldea de Murias de Rao, situada no municipio de Navia de Suarna, nos lindeiros de Galicia, Asturias e León.

Murias pertence a santa María de Rao, unha das parroquias de máis superficie de Galicia, con case 62 Km<sup>2</sup>. Comprende esta freguesía doce aldeas, máis un casarío dende hai anos despoboado, denominadas aquí co castelanismo *pueblo*<sup>7</sup>, e moitas delas teñen unha pequena capela onde se garda o patrón da localidade, distinto da titular parroquial, quen era antano conmemorado con festa propia, e aínda é festexado no presente en varios casos. Malia o forte despoboamento sufrido ao longo dos últimos 40 anos, Murias conserva na actualidade 14 casas habitadas todo o ano e outras dúas de maneira temporal -hai máis de medio século as casas “que facían lume” pasaban de 30-, e todos os anos celebra, os días 7 e 8 de agosto, o seu patrón san Donato, circunstancia que é aproveitada por fillos da localidade emigrados, e as súas familias, para recuperar o contacto co berce orixinario da súa estirpe.



Retablo presidido pola imaxe de San Donato, patrón de Murias de Rao. Día da súa festa do ano 2006. Foto do autor

<sup>7</sup> Nos *Nomenclator* Rao adoita aparecer con 13 entidades singulares de poboación, e non con 12, como aquí indico. Isto é debido a que se inclúe a localidade de Peliceira. Pero san Bernardino da Peliceira é unha aldea-parroquia da diocese de Oviedo, dividida entre os municipios de Navia de Suarna (Galicia) e santo Antolín de Ibias (Asturias), pasando a liña divisoria polo interior do núcleo habitado. Incluso puiden recoller hai anos unha anécdota, real ou inventada, segundo a cal houbo unha casa que estaba repartida entre Galicia e Asturias. A parte galega figura, nas fontes estatísticas, como un lugar de Rao por razóns de rixidez territorial, cousa que non é certa para os naturais, pois todos os habitantes- cada vez menos, pois a localidade esta ao bordo do despoboamento total- desenvolven a súa vida cotiá integrados na súa parroquia común, malia a dualidade administrativa que neles produce o depender de dous municipios e dúas comunidades autónomas. Bautizan aos seus fillos na parroquia do lugar, e non en Rao, nin en parroquia de Santo Antolín de Ibias. Aquí enterran aos seus mortos e, finalmente, celebran cada ano a festividade do seu patrón, san Bernardino, o 20 de maio. Segundo informe que me facilitou o crego encargado da freguesía-que é o mesmo de Rao- neste ano de 2007 están todos a colaborar no arranxo do templo parroquial, cousa que non fan, como é lóxico, cando se trata de santa María de Rao.

“Mañanitas” de Murias de Rao.  
Ambente de festa no interior  
dunha casa na mañanciña do 8  
de agosto de 2006. Foto  
IDNespereira, cedida unicamente  
para esta publicación



As manifestacións festivas aquí son as ordinarias nas pequenas comunidades da Galicia rural: misa, bailes e xantares que reúnen a familiares e invitados. Pero tamén se reitera cada ano unha tradición de orixe descoñecida, as chamadas *mañanitas*, a cal se desenvolve na amañecida e mañá do día 8 de agosto (López Coira, 1987, 167 e ss.; González Reboredo, 1990, 96-97; González Reboredo, s./a.). Uns 20 anos atrás consistía en que os mozos, acompañados do gaitero do lugar, percorrían todas as casas, levantando aos seus moradores se estaban na cama, entrando sen reparo en todas as dependencias, consumindo bebida e doces de festa, e recollendo un donativo que servía para recompensar ao gaitero, mentres na actualidade cobre os gastos festivos e dunha comida colectiva. Nos últimos anos, tal e como puiden comprobar en 2006, a falta de gaitero é suplida por naturais emigrados que saben tocar a gaita, o bombo e outros instrumentos, e a carencia de mocidade local pola presenza de familias de emigrados, así como pola incorporación de xente de idade diversa á comitiva. En calquera caso non se deixa ningunha casa por visitar, e todas deben consentir esta invasión momentánea dos seus espazos privados, nos que se crea unha atmosfera de troula, baile e gozo, de grado ou por forza da circunstancia. Teño noticia, en relación con isto, de que nunha ocasión os mozos chegaron a sacar dun coche a un membro dunha familia que alí se refuxiara para poder durmir.

As *mañanitas*, e a festa de san Donato en xeral, son, de novo, unha acabada mostra da segmentación local na Galicia rural. No medio da troula festiva, a xuventude e acompañantes, representantes da comunidade aldeá, invaden a esfera física do segmento inferior, a casa, integrándoo naquela. Os membros da casa, pola súa banda, deben aceptar esta invasión dos seus espazos íntimos, e correspondela con convidas e cun donativo. Nada diferente, en aparencia, dos rituais festivos de integración que comentamos nos apartados anteriores. E digo en aparencia porque si hai unha novidade notoria: nesta ocasión a parroquia non desempeña papel de ningún tipo; é, polo tanto, unha parroquia *esquecida*, sendo substituída polo segmento *pueblo* (aldea), que amosa, neste e noutros aspectos, unha autonomía que non se detecta, polo menos de maneira tan notoria, noutras terras de Galicia.



## 4. O futuro das parroquias e as súas festas

Os tres exemplos anteriores son representativos de fenómenos festivos e identidades herdadas do pasado. Pero é preciso preguntarse pola súa capacidade de persistencia, especialmente se temos en conta os procesos de transformación aos que está sendo sometida Galicia dende hai catro décadas. En suma, ten futuro a parroquia tal e como aquí a presenteí, ou tal e como a presentan os etnógrafos que a estudaron nos últimos cen anos? Tratarei de responder a esta pregunta nos apartados que seguen. Comezarei por amosar o que creo é unha situación bastante xeral na actualidade, para rematar cunha serie de propostas de diferente alcance que poden ser de utilidade na preservación do patrimonio sociocultural das nosas parroquias.

### 4.1. A lenta, mais inevitable, crise da parroquia tradicional

Non é necesario ir a profundidades analíticas para decatarse, nunha primeira ollada ao asunto, que a parroquia rural está en crise. Nas terras do interior galaico esa crise reflíctese, a nivel demográfico e económico, nun acusado despoboamento, e no que Xosé Carlos Sierra Rodríguez definiu co neoloxismo de *descampesiñización*. Sen saírmonos das mostras antes citadas, direi que santa María de Rao superaba os 1100 habitantes en 1940, quedara reducida a 656 en 1970, e no *Nomeclator do Instituto Galego de Estatística* do 2006 figura con 161!. Santa María de Castelo presenta unha caída menor, de 257 habitantes en 1970 a 119 no 2006, pero non por iso deixa de estar nunha situación de catástrofe demográfica. Unha mirada atenta á actual paisaxe rural destas parroquias pon de manifesto non só unha desaparición do vello policultivo, senón tamén un abandono das terras de clara vocación agrícola en favor de piñeiros ou de vexetación natural de monte. Non vou agora negar a necesidade de moitos cambios no noso agro, pero era necesario salienta-los estes feitos porque terán incidencia, de maneira crecente, na parroquia como institución viva e actuante.

A situación de catástrofe demográfica é menos acusada no occidente de Galicia, e moi especialmente no contorno das urbes. Pero aquí xorden outras ameazas para a institución parroquial. Por vivencia persoal coñezo santa María de Biduído, unha freguesía situada preto de Santiago de Compostela. Todos os anos celebra con festa a súa patroa o día 15 de agosto, e, malia a deserción parcial dunha parte da mocidade, os veciños “de sempre” adoitan participar nela. Mais, a carón do centro parroquial, á vista da súa igrexa, construíuse hai 20 anos unha urbanización que foi poboada por xente de moi diversa procedencia. Pois ben, as diferenzas de orixe fixeron que non se producise unha integración entre recen chegados e os antigos veciños, e os novos *rururbanitas* non participan nunha festa patronal que a eles non lles di nada. Pola contra, crearon dende o comezo unha mini-celebración propia, a noite véspera de san Xoán, cando, arredor dunha fogueira acesa nun campo situado na parte baixa da urbanización, se xuntan, beben, falan e tratan de crear unha imaxe de convivencia comunitaria. Os veciños da antiga aldea, por suposto, non participan neste encontro. A separación cotiá, agás contactos puntuais, entre as dúas comunidades ten un claro reflexo no plano festivo.

Puiden detectar cambios deste tipo nalgunha das festas antes sinteticamente descritas, especialmente en localidades onde se celebra o *Entroido dos xenerais*. San Simón de Ons de Cacheiras coñeceu, dende hai un cuarto de século, a proliferación de novas construcións en forma de vivendas illadas ou conxuntos

Lamas de Moreira,  
A Fonsagrada (Lugo)



urbanizados. Na década de 1980, cando fixen unha primeira observación etnográfica do Entroido desta parroquia, unha respectable cantidade de edificios comezaba a encher os seus lindeiros co concello de Santiago, e os organizadores da festividade repetían sempre que estaban dispostos a ir alí cos seus *xenerais* para darlles os *vivas* correspondentes; é dicir, mantiñan a arela de integralos na parroquia como uns veciños máis. Co tempo esa área urbanizada acabou convertida en parroquia independente, con sentido estritamente eclesiástico, e a esperanza de unidade parroquial dos cacheireses quedou en nada. Por datos soltos, sei que o mesmo sucede con outras unidades de poboamento recente incluídas no ámbito parroquial, ou polo menos cunha boa parte dos seus habitantes. A xente chegada de fóra, con tradicións culturais diferentes, ás veces moi diferentes, e cun estilo de vida alleo ao propio da Galicia rural, ten dificultades para entender, e asumir, o sentido integrador que se esconde detrás dunha celebración deste tipo. No fondo, Cacheiras como antiga *parroquia-institución social* ten pouco que dicirlles, dito isto sen prexuízo de que algúns se integren de maneira plena, ou de que o fagan no futuro.

## 4.2. Intentos de revitalización/actualización: na procura dunha identidade simbólica

Mais non todo é crise irreversible. O legado cultural adoita ter compoñentes que se poden aproveitar nun mundo de macromercados e dominado pola sociedade urbano- tecnolóxica. Os especialistas en patrimonio e en actualizacións da cultura tradicional falan de que persiste unha *saudade de cousas pasadas*, a cal provoca que a lembranza do pasado se converta en patrimonio, entendido como un conxunto de bens que “el individuo o el grupo hereda de sus ascendientes para poseerlos efectivamente y hacer de ellos el uso que más le convenga” (Ballart, 1997,36). A idea de que recibimos dos antecesoros un patrimonio para usalo como *máis conveña* implica que a herdanza non se pode manter idéntica a como era hai anos, senón que debe ser actualizada e adaptada ás novas circunstancias e ás arelas dos seus posuidores actuais, nuns procesos de *construción social* baseados no acordo amplo (Prats, 1997, 21). Iso é o que provoca que moitas formas de folklore -danzas, melodías, contos, cantigas, actos festivos, etc- sexan sometidas a unha *transformación do folklore en folklorismo*, o cal equivale, como ben sinala J. Martí, a unha maior ou menor *manipulación* (Martí, 1996, 19) para adaptar as vellas formas a novos contextos e necesidades. Ou sexa, que a *función primaria* das formas socioculturais ten que ser substituída por unhas *funcións secundarias* -Malinowski *dixit*- para seguir tendo vixencia.

Nestes procesos de adaptación cumpren un papel importante os naturais de localidades emigrados que retornan puntualmente á súa pequena patria de orixe, revivindo o patrimonio festivo local como un “vínculo que proporciona relacións de situación identitaria construindo ou reconstruindo o sentido de pertenza a unha zona, grupo ou subsistema cultural” (Sierra Rodríguez, 1997, 414). Pero tamén poden ser de importancia os alleos á comunidade que atopan nestas manifestacións unha maneira de retornar puntualmente a un mundo que se considera digno de ser admirado polo seu carácter *enxebre*, *exótico* ou *insólito*, incluíndo nesta categoría de “alleos” a xente de moi diversa procedencia, como habitantes de cidades de Galicia; ou turistas que, máis que procurar sol e praia con exclusividade, desexan coñecer, e admirar, experiencias de tipo cultural; ou alumnos de centros de ensino que nas súas actividades para-lectivas coñecen, e reproducen, festividades antigas como o Entroido ou os Maios.



Actuación folklórica en Cea, Ourense

As sociedades campesiñas non adoitan desaparecer por aniquilación. A súa decadencia relaciónase con lentos fluxos migratorios e con procesos de cambio de actividade, ou estilo de vida, que sitúan aos seus fillos en novos ámbitos espaciais e socio-culturais. Afastados do seu berce de orixe, ou obrigados a emprender novas actividades, os descendentes do campesiño tradicional conservan, non obstante, algún vínculo coa terra de nacemento e co pasado no que se criaron. E iso fai que se convertan nunha modalidade do que, segundo P. C. Grimaldi e os seus seguidores en Italia, podemos chamar *pendulares*, é dicir, persoas que oscilan, con máis ou menos intensidade, entre diferentes formacións económicas, sociais e culturais (Artoni, 1996, 128). Precisamente moitas festas son, na actualidade, mantidas principalmente por estes *pendulares*, que abandonan as cidades onde viven e traballan por un período de tempo para retornar aos lugares dos que saíron, recuperando a súa vella identidade, aínda que limitada á dimensión de *identidade simbólica*. Con eles, ademais, adoitan arrastrar a cónxuxes e fillos.

O antes dito é aplicable aos exemplos que antes utilicei. Non é posible determinar canto tempo poderán durar festividades como a antes citada de Murias de Rao. Polo momento a debilidade demográfica é compensada cada ano coa presenza de naturais emigrados e as súas familias nunhas datas de vacacións, cando a comunidade resucita do seu devalar continuo. Neste sentido a festa, e especialmente as *mañanitas*, cumpren unha dobre finalidade. Por unha banda está a *función tradicional* de manter a identidade e solidariedade locais. Por outra, incorpora unha nova *función societaria*, a de vincular aos emigrados coa súa comunidade de orixe (Roiz, 1982, 120-121).

Pódese dicir o mesmo da festa de Castelo, que foi revitalizada grazas ao entusiasmo de naturais residentes fóra, quen contribuíron de maneira decisiva a crear unha asociación destinada a mantela e difundila, dándoa a coñecer nos medios de comunicación, editando algún estudo sobre ela, e mesmo procurando apoios para que sexa declarada Festa de Interese Turístico. Hai que matizar, non obstante, que a súa defensa baséase en salientar os aspectos máis insólitos ou orixinais do conxunto festivo, pois a accións diríxense, sobre todo, ás *fachas* e a súa queima, é dicir, ao que hai anos, no contexto tradicional, non era máis que o



Rapa das bestas de San Lourenzo de Sabucedo. Festa de Interese Turístico

limiar da festa, por moito que fose un limiar intensamente vivido. Non quero con isto dicir que non apoiem tamén o resto dos actos, como as misas, procesións e verbenas, senón advertir que *venden* cara o exterior unha imaxe do que poderíamos chamar o *Castelo insólito*, adobada con teorías como o berce celta das *fachas*, cousa que a un natural de fai 50 ou 100 anos non se lle pasaría pola cabeza. Ao cabo, calquera revitalización dunha festa como esta, e da comunidade parroquial que a mantén, pasa necesariamente por pagar un tributo á sociedade urbana, que só asume as vellas celebracións se conseguen ser elevadas á categoría de espectáculo singular.

Pero, xunto cos *pendulares*, tamén hai que ter en conta, como antes anunciei, persoas vindas de moi diversos lugares, as que poden contribuír a que unha tradición festiva local dotada de especial atractivo chegue a ser unha macro-festa sen perder a súa capacidade de integración con respecto á comunidade que a creou. Creo que este é o caso da ben coñecida *Rapa das bestas* de san Lourenzo de Sabucedo, magnificamente estudada por un fillo da parroquia (Cabada Castro, 1992). Declarada Festa de Interese Turístico hai anos, potenciada mediante a conservación primeiro, e a renovación despois, dun recinto propicio para un espectáculo que atrae numerosos visitantes, esta conmemoración gandeira, non obstante, conserva a súa capacidade de vincular a todos os veciños e naturais, que reviven nela o pasado e proxectan a súa comunidade parroquial no futuro.

### 4.3. Unhas propostas finais

Sacado posibles revitalizacións puntuais de carácter espontáneo, os xestores do patrimonio cultural teñen que se ocupar dun grande número de bens, materiais e inmateriais, que están quedando fora de uso habitual por mor do despoboamento das parroquias, sobre todo as do interior galaico, e terán que facelo con maior intensidade a medida que pase o tempo. Por iso sería oportuno que se deseñasen unhas estratexias destinadas a seleccionar aqueles que merecen ser conservados, normalmente dende un *paradigma participacionista* (García Canclini, 1999,24), é dicir, con participación activa e intensa dos afectados, ou interesados, polas accións patrimonializadoras. Con todo, non son de desbotar accións verticais, levadas a cabo dende o poder, naqueles casos nos que a participación cidadá é innecesaria. A presentación neste escrito dun plano total de actuación sobre o patrimonio etnográfico das nosas parroquias é cousa imposible, e tampouco me sinto con forzas para facelo en solitario. Porén, paréceme oportuno apuntar algunhas accións axeitadas para contribuír á preservación dese patrimonio nos anos futuros. Fareino da maneira o máis sintética posible:

**a)** Unha acción menor e previa sería a de conseguir unha listaxe completa e clarificador das parroquias rurais de Galicia. Como antes dixen, non hai unanimidade entre as fontes civís e eclesiásticas sobre o número das nosas parroquias, e tamén se detectan imprecisións nos nomes dos seus titulares. Estas dúbidas afectan a santos como santo Antón de Padua, ou de Lisboa/ santo Antón Abade, que case nunca se distinguen; ou, por citar outro exemplo, a san Pedro/ san Pedro Fiz. Urxe, polo tanto, a elaboración desa lista definitiva de parroquias, tanto das que no plano eclesiástico o son *de iure*, como aquelas outras que, aínda suprimidas, seguen a selo *de facto*. Posiblemente un pequeno equipo ao abeiro da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, e coa colaboración de municipios e párrocos, podería levar a cabo este clarificador traballo.

**b)** O noso sistema de titulares de parroquia ten dúas virtudes para ser un ben patrimonial a conservar: a) a súa grande antigüidade, e b) a súa capacidade para

nos singularizar, no seu conxunto, en relación con outras partes da península. Por iso a toponimia parroquial, cos dous nomes que a definen, o do patrón sacro e o topónimo laico, debería ser declarada Ben de Interese Cultural, ou protexida por calquera outra fórmula legal oportuna. Certo que, para levar a cabo isto, se fai necesario superar as desconfianzas, mesmo a hostilidade, dos laicistas, pero é de advertir ao respecto que a protección da nosa haxiotoponimia non implica vinculación inevitable cunha confesión, senón recoñecemento dunha realidade histórica con valor sociocultural. Pois tampouco a conservación, por exemplo, dun castelo, ou dun mosteiro, non supón que todos debamos revivir, e aplaudir, o feudalismo; pola contra, para a sociedade actual eses monumentos non son máis que unha valiosa reliquia do pasado, que pode ser aproveitada con finalidades diversas.

**c)** A perda masiva de poboación no mundo rural vai deixando en abandono un inxente patrimonio material e inmaterial (tradicións festivas, campos de festa/feira, igrexas e capelas, imaxes, retablos, literatura oral...). Dado que é imposible salvar todo de xeito anárquico, a solución é elaborar unhas directrices encamiñadas a activar as mostras máis significativas dese universo cultural, contando coa colaboración de todos os actores e institucións implicados - concellos, deputacións, medios de comunicación, especialistas e institucións centradas en conservación e difusión do patrimonio, Igrexa, comunidades parroquiais, sindicatos e asociacións de empresarios, centros de investigación, fundacións....-. Estas directrices non deben estar orientadas unicamente ao rescate/conservación, senón ter outras finalidades, como contribuír a deter o despoboamento rural, ou servir de apoio aos grupos sociais máis febles, sobre todo mulleres e mocidade en casos, terceira idade e artesáns. Calquera desenvolvemento futuro da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, ou calquera outra medida das consellerías do goberno autónomo implicadas directa ou indirectamente no ámbito rural, poderían incluír accións neste sentido, ou ampliar as que estean en marcha.

**d)** Para conseguir que a nosa identidade se poida reforzar mediante o rescate da memoria do pasado recente por parte das xeracións máis novas, é de desexar que as características das nosas parroquias como institucións sociais sexan dadas a coñecer nos distintos niveis do ensino. Posiblemente haxa dificultades para incluílas nuns *curricula* demasiado recargados de contidos, mais si procede introducilas como tema transversal de diversas materias, ou en actividades complementarias. De feito xa hai moitos centros que fan un labor importante neste campo, o cal podería ampliarse a toda a rede educativa, respectando sempre as peculiaridades comarcais ou locais.

**e)** A parroquia como entidade que xera unha conciencia de grupo non é un feito presente soamente en Galicia. Pola contra, pode documentarse en terras veciñas, como o occidente de Asturias, as zonas limítrofes de Castela-León e, de maneira ben clara, no norte de Portugal. Propoño, polo tanto, unha colaboración coas comunidades autónomas aludidas, e con Portugal, para fomentar o intercambio de experiencias e crear un espazo amplo de valoración/preservación do patrimonio cultural asociado á parroquia. Como xa manifestei noutras ocasións, calquera acción deste tipo leva consigo un valor engadido, na medida que Galicia e o norte de Portugal están camiño de construír unha eurorrexión, a cal, por riba da dimensión puramente económica e de libre circulación de traballadores, debe reforzarse con vivencias socioculturais compartidas.

Todas as propostas anteriores poden sonar a tópicos idealistas moi repetidos en diversos foros culturais. Mais o feito de que se repitan é síntoma da necesidade



Un mostra do patrimonio material no mundo rural galego: Capela de Coro da parroquia Rao en Navia de Suarna, Lugo. Foto do autor

de emprender accións relacionadas cunha problemática na que, no caso de non facer nada, podemos perder un importante capital cultural, ou unha satisfactoria identidade simbólica que nos permita complementar a nosa presenza na Unión Europea cunha personalidade definida.

## Bibliografía

- **Artoni, A.** (1996), "El juego de la tradición o la refuncionalización de la fiesta campesina de tradición oral en la modernidad tardía", *Antropología. Revista de pensamiento antropológico y estudios etnográficos*, Madrid. Nº 11, pp. 121-134.
- **Ballart, J.** (1997), *El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso*, Barcelona: Ariel.
- **Cabada Castro, M.** (1992), *A rapa das bestas de Sabucedo*, Vigo: Ir Indo.
- **Calo Lourido, F.** (2001), "250 aniversario do inicio da devoción oficial á Virxe do Carme no Porto do Son", en *Festas do Carme 2001*, Porto do Son: Concellería de Turismo e Deporte, sen paxinar.
- **Cardesín, J. M<sup>a</sup>** (1992), *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (s. XVIII-XX)*, Madrid: Ministerio de Agricultura.
- **Caro Baroja, J.** (1984), *El estío festivo*, Madrid: Taurus.
- **Christian, W. A.** (1976), "De los santos a María: panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media a nuestros días", en: C. Lisón Tolosana (Ed.): *Temas de Antropología Española*, Madrid: Akal, pp. 49-103.
- **Cores Trasmonte, B.** (1973), *Sociología rural de Galicia*, A Coruña: Librigal.
- **Delgado Gómez, J.** (2000), *Castelo(Taboada-Lugo)*, A Coruña: Fundación Francisco Rodríguez Iglesias.
- **Fernández de Rota, J. A.** (1984), *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Madrid: CIS/Siglo XXI de España Editores.
- **Fidalgo Santamarifa. J. A.** (1988), *Antropología de una parroquia rural*. Ourense: Caja Rural.
- **García Canciani, N.** (1999), "Los usos sociales del Patrimonio Cultural", en *Patrimonio Etnológico. Nuevas perspectivas de estudio*, Granada. Consejería de Cultura-Junta de Andalucía, pp.16-33.
- **García Ramos, A.** (1912), *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*, Madrid (hai edición facsimilar recente do Consello da Cultura Galega).
- **González Reboredo, X. M.** (1990), "«Casa» y «pueblo» en la vertiente occidental de la sierra de Ancares", en: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares*, Lugo: Diputación Provincial. Tomo I, pp.11-123.
- **González Reboredo, X. M.** (1997a), "Do nacemento do folklore ós nosos días", en: *Galicia. Antropoloxía*, A Coruña: Hércules de Ediciones. Tomo XXIX, pp. 37-67.
- **González Reboredo, X. M.** (1997b), *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia.
- **González Reboredo, X. M.** (2006), "A mesta fraga das festas de Galicia", en: *Tempos de festa en Galicia*, Fundación Caixa Galicia. Tomo I, pp. 19-53.
- **González Reboredo, X. M.** (2006), "Mascaradas de Entroido en terras da Ulla e no seu contorno", en: *Tempos de festa en Galicia*, Fundación Caixa Galicia. Tomo I, pp. 115-125.
- **González Reboredo, X. M. (2007)** "Festa e ceremonial ígneo. As Fachas de Santa María (Castelo-Taboada)", en: *Tempos de festa en Galicia*, Fundación Caixa Galicia (no prelo).
- **González Reboredo, X. M. (2007)** "Festa e comunidade aldeá: o exemplo de san Donato de Murias de Rao(Navia de Suarna)", en *Tempos de festa en Galicia*, Fundación Caixa Galicia (no prelo).
- **González Reboredo, X. M./ Mariffo Ferro, X. R.** (1897a), *Entroido en Galicia*, A Coruña: Deputación Provincial.
- **González Reboredo, X. M. /Mariffo Ferro, X. R.** (1987b), "Aportación al estudio de la fiesta de Carnaval en tierras de «A Ulla»", *Gallaecia. Publicación del Departamento de Prehistoria y Arqueología. Facultad de Geografía e Historia. Universidad de Santiago*, nº 9/10, pp. 161-194.
- **E.R. Leach** (1971), *Replanteamiento de la Antropología*, Barcelona: Seix Barral.
- **Lisón Tolosana, C.** (1971), *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- **Lisón Tolosana, C.** (1998), *La Santa Compañía. Fantasías reales. Realidades fantásticas*, Madrid:Akal.
- **López Coira, M. M<sup>a</sup>** (1987), "As mañanitas de Murias. Fiesta, simbolismo y segmentación social", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid. Tomo XLII, pp.141-177.

- **Marquard, O.** (1993), "Pequeña filosofía de la fiesta", en: U. Schultz, *La fiesta. Una historia cultural desde la Antigüedad hasta nuestros días*, Madrid: Alianza Editorial, pp. 357 e ss.
- **Martí, J.** (1996), *El folclorismo. Uso y abuso de la tradición*, Barcelona: Ronsel.
- **Pazos, M. R.** (1969), "Un pleito entre las cofradías de marineros y labradores del Puerto del Son (1727-1753)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago. Tomo XXIV, pp. 589-596.
- **Prat Canos, J.** (1982), "Aspectos simbólicos de las fiestas", en H. M. Velasco(ed.): *Tiempo de fiesta*, Madrid: Tres-catorce-dieciséiete, pp. 151-168.
- **Prats, Ll.** (1997), *Antropología y patrimonio*, Barcelona: Ariel.
- **Risco, V.** (1946), "Creencias gallegas. La procesión de las ánimas y las premoniciones de la muerte", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid. Tomo II, fasc.3, pp. 380-429.
- **Risco, V.** (1993), "Unha parroquia galega nos anos 1920-25", Santiago: Museo do Pobo Galego (a versión orixinal publicouse en 1959 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid, tomo XV- cuad. 4º).
- **Risco, V.** (1994), "Etnografía", en: *Obras completas-3*, Vigo: Galaxia.
- **Rodríguez Becerra, S.** (1978) "Las fiestas populares: perspectivas socio-antropológicas", en: *Homenaje a Julio Caro Baroja*, Madrid: CIS, pp. 915-929.
- **Rodríguez Becerra, S.** (1998), "Les aportacions de l' antropología a l' estudi de la festa i la religió. El cas d' Andalusia". *Revista d' Etnologia de Catalunya*, Barcelona. Nº 13, pp. 28-41.
- **Roiz, M.** (1982), "Fiesta, comunicación y significado", en: H. Velasco(ed.).- *Tiempo de fiesta*, Madrid: Tres-catorce-dieciséiete, pp. 95-150.
- **Sanchís, P.** (1992), *Arraial: festa de um povo*. Lisboa: Dom Quixote.
- **Sierra, X. C.** (1997), "Procesos de patrimonialización en Galicia", en X. M. González Reboredo (coord.): *Galicia. Antropoloxía*, A Coruña: Hércules de Ediciones. Tomo XXIX, pp. 381-471.
- **Tenorio, N.** (1982), *La aldea gallega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia(2ª ed.; a primeira apareceu en Cádiz en 1914).
- **Valdés del Toro, R.** (1976) "Ecología y trabajo, fiestas y dieta en un concejo del occidente astur", en: C. Lisón: *Temas de Antropología española*, Madrid: Akal, pp. 263-345.
- **A. Van Gennep** (1981), *Les rites de passage*, Picard: Paris.
- **Vázquez Rodríguez, X. M.** (1997), "Cerimonias de véspera. Os foliós da Ribeira Sacra", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, tomo VIII, vol. 1, pp. 215-290.
- **Velasco, H.** (1991), "Signos y sentidos de la identidad de los pueblos castellanos. El concepto de pueblo y la identidad", en :J. Prat et alii: *Antropología de los pueblos de España*, Madrid: Taurus, pp. 719-728.

# 07 Os espazos da identidade: reflexións desde a antropoloxía social sobre a actualidade da parroquia rural en Galicia

**Xaquín S. Rodríguez Campos**

Profesor Titular de Antropoloxía Social  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. Introducción: a parroquia rural como problema hoxe

No ano 1994 publiquei un traballo sobre a actualidade da parroquia rural en Galicia, con motivo dunha homenaxe a Carmelo Lisón Tolosana, quen se ocupara do tema de xeito sistemático dúas décadas antes no seu primeiro libro sobre Galicia (Lisón Tolosana, 1971). Eu facíame as seguintes preguntas: a) se a comezos dos anos noventa podíase considerar a parroquia rural galega como unha institución social aínda vixente, logo dos rápidos procesos de éxodo rural, que a deixaran sen escolas e con moita frecuencia sen párroco; b) se aínda ocupaba algún lugar relevante nas expresións da identidade rural ou se pola contra perdera toda a súa forza de cohesión social. Hoxe vólcome a facer esas mesmas preguntas pero nun contexto algo diferente ao que existía nos inicios da década dos anos noventa, nótanse dun xeito moito máis claro os efectos da globalización sobre as cidadanías, que afecta ás poboacións rurais e aos seus territorios, e polo tanto esas mesmas preguntas deben ser respondidas doutro xeito.

Desde principios dos anos noventa continuou acentuándose o proceso de despoboamento rural, o que non foi ningunha sorpresa, pero ademais ocorreron outros fenómenos na vida rural que non pasaron desapercibidos. Por unha banda empezouse a organizar o proceso de asociacionismo na sociedade rural, e por outra foise agudizando o conflito entre as comunidades rurais e as industrias da enerxía pola utilización de espazos rurais para a obtención de materias primas, para a produción de enerxía eléctrica e con outros fins urbanísticos, proceso que se pode prever que vaia a seguir progresando. Pero a novidade estivo en que o primeiro proceso (o asociacionismo) foi consecuencia do segundo, que xa se iniciara a finais dos anos setenta nos comezos da democracia en España. Como este segundo proceso é previsible que vaia seguir acentuándose no futuro, prevese que continuará fortalecendo o proceso do asociacionismo na sociedade rural. As preguntas que eu me formulei como consecuencia desta situación son estas: Poden estes procesos dar maior vitalidade á parroquia como comunidade ou non? O dinamismo do asociacionismo que vimos observando nas parroquias rurais de Galicia pode contribuír a mellorar a xestión local do territorio e as necesidades da poboación rural?.



Desde a tradición antropolóxica iniciada por Durkheim e reformulada por Radcliffe-Brown entendemos por institución social un sistema de interaccións sociais que perduran nas sociedades co paso do tempo e consolídanse como formas de solidariedade (Radcliffe-Brown (1974: 19). Non cabe dúbida de que a parroquia rural galega segue conservando hoxe en día esta calidade de servir como un marco social que promove solidariedades. O problema está en ver as formas de solidariedade que se chegan a promover de feito, e non supolas simplemente. Pero hai unha primeira cuestión que salta á vista, cambiaron de xeito substancial a estrutura e as funcións da parroquia como comunidade ao longo do último terzo do século vinte. En que sentido pode ser considerada como unha comunidade no moderno sentido da expresión, como unha unidade social dinámica para dar resposta aos retos que a modernización impón á sociedade rural?

## 2. Institución, símbolo e identidade: o legado dunha tradición

Ata que chegaron os tempos da democracia en España a cohesión social da parroquia rural, territorialmente dispersa, non obedecía en Galicia só a lazos simbólicos, como ten escrito, aínda que os símbolos tiveran grande poder, polo menos na sociedade rural. Durante o dominio do catolicismo na política nacional a parroquia estaba constituída non só como unha unidade administrativa no eclesiástico senón que tamén tiña forte recoñecemento e implicación na vida civil. Os párrocos non só administraban sacramentos, senón que ademais estendían certificados de bautismo, matrimonio, defunción e por suposto os de boa conduta, que tiñan plena vixencia na vida civil. As súas opinións sobre os seus fieis eran moi tidas en conta polas autoridades civís e militares, e eles sabían moi ben. Constituían o poder social que facía da parroquia unha institución.

Pero ademais existían os alcaldes de barrio ou “pedáneos”, que eran nomeados polos alcaldes do municipio entre os maiores propietarios de terra que fosen da súa confianza. A sociedade rural estaba xerarquizada ao redor da propiedade da terra, e eran os maiores propietarios os que podían facer favores e recibían a cambio agasallos que testemuñaban a lealdade dos seus veciños. Co que se garantía así unha xerarquía ben ordenada entre os habitantes da poboación rural e a autoridade municipal. A parroquia era por conseguinte un órgano administrativo no relixioso, pero debido á enorme importancia da relixión na vida civil as súas funcións administrativas eran recoñecidas na vida civil, por iso controlaba con eficacia aos seus veciños dispersos, e as autoridades civís servíanse da centralidade da parroquia para controlar politicamente aos seus cidadáns. Como consecuencia de todo isto a parroquia era tamén o centro organizador doutras moitas actividades sociais que xeraban a implicación constante de todos os seus fregueses. A parroquia rural era un órgano imprescindible para a administración civil, e por esta razón xerou forte cohesión territorial ata mediados dos anos setenta.

A parroquia rural non só xerou a cohesión social entre os veciños pola súa centralidade administrativa e polo sistema de xerarquía social existente no pasado, senón que tamén xerou identidade; os veciños sentíanse orgullosos da súa pertenza parroquial. Se entendemos por identidade a maneira na que as persoas identifícanse con respecto a outras e reivindicán símbolos que expresan a conciencia que teñen de si mesmos, a relixiosidade popular foi un elemento crave da construción da identidade das persoas na vida rural de Galicia. A



Festas patronais de San Lourenzo en Foz. Lugo

devoción aos santos en cada parroquia xerou a relixiosidade peculiar de cada parroquia. Cada veciño profesaba devoción aos santos da súa parroquia en primeiro lugar, aínda que tamén cultivaba outras devocións supraparroquiais e supra-municipais nas famosas romarías, que adoitaban ter un marco territorial ben definido, como aconteceu en todo o norte de España (Christian 1976). Os santos da parroquia eran os seus santos protectores na vida, as advocacións marianas servían para protexer especialmente á muller, á familia e á descendencia das enfermidades, mentres os demais santos, como San Isidro, San Roque, Santa Bárbara, San Bieito, San Martín,

San Donato protexían a terra e os animais contra as adversidades. Homenaxeábanos por medio dunha variedade de festas anuais que marcaban o ritmo constante da vida rural, unindo o traballo coa devoción relixiosa. Así foi a experiencia do tempo na tradición rural ata hai pouco. Os labregos mantiñan cos santos formas de reciprocidade simbólica (pero moi efectiva), converténdose nos “patróns” aos que se lle rogaba pola saúde e a fertilidade da terra. Tan importante como os santos era a devoción polos defuntos. A representación relixiosa da vida que caracterizou ao campesinado galego, sobre todo no pasado, convertía á parroquia nun espazo territorial socialmente moi cohesionado. Pero esta situación cambiou co despoboamento rural, co nacemento da democracia en España e sobre todo co cambio sociocultural operado.

A parroquia rural perdeu aquela centralidade administrativa propia dos tempos anteriores á democracia. Os párrocos hoxe continúan sendo necesarios no terreo da administración relixiosa, pero con moi escasa implicación civil, polo escaso número de ritos de paso que realizan. Pero sigue manténdose a identidade comunitaria da parroquia. As catro ou cinco festas parroquiais que había na parroquia en tempos pasados quedaron reducidas a unha que reúne aos veciños na época estival, pero isto non fixo decrecer o papel ritual da parroquia na vida rural, nin fixo perder aos veciños o seu interese polos asuntos parroquiais. A parroquia rural segue exercendo forza de cohesión social entre os seus membros. Pero hoxe isto ocorre dun xeito un pouco diferente a como ocorría no pasado. O sistema de interaccións que a cohesionan hoxe susténtase cada vez máis no feito de compartir símbolos, rituais e espazos, máis que por dependencias administrativas.

As festas, os enterros e outros oficios relixiosos son os rituais cos que se comparte unha igrexa, o seu cemiterio, e os camiños parroquiais. O poder comunicativo que exercen os rituais e os espazos parroquiais depende da maneira de ordenar a vida que imponen eses rituais. Da tradición antropolóxica iniciada por Radcliffe-Brown, e máis tarde desenvolvida por Victor Turner, aprendemos que os rituais son máis importantes que as crenzas á hora de configurar a vida social. Importa menos aquilo no que cremos que aquelas normas e obrigacións



Sta. Eufemia de Milmanda.  
Celanova (Ourense)

que observamos e que mantemos, por contraditorias que estas nos parezan no plano ideolóxico. Victor Turner formulou a importante idea que di que os rituais proporcionan experiencias “liminares” nos momentos de crises, sendo neses momentos cando precisamente por ser “liminares” poden revitalizar as relacións humanas (Turner 1988: 102). Pódese dudar da veracidade das crenzas pero a participación nos rituais parroquiais trae consigo compartir sentimentos e emocións, e sobre todo asumir compromisos dos que se deriva participar tamén noutros acontecementos sociais que implican á comunidade.

Participar nos rituais relixiosos que marcan o ritmo de vida nunha parroquia trae con siigo na vida rural galega preocuparse polos asuntos parroquiais, aínda que non se resida xa na parroquia. Non participar neles (se un conserva alí a súa casa) interprétase popularmente sobre todo como desentenderse dos compromisos comunitarios, máis que valorar as crenzas persoais. Por iso é polo que na Galicia rural o participar nos actos relixiosos da parroquia sexa valorado como un feito que demostra a sociabilidade cos veciños e non como un comportamento relixioso. Un veciño que non vaia á misa os domingos demostra ante os seus veciños sobre todo que é pouco sociable, se non vai a un enterro interprétase simplemente como que non recoñece un compromiso coa familia do morto, pero se nunca aparece na festa parroquial (aínda que viva na cidade) demostra aos veciños que non quere recoñecerse como membro da comunidade. Nas festas e enterros dunha parroquia rural hoxe en día participa aproximadamente tanta xente que vive fóra como a que vive dentro, porque todos se senten de dentro como partes afectadas polo que acontece.

Así é como se recoñecen as experiencias “liminares” que proporcionan os rituais de celebración, porque estes serven para recoñecer a inclusión na comunidade (ou a exclusión), e porque ademais transcenden os límites entre a experiencia relixiosa e a profana para reforzar un vínculo eficaz entre os que viven fóra e os que viven dentro da parroquia. Para os que viven fóra, na cidade, vivir a súa identidade como membros dunha parroquia rural significa conservar un nome na vida social (o nome da súa casa rural) e polo tanto supónlles seguir sendo alguén na vida social, fronte ao anonimato que padecen na vida urbana.

Estes vínculos simbólicos, xeradores de identidade, motívanos a comprometerse cos asuntos comunitarios.

Os rituais organízanse cun determinado ritmo que impón á sociedade unha distribución do tempo, do que depende en boa parte o estilo da vida rural. As festas, bautizos, primeiras comunións, casamentos, enterros e funerais convocan a reunións que, con independencia do seu contido relixioso, son rituais que comprometen a participar en actos sociais da comunidade. Como rituais que son configuran normas sociais para a convivencia comunitaria, e con elas configúrase unha experiencia da vida social que de momento non pode ser substituída na sociedade rural.

A identidade social dunha persoa na vida rural segue hoxe estando marcada en calquera municipio pola súa dobre identificación social, como membro dunha casa, que ten un nome propio, e como membro da parroquia, como comunidade que proporciona aos seus habitantes unha identidade colectiva. A identidade social é o que define a unha persoa quen é nas relacións cos demais, que vai asociada co nome da casa. Son os vínculos cos demais os que tamén marcan a identidade social de cada veciño, e no municipio cada veciño ten unha identidade colectiva que se corresponde coa pertenza a unha aldea e sobre todo a unha parroquia. Pero a identidade colectiva non é importante só por unha cuestión de definición, senón polas formas de pola en práctica. Se ninguén que viva na parroquia ou en cidades próximas debe faltar ás festas e enterros, pero sobre todo ás festas, non é por unha mera cuestión relixiosa, senón por un problema de identidade, porque é o xeito máis efectivo de contribuír a unhas relacións veciñais, e para deixar clara a pertenza a unha colectividade. Se observamos actualmente o extraordinario incremento dos cemiterios nas parroquias rurais, a pesar do forte declive da poboación rural, este fenómeno non reflicte ningunha obrigación, senón o firme desexo de seguir pertencendo a unha comunidade. Cada veciño séntese con dereito a ser informado de todo o que ocorre na parroquia, aínda que non resida nela, porque se sente parte da comunidade e se considera con dereito a intervir nos asuntos parroquiais. Pero estes asuntos son cada vez máis variados, en contra o que se adoita pensar.



As festas seguen a reforzar o vínculo de pertenza a parroquia


### 3. As identidades comunitarias e o territorio na modernidade avanzada

Estamos hoxe nunha etapa da historia na que os cidadáns en xeral afirman con firmeza as súas identidades colectivas á hora de afrontar os seus problemas como cidadáns para xestionar os seus propios territorios, e este fenómeno tamén está afectando de xeito progresivo á dinámica social das sociedades rurais. Créanse asociacións para a defensa de intereses cidadáns, entre as cales hai que resaltar as asociacións veciñais parroquiais, debido ás crecentes ameazas que soportan os seus espazos comunais. Por este motivo as identidades colectivas hoxe son tan importantes na vida rural como na vida urbana, onde as asociacións son moi necesarias para xerar o interese colectivo polo barrio e promover iniciativas sociais. Hoxe, como veremos, non pode dicirse xa que a parroquia urbana marque o ritmo e a organización da cidadanía nos barrios urbanos, pero a parroquia rural aínda conserva a súa vitalidade na organización social das áreas rurais. Isto débese a que a identidade social ten na vida rural unha implicación territorial moi marcada, cada veciño afírmase como membro dunha casa, dunha aldea e dunha parroquia, cousa que non ocorre na vida urbana onde o cidadán identifícase simplemente como membro dunha cidade, moito máis que como membro dun barrio.

Fai xa moito tempo que os nosos clásicos Vicente Risco, Alonso R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo interpretaron a identidade dos galegos como unha identidade claramente territorializada, moi ligada aos espazos moi concretos do territorio (Risco 1920: 6; Castelao 1935: 45), sendo isto o que explicaba segundo eles a excesiva compartimentación e individualización do territorio galego (cada pequeno anaco de terra ten o seu propio nome que os veciños identifican con toda precisión). Sentíronse moi impresionados polo feito de que os galegos sempre sinalamos a nosa pertenza a un espazo moi concreto, que pode estar nunha aldea, nunha parroquia, ou nunha vila (na cidade onde vivimos en cambio pódenos valer calquera lugar). En Galicia as identidades colectivas só teñen forza cando afirman vínculos territoriais. As parroquias rurais en Galicia sempre reivindicaron os seus espazos no pasado aínda que os seus límites territoriais sempre foran difusos. Frecuentemente eses límites son invisibles, só existen na mente dos veciños, que concretan nun regacho ou nunha pequena ponte pero non poden admitirse como límites reconocibles legalmente, porque non se corresponden con dereitos de propiedade individuais ou colectivos. Os únicos límites comunais que poden deslindarse legalmente son os montes comunais, que pertencen ás aldeas e non á parroquia como comunidade. A parroquia rural é sempre un tipo de comunidade territorial a pesar de que os seus límites sexan tan difusos. Pero por outra banda o fenómeno da afirmación territorial das identidades colectivas é hoxe unha das consecuencias da globalización en todo o mundo europeo occidental, que cada vez afecta con máis forza á poboación rural de Galicia. Que se pode deducir desto?

A modernidade global que caracteriza os tempos actuais distínguese de épocas anteriores pola afirmación territorial das identidades colectivas, debido a que os problemas xerados polo desenvolvemento económico e tecnolóxico afectan aos territorios e ao patrimonio colectivo das cidadanías. Na sociedade rural galega durante o último terzo do século XX estas víronse motivadas a ir moito máis alá da sinxela ritualidade comunicativa, ao ter que responder ás ameazas que recaían sobre o seu territorio mediante afirmacións colectivas. Desde mediados dos anos setenta vimos o exemplo da unión parroquial producida na parroquia das Encrobas, motivada pola mobilización política do seu párroco e das forzas políticas da esquerda galega recentemente legalizadas nos comezos da democracia (ano de 1977), que sorprendentemente espertaron a unha poboación rural ata entón descoñecida en contra da expropiación da terra para unha explotación mineira, expropiación apoiada polo estado e pero que foi culminada pola Xunta de Galicia nos anos noventa<sup>1</sup>.

Puiden observar un caso análogo nos Ancares no ano 1988, cando os veciños das parroquias de Rao e Donís uníronse baixo o consello dos seus párrocos en contra da proposta parlamentaria que declaraba a zona como “parque natural”<sup>2</sup>. Non se trataba neste caso dunha expropiación da súa terra (como no caso anterior), pero si dunha limitación nos seus dereitos de uso. Aquel foi o primeiro momento no que se afirmou no terreo da acción práctica (e non xa no plano simbólico) unha identidade “ancaresa” común capaz de unir a distintos pobos e parroquias da zona, e foi tamén a primeira vez en que os veciños da zona levaron a cabo un programa de acción colectiva dirixida desde dentro (e non desde fóra), o que tamén supuxo o inicio dunha dinámica campesiña baseada na autoxestión que pronto empezariamos a ver noutras zonas rurais de Galicia, baixo dinámicas socioculturais renovadas.



Cerceda. Ó fondo a central térmica de Meirama (A Coruña)

<sup>1</sup> Sobre como este fenómeno fixo enervar os sentimentos comunitarios pode verse o libro de Nieves Herrero Pérez (1995: 43).

<sup>2</sup> Para unha análise máis detallada pode verse o meu traballo “También se puede inventar la naturaleza. El poder del lenguaje en la cultura posmoderna” (Rodríguez Campos 1999).

No caso concreto da parroquia de Rao puiden observar con detemento desde aquela data un proceso posterior de afirmación da identidade parroquial nunha zona na que tradicionalmente cada aldea dispersa (chamada “pobo”) gozara de grande autonomía, tiña ata os anos setenta a súa propia escola e a súa propia igrexa onde se oficiaban todos os servizos relixiosos, pero co proceso do despoboamento rural desapareceran as escolas e as igrexas perderan toda a súa actividade, pasando a depender totalmente da escola e da igrexa parroquial. A actividade do seu párroco reclamando servizos e reivindicando dereitos ante as autoridades civís foi producindo aos poucos unha auténtica conexión e unión entre os veciños das aldeas dispersas, por uns e outros motivos, creando na parroquia unha identidade comunitaria que non existía dúas décadas antes (debido á autonomía da que dispuñan as aldeas dispersas), que se empezaba a ver como a dinámica popular necesaria para reivindicar de xeito efectivo os dereitos sobre o propio territorio. Pero, a diferenza do que ocorre nos momentos actuais, estes párrocos (tanto no caso das Encrovas con en os Ancares) non necesitaron recorrer ao asociacionismo moderno para unir aos seus fregueses, bastoulles coa súa propia autoridade carismática nas súas parroquias para mobilizar aos seus veciños.

Desde mediados dos anos noventa estamos asistindo a uns procesos de asociacionismo nas áreas rurais nos que a parroquia rural segue actuando como unha unidade de cohesión social, pero baixo unha forma de organización máis moderna. Os párrocos xa non actúan como os actores dinamizadores da identidade comunitaria, foron substituídos por líderes “profanos” que perseguen como obxectivo a cohesión comunitaria ante os riscos de apropiación da terra comunal por intereses implicados no desenvolvemento industrial de Galicia. Dinámica que cada vez é máis frecuente. Un caso destes é o da parroquia de Santiago de Carreira (no Concello de Zás, provincia da Coruña), que foi estudado pola antropóloga canadense Sharon Roseman en varias publicacións<sup>3</sup>. Demostra este caso, por unha banda, que hoxe xa non é necesario que se produza un intento

O parque dos Ancares, Lugo



<sup>3</sup> Sharon R. Roseman (2003), “Poniendo la artesanía gallega y el turismo rural gallego en el mapa global: políticas administrativas y propuestas locales,” en Carmen Bueno e Encarnación Aguilar (coords), *Las expresiones locales de la globalización: México y España*, pp. 381-404. México: Centro de Investigación e Estudos Superiores en Antropoloxía Social e Editorial Porrúa. A mesma autora está publicando un libro en galego sobre o tema onde se estende nesta análise nunha monografía local sobre devandita parroquia. Trata tamén o tema no seu traballo de 1996: “How we built the road”: The politics of memory in rural Galicia”, *American Anthropologist* 23(4): 836-860.

de expropiación da terra para que os veciños se unan formando unha asociación parroquial, basta simplemente con que queiran promover unha asociación de artesanía, ou que lles interese organizar unha festa popular para atraer turismo, mostrando con estas accións a súa capacidade de organización e de liderado, para reclamar atención cara ás necesidades máis urxentes do seu territorio. Pero, por outra banda, demostra tamén a importancia que para a constitución desta asociación tivo o feito de que unha empresa enerxética estivese interesada na produción de enerxía eólica e contratase cos veciños o uso dunha parte do monte comunal para instalar os “muiños de vento”. Este proxecto motivou á asociación parroquial, constituída a principios dos anos noventa, cara a unha acción colectiva con reunións constantes para evitar abusos por parte da empresa e asegurar que os dereitos veciñais quedasen salvagardados.

A parroquia convértese así nunha comunidade ben organizada, pero reconstruída a partir do interese local por xestionar o seu propio territorio, que aos poucos vai marcando un novo ritmo á sociedade rural, debido a que as comunidades rurais teñen necesidade crecente de organizarse para poder dar resposta ás iniciativas creadas por empresas privadas ou polas administracións. Hoxe a administración autonómica está fomentando o asociacionismo á hora de outorgar subvencións á poboación rural, baixo a garantía de que sexan as colectividade (e non os individuos) os que se beneficien desas subvencións destinadas á mellora de servizos e infraestruturas rurais.

Podemos citar casos das mancomunidades de montes comunais, que se están empezando a organizar. Aínda que nestes casos son as aldeas (e non as parroquias) as propietarias dos montes, as parroquias mostran o seu poder de cohesión á hora de agruparse as aldeas en mancomunidades de montes. En xeral podemos afirmar que hoxe constitúense comunidades parroquiais coa finalidade de evitar que o territorio comunal que comparten sexa apropiado para impor intereses económicos de empresas privadas e isto ponnos unha cuestión que ten que ver coa relación entre a identidade comunitaria e o territorio, que nos obriga a abordar tamén outras cuestións como as relacións da poboación rural coa administración pública.

#### **4. O recoñecemento das comunidades parroquiais na organización administrativa dos municipios**

A cuestión que nos expón a nova situación é a conveniencia (ou a non conveniencia) do recoñecemento das comunidades parroquiais por parte da administración pública para poder prestar unha mellor atención ás necesidades dunha cidadanía territorialmente dispersa. Á hora de afrontar esta cuestión de ata onde debe chegar o recoñecemento oficial das asociacións veciñais o primeiro que temos que destacar é que hai unha variedade de situacións que non permiten aplicar unha regra xeral, como vou mostrar. Nos municipios moi próximos das cidades as asociacións veciñais xa non son estritamente parroquiais. Parroquias como Velle en Ourense, Cabanas na Coruña ou Beade en Vigo, Ames en Santiago (etc) convertéronse nos últimos trinta anos en zonas residenciais nas que a identidade parroquial non afecta en absoluto ao conxunto da poboación urbana que alí reside. Esta participa en asociacións de pobo ou de barrio para reclamar os seus dereitos e servizos diante das autoridades, pero responden a marcos territoriais como a vila ou o barrio que son moito máis concretos que a parroquia. Responden ao modelo que observamos por exemplo no concello de Ames, que conta con 11 parroquias e con 21 asociacións veciñais. Estas asociacións defenden

intereses de territorios moito máis concretos que a parroquia. Pero, por outra banda, o concepto de asociación parroquial xa non serve neses contextos urbanizados para satisfacer a unha variedade máis ampla de intereses sociais que hoxe motivan a crear as asociacións veciñais. Das 21 asociacións veciñais só 7 delas defínense como asociacións de veciños “parroquiais”.

No caso das parroquias das cidades, como xa suxerín, a parroquia non cumpre ningunha función á hora de canalizar intereses veciñais porque hoxe non é capaz de xerar cohesión social nos barrios diante dos problemas que se xeran na vida urbana e a diversidade de opcións ideolóxicas con que os afronta a cidadanía, esta función cúmprense parcialmente as asociacións veciñais cando as hai. Pode ser moi ilustrativo o caso da cidade de Vigo, onde hai 34 asociacións de veciños que atenden as necesidades de distintos barrios, das cales soamente 4 defínense como asociacións parroquiais, fronte ao resto, a inmensa maioría, que se definen simplemente como asociacións de barrios, tratándose en calquera caso de asociacións que algunha vez recibiron axudas municipais para diferentes iniciativas sociais. Na cidade de Lugo en cambio a situación está algo máis equilibrada, de 32 asociacións veciñais recoñecidas 8 defínense como parroquiais, habendo nun par de barrios con dobre asociacionismo veciñal, unha asociación parroquial e outra netamente veciñal. Na cidade de Ferrol hai 30 asociacións veciñais, das que só 8 defínense como parroquiais. Iso débese nin máis nin menos a que os fins sociais que hoxe perseguen as asociacións dos barrios nas cidades son en gran parte incompatibles con actividades entendidas no mundo urbano como “parroquiais”. A isto débese a escasa importancia que está tendo nas cidades a actividade parroquial ligada co asociacionismo veciñal. A “parroquia” nas zonas urbanas non pode ser recoñecida como unha asociación representativa da cidadanía, pero a promoción do asociacionismo nos barrios urbanos é unha necesidade funcional para motivar ás cidadanías a preocuparse polos problemas que se crean no seu lugar de residencia. A solución que están dando os municipios urbanos é outorgar subvencións ás asociacións dos barrios para fomentar o dinamismo cidadán.

Cambeda, Vimianzo (A Coruña)



En poboacións da Galicia interior que se agrupan ao redor das pequenas vilas (casos de Forcarei, Soutelo de Montes, Vilalonga, Monterroso, Guitiriz, Cerceda) podemos ver que nunca coincide a vila coa parroquia, senón que esta comprende tamén aldeas lindeiras que poden estar algo distantes do núcleo da vila. Nestes casos a parroquia opera soamente no nivel estritamente relixioso, de ningún xeito pode falarse xa dun vínculo social permanente entre os membros da parroquia co que se opere a outros niveis, as devanditas parroquias perderon a súa cohesión territorial co paso do tempo debido á crecente urbanización desas vilas, o proceso de urbanización foinas diferenciando notablemente das



súas aldeas adxacentes polos servizos dos que dispón. A diferenza nos servizos e na forma de vida determina que non compartan uns mesmos intereses e problemas que poidan unir aos veciños dunha mesma parroquia baixo intereses comúns.

En cambio nas poboacións netamente rurais, que non posúen unidades territoriais urbanizadas que as diferencien das demais, a homoxeneidade das condicións da vida rural e dos seus problemas fai que as formas tradicionais de convivencia poidan servir para fortalecer vínculos sociais. Aquí é onde as parroquias, compostas por unidades de poboación dispersas, constitúense en asociacións veciñais con obxecto de poder afrontar os novos problemas que lles afectan; a frecuente instalación dos parques eólicos é un deses problemas, pero en xeral obsérvase un interese crecente por organizarse para autoxestionar os seus propios espazos comunais e crear ou recuperar festas.

Se abordamos a cuestión do recoñecemento das comunidades parroquiais na organización político-administrativa do municipio, o que temos que ver son as razóns da súa conveniencia no momento actual. Vemos que nas cidades resulta neste momento inaplicable o concepto de comunidade parroquial como forma de representación político-administrativa da cidadanía, pode resultar conveniente en cambio o concepto de barrio ou de distrito, non só a efectos prácticos de distribuír o censo electoral (como está ocorrendo), senón como forma de dotar á propia cidadanía de instrumentos para o control e xestión dos problemas que afectan ao barrio ou distrito. Neste sentido podemos considerar o modelo de Inglaterra, que no ano 1894 creou o concepto de “parroquia civil”, separándoa da organización eclesiástica como unha unidade administrativa representativa das cidadanías, que opera desde entón tanto na vida urbana como na vida rural. Foron abolidas estas organizacións entre os anos 1965 e 1974 nas máis grandes cidades, pero nos últimos dez anos volveu o interese político por restablecelas. Cidades como Oxford, Birmingham, Doventry están hoxe divididas administrativamente en “parroquias civís”. Unha proba do recente interese político por recuperalas é a “Rating Act” de 1997 que aconsella sobre todo aos residentes das cidades a organizarse en “parroquias civís” (posto que a poboación rural xa o estaba desde o comezo), para implantalas abonda con que o propoña o dez por cento dos electores dun distrito reclamando a constitución dunha “parroquia civil”. Isto motivou a numerosos distritos urbanos a recuperar devandito status administrativo que perderan. Ata o ano 2006 foron 100 as novas parroquias civís que se crearon de novo en todo Inglaterra (excluíndo Gales e Escocia). Isto pon de relevo que se trata de recuperar formas de organización territorial das cidadanías, sobre todo urbanas (porque as rurais sempre mantiveron a organización parroquial<sup>4</sup>), para fomentar a súa participación activa na vida democrática da cidade, ante as perspectivas de crecemento da poboación urbana e de desatención dramática de certos barrios polas institucións municipais.

No caso das áreas rurais a situación é máis peculiar no caso de Galicia. Se ata fai aproximadamente trinta anos era a figura do “pedáneo” a que servía de enlace entre a administración local e as parroquias rurais, esa figura non estaba pensada para comunicar necesidades parroquiais ás autoridades municipais senón para transmitir as ordes do alcalde á veciñanza, no ambiente dunha sociedade rural xerarquizada. A pesar diso ao longo dos últimos quince anos foi en aumento o número de municipios que reinstauraron esa figura tomada dalgún xeito da tradición, pero hai que recoñecer que a súa inadaptación aos tempos da democracia é o máis destacable de devandita figura. Que papel poden xogar hoxe os “pedáneos” se non están representados institucionalmente no concello?. As

<sup>4</sup> Póde verse sobre esta cuestión a obra de A. Cohen (1986)

parroquias que non teñan a un representante seu como concelleiro non terán no poder municipal unha voz que canalice as súas demandas sobre as necesidades veciñais. Pero a posibilidade de que cada parroquia puidese ter un concelleiro no organismo municipal só sería posible en moi poucos casos, porque case sempre é moito maior o número de parroquias do municipio que o número de concelleiros asignados. Así por exemplo no concello de Friol hai 33 parroquias por só 12 concelleiros, no de Quiroga hai 22 parroquias, no de Viana do Bolo hai 37, no de Carballo hai 20, no de Chantada hai 13, no de Ames hai 11 e no de Sanxenxo hai 7. Sendo este o único concello desta lista que ten polo menos un concelleiro por cada unha das parroquias rurais do municipio.

A fórmula intermedia que veñen elixindo os concellos é a de nomear a un pedáneo por parroquia que sirva de enlace cos seus respectivos veciños, pero hoxe isto non ten operatividade na práctica por varias razóns. Xa non estamos en tempos de ditadura, e en democracia as relacións dos alcaldes cos veciños das parroquias non teñen lugar seguindo a forma piramidal da tradición, senón que (como puiden comprobar en casos frecuentes) cando os veciños dunha aldea teñen un problema van directamente a falar co alcalde, porque saben que en democracia a este convenlle relacionarse directamente con eles e demostrar a súa dispoñibilidade. Deste xeito a figura do pedáneo, sen poder para tomar decisións, queda reducida a unha figura totalmente irrelevante que os alcaldes conservan só por continuar conservando unha decoración que soe a “tradicción”. Pero cando unha parroquia rural ten constituída a súa propia asociación de veciños, os seus líderes son dinámicos como transmisores das necesidades dos seus respectivos territorios, e os alcaldes tratan de captalos no seu propio proveito. Polo tanto se seguimos pensando en como articular a administración municipal coas necesidades dos seus territorios dispersos, o que haberá que seguir promovendo son as asociacións veciñais que representan as voces dos veciños dos seus respectivos territorios, e facilitar unha fórmula institucional que permita a súa participación na toma de decisións por parte da administración local. Sen un certo grao de autonomía cidadá no control dos problemas que se presentan no seu territorio non poderá garantirse a boa xestión dos territorios rurais diante dos problemas ambientais que proliferan na modernización actual.



Trabeito, Baralla (Lugo)

Pode afirmarse que se estea xerando un novo clientelismo mediante a promoción das asociacións rurais de veciños por parte da administración? Creo que é xustamente o contrario. Se temos en conta as definicións clásicas que se deron sobre as relacións políticas de “clientelismo” en diferentes sociedades podemos tomar o exemplo de Sydel Silverman estudando a sociedade rural italiana, ou a de Ernest Gellner no traballo de síntese teórica.

Como puntualizou Gellner, o padroado é sempre asimétrico, e tende a posuír un “ethos” moi particular, non sempre é recoñecido como ilegal pero tende a situarse á marxe da moral oficialmente proclamada (Gellner 1985: 13). Na tradición rural xurdían líderes locais que dispuñan de autoridade, habíalles que outorgar a lealdade, respecto e obediencia a cambio de que outorgasen protección á comunidade e beneficios materiais. “A retórica do padroado esaxeraba o achegue de bens e servizos cara abaixo” (Silverman 1985: 24-26). O asociacionismo, polo contrario, é unha forma de participación da cidadanía na vida democrática, é a forma eficaz coa que pode expresar as súas necesidades colectivas, que en democracia deben estar sempre por riba dos intereses dos particulares, contribúen a facer máis transparente e eficaz a administración local para conectala coas necesidades colectivas da poboación rural. Como matiza Gellner, os contextos que favorecen o clientelismo político son o estado escasamente centralizado, o mercado defectuoso que por esta razón tende a politizarse, ou a burocracia ineficaz que sempre reproduce patróns que controlen os beneficios porque coas regras oficiais existentes non resulta posible distribuír. Sen descoñecer que a política é sempre propicia a algún tipo de clientelismo cando as relacións entre as partes non poden ser anónimas, a burocracia ineficaz é sempre o mellor cultivo do clientelismo. Sempre será máis eficaz canto menos personalizada e máis democratizada estea a xestión pública. A xestión municipal é probablemente a que está máis desatendida neste sentido e por outra banda é a que está máis preto da cidadanía.

## 5. Conclusión: ollando cara o futuro

Facer predicións de futuro desde as ciencias sociais sempre foi unha presunción que os feitos encargáronse de corrixir. Unicamente podemos estar autorizados para indicar cales son os procesos que actualmente observamos, que describín ata agora, e cara a onde parecen apuntar. Insistín en que a parroquia segue exercendo forza de cohesión social na vida rural, porque alí a casa rural é aínda un símbolo que define a identidade social dos seus propietarios (pero que isto non ocorre na vida urbana). Os espazos rurais seguen creando fortes vínculos de identidade que comprometen a manter relacións de comunidade, tanto aos que residen dentro como aos que viven na cidade. Esa unión entre os de dentro e os de fóra fan da parroquia unha comunidade (como xa expuxen noutra ocasión). A parroquia rural é en Galicia un espazo de identidade que aínda conserva a súa vitalidade social. Nos tempos actuais serve para que a poboación rural se reúna con frecuencia e reflexione sobre como negociar coas autoridades os seus dereitos como cidadáns e como facer valer as súas necesidades colectivas. Pode ser definida como unha comunidade reflexiva no máis moderno sentido da expresión (como definiu Lash -1997- esta expresión), pola súa capacidade para ser adaptada aos problemas e dinámicas da modernidade, que ten a dobre propiedade de reunir a vivencia do tempo da tradición coa vivencia do tempo da modernidade. Tanto serve para recuperar raíces familiares baixo unha ritualidade tradicional como para reflexionar sobre os tempos modernos xerando dinamismo moderno. Constitúe por iso unha forma de comunidade liminar, no sentido de Victor Turner (ao que antes aludín), porque permite xuntar nuns mesmos espazos vivencias de

tempos moi diferentes. Esa forza simbólica para transcender os tempos convértea nunha forma de comunidade rural sempre adaptable non só para conservarse senón tamén para responder aos problemas rurais máis modernos

Pero nesta ocasión desexaba insistir tamén en que por estar nunha sociedade globalizada os problemas territoriais son cada vez máis fortes pola tendencia crecente das comunidades rurais a afirmar a súa identidade, reivindicando a súa capacidade de autoxestión sobre o seu territorio. Trátase da formación dunha nova cidadanía rural en hábitos democráticos que afirma identidades comunitarias, reclama novas formas de estar presente na administración local, a pesar da súa permanente crise demográfica. Hai situacións rurais nas que as asociacións de veciños xa non son parroquiais, senón que agrupan a entidades territoriais moito máis concretas e pequenas (aínda que máis grandes en poboación) porque se converteron en pobos residenciais polos servizos dos que dispón e as condicións homoxéneas de vida. Nestes casos os dous factores conformadores da identidade colectiva seguen sendo o territorio que comparten e o estilo de vida urbano que lles crea necesidades e problemas. Ambos son os factores que definen o concepto de comunidade. Na modernidade na que vivimos calquera pequena unidade de poboación constitúe a súa propia asociación veciñal para defender os seus dereitos como cidadáns. Esta é a gran novidade que non pode esquecerse nin ser considerada como superficial. Non sería correcto afirmar que simplemente se constitúen asociacións porque se outorgan subvencións oficiais, senón máis ben que estas poden contribuír a dotar ás cidadanías (rural e urbana) de mellores instrumentos para a súa autoxestión. O problema afecta moito máis a fondo aos novos caracteres da cidadanía moderna, como tamén insistín.

## Bibliografía (referencias bibliográficas)

- **Christian, W.** (1976) "De los santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media hasta nuestros días". *Temas de antropología española*, Lisón Tolosana, C. (ed.), pp. 49-105. Madrid: Akal.
- **Cohen, A. P.** (1986) *Symbolising boundaries. Identity and diversity in British cultures*. Manchester University Press.
- **Gellner, E.** (1985) "Patrones y clientes". *Patrones y clientes*. Gellner, E. (ed.), pp. 9-16. Madrid: Ediciones Júcar.
- **Herrero Pérez, N.** (1995) *As Encrovas. Unha memoria expropiada*. A Coruña: Editorial Novo Século.
- **Lash, S.** (1997) "La reflexividad y sus dobles: estructura. Estética, comunidad". *Modernización reflexiva: política, tradición y estética en el orden social moderno*, Beck U., Giddens, A., Lash, S., pp. 137-208. Madrid: Alianza Editorial.
- **Lisón Tolosana, C.** (1971) *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Siglo XXI.
- **Radcliffe-Brown, A.R.** (1974)[1952] *Estructura y función en la sociedad primitiva*. Madrid: Ediciones península.
- **Rodríguez Campos, X.S.** (1994) "¿Qué es la parroquia rural en Galicia, una institución o una imagen?". *Antropología sin fronteras. Ensayos en honor a Carmelo Lisón*, Sanmartín Arce, R. (Coord.), pp. 445-454. Madrid: CIS.
- **Rodríguez Campos, X.S.** (1999) "También se puede inventar la naturaleza. El papel del lenguaje en la cultura posmoderna". *Etnográfica. Revista do ISCTE*
- **Roseman, S.R.** (1996) "How we built the road: The politics of memory in rural Galicia", *American Anthropologist* 23(4): 836-860.
- **Roseman, S.R.** (2003) "Poniendo la artesanía gallega y el turismo rural gallego en el mapa global: políticas administrativas y propuestas locales". *Las expresiones locales de la globalización: México y España*, Bueno, C. e Aguilar, E. (coords), pp. 381-404. México: Centro de Investigación y Estudios Superiores en Antropología Social y Editorial Porrúa.
- **Silverman, S.** (1985) "El patronazgo como mito". *Patrones y clientes*, Gellner, E. (ed.), pp. 18-33. Madrid: Ediciones Júcar.
- **Turner, V.** (1988) [1969] *El proceso ritual*. Madrid: Taurus.

# 08 Parroquias e toponimia

**Gonzalo Navaza Blanco**

Membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia  
Profesor Titular de Filoloxía Galega e Portuguesa.  
Universidade de Vigo

Os nomes das parroquias ou freguesías constitúen un excelente campo para o estudo da toponimia de Galicia. Nunha proporción moi elevada, as unidades parroquiais de hoxe xa estaban definidas na Idade Media, polo que en xeral posuímos referencias dos seus nomes na documentación medieval en latín ou romance, o que proporciona utilísima información para o seu estudo lingüístico e etimolóxico. Con frecuencia o nome da parroquia coincide co dunha entidade de poboación, habitualmente aquela onde se atopa o templo parroquial, pero noutros moitos casos a denominación parroquial é exclusivamente coronímica, isto é, designa o conxunto do territorio e non un lugar concreto. O carácter conservador da toponimia parroquial advírtese na elevada proporción de topónimos de orixe prelatina, o que confirma o feito de que, polo regular, a expansión do cristianismo nos medios rurais e a administración eclesiástica se articularon sobre estruturas demográficas ou modos de ocupación do territorio preexistentes. Moitos nomes de parroquias incorporáronse tamén ó repertorio antroponímico galego baixo a forma de apelidos toponímicos.



O topónimo da parroquia marca e identifica un territorio, déixanos entrever a fondura do seu pasado e a multitude de relacións subxacentes entre a paisaxe e o home. Padrón (A Coruña)

## 1. Os nomes das parroquias. Advocación e haxiotopónimo. Homonimias e formas compostas

As denominacións das parroquias non difiren no esencial do resto dos nomes de lugar galegos, aínda que presentan algunhas particularidades específicas. A máis notoria deriva do feito de que cada entidade parroquial leva asignada unha advocación ou santo titular, o patrón ou padroeiro da freguesía como unidade administrativa eclesiástica. Tradicionalmente, nos textos escritos e nos rexistros formais, aínda nos relativos á administración civil, adoita completarse a

denominación da parroquia coa mención da súa advocación relixiosa, que serve para precisar a identificación. A advocación en rigor non forma parte do topónimo, mais ocorre con relativa frecuencia (aproximadamente nun 10 % dos nomes) que a denominación parroquial contén un haxiotopónimo ou nome de santo, ben como denominación exclusiva (*San Martiño, Santalla, Seoane...*) ou ben como primeiro elemento dun composto (*Santa Cristina da Ramallosa, San Cibrao das Viñas, Seoane de Arcos, San Cristovo do Az...*). Nos máis dos casos, o haxiotopónimo presente no nome da parroquia adoita coincidir coa advocación relixiosa. En ocasións non hai plena coincidencia formal entre un e outra porque o haxiotopónimo contén un resultado popular da advocación, como en *Santiorxo (San Xurxo), Santiso (San Tirso)* ou nos múltiples *Seoane (San Xoán)*. Outras veces o haxiotopónimo e a advocación parroquial corresponden a dous santos diferentes; cando isto ocorre, con frecuencia débese a un cambio de advocación nalgún momento da historia, e habitualmente é o haxiotopónimo o que conserva memoria da advocación orixinaria. Son exemplos destas discordancias nomes parroquiais como *San Cibrao (San Xoán), San Cibrao (Santa Cruz), San Cibrao das Viñas (Santo Ildefonso), San Mamede (Santiago), San Millao (Santa María), San Román (Santa Cristina), San Román (Santa Mariña), San Tomé (Santa María), Santa Comba (San Xoán), Santa Comba (San Pedro), Santa Locaia (San Pedro), Santalla (San Xosé), etc.*

A diferenza entre o haxiotopónimo e a simple advocación, que tiña e ten plena funcionalidade no uso oral dos nomes parroquiais, foi con frecuencia ignorada ata hai poucos anos en fontes escritas, repertorios, nomenclátors e nas rotulacións viaria ou cartográfica, que ou ben incorporaban sistematicamente a advocación coma se fose haxiotopónimo, escribindo por exemplo *San Xoán de Fecha* e *Santa Cristina de Fecha*, ou ben consideraban o haxiotopónimo coma se fose unicamente advocación, escribindo *Fecha (San Xoán)* e *Fecha (Santa Cristina)*. De acordo co uso oral, o nome oficial destas dúas parroquias, pertencentes ó concello de Santiago, é hoxe *Fecha* e *Santa Cristina de Fecha*, respectivamente, e así constan no Nomenclátor de 2003<sup>1</sup>.

Cando a denominación oficial da parroquia é un nome composto, formado polo haxiotopónimo máis un segundo elemento introducido pola preposición *de*, na fala é habitual abreviar a denominación e reducila ó haxiotopónimo. Deste xeito, as dúas parroquias do exemplo que precede son coñecidas na fala local como *Fecha* e *Santa Cristina*, respectivamente, e só no rexistro formal se emprega o complemento “*de Fecha*” para esta última. Este é o procedemento habitual de diferenciación de parroquias contiguas aparentemente homónimas. Polo regular podemos interpretar que a parroquia denominada coa forma simple adoita ser a máis antiga, en tanto que a denominada co nome composto con haxiotopónimo é de creación posterior, talvez resultado dunha segregación da primeira.

Son varias ducias os casos semellantes de parroquias contiguas cuxos nomes se diferencian mediante este procedemento. Algúns exemplos: *Tor (San Xoán)* e *San Xillao de Tor*; *O Grove* e *San Vicente do Grove*; *San Martiño de Grou*, *Santa Cruz de Grou* e *Grou (San Mamede)*; *Santo Eusebio da Peroxa*, *San Xes da Peroxa* e *A Peroxa (Santiago)*; *Montederramo (Santa María)* e *San Cosme de Montederramo*; *Losón (Santa Baía)* e *San Pedro de Losón*, etc. En ocasións o haxiotopónimo está presente no nome das dúas (ou máis) parroquias contiguas, sen que exista unha denominación sen el: *San Tomé de Ancorados* e *San Pedro de Ancorados*; *San Miguel de Presqueiras* e *Santa Mariña de Presqueiras*; *San Salvador de Budiño* e *Santo Estevo de Budiño*; *San Fiz de Asma*, *San Salvador de Asma*, *San Xurxo de Asma*, *Santa Cristina de Asma* e *Santa Uxía de Asma...*



A Pobra do Caramiñal (A Coruña). Santiago do Deán na actualidade forma un continuo co Caramiñal

O río Ulla na súa desembocadura en Catoira (Pontevedra)



Para algunhas parroquias coexisten dous nomes. Normalmente, unha das denominacións é exclusiva do ámbito local (*Santa Baia / Donas; Guizán / Loboso; San Martiño / Vilasobroso; Campos / Campobeceros*). Nalgún caso a dupla denominación é oficial (*Bexán ou Rubiños; Santiago do Deán ou O Castelo; O Xobre ou O Maño; Piúca ou Araúxo*).

A variedade da toponimia galega, que ten admirado aos estudosos (Piel 1961: 599; Santamarina 2002: 5), salienta especialmente na toponimia parroquial. Nun total de cerca de 3800 freguesías<sup>2</sup>, non chegan ó 5 % os casos de homonimia nas denominacións, se temos en conta a advocación relixiosa aínda que non forme parte do topónimo. Ademais do recurso ós haxiotopónimo, usado en parroquias contiguas, existe outro procedemento para evitar a homonimia de parroquias máis ou menos distantes, consistente no emprego de topónimos compostos cun “apelido”, complemento ou segundo elemento determinativo que nos máis dos casos fai referencia ó territorio, comarca ou arciprestado do cal forma parte a parroquia: *Fornelos de Montes, Fornelos do Condado; Nogueira de Miño, Nogueira de Ramuín; Barcia do Seixo, Barcia de Mera; Castrelo de Miño, Castrelo do Val; Couso de Salas, Couso de Limia; Parada de Amoeiro, Parada de Labiote, Parada de Sil, Parada de Outeiro, Parada de Ribeira, Parada de Ventosa...* Cando estes complementos conteñen un hidrónimo, que designa o río principal do territorio onde asenta a parroquia, adoitan ir tras preposición sen artigo, conforme ó uso galego tradicional nos nomes dos ríos (*Antas de Ulla, Parada de Sil, Ribas de Miño, Ribeiras de Lea, Salvaterra de Miño, Pazos de Arenteiro...*, tal como sucede noutras áreas peninsulares: *Miranda de Ebro, Aranda de Duero, Esplugues de Llobregat, Ponte de Lima, Paredes de Coura...*). Só en topónimos de creación recente se rexistra o artigo ante o hidrónimo: *Grañas do Sor, Val do Dubra*. En ocasións o segundo elemento do composto é o nome dunha localidade veciña ou dun dos lugares da parroquia, que se toman como referencia para a identificación: *Quintela de Leirado, Requeixo de Valverde*.

Igual ca nos compostos con haxiotopónimo, nestes casos a forma habitualmente empregada na fala é a simple; a composta é case exclusiva dos rexistros formais, o que explica os casos de vacilación na representación dun mesmo topónimo, por ausencia / presenza do apelido (*Prado ou Prado de Miño; Couso ou Couso de Limia*) ou polo emprego de apelidos distintos para o mesmo lugar (*Caldelas de Tui / Caldelas de Miño*). Excepcionalmente, unha antiga homonimia resolta na lingua medieval mediante complemento (*Maceda de Limia vs. Maceda de Trives*) acabou resolvéndose coa substitución dun dos nomes pola forma castellanizada (*Maceda vs. Manzaneda*).

<sup>1</sup> Xunta de Galicia (2003): Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Os nomes parroquiais usados neste traballo están tirados desta fonte.

<sup>2</sup> 3794 segundo o Nomenclátor de Galicia de 2003, que computa dobremente as parroquias que ocupan territorio de dous concellos.

## 2. Toponimia prelatina nas denominacións parroquiais

Nos nomes das parroquias consérvanse moitos vestixios herdados da lingua ou linguas faladas na nosa prehistoria. Cerca dun terzo das denominacións parroquiais pode adscribirse ó substrato prerromano. Cómpre advertir, con todo, que moitos termos prerromanos pasaron a incorporarse ó latín da Gallaecia e continuaron como formas vivas na fala na evolución do latín ó galego, moitos deles ata hoxe, de xeito que topónimos como *Barcia* ou *Barxa*, *Bouza*, *Busto*, *Carballo*, *Coto*, *Gándara*, *Lama*, *Laxe*, *Mato*, *Touza* ou *Veiga* e os seus derivados, estando constituídos por termos do orixe prelatina, non son necesariamente topónimos prelatina. En calquera caso, o índice de presenza do estrato prerromano na toponimia parroquial é moi superior á media do conxunto da toponimia galega, só superado pola hidronimia (os nomes dos ríos) e a coronimia (nomes dos territorios, comarcas, arciprestados e arcedianados, etc). En ocasións, o nome dunha parroquia conserva a forma primitiva dun topónimo perdido. Por exemplo, o río que forma o Val do Fragoso vigués é coñecido actualmente como *Río Lagares*, nome de orixe latinorromance; o seu nome orixinario, prelatino, sobrevive no nome dunha das parroquias situadas no seu curso baixo: *Sárdoma*<sup>3</sup>. Do mesmo xeito, o nome antigo do *Río Asneiro*, o principal afluente do río Deza, sobrevive no nome da parroquia e concello de *Dozón* (< antigo *Dezón*, diminutivo de *Deza*).

Debemos ter presente, con todo, que non son insólitos os casos de cambio de denominación dunha parroquia, por variadas razóns, ó longo da historia. Por exemplo, a finais de Idade Media, a imposición do novo nome de *Salvaterra de Miño* fixo desaparecer o vello de *Lazoiro*, e a comezos do século XVII as autoridades eclesiásticas, interpretando desde o castelán o nome das parroquias chamadas *Perros*, substituíron este nome polo de *Los Ángeles* (*Os Ánxeles*). Así pois, o feito de que unha parroquia leve un nome latino ou latinorromance non significa necesariamente que non poida ser continuidade dun asentamento poboacional moito máis antigo. Por documentos do mosteiro de Sobrado de inicios do século IX sabemos que o nome da actual *Vilouchada*, un nome de orixe latina (< VILLA USTULATA ‘queimada’) fora antigamente *Lentobre*, un topónimo pertencente á serie de celtismos en *-bre*: «uilla que ab antiquis uocitabatur *Lentobre et nunc uocitatur Ostulata, subtus castro Brione, territorio Montanos iuxta riuulo Tamare*»<sup>4</sup>.

Algúns nomes prelatinos presentes na toponimia parroquial xa se documentan nos autores clásicos e na epigrafía romana. Ademais dos que designan núcleos importantes (*Lugo*, *Iria*, *Tui*,...), salientan especialmente os que sobreviviron como nomes de territorios medievais e que se conservaron ata hoxe na administración eclesiástica como arcedianados e arciprestados; os máis deles están presentes na toponimia parroquial como segundos elementos de topónimos compostos, isto é, compartidos por máis dunha parroquia: *Abeancos*, *Bergantiños*, *Cabarcos*, *Céltigos*, *Lemos*, *Morrazo*, *Trives*, *Valdeorras*...<sup>5</sup> Pero nalgún caso o nome prehistórico consérvase na denominación dunha soa parroquia. Así, por citarmos un par de exemplos, no nome da freguesía de *Posmarcos*, na Pobra do Caramiñal, sobrevive o nome dos *Praestamarcos* mencionados por Plinio e outras fontes clásicas; no nome da de *Tamagos*, en Verín, o dos *Tamácanos*, habitantes da ribeira do *Támega*, que aparecen na epigrafía do chamado *Padrão dos povos* de Chaves.

<sup>3</sup> Confírmase que ese era o nome antigo do río non só pola documentación histórica, senón polo feito de que un afluente do Lagares no seu curso alto recibe o nome de Sardomela, diminutivo de Sárdoma (cf. Lóuzara / Louzarela; Avia / Avión, Deza / Dezón, etc.).

<sup>4</sup> Os textos medievais citados neste capítulo tómanse do CODOLGA e do TMILG (vid. bibliografía).

<sup>5</sup> O primeiro elemento do corónimo Valdeorras é latino; no segundo elemento sobrevive o nome dos Gigurros mencionados polos clásicos. Do mesmo xeito, o nome dos Tíburos consérvase en Trives, o dos Lemavos en Lemos, etc.



Un grupo de topónimos prelatinos ben estudado é a serie de nomes compostos por un segundo elemento *-bre*, que os especialistas vinculan unanimemente á familia das linguas célticas e que tería un significado equivalente ó de *CASTRUM*, *castro*; moitos deles dan nome a parroquias actuais: *Añobre*, *Barallobre*, *Callobre*, *Illobre*, *Ombre*, *O Obre*, *Pantiñobre*, *Pezobre*, *Sillobre*, *O Grove*... Outros sufixos e terminacións permítennos agrupar en diferentes series algúns nomes de parroquias de orixe prelatina: *Cusanca*, *Coristanco*, *Maianca*, *Nemancos*...; *Láncara*, *Líncora*, *Lóuzara*, *Mántaras*, *Présaras*...; *Ardaña*, *Bendaña*, *Luaña*, *Moaña*, *Moraña*...; *Baroña*, *Cantoña*, *Centroña*, *Maroñas*, *Visantoña*...; *Artoño*, *Camboño*, *Leroño*, *Ortoño*, *Vizoño*...; *Caamaño*, *Dordaño*, *Lantaño*, *Laraño*, *Ouviaño*...; *Bergazo*, *Carazo*, *Cornazo*, *Larazo*, *Orazo*...; *Besexos*, *Brexo*, *Cexo*, *Dexo*, *Lexo*...; *Barrantes*, *Bemantes*, *Cesantes* (que aparece como *Celesantes* na *Divisio Theodomiri*), *Curantes*, *Ourantes*, *Serantes*..., etc.

Porto Meloxo, O Grove  
(Pontevedra)



### 3. Toponimia latina e latinorromance

Unha boa parte dos nomes de parroquias que teñen orixe no latín ou no galego seguen resultando transparentes porque se corresponden con termos aínda vivos no léxico actual. Noutros casos conteñen formas que caeron en desuso na lingua ou presentan evolucións fonéticas particulares que os fan máis opacos.

Podemos agrupar os topónimos atendendo ós campos semánticos ou as motivacións que os produciron:

#### **Relacionados coa orografía e as características do terreo:**

*Areas*, *Arealonga*, *Chao de Castro*, *As Chás*, *Chenlo* < PLANELLU, *A Cova*, *Covas*, *Covelas*, *A Costa*, *Monforte*, *Montefurado*, *Monte Longo*, *Monteagudo*, *Montouto*, *Trasmonte*, *Outeiro*, *A Pena*, *Penela*, *Penarrubia*, *Penouta*, *Pedreda*, *Pedroso*, *Os Pensos*, *Poio* (< PODIU), *Seixo*, *Seixadas*, *Seixido*, *Terroso*, *O Val*, *Valboa*, *Valiñas*, *Valongo*...

**as augas:**

*Aguada, Agolada, Augasantas e Augas Santas, Augas Mestas, Caldas, Caldelas, Fontao, Fontecada (< CANALATA), Fonteita (< TECTA), Fontefría, A Illa, A Insua, O Lago, A Lagoa, Ribas, Ribeira, Ribela, Riobó, O Río, Riotorto...*

**a fauna:**

*Abelleira, Armenteira, Cabreira, Cabreiroá, Cabreiros, O Cebreiro, Foilebar (< FOVEU LUPALE), Golpellás, O Leboreiro, Vilar de Lebres, Vilar de Vacas, Vilar de Cabalos, Lobeira, Loboso...*

**a flora:**

*Abeleda, Aciveiro, Ameixeira, Ameixenda, Bidueiros, Biduído, Canaval, Caneda, Canedo, Castiñeiras, Cercedo, Cerdada, Cerdido, Codeseda, A Enciñeira, Erbedeiro, Espiñeiros, Figueiras, Filgueira, Folgoso, O Freixo, A Hedrada, Liñares, Louredo, Maceda, Maceiras, Nespereira, Oliveira, Olveira, Pexegueiro, Piñeiro, Pumares, Queirugás, A Ramallosa, Rebordelo, Reboreda, Sabucedo, Salgueiro, Salcidos, Souto, Soutelo, O Trigal, Trigás, Vimieiro...*

**as actividades agrícolas e gandeiras**

*Agra, Barbeito, A Granxa, A Graña, Cernado, Pascais, Pastoriza, Queimadelos, O Sequeiro...*

**as vías de comunicación**

*A Barca, O Camiño, Carril, As Cruces, Forcadela, A Estrada, Parada, Paradela, O Porto, A Portela, Vereas, A Brea, A Ponte, A Pousa, Pousada...*

**edificios, construcións, núcleos de poboación, industria e administración:**

*Arca, O Burgo, Cabanas, A Capela, Os Casás, Castelo, Castrofeito (< FRACTU), O Castro, Castrelos, Cristelos (< CASTRELLOS), Cedofeita, Cela, Cereiro, A Cidá, O Couto, A Esculqueira, Ferreira, O Hospital, Igrexa, Irixoa, Grixó, A Guarda, Lousada, A Mezquita, Mosteiro, Muíños, O Pazo, Pacios, Pedrafitas, Pesqueiras, A Pobra, Quintá (< QUINTANA), Quintela (< QUINTANELLA), Salvaterra, Sobrado, Vila, Vilameán, Vilameá (< MEDIANA), Vila de Suso (< DE SURSUM 'de arriba'), Vilar, Vigo, Zanfoga (< CENTUM FOCA 'cen fogares'...)...*

**xentilicios e denominacións dos poboadores**

*Francos, Francelos, Os Blancos, Bascós e Bascuas, Bretoña (< BRITONIA, que fai referencia á inmigración altomedieval de britóns chegados á Mariña), Oleiros, Ferreiros, Tintores, Fisteus, Galegos, Astureses, As Maus, Bangueses, Sarreaus, Castelaus, Cumbraos, Os Freires, Crespos...*

Ademáis destes, poderían considerarse outros grupos de topónimos atendendo a razóns semánticas, morfolóxicas ou a outros criterios. No seguinte apartado ocupámonos dos formados a partir dun nome persoal, que constitúen un grupo significativamente numeroso.



Torre da Pena, Xinzo de Limia (Ourense)



Ría de Ortigueira



O Castro de Laza (Ourense)

## 4. Antropónimos nos nomes de parroquias

Durante todo o primeiro milenio, moitos núcleos de poboación rurais formaron o seu nome (e logo ese nome puido pasar a denominar tamén o territorio da parroquia) a partir dun nome de posesor. Son antropotopónimos, isto é, topónimos constituídos por un antropónimo ou nome de persoa. Algúns poden remontar a antigas *villae* romanas, mais a maioría ten orixe no período altomedieval e fai referencia a un colono ou señor local. Podemos sinalar tres procedementos ou fórmulas de creación de antropotopónimos, que exemplificaremos nos tres posibles resultados antropotoponímicos do nome latino FLAVIUS aplicado a unha *villa*: 1) VILLA FLAVIA, 2) VILLA FLAVIANA, 3) VILLA FLAVII. Á primeira fórmula, a máis antiga, consistía na utilización do nome persoal coma adxectivo, con flexión de xénero e número (coma en *Chaves* < [AQUAS] FLAVIAS); a segunda formaba un adxectivo derivado en -ANUS a partir do nome persoal (coma en *Lourenzá* < [VILLA] LAURENTIANA, do nome LAURENTIUS), e a terceira consiste no emprego do xenitivo do nome persoal (coma en *Pedre* < [VILLA] PETRI, xenitivo de PETRUS). Esta terceira fórmula, a partir do xenitivo, foi a máis produtiva na toponimia galega; seguiu tendo vixencia na creación de topónimos durante séculos despois de que se perdesse o sistema de casos latino e sumou ó repertorio da onomástica latino-cristiá o variadísimo elenco de nomes persoais de orixe xermánica, dando lugar a unha abundante toponimia altomedieval de orixe antroponímica que constitúe un trazo caracterizador do noroeste peninsular. Os topónimos así creados poden estar constituídos por un substantivo seguido do xenitivo do nome de posesor (*Portomarín* < PORTU MARINI, *Vilaxuste* < VILLA IUSTI, *Castrosante* < CASTRU SANCTI, *Celavente* < CELLA VALENTI) ou ben conteñen o resultado do xenitivo sen máis (*Marín* < MARINI; *Estás* < ANASTASII; *Fafían* < FAFILANI).

Portomarín (Lugo)



Probablemente as derradeiras creacións toponímicas que responden a esta fórmula poden datarse no século XI. Os chamados *documentos odoarianos* de Lugo e outra documentación dos séculos VIII e IX amósannos a práctica de creación deses antropotopónimos, que polo regular non responden a repoboamentos ou fundacións en lugares ermos, senón a unha reorganización administrativa, de xeito que en moitos casos as denominacións derivadas do nome persoal do señor local substituíron outras denominacións preexistentes.

Os antropotopónimos que conteñen un antropónimo de orixe xermánica permítenos sinalar para a súa orixe un *terminus post quem* no século V. Naturalmente, que o señor dunha entidade de poboación levase un nome xermánico non significa que fose el mesmo desa orixe. Os máis antigos dos antropotopónimos de orixe xermánica pertencen ó período suevo e visigodo; outros hai que datalos nos últimos séculos

do primeiro milenio e nos inicios do segundo, cando a onomástica de orixe xermánica constituíu unha especie de moda, sen dúbida emparentada co nacemento do mito cristián da reconstrución do antigo reino visigodo, que serviu para xustificar a guerra contra os territorios islámicos. Nestes antropotopónimos de orixe xermánica, ademais da formación mediante un xenitivo latinizante en *-i* (que habitualmente dá en galego un resultado rematado en consoante ou en *-e*, aínda que non faltan exemplos en que esta última vogal perviviu coa grafía en *i*: *Sismundi*, *Estramundi...*), tamén existe unha formación en *-ANIS* ou *-ANES* (v.g. FROILA, FROILANIS/FROILANES) en cuxo resultado conflúen o xenitivo singular e o acusativo plural do nome persoal. En ocasións un mesmo nome pode dar topónimos diferentes segundo o procedemento empregado (por exemplo, o nome xermánico que deu lugar ó actual *Ramiro* podemos atopalo en *Ramil*, que remonta á forma RAMIRI, fronte a *Ramirás* ou *Ramiráns*, que remonta a RAMIRANIS ou RAMIRANES).

Na seguinte táboa vemos algúns nomes de parroquias constituídos por antropotopónimos de orixe latina ou latino-cristiá:

Abadín	<i>Abbatinus</i>	Meder	<i>de Emeterius</i>
Agustín	<i>de Augustinus</i>	Meixide	<i>de Maxitus</i>
Amandi	<i>de Amandus</i>	Méixome	<i>de Maxumus</i>
Amorín	<i>de Amorus</i>	Meliide	<i>de Mellitus</i>
Arcade	<i>de Arcadius</i>	Mercurín	<i>de Mercurinus</i>
Armental	<i>de Armentarius</i>	Merlín	<i>de Merulinus</i>
Bacurín	<i>de Baccorinus</i>	Millián	<i>de Aemilianus / Emilianus</i>
Bande	<i>de Vanatus</i>	Moeche	<i>de Modestus</i>
Beade	<i>de Beatus</i>	Morgade, Morgadáns	<i>de Maurecatus</i>
Benade	<i>de Benenatus</i>	Mourence, Mourente, Mourentán	<i>de *Maurentius, de*Maurentanus</i>
Bermún, Bermui	<i>de Ueremundus</i>	Nodar	<i>de Notarius</i>
Bieite	<i>de Benedictus</i>	Numide	<i>de Numidius</i>
Calvelle	<i>de Calvellus</i>	Oeste	<i>de Honestus</i>
Cesar	<i>de Cesareus</i>	Oitavén	<i>de Octavianus</i>
Chaveán	<i>de Flavianus</i>	Orbazai	<i>de Urbicianus</i>
Chavín	<i>de Flavinus</i>	Paderne	<i>de Paternus</i>
Corvelle	<i>de Corvellus</i>	Padriñán	<i>de Paternianus / Patrinianus</i>
Costante	<i>de Constantius</i>	Pedre, Pidre	<i>de Petrus</i>
Costantín	<i>de Constantinus</i>	Pepín	<i>de Pippinus</i>
Crecente	<i>de Crescentius</i>	Petín	<i>de Pittinus</i>
Doade	<i>de Donatus</i>	Pin; Píno, Piñor	<i>de Pinus; Piniolus</i>
Esmelle	<i>de Ismael</i>	Pol	<i>de Paulus</i>
Esperante	<i>de Sperantus</i>	Proente	<i>de Prudentius</i>
Ferrol	<i>de Ferroolus</i>	Quintillán	<i>de Quintilianus</i>
Fruíme	<i>de Fronimius</i>	Romai, Román	<i>de Romanus</i>
Gabín	<i>de Gabinus</i>	Rubín	<i>de Rubinus / Rufinus</i>
Galez	<i>de Gallaeus</i>	Sabadelle	<i>de Sabbatellus</i>
Lagostelle	<i>de Locustellus</i>	Sadurnín	<i>de Saturninus</i>
Lalín	<i>de Lallinus</i>	Seadur, Siador	<i>de Senator</i>
Lampai	<i>de Lampadius</i>	Segúin	<i>de Seculinus</i>
Lebozán	<i>de Nepotianus</i>	Señorín	<i>de Seniorinus</i>
León	<i>de Leo</i>	Servoi	<i>de Servus Dei</i>
Licín	<i>de Licinius</i>	Sever, Sober	<i>de Severus</i>
Lobelle	<i>de Lupellus</i>	Sistín	<i>de Sextinus ou Sixtinus</i>
Lucí	<i>de Lucidius</i>	Touriñán	<i>de Taurinianus</i>
Maderne	<i>de Maternus</i>	Ventín	<i>de Valentinus</i>
Madriñán	<i>de Maternianus / Matrinianus</i>	Ver	<i>de Valerius</i>
Mandín	<i>de Amandinus</i>	Verín	<i>de Verinus</i>
Marcelle	<i>de Marcellus</i>	Vicinte	<i>de Vincentius</i>
Margaride	<i>de Margaritus</i>	Vidal	<i>de Vitalis</i>
Marín	<i>de Marinus</i>	Videferre	<i>de Vitiferus</i>
Martín	<i>de Martinus</i>	Vivente	<i>de Viventius</i>
Martul	<i>de Marturius</i>	Xendive	<i>de Genitivus</i>
Maside	<i>de Massitus</i>	Xermade, Xermeade	<i>de Germinatus</i>
Mazoi	<i>de Macedonius</i>		



Cabo Touriñán (de Taurinianus)  
na parroquia de Touriñán (San  
Martíño), Muxía, A Coruña

Velaquí algúns nomes de parroquias derivados de nomes persoais de orixe xermánica:

Aldixe	<i>de Eldovigius / Eldigius</i>	Lesende	<i>de Leodesindus</i>
Aldosende	<i>de Aldesindus</i>	Loimil	<i>de Leodemirus</i>
Aldurfe	<i>de Ildufus</i>	Mandía	<i>de Mándila</i>
Allariz	<i>de Aljaricus</i>	Mañufe	<i>de Manulfus</i>
Álvare	<i>de Alvarus</i>	Mariz	<i>de Malaricus</i>
Alvite	<i>de Alvitus</i>	Mellán	<i>de Mánila</i>
Ansián	<i>de Ánsila</i>	Merelle	<i>de Mirellus</i>
Ansemil	<i>de Ansemirus</i>	Moalde, Moialde	<i>de Manualdus</i>
Anxeriz	<i>de Ansericus</i>	Mondariz, Mondriz	<i>de Mundericus</i>
Armariz	<i>de Armaricus</i>	Mosende	<i>de Modesindus</i>
Axemil	<i>de Argimirus</i>	Nande	<i>de Nandus</i>
Baamonde e Bamonde	<i>de Badamundus</i>	Noche	<i>de Naustus</i>
Baldomar	<i>de Baldemarus</i>	Nullán	<i>de Núnnila</i>
Baldriz	<i>de Baldaricus</i>	Ramelle	<i>de Ramellus</i>
Baltar	<i>de Baltarius</i>	Ramil	<i>de Ranimirus / Ramirus</i>
Beariz	<i>de Viaricus</i>	Randín	<i>de Randinus</i>
Belesar	<i>de Belisarius</i>	Randufe	<i>de Randulfus</i>
Bermui, Bermún	<i>de Beremundus</i>	Rairiz, Reiriz	<i>de Ragiricus / Rairicus</i>
Brandariz	<i>de Brandericus</i>	Raris	<i>de Ranericus / Ranaricus</i>
Brandomil	<i>de Brandemirus</i>	Razamonde	<i>de Recimundus</i>
Caxide	<i>de Kagitus</i>	Recaré	<i>de Recaredus</i>
Cristimil	<i>de Crestimirus</i>	Rececende, Recesende	<i>de Recesindus</i>
Cristosende	<i>de Crestisindus</i>	Recelle	<i>de Recellus</i>
Desteriz e Distriz	<i>de Destericus</i>	Recemel, Recimil	<i>de Recemirus</i>
Diomondi	<i>de Teodemundus</i>	Remesar	<i>de Remesarius</i>
Esmoriz, Esmoriz	<i>de Ermericus</i>	Remonde, Reimonde	<i>de Ragimundus / Raimundus / Remundus</i>
Espasande, Esposende	<i>de Spassandus e Spanosindus</i>	Requián, Requiás	<i>de Ríkila</i>
Faflán	<i>de Fáfila</i>	Roade	<i>de Ranualdus</i>
Felmil	<i>de Felmirus</i>	Roimil	<i>de Rodemirus</i>
Flariz	<i>de Fradaricus</i>	Romariz	<i>de Romaricus</i>
Fofe e Fufín	<i>de Foffus e Foffinus</i>	Romelle	<i>de Romildus</i>
Forcarei	<i>de Fulcaredus</i>	Ronfe	<i>de Ranulfus</i>
Fraialde e Fraiás	<i>de Fradialdus e Frádila</i>	Rosende	<i>de Rudesindus / Rosendus</i>
Freán, Freáns, Froxán, Forxán, Froxais, Frollais	<i>de Froila/Frola</i>	Roupar	<i>de Rauparius</i>
Gastrar	<i>de Wistrarius</i>	Sabarei	<i>de Sabaredus</i>
Goián, Goiáns, Goiás	<i>de Gaudila</i>	Sabariz	<i>de Sabaricus</i>
Goimil	<i>de Goimirus</i>	Salamonde	<i>de Salamundus ou de Sindamundus</i>
Goiriz	<i>de Goericus/Goiricus</i>	Saxamonde	<i>de Suniemundus</i>
Gomariz	<i>de Gumaricus</i>	Seixosmil	<i>de Sigimirus / Segimirus</i>
Gomesende	<i>de Gumesindus</i>	Senande	<i>de Sisenandus / Sisenandus</i>
Gondar	<i>de Gundarius</i>	Sergude	<i>de Sisebutus</i>
Gondomar	<i>de Gundemarus</i>	Siós	<i>de Silo</i>
Gondufe	<i>de Gundulfus</i>	Sismundi	<i>de Sisemundus / Sismundus</i>
Gonzar	<i>de Gundi-salvus</i>	Sisán, Sisoí	<i>de Sisa, -ane e Siso, -one</i>
Guamil	<i>de Wadamirus</i>	Sixirei	<i>de Segeredus / Sigeredus</i>
Gueimonde	<i>de Goimundus ou Gogimundus</i>	Soñar	<i>de Suniaricus</i>
Gudín	<i>de Gotinus</i>	Teilán	<i>de Tégila</i>
Gulfrei	<i>de Willifredus</i>	Toiriz, Tuiriz	<i>de Teodorici</i>
Guillamil, Villamil	<i>de Williamirus</i>	Tomonde	<i>de Teodemundus</i>
Guillar	<i>de Williaricus</i>	Tosende	<i>de Teodesindus</i>
Guillarei	<i>de Williaredu</i>	Toubille	<i>quizais de Teodildus</i>
Guimarei	<i>de Wimaredu</i>	Trasariz	<i>de Trasericus</i>
Guitiriz e Vitiriz	<i>de Witericus</i>	Tuimil	<i>de Teodemiri</i>
Gundriz	<i>de Guntericus</i>	Tuxe	<i>de Teodoigius</i>
Guntín	<i>de Guntinus</i>	Urdilde	<i>de Uldildus</i>
Gustei	<i>de Gudesteus</i>	Uriz	<i>de Odoricus ou Honoricus</i>
Leobalde	<i>de Liubaldus</i>		

Outras formas procedentes do xenitivo dun nome de posesor constitúen o segundo elemento de topónimos compostos. O primeiro elemento é habitualmente o substantivo *vila*: *Vilachambre*, *Viladavil*, *Viladonelle*, *Vilafiz*, *Vilaformán*, *Vilaframil*, *Vilaicente*, *Vilalvite*, *Vilamarín*, *Vilamartín*, *Vilamelle*, *Vilameñe*, *Vilamerelle*, *Vilamoure*, *Vilamourel*, *Vilantime*, *Vilanuíde* (cf. *Arnuíde* < RIVU NONITI), *Vilanuñe*, *Vilaoudriz*, *Vilapedre*, *Vilapoupre* (< PAUPERI), *Vilaquinte*, *Vilaragunte*, *Vilarmel*, *Villarromarís*, *Vilarrube*, *Vilasante*, *Vilatuxe*, *Vilaver*, *Vilaxuste*, *Vileiriz*, *Viloalle* (< EULALII), *Vilouriz*, etc. Son menos comúns os compostos cun primeiro elemento distinto de *vila*: *Celavente* (< CELLA VALENTI),

*Castrosante* (< CASTRU SANCTI), *Morquintián* (< BUSTU QUINTILANI), *Soutipedre* (< SALTU PETRI), *Soutomerille*, *Soutomel*, *Soutordei*...

Ademais das precedentes, podemos considerar unha cuarta fórmula de creación de antropotopónimos na cal o nome persoal presenta o resultado romance, isto é, o procedente da forma de acusativo: *Ramilo*, *Castromarigo*, *Don Ramiro*, *Donsión* (< SILONE, cf. *Siós*), etc. Esta vai ser tamén a forma habitual nos topónimos creados cando xa perdera vixencia o uso do xenitivo antroponímico, isto é, os nacidos no período baixomedieval ou en data posterior: *A Gudiña*, *Vilarmateo*, *Vilagarcía*<sup>6</sup>.

## 5. Outra toponimia de orixe xermánica. Toponimia de orixe árabe

O estrato xermánico só é especialmente significativo na toponimia a través dos nomes persoais. Son poucas as formas do léxico común de orixe xermánica que serviron para formar topónimos; nos nomes de parroquias podemos mencionar *A Guarda*, *Lobios*, *Saa* e *Sá* e o primeiro elemento de *Saavedra* (< SALA), talvez *Boiro* e poucas máis.

O estrato árabe, se ben ten unha presenza relativamente notoria na toponimia galega a través de substantivos comúns como *Aldea* ou *Acea* e *Aceña*, nos nomes de parroquias ten escasa representación, aínda que podemos sinalar algúns exemplos como *Alfoz*, *Arrabaldo* ou *A Mezquita*.

## 6. Outros topónimos relacionados coa parroquia: Igrexa, Igrexario, Dextro, Adro, Sino...

O lugar onde se atopa o templo parroquial pode recibir o mesmo nome ca a parroquia, pode conter o haxiotopónimo da advocación ou pode ser un dos resultados do latín ECCLESIA. Este substantivo ten abundantísima presenza na toponimia galega, con 839 ocorrencias no nomenclátor, baixo as formas *Igrexa*, *Eirexa*, *Airexa*, *Eirexe*, *Airexe*, ademais de compostos, derivados e variantes como *Bouza da Igrexa*, *Campo da Igrexa*, *Castro da Igrexa*, *Chan da Igrexa*, *Rodil da Igrexa*, *Souto da Igrexa*, *Vila da Igrexa*, *Cabo da Igrexa*, *Sobre a Igrexa*, *Xunto á Igrexa*, *Xunto da Igrexa*, *Soigrex*, *Suigrex*, *Tras Igrexa*, *Igrexafeita*, *Igrexa Pequena*, *Dúas Igrexas*, *Satrexas* (< SEPTEM ECCLESIAS), *Eirexiña*, *Eirexalba*, *Eirexafeita*, *Eirexa Vella*, talvez *Eixavedra*, *Pena da Eirexa*, *Campo da Eirexa*, *Rabal da Eirexa*, *Vila da Eirexa*, *Chandrexa* (< PLANU DE ECCLESIA), *Suairixa* e *Sueirixa* (< SUB ECCLESIA), *Campo da Eirexe*, *Valdeirexe*, *Eirixa*, *Eirixe*, *Eirixe Nova*, *Irex*, *Irix*, *Grixa*, *Grixalba*, *Grixanova*, *Gris*, *Irixoa*, *Grixa*, *Grixa*, *Grixa*, *Eirexúa*, *Arxuá* (< ECCLESIOLA), etc. (Santamarina 2008)

<sup>6</sup> O antropónimo García é de orixe controvertida, probablemente hispana. O topónimo Vilagarcía acuñouse no século XV e fai referencia ó nobre García de Caamaño, que concedeu privilexios ós moradores do porto de Santa Baía de Arealonga.



Arnuíde, Vilar de Barrio (Ourense)



Boiro (Pontevedra)

Emparentado co nome da *igrex*a, que en orixe significaba a comunidade de fieis e non o edificio do culto, está o termo *fregués* (< FILIU ECCLESIAE) e o seu derivado *freguesía*. O termo *freguesía* funciona na actualidade como sinónimo de *parroquia*, que é a forma de uso maioritario; no pasado *parroquia* era o termo propio da administración relixiosa, en tanto que *freguesía* era empregado para referirse á comunidade veciñal no relativo á administración civil. No século XVIII, o Catastro de Ensenada, que se realiza por parroquias, emprega sempre o termo *feligresía* (en castelán).

Outro derivado de ECCLESIA presente na toponimia é o nome do *igrexario* (< ECCLESARIU), que designa as propiedades pertencentes á igrexa parroquial. O nomenclátor recolle 56 topónimos *O Igrexario* e 5 *O Grixario*. O mesmo significado ten o plural *Os Dextros* (2 topónimos no nomenclátor); esta última forma, moi abundante na microtoponimia, ofrece nalgúns áreas galegas, especialmente na diocese de Ourense, un resultado hipercastelanizante *Os Diestros* (pois en castelán é tamén *dextros*). No nomenclátor figuran 9 topónimos *A Rectoral*, que en orixe designaban a vivenda de residencia do párroco. Tamén ten presenza no nomenclátor o resultado do latín ATRIUM: *O Adro* (11 topónimos) e *O Atrio* (2).

O nomenclátor tamén recolle 7 localidades chamadas *O Campanario*, 4 *O Sino*, 1 *Sino*, 1 *Campo do Sino* e 1 *Torre do Sino*. En ocasións poden referirse a construcións exentas do templo consagrado, pero o sino ou a campá tamén poden ser denominación metonímica da propia igrexa parroquial. Lémbrese o topónimo *As Campás Abaixo* (= *Sueirexe* < SUB ECCLESIA) presente na narrativa de Otero Pedrayo. Na lingua medieval, para localizar un lugar no territorio dunha parroquia tamén era común a referencia á advocación parroquial coa expresión *su o sino de* ‘baixo a campá de’:

*in uilla que uocitant Petra Mazada, sub sino sancte Marie* (ano 1228)  
*ista hereditas deest proprie sub sino sancti Stefani* (ano 1229)  
*iaz indo pera Uillar, su o sino de San Mamede de Uilla Chaa* (ano 1267),  
*in na vila d-Agoada su sino de sancta Vaya* (ano 1269).  
*na vila de Pielas su sino de sã Migeel* (ano 1271).  
*en Pineyro, et gaz su sino de santa Maria de Deçon* (ano 1296)  
*Estas herdades iazen su o sino de san Migel d-Olleyros* (ano 1298)  
*en Quinteela su sino de Seoane de Coyras* (ano 1319)

## 7. Advocacións e haxiotopónimos parroquiais. Formas e cronoloxía

Os nomes dos santos titulares, tanto os incorporados ó topónimo coma os que son soamente advocación, nalgúns casos poden proporcionarnos información acerca da cronoloxía da fundación das parroquias. Pódense considerar indicio da antigüidade da fundación parroquial certas advocacións relativas a cultos testemuñados entre os cristiáns da Hispania romana e do período suevo e visigodo; son as que denominamos advocacións primitivas ou máis antigas<sup>7</sup>. Para outras advocacións dispoñemos dunha data de inicio do culto, o que aparentemente nos ofrece un *terminus post quem*. Deste xeito, por exemplo, unha parroquia dedicada a *San Cibrao*, *Santa Comba* ou *Santa Baía* podemos considerala pertencente ó estrato das parroquias máis antigas, en tanto que unha dedicada a *Santiago* ou a *San Paio* cabe supoñela de fundación posterior aos séculos IX ou X (correspondentes, respectivamente, ás datas da *inventio* do sepulcro do primeiro e

<sup>7</sup> Sobre a cronoloxía das advocacións, véxase C. García Rodríguez (1966), P. David (1947), J. M. Piel (1950), etc (vid. bibliografía).

do martirio e canonización do segundo). Con todo, cómpre advertir que ó longo da historia se produciron algúns casos de cambios nos santos titulares das parroquias, como podemos comprobar na documentación medieval ou como amosan hoxe aquelas parroquias que manteñen no seu nome un haxiotopónimo distinto da advocación actual, e que por outra banda hai advocacións que tiveron vixencia na fundación de parroquias durante séculos ou en máis dunha época. Ó tratarmos dos haxiotopónimos nas páxinas que seguen, téñase en conta que nos referimos unicamente á toponimia das denominacións parroquiais. No conxunto das toponimia galega son tamén moi abundantes os haxiotopónimos que dan nome a entidades de poboación, a construcións, a paraxes, etc., pero non nos referiremos a elas máis ca para ilustrar algunhas variantes do nome de santo que non entran na toponimia que dá nome ás parroquias.

Advocacións máis frecuentes

Advocación	Nº de parroquias	Outras formas	Nº haxiotopónimo
Santa María	730		14
San Pedro	313		23
Santiago	287		11
San Martiño	238	San Martín	
San Xoán	236	Seoane, Seivane, Savane, Sevane	20
San Salvador	172	O Salvador, O Divino Salvador	16
San Miguel	152		14
Santa Baia	138	Santalla, Santaia, Santa Eulalia, Santoalla, Santa Oalla	21
San Xiao	127	San Xiao, San Xián, San Xillao, San Xulián.	11
Santa Mariña	109		14
Santo Estevo	106		10
San Vicenzo	99		32
San Mamede	95	San Amedio, San Nomedio, San Domedio, Samede, etc.	14
Santo André	74		10
San Lourenzo	72		11
San Cristovo	65		8
San Fiz	51	San Fins	13
San Tomé	47		9
San Paio	41	Sampaio ou Santo Paio	6
San Cibrán	40	San Cibrao	18
San Xurxo	37	San Xorxe, Santiorxo, Sanxurdo	7
San Bartolomeu	37	San Bartolo	1
Santa María Madanela	36		2
Santa Cruz	32		13
Santa Cristina	28		6
San Cosme	25	San Cosmede	7
San Román	21	San Romao	10
San Breixo	18		3
Santo Adrán	17	Santo Adrao, Santo Adrián, Santradán	2
Santa Comba	16		9
San Tirso	14	Santiso	5
Santo Antonio	17	Santo Antón	
San Sebastián	13		
Santa Eufemia	11		
San Xosé	11		2
San Nicolao ou Nicolás	10		

A máis común das advocacións galegas é con diferenza a relativa á Virxe baixo o nome simple, *Santa María*. Témolos en máis de 730 parroquias, isto é, cerca dun 20% do total. Como haxiotopónimo incorporado ó nome parroquial está presente unicamente en 14 ocasións, o que debemos interpretar tamén como indicio da antigüidade, dado o que comentamos acerca dos haxiotopónimos que rompen a





Procesión da Virxe do Carme moi arraigada entra a poboación mariñeira. Sada (A Coruña)

homonimia de parroquias contiguas. *Santa María* é advocación das primitivas, isto é, correspondentes a cultos xa testemuñados antes do século VIII. Outras advocacións marianas máis específicas debemos consideralas recentes, moitas delas non anteriores ó século XVI, e en xeral teñen pouca presenza como advocacións parroquiais; sirva de exemplo a *Virxe do Carme* o *Nosa Señora do Carme*, que malia ser importante obxecto de celebración e culto en todo o territorio galego, só é advocación de cinco parroquias.

O segundo lugar por orde de frecuencias nas advocacións ocúpaa a relativa ó apóstolo *San Pedro*, que constitúe tamén unha advocación das primitivas. *San Pedro* é santo titular de 313 entidades parroquiais (cerca do 8% do total). Como haxiotopónimo está presente no nome de 23 delas.

O terceiro lugar ocúpao *Santiago*, que é advocación de 287 parroquias, en 11 delas como haxiotopónimo. Considerámola advocación posterior á *inventio* do sepulcro en Compostela, no século IX. A época da súa máxima expansión podemos situala arredor do século XII, o tempo do auxe compostelán e do románico; moitas das parroquias que levan esta advocación han de ser creación dos séculos X-XIII, pero unha parte non desdeñable serían parroquias preexistentes que cambiaron nesa época a advocación primitiva pola de *Santiago*. Isto é especialmente significativo nas parroquias situadas nos diferentes camiños de peregrinación a Compostela.


O cuarto lugar por orde de frecuencias ocúpao a advocación de *San Martiño*, presente en 238 parroquias (233 coa forma patrimonial galega *San Martiño*, 5 coa variante nororiental *San Martín*), en 22 delas como haxiotopónimo incorporado ó nome da freguesía. Fai referencia a San Martiño de Tours, cuxo culto se espallou na Gallaecia desde Braga no século VI, promovido por San Martiño de Dumio.

*San Xoán* ocupa o quinto lugar entre advocacións máis comúns en Galicia: é santo titular de 236 parroquias, 20 das cales o levan incorporado como haxiotopónimo na súa denominación. Neste uso haxiotopónimo, o resultado patrimonial *Seoane* (< SANCTU IOHANNE), presente en 11 casos, predomina sobre a forma analítica común *San Xoán* (8 casos) e outras variantes patrimoniais minoritarias (*Seivane*, *Savane*, *Sevane*). Pode considerarse unha advocación das antigas. Non se refire ó apóstolo San Xoán, senón a San Xoán Bautista; tamén se refire ó Bautista, aínda que ten festividade independente no calendario, a advocación *San Xoán Degolado*, presente nunha parroquia.

O sexto lugar por orde de frecuencias ocúpao unha advocación relativa a Cristo: *San Salvador* (172 parroquias). Como advocación, *San Salvador* convive coas variantes *O Salvador* e *O Divino Salvador*, pero como haxiotopónimo parroquial (16 casos) só se rexistra *San Salvador*, o que confirma que esta era a forma tradicional galega.

O sétimo lugar ocúpao *San Miguel*, advocación de 152 parroquias, en 14 delas tamén como haxiotopónimo. O culto deste anxo xeneralizouse na península a partir do século X (García Rodríguez: 134).

A advocación que ocupa o oitavo lugar por orde de frecuencias corresponde á mártir Eulalia emeritense, cuxo culto irradiou desde Mérida a partir do século IV, polo que debemos considerala unha das advocacións primitivas. É titular de 138



Mapa coa localización de advocación con máis de 200 ocorrencias. Elaborado polo SITGA

parroquias, que no nomenclátor figuran nuns casos coas diversas variantes patrimoniais galegas resultantes do latín SANCTA EULALIA (*Santa Baia*, 60; *Santalla*, 38; *Santaia*, 14; *Santoalla* ou *Santa Oalla*, 1) e noutros coa forma latinizante ou castelanizante *Santa Eulalia* (24), ademais dun único caso co semicultismo *Santa Olaia*, que non semella forma tradicional. Como haxiotopónimo incorporado á denominación parroquial, fóra do mencionado *Santa Olaia* só temos en Galicia as formas patrimoniais (*Santalla*, 13 casos; *Santa Baia*, 5; *Santaballa*, 1; *Santoalla*, 1; *Santaia*, 1).

O noveno lugar (127 parroquias) ocúpao a advocación que presenta as formas patrimoniais *San Xiao* (41 parroquias), *San Xián* (28), *San Xillao* (11) ou o semicultismo *San Xulián* (47). Os máis antigos fan referencia ó mártir galo *Iulianus*, cuxo culto, xunto co do *Ferreolus*, compañeiro de martirio, comezou a difundirse na península xa a finais da época romana; pero baixo o mesmo nome confluíron outros santos e cultos; desde a Baixa Idade Media considerouse San Xián un santo vinculado ós camiños e ós camiñantes, o que explica boa parte da súa ampla presenza na toponimia. Como haxiotopónimo incorporado ó nome da parroquia témolo en 11 casos, coas formas *San Xiao* (5), *San Xián* (2), *San Xillao* (1) e *San Xulián* (3).

O décimo lugar entre as advocacións parroquiais galegas ocúpao *Santa Mariña*, presente en 109 parroquias. Co haxiotopónimo

Considerouse San Xián un santo vinculado ós camiños





San Martiño de Ozón,  
Muxia (A Coruña)

incorporado ó nome da parroquia témolo en 14 delas, ás que hai que engadir unha parroquia con distinta advocación. É unha advocación de identidade problemática; a hipótese que a vincula a unha santa oriental homónima contrasta non só coas lendas tradicionais galegas, que fan dela unha santa local (Ferro Ruibal 1992: 367), senón, sobre todo, coa escaseza do seu culto noutras áreas peninsulares, en contraste coa abundante presenza no santoral parroquial do noroeste. Dado que na onomástica persoal medieval se produciu unha confluencia dos nomes femininos *María* e *Mariña*, interpretándose esta segunda como hipocorístico ou variante da primeira (Boullón Agrelo 1999: 299-300), debemos admitir a posibilidade de que puidese suceder o mesmo nas advocacións parroquiais, e que moitas das *Santa Mariña* actuais, se non todas,

fosen na súa orixe remota advocacións marianas.

A advocación de *Santo Estevo* (< SANCTU STEPHANU) ocupa o undécimo lugar por orde de frecuencias (106 parroquias, en 10 como haxiotopónimo). O culto deste protomártir cristián debeu de difundirse no noroeste peninsular a partir de Braga, a onde chegara no século V unha parte das súas reliquias.

O duodécimo lugar por orde de frecuencias nas advocacións ocúpao *San Vincenzo*, mártir hispano cuxo culto se difundiu a partir de Valencia e Zaragoza desde finais do período romano. Forma parte tamén, polo tanto, das advocacións primitivas. Está presente en 99 advocacións parroquiais galegas, ben baixo a forma patrimonial galega *San Vincenzo* (32) ou ben baixo a coincidente co castelán *San Vicente* (67). Como haxiotopónimo témolo en 10 denominacións parroquiais (8 *San Vicente*, 2 *San Vincenzo*).

Redes núcleo de San  
Vincenzo de Caamouco,  
Ares (A Coruña)



A advocación de *San Mamede* ocupa o décimo terceiro lugar por orde de frecuencias en Galicia. San Mamede de Cesarea era un santo orixinario da Capadocia, onde viviu no século IV; o seu culto difundíuse no occidente europeo principalmente a partir da traída de reliquias súas a Potiers no século VI. As

lendas tradicionais, que lle supoñen unha vida retirada na montaña, onde predicou o Evanxeo ás feras, fixeron que se asociase o seu nome a paraxes montuosas, ermas ou afastadas doutros núcleos de poboación. É advocación de 95 parroquias en Galicia, en 14 delas como haxiotopónimo. Ademais da forma maioritaria, presenta variantes como *San Amedio*, *San Nomedio*, *San Domedio*, *Somede*, etc.

O décimo cuarto lugar ocúpao o apóstolo *Santo André* (74 parroquias; en 10 delas tamén como haxiotopónimo, ademais doutra denominada *Santo André* que ten como advocación Santiago, sen dúbida resultado dun cambio de advocación). É unha advocación das pertencentes ó estrato máis antigo.

Tamén é unha das advocacións primitivas a relativa ó mártir romano *San Lourenzo*, moi venerado desde os primeiros tempos do cristianismo, presente en 72 parroquias galegas (décimo quinto lugar por orde de frecuencias), en 11 delas como haxiotopónimo.

O décimo sexto lugar ocúpao *San Cristovo* (65 parroquias, 8 como haxiotopónimo). Non pertence ás advocacións máis antigas, pois o culto a este mártir de Licia, Turquía, só se difundiu nos últimos séculos do primeiro milenio (García Rodríguez: 208).

O décimo sétimo lugar por orde de frecuencias corresponde á advocación de *San Fiz* ou *San Fins* (< SANCTU FELICE), presente en 51 parroquias. Pertence ás advocacións máis antigas, orixinada no culto a un mártir xerundense do mesmo nome. Na idade moderna, a administración eclesiástica, especialmente na Galicia central e oriental, onde o resultado regular galego do latín FELICE(M) é *Fiz*, tendeu a substituír a advocación tradicional por un composto *San Pedro Fiz*, debido á coincidencia cunha das festividades en honor de San Pedro. Este composto, ausente da documentación medieval e das formas tradicionais orais e descoñecido noutras áreas xeográficas, só coñeceu certo uso como advocación, pois como haxiotopónimo unicamente se rexistran as formas tradicionais (11 *San Fiz* e 2 *San Fins* nas denominacións parroquiais).

O décimo oitavo lugar ocúpao a advocación relativa ó apóstolo *San Tomé*. A forma galega deste nome, procedente do latín eclesiástico, explícase a partir do xenitivo THOMAE (Ferro Ruibal 1992: 505). A antigüidade da difusión do seu culto permite consideralo entre as advocacións do estrato máis antigo. Está presente como advocación en 47 parroquias; como haxiotopónimo dá nome a nove (oito coa mesma advocación e unha coa de *Santa María*).

O santo tudense *San Paio* ocupa o décimo noveno lugar entre as advocacións parroquiais galegas (41 casos). Como haxiotopónimo está presente en 6 denominacións parroquiais galegas, ademais de numerosas localidades con capela dedicada ó seu culto. Canonizado no século X, pouco despois do seu martirio en Córdoba, o seu culto estendeuse axiña en toda a península, especialmente na metade occidental. Na toponimia galega presenta sempre a mesma forma (*San Paio*, en ocasións grafado todo xunto, *Sampaio*), non sendo nun caso sen apócope do adxectivo (*Santo Paio*, lugar da parroquia de Reboareda, Redondela).

O vixésimo lugar por orde de frecuencia nas advocacións corresponde ó culto de *San Cibrán* ou *San Cibrao* < CYPRIANU(M). Ten orixe nun bispo mártir de Cartago do século IV, e pertence ás advocacións do estrato máis antigo, xa que hai testemuños do seu culto na Hispania romana. Con el confluíron desde a Alta Idade Media atributos e lendas procedentes doutro santo homónimo, nigromante convertido ó cristianismo, bispo de Antioquía e mártir xunto con Santa Xustina, o que explica certas características que se lle atribúen nas lendas tradicionais

(Navaza 2007: 138-139). É advocación de 40 parroquias (28 *San Cibrao*, 12 *San Cibrán*), en 10 das cales constitúe tamén haxiotopónimo (8 coa forma propia do galego central e oriental, *San Cibrao*, e 2 coa occidental, *San Cibrán*). A antigüidade do seu culto explica que *San Cibrao* ou *San Cibrán* sexa unha das advocacións asociadas á cristianización de antigos asentamentos castrexos.

As parroquias que teñen como advocación unha das 20 precedentes constitúen cerca do 85% do total. Outras advocacións con presenza significativa son as seguintes:

*San Xurxo* (< GEORGIU) ou *San Xorxe* é advocación de 37 parroquias, 34 coa forma *San Xurxo* e 3 con *San Xorxe*. Como haxiotopónimo só existe *San Xurxo*, que é o resultado patrimonial galego, presente en 7 desas parroquias, ás que debemos engadir outro haxiotopónimo parroquial con distinta advocación. Nas formas toponímicas, ademais da maioritaria *San Xurxo* consolidáronse outras variantes patrimoniais como *Santiorxo* e *Sanxurdo*. É unha advocación relativamente tardía, pois o culto a este santo guerreiro oriental só se difundiu en occidente a partir das Cruzadas (Ferro Ruibal, 571).



San Cosme de Barreiros (Lugo)

*San Bartolomeu* é titular de 37 parroquias, en 2 coa forma apocopada *San Bartolo* e en 35 coa plena de *San Bartolomeu*; nunha destas tamén como haxiotopónimo.

*Santa María Madanela* está presente en 36 parroquias, en 2 como haxiotopónimo parroquial na forma sen adxectivo, *A Madanela* (unha delas coa mesma advocación, outra coa de Santa María).

*Santa Cruz*: é advocación de 32 parroquias, en 13 delas como haxiotopónimo parroquial.

*Santa Cristina* é titular de 28 parroquias; en 6 delas tamén é haxiotopónimo, ademais doutras 2 con diferente advocación.

*San Cosme* ou *San Cosmede* é advocación de 25 parroquias; delas 7 como haxiotopónimo, 6 coa forma *San Cosme* e 1 con *San Cosmede*.

*San Román* ou *San Romao* é advocación en 21 parroquias (17 *San Román*, 4 *San Romao*); en 10 é tamén haxiotopónimo: 2 con *San Romao* e 5 con *San Román*, ademais doutros 3 *San Román* con distinta advocación. Fai referencia a un mártir de Antioquía cuxo culto xa estaba xeneralizado na península no século VII, polo que debemos considerar esta advocación como unha das pertencentes ó estrato antigo.

*San Breixo* (< VERISSIMU) é advocación de 18 parroquias; haxiotopónimo parroquial en 3, dúas delas con diferente advocación. Na toponimia non parroquial está presente tamén coa variante *San Bréixemo*. Fai referencia a un mártir de Lisboa cuxo culto debeu difundirse entre nós arredor do século X (García Rodríguez: 279).

*Santo Adrán*, *Santo Adrao*, *Santo Adrián* (< HADRIANU) é advocación de 17 parroquias (9 *Santo Adrao*, 4 *Santo Adrán*, 4 *Santo Adrián*; delas 2 como haxiotopónimo: un *Santo Adrao* e *Santo Adrián*). O culto a este santo debeu de estenderse na península con posterioridade ó século VII (García Rodríguez: 201)

*Santa Comba* é o resultado galego do nome de SANCTA COLUMBA, mártir da Galia. É unha das advocacións primitivas, e o seu culto entre nós está testemuñado desde polo menos o século VII (García Rodríguez: 189). Témolala en

16 parroquias, e como haxiotopónimo en 9, catro coa mesma advocación e cinco con advocación diferente.

14 parroquias galegas teñen a advocación de *San Tirso*, mártir de Cesarea cuxo culto na península está documentado antes do século VIII. A forma patrimonial *Santiso* é haxiotopónimo en 5 parroquias, das cales só unha conserva esta forma como advocación.

Hai 17 parroquias coas advocacións de *Santo Antonio* (13) e *Santo Antón* (4). En principio a primeira forma semella facer referencia ó culto de Santo Antonio de Padua ou de Lisboa, e a segunda a Santo Antón abade, pero en ocasións produciuse confusión ou confluencia de ambos. É un santo distinto destes *Santo Antoiño*, que representa a forma patrimonial galega correspondente ó latín ANTONINUS; na actualidade é advocación dunha soa parroquia pero está presente no nome doutra como haxiotopónimo coa forma castelanizada *Santo Antolín* e con diferente advocación.

*San Sebastián* é advocación de 13 parroquias. Fai referencia a un célebre mártir romano; o seu culto no noroeste peninsular é relativamente tardío, non anterior ós séculos VIII ou IX.

*Santa Eufemia* é advocación de 11 parroquias, nunha delas tamén como haxiotopónimo. É advocación das primitivas, que ten orixe na referencia a unha mártir bizantina cuxo culto se estendeu desde época remota; a finais do século IV a monxa galaica Exeria visitou o seu sepulcro en Calcedonia, fronte a Constantinopla, que xa daquela era centro de peregrinacións. Podemos interpretar como indicio da antigüidade do seu culto as lendas tradicionais que fan da nosa Santa Eufemia unha santa galega, distinta da de Calcedonia.

*San Xosé* é advocación de 11 parroquias, en 2 delas tamén como haxiotopónimo. É unha advocación relativamente recente, non anterior ó século XVI.

*San Nicolao* ou *San Nicolás* é advocación de 10 parroquias (8 *San Nicolao*, 2 *San Nicolás*). Non ten presenza como haxiotopónimo parroquial. O seu culto entre nós é relativamente tardío.

*Santa Uxía* (< lat. EUGENIA) é advocación en 9 parroquias (6 coa forma *Santa Uxía*, 2 *Santa Ouxea*, 1 *Santa Euxenia*), e como haxiotopónimo nun *Santa Euxea* con distinta advocación. Crese que o culto desta santa se difundiu na península no século VIII (Ferro Ruibal: 515).

A advocación correspondente ó latín SANCTU GENESIU témola en 8 parroquias, coas formas *San Xes* (5), *San Xens* (2) e *San Xenxo* (1) e é haxiotopónimo en 3 baixo a forma *San Xes*. Non incluímos entre estes haxiotopónimos parroquiais a localidade de *Sanxenxo*, pois a parroquia correspondente leva o nome de *Padriñán*. Fai referencia a un mártir da Galia cuxo culto debeu de difundirse entre nós nos últimos séculos do primeiro milenio (García Rodríguez: 192).

*San Xusto* é advocación de 8 parroquias, en 6 delas como *San Xusto* e en 2 como *Santos Xusto e Pastor*, e como haxiotopónimo dá nome a 4 parroquias, unha delas con distinta advocación. Pertence ó estrato das advocacións primitivas; fai

Santa Uxía de Ribeira  
(A Coruña)



referencia ós nenos mártires hispanos Xusto e Pastor, cuxo culto se estendeu desde o século IV.

Son tamén 8 as parroquias que levan como advocación *Santa Marta*, e 4 delas co haxiotopónimo. Fai referencia a Marta de Betania, irmá de Lázaro; o seu culto difundíuse na Idade Media.

Outras 8 parroquias teñen como advocación *San Clemente*, coa variante latinizante ou castelanizante *San Clemente* (6) ou as patrimoniais *San Clemenzo* (1) e *Cremento* (1), e é haxiotónimo nunha delas (*San Cremento*). Fai referencia a Clemente, papa e mártir; o seu culto difundíuse en Hispania antes do século VIII, polo que forma parte dos santos do estrato máis antigos.

*San Bernabé* ou *San Bernabeu* é advocación de 7 parroquias. Tamén son 7 as parroquias que teñen a *San Simón* por titular; nunha delas é haxiotónimo.

*San Sadurniño* (< SATURNINU) é advocación de 6 parroquias, e en 2 delas está como haxiotónimo. Fai referencia a un mártir de Toulouse cuxo culto se difundiu en Hispania antes do século VIII, polo que debemos consideralo pertencente ó estrato antigo das advocacións parroquiais.

A advocación de *San Bieito* (< BENEDICTU) fai referencia a San Bieito de Nursia, que viviu entre os séculos V e VI; o seu culto debeu de estenderse entre nós co monacato medieval. Está presente en 6 parroquias.

*Santa Locaia* (< LEOCADIA) pertence ó grupo dos santos primitivos; é advocación de 5 parroquias, e haxiotónimo en 2, unha delas con distinta advocación. *San Paulo* o apóstolo é advocación de 5 parroquias. Tamén son 5 as parroquias que teñen por advocación a Virxe do Carme, a máis abundante das advocacións marianas específicas, baixo as formas *O Carme*, *Nosa Señora do Carme* ou a *Virxe do Carme*, nunha delas o haxiotónimo *O Carme* constitúe a denominación parroquial. Outras 5 parroquias teñen por advocación *San Silvestre*, nunha delas como haxiotónimo. Tamén son 5 as parroquias que teñen por advocación *San Mateo* (nunha delas como haxiotónimo), *Santa Lucía*, *Santa Isabel*, *San Marcos* e *San Roque*.

*San Clodio* (< CLAUDIU) é advocación de 3 parroquias, en dúas delas tamén como haxiotónimo, ademais doutro haxiotónimo con distinta advocación. A variante *San Cludio* está presente nun haxiotónimo con outra advocación. Fai referencia a un mártir leonés do século III; segundo a tradición, o mosteiro galego de San Clodio do Ribeiro fora fundado no século VI por uns monxes procedentes do mosteiro leonés homónimo, onde se conservaban reliquias do mártir. A monotongación CLAUDIU > *Clodio* interprétase como leonesismo; a forma *San Clodio* durante a Idade Media conviviu cunha variante *San Croio*.

*Santa Cecilia* é tamén unha das advocacións do estrato primitivo; está presente en 4 parroquias, en 2 delas tamén como haxiotónimo coas variantes patrimoniais *Santa Sía* e *Santa Cilla*.

Tamén se asocia ó cristianismo máis antigo o culto dos santos Facundo e Primitivo. *San Facundo* é advocación en 4 parroquias, e en 2 delas tamén como haxiotónimo, unha das cales presenta a forma patrimonial *San Fagundo*.

San Fagundo (San Fagundo) no concello de San Cristovo de Cea (Ourense). Haxiotónimo e advocación son coincidentes



*Nosa Señora das Neves* ou *Santa María das Neves* é unha advocación mariana presente en 4 parroquias.

*Santo Isidro* ou *San Isidro* é a advocación doutras 4 parroquias.

*San Amaro* é advocación de tres parroquias. Tense considerado un santo galego de nome celta (Ferro Ruibal 1992: 118), pero non rexistramos o uso deste nome como advocación relixiosa na documentación galega medieval, e como antropónimo masculino só se rexistra a partir do século XIV. Na forma lingüística desta advocación é salientable o feito de que só se rexistre co adxectivo *santo* apocopado, fronte á solución galega habitual nestes casos, xa que adoita apocopar ante consante (*San Domingos*, *San Tomé*...) pero non cando o nome comeza por vogal (*Santo André*, *Santo Antón*, *Santo Eusebio*...). A forma portuguesa é *Santo Amaro*. En Galicia, desde polo menos o século XVIII véñse identificando, talvez unicamente por similitude dos nomes, con *San Mauro*, e esa é a forma con que se tenderon a castelánizar os topónimos galegos que contiñan o haxiotopónimo *San Amaro*.

*San Gregorio* é advocación de 3 parroquias, o mesmo ca *Santa Ana*, *Santa Catarina* ou *Santa Catalina*, *San Remixio* e *San Ramón*.

Son advocación de 2 parroquias *San Pantaleón* (nos dous casos tamén como haxiotopónimo), *San Trocado* (< TORQUATU) e *Santo Acisclo* (nun caso como haxiotopónimo). Estas tres advocacións pertencen ó estrato dos cultos máis antigos.

Así mesmo están presentes en 2 parroquias *Santa Bárbara*, *San Brais* ou *San Bras*, *Santo Isidoro*, *San Vitoiro* (nas dúas tamén como haxiotopónimo); *San Víctor* e *San Caetano* (e ademais un haxiotopónimo coa mesma forma *San Caetano*, fronte ó resultado que ten na toponimia non parroquial, onde presenta variantes patrimoniais como *San Caetán*, *San Quietán*, etc.).

Complétase a relación das advocacións coas seguintes, presentes nunha soa parroquia: *San Bernaldo*, *San Donato*, *San Fausto*, *San Ildefonso*, *San Lucas*, *San Munio*, *San Rosendo*, *San Valentín*, *San Xil*, *San Xoán Degolado*, *Santa Dorotea*, *Santa Einés*, *Santa Helena*, *Santa Rosa de Viterbo*, *Santa Teresa*, *Santa Trega* (*Tegra*), *Santa Xertrude*, *Santa Xusta* (tamén haxiotopónimo), *Santo Antoíño* (< ANTONINU), *Santo Cristo da Misericordia*, *Santo Eleuterio*, *Santo Eusebio* (tamén haxiotopónimo), *Santa Xiá* (< IULIANA), tamén como haxiotopónimo; *Santo Ourense* (tamén como haxiotopónimo); *O Bo Pastor*, *O Bo Xesús*, *O Sagrado Corazón*, *O Sagrario*, *Padre Eterno*, *Sancti Spiritus*, *O Espiritu Santo*. A estas hai que engadir diversas advocacións marianas, propias de parroquias de creación máis ou menos recente: *Nosa Señora da Concepción*, *A Concepción* ou *A Purísima Concepción* (advocación de 4 parroquias), *Nosa Señora da O* ou *Santa María da O* (advocación de 3 parroquias, nunha delas haxiotopónimo), *Nosa Señora de Lourdes* ou *de Lurdes* (2), *Nosa Señora dos Remedios* (2). As demais corresponden a unha soa parroquia: *A Milagrosa*, *Nosa Señora da Anunciación*; *Nosa Señora da Encarnación*, *Nosa Señora da O*, *Nosa Señora da Piedade*, *Nosa Señora das Marabillas*, *Nosa Señora de Fátima*, *Nosa Señora de Lourdes*, *Nosa Señora do Pilar*, *Nosa Señora do Rosario*, *Nosa Señora do Socorro*, *Nosa Señora dos Anxos*, *Santa María da Saleta* e *Virxe do Camiño*.

Algunhas denominacións parroquiais conteñen un haxiotopónimo ausente do repertorio actual das advocacións galegas; é o caso de *Sancovade* (< SANCTU CUCUFATE) e *Santa Sabiña* (< SANCTA SABINA), pertencentes ó estrato das advocacións primitivas, ou o de *San Lázaro*. Por outra banda, santos con arraigo tradicional na devoción popular galega como *Santa Minia* ou *San Campio* non son titulares de ningunha parroquia.



Finalmente debemos considerar que na cartografía, nos repertorios e na tradición oral teñen xurdido falsos haxiotopónimos resultantes de erros de interpretación ou etimoloxías populares. Mesmo nas denominacións parroquiais; así, a parroquia do Castro, no concello de Dozón, que na Idade Media recibía o nome de *San Salvador de Oor* (< HONORI?) e consta no Catastro de Ensenada (1752) como *San Salvador de O*, desde o XIX viña figurando nos nomenclátos como *San Salvador de la O*; e o fitotopónimo que dá nome á veciña parroquia de *Sanguñedo*, no mesmo concello, adoitaba figurar como “San Guñedo” en fontes escritas<sup>8</sup>.

## Bibliografía

- **Boullón Agrelo, Ana** (1999): *Antroponimia mediaval galega (ss. VIII-XII)*, Niemeyer, Tübingen.
- CME = *Catastro de Ensenada. Respuestas generales* en <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- CODOLGA = López Pereira, Eduardo (dir): *Corpus documentale latinum Galaeciae* [séc. VI-XV], en rede no sitio: <http://corpus.cirp.es/codolga/index.html>
- **Corominas, Joan & Pascual, José A.** (1991-1997), *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Gredos, Madrid.
- **David, Pierre** (1947): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VI<sup>e</sup> au XII<sup>e</sup> siècle*, Collection Portugaise publiée sous le patronage de l'Institut Français au Portugal, 7<sup>ème</sup> volume.
- **Diéguez González, Júlío** (2001): “Alguns nomes de santos, do latim ao galego-português”, *Cadernos vianeses* 30, pp. 63-79.
- **Ferro Ruibal, X.** (dir) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- **García Rodríguez, Carmen** (1966): *El culto de los santos en la España romana y visigoda*. Madrid: C.S.I.C-Instituto Enrique Flórez.
- **López Santos, Luis** (1959): “Hagiotoponimia”, en M. Alvar, A. Badía, R. de Balbín e L. F. Lindley Cintra, *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, tomo I Antecedentes e Onomástica, CSIC, Madrid, pp. 579-614.
- **Lorenzo, Ramón** (1968): *Sobre cronología do vocabulário galego-português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- **Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares**, Xunta de Galicia, Santiago 2003. [<http://www.xunta.es/toponimia>]
- **Navaza, Gonzalo** (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira - Xunta de Galicia.
- **Piel; Joseph M.** (1947): *Nomes de possessores latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*, Coimbra: Separata de Biblos, vol. XXIII.
- **Piel, Joseph M.** (1950): *Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular*, Coimbra: Separata de Biblos, vols. XXV-XXVI.
- **Piel, Joseph M.** (1961): “Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada” en *Homenaje a Dámaso Alonso*, tomo II, Madrid, Gredos, 599-608.
- **Piel, Joseph M.** (1937): *Os nomes germânicos na toponímia portuguesa*, Imprensa Nacional, Lisboa.
- **Piel, Joseph M. e Dieter Kremer** (1976): *Hispanogotisches Namenbuch*, Carl Winter, Heidelberg.
- **Santamarina, Antón** (2002): “A journey through galician onomastics”, en *Actas do Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (20º. 1999. Santiago de Compostela)*, pp. 3-30. Biblioteca Filolóxica Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
- **Santamarina, Antón** (2008): «A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edificios relixiosos» en *Axeitos/Grandío/Villares: A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- **TMILG = Varela Barreiro, Xavier** (dir): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*, desde xullo de 2007 no sitio do ILG [<http://ilg.usc.es/tmilg/>]

<sup>8</sup> Nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada da contigua parroquia das Maceiras, no mesmo concello de Dozón, o nome de Sanguñedo aparece simplemente como Guñedo, talvez polo reparo do escribán en admitirle a condición de santo a un nome tan estraño.

# o presente e a realidade territorial

- 09** **Román Rodríguez González**  
A parroquia galega na modernidade territorial
- 10** **Juan Luís Dalda Escudero**  
O papel da organización parroquial na análise e na ordenación do modelo de asentamento poboacional
- 11** **Carlos Nárdiz Ortiz**  
Estrutura territorial e vilas “estrada” en Galicia
- 12** **Rafael Crecente Maseda**  
Parroquias e planificación territorial
- 13** **José M. Colmenero Álvarez e Fernando Lema Devesa**  
A parroquia no ámbito estatístico

# 09 A parroquia galega na modernidade territorial

**Román Rodríguez González**

Profesor Titular de Análise Xeográfico Rexional  
Universidade de Santiago de Compostela

A parroquia é a división territorial de máis calado no sentir galego tradicional. A súa orixe medieval, como pon de manifesto a meirande parte da historiografía ao respecto, aparece vencellada ao asentamento do cristianismo e á organización que este leva a cabo na súa aplicación espacial. O seu longo percorrido no tempo vencéllase a un primixenio modelo disperso de ocupación do territorio que en Galicia, como na meirande parte da Europa Atlántica, foi posible grazas a que as características xeográficas de base o permitiron (auga abundante, clima temperado, solos relativamente fértiles, topografía non excesivamente esaxeradas que dificulten a ocupación humana,..). A súa pervivencia reflíctese nunha clara estabilización da estrutura do sistema de asentamentos rural. Neste sentido as particulares condicións espaciais do país posibilitaron o mantemento dun elevadísimo número de lugares poboados, ou aldeas, ata o punto de que con entorno a 32.000 núcleos de poboación (máis do 50% do conxunto de España, con pouco máis do 7% da superficie) temos un dos índices máis elevados de dispersión e humanización territorial.

A estrutura parroquial tradicional mantense dun xeito bastante homoxéneo ata a década dos 1960. Nestes anos iníciase a auténtica modernización e transformación social e económica de Galicia, que comezará a rachar os fundamentos básicos da vida parroquial. Ruptura que se acentúa nas últimas décadas tanto no mundo rural, onde a parroquia (máis alá do feito relixioso) perde a súa vixencia e importancia como unidade de convivencia, traballo e organización; como no urbano, onde a progresiva expansión deste feito deixa sen un papel definido á unidade parroquial.

A parroquia é dende a súa orixe unha compartimentación de orixe relixioso. Entorno a ela organízase posteriormente a vida cotiá dos habitantes da Galicia medieval e moderna, e mesmo da contemporánea ata hai relativamente moi pouco tempo. Como unidade espacial sobreviviu á forte reestruturación territorial e organizativa aplicada coa Reforma Liberal de inicios do século XIX. Se todo o mare magnum de unidades espaciais procedentes do Antigo Réxime (coutos, señoríos,...) desaparece coa instauración a partir de 1833 dunha división básica de municipios e provincias (tamén partidos xudiciais), a parroquia como célula espacial de base mantense. Mesmo pasa a desempeñar un significado papel na

nova organización, pois os concellos xorden a partir dunha agregación de parroquias eclesiásticas. O mantemento destas non deixa de ser lóxico, pois a súa alteración implicaría remover as bases principais da estrutura relixiosa e colectiva. Ademais, a súa existencia e recoñecemento non deixaba de ser un elemento positivo no reforzo da incipiente marca municipal, que pasa a entenderse a partir dunha suma das anteriores. Mesmo a nivel interno a definición parroquial pasa a ser tamén un valor que favorece unha maior autoorganización interna e unha progresiva interiorización da nova división territorial.



Vista de Pontevedra. O despoboamento rural e o crecemento dos núcleos urbanos serán a resultante dun cambio básico de natureza macroeconómica e política

Como se verá a continuación, a vixencia desta entidade asóciase a un modelo socioeconómico precapitalista e de forte enraizamento rural. Conforme a sociedade galega muda e se transforma adquirindo un perfil progresivamente urbano, inseríndose nun contexto de relacións sociais e económicas de corte capitalista, a parroquia como unidade referencial e de convivencia tende a perder importancia. Nas últimas décadas o despoboamento, a forte expansión urbana, o espectacular incremento da mobilidade, as recentes tipoloxías de asentamento poboacional, as mudas da estrutura socioprofesional, os cambios dos hábitos e comportamentos culturais, e mesmo as novas pautas de xestión dos servizos públicos, levan a que a parroquia nestes inicios do século XXI cambiase notablemente, volvendo cada vez máis a entenderse como unha compartimentación de natureza eclesiástica.

## 1. Proceso de urbanización e modelo parroquial

Desde o ámbito das Ciencias Sociais son coincidentes as interpretacións referentes ao intenso proceso transformador que Galicia experimentou a partir da década de 1960. Baixo o epígrafe proceso de urbanización coñécense un amplo conxunto de transformacións, que dun xeito interrelacionado e parello, tiveron lugar a partir do ano de 1960 afectando á meirande parte das variables preexistentes no eido económico, cultural, demográfico, social... Dun xeito moi resumido pódese afirmar que se inicia o proceso de cambio dun modelo xeral

fortemente rural, a un urbano. A partir de aquí as cidades comezan a experimentar estímulos de crecemento sen precedentes. Medran demográfica e funcionalmente, atraendo a unha inxente cantidade de persoas que abandonan, tamén dun xeito acelerado, un espazo rural densamente ocupado. Despoboamento rural e crecemento dos núcleos urbanos van ser as dúas caras dunha mesma moeda, resultante dun cambio básico de natureza macroeconómica e política. Tras o período autártico e a firma do “Plan de Estabilidade” de 1959, substitúese o modelo económico preexistente por outro aberto ao exterior e conectado coas economías de mercado do noso entorno. Este cambio deriva en que as cidades van ser interpretadas como focos de desenvolvemento, atraendo unha grande cantidade de capitais e investimentos produtivos que xeran unha ampla oferta de emprego, e por conseguinte atracción poboacional. Ao tempo, o mundo rural e as súas parroquias asisten a un intenso éxodo humano (unha gran cantidade de concellos, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense, perderon máis do 50% dos seus habitantes nas últimas décadas como consecuencia desta dinámica regresiva). A consecuencia económica inmediata foia caída da porcentaxe do emprego primario, e o aumento paralelo da oferta nos outros ámbitos de actividade. A redución numérica dos ocupados na agricultura viuse acompañada, porén, dunha auténtica “revolución agraria” no rural galego: mecanización, substitución de razas, monetarización da actividade, especialización,... que supón un aumento da súa capacidade produtiva.

Este proceso de urbanización afecta de xeito moi directo ás parroquias galegas. Pódese dicir que estas, como referentes do mundo rural, entran nunca dinámica de cambio e transformación, que deriva en que o seu protagonismo tradicional na vida social e económica, e mesmo na organizativa, vai a ver substituído por outro novo papel, menos presente e intenso.

Tarefa de campo en Silleda. A mecanización e especialización na agricultura supoñen unha auténtica “revolución agraria” no rural galego



## 1.1 A parroquia como cerne

Ata os anos 1960 a parroquia foi o cerne da vida cotiá para a meirande parte dos galegos, pois no espazo rural habitaba entorno ao 80% da nosa poboación. A parroquia era principio e fin dunha gran cantidade de variables económicas, sociais e culturais, que contribuían a convertela na peza básica da organización colectiva de Galicia.

Os lindes da parroquia xeraban un microcosmos a partir do cal se estruturan os desprazamentos da poboación, nun contexto de mínima mobilidade individual. A inexistencia dunha rede camiñeira e a carencia de medios de transporte individuais (a meirande parte dos existentes eran de tracción animal), constrinxían ao espazo próximo que podía camiñar un individuo o marco xeral de acción. Só de xeito esporádico as parroquias se vían superadas por desprazamentos dirixidos aos lugares de celebración de feiras. As feiras, ata mediados do século XX, eran puntos aos que a poboación campesiña se dirixía para comercializar os seus escasos excedentes produtivos e abastecerse daqueles bens ou servizos que non topaba no seu entorno próximo. Sempre se asociaron a cruces de camiños, e dende elas exerceuse unha certa centralidade que co paso do tempo foi

esmorecendo, desaparecendo moitas delas (contábase con feiras nalgunhas parroquias), ou converténdose en celebracións case simbólicas.

No ámbito interno da parroquia, nun escenario de economía de subsistencia, autoconsumo e mínima mobilidade, os veciños cubrían gran parte das súas demandas. Todas contaban cunha “taberna”, ou varias, que desempeñaban un dobre papel de lugar de encontro e ocio e de pequeno ultramarinos de abastecemento, tamén con servizos ou producións artesanais (panadeiro, xastre, ferreiro,...). Os servizos públicos estaban representados polas escolas unitarias, estando en moitas ocasións asociada a figura do mestre á do cura. En definitiva, era unha auténtica unidade de convivencia.

Organizativamente contaban cunha figura coñecida como “Alcalde Pedáneo”, que servía de contacto entre a parroquia e a autoridade municipal. Non deixa de ser curioso neste sentido a non conversión destas en Entidades Locais Menores, pese á constante reivindicación política que se mantén dende inicios do século XX, e a que unha parte significativa da acción dos concellos tiña a parroquia como referencia. Esta situación fai que os bens considerados parroquiais, como os campos da festa, fontes, escolas, camiños,..., estean situados nunha especie de limbo xurídico mantido pola tradición. Diferente é a situación dos montes veciñais en man común, herdanza do modelo de propiedade xermánica da terra, e dun modelo de subsistencia no que o monte era parte básica da organización económica interna. Neste caso atópanse un amplo abano de circunstancias; desde montes que foron repartidos entre os veciños, outros que pertencen só a algúns lugares da parroquia, outros compartidos por varias... Moitas tiñan tamén as súas propias bandas de música ou agrupacións folclóricas, equipos de fútbol,...

No mundo urbano a parroquia asociábase en grande medida ao que hoxe se pode entender como barrio. Nos cascos consolidados contábase frecuentemente con varias igrexas dende as que se organizaba o culto, fundamentalmente, por razóns de proximidade. Mentres no espazo rural máis próximo, a estrutura organizativa non defería neste intre en demasía coas áreas rurais. Coa expansión urbana os novos crecementos van ocupando os entornos circundantes, dando lugar a novos barrios que en moitas ocasións se vencellas coas parroquias orixinais (se ben esta situación non sempre se produce, especialmente coa creación de grandes lotes urbanizados que se xeran á marxe da estrutura preexistente).

Este escenario mantívose vixente ata os anos 1960 e inicios dos 1970, nun contexto demográfico dunha elevada poboación rural organizada en parroquias, rachándose a partir deste momento pola conxunción de varios factores que de xeito conxunto mudan esta situación dun modo drástico. A modo de exemplo, o transvase demográfico do espazo rural-parroquial cara ao urbano pódese fixar no exemplo de Lalín. Así,



Confurco. Carballiño.  
A parroquia, pequeno  
microcosmos pechado  
sobre se mesmo



Poio (Pontevedra). Coa  
expansión urbana os novos  
crecementos van ocupando  
os entornos circundantes

nas súas 48 parroquias residían no 1960 o 89,4% dos 19.627 residentes, mentres que no 2008 esta porcentaxe é só do 49,3%.

## 1.2 Elementos de transformación e mudanzas parroquiais

No recente proceso de urbanización da sociedade galega, tanto os espazos urbanos como os rurais mudan de xeito acusado. Os elementos de transformación xorden da conxunción de varios factores coincidentes no tempo. Faise difícil establecer unha orde xerárquica sobre a súa importancia (precisamente pola forte interrelación existente), mais uns dos de maior interese no noso caso ten que ver cos cambios na actividade agrogandeira e a intensa redistribución demográfica interna.

A modernización de Galicia que xorde neste período non se pode illar das modificacións acontecidas na actividade e no modelo social rural. O punto de partida é unha agricultura de orientación autoconsumista, de mínimos excedentes comercializables e transaccións económicas. Era unha función económica pechada sobre si mesma, na que os únicos contactos que contribuían a rachar os lindes parroquias como unidade vivencial, asociábanse ás feiras periódicas. Como xa se dixo, as explotacións familiares rurais tiñan como obxectivo a procura da subsistencia. Esta situación de inmovilismo atopa explicación en factores como a inexistencia de mercados urbanos que fomentasen unha orientación comercializable. Á escasa demanda urbana interna, úneselle a circunstancia de que durante a primeira metade do século XX, o elevado incremento da poboación rural leva a que as familias labradoras orienten a súa actividade ao autosubstento. As unidades familiares eran moi numerosas (elevado crecemento vexetativo e freo das saídas migratorias no período posbélico), desempeñando os membros destas unidades, ante a carencia practicamente total de mecanización, un significativo papel como forza de traballo.

Esta situación ráchase pola conxunción de varios detonantes que impulsan un cambio global, medido por unha rápida e forte inserción do modelo rural galego dentro das dinámicas dun sistema de mercado. De modo directo comeza unha progresiva orientación da produción primaria cara a uns mercados urbanos que comezaban a medrar de xeito parello ao aumento poboacional das cidades. Os impulsos da política “desarrollista” forzan unha expansión das mesmas, creándose gran cantidade de emprego nos sectores secundarios e terciarios que atraen a residentes das áreas rurais próximas. Isto incrementa a demanda de alimentos e ocasiona unha resposta no medio rural como subministrador dos mesmos. Pasan entón as nosas parroquias a servir de base para a expansión urbana, contribuindo cos recursos humanos necesarios e posibilitando, especialmente nos inicios deste proceso, tamén as materias primas agrarias necesarias.

Conforme as cidades medran, o espazo rural, e por extensión a meirande parte das parroquias, perden poboación. Ten lugar un éxodo migratorio sen precedentes, que pola contra non derivou nunha contracción da capacidade produtiva agropecuaria. Ao contrario, esta vese moi estimulada pola progresiva introdución de maquinaria e outras innovacións orientadas ao incremento da produtividade (substitución das



Arroso (A Fonsagrada-Lugo).  
Aínda quedan algunhas explotacións familiares rurais que seguen orientadas á procura da subsistencia

razas e producións tradicionais, utilización de produtos agroquímicos,...). Como consecuencia, menos poboación campesiña produce máis alimentos, cunha orientación pensada para a venda de producións especializadas. A parroquia e a feira deixan de ser os lugares de referencia, pois a nova actividade agrogandeira implica abrir novos ámbitos espaciais. Ao mesmo tempo, o traballo colectivo vese superado pola introdución de maquinaria que incrementa notablemente os rendementos.

Ao anterior hai que sumarlle outra serie de aspectos que contribúen a facer perder o protagonismo da parroquia como unidade de convivencia. Os cambios introducidos na vida diaria da poboación rural poden ser interpretados, ben como unha circunstancia derivada das transformacións das estruturas produtivas, ben como factor impulsor do novo marco de organización territorial. Especialmente dáse unha maior mobilidade dos residentes campesiños. A parroquia orixinaria, como mínimo as máis próximas, vense superadas polas necesidades derivadas do incipiente modelo produtivo. Cada vez máis a poboación desprázase de xeito habitual aos pequenos focos urbanos máis próximos para abastecerse daqueles bens e servizos demandados polo novo contexto produtivo e social. Ráchanse así os particulares “microcosmos” parroquiais e xérase outra escala de relación de base municipal e en moitas ocasións comarcal, que derivará nun modelo de articulación territorial organizado a partir de áreas de dependencia funcional.

A substitución do modelo de aproveitamento agrograndeiro autoconsumista de contactos reducidos, por outra banda cada vez máis conectado aos mercados urbanos, implica unha serie de necesidades que derivan nun notable aumento dos desprazamentos da poboación residente nas parroquias. As feiras como lugar de intercambio comezan a esmorecer e o habitante rural rompe o radio de relacións socioeconómicas precedente, restrinxido a unha mínima parcela do territorio. Ademais, esta inserción na economía de mercado provoca de xeito directo unha monetarización da economía agraria, e un forte aumento da capacidade de consumo da sociedade campesiña. Este escenario acompaña-se dunha importante mellora e modernización da rede viaria de acceso aos núcleos, e de avances en materia de transporte, especialmente coa difusión do automóbil. É o momento no que os vellos camiños rurais son asfaltados e os servizos máis básicos comezan a chegar ás nosas parroquias. O aumento da mobilidade responde ás incipientes demandas inducidas pola transformación agraria, o cal implica a consecuencia inmediata de que nos pequenos focos urbanos emprazados no rural comece a desenvolverse unha estrutura comercial e de servizos, orientada a satisfacer a uns entornos rurais próximos con capacidade de consumo crecente. Nesta dinámica é tamén significativa a descentralización dalgúns servizos públicos como a sanidade, a educación... Nas vilas e capitais municipais comezan a instalarse equipamentos e dotacións, tendentes a dar unha mellor cobertura destas funcións ao conxunto da poboación rural. Prodúcese agora as concentracións escolares (e a conseguinte desaparición da meirande parte das escolas unitarias), ou a construción de centros de saúde, aos que a acotío se desprazan os residentes das parroquias rurais galegas.

A concentración dos servizos públicos, o desenvolvemento dunha base comercial estable, as melloras da accesibilidade das vilas, o aumento da capacidade de mobilidade e consumo da poboación rural, o éxodo migratorio, o novo modelo económico, ou a introdución de produtos de consumo de carácter máis industrial que substitúen aos artesáns rurais van ser, entre outras variables, causas que inciden na

Padrón. Nas vilas e capitais municipais comeza a desenvolverse unha estrutura comercial e de servizos, orientada a satisfacer a uns entornos rurais próximos con capacidade de consumo crecente





perda de vitalidade dunha referencia espacial básica, a parroquia, que pasa a ser substituída por unha nova estrutura relacional e organizativa baseada nos lindeiros municipais e comarcais.

A consecuencia inmediata do noso particular proceso de urbanización é a perda demográfica, espectacular, do medio rural. A caída dos seus habitantes, derivada da emigración e das secuelas que implica na secuencia vexetativa, leva a que moitas das actuais parroquias, como se verá no epígrafe seguinte, se sitúen ao bordo da desaparición poboacional.

## 2. Pervivencia formal e pérdida real

Sorprende como ao longo do tempo a parroquia como unidade espacial se mantén nunhas elevadas marxes de estabilidade. Se facemos caso de Fariña Jamardo, o número de parroquias do 1587 (3.571) é relativamente moi semellante ao de comezos do século XX (en 1900, un número de 3.788). Unha oscilación moi cativa que segundo investigadores como Precedo Ledo, é consecuencia máis dos diferentes criterios estatísticos das fontes censuais utilizadas, que dos cambios reais acontecidos. A súa pervivencia, entón, como peza territorial relixiosa parece afianzada. Outra cuestión diferente é, como se verá a continuación, a súa pervivencia como unidade de referencia dende o punto de vista da organización social. Neste caso tanto no mundo urbano como no rural, tende a perder protagonismo de modo acelerado nas últimas décadas, como consecuencia do reforzamento do proceso de urbanización.

### 2.1 Estabilización do mapa parroquial


Dende 1900 á actualidade o número de parroquias, como se pode apreciar na táboa anexa, mantivo unha forte estabilidade. De feito, entre o inicio do século XX e o 2006 só hai unha mínima diferenza de 10, insignificante dende o punto de vista porcentual. Ao longo da pasada centuria identifícanse algunhas variacións, sempre moi cativas. No 1960 temos o maior número delas, para a partir de aquí vanse reducindo ata a actualidade. A desaparición de parroquias é mínima, e así a meirande parte das comarcas non mudan o seu número ao longo de todo o período. Só se conta con algunhas variacións escasísimas, nunca superiores a unha redución de unha parroquia, coa excepción das bisbarras de Vigo e Ourense que reducen dúas.

O mapa parroquial permite facer tamén unha lectura dos modelos de ocupación tradicional do territorio por parte dos grupos humanos. Tendo en conta que a xustificación da súa referenciación territorial é a área de influencia dunha igrexa, é dicir, o espazo e a poboación que dependía para o culto dunha localización concreta, esta compartimentación é un reflexo das densidades demográficas e do maior ou menor potencial de cada porción particular da xeografía galega. Unha rápida aproximación diseña unha correlación directa entre os entornos onde a superficie das parroquias é máis grande e aqueles espazos de montaña ou media montaña, tradicionalmente menos fértiles, cun menor número de aldeas e menos poboación. Pola contra, a meirande parte das áreas litorais, sobre todo as situadas nos entornos das Rías Baixas e o Golfo Ártabro, e as dos vales e depresións interiores, contan cunha tipoloxía parroquial caracterizada por unha menor extensión espacial. Isto débese a que estamos ante terras máis fértiles e benignas, máis favorables ao asentamento da poboación, contando como consecuencia cun maior número de aldeas e lugares.

**EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PARROQUIAS A ESCALA COMARCAL**

	1900	1930	1960	1991	2006		1900	1930	1960	1991	2006
A BARCALA	33	33	33	32	32	QUIROGA	38	38	38	38	38
A CORUÑA	94	94	92	93	93	SARRIA	170	171	172	171	171
ARZÚA	67	67	67	67	67	TERRA CHÁ	167	168	168	168	168
BARBANZA	28	28	27	27	27	TERRA DE LEMOS	140	140	140	140	139
BERGANTIÑOS	84	84	84	84	84	A LIMIA	89	89	90	89	89
BETANZOS	85	85	85	84	84	ALLARIZ-MACEDA	60	60	61	60	60
EUME	38	38	38	38	38	BAIXA LIMIA	47	47	47	47	47
FERROL	74	74	71	75	75	O CARBALLIÑO	88	88	90	88	88
FISTERRA	33	33	33	33	33	O RIBEIRO	63	63	63	63	63
MUROS	13	13	12	13	13	OURENSE	122	123	126	122	120
NOIA	33	33	33	32	32	TERRA DE CALDELAS	46	46	46	46	46
O SAR	20	20	21	20	20	TERRA DE CELANOVA	91	91	90	91	90
ORDES	75	75	75	75	75	TERRA DE TRIVES	56	56	56	56	56
ORTEGAL	35	35	35	35	35	VALDEORRAS	112	112	113	112	112
SANTIAGO	98	98	99	97	98	VERÍN	82	82	82	82	82
TERRA DE MELIDE	63	63	63	63	63	VIANA	62	62	62	62	63
TERRA DE SONEIRA	34	34	33	34	34	A PARADANTA	40	40	40	40	40
XALLAS	29	29	29	29	29	CALDAS	40	40	40	40	40
A FONSGRADA	47	47	48	47	47	DEZA	161	161	162	161	161
A MARIÑA CENTRAL	48	48	47	47	46	O BAIXO MIÑO	40	40	40	40	40
A MARIÑA OCCIDENTAL	41	41	44	42	40	O CONDADO	67	67	67	67	67
A MARIÑA ORIENTAL	39	39	38	39	39	O MORRAZO	24	24	22	24	24
A ULLOA	100	101	101	101	99	O SALNÉS	57	57	56	57	56
CHANTADA	86	86	89	86	86	PONTEVEDRA	70	70	70	70	70
LUGO	238	240	241	240	239	TABEIRÓS-TERRA MONTES	72	72	72	72	72
MEIRA	34	34	33	34	34	VIGO	97	97	101	95	96
						total Galicia	3.788	3.794	3.803	3.786	3.778


Fonte: SITGA, Xunta de Galicia



A densidade de poboamento, que marca o rateo entre as entidades singulares de poboación (as aldeas) e a superficie da parroquia, reflicte dun modo nítido os contrastes territoriais existentes en Galicia en base ao potencial agrolóxico e ao sistema tradicional de asentamentos. No mapa anexo obsérvase unha clara diferenciación entre as Serras Orientais lucenses e gran parte da provincia de Ourense (con excepción das depresións e vales do Miño), nas que a menor ocupación humana deriva nunha baixa densidade, consecuencia dunhas parroquias de superficie media elevada e dun baixo número de núcleos. Esta situación reproducése na Dorsal Meridiana, especialmente na área de separación de Pontevedra e Ourense. E tamén nas comarcas occidentais da Coruña, desde a Costa da Morte cara o interior das bisbarras de Xallas, Soneira ou Bergantiños. Pola súa parte no litoral das Rías Baixas e do Golfo Ártabro, así como nos vales do Ulla, Miño e Sil e nas depresións interiores, a situación é a inversa. A benignidade climática e a maior fertilidade do solo ten posibilitado unha ocupación moito máis densa e, por conseguinte, unhas parroquias máis cativas en tamaño e cun maior número de aldeas.

A nivel cuantitativo esta dualidade tamén se manifesta no tamaño medio das propias parroquias. Aínda que este é un parámetro suxeito a multitude de excepcionalidades, as comarcas onde o tamaño medio destas entidades é máis grande son as de Quiroga, Verín, Viana ou A Fonsagrada, nas que o tamaño medio é sempre superior aos 10 Km<sup>2</sup>. Mentres, na outra cara da moeda, no Salnés, O Condado, O Morrazo, ou A Coruña, a súa extensión sitúase ao redor dos 5 Km<sup>2</sup>.

Mapa de Densidade de Poboamento, entidades/km<sup>2</sup>



## 2.2 A perda demográfica como indicador

Ao longo das últimas décadas, e de modo parello ao proceso de urbanización da sociedade galega, a parroquia como unidade demográfica perde peso e protagonismo dun xeito acelerado. O constante éxodo rural e a redistribución poboacional, saldada cun notable aumento da talla dos núcleos urbanos, conséntase na redución do seu protagonismo como unidade de convivencia e relación.

Desde os anos 1960 ata a actualidade identifícase claramente o incremento do número de parroquias de baixo peso poboacional. De feito, tal e como se aprecia nos datos anexos, podemos ver como en Galicia o valor proporcional das de tamaño máis cativo (as que contan con menos de 100 residentes), pasa de supor pouco máis dun 4% no 1960, a situarse no 2006 entornando a un terzo das totais. A explicación a esta particular evolución vencéllase ao forte despoboamento rural, que afecta fundamentalmente a aquelas situadas nas áreas de montaña e media montaña do país.

RELACIÓN PORCENTUAL DA PARROQUIA GALEGA EN RELACIÓN AO SEU VOLUME DEMOGRÁFICO							
	0-50 hbt.	51-100 hbt.	101-200 hbt.	201-300 hbt.	300-401 hbt.	401-500 hbt.	>500 hbt.
1960	0,9	3,68	15,2	16,3	13,5	11,2	39,1
1991	4,6	14,8	25	15,6	9,8	6,23	23,7
2006	9,6	19,1	23,9	13,4	8,1	5,51	20,3

Fonte: SITGA, Xunta de Galicia

Certa estabilidade identifícase naquelas de talla demográfica media (situadas entre os 100 e os 300 individuos), reducíndose só nas datas de referencia entornando a un 5%. Neste caso o traslado de moitas destas unidades cara a niveis máis baixos vese compensado pola parella ampliación do seu número, derivado da tamén perda poboacional das de maior peso. Neste caso, tanto aquelas situadas entre 400 e 500 persoas e as de máis de 500, experimentan no seu número unha caída de máis do 50%.

A perda de protagonismo demográfico das parroquias está levando a que en moitas comarcas só se conte cunha unidade de máis de 500 hbt., correspondente coa cabeceira comarcal (Meira, A Fonsagrada,...), ou como máximo dúas (Os Ancares, A Barcala, Viana,...). Na outra cara da moeda, e en situación contraria, sitúanse as bisbarras litorais de Pontevedra, Salnés, Ferrol, Barbanza,... onde predominan aquelas de máis de 500 persoas. Facendo unha comparativa desde o 1960, pódese identificar como en ambos casos as dinámicas se acentúan. Así, as áreas de natureza rural experimentan un aumento do número de parroquias de baixo limiar demográfico. Casos como Valdeorras pasan de ter unha soa parroquia de menos de 50 persoas no 1960 a ter 46 no 2006. Outras como Trives pasan de 1 a 27; A Ulloa de 1 a 32,... Ao mesmo tempo, o despoboamento reduce o número de parroquias “grandes” nestes entornos. No mesmo período algunhas bisbarras como Terra de Lemos pasa de ter 22 parroquias de máis de 500 habitantes a ter só 2 a día de hoxe. A Limia experimenta o mesmo proceso pasando de 34 a 7; A Fonsagrada de 12 a 1,...




Núcleo de Viana do Bolo. Na comarca de Viana cóntase con tan só dúas unidades parroquiais de máis de 500 habitantes consecuencia da forte regresión demográfica nesta zona

A manifestación territorial deste proceso de redistribución poboacional é a inequívoca tendencia á concentración da efectivos humanos nun número cada vez máis reducido de parroquias. O contraste, tal e como se identifica de xeito nítido nas cartografías adxuntas, é evidente entre unhas áreas urbanas de forte ocupación e un espazo rural, maioritario en canto a superficie, que se atopa nunha evidente liña de baleirado humano. As áreas das Rías Baixas e do Golfo Ártabro son ás claras as máis poboadas. A presenza dos eixes urbanos Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol, xunto a existencia dun significativo número de vilas, e a importancia que teñen adquirido os fenómenos de difusión do feito urbano dende as cidades cara ás súas periferias próximas, leva a que un importante número de parroquias se vexan beneficiadas dunhas significativas densidades demográficas.

Desde as Rías Baixas obsérvase unha prolongación das áreas de máis forte densidade demográfica cara ao Baixo Miño, seguindo un eixo natural marcado pola Depresión Meridiana e un infraestrutural pola Autovía Vigo-Tui. Neste entorno as maiores cotas poboacionais distribúense nas parroquias situadas nas marxes inmediatas do curso fluvial. Unha segunda prolongación esténdese no transcurso do curso baixo do Ulla ata chegar a Compostela e a súa área urbana circundante. Neste caso, desde a cidade de Santiago produciuse nas últimas décadas un forte proceso de ocupación territorial das parroquias pertencentes aos seus concellos limítrofes (Teo, Ames,...), no que as máis próximas ás vías de comunicación aumentaron notablemente aos seus efectivos demográficos, ata converterse en pequenas cidades dormitorio da cidade central. Tomando como

Mapa da Evolución da Poboación, 1960-2006



centro a urbe compostelá xérase unha estrutura radial de parroquias con altos ratios de ocupación humana. En dirección Ourense, e ao longo da N-525, créase un eixo que chega ata Lalín. En dirección A Coruña, este fenómeno reproducéase ata a vila de Ordes. E, en dirección Noia, chégase a Urlirde. Neste caso identifícase dun xeito moi claro un fenómeno común para o conxunto do territorio galego, cal é que aquelas parroquias emprazadas a carón das principais vías de comunicación, tamén situadas en áreas de val e/ou de topografía chaira, contan cuns maiores índices de ocupación.

A anterior situación repítese no Golfo Ártabro. Entorno á cidade herculina esténdese un amplo número de parroquias pertencentes a concellos como Arteixo, Culleredo, Cambre e outros. Todas elas son receptoras dos impulsos dinamizadores da Coruña, permitíndolle acadar elevadas densidades poboacionais. Cara a Ferrol, e de xeito parello á liña de costa marcado polo trazado da N-651, identifícase tamén un certo número destas entidades cunha significativa ocupación. Conforme nos afastamos das zonas máis chairas cara a parroquias de maior altitude e pendente, a ocupación humana diminúe de xeito correlativo á perda de influencia urbana.



Arteixo, área receptora dos impulsos dinamizadores da Coruña, conseguiu por isto acadar elevadas densidades poboacionais

As áreas litorais situadas á marxe destes espazos de concentración presentan un panorama ben diferente e contrastado. A fachada lineal atlántica situada entre Cabo Silleiro e o estuario do Miño, ao longo do concello de Oia, conta cuns baixos índices de ocupación. Neste caso a proximidade da liña costeira coas estremeiras da Serra da Groba, xunto coa exposición aos fortes ventos do oeste, leva a que sexa moi escaso o espazo apto para a ocupación humana polas dificultades para o desenvolvemento agrario e o pesqueiro (carencia de portos). As baixas densidades repítese na fachada coruñesa da Costa da Morte e parte de Bergantiños. Só as vilas e pequenas cabeceiras municipais contribúen cun certo nivel de ocupación. De novo a violenta topografía próxima á liña de costa, e a ausencia de áreas recollidas nas que se puidesen asentarmos portos de certa entidade, sitúannos nuns ratios de ocupación semellantes aos das áreas rurais interiores. Certa diferenza cos casos anteriores o marca a costa lucense e a costa norte coruñesa. Neste caso, outra vez a poboación concéntrase nas parroquias máis próximas á liña da costa, sobre a estreita marxe chaira parella a mesma e ao longo da N-642. Nas áreas máis favorables para o desenvolvemento portuario, ou o actual turístico pola presenza de praias, téñense desenvolvido nos últimos anos unha modesta rede de pequenas cidades complementarias entre si, dotando a este espazo dunha singularidade específica no conxunto do territorio galego.

A dualidade entre as parroquias rurais e as urbanas é indiscutible na ampla superficie do interior galego. Só as pertencentes ás cidades e ás súas proximidades, así como as capitais municipais e/ou comarcais contan cuns niveis de ocupación semellantes ao das áreas litorais. O fondo da Depresión de Ourense presenta unhas densidades elevadas polo efecto difusor da cidade, prolongándose polo Val do Miño cara ao Ribeiro ao longo da N-120. De novo a particular topografía de val e as condicións agrolóxicas, xunto cos eixes infraestruturais, fixan poboación. Mentres, no resto do espazo o despoboamento sitúase como dinámica principal. A cidade de Lugo, pola contra, concentra a meirande densidade humana da provincia, sendo neste caso os efectos difusores moito menores. De feito só as parroquias situadas a carón da N-VI contan cunhas relativamente significativas densidades humanas. No resto do amplo espazo rural, só parroquias moi

concretas, vencelladas ás capitais municipais e/ou de comarcas, colócanse como illas de resistencia demográfica dentro dun escenario de moi forte regresión.

Paisaxe de Láncara (Sarria)



Esta situación faise aínda máis palpable nunha comparativa entre o ano 1960 e o 2006. Neste caso os contrastes e a dinámica presentada acentúase, disparándose as alarmas demográficas. É evidente a inmensa cantidade de parroquias que perden máis da metade dos seus habitantes nestas décadas (mesmo nalgún caso máis do 75%). Todo o espazo interior de Lugo e Ourense, así como as zonas máis orientais de Pontevedra e A Coruña próximas ás aliñacións das Serras Meridianas, e tamén nas proximidades da Costa da Morte, son entornos basicamente rurais sumidos nunha profunda crise poboacional. Na outra cara da moeda, pode significarse que moi poucas parroquias gañan poboación no período de referencia. Esta evidencia manifesta ás claras o proceso de redistribución e concentración do efectivo humano nos espazos urbano. Só as cidades e as parroquias máis próximas a estas, así como as vilas e cabeceiras de comarcas interiores, presentan valores positivos. Esta escala microespacial permite tamén precisar algunhas das afirmacións características das interpretacións xeográficas de Galicia. Curiosamente pódese identificar como moitas parroquias litorais (aquelas carecentes de dinámicas urbanas) perden poboación. A práctica totalidade do Barbanza, a marxe sur da Ría de Pontevedra, case toda a costa coruñesa (coa excepción das situadas no Golfo Ártabro), e tamén, con excepción das vilas, a liña costeira cantábrica presentan índices de caída poboacional. Obsérvase, por outra parte, como só as cidades, e as súas inmediacións, así como as cabeceiras de comarca interiores (Lalín, O Barco, Xinzo,...), medran en porcentaxes superiores ao 100%.

Reducindo a escala de análise a un exemplo concreto, de novo o Concello de Lalín, podemos ver como desde o 1960 ata o 1991 só 4 parroquias medran de poboación: o núcleo urbano e as limítrofes de Don Ramiro e Filgueira, xunto a outra máis, Prado, que neste momento gozaba de certo nivel de centralidade sobre o seu entorno rural próximo. O reforzamento da centralidade de Lalín sobre o seu entorno, acaba levándonos a un novo escenario, esta vez entre o 1991 e o 2008, en que só no casco de Lalín e na veciña Don Ramiro, se experimenta un aumento da base poboacional.

### 3. A parroquia na dialéctica urbano-rural

Como xa se puxo de manifesto, a orixe da parroquia parte dunha inicial motivación relixiosa de compartimentar o espazo. A partir de aquí e dun modo progresivo ao longo do tempo, vaise utilizar como marco de referencia para moi numerosas funcións, pasando a ocupar un posto significativo no modelo organizativo social e na estrutura territorial galega, que se mantén con forza ata mediados do século pasado. Será co inicio do proceso de urbanización a partir da década dos 1960, cando esta entidade comeza a perder protagonismo como ámbito referencial da cidade cotiá, tanto nas realidades rurais como nas urbanas. No primeiro caso, e tal como se aprecia no anterior apartado, o moi intenso baldeirado poboacional deriva nun parello esmorecemento da súa vitalidade tradicional. Mentres, nos espazos de natureza urbana ten lugar unha ocupación espacial que non contempla a compartimentación parroquial nin a súa funcionalidade, desenvolvéndose procesos de expansión que se superpoñen ás lindes preexistentes.

#### 3.1 Superación da parroquia no espazo urbano

Nos inicios do proceso de urbanización, a organización das cidades era máis ou menos clara, cunha diferenciación entre un espazo central e compacto, e un entorno rural circundante que mantíña unha clara tipoloxía campesiña. Os contrastes culturais, sociais, económicos, morfolóxicos ou infraestruturais eran nítidos. Na urbe podíase contar cos varias parroquias a partir das que se organizaba o culto da poboación cidadá. Tamén na proximidade dos cascos centrais identifícanse varias unidades parroquiais, moitas veces vencelladas ás ordes relixiosas (historicamente situábanse no alfoz máis inmediato e nas portas de entrada das cidades). Mentres, no espazo limítrofe dos concellos de cada cidade a vixencia e protagonismo destas unidades mantíñase practicamente semellante ao de calquera área rural. Esta situación pódese exemplificar en Santiago de Compostela. Neste caso no casco histórico, ademais da catedral, conviven varias igrexas que organizaban a vida relixiosa en base á proximidade física; correspondéndose os barrios máis próximos ao espazo histórico con antigos arrabaldes rurais cuxa toponimia mantén as advocacións tradicionais (San Lázaro, San Caetano, Santa Marta,...)

As fortes dinámicas de crecemento urbano posteriores aos anos 1960, levan implícito un intenso consumo de solo para facer fronte ás demandas residenciais e funcionais da poboación que a partir deste período se despraza a traballar e residir nas cidades galegas. Desde o punto de vista edificativo é o período de deseño das grandes “barriadas” que como Caranza, Coia, Vite,... van atraer a un gran continxente de persoas procedentes do conxunto do ámbito rural galego. A ampliación do espazo urbano faise a partir de lóxicas vencelladas á disposición dos eixes infraestruturais (fundamentalmente as vías de comunicación) e da acción duns poderes públicos e financeiros que tiñan que dar resposta a unha moi intensa demanda residencial. Nas últimas décadas proliferan novas modalidades de ocupación urbana, vencelladas en moitos casos á promoción de urbanizacións de vivendas unifamiliares que se localizan no rural próximo, dentro dunhas distancias curtas que permiten os movementos pendulares diarios. Este fenómeno mesmo alcanza os termos municipais limítrofes da cidade central, combinándose tanto complexos de relativa dimensión (Aldea Nova en Santiago, Xardín de Nos en Oleiros,...), cunha intensa proliferación de vivendas exentas que se espallan, en moitas ocasión sen orde nin concerto polo conxunto do espazo rural





Vilaboa (Culleredo)

circundante, non tendo en conta para nada a estruturación parroquial preexistente. Tamén as dinámicas urbanas dan lugar á aparición do que se poderían considerar como pequenas cidades dormitorio, como por exemplo Bertamiráns ou Milladoiro en Santiago, situadas en antigas localizacións rurais ben comunicadas. Ou tamén a anexións por continuidade física da propia cidade en concellos limítrofes. É o caso de Poio respecto a Pontevedra; de Narón respecto a Ferrol, de Culleredo respecto á Coruña... Ademais do espazo residencial, a ocupación espacial doutros usos como equipamentos sanitarios ou educativos, parques empresariais, actividades terciarias e/ou comerciais,... dan como resultado un crecemento do feito urbano sen precedentes nas últimas décadas.

Estas dinámicas de expansión, fanse dun xeito completamente independente da organización parroquial. Esta vese superada por uns procesos de ocupación do solo que se superpoñen e anulan a estrutura parroquial preexistente. Na cidade a parroquia non se entende como unidade de convivencia ou de relación social. Esta unidade pasa a ser o barrio, no que conflúen os intereses comúns dos seus residentes. Tamén nos espazos urbanos limítrofes de menor intensidade, os novos usos residenciais (urbanizacións, vivendas unifamiliares illadas,...) aséntanse sobre unha organización rural tradicional, ocasionando a convivencia sobre o mesmo espazo de dúas realidades sociais non integradas entre si, e que contan con lóxicas organizativas, culturais e espaciais diferenciadas. Mesmo moitos desenvolvemento urbanísticos unitarios se realizan sobre espazos pertencentes a varias parroquias, sen que estas fosen en absoluto consideradas. Ademais, toda a estruturación organizativa dos servizos públicos xestiónase á marxe da parroquia. O distrito urbano pasa a ser o marco de referencia para a organización municipal. Só naqueles concellos urbanos de gran superficie como Lugo ou Santiago, a parroquia, pese a ter perdido o seu carácter orixinal, se mantén aínda como referencia, aínda que moitos dos seus novos residentes manteñan unha baixa vinculación co que se entende como parroquia desde un punto de vista social e organizativo. Mesmo a nivel estatístico intraurbano o distrito substitúe á parroquia como ámbito de compartimentación interna. Certas publicacións, como o Atlas socioeconómico de Galicia, xa presentan información xeográfica dun xeito xenérico en base a esta unidade de referencia.

Un caso significativo que racha a situación xeral é o de Vigo. A pesar de ser a primeira cidade galega, aquí a parroquia mantén unha certa vixencia identitaria como base organizativa dos movementos veciñais e dalgunhas manifestacións culturais e deportivas (bandas de música, equipos de fútbol...). Aínda que tamén se pode identificar a convivencia de dúas realidades sociais sobre un mesmo espazo.


### 3.2 Pervivencia e crise no mundo rural

Pese á pervivencia formal da parroquia como compartimentación espacial, a fonda crise demográfica do rural galego, xunto coas novas pautas organizativas da sociedade, fixan unha tendencia de crise para o futuro inmediato. Sen dúbida, o risco máis importante que se detectará é que un número cada vez máis grande de parroquias se situarán nuns mínimos límites poboacionais, e cunhas estruturas demográficas fortemente envellecidas. Neste escenario o seu papel identitario, así como a organización territorial derivada, atópase fortemente ameazado.

A característica organización colectiva do rural galego en base ás parroquias, que rachou co afianzamento do proceso de urbanización das últimas décadas, implicaba que o marco parroquial era a base para unha gran parte das accións cotiás dos seus residentes. Mesmo os concellos se configuraron a partir dunha agregación de parroquias, que de ser unha referencia eclesiástica pasan a adquirir un protagonismo crecente na vida civil. Ademais das manifestacións colectivas de carácter cultural e económicos (festas, traballos en común,...), a parroquia é o marco para o reparto do correo, a distribución escolar ou a existencia de servizos e actividades artesanais. Na actualidade esta referenciación administrativa e organizativa está practicamente desaparecida, podendo exemplificarse esta situación en varios servizos e funcións públicas. Comezando pola utilización da parroquia como referente electoral, esta tende a diluírse entre a división organizativa de distritos e seccións. Os requirimentos estatísticos levan a que se fragmenten estas delimitacións, de tal xeito que para conformar as mesas electorais rurais agrúpanse lugares de varias parroquias, ou mesmo estas se fragmentan entre varias mesas, en razón fundamentalmente da proximidade. Esta situación é posible exemplificala en Lalín, onde os veciños dalgunhas parroquias como Val, Camposancos, Erbo, Zobra,... se reparten en diferentes mesas non coincidentes coa base parroquial.

Outra función pública de indubidable repercusión na vida cotiá é a fiscalidade vencellada aos Impostos de Bens Inmóveis (IBI). Neste senso o documento de partida, o catastro, fixa nas súas valoracións o gradiente económico do IBI tanto no ámbito rústico, como no urbano. No caso galego a presenza dunha categoría específica de solo, o solo de núcleo rural, introduce unha fiscalidade diferenciada á marxe das delimitacións parroquiais. Os valores fíxanse, non con base na parroquia, senón con base en criterios de mercado, derivados fundamentalmente da maior ou menor proximidade aos eixes comunicativos principais. De novo esta situación pódese exemplificar en Lalín, onde algunhas parroquias teñen diferentes valores fiscais dentro dos seus núcleos de poboación. Por exemplo, tanto Filgueira como Botos presentan ata catro valores diferentes (desde 3 euros/m<sup>2</sup> de tributación, ata 12). Tampouco desde o punto de vista urbanístico a parroquia como unidade territorial cumpre función ningunha. Neste caso a lexislación existente clasifica a meirande parte do espazo rural en rústico, de protección (con todas as súas derivacións), ou como solo de núcleo rural. Esta última categoría

Concello de Lalín. Parroquias, organización electoral e valores catastrais dos núcleos rurais



asóciase ás aldeas e lugares tradicionais de asentamento nos que é posible desenvolver a actividade construtiva residencial. A cualificación de cada tipo de solo faise á marxe por completo da estrutura parroquial, e esta só é tida en conta nos estudos complementarios como pode ser o caso do Estudo do Medio Rural.

O proceso de concentración escolar que se inicia nos anos 1970 e que fixa os novos colexios públicos nas capitais municipais, ou en parroquias de certa entidade e centralizade, implica de modo parello a progresiva desaparición das escolas unitarias. Este proceso descorre tamén parello co forte despoboamento que experimenta o rural galego nas últimas décadas, e que mesmo na actualidade pon en difícil situación a moitos centros situados en áreas rurais antigamente bastante poboadas, ou nalgunhas pequenas capitais de concello. Por exemplo, no Concello de Vila de Cruces cóntase cunha rede educativa formada por tres CEIP e un IES. Dous CEIP están en parroquias artelladoras de antigas áreas rurais bastante poboadas, Merza e Piloño, mentres outro se atopa na capital municipal. O CEIP de Piloño foi inaugurado no 1972 e chegou a ter máis de 300 alumnos, mentres no curso 2007-08 rolda os 70. Pola súa parte o de Merza, aberto no 1981 conta con só 25 alumnos, cando chegou a ter nos seus inicios unha matrícula superior aos 250 (o CEIP Nosa Señora da Piedade ten 202; o IES Marco do Camballón está tamén na capital municipal). Outro servizo público tradicional, o postal, tamén racha na actualidade con respecto ao pasado recente, a súa organización parroquial. Se ata finais dos anos 1970 moitas parroquias contaban con carteiros propios que daban servizo a esta (nalgún caso ás limítrofes máis próximas), nestes intres estase a aplicar un novo sistema polo cal moitos lugares, con independencia da parroquia, poden quedar sen reparto diario, tendo que desprazarse os seus veciños a un punto de centralización estático no que se depositarán os envíos postais.

No eido dos equipamentos comerciais privados, as tradicionais “tabernas”, a perda de funcionalidade da parroquia reflicte este proceso. Tomando como mostra a Lalín, A. López González afirma que as melloras na mobilidade individual e o conseguinte reforzo da centralizade do casco urbano, vencéllase directamente coa crise da estrutura comercial rural. Proba desta dinámica é que entre o 1970 e o 1999 pechan máis do 50% das tabernas rurais do concello. Se ampliamos este dato ao 2008, a dinámica agrávase ata case un 80% de perda. A día de hoxe nas 48 parroquias de Lalín só se contan con 14 tabernas que alternan a función de ultramarinos de proximidade coa de bar-lugar de ocio, fronte ás case 150 que o anterior autor estimaba no 1970. Ademais destes establecementos, no 2008 hai no termo municipal 27 locais clasificados como bares, pero que están concentrados en 3 parroquias que xeran centralidades secundarias no seu entorno próximo (Cercio, Vilatuxe e Prado), e nunha máis, Losón, que conta cun factor explicativo conxuntural: a localización do centro de peregrinación do Corpiño.

Os cambios económicos e nos sistemas de produción agraria teñen levado así mesmo a unha perda da referencia parroquial. Os antigos traballos colectivos en épocas concretas do ano (as mallas, as cavas do monte,...) son eliminados por unha forte mecanización que, ademais, substitúe a unha forza de traballo humana cada vez máis escasa. O baldeirado poboacional fai entrar nun declive paulatino a gran parte das manifestacións culturais máis arraigadas. Con excepcións significativas e meritorias, as festas parroquias, as agrupacións folclóricas ou deportivas, e mesmo a cultura oral, sitúase nunha senda de progresiva crise e desaparición.

Neste escenario albíscase unha posible situación futura na que a importancia da parroquia rural pode volver aos seus inicios, é dicir, a ser fundamentalmente unha compartimentación espacial de carácter relixioso. E mesmo neste caso a

situación pode tender a diluírse, pois non hai que esquecer o cada vez máis escaso número de sacerdotes (ademais do seu envellecemento), que está levando a que unha significativa porcentaxe destas non celebren culto dominical, ou mesmo este se leve a cabo por segrares.

## Conclusión

A parroquia como entidade territorial tivo en Galicia un papel moi significativo na organización da vida social e económica ata a década dos 1960. A partir de aquí, e co inicio do proceso de urbanización, a súa preeminencia comeza a diminuír á par das fondas transformacións económicas, sociais, culturais e espaciais que dito proceso introduce. A sociedade galega faise cada vez máis urbana nas últimas décadas, e as diferentes modalidades de ocupación territorial do feito urbano superpóñense á estrutura territorial parroquial, ata diluíla case por completo. Loxicamente é posible identificar notorias excepcións nas que a parroquia aínda é símbolo de identidade, pero cada vez máis tende a restrinxirse ao ámbito relixioso.

Igualmente nos entornos rurais o despoboamento das últimas décadas, xunto cos cambios funcionais e organizativos, fan perder protagonismo á parroquia. Esta xa non é referencia ineludible para a articulación de moitos servizos públicos, nin marco para manifestacións culturais e/ou sociais, nin unidade de relación económica. Tamén coas lóxicas excepcións, semella que a parroquia volta o seu primoxénito carácter de división espacial para a articulación do culto.

En ambas realidades a parroquia, que nace na Idade Media como elemento estruturante de natureza eclesiástica e que se afianza de modo progresivo como marco de referencia para a organización da vida social, política, económica..., non parece capaz de superar a incidencia que o proceso de urbanización, de modernización xeral da sociedade e o territorio galego en definitiva, ten sobre ela. Ata o punto de que se está a desprender do papel adquirido ao longo do tempo como unidade organizativa da sociedade, para contraerse de novo no seu carácter de división territorial relixiosa.



Xacebáns, Quintela de Leirado (Ourense)

## Bibliografía

- **Fariña Jamardo, J.** (1990), Os concellos galegos. Parte Xeral, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- **Fernández de Rota y Monter, J.A.** (director), Espacio y vida en la ciudad gallega, Universidad de A Coruña.
- **Lois González, R.C e Rodríguez González, R.** (1994), "O retroceso da poboación campesiña e a crise da vida parroquial en Galicia", Revista de Investigación Pontenova, nº 0, Deputación Provincial de Pontevedra.
- **López González, A.** (1999), Unha visión da Comarca de Deza desde o punto de vista do comercio. En Descubriendo. Anuario de Estudios e Investigación Deza, nº 1. Seminario de Estudios de Deza.
- **López Mira, A.X.** (2000), Un modelo de organización territorial para Galicia, Madrid, Ediciones UNED.
- **O'Flanagan, P.** (1996), Xeografía histórica de Galicia, Vigo, Xerais.
- **Precedo Ledo, A.J.** (1987), Galicia: estrutura del territorio y organización comarcal, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- **Rodríguez González, R.** (1997), La urbanización del espacio rural en Galicia, Barcelona, Oikos-Tau.
- **Souto González, X.M.** (1988), Xeografía Humana, Vigo, Galaxia.
- **Torres Luna, Mª P e outros** (1985), Geografía de Galicia, A Coruña, Boreal-Xuntanza.

# 10 O papel da organización parroquial na análise e na ordenación do modelo de asentamento poboacional

**Juan Luís Dalda Escudero**

Doutor Arquitecto. Urbanista

Profesor Titular da Universidade da Coruña

## 1. A insuficiencia da división administrativa

A organización administrativa do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia aséntase en dúas institucións territoriais: as provincias e os municipios, que veñen mantendo as súas delimitacións dende a súa creación no segundo terzo do século XIX, se ben algúns municipios se reuniron ou fragmentaron nunha porcentaxe minoritaria e atendendo a procesos locais. Os 315 municipios nos que se organiza actualmente a representación e administración local son, á súa vez, as circunscricións da planificación física: urbanística e territorial, mediante os Plans Xerais de Ordenación, instrumentos de planificación fortemente consolidados, que coexisten cunha continuada tradición dos programas sectoriais das administracións centrais do Estado e da Comunidade Autónoma. Ningunha das catro Deputacións Provinciais, organismos de representación local de segundo grao, ten desenvolvido experiencias continuadas de ordenación ou coordinación territorial, máis alá do exercicio da súas competencias exclusivas de planificación da rede viaria menor, ou de apoio aos municipios en obras e programas de desenvolvemento local, principalmente infraestruturais.

Os 315 municipios repártense entre as catro provincias cunha extensión media de 93,9 km<sup>2</sup>. Na provincia de Lugo, que ten 67 municipios, a media é maior, 147 km<sup>2</sup>, sendo as medias da provincia da Coruña, 85 km<sup>2</sup>; Ourense, 79,5 e Pontevedra 71,5, bastante semellantes. Os municipios, coa excepción dos urbanos, delimitáronse sobre estruturas territoriais anteriores, parroquias e outras circunscricións do Antigo Réxime, cun criterio de certa unidade en canto a superficie e tamén en canto ao volume de poboación. Así, en 1.900 a poboación de feito dos municipios rurais galegos ofrecía tamaños medios moi semellantes nas catro provincias: 6.200 habitantes na Coruña, 6.500 en Lugo, 4.300 en Ourense e 7.000 en Pontevedra, indicando que, con algunha probabilidade, a delimitación dos municipios efectuada por parte do Estado Central en Galicia realizouse co criterio de reunir circunscricións parroquiais en ámbitos definidos por umbráis de poboación, dando como resultado unha institución que, no territorio rural, non interpreta a estrutura mediterránea típica núcleo-alfoz, senón, salvo nas vilas, outra, a dun recubrimento federalizante moito máis artificioso. En todo caso, o fortalecemento político da territorialidade municipal na

democracia constitúe un feito notorio, non só nos municipios asociados ás cidades, vilas e áreas urbanas máis consolidadas, senón tamén nos amplos territorios da Galicia rural costeira e interior.

## 2. Relevancia, tradición estatística e caracterización estrutural da parroquia coma unidade territorial

A subsistencia en Galicia, como tamén en Portugal, da institución da parroquia ou freguesía, máis alá do seu enraizamento sociolóxico, manifesta a vixencia dunha circunscrición que conserva a súa capacidade estruturante como unidade territorial. Os Censos de Poboación consolidárona como Entidade Colectiva e, desde 1900, veñen dando información demográfica relevante neste ámbito, así como, con menor precisión pola incerteza da súa identificación, nos ámbitos das Entidades Singulares que compoñen a parroquia. Outros eidos da xestión da Administración Central consideraron igualmente importante a territorialidade parroquial e nuclear con anterioridade á descentralización autonómica: singularmente nos expedientes de formación do Catastro da Riqueza Rústica dos anos 50 e 60; e, de particular interese, nas cartografías e nos proxectos das Concentracións Parcelarias a partir da década dos sesenta. Pola dimensión catastral destes documentos e pola plena vixencia naqueles anos dos procesos tradicionais de poboamento e de explotación produtiva do territorio constitúense hoxe estas fontes coma rexistros de base para a investigación e a reconstrución da territorialidade capilar de Galicia, proceso que se presenta como posible no estado actual da técnica cartográfica; pero, sobre todo, necesario para completar co rigor necesario a ordenación territorial da Comunidade.


A parroquia de Carnoedo (Sada) delimitada polos seus límites parcelarios, Dalda (2000)

A delimitación espacial histórica da parroquia como ámbito de explotación dun territorio delimitado polo asentamento das células de poboamento de base, con usos do solo, sempre os mesmos, vinculados ao sistema de produción agrogandeira xeneralizado en Galicia, é plenamente coherente coa compartimentación topográfica do espazo. Nos amplos territorios de monte que envolven os núcleos de poboación e os seus prados e labradíos inmediatos, contéñense en xeral os límites dos territorios parroquiais. Unha característica estrutural das parroquias é a súa plena correspondencia co grao último de colonización e explotación do territorio, baseada nunha extensa rede capilar de cursos de auga. Sobre o final desa capilaridade delimitáanse os ámbitos dos territorios parroquiais.

Estatisticamente existían, con anterioridade ao Censo de 2.001, 3.797 circunscricións parroquiais, do que resulta unha media de doce parroquias por termo municipal. A súa distribución



espacial forma un mosaico non xerarquizado nas catro provincias. A superficie media da circunscrición parroquial é de 7,78 km<sup>2</sup>, resultando significativa a súa agrupación espacial por intervalos de tamaño. Por enriba de 20 km<sup>2</sup> delimítanse un conxunto de 195 parroquias de gran formato, que ocupan unha superficie de 5.547 km<sup>2</sup> (o 8,9% do total) e que se agrupan espacialmente en ámbitos xeográficos de elevada altitude e pendente. Correspóndense en xeral con extensas zonas de montaña e serra, con algúns enclaves nos macizos graníticos próximos á costa. No extremo oposto delimítanse un conxunto de 1.559 parroquias (o 41%) de formato pequeno, inferior a 5 km<sup>2</sup>, que se corresponden cunha superficie de 49,05 km<sup>2</sup> (o 16,6% do total) e agrúpanse espacialmente en torno aos principais sistemas de rías, pero tamén acompañan aos vales dos principais ríos e os seus afluentes, ocupando con continuidade o espazo das terras baixas e de menores pendentes, cunha notable articulación transversal entre a costa e o interior. A parroquia de pequeno formato preséntase envolvida por un conxunto de parroquias de medio formato, (entre 5 e 10 km<sup>2</sup>) que supoñen o 34,8% e ocupan 9.326 km<sup>2</sup>. Estas, conxuntamente coas de pequeno formato, presentan unha imaxe espacial que se corresponde cun amplo sistema antigo de colonización en relación coa produtividade da terra para a súa explotación polo labradío. En certa forma, a extensión da parroquia sería inversamente proporcional á produtividade agraria e, xa que logo, en orixe, ao volume de poboación e ao número de asentamentos celulares.



A circunscrición parroquial resulta ser unha tipoloxía espacial absolutamente necesaria para a análise e o entendemento do modelo de asentamento poboacional de Galicia en termos morfolóxicos e estruturais, e non debe entenderse soamente como nunha entidade territorial residual ou vinculada exclusivamente á ruralidade. A súa vixencia e dinamismo nos arredores das maiores cidades constitúe unha clave explicativa das formas contemporáneas de urbanización difusa.



A visión municipal dificulta a lectura da entidade e o papel das cidades na organización, xerarquía e dinámica do desenvolvemento territorial. Convencionalmente defínense como cidades os territorios municipais identificados cos sete asentamentos urbanos incuestionables, é dicir, as catro capitais de provincia: A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense, e as cidades de Ferrol e Santiago de Compostela, na provincia da Coruña, e Vigo na de Pontevedra. O volume de poboación de dereito destes sete municipios era, no ano 2.000, de 974.547 habitantes, representando o 35,77% da poboación de Galicia. O territorio adscrito a estes termos municipais é de 979,17 km<sup>2</sup>, representando tan só o 3,3% do total do territorio de Galicia. Este dato manifestaría por si mesmo a insuficiencia de identificar o fenómeno urbano coas sete cidades-municipio; xa que logo, o feito urbano contemporáneo desborda, tanto en extensión como en poboación, estes sete municipios.

Aínda máis, a extensión e composición interna dos territorios dos sete grandes municipios urbanos presenta notables disimilitudes. A súa media de superficie é de 140 km<sup>2</sup>, e a de densidade é de 995 hab/ km<sup>2</sup>. Coexisten municipios moi extensos: Lugo, con 330 km<sup>2</sup> e 268 hab/ km<sup>2</sup>, e Santiago, con 220 km<sup>2</sup> e 426 hab/ km<sup>2</sup>; co municipio da Coruña, de extensión moi reducida, 38,2 km<sup>2</sup> e elevadísima densidade estatística, 6.329 hab/ km<sup>2</sup>, moi superior á do municipio de Vigo, que ten 105 km<sup>2</sup> e 2.716 hab/ km<sup>2</sup>. A disimilitude no tamaño e densidade dos maiores municipios impide ler adecuadamente a dimensión dos ámbitos compactos das cidades centrais, obrigando a considerar a circunscrición parroquial tamén nestes municipios. Así, na Coruña, o número de parroquias periféricas dentro do termo municipal redúcese a catro, rodeando a unha central identificada co núcleo, casco urbano ou cidade compacta; mentres que en Vigo o núcleo urbano central se atopa rodeado de 17 parroquias de apreciable extensión e volume poboacional que, morfoloxicamente, constitúen coroas de territorios onde se inicia a formación da urbanización difusa. De forma parecida, nun nivel intermedio, Ourense, con 16 parroquias periféricas e Ferrol, con 11 parroquias periféricas, presentan ambas fenómenos de periferia difusa nos seus respectivos termos municipais; mentres que Santiago, con 26 parroquias periféricas, Pontevedra con 16 e Lugo con 54, presentan, dentro dos seus respectivos termos municipais, extensos ámbitos periféricos difusos en transición cara a parroquias de características morfolóxicas máis tradicionais, mesmo socialmente rurais.

No ámbito do municipio de Vigo a diferenciación das formas de urbanización compacta e difusa permite ilustrar algún dos feitos máis salientables da súa estrutura urbana. O territorio actual do municipio de Vigo formouse no século XX pola anexión dos termos municipais de Bouzas e Lavadores ao municipio central de Vigo, orixinariamente formado polas parroquias de Castrelos, Freixeiro, Matamá, Sárdoma e Vigo. Estas anexións e o carácter recente, explosivo e relativamente pouco ordenado do seu desenvolvemento urbanístico definen unha fasquía espacial singular ao respecto das cidades compactas galegas, mais paradigmático en relación ás formas de urbanización difusa do sur de Galicia e Norte de Portugal.

En Vigo aínda é frecuente, mesmo en documentos urbanísticos producidos polo Concello, caracterizar como *o rural* o conxunto de feitos espaciais que non se corresponden coa cidade convencional, senón coas parroquias que manteñen, en todo caso, unha forte presenza e arraigo social, veciñal e paisaxístico nun territorio fortemente costaneiro e topograficamente complexo. En Vigo a dificultade de superar o val de Fragoso condicionou un desenvolvemento urbano lineal cinguido ao litoral que deixou ata agora sen resolver de todo a relación de cidade central con boa parte dos seus barrios e aldeas.

En concordancia con estudos e plans urbanísticos realizados na década dos noventa, o territorio municipal de Vigo pode subdividirse en tres grandes ámbitos: a cidade central, a periferia e as parroquias exteriores. A cidade central é un ámbito denso e continuo, predominantemente compacto. Concentra o 75% da poboación municipal e mantén unha dinámica positiva. A periferia da cidade central é un conxunto formado polos barrios con orixe nas parroquias de Teis, Lavadores, Sárdoma, Castrelos, Matamá, Comesaña, Navia e Alcabre. Morfoloxicamente heteroxéneo, trátase dun tecido mesturado con maior orde territorial que urbano, estado de urbanización aínda incompleto, mestura de usos terciarios e industriais con residenciais, e forma de edificación de diversas tipoloxías. A súa incoherencia paisaxística é notable. Trátase dun exemplo de periferia urbana difusa onde as políticas urbanísticas non foron quen a entender e orientar o seu desenvolvemento, nin de acordo coa morfoloxía territorial de orixe nin tampouco de implantar proxectos urbanos capaces de frear o espontaneísmo na construción individualizada e fragmentaria. As formas de urbanización e de cidade difusa maniféstanse aquí en toda a súa ambigüidade e contradición, reclamándose unha orde paisaxística e ambiental capaz de afrontar unha síntese entre a identidade do orixe e a modernidade como calidade urbana.

Máis aló da periferia localízanse a orla das parroquias exteriores de Candeán, Cabral, Bembrive, Beade, Zamáns, Valadares, Coruxo, Oia e Saiáns. A meirande parte dos territorios destas parroquias delimitáanse sobre os vales secundarios dos regos que forman a cunca hidrolóxica do río Lagares, incorporando á súa delimitación espazos de monte, labradío e prados segundo o modelo canónico das parroquias galegas. Mais o seu tamaño demográfico, a súa densidade e evolución edificatoria e sociolóxica non se encadran na súa caracterización funcional rural (a agricultura é un feito residual ou simplemente de complemento hortícola, non existe gandería) senón que reclaman outras categorías e conceptos espaciais. A xeografía urbana adoita definir estas áreas coma periurbanas ou rururbanas, mais estes conceptos son ambiguos e dependentes do paradigma rural-urbano; dun tempo onde o rural fica identificado coa actividade primaria e o urbano coa actividade industrial e de servizos. Responde esta concepción aos tempos e tendencias presentes?



Os ámbitos espaciais das parroquias do municipio de Vigo. Dalda (2001)

Considerando o tamaño e densidade destas parroquias, o tipo de actividade da poboación residente, o estadio material da urbanización e a dinámica e tipoloxía edificatoria destes territorios poden poñerse a discusión dende a disciplina urbanística outros conceptos complementarios que sexan útiles na perspectiva da ordenación destes espazos territoriais, considerándoos en toda a súa complexidade e potencialidade de desenvolvemento. O tamaño demográfico destas parroquias é grande, entre 5 ou 10 veces a media estatística das parroquias rurais. Salvo Saiáns e Zamáns superan os 3.000 habitantes, salientando Cabral (7.400), Bembrive (4.800), Beade (5.200) e Valadares (4.800); o que se manifesta en densidades elevadas que indican a notable capacidade de acollida e desenvolvemento interno das vellas tramas camiñeiras do sistema polinuclear das aldeas. Pois, en efecto, este desenvolvemento manifesto en recrecidos, ocupación de parcelas vacantes, extensións á beira de camiños e estradas véñse producindo sen alterar substancialmente a orde territorial do sistema tradicional de usos do solo: monte-labradío-prado-aldeas.

Por outra banda, apréciase un desenvolvemento da urbanización local relativamente coherente co medio. Trátase máis dun acondicionamento da malla viaria que dunha alteración da mesma, mediante actuacións de abastecemento, saneamento e pavimentación, que, ben que modestas e en xeral ausentes da calidade, téñenlle permitido á planificación urbanística a clasificación como solo urbano dos ámbitos nucleados destas parroquias. Finalmente, os tipos das edificacións actuais non son unicamente os propios do medio rural. Son en xeral de vivenda unifamiliar convencional, con programas adaptados á condición urbana dos usuarios, ben que cunha arquitectura en xeral descualificada e ruralizada, con menor control que nas urbanizacións sometidas á fiscalización administrativa.

O conxunto destas parroquias exteriores de Vigo tiña unha poboación de 35.000 habitantes en 1.991, a oitava parte da poboación municipal: a súa tendencia demográfica na década intercensal anterior era asemade positiva, un 3,6%. A actividade da poboación residente está claramente vencellada a feitos urbanos, é a propia dun conxunto maioritariamente de traballadores por conta allea cunha porcentaxe significativa de autónomos, non dunha poboación agraria. Seguir considerando como *o rural* estas parroquias exteriores implica trasladar ao territorio periférico un estatuto de inferior rango ao de cidade. É unha actitude alusiva cara á atención das necesidades que xera o desenvolvemento dos dereitos e deberes contemporáneos da cidadanía: necesidade de vivenda económica, implantación e dotación de todos os servizos públicos de competencia municipal, disciplina fiscal e urbanística, etc. Reclamar *sensu contrario* un estatuto de urbanidade para estes territorios afirmaría un principio de cidadanía que obrigaría asemade a integrar, nunha perspectiva de rigor ambiental e planificadorio, as formas de urbanización difusas coas compactas.



Paisaxe da periferia urbana de Vigo. Dalda (2001)

Paisaxe da periferia urbana de Vigo. Dalda (2001)



### 3. Parroquia e núcleo rural. Unha tradición da regulación urbanística galega desde 1.985

A Lei 11/1.985 de Adaptación da do Solo a Galicia constitúe o primeiro marco regulador urbanístico onde se desenvolve a facultade establecida no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de atribuír á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do urbanismo. En consecuencia, esta Lei, configurada limitadamente como de *adaptación* ao réxime xurídico xeral, aborda algunhas cuestións propias da conformación específica do territorio, designadamente a do axeitado tratamento urbanístico dos máis de 30.000 núcleos de poboación inferior a 500 habitantes identificados (dos que o 70% son de menos de 50 habitantes) en 1981.

A este respecto introduce tres novidades metodolóxicas que tiveron certa transcendencia e continuidade nos desenvolvementos legislativos posteriores:

- O Estudo do Medio Rural;
- O tratamento urbanístico mediante a clasificación do solo dos pequenos núcleos;
- O establecemento dunha vontade de ordenación pormenorizada dos pequenos núcleos mediante Plans Especiais.

O Estudo do Medio Rural non é soamente un documento abocado á consideración no planeamento do medio físico e natural, senón que introduce a problemática específica do territorio, da parroquia e dos núcleos rurais, mediante o complementario Análise do Modelo de Asentamento Poboacional

*“ó obxecto da súa preservación ou mellora, definindo os elementos que o constitúan, destacando, ó menos, a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación existentes e a súa relación co medio natural e productivo”.*

O espazo da parroquia na ordenación urbanística-territorial fica así claramente definido, e ben relacionado coa dimensión funcional e estrutural dos pequenos núcleos cara á conservación ambiental do territorio.

A regulación urbanística dos *núcleos rurais existentes* é pragmática e flexible, atribuíndo ao planeamento municipal a capacidade de clasificar o solo dos núcleos

como urbano, urbanizable ou non urbanizable, segundo os casos. Deste xeito a Lei distingue o estatuto morfo-xeográfico do núcleo (recoñecemento) do urbanístico-planificadorio (ordenación). Este método encontrou no planeamento municipal algunhas interpretacións útiles á hora de encaixar na cidade *estendida* a dimensión urbanística da nucleación territorial. Pero a Lei non permitiu abordar ningún elemento ordenador relevante de rango supramunicipal, capaz de interpretar e integrar a nucleación no marco dun modelo de ámbito rexional ou comarcal, para enfrontarse coa fragilidade do territorio como recurso, establecer as necesarias cautelas dimensionais en relación ao equilibrio urbano-rural; en definitiva, formular a dimensión ambiental no planeamento.

Neste aspecto, a regulación do *núcleo de recente formación* tense demostrado perversa na súa aplicación, producindo efectos contrarios aos pretendidos. Asemade, a regulación de indicadores para modificar a clasificación do solo mediante o *Plan Especial de Mellora do Medio* desnaturalizou parcialmente a pretensión ordenadora deste. Pero o máis grave sería a práctica e xeneralizada regulación para a tolerancia da edificación illada e dispersa no solo non urbanizable. Os máis de vinte anos transcorridos demostrarían (concentracións parcelarias incluídas) o negativo desta permisividade, o seu enraizamento sociolóxico e cultural, a insolidariedade e insustentabilidade deste modelo, a confusión entre o “urbanismo para edificar” e o “urbanismo para urbanizar” que caracteriza a ideoloxía de boa parte dos electos locais e do público propietario.

A Lei 1/1.997 do Solo de Galicia constitúe, respecto á de Adaptación, un indubidable paso atrás en termos xerais. Concibida en plena etapa desreguladora e liberal, improvisa figuras cando menos pouco rigorosas coma o *solo rústico* (non urbanizable) *apto para urbanizar* e crea unha figura de planeamento nova, a dos *Proxectos de Ordenación do Medio Rural*, de dubidosa aplicación práctica, ao ser concibida para supostos de baixa complexidade urbanística.

A Lei do 97 non presenta novidades a respecto do Estudo do Medio Rural e do Modelo de Asentamento Poboacional, e remite as cuestións de ámbito territorial, supramunicipal ou comarcal, ás figuras de planeamento enmarcadas na Lei 10/1.995 de Ordenación do Territorio de Galicia.

Pero a súa contribución máis transcendente habería de ser acuñación dunha nova clase de solo, o solo de núcleo rural. Definido como unha categoría morfo-xeográfica identitaria, caracterízase funcionalmente pola súa *especial* (sic) vinculación coas actividades do sector primario, para, a continuación esixírselle, para autorizar calquera clase de edificación, a dispoñibilidade dos servizos propios do solo urbano. De feito é un solo urbano.

#### EVOLUCIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO NA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA. 1.956-2.004

1956. LRSOU (Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana)	SU (Suelo Urbano)	SRU (Suelo de Reserva Urbana)	SR (Suelo Rústico)	
1975. (LRSOU) 1976. (Texto Refundido)	SU	Suble_P (Suelo Urbanizable Programado) Suble_NP (Idem No Programado)	SNU (Suelo No Urbanizable)	SG (Sistemas Generales)
1985. LASGA (Lei de Adaptación da do Solo a Galicia)	SU	Suble_P Suble_NP	SNU	NRE (Núcleo Rural Existente)
1997. LSG (Lei do Solo de Galicia)	SU_C (Consolidado) SU_NC (Non Consolidado)	Suble_S (Sectorizado) Suble_NS (Non Sectorizado)	SR_C (Solo Rústico Común) SR_EP (Id. de Especial Protección) SR_AU (Id. Apto para Urbanizar)	SNR (Solo de Núcleo Rural)
2002 e 2004. LOÚPMRG (Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia)	SU_C SU_NC	Subel_D (Delimitado) Subel_ND (Non Delimitado)	SR_PO (de Protección Ordinaria) SR_PE (de Protección Especial)	SNR_D (Solo de Núcleo Rural_Delimitado) SNR_AE (Id. Área de Expansión)

O máis sorprendente é a aparente seguridade do lexislador para unificar a diversidade do conxunto de asentamentos territoriais de Galicia nunha simple categoría, sen establecer ningún parámetro urbanístico como fundamento de tal decisión, pensando quizais en que nos miles de núcleos da Galicia de influencia urbana non pasa nada *especial* que non sexa a *especial* vinculación coas actividades do sector primario. Non hai por que preocuparse. En realidade non se trata dun discurso filtrado por teoría xeográfica ou práctica urbanística ningunha. Trátase máis ben dun xesto xurídico-formal, que demostraría o lonxe que, nesta altura, se ten chegado no ninguneo da cultura do planeamento.

Por estas e outras razóns, nunca aclaradas politicamente, a Lei 9/2.002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (e a súas Modificacións derivadas da Lei 15/2.004) saldan de novo a cuestión, dando nova forma á redacción da clase de solo de núcleo rural. Trátase agora dunha categoría unicamente morfolóxica, non referida necesariamente ás actividades do sector primario, pero (iso si) “*vinculada coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico*”. Racional e máis racional. Pero, quen define xuridicamente a racionalidade? A continuación, e para toda Galicia por igual, os criterios e parámetros de delimitación dos núcleos e as súas áreas de expansión son uniformes, metricamente constantes e baseados na identificación de todas e cada unha das edificacións tradicionais.

En só cinco anos e sen mediar explicación ningunha, pasouse dunha definición ideolóxica pouco precisa a unha completamente regulamentista, sen fundamento en análise de planeamento ningún. Pero agora a prédica baséase nunha ideoloxía protectora do medio rural, que na práctica é de imposible administración, porque aínda non se ten definido que cousa é, aos efectos da ordenación urbanística, o medio rural; contribuíndose desde a Lei a unha confusión xeneralizada entre *o territorial*, como ámbito de crecente influencia e expresión de intereses, mercados e formas de vida urbana, periurbana ou suburbana, e *o rural*, como expresión dun modo de vida agrario que esmorece preocupantemente.

Pero, diríase, a cuestión do urbano e o rural hai que distinguila e ordenala na escala e coa metodoloxía propia da ordenación do territorio. Certo, xa desde 1995 a Comunidade Autónoma dotouse dunha Lei de Ordenación do Territorio propia. Mais é esta unha Lei que fai explícita a súa desconfianza respecto do planeamento urbanístico e que non contempla a participación dos Concellos na redacción dos instrumentos de ordenación supramunicipal. Non sorprende que en máis de doce anos de vixencia desta Lei non se teña producido ningún documento de planificación territorial, nin sequera a nivel diagnóstico; que a redacción de Directrices Territoriais tivese un inicio tan tardío ou que da Lei só se utilizasen algúns dos seus Instrumentos Sectoriais. Por certo, na Lei 10/1.995 de Ordenación do Territorio non se contén mención ningunha á parroquia.

Pola súa parte, a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural avanza significativamente nas medidas cautelares cara á preservación dos usos propios do solo rústico fronte á súa invasión por construcións illadas ou dispersas; enriquece o Estudo do Medio Rural e do Modelo de Asentamento Poboacional e introduce criterios e documentos de Sustentabilidade Ambiental no planeamento. A aplicación ultrarrigorista da Lei por parte dos seus actuais administradores (que, no seu momento, non lle outorgaron o voto) permite quizais albiscar un futuro de certa permanencia a respecto destas últimas consideracións.

## 4. Conclusións

Na interpretación e análise do territorio de Galicia (en continuidade co do Norte de Portugal) a consideración da parroquia como unidade estrutural e morfolóxica constitúe un feito notorio e seminal, no que cómpre avanzar ata a completa reconstrución e perfeccionamento do mapa parroquial, identificando con precisión as lindes das parroquias e os lugares, xerarquías e límites físicos dos asentamentos celulares de base; e trasladando os seus resultados á cartografía e censos oficiais.

Este proceso de identificación territorial sería relativamente independente e autónomo do paradigma rural-urbano, e tería asemade a meirande importancia nas periferias urbanas; xa que logo, a parroquia mantense coma unidade ecolóxica de compartimentación do espazo, expresada nas trazas territoriais e na organización básica dos grandes usos do solo. Esta inercia estrutural é aínda explicativa á respecto dos fenómenos de desagrarización-suburbanización, que caracterizan nas últimas décadas a emerxencia ou consolidación de formas de urbanización ou de cidade de baixa densidade, enmarcables no paradigma da cidade difusa.

A respecto da ordenación territorial e urbanística destes fenómenos, baseados na parroquia como marco territorial de pormenor e nos pequenos núcleos como material celular, cómpre recoñecer e mellorar os esforzos normativos reguladores realizados desde 1985; como tamén a radical insuficiencia dos resultados acadados tanto na protección, coma, sobre todo, na ordenación con proxección de futuro do complexo sistema de asentamentos inseridos nunha paisaxe singular que caracterizan a Galicia.

Probablemente a confusión entre *recoñecemento* (con forte énfase identitario, nostáxico e conservacionista) e *ordenación* (con excesivo acento recente nos aspectos máis cuantitativos do desenvolvemento) precise dun esforzo de síntese renovado e culto, distante do cortopracismo e da excesiva proximidade dos axentes e actores, para seren entendido e experimentado nun marco territorial máis amplo. A condición de confiarlle á planificación e ás súas disciplinas máis rigorosas a confianza, parece unha premisa razoable.

## Bibliografía

- Dalda, J.L. (2000) "Carnoedo. Forma e identidade territorial dunha parroquia das Mariñas coruñesas". <http://www.coag.es/proxectoterra>.
- Dalda, J.L. (2001) "Vigo Cidade Difusa". <http://www.coag.es/proxectoterra>.
- Dalda, J.L. (2004) PROXECTO TERRA, Vol. 3. IDENTIDADE TERRITORIAL, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Dalda, J.L., Docampo, M.G., Harguindey J.G. (2005) *Cidade Difusa en Galicia*, Xunta de Galicia, CPTOPT.

# 11 Estrutura territorial e vilas “estrada” en Galicia

**Carlos Nárdiz Ortiz**

Doutor Enxeñeiro de Camiños, Portos e Canles  
Profesor Titular da Universidade da Coruña

## 1. Introducción


A importancia que historicamente tivo o medio rural en Galicia maniféstase aínda hoxe polo feito de que case a metade dos núcleos recoñecidos de España polo INE están en Galicia. As maiores densidades de asentamentos prodúcense en torno ás periferias das grandes cidades (respondendo a formas históricas de ocupación destes territorios cunha base xeográfica), ou ás franxas urbanizadas entre estas, chegando a densidades de dous asentamentos por Km<sup>2</sup>, mentres que as menores densidades de asentamentos, mesmo menores de 0,5 entidades de poboación/Km<sup>2</sup>, coinciden coas zonas do interior de Galicia e as áreas de montaña, que sofren perdas constantes de poboación a favor das vilas, e as sete cidades coas que se identifica o sistema urbano de Galicia. Os procesos de difusión urbana actuais en torno ás periferias das cidades, e incluso á periferia das principais vilas (algunhas das cales poden considerarse hoxe como cidades, coa absorción crecente dos anteriores núcleos do rural), fan que a delimitación tradicional dos núcleos de poboación, non poidan xa apoiarse nas entidades históricas nas que se apoiara o nomenclátor do INE.

A unidade básica para entender a estrutura tradicional do rural é a aldea. Os

distintos tipos de aldeas: *aldeas cerradas* (con casarío claro ou denso), *aldeas de estrada*, *aldeas en enxame*, foron analizados por Niemeier en 1934, relacionando o tipo, a situación e o tamaño das aldeas coas superficies cultivables. Aldeas distantes e cerradas nas zonas altas e áreas de montaña, maiores densidades de asentamentos de



Tipo de plantas de aldeas (Fariña Tojo 1980). Fotografía de Barizo





poboación nas áreas de relevo pouco acentuado, onde xunto ás aldeas cerradas aparecen agrupamentos de aldeas en enxame (rueiros, rúas) de máis recente formación. Niemeier facía xa mesmo daquela distintas consideracións sobre o proceso de diseminación con vivendas illadas, chegando á conclusión de que as estradas revolucionaran o cadro de poboación en Galicia.

Investigacións posteriores sobre a orixe, a distribución e a morfoloxía das aldeas, foron as de Bouhier (1979), que identificaba distintas estruturas morfolóxicas segundo se tratase do litoral ou do interior, e relacionando este tipo de asentamentos coa franxa atlántica europea, coa diferenza de que nas rexións de Francia, Irlanda e Escocia, se trata de formas fósiles, mentres que en Galicia están vivas conferíndolles un grande valor etnográfico, arquitectónico e paisaxístico.

Desde o punto de vista morfolóxico, a clasificación de Niemeier, ampliouna José Fariña Tojo (1980), con outras formas de asentamentos intermedias, *aldea nuclear*, *polinuclear*, *en nebulosa*, relacionando as aldeas en enxame coa parroquia. Desta maneira, propuxo distintos tipos: *aldea nuclear con casarío denso*, *ou con casarío claro*, *aldea polinuclear en nebulosa*, *parroquias en enxame con aldea nuclear*, *parroquias en enxame*.

A parroquia como célula base da sociedade rural en Galicia, foi defendida historicamente (Fariña Jamardo, 1975), e incluso Castela explicaba a transformación das *villae* romanas (extensas propiedades compostas polas terras explotadas directamente por un propietario, o villicus) en parroquias, polo paso das terras e colonos ou freguesías dentro dos lindes das vilas, conservando incluso o nome do anterior propietario.

Sobre a importancia que segue tendo a base parroquial para o entendemento das estruturas territoriais do rural, séguese investigando en Galicia como amosa o proxecto no que se inclúe este artigo. A delimitación das parroquias, que engloban varias aldeas históricas, ten un punto de referencia no edificio da igrexa, construída maioritariamente no século XVIII, que aparece marcando o lugar, e na que se integra o propio cemiterio. Os límites identificables polos propios veciños, coincidentes con marcos das súas propiedades ou con vías de comunicación, forman parte aínda da imaxe colectiva da Galicia rural, que desde a xeografía se tratou de trasladar a cartografía recente como a que recollen Torres Luna, M<sup>a</sup> e Pazo Labrador, A. no libro *Parroquias y Archiprestazgos de Galicia* (1994).

O chanzo superior na escala xerárquica de asentamentos rurais en Galicia, constitúeno *as vilas*, cun significado que cambiou co tempo e que hoxe fai referencia ás vilas como estruturas claramente urbanas. A base da vila de orixe medieval era a aldea de maior tamaño que empezou adquirindo funcións centrais, por concentrárense nesta as feiras, os mercados e outros servizos como os relativos á administración de xustiza. As vilas caracterízanse en Galicia por seren núcleos de poboación de 500 a 2.000 habitantes, aproximadamente. Asentamentos, por tanto, maiores cás aldeas, nos que se dan funcións permanentes e periódicas (feiras, mercados rurais), así como servizos básicos (educación, sanidade, administración) cunha área de influencia local.

O chanzo superior, previo ás cidades, constitúeno hoxe as vilas. Otero Pedrayo (1926) consideraba as vilas como pequenas poboacións de diferente estilo, que sen chegar a ser cidades, presidían o radio máis ou menos extenso dunha comarca, sendo difícil distinguilas exactamente da aldea e da cidade, que son as categorías entre as que se establecen. O crecemento que se produciu das vilas en Galicia, á parte das consideradas históricas, cos seus centros históricos recoñecibles e a súa

estrutura urbana (Betanzos, Noia, Muros, Allariz, Mondoñedo, Viveiro, etc), con vilas de nova creación en torno ás estradas do XVIII e XIX (Ordes, Carballo, Vimianzo, etc), obxecto deste artigo, fan que as súas características sexan claramente urbanas. O seu papel de polos ou centros comarcais puxérono de manifesto distintos autores como Precado Ledo (1987), Román Rodríguez (1997).

## 2. As estradas dos séculos XVIII e XIX

O que se inicia a mediados do século XVIII, con mellor ou peor fortuna, é unha transformación total da rede viaria anterior de camiños de ferradura e de roda que comunicaban os núcleos de poboación, con novos trazados, dos que ficou a riqueza dos planos nos que se apoiarán os proxectos, e as características técnicas coas que se construíron as primeiras estradas modernas.

No libro *“El Territorio y los caminos en Galicia. Planos Históricos de la Red Viaria”* (Carlos Nárdiz, 1992), recóllese o estudo dos camiños reais de Galicia proxectados e construídos na segunda metade do século XVIII, recollendo así mesmo as súas características construtivas e de trazado, e a cartografía na que se apoiaron as decisións do proxecto. O *“camino Real de Galicia, entre Madrid y La Coruña”*, era un dos seis camiños radiais recollidos no R. D. de 1761, cun trazado (con aliñacións rectas, crebas en ángulo e pequenos radios de xiro adaptados á topografía) que seguía os tratados teóricos da época. O abandono da traza anterior, en función das novas condicións de transporte, supuxo novos accesos ás cidades (como no caso da Coruña, polas estradas de Eirís e Fisterra) ou circunvalacións como no caso de Lugo, bordeando o espazo da muralla.


Ademais do Camiño Real de Madrid á Coruña, na segunda metade do XVIII, en Galicia, proxectáronse e, en grande parte, executáronse o *“camino Nuevo de La Coruña a Santiago”* (coa modificación do paso anterior do camiño medieval, entre Canedo e Ponte Sigüeiro) no que se apoiará a formación da vila de Ordes; o *“camino transversal de Santiago a Pontevedra”* no que se apoiou a extensión urbana das vilas de Padrón e Caldas de Reis, o *“camino de Pontevedra a Ponte Sampaio”*, que circunvalou a cidade de Pontevedra, convertendo en camiño de ronda. Ademais proxectouse o *“camino transversal de La Coruña a Bergantiños”* do que só se executou o primeiro tramo ata a aldea de Foxo, en torno ao que se formou a vila de Arteixo.

Aínda que a aproximación ás transformacións do territorio derivadas da construción das estradas non pode realizarse exclusivamente desde a base física, (coa consideración exclusivamente de argumentos funcionais ou construtivos), sendo fundamental inscribilas no marco económico e social, a aproximación resumida que acabamos de facer ás transformacións das estradas en Galicia na segunda metade do XVIII, é válida tamén, para entender o que significou desde o punto de vista territorial, a construción das estradas a partir dos anos 30 do século XIX.

Nos Arquivos das Xefaturas Provinciais de Estradas consérvanse centos de proxectos de estradas e de pontes, realizados por enxeñeiros de camiños aparentemente descoñecidos, que realizaron o seu labor profesional con cambios nos distritos e xefaturas asignadas, estivo dedicado ao proxecto e á construción das estradas de primeira, segunda e terceira orde. Estes proxectos teñen un grande valor documental, non só por relacionarnos coas características técnicas das estradas proxectadas e construídas, senón tamén por incluír os primeiros levantamentos cartográficos das franxas territoriais e dos núcleos atravesados

polas estradas, a partir dos cales podemos entender mellor hoxe o territorio urbano e rural transformado despois pola construción das estradas.

No século XIX, a través dos proxectos de estradas, relacionámonos coas limitacións da cartografía existente, dos planos previos a nivel estatal, rexional e provincial, cos que se establecían as prioridades de construción en función da súa xerarquía e características (como no caso do Plano da Provincia da Coruña de Celedonio de Uribe), coa normalización das estradas polas distintas leis, desde a lei de 1851, que clasificaba as estradas en xerais, transversais, provinciais e locais, ata a lei de 1857, que transformou a clasificación en estradas de primeira, segunda e terceira orde, con anchos de calzadas respectivamente de 5,50, 5 e 4,5 m. Esta clasificación manterase ata a lei de 1974, para as estradas do Estado.



Traza da estrada Portobelo a Malpica por Órdes e Carballo. Século XIX  
 --- estradas en construción nos anos 60 do século XIX  
 — estradas en proxecto

A importancia das estradas do XIX (co precedente das do XVIII) na definición de novas accesibilidades e na construción do territorio, ponse de manifesto no papel que desempeñaron na transformación das estruturas urbanas das vilas ou cidades (con variantes respecto ao paso dos anteriores camiños), onde as principais rúas seguen sendo en moitos casos as estradas construídas no século XIX; ou na construción de novos núcleos ou vilas, en torno ás novas accesibilidades producidas polas estradas, como acontece en Galicia con vilas como Carballo, Vimianzo, Ordes, Laracha, etc, a maiores das formadas en torno ás estradas do XVIII, con núcleos como Ordes, Arteixo, etc, con formas de travesías, que comentaremos con maior detalle despois.

### 3. As transformacións morfolóxicas do rural e as estradas

Os procesos migratorios, a partir dos anos 60, despoboaron grande cantidade de aldeas e parroquias do interior, que o retorno da emigración, nos anos 80, non detivo, por concentrarse nas vilas e cidades. Na proximidade das áreas urbanas, a prolongación dos servizos urbanos, a transformación das condicións de accesibilidade, apoiadas antes en camiños rurais, e hoxe en vías municipais asfaltadas ou en novas vías abertas pola concentración parcelaria, determinan na



Vimianzo. Superposición da estrada do século XIX de Vimianzo a Camariñas sobre o anterior parcelario rural

paisaxístico, ten a súa contraposición no abandono crecente das estruturas agrarias e gandeiras, nas que se sustentaba a poboación do rural nas áreas do interior.

A análise das transformacións do medio rural, alén dos cambios de poboación e das formas de explotación do solo, estivo asociada en Galicia ao estudo morfolóxico dos asentamentos rurais, onde a maiores da súa xénese histórica (coa asociación entre castro-aldea e vila-parroquia) que xustifica os asentamentos dispersos actuais e a importancia do medio rural, os distintos intentos de establecer unha clasificación morfolóxica dos asentamentos rurais, serviron para detectar transformacións nestes, derivadas da rede de estradas e das vivendas diseminadas que se asentan fóra dos núcleos tradicionais.

O papel das estradas na distorsión do sistema de asentamentos tradicional, xa foi detectado como comentábase por Niemeier (1945), onde xunto á aldea cerrada (con casarío claro ou denso), as aldeas de estrada (fundamentalmente ao longo da costa), e as aldeas en enxame, identificaba novas edificacións illadas ligadas ás estradas, fundamentalmente na proximidade das cidades, considerando xa entón, que a estrada revolucionara o cadro de poboación en Galicia, e que aínda o está modificando.

Coristanco. Transformación da estrutura rural anterior derivada do paso da estrada



A modificación da estrutura radial da parroquia, centralizada na igrexa, por unha estrutura lineal, tamén fora recollida por Otero Pedrayo na súa *Guía de Galicia* (1ª ed. 1926), considerando que moi frecuentemente o antigo centro aparecía decapitado, e que ao longo das estradas se aliñaba nas casas novas, quedado o grupo antigo esquecido arredor da igrexa. As investigacións de José Fariña Jamardo sobre *La parroquia rural en Galicia* (1975) e sobre *El habitat Gallego* (1981), facían tamén referencia á tendencia a situar as novas vivendas paralelas ou próximas ás vías de comunicación, prolongando ou estirando as aldeas, ata formar liñas case continuas de casas a ambos lados das estradas, aparecendo novos núcleos en torno ás estradas. A extensión deste proceso non só aos bordos das estradas senón ás abas das montañas, próximas ao mar, era xa patente nos anos 70.

A tese de doutoramento de José Fariña Tojo sobre *Los Asentamientos Rurales en Galicia* (publicada en 1980), incidía sobre o mesmo aspecto, considerando que na disposición do hábitat galego, se distinguían claramente tres xéneros de valores diferentes, cada un coas súas características e normas propias que se fundían e interrelacionaban entre si nun todo único: *unha disposición nuclear urbana*, formada polas cidades e as vilas, *a rede de estradas e camiños*, que perturbaron extraordinariamente a estrutura celular base da poboación rural e xeraron un tipo de asentamento distinto e, finalmente, a propia *dimensión celular base*, sen xerarquizarse e de carácter rural, que facía descargar na parroquia, á que había que referir, en última estancia o substrato ordenador da poboación.

Aínda que a tese se apoiaba na análise dos distintos tipos de aldeas en base á parroquia, afondando nas clasificacións anteriores de Niemeier (1945) e Lauterbach (1967), e asociando estas clasificacións aos esbozos de planta de aldeas en distintas comarcas e vales, intentaba tamén unha primeira aproximación aos modelos de traslado da poboación desde os anteriores asentamentos rurais ao entorno das estradas, aínda que limitándoas ás estradas principais (as que establecen a unión entre áreas urbanas), e considerando que os trazados dos camiños históricos, gardaban asombrosa similitude co trazado das estradas actuais, cousa que só é verdade a escala xeográfica.

Nun primeiro modelo, o corremento dos habitantes da base rural, ás inmediacións da estrada realízase “*a partir de 2 ó 3 casas agrupadas al lado de la carretera*”, que instalan comercios do tipo “*tengo de todo, y algún bar*”, que fan que ao longo da pista que une a entidade base coa estrada se desenvolva a actividade construtora por parte de emigrantes que volven e atopan obsoleta a antiga casa. Logo fortalécese o grupo pioneiro, aparecendo novas vivendas diseminadas, entre as estruturas rurais e de estrada.


Nun segundo modelo, o crecemento prodúcese de xeito lineal ao longo da estrada que une dous núcleos importantes de poboación, apoiado nos cruces dos camiños rurais coa estrada. O grupo pioneiro adáptase ás mesmas pautas ca nun modelo anterior (cun comercio primario e un bar), e máis adiante, nun cruce situado a un quilómetro ou quilómetro e medio, sitúase outro, macizando o espazo intermedio con talleres de reparación ou comercio combinados con vivendas, e máis adiante con vivendas soas. Dependendo de se a estrada atravesa o centro da entidade base, está en zona turística ou próxima á cidade, prodúcese un repertorio de situacións entre as que hai que considerar as relacións das pistas ou camiños coas entidades base, independentemente das estradas.

Unha aproximación algo máis complexa, apoiada en esquemas sobre o proceso de desprazamento dos habitantes do rural a un novo emprazamento en torno ás estradas, foi realizada por Precado Ledo (1987), a partir tamén de dous modelos. No primeiro apóiase nunha organización ideal do espazo rural, cun esquema



Distorsión do sistema do asentamento rural no municipio de Oroso, debido á estrada do século XVIII da Coruña a Santiago, e á concentración parcelaria. Inventario Cartográfico de la Red Viaria Municipal de la Provincia de A Coruña (Nárdiz, C.; CReus, J.; Varela, A. 2002)

Estructura espacial da parroquia e incidencia do trazado da rede viaria (Precedo Ledo, 1987)



inicial de aldeas organizadas en torno a un lugar parroquial central, unido ás aldeas por unha rede radial de camiños, sobre a que se superpón nun momento histórico unha estrada que discorre tanxencialmente á zona de contacto de dúas parroquias próximas, utilizando o trazado dun antigo camiño rural. Transcorrido un tempo, prodúcese unha subordinación da rede de camiños radiais, adaptada á anterior funcionalidade do espazo, a unha nova rede ortogonal, que ten como elemento de atracción a nova estrada, á que cada aldea queda unida directamente, ou no seu defecto, por un eixe que termina no lugar parroquial. No cruce do viario secundario coa estrada aparece un novo tipo de asentamentos como o xa comentado no modelo anterior, e onde a morfoloxía parroquial será substituída pola concentración dos fluxos cara ao novo asentamento, convertido xa nun lugar central, e cunha morfoloxía intermedia entre a dispersión e a diseminación.

No segundo modelo propón Precedo Ledo prescindir da organización parroquial anterior, e atender exclusivamente ás aldeas individualizadas, que clasifica en catro tipos: aldea cerrada compacta, aldea cerrada laxa, aldea lineal e aldea en nebulosa. No caso da aldea cerrada compacta, o novo lugar central orixínase no cruce da pista de acceso á aldea desde a estrada, con novas construcións espalladas ao longo desta pista, que establecen unha dirección de crecemento desde o extremo da aldea. No caso da aldea laxa, ou de casarío claro, o modelo é o mesmo có anterior, unido ao recheo dos espazos non edificadas no núcleo rural, que vai determinando a súa compactación e a formación dunha certa trama de rúas.

No caso das aldeas lineais, o modelo de crecemento lineal, chégao a asociar a catro variantes. En realidade, os modelos de transformación, di Precedo Ledo, poden ser moito máis complexos se introducen outros elementos como a segunda residencia e as novas actividades ligadas ao transporte, que producen unha transformación das paisaxes e a arquitectura rural, ao incorporarse tipos edificatorios non adaptados ao entorno.

Os modelos anteriores, entendidos de forma illada, coa estrada transformando a estrutura rural anterior, apoiada nos distintos tipos de aldeas, e na división celular do territorio baseada nas parroquias, (como os apartados tamén por Gallego Jorreto, M., 1975) non reflicten os procesos de difusión urbana que se producen no entorno das vilas e cidades, ou nos corredores de urbanización, nos que sobre un soporte territorial propiamente rural, se superpoñen vivendas novas diseminadas e estruturas suburbanas apoiadas nas estradas de acceso ás vilas e cidades, na mellora da accesibilidade aos núcleos rurais, nas pistas abertas pola concentración parcelaria, ou na extensión dos servizos urbanos.

Neles, ao soporte territorial, anteriormente rural, únese o propiamente suburbano derivado das estradas de acceso, para converterse nun espazo de urbanización difusa, onde os procesos de edificación sobre parcelas que anteriormente tiñan un uso rural (a maiores das edificacións de nova planta nos

núcleos tradicionais), demandan servizos de accesibilidade, de abastecemento, saneamento, electricidade, comunicación, propiamente urbanos, nos que na agricultura ou a gandería, van quedando como un elemento residual.

O crecemento destes espazos rururbanos ou periurbanos na periferia das vilas e cidades, ou en torno a determinados corredores interiores e litorais ordenados polas estradas e o custo da mellora da accesibilidade, da extensión de servizos urbanos e da dotación de equipamentos presenta en Galicia (e noutras rexións nas que se dan estas formas de asentamentos dispersos e difusos da urbanización), o problema de se as políticas territoriais de ordenación e de investimento público deben favorecer a dispersión ou a concentración, é dicir, o mantemento do sistema anterior de asentamentos rurais e de formas diseminadas da edificación, ou favorecer, pola contra, a concentración urbana.

En Galicia, estanse producindo ambas políticas, xa que á política autonómica de mellora da dotación de equipamentos e servizos nas vilas, demandada polo crecemento da poboación e a edificación naquelas que actúan de cabeceiras de comarca, únense as políticas da administración local de mellora dos accesos e os servizos, apoiada en orzamentos da administración autonómica, como reflexo da forte presenza que aínda ten o rural nas decisións políticas, nas distintas escalas da administración.

Por tanto, o debate en Galicia, sobre os beneficios da concentración ou a dispersión, e sobre a sustentabilidade económica e social da extensión dos equipamentos e servizos ao rural, nas áreas ou corredores que hoxe concentran os procesos de urbanización (próximos ao litoral, e ás principais áreas urbanas, fronte a unha Galicia interior que se vai desertizando de forma progresiva) tradúcese nunha demanda de edificación suburbana ou diseminada, que o planeamento e a lexislación urbanística non sabe como acoutar (a pesar das distintas transformacións da lei neste sentido), nunha extensión dos servizos e equipamentos ás áreas rurais, independentemente do custo económico, e nunha transformación en altura das áreas urbanas consolidadas, incluída a edificación crecida en torno ás estradas, que aparece interiorizada no propio sistema político dos municipios, as provincias e a administración autonómica en Galicia.

Os problemas, porén, do medio rural en Galicia, de índole demográfica (con perda de poboación, poboación avellentada con pouca cualificación e difícil reconversión noutras actividades), de índole económica (con dependencia dun sector agrario e gandeiro, que require cada vez menos poboación), de índole administrativa (pola baixa capacidade de xestión das administracións locais), de deficiencia das infraestruturas, dos equipamentos, e das condicións ambientais, requiren políticas territoriais que vaian máis alá da planificación territorial e urbanística, aínda que estas teñan unha responsabilidade e un campo de acción para condicionar as transformacións da estrutura territorial anterior coas súas consecuencias sociais, urbanísticas, funcionais, económicas e paisaxísticas.

#### **4. Os corredores de urbanización e as “vilas estrada” na provincia da Coruña**

A imaxe dinámica do tráfico coas súas distintas intensidades, segundo a proximidade ás cidades e vilas principais, ou a importancia das vilas e cidades que atravesan as cidades que o soportan, convértese nun primeiro indicador para determinar o grao de urbanización das beiras das estradas e as relacións que se producen en termos de áreas de influencia entre as cidades e vilas pertencentes a


un determinado corredor de transporte. Este papel esténdese á influencia que exercen as principais vilas respecto a outras vilas ou núcleos urbanos e rurais de menor poboación pola súa centralidade en relación aos corredores de transporte.

O grao actual de urbanización pode apoiarse en razóns históricas, económicas e xeográficas, como as que xustifican o crecemento das vilas e cidades nos portos do litoral, en torno ao cruce dos principais camiños históricos e estradas polas embocaduras das rías, ou en torno ás novas accesibilidades que introduciron as estradas a partir da segunda metade do XVIII, e o ferrocarril a partir do XIX, respecto aos anteriores percorridos seguidos polos camiños históricos.


Son, porén, os procesos de difusión ou crecemento suburbano aos que nos referiamos no apartado anterior, en torno á periferia das cidades, aos principais eixes de transporte, e as estradas que unen as principais vilas e cidades do litoral, os que se converten hoxe nun referente dun grao de urbanización en torno a determinados corredores ou franxas territoriais.

A efectos deste artigo, no que os tratamos de relacionar coas transformacións que as estradas produciron nas estruturas do rural, enténdese que a identificación destes non pode facerse exclusivamente en función da súa proximidade ás periferias das cidades, que é onde nestes momentos se están concentrando os maiores graos de urbanización (é dicir, de transformación do territorio rural en urbano, como o definía Cerdá), senón pola súa pertenza a un determinado corredor de transporte (que comunica cidades ou vilas) que o dotan de unidade en función das estradas ou vías de ferrocarril que o percorren, resultantes das transformacións históricas neste mesmo corredor. No caso da Provincia da Coruña, onde analizamos estes procesos, podemos identificar distintos corredores de urbanización en torno ás estradas, asociadas a vilas estrada de nova formación.

A densidade de poboación asociada á rede viaria na provincia da Coruña



As vilas e municipios do corredor A Coruña-Fisterra





Así, a estrada da Coruña a Fisterra, que une dous extremos do litoral do Noroeste da provincia da Coruña, aínda que atravesese franxas territoriais cun grao de urbanización diferente, e case decrecente a medida que nos afastamos dos dous extremos, ten unha unidade derivada dos fluxos maioritarios do tráfico que a percorren, con distintas intensidades, ao longo da estrada. Estes fluxos non son só unidireccionais, senón que ao descansar sobre a accesibilidade da estrada os fluxos transversais que percorren as estradas de acceso aos portos do litoral de Malpica, Ponteceso, Laxe, Camariñas, Muxía ou ás vilas e núcleos rurais do interior que apoian a súa accesibilidade principal nesta estrada (hoxe de carácter autonómico) co soporte doutras estradas autonómicas, provinciais ou locais, desempeña un papel estruturador desde o punto de vista funcional de toda unha franxa territorial.

É este papel estruturador o que determina que as vilas que historicamente se foron situando nos cruces entre as estradas transversais e a principal (xeralmente en torno a un espazo de feira, comunicado cun camiño histórico) Arteixo, Laracha, Carballo, Baio, Vimianzo ou Cee, aparezan hoxe coas súas estruturas lineais, ou en esfera formadas en torno ao cruce de estradas, como centros de comarca dun amplo territorio rural. Ao longo do territorio atravesado polas estradas é posible identificar transformacións históricas da rede viaria entre o camiño histórico que seguía a mesma franxa territorial, a estrada do XVIII que comunicaba A Coruña con Arteixo, a do XIX que prolongou a do XVIII ata Fisterra, a das primeiras décadas do século XX, entre a estación de ferrocarril e os Baños de Arteixo, que transformou a accesibilidade da anterior estrada, ou a construción da autoestrada entre A Coruña e Carballo, que se pretende estender nestes momentos ata Fisterra en forma de vía de altas prestacións.



A vila de Arteixo formada en torno a dúas estradas

Igual ocorre coas estradas que comunican A Coruña con Santiago e Padrón, seguindo o corredor máis dinámico de Galicia, potenciado a partir de mediados do século XX, polas comunicacións por ferrocarril, e a partir das últimas décadas do XX, polas propias transformacións xeométricas da estrada ou camiño do XVIII,

ou pola construción a partir dos anos 70 da Autoestrada do Atlántico, con distintos tramos cunha continuidade que tardou en concretarse tres décadas.

Neste corredor identificamos vilas novas formadas en torno á estrada, como Carral, Ordes, Sigüeiro, Milladoiro, Escravitude, á parte do propio crecemento suburbano en torno á estrada da Coruña e Santiago, ou a formación de núcleos menores, ou novos barrios en torno ás circunvalacións de vilas históricas como en Padrón. Igual lectura poderíamos realizar na súa continuidade cara á provincia de Pontevedra.

A identidade xeográfica, que no caso da estrada anterior da Coruña a Fisterra, a obtiña de atravesar unha franxa territorial limitada ao noroeste polo mar, coñecida como A Costa da Morte, cos seus valores paisaxísticos, económicos e culturais, obtena, no caso da estrada da Coruña a Padrón, o servir de continuidade cara ao norte a unha ruta natural de comunicación que desde a antigüidade (seguida pola vía romana e os camiños medievais) se coñece como a Depresión Meridiana, na que se localiza o eixe máis urbanizado de Galicia, coa súa extensión polo Norte a Ferrol.

O bordo norte litoral da ría de Arousa, no que desemboca o río Ulla, que serve de límite entre as provincias da Coruña e Pontevedra, cos portos e vilas históricas de Rianxo, A Pobra do Caramiñal (antes Pobra do Deán), e Ribeira, á parte doutros portos e vilas menores, conforma un corredor urbanizado que se estende ao longo da estrada do litoral (construída como estrada de terceira orde na segunda metade do século XIX), que soporta procesos de difusión urbana en torno á estrada que foi complementada a mediados dos anos 90 por unha vía rápida (que hoxe se desdobra en Autovía), por parte da Comunidade Autónoma, que transformou as anteriores condicións de accesibilidade aos portos desde a Autoestrada do Atlántico e a estrada nacional.

A análise desta estrada litoral, da que dispoñemos o proxecto redactado na segunda metade do século XIX, que nos permite entender as transformacións que produciron ata a época actual nas vilas, introdúcenos no papel que desempeñan as estradas do XIX na transformación da estrutura anterior das vilas portuarias, e no crecemento suburbano en torno ás vilas, ata dar lugar á conurbación actual. O percorrido maioritario desta estrada, pola proximidade do bordo litoral, introdúcenos nun marco de problemas diferente das dúas anteriores estradas sobre os modelos de transformación das estruturas urbanas e rurais no seu entorno, que enriquece a análise dos anteriores corredores.

Este corredor podería continuarse a través do bordo litoral do outro extremo da península do Barbanza, seguindo o percorrido da estrada de Porto do Son ata Noia, que ten incidencia sobre a transformación dos núcleos anteriormente portuarios, e que se asemella á producida pola estrada litoral que desde Noia se dirixe cara a Muros percorrendo logo o bordo litoral da ría de Corcubión ata Cee.

Na estrada que une Noia con Santiago de Compostela, construída tamén na segunda metade do século XIX, produciuse nas dúas últimas décadas a formación de novas vilas na periferia de Santiago, como é o caso de Bertamiráns ou Brión, cunha estrutura inicial en forma de travesías en torno á estrada, onde as vivendas unifamiliares dos bordos da estrada, se foron transformando en vivendas colectivas, ou en urbanizacións de vivendas unifamiliares, que penduran de forma arborescente da accesibilidade producida pola estrada principal. Igual ocorre con vilas como Negreira, en torno á estrada de Santiago a Muxía e outros puntos do litoral noroeste, ou coa estrada de Santiago a Pontevea, con vilas de recente

formación, con edificacións colectivas aliñadas en torno ás estradas, con núcleos como Cacheiras, que ata hai pouco tiñan unha estrutura claramente rural.

Os procesos de difusión urbana na periferia de Santiago, a partir dos anos 80, en que asumiu a competencia administrativa da capital da Comunidade Autónoma, unidos á atracción turística e de servizos da estrutura histórica da cidade, e á súa situación intermedia no eixe litoral entre A Coruña e Vigo, cun territorio litoral de terras, portos e vilas que dependeu historicamente de Santiago, están contribuíndo a potenciar un crecemento radial en torno ás estradas de acceso, que se complementa coa transversalidade ou linearidade que se está producindo da súa estrutura, a partir do cerre recente dunha segunda circunvalación, complementada polo paso da Autoestrada do Atlántico.

Santiago de Compostela comeza a estender a súa influencia tamén á Galicia interior, a partir da política autonómica de infraestruturas viarias, apoiada nunha nova radialidade de estradas en torno a Santiago, que melloren as comunicacións entre Santiago e Ourense (hoxe cunha autoestrada en construción), Santiago e Lugo, cunha autovía que se quere converter na fin da Autovía do Cantábrico. Fronte á bipolaridade anterior das dúas rexións urbanas da Coruña-Ferrol, e Pontevedra-Vigo, que concentran o norte e o sur de Galicia, o crecemento de Santiago está actuando de elemento distorsionador do sistema urbano de Galicia e da propia rede de infraestruturas de acceso desde o exterior.

A estrada de Santiago a Lugo, polo menos ata o límite da provincia da Coruña, segue o percorrido do camiño Francés a Santiago, encontrándonos na mesma franxa territorial con núcleos rurais formados en torno ao camiño de orixe medieval, núcleos rurais transformados como consecuencia da nova accesibilidade da estrada na periferia de Santiago, como o caso do Pino, ou vilas históricas como Arzúa ou Melide, nas que a nova accesibilidade da estrada, xunto coas transversais que conflúen nestes centros de comarca, serviron para transformar a estrutura urbana anterior, dotándoas hoxe dunha estrutura urbana propia das vilas estrada.

Outro corredor que podemos identificar é o da Coruña a Ferrol. Indubieblemente non estamos aquí ante un corredor lineal de transporte, senón ante un territorio urbanizado, en función do crecemento suburbano das periferias das cidades da Coruña e Ferrol, que ata hai poucos anos podían fixar os seus límites nas rías de Betanzos e Pontedeume, pero que hoxe, como consecuencia da continuidade da Autoestrada do Atlántico e a difusión dos procesos de crecemento urbano cara a periferias cada vez máis extensas, está conformando unha rexión urbana ou espazo metropolitano, cunha poboación que supera o medio millón de habitantes e que ten nas marxes xeográficas das rías da Coruña, Betanzos, Pontedeume, Ares e Ferrol, os seus elementos de identidade.

A transformación das estradas desde os cruces por pontes nas embocaduras das rías, algúns coma os do Burgo, Betanzos, Pontedeume, de orixe medieval, apoiada na construción de novas pontes situadas máis cara ao exterior, coas súas estradas de acceso, modificou a accesibilidade das anteriores estradas construídas na segunda metade dos séculos XVIII e XIX, soportando novos desenvolvementos suburbanos e urbanos en torno ás estradas, que explican en parte a estrutura actual da periferia metropolitana e urbana de ambas cidades.

É o caso da Ponte da Pasaxe, que substituíu á Ponte do Burgo a finais do XIX, como único paso sobre a ría, na periferia da Coruña, coa construción de tres estradas, a de Santa Cruz-Mera, a de Oleiros-Sada, e o tramo da N-VI, ata enlazar no cruce de San Pedro de Nos coa estrada do século XVIII de Madrid á Coruña. É o caso da Ponte do Pedrido sobre a ría de Betanzos, construída nos anos 30 do

Os accesos a cidade da  
Coruña e a N-VI entre a  
Ponte da Pasaxe e Betanzos



século XX, que substituíu o paso único da ría por Betanzos, e que deu lugar á construción da estrada de Guísamo a Ponte do Porco, como desvío da estrada nacional. Finalmente, a construción da Ponte das Pías, nos anos 60 do século XX, en substitución do paso da ría de Ferrol pola embocadura da ría en Xubia, deu lugar ao novo acceso a Ferrol, no que se apoiou o crecemento de Fene, e dos polígonos residenciais e industriais da periferia de Ferrol, substituindo á dirección anterior de crecemento en torno á estrada de Castela.

Esta estrada aparece atravesada desde principios do século XX polo ferrocarril da Coruña a Betanzos (como un tramo da liña de Palencia á Coruña), e polo ferrocarril de Betanzos a Ferrol, que na actualidade ten unha funcionalidade reducida á mínima frecuencia de viaxes e ao máximo tempo de percorrido. En apoio da continuidade das comunicacións a través deste corredor ou rexión urbana, termináronse recentemente os últimos tramos da Autoestrada do Atlántico con final en Ferrol, despois do enlace do no de Cecebre.

O crecemento suburbano en torno ás estradas identifícase nas vivendas colectivas e nas industrias que se foron asentando en torno á Nacional VI na proximidade da cidade da Coruña; ou nas novas rúas nas que se converteron as estradas nos accesos a Betanzos, Miño, Pontedeume, Corcubión, Fene, Neda e Narón. Este corredor ofrece, por tanto, novas singularidades respecto aos corredores anteriores, en orde ás formas de construción das vilas estrada, desde as que podemos facer propostas para a súa ordenación ou proxecto.

## 5. Algunhas propostas de ordenación e de proxecto en relación ás vilas estrada

- Entre as vilas, e máis alá da periferia das cidades e dos bordos das estradas, aparece o rural, como paisaxe, como forma de aproveitamento do solo, e como asentamento de poboación. A imaxe urbanística da delimitación dos núcleos rurais como núcleos illados, relacionados coa explotación das agras próximas, contradí a estrutura en rede na que apoian hoxe os habitantes do rural as relacións coas vilas e as cidades derivada da difusión da mobilidade e os servizos urbanos.

Entre as políticas extremas de dispersión ou de concentración, existen políticas intermedias que contribúen ao mantemento da estrutura territorial e os valores sociais, culturais e paisaxísticos do rural.




O corredor A Coruña-Fisterra. Tramo Paiosaco-Carballo-San Roque

- As estradas como principais elementos de integración do rural no urbano, foron historicamente, e hoxe o seguen sendo a unha escala maior, elementos de transformación e distorsión das anteriores estrutura rurais, pero tamén son elementos ou espazos de oportunidade para proxectar ou ordenar a integración do rural no urbano. Á parte das relacións decrecentes de densidade, que aparecen recollidas no planeamento urbanístico, parece necesaria una visión máis ampla que considere o soporte territorial anterior, non só dos núcleos, senón tamén dos camiños que os comunican e que lles dan identidade en torno a corredores territoriais, diferentes dos das estradas, que canalizaron as relacións do rural antes que estas, algúns coincidentes con percorridos ou camiños históricos que atravesan franxas territoriais equivalentes ás das propias estradas. Un proxecto territorial que presente a integración do rural no urbano, ten que facer referencia a procesos de integración que se están producindo a unha escala diferente da municipal, e onde a imaxe das transformacións históricas que se produciron das redes viarias dentro de cada corredor, pode dar as pautas das decisións que habería que tomar en relación á mellora da rede viaria transversal, e á potenciación dos núcleos urbanos intermedios.

- A difusión do urbano desde as cidades e desde as vilas pódese apoiar na malla territorial existente, fundamentalmente de herdanza rural (a excepción das estradas, e as rúas das áreas urbanas), de acordo con políticas que de forma desordenada e sen aparente planificación, se veñen facendo desde os municipios ou desde as administracións provinciais e autonómicas para a mellora da rede viaria municipal, nas que se inclúe a propia extensión dos servizos de auga, saneamento, alumeadado, ..., ou a mancha de solo urbano que de forma crecente se estende desde as vilas, apoiándose inicialmente nas estradas ata os núcleos do rural. Proxectar o territorio dos bordos das estradas, na periferia das vilas, é tamén proxectar as formas en que os tecidos rurais próximos se van densificando por si mesmos, evitando a súa desaparición baixo estruturas propias das áreas urbanas consolidadas.

Servizo de abastecemento e saneamento na vila de Ferrol que se estende ata os núcleos do rural  
 — saneamento  
 — abastecemento



- Os inventarios arqueolóxicos, arquitectónicos, etnográficos, de enxeñería, que se inclúen nos planeamentos urbanísticos municipais, recollen os elementos patrimoniais que caracterizaron a ocupación do rural, como elementos illados, sen identificar unhas formas históricas de ocupación do territorio que non ten nada que ver coa escala municipal, e que son as que lles dan os seus elementos de identidade. A escala do corredor, que segue pautas históricas de percorrido e de ocupación do territorio, é sempre un observatorio, ou ámbito territorial de proxecto, máis adecuado cás escalas municipais, que permite introducir a identidade do territorio, non só desde o punto de vista físico, senón tamén patrimonial, como condicionante das nosas intervencións.

- Aínda que a clasificación de solo urbano en torno ás estradas, apoiada na accesibilidade e na extensión dos servizos urbanos, non implica a construción de vivendas plurifamiliares, a asociación desta clasificación coa extensión dos

Travesía de Carballo



servizos urbanos, o saneamento (especialmente), as beirarrúas, e o alumeadado urbano, convértese nun elemento impulsor da edificación colectiva entre estremeiras desde o planeamento urbanístico, apoiada no establecemento das aliñacións correspondentes. Fronte a esta opción, está a construción de vivendas unifamiliares, evitando que nas sucesivas transformacións do planeamento se vaian transformando en colectivas na proximidade de las áreas consolidadas.

- Actuar sobre estas formas de crecemento urbano ou suburbano, implicaría impoñer restricións á delimitación de solo urbano no entorno das estradas principais, onde o planeamento urbanístico podería apoiarse na lexislación de estradas (e nas

administracións encargadas de xestionalas), para manter distancias das liñas de edificación aos bordos das estradas propias das áreas non urbanas, e só admitir reducións destas distancias naqueles tramos, en que a semellanza da lei de estradas do Estado de 1988, non só exista edificación consolidada nos bordos, senón tecido de rúas polo menos nunha das marxes.

- *Os emprazamentos das vilas estrada* (como por exemplo Ordes, Baio, Vimianzo, ...) en torno a agras atravesadas pola rede fluvial, que constituían ata hai pouco unha limitación para a extensión da edificación alén das pontes das estradas que permitían salvarla, ofrece a posibilidade aínda a algunhas vilas, de utilizar a rede fluvial coas súas proteccións, como límite para a edificación colectiva, evitando apoiar a nova edificación nas marxes inundables que, porén, poden aproveitar estas como espazos libres sen necesidade de obras de canalización.

- *A extensión da clasificación do solo urbano ao longo das estradas* ata abranguer os núcleos do rural próximos a estas, só pode condicionarse con delimitacións máis estritas tanto en torno ás estradas como en torno aos núcleos rurais que eviten os contactos que xustifiquen a extensión da edificación.




Apertura da rúa alternativa á travesía de Carral

- *A concentración parcelaria realizada no caso das vilas estrada*, con retículas que como no caso de Vimianzo e Oroso, se estenden a ambos lados das estradas principais, con vías paralelas e perpendiculares sobre agras facilmente edificables, convértese, polas dimensións e a regularidade das parcelas, e pola accesibilidade que dan as pista abertas ás parcelas, no soporte idóneo para a dispersión da edificación, tanto colectiva (por conversión das pistas en rúas a partir das estradas, sen ningunha xestión para a súa apertura), como de vivendas unifamiliares, a pesar das restricións que a lexislación actual autonómica do solo Galicia impón á súa construción, nun territorio onde a lexislación ou o planeamento foron por un lado e a práctica local, sobre todo nos municipios do rural, foi por outro. O establecemento de límites á intervención da concentración parcelaria no entorno das estradas, pode contribuír a evitar a dispersión da edificación, simplemente reservando unha franxa ampla no entorno destas (que poida incluír camiños históricos próximos á estrada, cos seus elementos patrimoniais), na que non se actúe, podendo a concentración afectar ao resto da parroquia que dá fronte á estrada.

- A lóxica urbanística da maior parte dos municipios nos que se localizan as vilas estrada, apóiase na licenza directa de edificación, sen comprometer aos propietarios en cesións que vaian máis alá dos espazos para viales e na consideración de que os servizos urbanos que demandan as nova vivendas debe financiarlos a administración pública, sen repercutir sobre os propietarios de solo, ou sobre as novas vivendas, ao custe dos servizos. As taxas de auga, saneamento, residuos sólidos urbanos, etc, apenas chegan á metade do custo dos servizos. Das pavimentacións e as beirarrúas encárgase a administración municipal co apoio das administracións provincial, autonómica, e incluso estatal. O círculo péchase cos ingresos que se espera obter da licenza municipal, para a cal se redacta o planeamento urbanístico como xerador de plusvalías, e como atractivo de investimento para os pequenos e os grandes promotores inmobiliarios. Aqueles municipios, que polo seu afastamento das periferias das cidades, ou dos corredores litorais de urbanización, non crecen, teñen ademais que facer fronte á diseminación da edificación, cos seus servizos asociados, demandados polos propios veciños. A alternativa a estas formas de urbanización, non pode vir máis que da limitación da extensión dos servizos urbanos, asociada ao cobro dunhas taxas adecuadas. A consideración de que a presenza de determinados servizos, accesibilidade rodada, auga, saneamento, serve de argumento como apoio para a clasificación e a cualificación do solo (é dicir, para a xeración de plusvalías

A ordenación da edificación en torno a estrada. Vila de Miño



apoiadas na existencia dos servizos, a partir do seu recoñecemento pola lei), debe ser revisada, prevalecendo sobre esta o criterio da consolidación da edificación.

Entender as formas de urbanización e de edificación hoxe do territorio en Galicia, implica entender a extensión e as características das redes de servizos, non só ao servizo dunha demanda, senón como impulsoras da urbanización. Actuar, por tanto, sobre esta extensión dos servizos urbanos implica converter as estradas en elementos dun proxecto, que vaia máis alá das travesías urbanas, debendo estendelo a territorios máis amplos en torno aos corredores de urbanismo.



## Bibliografía

- **Bouhier, A.** (1979), *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraria*. La Roche. Sur-Ivon.
- **Bauer, G. y Roux, J. M.** (1976), *La suburbanización en la ville eparvillé*. París.
- **Caniggia, P.; Maffei, G. L.** (1995) *Tipología de la edificación. estructura del espacio antrópico*. Madrid.
- **Dalda, J. L.** (1981), *La ocupación del territorio en Galicia y sus efectos sobre el suelo (rústico)*. Revista CEUMT. Nº98.
- **Demorgon, Marcelle** (1983). "Trazado y Parcelario" en *Elementos de Análisis Urbano* de Panerai e outros, Madrid: . IEAL.
- **Dion, R.** (1981), *Essai sur la formation du paysage rural français*, I. Guy Durier
- **Farifia Jamardo, J.** (1975), *La parroquia rural en Galicia*, Madrid: IEAL.
- **Farifia Jamardo, J.** (1981), *El hábitat gallego*, Diputación de A Coruña.
- **Farifia Tojo, J.** (1980), *Los asentamientos rurales en Galicia*. Madrid: IEAL.
- **Fernández De Rota, J. A.** (1984), *Antropología de un viejo paisaje agrario*. Madrid.
- **Ferrán , C.** (1996), *Construcción rural. La Europa Atlántica. Los Casos de Irlanda y Galicia (1980-1990)*, Santiago.
- **Gallego Jorroto, M.** (1975), "El medio rural y la práctica del urbanismo de Galicia: contradicciones" Revista Cercha. Nº16.
- **Lautensach, M.** (1967), *Geografía de España y Portugal*, Barcelona.
- **Llano, P. de.** (191-83), *Arquitectura popular en Galicia*. 2 Tomos. COAG.
- **Nárdiz Ortiz, C.** (1992), *El Territorio y los caminos en Galicia: Planos Históricos de la Red Viaria*. Madrid.
- **Nárdiz Ortiz, C.** (2001), "Estradas e Paisaxe" en Pérez Alberti (coord.) *As paisaxes de Galicia: relatorios do encontro. O feito diferencial galego. As paisaxes de Galicia celebrado na sé do Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela os días 26-29 de xuño de 2000*. 2 vol.
- **Nárdiz Ortiz, C. ; Creus, J. y Varela, A.** (2002), *El Inventario Cartográfico de la Red Viaria Municipal de la Provincia de A Coruña*. Diputación Provincial de A Coruña.
- **Nárdiz Ortiz, C.** (2008), *La construcción de los Bordes de las carreteras en Galicia. La ordenación y el proyecto de las villas estrada en la Provincia de A Coruña.*, (no prelo).
- **Niemeier, G.** (1945), "Tipos de población rural en Galicia" en *Revista de Estudios Geográficos*. Núm 19. CSIC. Madrid.
- **Otero Pedrayo, R.** (1980) *Guía de Galicia*. (1ªed. 1926, 5ªed. Vigo 1980).
- **Panerai, Depaule, Demorgon, Veyrenche.** (1983), *Elementos de Análisis Urbano*, Madrid: IEAL.
- **Precedo Ledo, A.** (1987), *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*, Xunta de Galicia.
- **Rodríguez González, R.** (1997), *La urbanización del espacio rural en Galicia*, Barcelona.
- **Torres Luna, M. P. e Pazo Labrador, A.** (1994), *Parroquias y Archiprestazgos de Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela.
- **Xunta de Galicia** (2001), *Mapa de Parroquias de Galicia*. 1:200.00, Santiago de Compostela.

# 12 Parroquias e planificación territorial

**Rafael Crecente Maseda**

Doutor Enxeñeiro Agrónomo

Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela

Grupo Investigación TTB-Laborate USC-Lugo

## 1. O modelo territorial galego: evolución e estado de usos e coberturas do solo

O modelo territorial galego caracterízase pola súa variada xeografía, o seu poboamento disperso, o número de entidades de poboación de grande variabilidade tipolóxica, a diversidade de usos do territorio, e a utilización polo home da práctica totalidade do espazo (aínda que con moi diferente grao de intensidade).

Esta diversidade construíuse ademais de forma gradual no tempo, sen grandes alteracións na utilización do territorio (dito isto con carácter xeral e xenérico).

O espazo físico foi maioritariamente utilizado para fins agrarios, que incluían o que hoxe entendemos por usos agrícolas, gandeiros e forestais, (todos eles moi variados en canto a culturas e técnicas culturais practicadas, grao de intensidade na súa utilización, combinacións entre os devanditos usos etc.) mais tamén outros usos do territorio que eran necesarios para o transporte, enerxéticos, etc. Se a todo isto engadimos a importante presenza da auga (tanto na densa rede hidrolóxica, como pola longa liña de costa), atopamos unha grande diversidade de usos e coberturas do solo. Esta diversidade e a súa variabilidade ó longo do espazo, determinada en primeiro lugar pola propia variabilidade biofísica do país (fisiográfica e bioclimática), daba como resultado un territorio de grande diversidade (e a diversidade é un valor, non só biolóxico). A Paisaxe<sup>1</sup> galega era polo tanto unha paisaxe agraria. Anos antes, a Convención sobre Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural da UNESCO na 16ª sesión de 1992, xa definira Paisaxe Cultural<sup>2</sup>, polo que poderíamos cualificar a paisaxe galega como unha paisaxe cultural agraria.

Parece claro que os galegos superpuxeron no territorio físico unhas estruturas, que deron lugar a esa paisaxe cultural agraria<sup>3</sup>. Restaría engadir que todo isto se

<sup>1</sup> O Convenio Europeo da Paisaxe aprobado en Florencia no ano 2000, e que entra en vigor en España o 1 de marzo de 2008, define a paisaxe como "Calquera parte do territorio tal como a percibe a poboación, cun carácter que sexa o resultado da acción e interacción de factores naturais e/ou do home".

<sup>2</sup> Paisaxe Cultural: obra da acción combinada da natureza e o ser humano.

<sup>3</sup> Sorprende polo tanto, unha iniciativa de Lei de Protección da Paisaxe promovida dende unha Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e non dende a Consellería competente en Política Territorial ou mesmo en Cultura. Igualmente sorprendente, é o "dictame" sobre o proxecto de lei, do Consello Económico e Social, que non recolle nin unha soa referencia á paisaxe coa cultura.

organizaba en microcosmos de parcelas, que xunto á fragmentación da propiedade, producía e produce unha fragmentación de usos e coberturas.

Este modelo ten sido descrito e analizado por especialistas na materia; só interesa destacar que o modelo permitía a complementariedade, a integración dos distintos usos das distintas parcelas tanto para cada unidade individual de xestión da terra, de produción e vida (a explotación agraria) como para cada unidade territorial básica de xestión do territorio (a parroquia). Este modelo era máis que eficiente e eficaz para as condicións tecnolóxicas, económicas e sociais da época. Coñecía-se o uso acaído de cada parcela, aínda que este uso fose variable no tempo, e a ese uso, nese tempo se dedicaba. Interesa destacar que era tal esa integración que os diferentes usos, lonxe de competir polo espazo e seren disfuncionais, se reforzaban os uns ós outros, optimizándose, e rendendo beneficios máis aló da suma individual da produción obtida para cada uso. Por utilizar un termo moi de moda hai uns anos, as actividades eran multifuncionais e o espazo era empregado de maneira multifuncional.

Este aspecto é o que quixeramos destacar deste modelo de uso e ocupación do territorio, e ao mesmo tempo de xestión deste, polo que supoñía de toma de decisión sobre como usar o espazo. Eses usos, lonxe de competir polo espazo, eran complementarios uns dos outros, formando un sistema integrado e altamente eficiente (sistema que como tal supera a suma das partes).

Obviamente, este era o modelo territorial do espazo máis rural (no sentido tradicional do termo), onde, por outra banda, a presenza e importancia das parroquias mantivérase con maior notoriedade. Describir polo miúdo aqueles usos para cada parroquia e, en definitiva, aquel modelo territorial, segue a ser para os investigadores, e para a administración, unha tarefa pendente, da que se podería tirar grande proveito.

Se analizamos os datos que se recollen a nivel de cobertura, (que non corresponde exactamente co uso) no SIXPAC, e facendo un agregado a nivel do país en tan só os tres grandes grupos, as coberturas en termos cuantitativos globais non teñen mudado moito. Esta afirmación, *a priori* aventurada, ten argumentos de base e eivas. En relación ás segundas, cómpre destacar que non existen datos fiables que describan a situación dos usos do territorio nin de hai tan só medio século. Porén, pódese considerar que as coberturas maioritarias eran a superficie agrícola utilizada (labradío e pastos herbáceos), as zonas arboradas e o “monte” que, en termos de cobertura, sería asimilable ao que hoxe chamariamos mato (toxos, xestas, silvas, piornos, uces, carqueixas, etc., en función das condicións do lugar, etc.). Fixándonos, como se dixo, só nos grupos maioritarios e atendendo ás coberturas, eses son asemade os grupos maioritarios hoxe en día, pero o destacable e o importante, é que o son tamén baixando a escala parroquial. O sistema mantense aínda máis aló, poderíamos dicir, da desaparición do modelo tradicional. Labradío e pastos herbáceos por unha banda, superficie arborada por outra e finalmente mato son as coberturas principais tamén na actualidade.



O Courel, Lugo

O reparto a nivel galego dos case famosos tres terzos para os grupos anteriores tende a manterse a nivel parroquial, de tal xeito que as parroquias nas que algunha desas tres clases ocupa máis do 60% do territorio apenas chega ao 15%. Por outra banda, practicamente tres cuartas partes das parroquias presentan as tres clases en, polo menos, un 20% da súa extensión.

Aínda así, non pode obviarse o diferente significado territorial que cada unha destas coberturas ten na actualidade en relación ao pasado recente. Posiblemente sexa o que antes chamamos “monte”, cando falamos de mato, a cobertura que máis “cambiou de uso”. Tanto como que pasou de ser unha parte substancial do sistema agrario a ser síntoma en numerosas ocasións do non uso, do abandono.

Así, por exemplo, vemos na táboa 1 como evolucionan determinadas variables demográficas a nivel parroquial coa presenza de mato na parroquia:

Táboa 1

Distribución da cobertura mato por parroquias							
Porcentaxe de mato na superficie da parroquia	(% de paqs sobre total galego)	% en superficie sobre total galego	Evolución poboación 81-05 (%)	Densidade poboacional 2005 (hab/km <sup>2</sup> )	Densidade de entidades poboacionais (ent/km <sup>2</sup> )	SAU (%) (SIXPAC 2007)	FOREST (%) (SIXPAC 2007)
Mato <15%	33,6	25%	10,4	142,2	1,6	33,9%	41,3%
Mato 15-30%	42,7	27%	-12,3	43,9	0,8	15,0%	32,4%
Mato 30-45%	35,7	20%	-23,8	27,6	0,7	17,2%	25,1%
Mato 45-60%	19,2	14%	-35,8	17,3	0,5	13,9%	19,4%
Mato >60%	8,4	14%	-40,4	12,1	0,3	9,7%	13,5%




Figura 1. Porcentaxe de superficie ocupada polo mato, por parroquia en Galicia




Figura 2. Porcentaxe de superficie ocupada pola SAU, por parroquia en Galicia




Figura 3. Superficie media da parcela por parroquia en Galicia

Táboa 2

Tamaño medio de parcela e parroquia, e relación co poboamento e coberturas do solo							
Tamaño medio de parcela en m <sup>2</sup>	Densidade poboación 2005 (hab/km <sup>2</sup> )	Densidade de entidades poboacionais (ent/km <sup>2</sup> )	Superficie media de parroquia (ha)	Edificado (%) (SIXPAC 2007)	SAU (%) (SIXPAC 2007)	Forestal (%) (SIXPAC 2007)	Mato (%) (SIXPAC 2007)
0 - 1000	187,5	1,7	492	9,8%	19,4%	38,7%	28,1%
1000 - 2500	102,0	1,2	651	6,5%	23,3%	35,4%	31,5%
2500 - 5000	52,2	1,0	785	4,9%	29,2%	33,3%	29,7%
5000 - 10000	26,1	0,8	1041	3,4%	27,2%	30,2%	36,6%
Máis 10000	12,9	0,5	1438	2,7%	15,2%	23,2%	51,3%

As tendencias son claras para todas as variables; as parroquias con maior porcentaxe de mato presentan a evolución de poboación máis negativa, así como as menores densidades de poboación, e mesmo de poboamento; menor porcentaxe de SAU e mesmo de usos forestais arborados. A Galicia do mato, parece que se corresponde na escala parroquial, coa Galicia do abandono. A figura 1, mostra tamén a correspondencia do mato coas zonas de montaña, e súa inversa na figura 2, na que se representa a SAU en porcentaxe por parroquia.

Polo que se refire á fragmentación, vai parella aos factores de hábitat; poboación e poboamento, parecen directamente relacionados coa fragmentación parcelaria, ao igual que a importancia da cobertura “edificado” do SIXPAC. A porcentaxe de SAU e de cobertura forestal non gardan esa relación coa fragmentación, que si se manifesta no caso do mato, onde se observa unha tendencia a maior presenza do mato nas parcelas de dimensións medias maiores, probablemente debido aos MVMC (ver figura 3).

## 2. Os procesos de cambio nas parroquias

A estática, no que se refire a datos básicos, da caracterización en canto a número de parroquias, o poboamento e a poboación por parroquia etc. son abordados noutros capítulos da presente publicación con profundidade.

Tamén se aborda cales foron as causas, as dinámicas e procesos que modificaron e que introduciron cambios neste modelo territorial organizado en torno á célula parroquial.

Cumpriría non obstante, citar dous dos procesos de maiores repercusións, dende un punto de vista territorial, que están a sufrir as parroquias galegas. Dous procesos que son dúas caras dunha mesma moeda: o abandono das terras e a urbanización difusa

**a) Abandono:** primeiro da actividade agrogandeira, que logo se traduce no abandono xeral das terras (aínda que poden reforestarse, especialmente se hai liñas de axudas), e posteriormente o abandono da poboación dos pequenos asentamentos de poboación (ben por falecemento ou traslado a núcleos dotados dos servizos e equipamentos que se demandan a certas idades).

**b) Urbanización difusa:** o que norteamericanos e europeos denominan *sprawl*. A urbanización incontrolada, difusa e sen planeamento de ningún tipo (EEA, 2006). Este modelo de urbanización, que supón unha depredación de recursos non só de solo senón tamén de todos os necesarios para manter os modelos de transporte, de dotacións de infraestruturas,... etc. Isto pode levar a pensar que unha boa parte de Galicia xa é urbana (o litoral e franxa atlántica que é onde maiormente se produce este proceso), e que todo o espazo está xa urbanizado

Urbanización de Oleiros



(mal urbanizado habería que engadir). Nada máis lonxe da máis elemental racionalidade e sustentabilidade ambiental e territorial. Non hai espazo, neste breve contributo, pero non nos resistimos a citar o caso dos movementos de preservación e mantemento das terras agrarias<sup>4</sup> nun país de dimensións continentais coma EEUU, onde a escaseza de terra non constitúe nin de lonxe o problema que supón en Europa. Ou sen ir tan lonxe o caso da Reserva Agrícola Nacional (RAN) dos nosos veciños portugueses, que constitúe outra iniciativa a favor da defensa das terras de valor produtivo agrario, terras que deben ser preservadas non só pola súa función produtiva agraria, senón por outras que renden á máis elemental sustentabilidade. Por suposto a isto habería que engadir as necesidades de espazo para garantir o funcionamento da estrutura ecolóxica do territorio (Raposo Magalhaes, 2007).

Estes dous procesos entre outros están na orixe da praga recorrente dos lumes. En efecto, os incendios son consecuencia do abandono, entendido como falta de xestión, e de xestores, de usuarios do territorio, de interesados no bo sentido do termo, no territorio. A isto habería que sumar o modelo depredador de consumo urbano de territorio, que fai necesaria a súa transformación previa. Poderíamos engadir, e máis adiante facémolo, unha terceira causa dos lumes: unha falta de políticas de Administración de Terras, enténdese por isto a ausencia de información de calidade e accesible sobre a terra, sobre a súa propiedade, o seu uso e o seu valor.

### 3. A acción planificadora

Son moitos os factores que nestes últimos 50-60 anos produciron grandes cambios (no territorio ou na paisaxe) ata chegar a situación actual.

Neste apartado analizamos que papel tiveron nesta transformación a acción política e administrativa da ordenación territorial, urbanística, e tamén da planificación agrícola e forestal ao longo destes últimos anos; e por último, como a parroquia foi ou non tida en consideración nas súas determinacións.

#### 3.1. Ordenación do territorio e urbanismo

A planificación territorial, polo que se refire á ordenación do territorio e mais o urbanismo (dúas disciplinas diferenciadas como reconece a Lei de Ordenación do Territorio de Galicia) precisa dunha curta (por falta de espazo) reflexión previa dende unha óptica territorial.

A única acción positiva importante de ordenación territorial (tal e como foi definida na Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983 e na propia Lei Galega de Ordenación do Territorio 10/1995) foi a aprobación da Lei 10/1995 de Ordenación Territorial. A acción negativa máis importante, a súa falta de posta en práctica, a súa falta de desenvolvemento e aplicación. Máis aló diso a ordenación territorial foi ata o día de hoxe inexistente en Galicia (algunhas iniciativas reactivas como a protección do litoral non son, en esencia, ordenación territorial). Non existe nin existiu un Plan, Directrices ou calquera outro instrumento de ordenación territorial de carácter estratéxico no noso país<sup>5</sup>. Varios

<sup>4</sup> Pódese consultar <http://www.farmlandinfo.org> e <http://www.farmland.org>

<sup>5</sup> A día de preparación deste texto, non están aprobadas con carácter definitivo as Directrices de Ordenación do Territorio previstas na Lei 10/1995, aínda que teñen sido varios os documentos de avances das Directrices de Ordenación do Territorio) Tan só se ten aprobado un Plan Director Territorial de Coordinación, vixente escasos meses, na década dos 70, e redactado ao amparo de lexislación urbanística, polo tanto en puridade tampouco se trataría de ordenación territorial.



Malpica de Bergantiños  
(A Coruña)

intentos, si, pero resultados ata hoxe nulos nas tan demandadas Directrices de Ordenación do Territorio. Polo que se refire á parroquia, as consideracións dos distintos borradores de Directrices de Ordenación do Territorio, non descendían por debaixo de áreas funcionais, ou agrupacións comarcais. En ningún dos borradores coñecidos se considerou un sistema xerárquico de planificación que abarcara dende as escalas autonómicas ata a entidade colectiva de poboación de maior desagregación de Galicia.

Nun sistema de ordenación territorial consolidado e xerárquico -dende o nivel estado ao nivel local- coma o alemán,

Herrmann, S. e Osinski, E. (1999)<sup>6</sup> falan de que a ordenación territorial fundamentalmente no que atinxe á planificación física de usos -*land use planning*- inexistente como tal en Galicia, debería de adoptar un enfoque holístico que asegurase:

- a) a consideración de factores económicos sociais e ambientais
- b) a combinación e coordinación das diferentes escalas e niveis de planificación nun marco xeral común a todos os niveis. No caso galego dende o autonómico, provincial, de área funcional, comarcal, municipal e parroquial.
- c) adaptar a definición de diagnóstico e problemática ás específicas características de cada nivel de planificación, dende o autonómico ao parroquial no caso galego.
- d) adoptar métodos de planificación axustados a cada escala que proporcionen a exactitude suficiente nas súas determinacións, que aínda sendo métodos específicos para cada escala, garantan a interrelación e funcionamento entre eles.

Outros instrumentos contemplados na Lei 10/95, si se teñen aprobado, pero máis para solventar implantacións, resolver problemas e atopar atallos, que para unha auténtica política en positivo de ordenación territorial. Os numerosos Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia Supramunicipal son bos exemplos desa práctica da ordenación territorial.

### 3.2 Algunhas reflexións sobre o urbanismo galego

Esta ausencia de políticas de ordenación territorial supliuse polo urbanismo (de maneira pouco efectiva tal e como recoñece a propia Lei 10/1995). A análise de algo tan complexo como o urbanismo galego transcende os obxectivos deste traballo, mais si cómpre unha pequena reflexión dende unha óptica territorial e rural.

<sup>6</sup> Especificamente para o Estado de Baden-Wuerttemberg.



**a)** O urbanismo en Galicia foi, e en grande medida continúa a ser, plenamente *top-down*, (arriba-abaixo), especialmente no territorio e concellos máis rurais. Considérase máis un problema que unha oportunidade de desenvolvemento e mellora de calidade de vida.

**b)** Os plans urbanísticos concíbense máis como un documento e unha normativa (e fonte de recadación) que como un proceso de reflexión social, prospectivo e participativo.

**c)** O urbanismo céntrase na cidade ou no núcleo urbano principal do concello, e como moito é a visión urbana a que se pretende replicar nos núcleos que pretende ordenar o plan urbanístico correspondente. Concellos como os galegos, con máis de 300 entidades de poboación, supoñen unha complexidade técnica notable na práctica do urbanismo, por non falar da carga de traballo e dificultade de xestión. Do mesmo xeito que se asume que o custe medio dun kilómetro de autoestrada é superior en Galicia que na media do estado, outro tanto podería dicirse e asumirse na redacción do planeamento urbanístico. Neste sentido o noso modelo de asentamento, parroquial de poli-entidade, debería contribuír a deseñar unha aproximación metodolóxica adaptada na práctica da planificación e desenvolvemento urbanístico

**d)** Modelo de urbanismo sempre como demandante de espazo. Os plans concíbense como instrumento que pretende dirixir e xestionar a consecución de solo (deixa de ser territorio para ser solo urbanizado, urbano, urbanizable etc.). É un modelo de por si depredador e consumidor dun recurso natural limitado e escaso, o territorio, o espazo. Nesa transformación, considéranse os requirimentos, as demandas da actividade urbanística, mais rara vez se realiza un verdadeiro estudo, análise e avaliación das potencialidades e aptitudes de cada porción do territorio para a súa transformación ou cambio de uso, considerando todos (ou polo menos unha relación suficiente) de usos alternativos e necesarios para un correcto desenvolvemento sostible dende unha perspectiva local, máis tamén de país. Aínda que a lei vixente demanda este estudo, na realidade só se avalía a aptitude para a urbanización (que non o impacto da urbanización). Ese enfoque dende a cidade, sen ler, sen coñecer as potencialidades do territorio (lembremos o dito de territorio diverso, territorio de valor), aínda que existan moitos poderes públicos con competencias, trae como consecuencia que ninguén fale polo territorio. A terra ten, pola contra, moitos portavoces, tantos como propietarios e axentes no mercado do solo, e como sabemos en Galicia, destas dúas clases temos, coma no das entidades de poboación, unha cantidade máis que notable. Cando a LOUPMRG, fala de “límites de sostibilidade” no artigo 46 da LOUPMRG, sorprende que se utilice como único límite a superficie edificable total e o grao de ocupación máxima en solo urbanizable e urbano non consolidado. ¿Que hai do resto de consumo de recursos, por que non empezar a calcular no planeamento municipal a pegada ecolóxica do modelo de planeamento proposto?. Obviamente para iso é necesaria a investigación, a



A cidade da Coruña



Paisaxe do río Miño desde a Cova, no mirador o Cabo do Mundo (O Saviñao, Lugo)

multidisciplinabilidade nas administracións competentes en materia urbanística etc., cambiar, en definitiva, un modelo e unha práctica con moitas inercias. Aldo Leopold escribiu en 1933 que “o territorio é unha comunidade, o cal constitúe un concepto básico da ecoloxía, mais tamén de forma paralela que a obriga de amar e respectar o territorio constitúe unha extensión da ética”. Debemos empezar a considerar as cuestións relacionadas co uso do territorio e as opcións que se toman como unha cuestión ética coa que se trata de promover a maior cantidade de beneficios e benestar social, en igualdade de condicións para todos (Beatley, 1994). Existe ou debería existir unha ética do uso e non uso do territorio, deixar de consideralo como unha mercadoría máis, e pasar a ser considerado como primeiro recurso para a tan nomeada sustentabilidade.

e) A visión do urbanismo en Galicia, especialmente na Galicia rural, pasou paulatinamente de ser entendida como asunto da clase política local, a asunto case que exclusivo de técnicos. O territorio debe ser algo máis que unha superficie sobre a que a actividade económica e social ten lugar (Graham e Healey 1999); demasiado a miúdo as visións euclídeas son aínda predominantes en moitas áreas da actividade planificadora urbanística, especialmente desde certos colectivos profesionais. Conceptos como gobernanza, planificación participativa, SIX participativos, planificación de usos do solo, acceso e dispoñibilidade da información etc. parecen aínda non asumidos polos técnicos e políticos que dirixiron e dirixen o urbanismo do país. Propostas como o sometemento a referendo das propostas dos plans, son recollidas xa por algúns autores (Martín, 2007). Este é se cadra un dos problemas principais da práctica e do urbanismo, a falta de transparencia, participación, democracia en resumo, e implicación das sociedades locais nun dos procesos sociais, onde probablemente sexa máis necesaria, e onde máis está en xogo para os territorios rurais en canto á viabilidade do seu futuro. O planeamento é máis un proceso social ca un conxunto de ordenanzas, planos e cartografía; este sería o enfoque proactivo do planeamento, lamentablemente prima o reactivo e normativo. Fronte á situación descrita, cómpre mencionar iniciativas coma o da *Countryside Commission England* (1996) que nun tema tan “técnico” e para “expertos”, recolle como recomendacións para acadar un mellor deseño dos núcleos rurais na campiña inglesa, a elaboración dunha Declaración de Deseño da Aldea (*Village Design Statement*), que deberá cumprir unha serie de requisitos<sup>7</sup>. A paisaxe de valor, a calidade escénica, o respecto polo patrimonio construído, é unha valoración da sociedade, non só exclusiva dos expertos nin dos técnicos especialistas ou non na materia. E senón basta lembrar a definición de obxectivo de calidade paisaxística do Convenio Europeo da Paisaxe<sup>8</sup>. Mais esta falta de participación non é un problema só atribuíble á administración local ou autonómica, lamentablemente é un problema da sociedade no seu conxunto, problema que só se resolve con educación, difusión de información, e fomento da participación.

<sup>7</sup> *An effective Village Design Statement:*

- is developed, researched, written and edited by local people;
- is representative of the views of the village as a whole;
- has involved a wide section of the village community in its production;
- describes the visual character of the village;
- demonstrates how local character and distinctiveness can be protected and enhanced in new development;
- ....
- is about managing change in the village, not preventing it.

<sup>8</sup> Establécese como “obxectivo de calidade paisaxista”, para unha paisaxe específica, a formulación por parte das autoridades públicas e competentes das aspiracións das poboacións no que atinxe ás características paisaxísticas do seu entorno

f) A lentitude e complexidade do proceso administrativo exercido pola administración autonómica na tramitación dos plans xerais de ordenación. A esta baixa produtividade non é allea a escaseza de medios, pero fundamentalmente é imputable ás baixas capacidades tecnolóxicas das que está dotada a administración, e a case que nula utilización dunha ferramenta hoxe imprescindible, os Sistemas de Información Xeográfica. Ningunha empresa ou administración pode asumir o mantemento de procesos e procedementos non produtivos nin rendibles. Se ben os SIX son empregados polas consultoras, a administración continúa ancorada en métodos de traballo non válidos para o século XXI, e este é un custe que non pode pagar a nosa sociedade, nin os nosos concellos nin moito menos o noso territorio. Ademais disto habería que engadir que se aproveita a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal para esixir a xeración e obtención de información (de todo tipo, territorial, patrimonial, cartográfica etc.) que debería estar xa elaborada pola administración autonómica correspondente, e dispoñible para os concellos e equipos de planeamento. O planeamento é a fase de análise, avaliación, discusión de modelos e formulación de propostas, non a de recollida de información que debe corresponder á administración autonómica. Confiemos neste sentido en que a Directiva INSPIRE veña a poñer algo de orde e racionalidade no sistema actual.

g) En relación co anterior, a lexislación vixente fala da necesidade de participación nos equipos redactores de instrumentos de planeamento de polo menos tres titulacións académicas diferentes de segundo ou terceiro ciclos. Dende a Administración competente non parece que internamente se aplique este lóxico principio que entende o urbanismo como multidisciplinar, e non é estraño por tanto que se demande a xustificación de solo rústico de protección agropecuaria a partir dos vellos mapas de clases agrolóxicas, só por poñer un exemplo; ou que os mapas de usos a elaborar se obteñan de fontes a escalas 1:25.000 e menores, ou que se admita como solo rústico de protección agropecuaria o solo de peor calidade do concello, para deixar o máis apto como rústico común. Outro tanto se podería dicir doutras clases e categorías de solo.

h) En termos comparativos con outros países do noso entorno e mesmo do propio EEUU, a escasa actividade e produción científica de calidade en xornais referenciados, dos investigadores e grupos de investigación en Galicia máis aínda se temos en conta a importancia de todo tipo que a actividade do urbanismo representa (en termos económicos, sociais, ambientais etc.). A xeración de coñecemento é necesaria en todos os ámbitos, e esta xorde basicamente da investigación e mais a innovación. Nese sentido tampouco existen programas específicos de investigación na materia de ordenación do territorio nin unha oferta de grao e posgrao en ordenación do territorio dentro do SUG, e menos aínda dende unha perspectiva realmente multidisciplinar. Os intentos por implantalo, sempre chocaron coas inercias do “*establishment*” académico en primeiro lugar, e coa falta de vontade política en segundo.



Paisaxe na comarca da Ulloa (Lugo)

### 3.3 A parroquia na normativa legal de ordenación do territorio e urbanismo en Galicia

Unha vez feitas estas reflexións, para coñecer de que maneira a parroquia é tratada, ou que papel desempeña na ordenación territorial e no urbanismo, é necesaria unha revisión da normativa legal, que se recolle na Táboa 3, na súa primeira columna.

A segunda, terceira e cuarta columnas recollen as tres etapas básicas, a manifestación máis simplificada dun proceso de ordenación, as cales son:

- a) descrición e análise territorial, diagnóstico e problemas;
- b) fixación de obxectivos e xeración e discusión de posibles propostas, modelos, solucións aos problemas;
- c) a columna da dereita recolle a solución final proposta polo plan como instrumento de ordenación territorial ou urbanística e as características do antedito.

A metodoloxía de análise utilizada non podía ser máis sinxela, e consistiu na revisión da normativa que figura na Táboa 3, e a busca da palabra parroquia, mais a análise do contexto na que se cita, contextualizando ademais a que fase do proceso de ordenación corresponde.

O resultado para os tres instrumentos de ordenación do territorio é tan claro como contundente. Non existe nin unha soa referencia á parroquia nos textos legais. Sorprende que a Lei 10/1995, situada no vértice xerárquico do sistema de planificación do país, ignore a célula básica de organización do espazo de Galicia.

Polo que atinxe á normativa urbanística, considerouse de interese engadir a lei vixente, 9/2002 coas modificacións introducidas pola lei 15/2004, a principal normativa autonómica previa, para ver se era posible algunha análise



©Xacobeo

Pontecures (Pontevedra)

Normativa de ordenación do territorio e urbanismo en Galicia			
NORMA	INVENTARIO-ANÁLISE-CARACTERIZACIÓN	PLANIFICACIÓN	ORDENACIÓN
Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia			
Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.			
Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.			
Lei 9/2002, mods. Lei 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia	Art 56: Pertenza parroquial de cada núcleo rural delimitado		Art 49: Distrito como categoría de ordenación (SU): apoiado en límites parroquiais.
Lei 9/2002, mods. Lei 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia	Art 61: Análise modelo asentamento parroquial		Art72: zonificación das Pqs. por morfoloxía e tipoloxía do construído e/ou valores ou potencialidades do rural (P.E.M.M.R.)
Lei 1/1997 do Solo de Galicia (DEROGADA)	Art 10: Análise modelo asentamento parroquial	Art 5 : os instrumentos de ordenación considerarán parroquias, comarcas	
Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia (DEROGADA)	Art 12: os Plans Xerais definirán a estrutura parroquial		Art 1: a clasificación do solo atenderá ás características de asentamentos, organización parroquial e comarcal

Táboa 3

comparativa. A Táboa 3 recolle os artigos nos que se considera o termo parroquia nas tres leis analizadas.

A normativa vixente recolle referencias a parroquia en catro artigos, dous deles de potencial inclusión na fase primeira de Inventario e os dous restantes, na fase de Ordenación.

O artigo 56 recolle a obriga de referir a pertenza parroquial de cada núcleo rural proposto no PXOM. O artigo 61 a necesidade de recoller no documento denominado Estudo de Medio Rural a análise do modelo de asentamentos poboacionais, que obrigatoriamente fará referencia á pertenza parroquial de cada asentamento de poboación. Lamentablemente non se define que se entende por asentamento de poboación, o que na práctica deixa marxe para demasiada discrecionalidade e libre interpretación.

Os artigos 49 e 72 pertencen á fase de ordenación do planeamento. Na determinación máis importante da ordenación, é dicir, na determinación das categorías de ordenación (no caso do urbanismo a clasificación de solo), especificamente para a clase de solo urbano e a súa división en subunidades que a lei denomina distritos, o art. 49 establece que estes se apoiarán en límites como os das parroquias, ou espazos territoriais de características homoxéneas, ou en límites físicos claros. Parece implícito un certo recoñecemento de heteroxeneidade interparroquial.

Probablemente a determinación máis importante, polo menos potencialmente, con referencia específica á parroquia, sexa a do artigo 72. Neste artigo, dedicado a Plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural (PEPRMMR), establécense coma determinacións a conter por estes plans un estudo por parroquia e delimitación de áreas xeográficas homoxéneas (zonificación) atendendo basicamente a catro factores, dous antrópicos e dous naturais. Morfoloxía de asentamentos e tipoloxía de edificacións, para os primeiros, e valores e potencialidades do medio rural merecedoras de protección (deixando aberto a “outras circunstancias relevantes”) para os segundos.

Aínda que non se recolle no articulado da lexislación vixente, inclúese tamén unha referencia á parroquia, no documento titulado “Prego de Prescricións Técnicas para a redacción dun plan xeral de ordenación municipal”, prego tipo (polo menos ata datas recentes) empregado nos concursos de contratación das empresas redactoras de planeamento. Na sección titulada “Análise do modelo de asentamento de poboación”, recóllese que o PXOM incluíra a delimitación de parroquias, estrutura e xerarquía de asentamentos para cada parroquia. Deste xeito, enténdese que teremos por fin a ansiada cartografía parroquial de Galicia, unha vez rematada a xeración de planeamento municipal segundo a lei vixente, e en liña coas determinacións que se establecen para a ordenación de núcleos a unha escala 1:2000 ou como mínimo 1:5000, escalas ás que son entregados os traballos de planeamento municipal.

A normativa urbanística previa á vixente, a Lei 1/1997 do Solo de Galicia, facía referencia á parroquia unicamente nos seus artigos 5 e 10. O artigo 10 é case copia do 61 da Lei 9/2002 sobre a pertenza parroquial de cada asentamento de

Mosteiro de San Pedro de Rocas (Ourense). Na paisaxe do rural agóchase un patrimonio de enorme potencial a explotar



poboación. O artigo 5 establece que se terán en conta as parroquias na formulación dos instrumentos de ordenación, mais nin na lei nin en ningunha outra norma ou instrución técnica posterior se regula o “como”, o método para resolver estes mandatos legais.

Por último, a Lei de Adaptación da do Solo a Galicia, LASGA, recolle referencias á parroquia no artigo 1 e máis no artigo 12. Pero ademais, fai referencia expresa e explícita por dúas veces á parroquia na Exposición de Motivos da lei, demandando “*un estudo detallado entre outros aspectos das parroquias nos futuros plans de ordenación galegos*”, así como unha superior proporción de esforzos no estudo do medio rural, non deixando este espazo rural como espazo residual; altérase unha visión dun territorio como mero continente de realidades urbanas.

Esta exposición de motivos da lei fala de certa intención de aplicación dos principios da ordenación territorial na práctica do urbanismo a partires da entrada en vigor da LASGA. Lamentablemente, na nosa opinión isto quedou en mera teoría. En boa parte dos plans aprobados coa LASGA vixente, polo menos na provincia de Lugo (que foron os que tivemos oportunidade de analizar no seu día), apenas se facían referencia ás parroquias, e aos loables principios inspiradores da Exposición de Motivos da citada lei.

No articulado da LASGA, concretamente no artigo 1, establecíase que para a clasificación do solo (como quedou dito, a máis importante determinación dos plans urbanísticos) se atenderá entre outros criterios á organización parroquial. Esta é sen dúbida a referencia que outorga maior importancia e valor á parroquia de todas as normas urbanísticas (poderíamos incluír tamén as sectoriais). A parroquia e as súas características influirán na fase de ordenación á hora de establecer o modelo de ordenación proposto. Ningunha outra norma lle ten outorgado o mesmo peso e importancia á parroquia.

Para que isto fose así, loxicamente, terá que determinarse a división parroquial (da escala axeitada á clasificación do solo proposta), e así o establece o artigo 12 da LASGA, cando di que os plans conterán polo menos a división parroquial. Ou sexa, que xa dende o ano 1985, todos os plans municipais aprobados deberían contar coa delimitación parroquial a escalas 1:5000 ou 1:2000 ou incluso maiores (en función do ámbito territorial).

Como comentarios globais aplicables á relación parroquia-urbanismo, cabe preguntarse por que a pesares de que en todas as normas, e xa dende 1985 se fala da necesidade, cando non obriga, de establecer os límites parroquiais en cada plan de ordenación, na práctica continúa a ser un tema sen resolver. A parroquia mantén importancia e vixencia no rural, e este non é obxecto de atención preferente máis aló de enfoques limitadores e de velar polo estrito cumprimento de lexislación sectorial, sen ser capaces de ler as potencialidades propias dun territorio diverso.

Á vista de todo o anterior, cabe reflexionar sobre a necesidade de elaborar en cada plan xeral de ordenación municipal unha proposta de ordenación por parroquia (ou grupos de parroquias homoxéneas, dada a variabilidade en termos de poboación e superficie) dentro de cada concello, nunha planificación xerárquica. Obxectivos, instrumentos e medidas específicos e axustados ao nivel ben sexa parroquial ben sexa municipal. Deste xeito, cuestións como a planificación de usos do solo, a planificación agraria e das explotacións agrarias (por que non empregar o inxente traballo feito no seu día para a legalización das explotacións agrarias, entregando este traballo como información de partida aos



Aldea de Brañela. Ao fondo o núcleo da Fonsagrada (Lugo)

equipos redactores do planeamento?;é que acaso non son estas tamén actividades que cómpre ordenar no planeamento?); por suposto os proxectos de ordenación de montes, as determinacións establecidas nos montes veciñais en man común, os plans municipais de prevención de incendios que prescribe a lei de incendios etc. deberían adoptarse nesta escala parroquial, integrados nos PXOM. Os antecedentes históricos e mais a vixencia social e tradición na regulación dos usos en moitas parroquias rurais, aconsellarían acometer estas iniciativas dende o enfoque rural e a escala parroquial. Isto permitiría aproveitar unha das potencialidades do noso modelo territorial (como é o de cubrir todas as escalas dende a Galicia ata a Parroquia, pasando por todas as escalas intermedias) e poñer en práctica un verdadeiro sistema xerárquico de ordenación (Herrmann e Osinski, 1999). Sobre os contidos desa proposta de ordenación volveremos máis adiante.

Outras vantaxes que a planificación no nivel parroquial pode engadir dentro da planificación e ordenación municipal son (The Countryside Commission, 2003):

- a)** Permitir traballar cun maior nivel de detalle e mesmo identificar cuestións de deseño e de “carácter” en relación ás necesidades de localizacións e sitios específicos para a súa conservación ou desenvolvemento.
- b)** Establecer criterios específicos e aplicables a determinadas parroquias en función das súas características, e non “considerables” na xeneralidade dun plan de ámbito municipal.
- c)** Aumentar o grao de aceptación e incluso de auto-apropiación das determinacións máis conflitivas do plan por parte da poboación afectada. Deste xeito, se tanto na fase de proposta como de negociación das determinacións do plan estas son aceptadas pola poboación, a súa aplicación, sempre resultará máis doada.
- d)** Dito todo isto, as determinacións establecidas para as diferentes parroquias sempre deberán ser coherentes coas determinacións do plan xeral de ordenación municipal.

### 3.4. Planificación agroforestal

As iniciativas agrícolas, gandeiras e forestais, sectoriais por definición, tiveron e teñen así mesmo importantes repercusións no cambio de modelo territorial nos últimos 50 anos. Cal foi e cal é a presenza da parroquia nas súas determinacións é o obxecto desta sección.

A inxente cantidade de instrumentos de acción pública no eido agroforestal fai inabordable a consideración individualizada na análise, polo que se consideraron unicamente os de maior rango e actualidade, a partires dunha revisión da principal normativa en vigor.

Coma na sección anterior, fanse algunhas consideracións previas de contexto ao respecto da política agroforestal.

- a)** A Unión Europea é responsable, a través da PAC, de importantes repercusións territoriais das políticas agroforestais en Galicia (re-estruturación gandeira, reforestación de terras agrarias, etc.), aínda que a aplicación concreta de moitas destas medidas e, polo tanto, dos seus efectos finais, entraron no ámbito dos gobernos autonómicos. Evidentemente a súa análise excede con moito os obxectivos deste traballo.



Paisaxe da Comarca  
de Lemos (Lugo)

**b)** Os subsectores clásicos, agrícola, gandeiro e forestal, lonxe de ser complementarios, teñen tras de si unha longa tradición de competencia tanto polo territorio, polo espazo físico, como polas vías de financiamento, que non parece que vaia a menos. Esta competencia está presente na iniciativa privada, no mundo profesional, no académico e investigador e tamén na propia administración pública, aínda nos casos en que as súas políticas foron responsabilidade dunha mesma Consellería. Esta competencia, que nos extremos máis positivos interpreta cooperación como “non interferencia”, constitúe un verdadeiro problema, ao que non é alleo, por desgraza, certo

corporativismo importado da antiga escola, que invocando a tradición nos mantén anquilosados en modelos decimonónicos.

**c)** Ao contrario do que sucede en países coma Francia ou Alemaña, con sectores agrarios fortes, a planificación territorial agroforestal é case nula. Iníciáanse todo tipo de proxectos de concentración parcelaria, de ordenación de montes, de prevención de incendios, de ordenación de espazos naturais, etc., sen un necesario labor previo de coñecemento das repercusións a nivel de país, ou das repercusións sobre outros subsectores, mesmo sen compatibilizarse entre os de igual tipo e área, e sen coñecer os factores de localización que poidan condicionar o éxito ou fracaso da iniciativa. Por exemplo, a diversidade territorial fai que nalgunhas zonas a concentración parcelaria poida ser un éxito e noutras un verdadeiro fracaso, sendo a mesma medida. Sexa ou non “a cultura da improvisación do sur”, como dirían algúns colegas do norte, esa falta de planificación -trabállase no nivel de proxecto, no operativo, nunca no estratéxico e pouco no táctico- impide a imprescindible coordinación e integración con outras actuacións con impacto territorial, entre outros os propios Plans Xerais de Ordenación Municipal -á espera das ansiadas Directrices de Ordenación do Territorio-, e a creación dun sistema integrado e xerárquico de ordenación territorial a varios niveis.

**d)** O feito de que Galicia ten sido eminentemente agraria durante moitos anos induce á falsa percepción de que o seu solo agrario de calidade é un recurso abundante. Esta é unha grande equivocación, e oculta a importancia que ten a perda de moitas hectáreas de solo de valor agrario, realmente un recurso natural escaso en Galicia e non renovable. Esta perda de solo prodúcese na gran maioría dos casos a expensas da expansión e urbanización difusa (*sprawl*) e do abandono xa mencionados.

**e)** A falta de información no eido, suficiente e de calidade para Galicia. É difícil xestionar un territorio, un microcosmos de parcelas e usos coma o noso, coa mesma información e escala que se manexa, por exemplo, para Castela-León



ou Andalucía. Isto leva a imprecisións que xorden, por exemplo, ao manexar os Mapas Forestais ou a cartografía dos Inventarios Forestais Nacionais, ou os mapas de usos 1:25000 cando se traballa nos Plans Xerais de Ordenación Municipal a escalas 1:5000 ou 1:2000.

Pese a que o Catastro Español pode considerarse entre os de grupo de cabeza a nivel mundial, en Galicia, dada a complexidade da súa estrutura fundiaria, demandaríase un esforzo no eido da Administración de Terras, con maiúsculas, que tal e como é definida pola Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas, constitúe o conxunto de medidas que permiten o almacenamento e difusión de información relativa ao uso, propiedade e valor da terra (UNECE, 2005). Non se pode xestionar o territorio sen información de calidade destes tres elementos (propiedade, uso e valor), axustando a escala de traballo de cada plan aos seus obxectivos.

Esta información de calidade é imprescindible para a posta en práctica de determinadas accións e instrumentos, como o ten demostrado o arranque do BANTEGAL a través da posta en funcionamento, a finais do ano 2007, do SITEGAL.

Así, nestes tempos nos que se está a falar de cooperación fronte a competencia nas administracións, de consensos, e de traballo en rede, cabería preguntarse se dende unha perspectiva de efectividade non tería sentido a transferencia das competencias en materia catastral, ou cando menos unha xestión compartida entre o Estado e a Comunidade Autónoma Galega, dadas as nosas singularidades neste eido, e a vital importancia dunha información de calidade para unha xestión eficaz e eficiente do territorio e da terra.

Debe existir unha política nacional de Administración de Terras inserida no marco xeral político, que determine como a terra debe ser usada para conciliar os obxectivos sociais e económicos, para conciliar o interese e dereitos privados co interese e dereitos públicos, e o primeiro paso para iso é a facer accesible información de calidade.

Feitas estas reflexións, para coñecer de que maneira a parroquia é considerada (ou non) nas distintas políticas agroforestais, procedemos de xeito semellante á sección centrada na ordenación do territorio e mais o urbanismo. Fíxose unha revisión da principal normativa, indicándose na primeira columna da Táboa 4 a súa referencia. Ademais, analízase a consideración da parroquia dende tres perspectivas diferentes:

- a) referente cultural característico de Galicia;
- b) colectivo social, grupo de veciños que constitúen unha colectividade, exercen certas funcións como xestores, ou son actores en procesos de información ou de participación;
- c) territorio, ou espazo xeográfico físico delimitado no que se desenvolven unha serie de actuacións.

O resultado da análise, nunha primeira instancia, manifesta que a presenza e consideración da parroquia na normativa agroforestal é maior que na de ordenación do territorio e na do urbanismo.



Bantegal. Unha iniciativa da  
Consellería do Medio Rural.  
[bantegal.com/sitegal](http://bantegal.com/sitegal)

Táboa 4

Normativa agroforestal en Galicia			
NORMA	COMPOÑENTE CULTURAL	COMPOÑENTE SOCIAL	COMPOÑENTE ESPACIAL
Lei 10/1985 do 14 de agosto de concentración parcelaria para Galicia	Exp. Mot.: Pq elemento configurador da organización territorial galega; Pq marco axeitado o previsto na lei	Art 31: Pq. Titular de fondo de terras; XESTORA	Art 54: Pq como ámbito espacial de acción da CP
Lei 10/1985 do 14 de agosto de concentración parcelaria para Galicia		Art 35: Pq para participación no proceso, presentación docs. discusión e debate	
Lei 12/2001 de modificación de Lei de concentración Parcelaria para Galicia	Exp. Mot.: elimínase o Fondo de Terras por non ter acadado recoñecemento xurídico a Pq.	Art 10bis,35,36,37,63: Pq para participación no proceso, presentación docs. discusión e debate	Art 23,54: perímetro de CP o da/s Parroquia/s
Lei 13/1989 do 10 de outubro de montes veciñais en man común.		Art 11: Posibilidade de inicio pola parroquia do expediente de clasificación de MVMC	Art 30: MVMC decretados en estado de abandono, os beneficios dos aproveitamentos reverterán no territorio da parroquia/s no que se localice o MVMC
Lei 13/1989 do 10 de outubro de montes veciñais en man común.		Art 20,27: xestión pola Parroquia nos casos de desaparición da Comunidade MVMC	
Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza			Art 12: parroquia como unidade territorial de identificación de alto risco de incendio
Decreto 105/2006 do 22 de xuño polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.		Art 5: comunicación lugares habituais nas parroquias a infractores	Art 15: permisos de queima por días e parroquias para solicitudes de tres ou máis veciños
Orde 18 abril 2007 na que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal		Non se inclúe referencia ningunha á parroquia	
Borrador de 11.11.2007 Lei de montes de Galiza		Non se inclúe referencia ningunha á parroquia	
Decreto 43/2008 polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia		Non se inclúe referencia ningunha á parroquia	
Lei 7/2007 de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.		Fixación de Prezos de referencia por parroquia	Disposición Derradeira 1ª: modifícase arts 27 e 30 da Lei MVMC para combater o abandono dos MVMC
Decreto Borrador (20007/12/04) Unidades de Xestión Forestal en Galiza-Uxfor		Arts 8,20: comunicación lugares habituais nas parroquias sobre Comisións Promotora e Asemblea Xeral	Art 4: perímetro de UxFor apoiado en límites Pqs (entre outros)
Decreto Borrador (20007/12/04) Unidades de Xestión Forestal en Galiza-Uxfor		Disp. Adic. 3ª: xestión cautelar pola Admon en casos de desaparición da Comunidade MVMC	Art 35: Rexistro de UxFor incluírá referencia parroquial

### 3.4.1. A Concentración Parcelaria

A concentración parcelaria, actuación de notable repercusión no territorio galego, considera a parroquia nas súas tres compoñentes. En primeiro lugar reconece a parroquia como elemento configurador da nosa organización territorial. Na súa compoñente social, outorga a este colectivo, segundo a Lei 10/1985, a titularidade e capacidade de decisión na xestión do fondo de terras (terras sobrantas do proceso concentrador), e ademais reconece a parroquia e os propietarios de terras

na parroquia como as persoas que poderán participar nas presentacións, exposicións e alegacións aos distintos documentos que se producen no proceso de concentración (dende as bases ata proxecto e acordo de concentración). Cómpre dicir neste punto que poucas actuacións de planificación dispoñen dun procedemento tan sólido para permitir a discusión e participación cidadá (rural deberíamos dicir), máis aló da mera información (que non se debe confundir con participación). Ademais o espazo, o territorio da parroquia, debe ser o ámbito territorial, a unidade de actuación de cada zona de actuación de concentración parcelaria. A realidade mostra que isto non sempre é así, pero cada vez en maior medida se axustan ambos límites.

Porén, a Lei 12/2001, que modifica a lei 10/1985, elimina o Fondo de Terras, por teren transcorrido anos sen que a parroquia acadase o seu recoñecemento xurídico. Isto constitúe sen dúbida un paso atrás no intento por manter un espazo rural vivo. Non se trata de que todas as parroquias se manteñan vivas (obxectivo verdadeiramente ambicioso), nin moito menos, con actuacións de concentración parcelaria, ou calquera outras, mais si de que exista a posibilidade de que aquelas parroquias con dinamismo suficiente, poidan aproveitar todos os seus recursos, e a terra é sen dúbida un deles. As referencias do resto do articulado 10bis, 35,36,37,63 manteñen as indicacións sobre a compoñente social en canto a difusión de información e participación nas distintas fases do proceso. Os artigos 23 e 54 confirman o perímetro das zonas axustado a límites da parroquia ou a máis dunha parroquia (confirmando a tendencia de que as zonas decretadas son cada vez de maior superficie).

### 3.4.2. Os Montes Veciñais en Man Común

Nun segundo bloque de análise abordamos a Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común. Dende un enfoque social da parroquia, fálase da posibilidade de inicio do expediente de clasificación como MVMC a instancia do colectivo de veciños da parroquia. Estes veciños, xestionarán e tomarán decisións respecto do uso do MVMC en ausencia ou por desaparición da comunidade de montes constituída. Na compoñente territorial, no art. 30 establécese que será o espazo físico da parroquia o que reciba as obras e melloras como consecuencia dos beneficios obtidos de MVMC que foran decretados en estado de abandono segundo procedemento establecido pola administración. Esta lei de MVMC, e o feito de outorgar a comunidades parroquiais a titularidade sobre amplas extensións do territorio (falamos de case 700.000 ha en Galicia), ten sen dúbida garantido a supervivencia de moitas parroquias como colectivo social, e outórgalles a

Concentración parcelaria na parroquia de Obra (Vila de Cruces). Fonte: Dirección Xeral de Estructuras e Infraestruturas Agrarias. Consellería de Medio Rural



Antes da concentración



Despois da concentración



Vista aérea de Obra. Fonte: Sixpac 2003

posibilidade de obter ingresos como consecuencia dos novos usos e demandas sobre o espazo (parques eólicos, canteiras, mesmo plantacións de viñado de calidade etc.), existindo aínda así aspectos que cómpre mellorar para facer a súa participación dos beneficios equiparable aos diversos custes que asumen. Non son poucos, por outra banda, os litixios acerca dos límites dos MVMC e por extensión das parroquias. Esta é sen dúbida outra proba da materia pendente en Galicia, dunha falta de políticas de Administración de Terras.

### 3.4.3. Os Incendios Forestais

O terceiro bloque de análise, refírese aos incendios. A Lei 3/2007 no seu artigo 12 identifica a parroquia como unidade de referencia, de identificación do espazo físico con alto risco de incendio. Dito doutro xeito, as zonas de alto risco de incendios corresponderanse con parroquias e, polo tanto, déixase entrever que son unidades espaciais a ter en conta na planificación contra os incendios forestais. É por isto sorprendente que na *Orde de 18 de abril onde se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal* non se recolla referencia ningunha á parroquia, e as zonas de risco se delimiten por concellos, en risco alto e medio. Neste mesmo bloque, o Decreto 105/2006, fala da parroquia en dous artigos. No artigo 5: os mecanismos de difusión de información sancionadora realizaranse a través dos lugares habituais nas parroquias. No artigo 15: os permisos para queimas estableceranse por días e parroquias. Medidas de xestión contra o lume que hai que realizar por parroquia.

### 3.4.4. A Lei de Montes de Galicia

Consideramos pertinente facer, nesta mesma sección, unha breve referencia á nova Lei de Montes de Galicia que, se ben aínda se atopa en fase de elaboración, presenta xa un grao de definición suficiente para unha primeira valoración e que, coidamos, ten grande relevancia para o futuro desenvolvemento das nosas parroquias. Na súa versión actual, non inclúe referencia ningunha á parroquia. Descoñecendo se isto se manterá ate a redacción definitiva, resta saber se esta primeira aproximación asume que o monte non ten parroquia, ou a parroquia non ten monte, ou se se dá porque as súas similitudes co enfoque estatal son maiores das que efectivamente se dan entre o monte en Galicia e o monte no resto do estado. Pero o certo é que o Monte se integraba en moitas ocasións, no sistema tradicional, dentro das unidades parroquiais, sendo unha parte fundamental da súa funcionalidade espacial. O problema xorde cando na actualidade se fai unha definición do concepto de monte afastada da nosa identidade, realidade e traxectoria histórica, facendo copia mimética do que establece a Lei de Montes do Estado e mesturando conceptos de cobertura, de uso, de orixe, e mesmo legais ate chegar a unha ambigüidade e un baleiro conceptual que ameaza con contaminar calquera esforzo de planificación posterior. No mesmo bloque, o Decreto 43/2008, que determina o ámbito de aplicación dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais para Galicia, tampouco fai referencia ningunha á parroquia, recollendo unicamente este Decreto que a planificación forestal no marco da ordenación territorial elaborará o plan de ordenación dos recursos forestais de ámbito dos Distritos Forestais. Para levar adiante unha planificación ordenada, o primeiro que habería que establecerse é a que figura das contempladas na Lei 10/1995 se equiparan os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais. A normativa de ordenación territorial ignora a parroquia e a normativa forestal parece que segue a mesma liña. Realmente é unha mágoa non construír un verdadeiro sistema de

ordenación agroforestal incardinado no sistema de ordenación territorial aínda sen desenvolver, que vaia, por exemplo, para o caso forestal, dende a necesaria formulación dun Plan Forestal de Galicia, ata o Plan de Ordenación do Monte X, pasando previamente, e como mínimo, polo Plan Xeral de Ordenación Municipal e mesmo o Plan de Ordenación e Uso da parroquia Y á que pertence o Monte X.

O valor dos plans non é só o dos documentos a que dá lugar (este é o menor dos valores), senón os procesos que desencadea, de discusión, de debate, de participación, ata chegar a solucións e consensos. A falta de consensos, sobre todo no eido forestal, lévanos en moitos casos, como xa coñecemos, a respostas non desexables. Pola contra, a práctica habitual é que o último plan ou a última lei aprobada prevalezan sobre todo o anterior, e que fagan tabula rasa a partires do que neles se estableza; claro, ata que chegue outra nova lei e outro novo plan, que operará do mesmo xeito. Esta é outra consecuencia da falta dun sistema de ordenación territorial.



Paisaxe de San Clodio pola Ribeira Sacra do Sil. É necesario construír un verdadeiro sistema de ordenación agroforestal incardinado no sistema de ordenación territorial aínda sen desenvolver

### 3.4.5. Actuación intensiva nas parroquias rurais

Como última norma que analizaremos nesta sección, e non incluída na táboa 4, consideramos a Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais<sup>9</sup>. Esta lei, que mantén a súa vixencia dende principios do 1984, desenvólvese á súa vez pola Orde do 5 de xullo de 1985, que introduce algún cambio significativo.

Cómpre dicir, en primeiro lugar, que se trata dunha lei pouco coñecida, aínda entre os técnicos, e dende logo, pouco aplicada (lamentablemente, habería que engadir). A Táboa 5 recolle as iniciativas publicadas no DOG relacionadas con esta Lei e como se ve a súa aplicación ten sido mínima. Considerouse a súa

Lei de Actuación Intensiva nas Parroquias Rurais e actuacións relacionadas				
ANO	LEI DECRETO ACT. INTEN.	DOG Nº	ORDE / ORDES APROBANDO P. A. I.	DOG Nº
1984	Lei de Actuación Intensiva nas Parroquias Rurais	DOG nº 22		
1985			Orde pola que se desenvolve a Lei 11/1983 do 29 de decembro sobre Actuación Intensiva Parroquias Rurais.	DOG nº 186
1986			Orde pola que se aproba o Programa de Actuación Intensiva na Parroquia de San Salvador de Arnoia, Arnoia (Ourense).	DOG nº 80
1987	Decreto polo que se acorda a Actuación Intensiva na Parroquia de Olas, Concello de Mesía, (A Coruña).	DOG nº 71		
1987	Decreto polo que se acorda a Actuación Intensiva nas Parroquias de Covas, Esmelle, Mendia e Marmancón, Concello De Ferrol, (A Coruña).	DOG nº 70		
1988			Orde pola que se aproba o Programa de Actuación Intensiva nas Parroquias de Covas Esmelle Mandia e Marmancón no Concello de Ferrol (A Coruña).	DOG nº 80
1988			Orde Pola que se aproba o Programa de Actuación Intensiva na Parroquia de San Lourenzo de Olas, no Municipio de Mesía (A Coruña).	DOG nº 79

Táboa 5

<sup>9</sup> Publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 22, do 2.2.1984 e no Boletín Oficial del Estado núm. 13, do 15.1.1985

análise individualizada porque constitúe ou podería constituír unha poderosa ferramenta para a planificación e ordenación territorial no ámbito que nos ocupa, o da parroquia.

A lei consta dunha breve exposición de motivos e só 9 artigos. No sección introdutoria faise referencia expresa á ordenación territorial e á ordenación rural, recoñecendo a importancia e vixencia da parroquia rural a estes efectos, así como a necesidade de institucionalizala. É novidosa e mesmo atrevida, cando formula a lei como un ensaio e experimentación que debe adoptarse cun enfoque flexible e adaptativo, co obxectivo de tirar da súa aplicación, aprendizaxes que poidan ser estendidos a ámbitos territoriais máis amplos. Para isto deberían establecerse os mecanismos de avaliación e monitorización; estes lamentablemente non se formulan nin na lei nin na orde de desenvolvemento.

Podemos dicir que de toda a normativa analizada (dende a de ordenación territorial, urbanística e agroforestal), esta Lei 11/1983 constitúe a ferramenta máis poderosa para unha auténtica planificación e desenvolvemento no ámbito das parroquias, dende un enfoque de ordenación territorial-planificación física, mais tamén dende un enfoque de desenvolvemento rural-local. Esta afirmación susténtana estes argumentos:

**a) Territorio:** o propio título da lei, fala de actuación por parroquia; é a parroquia a unidade de acción. A Orde contempla a posibilidade de agrupar parroquias.

**b) Enfoque territorial,** non sectorial, incorporando xa no 1983 principios que máis tarde desenvolvería a iniciativa LEADER da UE. A pesares de que na lei se alude a actuacións no sector agrario (principal ocupación nas parroquias rurais no ano 1984), o Programa de Actuación Intensiva, P.A.I., (instrumento de actuación que contempla a lei) poderá incluír actuacións no eido das infraestruturas, abastecemento e saneamento de augas, equipamentos e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación, concentración parcelaria, ordenación de cultivos, aproveitamento de recursos forestais, agroindustria, protección da caza, pesca e paisaxe, mais tamén a capacitación e formación, profesional e cultural, necesidades deportivas, de ocio, recreo, ou fomento do cooperativismo e asociacionismo, e calquera outras relacionadas coa mellora da calidade de vida. Tal e como establece a Orde de desenvolvemento da Lei 11, trátase de aproveitar o potencial endógeno de cada parroquia. Ese recoñecemento explícito de que as parroquias, todas elas, teñen potencial endógeno, constitúe unha afirmación en positivo e non reactivo e asistencial, tal e como viña sendo habitual, nas políticas aplicadas no rural. Unha revisión do Anteproyecto de Ley Estatal de Desarrollo Rural do ano 2007, permítenos constatar que son poucos os aspectos considerados a maiores con 39 artigos, fronte a esta Lei de 1983, con case un cuarto de século de vida. O enfoque territorial constátase ademais co recoñecemento explícito do artigo 2 da Lei, cando establece que nun territorio diverso como o galego, distintas situacións, problemas de partida e diferentes potenciais endóxenos demandan, ou deberían de demandar, solucións específicas e adaptadas, escapando de receitas pechadas; as características do territorio da parroquia condicionan as propostas e solucións por adoptar. Dito máis claramente, primeiro lese o territorio, a parroquia, despois enténdese e logo planifícase. Establece ademais, dentro dese enfoque territorial, criterios de priorización de acción entre diferentes parroquias, sendo de destacar a consideración do grao de aceptación pola comunidade parroquial, como un dos criterios de priorización.

**c)** Coordinación e Enfoque Integrado: a Lei establece a posibilidade de executar os P.A.I. de maneira coordinada no vertical e no horizontal. No primeiro dos casos, dando cabida á administración local e Deputacións Provinciais, e no segundo, a outras delegacións provinciais doutras consellerías, que levarán a cabo actuacións intensivas contemplando a posibilidade de decreto conxunto por máis dunha consellería. Como se comentou, estas iniciativas, aínda que preferentemente dirixidas ás explotacións agrarias, poderían apoiar outros sectores de actividade.

**d)** Enfoque abaixo-arriba, combinado co enfoque arriba-abaxo. A lei fai unha valoración crítica de “pasadas actuacións imputables a accións non coherentes, ou de formulación de obxectivos non compatibles nin compartidos coas motivacións da poboación ás que se dirixen”. E por isto formula que o inicio do proceso poderá ter lugar por solicitude da maioría dos veciños da parroquia (a Lei falaba inicialmente de agricultores da parroquia), recollendo deste xeito a desagravación que se está a producir en Galicia e potenciando ademais os enfoques de ordenación territorial e de desenvolvemento rural que son por definición non sectoriais, senón integradores e coordinadores de sectores nunha estratexia común. O inicio pode producirse tamén de oficio pola Consellería. Asegúrase a participación pública a través da obrigatoria constitución da Xunta Parroquial con 4-6 membros escollidos polos veciños da parroquia entre eles, creándose unha nova institucionalidade (xa recollida nas antigas leis de concentración parcelaria, aínda que neste caso cun alcance moito máis limitado) e mantense a Asemblea Xeral de Veciños como máximo órgano de participación e decisión. Dótase ás Xuntas Parroquiais de certas capacidades, xa que poderán solicitar información gratuíta da administración.

**e)** Os P.A.I. levan aparelados os medios asignados para acadar os obxectivos previstos, así como os presupostos con cargo aos que se computarán os diferentes programas. Isto permite combater unha das principais eivas das políticas de ordenación territorial, a súa carencia de fondos específicos (Hildenbrand, 1996). O Plan de Actuación incluírá ademais unha avaliación económica con e sen proxecto, e unha avaliación ambiental. E isto xa se establecía nunha lei de 1983, nunha lei que conta con case un cuarto de século de vida, antes incluso da aprobación da Directiva 85/337 da UE.

**f)** Por último, as catro características que a Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983 establece como premisas para que unha iniciativa poida ser considerada como ordenación territorial:

- Democrática: xa comentado tanto en canto a inicio do procedemento, a obrigatoria constitución da Xunta Parroquial, a participación no proceso de formulación e xestión do plan.
- Global: non considerar un único sector de xeito illado (as infraestruturas, ou as explotacións agrarias, ou a vivenda...) senón o conxunto de sectores, actividades, recursos e valores do territorio, e as súas interrelacións e interaccións.
- Funcional: adaptado ás características de cada territorio (parroquia), sen copiar mimeticamente o modelo aplicado noutros territorios (parroquias). Diseñar, crear, desencadear procesos, identificar potencialidades, recursos, estratexias de valoración e dinamización social. En resumo, o mellor plan posible para cada parroquia.
- Prospectiva: planificar pensando na situación futura sen o plan de actuación intensiva; que pasaría sen plan?, cal sería a situación do territorio

desa parroquia? Esa sería a primeira tarefa antes de acometer un plan. Se existe consenso respecto do futuro e da súa “desexabilidade” ou non “desexabilide”, a partires de aí se mobiliza a sociedade e os capitais de maneira máis efectiva.

As catro son sen dúbida características que cumpre a Lei de Actuación Intensiva en Parroquias Rurais, Lei 11/1983.

Todo o exposto é obviamente o modelo teórico. Pouco se sabe dos resultados reais da súa aplicación, mais á vista dos datos expostos na Táboa 5 estes por forza foron pequenos dado o escaso número de decretos de inicio de actuación. Aínda a risco de equivocarnos, sen dúbida unha das causas da súa reducida utilización foi a dificultade de poñer en práctica unha condición básica: a integración de sectores, de axentes, de institucións, de leis, de instrumentos, de procesos,...de vontades, en definitiva, nos que o conxunto, unha verdadeira política de ordenación territorial, é sempre maior e mellor, que a suma de políticas sectoriais.

#### 4. Competencia e disfuncionalidade: riscos na implantación de Bantegal e Uxfor

Nesta sección abórdanse dous novos instrumentos de acción do Goberno galego, que nacen no eido agroforestal, pero que transcenden ese ámbito no impacto territorial que poden chegar a ter. Aínda que, tal e como se mencionou, son medidas de planificación agroforestal, decidiuse o seu tratamento individualizado por representaren dúas innovacións na xestión de terras en Galicia e, polo tanto, unha oportunidade de iniciar novas prácticas de ordenación territorial a través da re-organización estrutural que se pode achegar dende ese enfoque. Son, ademais, dúas iniciativas legislativas “estrela” que aparecen durante a xestión deste traballo adicado ás parroquias e que, ao noso entender, deberían ser aplicadas cunha forte consideración e asunción do significado territorial e social das parroquias. Nesta liña, esta sección diferénciase tamén para facer máis fincapé, máis alá da análise, nos argumentos propositivos.

Trátase por unha banda do Banco de Terras de Galicia, o Bantegal, creado a través da Lei 7/2007, e mais as UxFor, creadas pola Lei 3/2007 e definidas polo Decreto de creación das Unidades de Xestión Forestal en Galicia UxFor<sup>10</sup>. Así, e á espera dunha avaliación dos seus resultados reais, o seu carácter innovador foi xa recoñecido no ámbito internacional, como se puxo de manifesto na conferencia final do proxecto europeo FARLAND (INTERREG IIIC) no que 11 rexións europeas de 7 países diferentes debateron sobre o futuro da xestión de terras<sup>11</sup> e os espazos rurais en Europa. O Bantegal é obxecto de interese incluso para a súa presentación noutros foros internacionais promovidos pola propia FAO, en países inmersos en profundos procesos de reforma na súa xestión de terras (países do Centro e Leste de Europa), como instrumentos e fórmulas innovadoras, fronte ás clásicas medidas de reforma de estruturas agrarias.

Polo que atinxe ás referencias á parroquia nos textos legais, a Lei 7/2007 tan só as menciona na Disposición Derradeira 1ª, na que se modifican os artigos 27 e 30 da Lei de Montes Veciñais en Man Común, aos efectos de combater o abandono tamén nos MVMC, para que tampouco nos montes veciñais a



A Consellería do Medio Rural promove as Unidades de Xestión Forestal co fin de crear explotacións viables e sustentables con proxección de futuro. [uxfor.info](http://uxfor.info)

<sup>10</sup> No momento da redacción deste traballo dito Decreto estaba en vías de ser publicado, polo que a versión analizada foi un borrador de decembro de 2007.

<sup>11</sup> Conxunto de medidas para a adaptación da natureza e localización do uso da terra e/ou propiedade da devandita mesma, con obxectivos públicos ou privados.



propiedade determine un mal uso ou situación de risco por abandono. A nivel operativo, os prezos indicativos son establecidos polo Bantegal a nivel parroquial.

O Decreto de creación das UxFor, na compoñente social, recolle nos artigos 8 e 20 os lugares habituais das parroquias para informar e comunicar sobre a constitución da Comisión Promotora (iniciadora do proceso de constitución da UxFor) e da Asemblea Xeral, órgano de dirección da UxFor. Na Disposición Adicional 3ª recolle a posibilidade de xestión cautelar pola administración nos casos de desaparición das Comunidades de MVMC con terra incluída nunha UxFor. Na compoñente territorial, a parroquia considérase a efectos de posible delimitación do perímetro das UxFor, no artigo 4. Ademais, no Rexistro de UxFor que está para crearse, incluírase para cada unha delas, unha ou máis parroquias nas que estea, total ou parcialmente, incluída a UxFor.

Pero, máis alá desta revisión das consideracións formais, vexamos algúns aspectos da acción de ambos instrumentos para despois analizar a súa relación coa dimensión parroquial e como a consideración dun xeito explícito desta última pode enriquecer a súa eficacia.

**a)** Na súa configuración inicial parece que as dúas iniciativas compitan polo espazo, polo territorio, nun proceso, no que o primeiro que chega, planta a bandeira do que é ou debe ser un territorio, forestal ou SAU. Bótase de novo en falta unha acción planificadora previa e coordinada, máis sendo dous instrumentos da mesma consellaría.

**b)** Presentan unha visión do territorio compartimentado, na que a priori se vencellan actuacións estruturais a usos concretos (Bantegal a SAU, UxFor, ao uso forestal arborado produtor), cando sería conveniente diferenciar o que son as estruturas dos usos asociados (independentemente de que para as diferentes actividades se persigan modelos estruturais axeitados) e buscar as sinerxías en vez de simplemente evitar as inxerencias mutuas. Ademais, e falando de usos do territorio, unha porcentaxe importante destes non deberían cambiar, pero outra porcentaxe é, e debe ser, variable, atendendo aos contextos económicos nacionais e internacionais. Porén é necesario saber que porcentaxe, e sobre todo, onde se localiza esa porcentaxe modificable. Os usos non son algo estático, senón reaccións de adaptación a situacións internas e externas.

**c)** En relación as UxFor conviría avaliar a forma na que estas unidades se puideran converter en células cunha compoñente de desenvolvemento local, transformándoas en unidades de xestión territorial, nas que o uso, forestal ou outro, se definise a partires das potencialidades da unidade territorial de planificación, que ben podería ser a parroquia, pola súa compoñente territorial e social. É necesario evitar os riscos.

**d)** Non se aproveitan as posibilidades do uso multifuncional, que xurdirían dunha actuación integrada e planificada, os beneficios que podería reportar un instrumento ao outro e viceversa.

**e)** No grao de definición con que hoxe é coñecido o proxecto de creación das UxFor, advírtese o risco de desaproveitar fortalezas e institucións locais (con base na estrutura parroquial) para a definición e viabilidade do modelo de xestión territorial, dado que podería darse o caso no que

Lugar de Xora en Treos, Vimianzo (A Coruña)



dita xestión fose dirixida única e exclusivamente por absentistas e empresas privadas cuns intereses posiblemente afastados das consideracións locais.

É por iso que a existencia das parroquias como institucións sociais que, se ben febles, aínda prevalecen en certa medida dende o pasado, podería ser aproveitada dado que unha parte importante da súa esencia se relaciona cos usos e a posesión da terra, nunha serie de valores, normas, obxectivos, dereitos e responsabilidades dos habitantes das mesmas (xestores e mesmo propietarios, aínda que menos ao falar dos herdeiros en distinto grao) que se refiren aos usos e aos modos de tenza na parroquia. Da súa parroquia e non de outra. Por iso, estes instrumentos de xestión de terras terían unha aplicación moito máis axustada á realidade territorial se teñen en consideración e tratan de utilizar proveitosamente esas institucións existentes. Pero aínda máis, ademais desas institucións sociais, importantes na aplicación, en moitos lugares aínda se conservarán “patróns” de asentamento e uso, patróns de paisaxe, que poderían ser útiles, ou polo menos, referentes á hora de planificar as actuacións dos novos instrumentos, en canto á distribución de usos do solo, ás estruturas espaciais no seu conxunto, á do hábitat, á do viario estruturante, á estrutura cultural-patrimonial e estrutura ecolóxica (Raposo Magalhaes, 2007), necesarias todas elas para a sustentabilidade do sistema. Neste sentido volvemos a referir a importancia do estudo e obtención de cartografía histórica dos usos e poboamento, fundamentalmente a partir do voo americano da década dos 50<sup>12</sup>.

Coma conclusión parece clara a necesidade dunha certa actividade de planificación agroforestal no eido da xestión de terras en Galicia e especificamente nestes dous innovadores instrumentos. Son cuestións por resolver:

- a) Os criterios técnicos de identificación e deslinde da SAU e do solo forestal (criterios que non son nin moito menos exclusivamente agrolóxicos no primeiro caso, e criterios que non son a aplicación da Ley de Montes Estatal nin do proxecto de Lei de Montes de Galicia, nin dende logo en Galicia a cartografía do Inventario Forestal Nacional, nin do Mapa Forestal Nacional).
- b) A elaboración dun Plan (dentro dos recoñecidos pola Lei de Ordenación do Territorio de Galicia) de Protección do Solo Rústico de Interese Agrario Estratéxico para Galicia, que inclúa a cartografía correspondente a escala 1:5000, e sexa vinculante para o planeamento municipal.
- c) As regras e procedementos para os cambios de uso (a día de hoxe descoñecidos, ou inexistentes); a Consellaría a día de hoxe, solicita informes, favorables ou non, aos concellos. Estes non teñen nin as capacidades técnicas nin a vontade en moitos casos, para opoñerse ás solicitudes dos seus veciños. Estas autorizacións serían ou non en función de niveis de protección, de estar ou non incluído no Solo Rústico de Interese Agrario Estratéxico, da clasificación establecida no PXOM, dos usos lindantes, da ocupación agraria no concello, do número de explotacións agrarias na parroquia, das características agrolóxicas da parcela etc.
- d) A elaboración dunha cartografía de escala suficiente de aptitude agraria e de aptitude forestal, por niveis, para o conxunto de Galicia. Este mapa permitiría establecer zonas de intervención prioritaria para as UxFor e Bantegal.
- e) Analizar a viabilidade de transformar as UxFor (Unidades de Xestión Forestal) en Unidades de Xestión Territorial, apoiadas nas parroquias. Estas unidades incluírían todos os usos; forestal produtor, as devasas con pastos,

<sup>12</sup> Andalucía, unha comunidade con unha extensión tres veces a de Galicia, fixo accesible a través de disponibilizou en Google Earth a ortofoto do voo estadounidenseamericano de 1956-57; <http://www.juntadeandalucia.es/medioambiente/rediam/ortofoto1956> accesible o día 5 de abril de 2008.

con teselas agrícolas, con froiteiras; os asentamentos e os seus canais de conexión, a identificación da estrutura ecolóxica necesaria da parroquia, etc... Esta unidade de xestión sería verdadeiramente multifuncional e sen dúbida máis eficiente dende un punto de vista territorial.

f) A Lei de Actuación Intensiva en Parroquias Rurais, con algún retoque, podería dar acubillo a esta actuación integrada, incluíndo un Plan de Xestión do Territorio Parroquial (con análise de usos e propiedade) e máis unha certa valoración en termos comparativos dentro da parroquia.

## 5. Outras realidades, outras parroquias. Parish planning no Reino Unido

A práctica profesional da planificación, na tradición anglosaxoa e especificamente nos EEUU inclúe catro grandes áreas de especialización: *Land Use Planning* (a planificación física e de usos do solo), *Community Development* (con contidos próximos ao que nós entendemos por desenvolvemento local-rural), *Economic Development* (a economía rexional) e o *Urban-City Design* (o urbanismo tal e como se entende en Galicia). Estas catro son as especializacións dun *Planner*<sup>13</sup>. Este apuntamento introdutorio, vén a conto da realidade de planificación na Gran Bretaña, que pretendemos abordar como exemplo da viabilidade da planificación no nivel parroquial e a súa integración no resto do sistema de planificación dende o ámbito do desenvolvemento rural-local dentro da actividade planificadora.

Durante os últimos 20 anos en Gales, Inglaterra e Escocia as comunidades rurais, as parroquias, teñen iniciado o denominado *parish appraisal* ou “enfoque parroquial”, que constituíu a máis significativa ferramenta de desenvolvemento rural na Gran Bretaña Rural (Moseley, 1997).

O documento titulado “*The 2000 Rural White Paper*” propoñía que todas as comunidades rurais deberían desenvolver os denominados ‘*Town, Village and Parish plans*’, (Department of the Environment, Transport and the Regions e Ministry of Agriculture, Fisheries and Food, 2000 páx. 146). Estes Plans Parroquiais elabóranse co obxectivo de manter social e economicamente vivo o medio rural e á súa formulación destinábase un presuposto de 5 millóns de libras para un período de tres anos, coa intención de desenvolver 1.000 Plans Parroquiais, (Owen, 2002).

As *Parishes* en Inglaterra e as *Communities* en Gales constitúen o nivel administrativo local de base e son, no sentido menos formal do termo, verdadeiras comunidades. Supoñen o 31% da poboación de Inglaterra e Gales.

As parroquias inglesas abarcan a totalidade do espazo rural, mais non do espazo urbano. Os consellos parroquiais (que non existen formalmente en todas as parroquias, ou ben por decisión dos propios parroquianos, ou ben porque a poboación sexa inferior a 200 persoas) aprovisionan dunha serie de servizos e equipamentos ás comunidades rurais, principalmente vencellados a aspectos de pequenas dotacións e equipamentos. No caso de non existiren consellos parroquiais, as decisións adóptanse en asemblea. Varias pequenas (en poboación) parroquias pódense agregar ata superar esa cifra de 200 persoas, e constituír un consello parroquial conxunto. Existen en Inglaterra a 1 de abril de 2003, 10.397 parroquias. No caso de Gales, ao contrario que en Inglaterra, as parroquias cobren

<sup>13</sup> Se un visita a web da Asociación Americana de Planificadores atopará máis divisións, <http://planning.org/divisions>

a totalidade do territorio, cun total de 868 “communities”, termo empregado en lugar de parroquia (UK Statistics Authority, 2001).

Mais que é un Plan Parroquial? Un Plan Parroquial é un plan promovido pola poboación da parroquia que permite aos residentes identificar os factores económicos, sociais e ambientais que afectan á súa calidade de vida e determina como poden ser mellorados (The Countryside Commission, 2003). Un Plan Parroquial é unha declaración de como unha comunidade local ve o seu desenvolvemento nos vindeiros anos (The Countryside Agency, 2004b). O plan debe ser holístico, global e fortemente participativo na súa formulación. Este enfoque parroquial (Moseley, 1997) leva aparelados, a existencia de proxectos de investigación conxuntos entre grupos de investigación e administración con competencias na materia, nos que se identifiquen as fortalezas e debilidades do enfoque e mesmo dos resultados, destacando o feito de que as parroquias con plans parroquiais mostran maiores niveis de participación e gobernanza, ou da media de 20 meses necesarios para a súa elaboración.

Polo que se refire á relación dos plans parroquiais co planeamento do distrito ou do condado, a relación é xerárquica, de forma que o plan parroquial debe ser conforme ao de distrito e condado, pero ao mesmo tempo a visión local do plan parroquial debe alimentar o deseño dos plans xerarquicamente superiores.

Nos inicios do desenvolvemento deste enfoque parroquial desde instancias académicas manifestábanse como debilidades a carencia de estudos piloto e de avaliacións de resultados (Owen, 2002) como actuacións previas a acometer diante dunha iniciativa desta magnitude. O certo é que, a día de hoxe, a administración responsable ten unha colección de publicacións e manuais de interese e utilidade eminentemente práctica (accesibles vía web), que ademais de ilustrar o caso de Gran Bretaña, ben poden inspirar a outros territorios (véxase The Countryside Agency 1997, 2003, 2004a, 2004b, 2004c). Polo que se refire aos contidos ostentativos ou indicativos dun Plan Parroquial, a publicación da The Countryside Agency (2004a) constitúe una boa guía de acción<sup>14</sup>.

Como resumo cómpre destacar a viabilidade da integración da planificación física (ordenación territorial, urbanismo) coa planificación orientada a aspectos sociais e de desenvolvemento local. Esta integración, na nosa opinión, rende os mellores

---

**14** 1. Local development - Proposals for:

- Guiding the provision of affordable housing to meet local needs;
- Guiding the location of infill housing development;
- Proposing land allocations and setting place-specific criteria for small scale development;
- Local development projects that meet local needs (e.g. community services/facilities).

2. Local Character and Design - Guidance for:

- Ensuring the good design of new buildings and landscapes;
- Maintaining and enhancing landscape character;
- Protecting valuable open space;
- Landscape and conservation proposals.

(It may be appropriate to consider a more comprehensive Village Design Statement either incorporated as part of the Parish Plan or stand-alone design guidance depending on local priorities).

3. Movement and transport - Proposals for:

- Creating new footpaths/cycle ways;
- Removing through traffic and associated environmental improvements;
- Improving facilities for public transport;
- Providing appropriate car parking.

4. Rural Economies - Proposals for:

- Retaining or providing rural employment and local services/facilities;
- Rural diversification schemes;
- Appropriate linkages to new or existing Farm/Estate Plans.

5. Communities - Proposals for:

- Providing play facilities;
- Creating a village green or other new green space (e.g. Doorstep Green);
- Assisting with the identification, scope and nature of local benefits for the community associated with planning obligations.

6. Conservation - Proposals or Guidance for:

- Creating new areas for wildlife and biodiversity purposes;
- Encouraging local renewable energy schemes, sustainable design and construction or 'green buildings'.

froitos cando se produce no nivel local ou microlocal, onde ademais e mais doada a participación (que non só información) pública.

En demasiadas ocasións prodúcese en Galicia esa desconexión entre os aspectos físicos e os sociais de desenvolvemento local. A planificación é demasiadas veces interpretada exclusivamente como ordenanzas de edificación de formas e volumes por construír e rehabilitar, sen darse conta de que sen xente, esa interpretación da planificación, só leva ao ó museístico. Abundando nisto, a gobernanza e a participación, teñen na parroquia o seu espazo e ámbito natural de acción, e poden constituír o punto de arranque do desenvolvemento e a planificación de abaixo-arriba. Lamentablemente, a interpretación que se fixo da iniciativa LEADER por parte da UE, e tamén dos gobernos autonómicos, primou o enfoque económico sobre as pequenas iniciativas sociais e non deixou marxe de manobra suficiente para que polo menos algunha parroquia (aquelas con iniciativa suficiente, que as hai) puidese desenvolver actuacións de desenvolvemento rural integral (deberíamos dicir desenvolvemento territorial integral). Parece ser que o micro non ten cabida tampouco nas iniciativas de desenvolvemento. Iniciativas como as de Monte Cabalar no Concello de A Estrada, ou Vilaverde nos Ancares, e seguro que moitas outras, terían nese marco unha estrutura xeral máis axeitada e sobre todo máis integrada para o tratamento que precisan as nosas parroquias como células de vida e de organización da vida no rural.



A Serra do Xistral, espazo natural protexido

## 6. A xeito de conclusión. A necesidade do enfoque integrado

A experiencia relatada en canto á actividade de planificación territorial en Galicia e ás propias recomendacións e normativas europeas de desenvolvemento territorial<sup>15,16,17</sup> apuntan á necesidade da integración, é dicir, de enfoques integrados na planificación, ben sexa planificación espacial-física, ben sexa de desenvolvemento local-rural. Ao mesmo tempo a literatura científica (Healey, 2006) apunta a unha serie de factores que determinan un peso crecente da integración na actividade planificadora:

**15** DECISIÓN DEL CONSEJO de 20 de febrero de 2006 sobre las directrices estratégicas comunitarias de desarrollo rural (período de programación, 2007-2013) (2006/144/CE)

.....3.3. Mejora de la calidad de vida en las zonas rurales y fomento de la diversificación de la economía rural

iii) devolver el alma a los pueblos. Mediante iniciativas integradas que combinen la diversificación, la creación de empresas, la inversión en patrimonio cultural, la infraestructura para servicios locales y la renovación se podrá contribuir a la mejora tanto de las perspectivas económicas como de la calidad de vida

3.4. Desarrollar la capacidad local de creación de empleo y diversificación

Mediante fórmulas integradas en las que participen los agricultores, los silvicultores y los demás agentes del mundo rural es posible salvaguardar y realzar el patrimonio natural y cultural local, sensibilizar a la población sobre la importancia del medio ambiente y promocionar los productos típicos locales, el turismo y los recursos y energías renovables e invertir en ellos

3.6. Complementariedad entre los instrumentos comunitarios

La población de las zonas rurales podría recibir ayuda a través de medidas diseñadas según un planteamiento integrado y que emanen de la base.

**16** Reglamento FEDER 1080/2006 Fondo Europeo de Desarrollo Regional FEDR,

Artículo 5: Con arreglo al objetivo de «convergencia», el FEDER centrará sus intervenciones en apoyar el desarrollo económico sostenible e integrado, a nivel regional y local,

Artículo 6: ... la financiación de redes y acciones que propicien un desarrollo territorial integrado.

**17** REGLAMENTO (CE) no 1698/2005 DEL CONSEJO, de 20 de septiembre de 2005 relativo a la ayuda al desarrollo rural a través del Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER)

**a)** A concepción do estado e o seu papel tradicionalmente sectorial e compartimentalizado de visión limitada está mudando.

**b)** Cada vez é maior a interrelación global do económico co social e ambiental

**c)** Medra a idea e a crenza das posibles sinerxias entre políticas sectoriais

**d)** Muda a mentalidade de estado como provedor, á de estado coma facilitador, asociado a conceptos como gobernanza e de busca de consensos; o estado debería desempeñar un papel de facilitador na transparencia de procesos e procura de consensos.

**e)** Vivimos cada vez nun mundo máis interdependente, as cuestións non son apreciadas como de exclusiva compoñente económica, social ou ambiental, senón coma múltiples niveis dunha mesma realidade, onde as accións en cada capa afectan e son afectadas polas outras capas.

As Ermidas, O Bolo  
(Ourense)



De Boe et al., 1999 (citado por Kidd, 2007) agrupa esta necesidade de integración en tres dimensións:

**a)** Sectorial: a cerna da integración, a correspondente á suma coordinada das políticas sectoriais de proxección e impacto territorial e mais os seus actores asociados. Nesta dimensión De Boe et al. (1999; citado por Kidd, 2007) distingue a integración horizontal ou entre sectores que operan a diferentes escalas; e a integral ou interaxencial, entre o público e mais o privado, o voluntariado ou o mundo das ONGs (na liña dos novos patróns de gobernanza).

**b)** Territorial: entre diferentes territorios; as diferenzas e límites impostos entre concellos, entre urbano e rural, as fronteiras, as discontinuidades poden provocar ineficiencias a ambos lados, o traballo conxunto debería constituír unha prioridade na liña do exposto na Estratexia Territorial Europea. Nesta

categoría deberíamos incluír a cooperación vertical entre as diferentes escalas de planificación, dende o nivel autonómico ata a escala local-parroquial, e tamén a horizontal entre as diferentes autoridades e institucións con competencias na planificación que se exerce en territorios limítrofes.

c) Organizativa: coma consecuencia das anteriores, a necesidade de cooperación entre as partes. A cooperación entre organizacións é crucial para unha integración territorial e sectorial. Constitúe un elemento dinámico relacionado coas pautas de comportamento dos protagonistas. Poderíamos falar da necesidade de integración no nivel estratéxico (das opcións e decisións políticas) mais tamén da necesidade de integración no nivel operacional, no día a día de técnicos e funcionarios. A integración require cambios significativos na práctica e na cultura da organización das institucións; as tradicionais divisións da administración, por exemplo, por titulacións académicas, constitúen un lastre para a integración e mais a multifuncionalidade. Isto é algo aplicable a toda a administración con competencias territoriais, dende a ordenación territorial, o urbanismo, a planificación agrícola, forestal, gandeira, de recursos naturais, paisaxística, enerxética, etc.

Dito todo isto, coa integración preténdense acadar obxectivos diversos (económicos, sociais, ambientais), coordinar actividades e usos diferentes con repercusións e proxeccións espaciais/territoriais, ligar diferentes áreas de acción de goberno e diferentes niveis de goberno, ou conectar as opcións e instrumentos políticos coa súa efectiva posta en práctica.

O territorio, o lugar, coa súa organización espacial, presenta ademais valores particulares como punto de atención na busca e no logro da perseguida integración; ou dito doutra forma, a calidade e calidades dun territorio específico determinarán a efectividade maior ou menor das distintas políticas aplicadas.

É por isto que, a xeito de conclusión, a parroquia, onde o físico se suma ao social, pode constituír unha célula de integración de iniciativas, políticas, instrumentos de planificación e desenvolvemento, para o desempeño dunha acción de planificación integrada:

- Aquela que se centra nas calidades, calidade e capitais (humano, social, cultural, natural, financeiro, construído, político) do lugar, do territorio, para a partir da súa lectura enriquecida, promover a efectividade das diferentes políticas e accións colectivas.
- Relaciona obxectivos diversos (económicos, sociais e ambientais).
- Coordina as políticas con repercusións espaciais/territoriais (vivenda, transporte,...).
- Coordina as intervencións gobernamentais.
- Coordina iniciativas individuais coas de desenvolvemento global.
- Coordina o estratéxico/político co operativo.
- ....
- Aquela que xestiona activamente, empregando o coñecemento para a acción; en resumo a que se fai con XEITO (XEstión Integrada do Territorio).

## Bibliografía

- **Beatley, T.** (1994). *Ethical Land Use: Principles of Policy and Planning*. London. The Johns Hopkins University Press.
- **De Boe, Ph., Grasland, C., Healy, A.** (1999). Study Programme on European Spatial Planning Strand 1.4: Spatial Integration. Stockholm, Nordregio. Disponible en [www.nordregio.se/spespn/Files/1.4.final.pdf](http://www.nordregio.se/spespn/Files/1.4.final.pdf) (accedido 12 xullo 2006).
- **Department of the Environment, Transport and the Regions (DETR) e Ministry of Agriculture, Fisheries and Food (MAFF).** (2000). *Our Countryside: The Future*. London.
- **European Environmental Agency (EEA)** (2006). *Urban Sprawl in Europe: - The Ignored Challenge*. EEA Report No 10/2006. Luxembourg, Office for Official Publications of the European Communities
- **Graham, S., Healey, P.** (1999). Relational concepts of space and place: Issues for Planning Theory and Practice. *European Planning Studies*, Vol 7 (5), pp. (623-646).
- **Healey, P.** (2006). Territory, integration and spatial planning. En: Tewdwr-Jones, M. Allmendinger, P. (eds), *Territory, Identity and Spatial Planning: Spatial Governance in a Fragmented Nation*. London: Routledge.
- **Herrmann, S., Osinski, E.** (1999). Planning sustainable land use in rural areas at different spatial levels using GIS and modelling tools. *Landscape and Urban Planning* Vol 46 pp. (93-101)
- **Hildenbrand, A.** (1996). *Política de Ordenación del Territorio en Europa*. Sevilla. Universidad de Sevilla/Consejería de Obras Públicas y Transportes.
- **Kidd, S.** (2007). Towards a framework of integration in Spatial Planning: an exploration from a health perspective. *Planning Theory and Practice*, Vol 8(2), pp. (161-181)
- **Martín, R.** (2007). *La Gallina de los Huevos de Cemento*. Madrid. Civitas.
- **Moseley, M.J.** (1997). Parish Appraisals as a Tool of Rural Community Development: An Assessment of the British Experience. *Planning Practice & Research*, Vol. 12, (3), pp. (197-212).
- **Owen, S.** (2002) From Village Design Statements to Parish Plans: Some Pointers Towards Community Decision Making in the Planning System in England. *Planning Practice and Research*, Vol 17 (1), pp. (81-89).
- **Raposo Magalhaes, M.** (2007). *Estrutura Ecológica da Paisagem. Conceitos e Delimitação-escalas regional e municipal*. Lisboa. Centro de Estudos de Arquitectura Paisagista - "Prof. Caldeira Cabral". Instituto Superior de Agronomia-Universidade Técnica de Lisboa.
- **The Countryside Commission** (1996). *Village Design: Making Local Character Count in New Development*. West Yorkshire, Wetherby.
- **The Countryside Agency** (2003). *Parish Plans and the Planning System: Guidance and Advice for Local Planning Authorities*. West Yorkshire, Wetherby.
- **The Countryside Agency** (2004a). *Parish Plans: Guidance for Parish and Town Councils*. West Yorkshire, Wetherby.
- **The Countryside Agency** (2004b). *Planning for Vital Communities: Good Practice in Linking Parish Plans, Market Town Plans and Community Plans*. Cheltenham, Gloucestershire.
- **The Countryside Agency** (2004c). *What Makes a Good Parish Plan?.* Gloucestershire, Cheltenham.
- **UK Statistics Authority. Census 2001:** Key Statistics for Parishes in England and Communities in Wales.
- **UNECE (United Nations Economic Commission for Europe)** (2005). *Land Administration in the UNECE Region: Development Trends and Main Principles*. New York.



# 13 A parroquia no ámbito estatístico

## **José Manuel Colmenero Álvarez**

Delegado Provincial do Instituto Nacional de Estatística de Lugo  
Profesor Asociado do Departamento de Estatística e Investigación da Universidade de Santiago de Compostela

## **Fernando L. Lema Devesa**

Delegado Provincial do Instituto Nacional de Estatística da Coruña

## **1. Introducción. Os estudos demográficos. Os censos de poboación. O padrón de habitantes**

A estatística trata de recoller e ofrecer información acerca dun conxunto determinado a través dunha serie de variables referidas aos elementos que o constitúen. En concreto, a estatística oficial trata de recoller esta información sobre o conxunto dos habitantes dun país e o dos recursos de que dispón. Doutra maneira, obtén información de interese nos aspectos demográfico, económico e social. Neste capítulo trataremos de precisar o papel e o uso da parroquia, así como a súa relación con outras unidades territoriais, no ámbito da estatística pública ou oficial.

Cando falamos de estatística oficial ou pública en España, estémonos a referir a un sistema estatístico complexo. Ao abeiro do disposto no artigo 149.1.31 da Constitución, que determina a competencia exclusiva do Estado en estatística para fins estatais, a Lei 12/1989, de 9 de maio, da función estatística pública (LFEP), regula a actividade estatística do denominado Sistema Estatístico Nacional, configurado polo Instituto Nacional de Estatística como órgano coordinador do sistema, polos servizos estatísticos dos ministerios e polo Banco de España.

A LFEP tamén establece os órganos de coordinación do citado sistema: a Comisión Interministerial de Estatística, órgano de participación dos produtores do sistema; o Consello Superior de Estatística, órgano de encontro de produtores e usuarios de estatística, coa función de emitir opinión sobre o funcionamento do sistema e sobre as necesidades de información en materia de estatística, así como de elaborar propostas de mellora; e por último, o Comité Interterritorial de Estatística, como organismo regulador das relacións estatísticas entre os servizos estatísticos da Administración Xeral do Estado (INE, servizos estatísticos ministeriais) e os órganos estatísticos das comunidades autónomas.

Dende 1989, o desenvolvemento do sistema estatístico está suxeito aos requirimentos internacionais, en especial os da Unión Europea recollidos nos seus regulamentos e demais normativas comunitarias, que automaticamente pasan a formar parte das obrigas estatísticas ás que debe dar resposta o Sistema Estatístico Nacional.

Por outra banda, as comunidades autónomas, de acordo co establecido nos seus correspondentes Estatutos de Autonomía, configuraron os seus propios sistemas estatísticos de forma máis ou menos semellante ao Sistema Estatístico Nacional. Así, o sistema estatístico de Galicia está constituído polo Instituto Galego de Estatística (IGE), como órgano central do sistema, os servizos estatísticos das consellarías e o Consello Galego de Estatística.

Deste modo, a actividade estatística pública que afecta a Galicia é a realizada polos órganos do sistema estatístico do Estado e polos da propia Comunidade. Visualizados nos seus órganos centrais, esta actividade é levada a cabo polo INE e o IGE, dentro das súas respectivas competencias e conxuntamente nalgúns casos, mediante acordos de cooperación estatística e intercambio de información e mediante convenios de colaboración para a realización de operacións estatísticas nas que conflúe o interese estatal e o autonómico, como por exemplo nos dous últimos Censos de Poboación e Vivendas de 1991 e 2001.

Os estudos demográficos están orientados especificamente a coñecer as principais características da poboación, a súa estrutura, distribución espacial e evolución temporal. Entre os estudos demográficos destacan os censos demográficos, denominación que na actualidade comprende os censos de poboación e de vivendas (e tamén de edificios e locais). O máis importante deles é o censo de poboación, de longa tradición en España. Así, o primeiro censo moderno da poboación, que utilizou a persoa como unidade de análise, foi o realizado en 1768 polo Conde de Aranda, baixo o reinado de Carlos III. Destacan tamén o de Floridablanca en 1787 e o de Godoy en 1797, xa no tempo de Carlos IV. Estes censos son os antecedentes dos censos oficiais, realizados despois do nacemento da estatística oficial en España, coa creación da Comisión Xeral de Estatísticas do Reino en 1856. O primeiro destes censos oficiais foi o de 1857, seguido polos de 1860, 1877, 1887 e 1897. Xa no século XX, o censo de poboación faise sen interrupción cada 10 anos, nos anos terminados en 0, dende 1900 hasta 1970. Despois, ao cambiar a data de referencia dos censos aos anos terminados en 1, fanse en 1981, 1991 e 2001. O próximo será o de 2011.

Un dos principais obxectivos dos censos, e o primeiro historicamente, é o recuento da poboación, contemplando varios niveis de desagregación xeográfica, niveis que veñen condicionados pola estrutura político-administrativa e as divisións territoriais que esta impón. Determínase así a poboación do Estado, das comunidades autónomas, das provincias e dos municipios. Pero tamén se recolle información dos asentamentos da poboación desde unha perspectiva físico-xeográfica, nas entidades, núcleos e diseminados aos que logo nos referiremos.

Esta desagregación xeográfica tamén se emprega no Padrón Municipal de Habitantes, que é o rexistro administrativo onde constan os veciños de cada municipio. Segundo a lexislación de réxime local vixente ata 1996, cada cinco anos facíase unha renovación do padrón municipal de habitantes de cada concello: nos anos terminados en 6 e nos terminados en 1, neste caso de maneira simultánea co censo de poboación. A Lei 4/1996, de 10 de xaneiro, pola que se modificou a Lei reguladora das bases do réxime local nos aspectos relativos ao Padrón, suprimiu as renovacións quinquenais e estableceu un sistema de xestión continua e informatizada do padrón, encargándose ao Instituto Nacional de Estatística (INE) a coordinación dos padróns municipais, de xeito que os seus datos serviran de base para a elaboración de estatísticas de poboación a nivel nacional e que as cifras resultantes das revisións anuais dos padróns puideran ser declaradas oficiais con referencia ao día 1 de xaneiro de cada ano.



Para levar a cabo esta coordinación, os concellos comunican ao INE, mensualmente e en soporte informático, as variacións producidas no seu padrón (altas, baixas e modificacións de datos dos habitantes) e na relación de vías do termo municipal, así como as variacións na relación de entidades de poboación, cando proceda. As comunicacións de todos os concellos intégranse na base nacional do padrón que xestiona o INE. Chamamos padrón continuo a este novo sistema de xestión continua, informatizada e coordinada dos padróns de habitantes de todos os concellos.

## 2. O Nomenclátor

Un importante produto estatístico ligado aos censos, e na actualidade ao padrón continuo, é o nomenclátor de entidades de poboación.

O territorio do Estado divídese administrativamente en comunidades autónomas, provincias, municipios e outras entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipal<sup>1</sup>. A delimitación, denominación, organización e competencias destas divisións descríbese e regúlase con detalle na lexislación vixente en materia de réxime local.


Ademais desta división administrativa, e co obxecto de coñecer de que forma se asenta a poboación, utilízase dende un punto de vista estatístico unha división dos municipios de grande interese e tradición: as entidades colectivas e singulares

de poboación, así como os núcleos e diseminados destas últimas, de acordo coas definicións que veremos na epígrafe 3. O nomenclátor oficial elaborado polo INE contén a relación detallada destas divisións (relación de unidades poboacionais), que inclúe as parroquias como entidades colectivas. O Nomenclátor é dunha especial relevancia en Galicia, que conta con só o 3,9% dos municipios de España (315 de 8.111), pero ten en cambio máis do 75% das entidades colectivas e case o 50% das entidades singulares.

A continuación faremos a análise dos datos de diversas táboas sobre o Nomenclátor oficial a 1 de xaneiro de 2007 e a división en seccións a 1 de xaneiro de 2008, con datos das catro provincias galegas e do conxunto de Galicia, ás que nos referiremos ao longo deste capítulo.

Na táboa 1 aparece un resumo do Nomenclátor, que recolle 30.088 entidades singulares para Galicia, 26 das cales non se inclúen en ningunha entidade colectiva, entre elas as grandes cidades e outras vilas. O resto agrúpase en 3.778 entidades colectivas. As entidades singulares contan con 10.276 núcleos, onde reside un 84,4% da poboación, e 20.480 diseminados. Dos 2.772.533 habitantes de Galicia, case un terzo (32,2%) reside nas entidades singulares sen entidade

**Gráfico 1.** Municipios e unidades poboacionais de España e Galicia, segundo o Nomenclátor a 1 de xaneiro de 2007



<sup>1</sup> En Galicia hai soamente nove destas entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipal, constituídas ao abeiro do artigo 45 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que constitúen unha división administrativa de carácter oficial: unha na provincia de Ourense e oito na de Pontevedra.

colectiva, polo que o conxunto de entidades colectivas (parroquias rurais) abrangue algo máis dos dous terzos (67,8%) da poboación.

**NOMENCLÁTOR DE GALICIA. RESUMO**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Municipios	94	67	92	62	315
Poboación	1.132.792	355.176	336.926	947.639	2.772.533
Entidades colectivas (EC)	932	1.264	916	666	3.778
Poboación en EC	737.953	223.618	237.109	681.602	1.880.282
Entidades singulares (ES)	10.389	9.770	3.684	6.245	30.088
Entidades singulares sen EC	9	7	7	3	26
Poboación en ES sen EC	394.839	131.558	99.817	266.037	892.251
% poboación en ES sen EC	34,9%	37,0%	29,6%	28,1%	32,2%
Núcleos	4.043	1.334	2.594	2.305	10.276
Poboación en núcleos	1.029.572	249.211	326.263	734.209	2.339.255
% poboación en núcleos	90,9%	70,2%	96,8%	77,5%	84,4%
Diseminados	6.400	8.590	1.178	4.312	20.480
Poboación en diseminados	103.220	105.965	10.663	213.430	433.278
% poboación diseminados	9,1%	29,8%	3,2%	22,5%	15,6%

Táboa 1

Nas táboas 2 e 3 figuran os municipios de Galicia por tramos de poboación e o total de habitantes nos municipios de cada tramo. O escaso número de municipios e o seu significativo maior tamaño relativo en relación ao conxunto de España reforzan a importancia para Galicia do estudo estatístico dos asentamentos poboacionais inframunicipais: as entidades singulares e colectivas.

**MUNICIPIOS POR TRAMOS DE POBOACIÓN**

Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1 a 100	0	0	0	0	0
101 a 500	0	1	0	0	1
501 a 1.000	0	3	10	1	14
1.001 a 2.000	11	17	46	1	75
2.001 a .5000	26	34	26	22	108
5.001 a 10.000	35	7	5	14	61
10.001 a 20.000	11	4	4	15	34
20.001 a 50.000	8	0	0	7	15
50.001 a 100.000	2	1	0	1	4
100.001 a 250.000	1	0	1	0	2
250.001 a 500.000	0	0	0	1	1
TOTAL	94	67	92	62	315

Táboa 2

**POBOACIÓN TOTAL DOS MUNICIPIOS DE CADA TRAMO**

Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
101 a 500	0	222	0	0	222
501 a 1.000	0	2.444	7.139	755	10.338
1.001 a 2.000	16.730	27.231	67.225	1.923	113.109
2.001 a .5000	90.735	112.994	71.963	77.915	353.607
5.001 a 10.000	236.494	54.635	31.619	95.805	418.553
10.001 a 20.000	148.855	63.797	51.794	213.064	477.510
20.001 a 50.000	226.697	0	0	183.203	409.900
50.001 a 100.000	168.893	93.853	0	80.202	342.948
100.001 a 250.000	244.388	0	107.186	0	351.574
250.001 a 500.000	0	0	0	294.772	294.772
TOTAL	1.132.792	355.176	336.926	947.639	2.772.533

Táboa 3

O Nomenclátor publicouse coa data de referencia e os datos obtidos de cada Censo de Poboación, dende 1900 ata 1991, ademais dos derivados das renovacións

do Padrón de 1986 e 1996. Previamente, no século XIX, o Instituto Xeográfico e Estatístico elaborara os nomenclátore oficiais de 1860 (cunha segunda edición de 1873) e de 1888. No prólogo da edición do Nomenclátor de 1873 destácase que se recollen no mesmo as parroquias de Galicia e Asturias:

*“Así es como hoy puede ofrecer al público el Instituto Geográfico y Estadístico de España el Nuevo Nomenclátor de las Ciudades, Villas, Lugares y Aldeas con arreglo a la división territorial vigente en 1º de Julio de 1873, la cual continúa rigiendo a pesar de su notoria imperfección.*

*El libro está ordenado alfabéticamente por provincias, partidos judiciales, ayuntamientos y entidades de población, apareciendo éstas con sus nombres y calificativos, en abreviatura, siempre que son ciudades, villas, lugares o aldeas; y aún las parroquias, en Asturias y Galicia, y los barrios, anteiglesias, concejos y universidades, en las provincias de Guipúzcoa y Vizcaya, así como todas las cabezas de ayuntamiento, sea cual fuere su importancia.”*

O prólogo do Nomenclátor de 1900 tamén fai unha referencia especial á importancia das parroquias de Galicia e Asturias:

*“En las provincias de Asturias y Galicia figuran separadamente las parroquias correspondientes a cada ayuntamiento, y dentro de cada parroquia con su respectivo nombre y advocación, las entidades de diez ó más edificios y albergues con el nombre propio de cada entidad y los edificios y albergues diseminados de cada parroquia, en consideración á la importancia que ésta tiene en dichas provincias en el orden social y aun en el administrativo.”*

Coa nova xestión do padrón continuo mencionada na epígrafe anterior, o INE publica dende o ano 1998, unicamente en soporte informático, o Nomenclátor referido ao 1 de xaneiro de cada ano, coa poboación de cada unha das unidades poboacionais, unha vez procesada a información que envían os concellos ao INE.

A actualización desta información permite o coñecemento da evolución dos asentamentos poboacionais a niveis inferiores ao municipal e dispoñer, con carácter anual, da relación de unidades poboacionais que contén o Nomenclátor. A determinación da poboación de cada unidade de poboación realízase unha vez foron declaradas oficiais polo Goberno as cifras da revisión anual do Padrón a 1 de xaneiro de cada ano, a nivel municipal.

A relación de unidades poboacionais contén as entidades colectivas, singulares e núcleos de poboación, cos seus nomes e códigos, así como as súas poboacións, desagregadas por sexo. A codificación faise dentro de cada municipio, mediante un código composto por 11 díxitos, na seguinte orde: dous díxitos para o código da provincia; tres díxitos para o código do municipio dentro da provincia; dous díxitos para o código da entidade colectiva dentro do municipio (01, 02, etc., reservando 00 para o caso de non haber entidade colectiva definida ou referirse o rexistro da relación ao conxunto do termo municipal); dous díxitos para o código da entidade singular dentro da colectiva, si existe (01, 02, etc., reservando 00 para o caso de referirse o rexistro ao conxunto da entidade colectiva ou do municipio); e os dous derradeiros díxitos para o código do núcleo ou diseminado dentro da entidade singular (00, si o rexistro se refire ao conxunto da entidade singular, da entidade colectiva ou do municipio; 01, 02, etc., para os diferentes núcleos; 99 para o diseminado da entidade).

Provincia	Municipio	Entidade Colectiva	Entidade Singular	Núcleo ou diseminado
15	001	01	01	00
A Coruña	Abegondo	Abegondo (Santa Eulalia)	O Adro	Núcleo

Pantalla de consulta de datos  
do Nomenclátor por internet:  
<http://www.ine.es>

### 3. As entidades de poboación. A parroquia

De acordo co artigo 76 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (aprobado polo Real decreto 1960/1986, do 11 de xullo, e modificado polo Real decreto 2612/1996, do 20 de decembro), os concellos deben revisar, polo menos unha vez ao ano, a relación das entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal, conforme coas definicións e instrucións que se establezan nas disposicións legais reguladoras desta materia e remitilas ao Instituto Nacional de Estatística para a súa comprobación.

As definicións oficiais vixentes das entidades de poboación están recollidas na Resolución do 1 de abril de 1997, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Territorial, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do Padrón (publicada por Resolución do 9 de abril de 1997, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia; BOE do 11 de abril). Estas definicións son case idénticas ás que se viñeron utilizando nos últimos censos de poboación e renovacións do Padrón Municipal de Habitantes, e son as que recolleamos a continuación.

#### 3.1. Entidades singulares de poboación

A Resolución comeza definindo o concepto de entidade singular, mediante as condicións que debe reunir unha área do termo municipal para ser considerada como tal: que sexa habitable, estar claramente diferenciada e ter unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión.

Considerarase entidade singular de poboación calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro deste, e que é coñecida por unha denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión.

Unha área será habitable cando existan nesta vivendas habitadas ou en condicións de selo. Así, as urbanizacións e zonas residenciais de tempada poderán ter a consideración de entidades singulares de poboación, aínda cando só estean habitadas en certos períodos do ano.

Unha área estará claramente diferenciada cando as edificacións e vivendas pertencentes a esta poidan ser perfectamente identificadas sobre o terreo e o conxunto destas sexa coñecido por unha denominación.



Rubiá, Valdeorras (Ourense)

Polo tanto considerárase entidade singular de poboación non só as entidades territoriais de poboación legalmente constituídas ao abeiro do artigo 45 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, senón tamén determinadas localidades, urbanizacións, zonas residenciais ou outras que cumpran coa definición dada.

Ningunha vivenda nin edificio poderá pertencer simultaneamente a dúas ou máis entidades. Un termo municipal poderá constar dunha ou varias entidades singulares de poboación.

No caso de Galicia, dada a peculiar tipoloxía do asentamento poboacional nas zonas rurais, as anteriores condicións non sempre permiten clasificar obxectivamente un lugar con topónimo propio como entidade singular ou como unha parte (barrio, por exemplo) dunha entidade singular. Un lugar con topónimo propio pode aparecer entón no Nomenclátor do INE (si se considerou entidade singular), no ruego das seccións ao que nos referiremos posteriormente (si se considerou como parte diferenciada dentro dunha entidade singular) ou mesmo en ningún deles.

Nas táboas 4 e 5 aparecen as entidades singulares de poboación de Galicia, por tramos de poboación, e a poboación total das entidades de cada tramo.

Táboa 4

ENTIDADES SINGULARES POR TRAMOS DE POBOACIÓN					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
0	506	524	111	120	1.261
1 a 10	2.735	4.194	863	824	8.616
11 a 20	1.844	2.344	739	920	5.847
21 a 50	2.579	2.094	1.042	1.781	7.496
51 a 100	1.515	448	500	1.209	3.672
101 a 200	732	90	261	760	1.843
201 a 500	313	37	134	470	954
501 a 1.000	69	19	21	95	204
1.001 a 2.000	43	8	3	36	90
2.001 a 5.000	38	5	5	17	65
5.001 a 10.000	9	5	2	8	24
10.001 a 20.000	3	1	2	3	9
20.001 a 50.000	0	0	0	0	0
50.001 a 100.000	2	1	1	1	5
100.001 a 250.000	1	0	0	1	2
TOTAL	10.389	9.770	3.684	6.245	30.088

Táboa 5

POBOACIÓN TOTAL DAS ENTIDADES SINGULARES DE CADA TRAMO					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1 a 10	15.291	22.179	4.863	4.851	47.184
11 a 20	27.965	34.872	11.174	14.083	88.094
21 a 50	85.461	64.820	34.637	59.902	244.820
51 a 100	106.061	29.981	34.928	86.443	257.413
101 a 200	99.912	11.876	35.743	104.781	252.312
201 a 500	91.641	11.429	39.598	141.386	284.054
501 a 1.000	48.665	14.099	14.232	64.779	141.775
1.001 a 2.000	62.948	12.475	4.592	51.461	131.476
2.001 a 5.000	118.877	16.522	19.243	50.456	205.098
5.001 a 10.000	69.704	35.711	16.307	57.630	179.352
10.001 a 20.000	38.313	16.100	21.796	45.833	122.042
20.001 a 50.000	0	0	0	0	0
50.001 a 100.000	144.652	85.112	99.813	58.532	388.109
100.001 a 250.000	223.302	0	0	207.502	430.804
TOTAL	1.132.792	355.176	336.926	947.639	2.772.533

Destaca o feito de que hai 1.261 entidades singulares sen habitantes, concentradas especialmente nas provincias da Coruña e Lugo. Case un terzo do total de entidades singulares non supera os 10 habitantes, máis da metade non supera os 20 e máis das tres cuartas partes non supera os 50. Os tramos máis altos de poboación corresponden, evidentemente, ás grandes cidades e vilas, concretamente 7 por enriba de 50.000 habitantes.

As entidades singulares de poboación están constituídas por núcleos de poboación e diseminado, no seu caso, de acordo coas seguintes definicións:

**a) Núcleo de poboación.** Conxunto de polo menos dez edificacións, que están formando rúas, prazas e outras vías urbanas. Excepcionalmente o número de edificacións poderá ser inferior a 10 sempre que a poboación supere os 50 habitantes. Inclúiranse no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, disten menos de 200 metros dos límites exteriores do mencionado conxunto, se ben na determinación da dita distancia teñen que excluírse os terreos ocupados por instalacións industriais, comerciais, cemiterios, parques, xardíns, zonas deportivas, canles ou ríos que poidan ser atravesados por pontes, aparcamentos, outras infraestruturas de transporte, etc. Nunha entidade singular de poboación poderán existir un ou varios núcleos de poboación. Co fin de estar perfectamente identificado sen posibilidade de confusión cada núcleo de poboación terá asignada unha denominación específica.

**b) Diseminado.** Está constituído polas edificacións ou vivendas dunha entidade singular de poboación que non poden ser incluídas no concepto de núcleo. Nunha entidade singular de poboación só pode existir unha unidade poboacional como diseminado.

A consideración estatística de núcleo, segundo a definición oficial vixente, parte da delimitación do que podemos chamar un conxunto urbano compacto (o conxunto de polo menos 10 edificacións formando rúas, prazas e outras vías urbanas), ao que a definición supón mesmo uns límites exteriores, dende os que medir a distancia máxima de 200 metros para incluír no núcleo as edificacións illadas.

Isto lévanos a unha clasificación estatística do asentamento da poboación en dúas categorías extremas: en núcleo ou en diseminado; esta clasificación resulta escasa para reflectir a rica variedade de asentamentos que se produce en Galicia. Como consecuencia, atopamos na realidade dos asentamentos casos de difícil clasificación no Nomenclátor e clasificacións inadecuadas nunha ou noutra categoría.



Núcleo de Cedeira  
(A Coruña)



Ponte Navea, San Xoan  
de Río (Ourense)



Nas táboas 6 e 7 recóllense os núcleos de poboación de Galicia, por tramos de poboación, e a poboación total dos núcleos de cada tramo.

Táboa 6

<b>NÚCLEOS POR TRAMOS DE POBOACIÓN</b>					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
0	9	2	6	4	21
1 a 10	42	21	203	22	288
11 a 20	169	118	497	93	877
21 a 50	1.312	708	976	670	3.666
51 a 100	1.355	339	490	647	2.831
101 a 200	704	74	255	446	1.479
201 a 500	292	34	134	291	751
501 a 1.000	64	18	20	71	173
1.001 a 2.000	43	8	3	33	87
2.001 a 5.000	38	5	5	15	63
5.001 a 10.000	9	5	2	8	24
10.001 a 20.000	3	1	2	3	9
20.001 a 50.000	0	0	0	0	0
50.001 a 100.000	2	1	1	1	5
100.001 a 250.000	1	0	0	1	2
<b>TOTAL</b>	<b>4.043</b>	<b>1.334</b>	<b>2.594</b>	<b>2.305</b>	<b>10.276</b>

Táboa 7

<b>POBOACIÓN TOTAL DOS NÚCLEOS DE CADA TRAMO</b>					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1 a 10	319	154	1.417	151	2.041
11 a 20	2.795	1.958	7.695	1.483	13.931
21 a 50	47.232	24.647	32.812	24.046	128.737
51 a 100	95.471	22.766	34.322	46.239	198.798
101 a 200	96.244	9.910	34.891	62.081	203.126
201 a 500	85.437	10.579	39.695	89.600	225.311
501 a 1.000	45.311	13.433	13.680	48.970	121.394
1.001 a 2.000	62.465	12.454	4.592	46.893	126.404
2.001 a 5.000	118.475	16.522	19.243	45.911	200.151
5.001 a 10.000	69.556	35.576	16.307	56.968	178.407
10.001 a 20.000	38.313	16.100	21.796	45.833	122.042
20.001 a 50.000	0	0	0	0	0
50.001 a 100.000	144.652	85.112	99.813	58.532	388.109
100.001 a 250.000	223.302	0	0	207.502	430.804
<b>TOTAL</b>	<b>1.029.572</b>	<b>249.211</b>	<b>326.263</b>	<b>734.209</b>	<b>2.339.255</b>

E o mesmo nas táboas 8 e 9 para os diseminados. Destacan os 21 núcleos sen habitantes e 3 diseminados, en Pontevedra, con máis de 1000 habitantes.

Táboa 8

<b>DISEMINADOS POR TRAMOS DE POBOACIÓN</b>					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
0	508	562	117	205	1.392
1 a 10	2.706	4.240	705	875	8.526
11 a 20	1.688	2.260	258	883	5.089
21 a 50	1.277	1.406	85	1.234	4.002
51 a 100	165	105	12	609	891
101 a 200	31	13	1	297	342
201 a 500	21	4	0	187	212
501 a 1.000	4	0	0	19	23
1.001 a 2.000	0	0	0	3	3
<b>TOTAL</b>	<b>6.400</b>	<b>8.590</b>	<b>1.178</b>	<b>4.312</b>	<b>20.480</b>

POBOACIÓN TOTAL DOS DISEMINADOS DE CADA TRAMO					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1 a 10	15.045	22.375	3.654	5.103	46.177
11 a 20	25.355	33.451	3.721	13.493	76.020
21 a 50	38.554	40.667	2.395	39.967	121.583
51 a 100	11.039	6.885	705	43.442	62.071
101 a 200	4.268	1.549	188	40.743	46.748
201 a 500	6.262	1.038	0	53.641	60.941
501 a 1000	2.697	0	0	12.590	15.287
1001 a 2000	0	0	0	4.451	4.451
TOTAL	103.220	105.965	10.663	213.430	433.278

### 3.2. Entidades colectivas de poboación

Unha vez definidas as entidades singulares de poboación, a Resolución considera a súa posible agrupación en unidades de poboación intermedias co municipio, específicas de algunhas zonas xeográficas do Estado.

*Como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o municipio existen nalgunhas rexións agrupacións de entidades singulares (parroquias, deputacións, irmandades, anteigrexas, concellos e outras), que forman o que se chama unha entidade colectiva de poboación con identidade propia.*

No caso de Galicia estas entidades colectivas son as parroquias, que constitúen unidades territoriais de grande tradición e ámbitos de convivencia relixiosa, económica e cultural, aínda que os seus límites xeográficos non estean recoñecidos administrativamente nin sexan sempre precisos. De acordo con isto, as parroquias figuran no Nomenclátor oficial do Instituto Nacional de Estatística como entidades colectivas, constituíndose así en unidades estatísticas específicas, se ben hai que facer dúas importantes matizacións.

A primeira é que estamos falando basicamente do medio rural. No medio urbano a parroquia xa non ten especial relevancia, fóra do ámbito eclesiástico, e non se utiliza como unidade estatística nin figura no Nomenclátor, no que só se recolle a poboación do conxunto da vila ou cidade en que se encontra a parroquia. En relación con este diferente tratamento do medio rural e do urbano, xorde en ocasións o problema da incorporación ás vilas das parroquias dos seus arredores por un proceso de crecemento.

En segundo lugar, existen algunhas diferenzas entre a relación de parroquias e a de entidades colectivas, debidas tanto a posibles erros na relación de unidades poboacionais como ao tratamento dos casos especiais nos que unha parroquia abrangue territorio de máis dun termo municipal, xa que cada entidade colectiva se inclúe nun único municipio. Así, atopamos que unha única parroquia pode dar lugar a dúas ou máis entidades colectivas, agrupando cada unha delas as entidades singulares da parroquia que están nun mesmo municipio. Tamén existen casos illados en que as entidades singulares dunha fracción da parroquia non teñan asignada entidade colectiva ou mesmo que teñan asignada unha entidade colectiva que non lles corresponde realmente.



Parroquia de Santa María de Ardaña. Carballo (A Coruña)

Nas táboas 10 e 11 recóllense as entidades colectivas de Galicia, por tramos de poboación, e a poboación total das entidades colectivas de cada tramo. Figuran dúas entidades colectivas sen habitantes, unha en Lugo e outra en Ourense, así como 55 por enriba dos 5.000 habitantes.

Táboa 10

ENTIDADES COLECTIVAS POR TRAMOS DE POBOACIÓN					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
0	0	1	1	0	2
1 a 10	0	3	15	0	18
11 a 20	2	23	22	0	47
21 a 50	16	187	104	8	315
51 a 100	52	413	216	46	727
101 a 200	157	381	242	114	894
201 a 500	373	191	238	213	1.015
501 a 1.000	183	46	59	121	409
1.001 a 2.000	80	13	10	72	175
2.001 a 5.000	47	3	4	67	121
5.001 a 10.000	16	3	3	20	42
10.001 a 20.000	6	0	2	5	13
TOTAL	932	1.264	916	666	3.778


Táboa 11

POBOACIÓN DAS ENTIDADES COLECTIVAS DE CADA TRAMO					
Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1 a 10	0	27	98	0	125
11 a 20	25	366	333	0	724
21 a 50	644	6.935	3.738	351	11.668
51 a 100	4.171	30.575	15.944	3.471	54.161
101 a 200	23.219	53.926	34.933	16.807	128.885
201 a 500	123.153	56.256	71.495	69.828	320.732
501 a 1.000	135.193	30.987	38.855	86.396	291.431
1.001 a 2.000	108.839	18.829	12.995	98.286	238.949
2.001 a 5.000	148.384	8.324	14.850	201.294	372.852
5.001 a 10.000	118.180	17.393	21.991	131.261	288.825
10.001 a 20.000	76.145	0	21.877	73.908	171.930
TOTAL	737.953	223.618	237.109	681.602	1.880.282

Na táboa 12 aparecen as entidades colectivas polo número de entidades singulares que as integran, destacando as 452 entidades colectivas cunha única entidade singular, 291 na provincia de Ourense ( Véxase o gráfico 2).

Táboa 12

ENTIDADES COLECTIVAS POR NÚMERO DE ENTIDADES SINGULARES					
Número de ES	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
de 1	35	101	291	25	452
de 2	40	111	155	31	337
de 3 a 5	165	373	237	152	927
de 6 a 10	313	400	176	247	1.136
de 11 a 20	272	212	54	167	705
de 21 a 40	91	62	3	41	197
de 41 a 70	16	5	0	3	24
TOTAL EC	932	1.264	916	666	3.778



**Gráfico 2.** Distribución das entidades colectivas de Galicia polo número de entidades singulares que abranguen, segundo o Nomenclátor a 1 de xaneiro de 2007. A porcentaxe acumulada nese eixe da dereita e danos a porcentaxe de entidades colectivas cun número de entidades singulares menor ou igual que o sinalado no eixe horizontal

### 3.3. Revisión da relación de unidades poboacionais

De acordo coa Resolución do 1 de abril de 1997 antes mencionada, a revisión e actualización das unidades poboacionais corresponde aos concellos, realizando sobre o terreo as comprobacións que sexan precisas.

Os concellos deben comunicar á correspondente Delegación Provincial do INE as alteracións da relación de unidades de poboación cando se produzan. Estas alteracións poden ser debidas as seguintes causas:

- **Altas.** Incorporación ao municipio de unidades poboacionais xa existentes noutros municipios como consecuencia de alteración de termos municipais (fusións, incorporacións ou segregacións de municipios); creación de unidades de poboación como consecuencia de alteracións dentro do municipio (fusións ou segregacións), ou por nova construción, urbanización ou rehabilitación de áreas non ocupadas ata entón; omisións de unidades poboacionais.
- **Baixas.** Incorporación de unidades poboacionais xa existentes a outro municipio debido á alteración de termos municipais; desaparición de unidades de poboación como consecuencia de alteracións dentro do municipio (fusións ou segregacións) ou por se despoboar e non reunir condicións de habitabilidade; inclusión indebida de unidades poboacionais.
- **Modificacións.** Cambio de nome das entidades ou núcleos de poboación.

Aldea abandonada na Illa de Sálvora



Recibida a comunicación dunha variación, o INE dispón dun mes para realizar as comprobacións que considere oportunas para asegurar o cumprimento das definicións e instrucións técnicas, requirir aclaracións adicionais e remitir aos concellos a codificación das altas de entidades.

A partir das variacións anteriores obtense a relación de unidades poboacionais actualizada a 1 de xaneiro de cada ano.

#### 4. As unidades estatísticas nos estudos da poboación

Como vimos, as parroquias poden ser consideradas unidades estatísticas no ámbito da estatística oficial, en canto están recollidas como entidades colectivas, xa que as unidades poboacionais son consideradas en si mesmas como unidades de análise estatística dende o punto de vista do recuento da poboación e da obtención e publicación doutros resultados, xunto co total do Estado, as comunidades autónomas, as provincias e os municipios.

A consideración de todas as unidades poboacionais como unidades estatísticas está restrinxida ao campo demográfico e social, nas operacións que se realizan de xeito exhaustivo sobre todo o territorio. Estas son basicamente os censos de poboación e vivendas e a explotación estatística do padrón continuo, que proporcionan abundante información sobre as unidades poboacionais.

Nos censos de poboación e vivendas obtense cada 10 anos información estatística de numerosas variables referidas a outras unidades estatísticas: persoas, fogares, vivendas e edificios. As variables investigadas sobre estas unidades abranguen numerosos aspectos de grande interese. Se tomamos como referencia o último Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, son as seguintes<sup>2</sup>:

##### Para as persoas:

- Sexo e data de nacemento
- Lugar de nacemento
- Nacionalidade
- Estado civil
- Relación cunha persoa de referencia (para establecer a composición de familias e fogares)
- Lugar de residencia hai 10 anos e hai 1 ano
- Ano de chegada e lugar de procedencia
- Nivel e sector de estudos
- Estudos en curso
- Lugar de estudos
- Número de viaxes diarias, medio para desprazarse e tempo de desprazamento ao lugar de estudos
- Relación coa actividade
- Ocupación
- Actividade do establecemento onde traballa
- Situación profesional
- Tempo usualmente traballado
- Lugar de traballo

<sup>2</sup> Para as definicións precisas das variables e as modalidades das respostas pode verse: Proyecto de los Censos de Población y Viviendas 2001 (2ª edición de marzo de 2001). Madrid: INE. Tamén dispoñible en [www.ine.es](http://www.ine.es).

- Número de viaxes diarias, medio para desprazarse e tempo de desprazamento ao lugar de traballo
- Coñecemento da lingua propia nas comunidades que a teñan

**Para os fogares:**

- Réxime de tenza da vivenda
- Disponibilidade de vehículos a motor
- Ano de ocupación da vivenda
- Disponibilidade de segunda vivenda

**Para as vivendas e os locais:**

- Tipo de oco (vivenda familiar, establecemento colectivo, aloxamento, local activo ou inactivo)
- Tipo de local
- Tipo de establecemento colectivo
- Clase de vivenda
- Número de habitacións
- Superficie da vivenda
- Instalacións da vivenda
  - Problemas da vivenda e do seu ámbito

**Para os edificios:**

- Ano de construción
- Número de plantas, de vivendas e de locais
- Tipo de edificio
- Clase de propietario
- Estado do edificio
- Instalacións e servizos do edificio

Posto que todas as unidades empregadas nos censos (persoas, fogares, vivendas ou edificios) están situados nunha unidade poboacional, existe información detallada de todas as variables a nivel das unidades poboacionais, xa que se realizou unha explotación exhaustiva da información, co obxecto de atender a crecente demanda de información estatística para áreas xeográficas pequenas, aínda que sempre co límite que impón a necesidade de garantir a confidencialidade dos datos, de acordo cos principios de protección do segredo estatístico . A difusión de resultados realizouse en publicacións impresas, en soporte informático e a través de Internet.

No caso do padrón continuo faise anualmente unha explotación estatística das variables básicas incluídas neste: lugar de residencia, sexo, idade, nacionalidade e lugar de nacemento. Como xa comentamos, obtense o recuento de poboación por sexos de cada unidade poboacional, coa poboación oficial a 1 de xaneiro de cada ano. Ademais, difúndese a través de Internet a explotación estatística das demais variables ao nivel das seccións.

Os datos dispoñibles permitirían proporcionar información detallada sobre todas estas variables ao nivel das entidades de poboación e, como entidades colectivas,

---

**3** Regulado nos artigos 13 a 19 da Lei 12/1989 da función estatística pública. O segredo estatístico protexe e ampara os datos persoais que obteñen os servizos estatísticos, tanto directamente dos informantes como a través de fontes administrativas. Son datos persoais os referentes a persoas físicas ou xurídicas que ou ben permitan a identificación inmediata dos interesados, ou ben condúzan pola súa estrutura, contido ou grao de desagregación á súa identificación indirecta. O segredo estatístico obriga os servizos estatísticos a non difundir en ningún caso os datos persoais, calquera que sexa a súa orixe.

das parroquias. Pódese conseguir información máis detallada ca a publicada mediante peticións a medida, aínda que sempre co límite do segredo estatístico.

Por outra banda, nos traballos estatísticos dirixidos á poboación que supoñen unha recollida de información sobre o terreo, como os censos de poboación e vivendas ou determinadas enquisas, das que as máis relevantes entre as realizadas en todo o Estado son a Enquisa de Poboación Activa ou a Enquisa Continua de Presupostos Familiares, é necesario dispoñer dunha división dos concellos en áreas xeográficas máis equilibradas e manexables, en canto ao número de habitantes, ca as unidades poboacionais. Esta división debe ser ademais de todo o territorio do Estado, e non propia dalgunhas rexións, como é o caso das parroquias. Estas áreas xeográficas son as seccións estatísticas, que se utilizan para organizar o percorrido sistemático de todo o territorio nos censos de poboación e vivendas e para un deseño máis eficiente das mostras de vivendas, fogares ou persoas nas enquisas por mostraxe, nas que as seccións son unidades primarias de selección das mostras.

## 5. A división do territorio en seccións

Ademais da división administrativa e estatística oficial do Estado xa comentada, os municipios divídense en distritos municipais. O INE, xunto cos concellos, fai unha nova subdivisión dos distritos municipais en seccións, que se utilizan tanto para os fins estatísticos comentados ao final da epígrafe anterior, coma para a xestión do censo electoral. Realízase unha codificación de dous díxitos para o distrito (01, 02,...) e de tres díxitos para a sección (001, 002...). O código completo dunha sección ten 10 díxitos correspondentes a provincia (2), municipio (3), distrito (2) e sección (3).

En relación coa utilización electoral das seccións, debemos ter en conta que a Lei orgánica do réxime electoral xeral (LOREX)<sup>5</sup>, crea a Oficina do Censo Electoral, con delegacións provinciais, e encádraa no Instituto Nacional de Estatística, de xeito que as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral son as mesmas que as delegacións provinciais do INE.

A LOREX establece que o Censo electoral se ordena por seccións electorais, coas condicións que establece nos apartados 1 a 6 do seu artigo 23:

1. As circunscricións están divididas en seccións electorais.
2. Cada sección inclúe un máximo de dous mil electores e un mínimo de cincocentos. Cada termo municipal conta polo menos cunha sección.
3. Ningunha sección comprende áreas pertencentes a distintos termos municipais.
4. Os electores dunha mesma sección áchanse ordenados nas listas electorais por orde alfabética.
5. En cada sección hai unha mesa electoral.

<sup>4</sup> O Regulamento (CE) nº 1059/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, introduciu unha nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS) co fin de harmonizar a recollida, transmisión e publicación das estatísticas nacionais e comunitarias. A nomenclatura NUTS subdivide o territorio económico dos Estados membros, nunha clasificación xerárquica de tres niveis: NUTS 1, NUTS 2 e NUTS 3. Para España, as 17 comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas de Ceuta e Melilla constitúen as NUTS 2. As NUTS 3 son 59, tras a última modificación por Regulamento (CE) nº 105/2007 da Comisión, do 1 de febreiro de 2007: as 47 provincias peninsulares; as illas de Formentera e mais Ibiza, Mallorca e Menorca para o arquipélago Balear; as illas de Gran Canaria, Fuerteventura e Lanzarote, por un lado, e La Gomera, El Hierro, La Palma e Tenerife, por outro, no caso das Illas Canarias; ademais, as dúas cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Os Estados membros poden optar por un maior grao de detalle e subdividir o nivel NUTS 3.

<sup>5</sup> Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modificada por catorce leis orgánicas entre 1987 e 2007.

6. Non obstante, cando o número de electores dunha sección ou a diseminación da poboación o fagan aconsellable, a Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, por proposta do concello correspondente, pode dispoñer a formación doutras mesas e distribuír entre elas o electorado da sección. Para o primeiro suposto, o electorado da sección distribúese por orde alfabética entre as mesas, que deben situarse preferentemente en cuartos separados dentro da mesma edificación. Para o caso de poboación diseminada, a distribución realízase atendendo á menor distancia entre o domicilio do elector e a correspondente mesa. En ningún caso o número de electores adscrito a cada mesa pode ser inferior a douscentos.

Esta dobre finalidade das seccións, estatística e electoral, obriga a prestar especial atención aos seus límites e ao seu tamaño. A sección estatística é unha área de terreo do termo municipal e cada vivenda ou habitante debe pertencer a unha e só unha sección, de maneira que o conxunto de seccións, sen baleiros nin solapamentos, debe abranger todo o termo municipal. Ademais, como sección electoral, debe ter un número de electores comprendido entre 500 e 2000, de acordo coa lexislación electoral. A Resolución do 1 de abril de 1997 xa mencionada anteriormente, ao referirse á revisión do seccionado do termo municipal, recomenda ademais que cada sección non supere os 2.500 habitantes. Esta Resolución establece as normas básicas a que deben axustarse as seccións:

- Cada sección debe estar perfectamente definida mediante límites que sexan doados de identificar, tales como accidentes naturais do terreo e construcións de carácter permanente.
- As seccións pertencentes a un núcleo urbano estarán formadas normalmente por bloques completos de edificios, sen prexuízo de que, excepcionalmente, un bloque pode subdividirse por fachadas completas ou, se é necesario, por portais se supera o número máximo de electores.
- A división en seccións debe comprender todo o territorio do termo municipal, de modo que calquera parte deste debe quedar adscrita a unha e só unha das seccións.

A Resolución contempla tamén as normas para a revisión polos concellos do seccionado do seu termo municipal, das que cómpre destacar as seguintes:

- Partiranse as seccións que superen os 2.000 electores ou aquelas que superen os 2.500 habitantes. As seccións resultantes da partición deberán conter polo menos 500 electores.
- Fusionaranse as seccións que teñan menos de 500 electores, agás en municipios de sección única.
- Modificaranse os límites de seccións como consecuencia de defectos de delimitación ou das variacións producidas nestas, procedentes, por exemplo, de plans de urbanismo, aparición de novas vías urbanas, ...

Segundo a Resolución, os concellos deben remitir as propostas de modificación do seccionado á correspondente delegación provincial do INE, que disporá dun mes para facer as comprobacións que considere oportunas. Aínda que, de acordo co artigo 76 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, os concellos levarán a cabo a revisión do seccionado polo menos unha vez ó ano, no momento en que algunha sección supere os 2.000 electores ou non chegue ós 500 debe procederse de forma inmediata á súa partición ou fusión, respectivamente, para cumprir as condicións establecidas na LOREX. Nestes casos, a iniciativa para a modificación xorde, en xeral, da correspondente Delegación



Provincial da Oficina do Censo Electoral, á que lle corresponde, segundo establece o artigo 24 da LOREX, “determinar o número, os límites das seccións electorais, os seus locais e as mesas correspondentes a cada unha delas, oídos os concellos”.

Para a posibilidade máis arriba sinalada, segundo o apartado 6 do artigo 23 da LOREX, de distribuír o electorado dunha sección en máis dunha mesa electoral, as seccións poden dividirse de dúas maneiras: división alfabética, na que a asignación dos electores ás mesas se fai cun criterio alfabético, tendo en conta os apelidos e o nome dos electores; e división en subseccións, na que a asignación dos electores ás mesas se realiza por un criterio territorial, abrangendo cada subsección o ámbito territorial dunha mesa, contando polo menos con 200 electores.

Como consecuencia da necesidade de cumprir as condicións anteriores, o seccionado e o número de seccións varían ao longo do tempo. Hai seccións que se van despoboando e é necesario fusionalas con outras. E prodúcese tamén o fenómeno contrario, é dicir, as seccións crecen ata superar os límites de poboación ou electores establecidos e é necesario dividilas. En ocasións tamén se recompón o seccionado como consecuencia da necesidade de redefinir a delimitación das mesas electorais territoriais (subseccións) para cumprir co número mínimo de 200 electores que esixe a LOREX.

A Resolución refírese tamén á confección e revisión dos rueiros de sección, que permiten coñecer a delimitación e contido xeográfico das seccións estatísticas e dispoñer dunha información sobre as vías do municipio, definidas por un tipo (rúa, praza, barrio,...) e unha denominación. As vías, que tamén se codifican, intégranse cos distritos e seccións, entidades singulares e colectivas, núcleos de poboación e diseminados. O resultado da intersección das capas de seccionado, unidades poboacionais, vías e zonas postais son os tramos de vía, que se convierten na unidade básica de referenciación territorial<sup>6</sup>.




Páxina de consulta dos datos de rueiros de sección

Determinados lugares da zona rural que, tendo un topónimo diferenciado, non se consideraron entidades singulares de poboación e non figuran entón no Nomenclátor, adoitan aparecer nos rueiros das seccións como vías (xeralmente no tipo de vía barrio) dunha entidade singular. As razóns para iso poden deberse tanto ás dificultades para resolver de xeito inequívoco os casos ambiguos, á luz da definición de entidade singular, coma á interpretación realizada por cada concello sobre a realidade do asentamento poboacional no seu territorio nun momento dado, ademais dos posibles erros.

<sup>6</sup> Na páxina web do INE, [www.ine.es](http://www.ine.es), pode descargarse o rueiro do Censo electoral, con toda a información que identifica plenamente as vías e tramos de vía que pertencen a cada sección.

Os habitantes do municipio son todos aqueles que se atopan inscritos no seu Padrón municipal. Cada habitante posúe uns atributos de tipo persoal (nome, sexo, data de nacemento...) e de carácter territorial (domicilio de residencia). O nexo de unión entre a poboación e o territorio é precisamente a localización xeográfica da residencia do habitante, o domicilio, a través do tramo en que se localice. A actualización do rueiro de sección supón unha actualización dos tramos que abrangue.

Por último, en canto á relación entre a división en seccións e as parroquias (entidades colectivas), hai que ter en conta a grande disparidade do número de habitantes dunhas e outras. Case 80% das entidades colectivas de Galicia non alcanza o límite mínimo de 500 electores para constituír unha sección, e máis do 50% tampouco alcanzan o límite mínimo de 200 electores para constituír unha mesa electoral, variando estas porcentaxes de xeito significativo entre provincias, como se deduce da táboa 10<sup>7</sup> e se mostra no gráfico 3.



Non obstante, dada o uso electoral das seccións e o costume de colocar as mesas en locais parroquiais cando é aconsellable e posible, ou que polo menos os electores dunha parroquia voten no mesmo lugar, na división dos municipios en

**DISTRITOS, SECCIÓNS, MESAS E LOCAIS ELECTORAIS**  
Eleccións a Cortes Xerais de 9 de marzo de 2008<sup>1</sup>

Número de habitantes	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Distritos	205	99	135	176	615
Seccións	917	306	282	733	2.238
Mesas	1.620	586	572	1.313	4.091
Locais	951	438	449	706	2.544

Táboa 13

<sup>7</sup> A poboación da táboa 4 refírese a habitantes residentes de calquera idade ou nacionalidade, mentres que os límites das seccións electorais refírense a electores, residentes maiores de 18 anos e de nacionalidade española, coa ampliación a outras nacionalidades prevista na LOREX para as Eleccións Municipais e ao Parlamento Europeo. En calquera caso, a cifra de poboación é maior ou igual que a de electores.

seccións realizada polos concellos e o INE inténtase respectar a división en parroquias, tomando como principio orientador, aínda que non único, a inclusión de parroquias completas nas seccións, evitando que os límites das seccións dividan as parroquias rurais (Ver táboa 13).

Nas táboas 14 e 15 recóllense datos do seccionado de Galicia e o seu solapamento coas entidades colectivas. En Galicia hai 2.238 seccións, á data de referencia 1 de xaneiro de 2008, cunha poboación media de aproximadamente 1.200 habitantes<sup>9</sup>.

Táboa 14

SOLAPAMENTO DE SECCIÓNS E ENTIDADES COLECTIVAS						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA	
Seccións	917	306	282	733	2.238	100%
Seccións en territorio de EC	589	208	201	523	1.521	68,0%
Seccións con EC e sen EC	32	10	12	12	66	2,9%
Seccións en territorio sen EC	296	88	69	198	651	29,1%
Seccións en 1 EC	357	33	47	358	795	35,5%
Seccións en 2 EC	139	19	25	94	277	12,4%
Seccións en 3 EC	64	18	24	36	142	6,3%
Seccións en 4 EC	28	16	34	21	99	4,4%
Seccións en 5 e máis EC	33	132	83	26	274	12,2%
Entidades colectivas	932	1.264	916	666	3.778	100%
EC en 1 sección	844	1.248	895	563	3.550	94,0%
EC en 2 seccións	43	10	13	52	118	3,1%
EC en 3 seccións	16	5	2	17	40	1,1%
EC en 4 seccións	11	1	1	14	27	0,7%
EC en 5 e máis seccións	18	0	5	20	43	1,1%

Táboa 15

SOLAPAMENTO DE SECCIÓNS COMPLETAS E EC COMPLETAS						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA	
Seccións de EC completas	327	177	139	220	863	38,6%
Seccións de 1 EC	110	13	9	86	218	9,7%
Seccións de 2 EC	103	16	13	65	197	8,8%
Seccións de 3 EC	55	16	23	30	124	5,5%
Seccións de 4 EC	26	13	27	17	83	3,7%
Seccións de 5 e máis EC	33	119	67	22	241	10,8%
EC de SEC completas	154	16	10	147	327	8,7%
EC de 1 sección	110	13	9	86	218	5,8%
EC de 2 seccións	18	0	0	32	50	1,3%
EC de 3 seccións	12	2	0	11	25	0,7%
EC de 4 seccións	6	1	1	7	15	0,4%
EC de 5 e máis seccións	8	0	0	11	19	0,5%

Na táboa 14 aparece o número de seccións na primeira fila e a súa clasificación en tres tipos nas tres seguintes: seccións completamente incluídas en territorio de entidades colectivas (en territorio de EC); seccións parcialmente incluídas en territorio de entidades colectivas, con outra parte en territorio sen entidade colectiva (con EC e sen EC); e seccións completamente incluídas en territorio sen entidade colectiva (en territorio sen EC). Os dous primeiros tipos de seccións, que se solapan con algunha entidade colectiva, son en total 1.587 (o 70,9%) e clasifícanse a continuación polo número de entidades colectivas que tocan (dende 1 ata 5 e máis), xa sexa parcial ou totalmente. Na última parte da táboa figura o número de entidades colectivas e a súa clasificación polo número de seccións coas

<sup>9</sup> 1.239 habitantes, se tomamos como referencia a poboación oficial a 1 de xaneiro de 2007, última dispoñible no momento de redactarse este capítulo.

que se solapan, parcial ou totalmente. Vemos que, como consecuencia da relación de tamaños poboacionais de entidades colectivas e seccións, o 94% das entidades colectivas se inclúen nunha única sección e, polo tanto, os seus límites non son cortados polo seccionado.

Na táboa 15 recóllense as 863 seccións que constan unicamente de entidades colectivas completas, un 38,6% do total das seccións. Se nos limitamos a considerar as 1.587 seccións que tocan territorio das entidades colectivas, supoñen o 54,4%. Estas seccións clasifícanse a continuación polo número de entidades colectivas que comprenden. Para 110 delas a sección coincide cunha entidade colectiva. Dende o punto de vista das entidades colectivas, as que constan de seccións completas son unicamente o 8,7% do total, outra vez consecuencia lóxica das diferenzas relativas de tamaños poboacionais, xa que só as entidades colectivas de maiores tamaños poden ser divididas en seccións. Estas entidades clasifícanse na táboa polo número de seccións que comprenden, 110 delas unha única sección, o mesmo dato xa comentado antes neste paragrafo.

## 6. Conclusión. A parroquia: unha atípica unidade estatística

A parroquia ten un uso moi limitado como unidade estatística, condicionado á súa inclusión como entidade colectiva no Nomenclátor, o que sucede na zona rural con algunhas excepcións, e neste caso restrinxida ás operacións estatísticas exhaustivas sobre todo o territorio, basicamente os censos de poboación e vivendas e a explotación estatística do padrón continuo. Destas operacións derívase, non obstante, unha abundante información estatística sobre as parroquias relativa a persoas, fogares, vivendas e edificios. Esta información é susceptible de difusión e explotación estatística cos límites que impón o segredo estatístico, que obriga os servizos estatísticos a non difundir



Núcleos de poboación á beira do encoro de San Martín en Petín (Ourense)

información que permita a identificación directa ou indirecta de persoas físicas ou xurídicas individuais.

A parroquia non se utiliza no deseño das operacións estatísticas exhaustivas ou por mostraxe dirixidas á poboación, con recollida de información sobre o terreo, nas que a unidade territorial básica é a sección, que tamén se utiliza para a xestión do Censo electoral, cumprindo así unha dobre función estatística e electoral. Dende o punto de vista electoral, a parroquia garda unha estreita relación coa delimitación das seccións e as mesas electorais na zona rural.

A parroquia tampouco constitúe unha división administrativa oficial do Estado nin dende o punto de vista da nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS) da Unión Europea, que para España alcanza o nivel xerárquico NUTS 3 coas provincias. Unha futura subdivisión deste nivel, que a lexislación comunitaria deixa a cada estado membro, podería levar a agrupacións de municipios (comarcas) no nivel NUTS 4, pero nunca alcanzaría as parroquias.

Tampouco parece que poida elevar a importancia actual da parroquia na estatística oficial o posible recoñecemento da súa personalidade xurídica previsto no artigo 40 do Estatuto de Galicia.

En calquera caso sería desexable promover a revisión das definicións vixentes das unidades poboacionais no ámbito da estatística oficial, coa colaboración de todos os posibles interesados, co obxecto de recoller de xeito máis preciso a gran variedade de formas de asentamento da poboación en Galicia e de proporcionar información estatística relevante e útil para todos os niveis da administración, investigadores e, en xeral, usuarios desa información.

## Bibliografía

- Instituto Nacional de Estadística. **Nomenclátore oficiais de 1860** (2ª edición de 1873), 1888, 1900, 1910, 1920, 1930, 1940, 1950, 1960, 1970, 1981, 1986, 1991 e 1996. Edicións en papel.
- Instituto Nacional de Estadística. **Nomenclátore oficiais referidos ao 1 de xaneiro de cada ano, dende 1998**. Edicións en soporte informático: CD e descarga en [www.ine.es](http://www.ine.es).
- Instituto Nacional de Estadística. **Proyecto de los Censos de Población y Viviendas 2001**. Madrid. Tamén dispoñible en [www.ine.es](http://www.ine.es).

## Referencias lexislativas

- **Lei 7/1985, do 2 de abril**, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 4/1996, de 10 de xaneiro (BOE do 12 de xaneiro), en relación co Padrón municipal<sup>10</sup>.
- **Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais**; aprobado polo Real decreto 1960/1986, do 11 de xullo, e modificado polo Real decreto 2612/1996, do 20 de decembro (BOE do 16 do xaneiro de 1997).
- **Resolución do 1 de abril de 1997, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección Xeral de Cooperación Territorial**, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do Padrón (publicada por Resolución do 9 de abril de 1997, da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia; BOE do 11 de abril).

<sup>10</sup> Ademais, a Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro, modificou o artigo 17, engadindo un segundo parágrafo no apartado 2 e modificando a redacción do último parágrafo do apartado 3.

# o futuro e alternativas

- 14 **Álvaro Xosé López Mira**  
A parroquia galega no contexto da  
multilevel governance
- 15 **Pablo González Mariñas**  
Elementos fundamentais do réxime  
xurídico das entidades parroquiais de  
Galicia no século XXI
- 16 **Xosé Manuel Santos Solla**  
Turismo e parroquias

# 14 A parroquia galega no contexto da multilevel governance

**Álvaro Xosé López Mira**

Profesor Titular de Ciencia Política e da Administración  
Universidade de Vigo

## 1. Introducción. Algúns elementos previos

Se tomamos como referencia histórica que oficializou a parroquia galega como entidade local a *Parochiali Suevum* ou *Divisio Theodomiri*, albiscamos unha permanencia incólume e extraordinariamente estable, malia ás mutacións vividas en todas as ordes neses catorce séculos de tránsito da humanidade<sup>1</sup>. Só esta asombrosa e perenne vitalidade sería argumento suficiente para considerar que esta senlleira institución debe obedecer na súa existencia a causas tan profundas que son merecentes, polo menos, dunha mínima reflexión acerca das posibilidades da súa persistencia actualizada nas primeiras xeiras do século XXI. Probablemente, ningún outro organismo vixente na actualidade resistiría a comparanza temporal, pero tal dato acada maior relevancia ao lembrar a circunstancia de que as parroquias galegas foron combatidas polo poderoso estado español na súa busca da modernidade a través das novas entidades locais creadas polo liberalismo decimonónico, imitador do centralizador e centralista modelo napoleónico, é dicir, os concellos e as provincias, recluindo ás singulares freguesías galegas no ostracismo da alegalidade, orfas de recoñecemento xurídico e político, xa que eran símbolo dun pasado premoderno, máis acaído aos tempos dun Antigo Réxime que se pretendía borrar como símbolo do atraso das Españas antes do constitucionalismo nacido en 1812.

Os estudosos que dedicaron a súa atención a Galicia non podían pasar por alto a singularidade deste fenómeno, de aí que o galeguismo político tamén a mitificase como entidade configuradora dunha Galicia ideal, lonxe das artificiosas solucións organizativas do oficialismo español, completamente inaxeitadas para a realidade galega, algo que tampouco negan os académicos non galegos, desde iuspublicistas como Morell ata antropólogos como Lisón, pasando por xeógrafos como O'Flanagan. En realidade, a propia experiencia práctica que tentou implantar os concellos en Galicia seguindo as fundantes directrices constitucionais (“*a cada pueblo su Ayuntamiento*”), decatouse sobre o terreo da imposibilidade do seu cumprimento e recoñeceu coa súa impotencia o acusado diferencialismo<sup>2</sup> do feito local galego: que mellor proba cabería atopar deste? Xa que logo, podemos resumir

<sup>1</sup> Segundo Pierre David redactouse entre os anos 572 e 592 da nosa Era.

<sup>2</sup> Que determinaban máis de 3.000 parroquias e máis de 30.000 entidades de poboación.

sumariamente indicando que, dende o establecemento do constitucionalismo no Estado español, a historia da parroquia galega é a historia dunha frustración, a diferenza, por exemplo, da zona sur da vedraña *Gallaecia*, onde o constitucionalismo democrático portugués de 1976 deulle carta de existencia á freguesía<sup>3</sup>. As razóns de por que a democracia española non fixo o mesmo, mantendo un modelo de réxime local preautonómico, escapan ás angueiras do presente traballo, pero cómpre constatalas, porque aínda hoxe o modelo local español non se adaptou máis que moi superficialmente<sup>4</sup> á descentralización político-territorial encetada en 1978, polo que os seus déficits de todo signo (participativos, organizativos, etc.) fanse cada día máis palmarios.

## 2. A realidade e o dereito

Encóntrase moi lonxe do noso ánimo neste texto prestarlle culto á citada mitificación galeguista da parroquia que, pola contra, acadaría plasmación xurídica no vixente Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981<sup>5</sup>, polo que sería Dereito directamente aplicable. Para o modelo de organización territorial local galego do nacionalismo político dos anos trinta do pasado século<sup>6</sup>, este recoñecemento chegou demasiado tarde. O ecumene galego, os modos de ser da convivencia local da década dos oitenta do século XX, xa tiñan pouco que ver coa idealizada Galicia rural de poboamento disperso en boa parte do territorio que contemplaron os Risco, Castelao ou Cuevillas naqueles anos, co devir histórico de cincuenta anos despois no que o rural como modo de vida (recórdese que o Estatuto fala xustamente de parroquia *rural*) xa era absolutamente residual, feito máis consolidado aínda se cabe no presente ano 2008.

Isto non quere dicir que, no esquizofrénico universo organizativo-territorial intragalego, non operen as parroquias, ou mesmo as aldeas, como comunidades fornecedoras ou receptoras colectivamente de servizos, coas cales o poder institucional dos concellos debe, normalmente, contar para ser capaz de aplicar eficazmente e sen conflictividade as súas decisións, e iso amosa, unha vez máis, a súa vitalidade malia á constante negación do seu recoñecemento xurídico, sempre agochada baixo o palio de escusas tan peregrinas como pouco sólidas, non válidas se, por exemplo, se aplican a quen as usa: ou acaso alguén podería negar que hai demasiados concellos de se empregar unicamente a racionalidade economicista e o eficientismo administrativo? No fondo de tales posicionamentos o que se agocha é o temor a perder o xa escaso poder político que teñen os pequenos concellos (é dicir, a meirande parte dos galegos), sobre todo por mor da súa cativa autonomía financeira. E aquí os actores particulares (alcaldes, concelleiros...) e os colectivos (partidos políticos, asociacións veciñais...) semellan ter un pacto tácito de acordo contra calquera posible cambio no estatus quo, por evidente que resulte que esta situación será cada día máis insostible, xa que a inmensa maioría dos concellos galegos son inviables de se manter estático o modelo organizativo actual (de financiamento, competencial, etc.) e unívoco para todo o territorio español malia as palpables diferenzas existentes entre Comunidades Autónomas, e mesmo dentro destas: pensemos, por exemplo no caso galego, nas diferencias de dimensión poboacional (de 200 habitantes a 300.000), na cantidade de parroquias



Lugar de Tembra en San Miguel de Boullón no concello de Brión (A Coruña)

<sup>3</sup> Aínda que a freguesía nese país está recoñecida como autarquía local desde a Constitución de 1911 da I República.

<sup>4</sup> Instalando de facto unha especie de bicentralismo (estatal e autonómico) sobre as entidades locais, que pouco ten que ver co sedicente bifrontismo do que fala o Tribunal Constitucional.

<sup>5</sup> Causa distinta é que nunca se quixera operativizar, incumprindo sistemáticamente todos os gobernos autónomos galegos -rara autonomía esa que non se quere exercer!- os dictados estatutarios nesta materia, agás nalgúnhas benintencionadas pero inxenuas normas sectoriais de principios dos oitenta (Lei de actuación intensiva en parroquias rurais, entre outras). Vid. máis por extenso a nosa obra *Un modelo de organización territorial para Galicia*, Madrid, UNED, 2000, pp. 399 e ss.

<sup>6</sup> Parroquias e comarcas versus municipios e provincias.





O Barco de Valdeorras (Ourense)

ou entidades de poboación entre eles (de unha a varios centos), de núcleos concentrados ou espaxamento extremo, de índole turística-estacional a puramente industriais ou netamente agrogandeiros, de costa, val ou montaña..., amosan unha realidade que desarbora o tratamento estático dos municipios que segue o lexislador español e, de xeito case mimético, o galego, como patentiza a malograda Lei de Administración Local de Galicia.

Pódese observar que partimos da premisa, que aquí non desenvolveremos por falta de espazo, da necesidade dunha interiorización plena do modelo local no Estado das Autonomías, é dicir, que a semellanza de calquera arquetipos federais (e doutros sistemas políticos que nominalmente non o son como o británico), a capacidade de decisión sobre o modelo de organización local corresponda en exclusiva a Comunidades Autónomas como a galega; así o di o Estatuto e así cabería interpretalo do conxunto do bloque da constitucionalidade, pero é unha gran falsidade, porque, absurda e incongruentemente coa descentralización político-territorial iniciada en 1978, non foi esta a opinión do Tribunal Constitucional nin dos distintos gobernos da democracia española. Se a devandita condición non se cumpre, os esforzos que se poidan realizar a nivel interno galego atoparán un muro parcialmente infranqueable, aínda que mediase a condición (tamén *sine qua non*) dun acordo entre as tres grandes forzas políticas con representación no Parlamento galego e, loxicamente por ende, da inmensa maioría dos electos locais das actuais deputacións provinciais e concellos. Parece que tanto a consolidación democrática dos últimos trinta anos no Estado español, como a propia lóxica xurídico-organizativa (a mesma que levou a eliminar as Deputacións provinciais nas sete Comunidades Autónomas uniprovinciais<sup>7</sup> e *de facto* nas Illas Canarias, ningunha das cales son precisamente as entidades con maior peso político no conxunto do sedicente *federalismo* español), deberían conducir ao lexislador e aos operadores xurídicos e políticos por este camiño.

Partindo, por conseguinte, desta hipótese, deberíamos tamén enunciarse que o futuro modelo organizativo local propio de Galicia, habería que formulalo de maneira integral, o que non quere dicir que **todo** o territorio galego deba estar dividido en parroquias e **todo** tamén en comarcas e/ou supracomarcas, aínda que si con relacións entre os distintos chanzos organizativo-territoriais (*two-tier system* ou de dous chanzos). Sexa a través da creación de rexións urbanas, áreas metropolitanas e parroquias, ou mediante a supresión das actuais deputacións provinciais e dalgúns concellos, non parece de recibo formuladas como institucións estancas, senón como partes dun conxunto que reforce o perfil idiosincrático e a unidade identitaria de Galicia como nacionalidade histórica, unha vez máis en cumprimento da axiología buscada por uns valores estatutarios (artigo 1.2<sup>8</sup>) tantas veces preteridos.

### 3. Funcionalidade da parroquia

Cumpriría non deixarse confundir pola expresión utilitarista que agacha o título deste epígrafe. O reforzo dos lazos de solidariedade e o afondamento dos mecanismos da mentalidade democrática nunha das células neuráxicas da convivencia local galega nalgúns lugares do territorio e o aumento que, de seu, suporía en contribucións de capital social para o conxunto de Galicia e dos galegos, implican metas que transcenden o tan estreito, economicista e, en boa medida, obsoleto, límite do enunciado. Iso si, tamén queremos expresar esa

<sup>7</sup> Co beneplácito nestes supostos dun procazmente incoherente Tribunal Constitucional.

<sup>8</sup> "A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses...".

funcionalidade no outro senso da palabra, no de que funciona e por iso paga a pena instaurala (a modo do pragmático funcionalismo co que se construíu e constrúe a Unión Europea) e a diferenza das institucións locais (concellos e deputacións) do liberalismo español que, case sempre, se concibiron como instrumentos de dominación do Estado sobre a sociedade na que se instalaron. Moi outra é a nosa perspectiva. Vexámolo.

A vitalidade operativa parroquial ou microlocal asombra non pouco pola resistencia a través dos tempos dunha comunidade tradicional que se axusta, con enorme flexibilidade, aos cambiantes sistemas sociais que permiten que o seu suposto arcaísmo se amolde ás novas circunstancias cunha inmediatez admirable; iso si, en moitos supostos vinculadas aos montes mancomunados de base aldeá ou parroquial, singularmente a través de recentes modos de explotación (parques eólicos, polígonos industriais, actividades de lecer e ambientais, etc., etc.), dunha inusitada e sorprendente actualidade. Acostumadas dende tempo inmemorial a exercer unha sorte de principio de subsidiaridade, diante da ausencia prestacional das entidades legalmente constituídas (dende os municipios ao estado), á marxe do recoñecemento xurídico oficial, non debería estrañar o fenómeno de que as parroquias galegas<sup>9</sup> se encontren, na nosa opinión, perfectamente preparadas para incardinarse nun novidoso modelo de organización local que contemple os principios da *multilevel governance* ou gobernanza multinivel, é dicir, mediante un esquema que nos convida a aceptar a interacción entre niveis de goberno e o protagonismo dunha rede de actores diversos de cara incorporar a complexidade existente ás tarefas de goberno, o cal implica articular a diversidade e a fragmentación con mecanismos de coordinación ou integración. Nesta perspectiva os novos gobernos locais non son contedores de obxectos estáticos, senón un fluxo de contactos e relacións que permiten assimilar, de xeito flexible como dixemos, as interdependencias dos múltiples actores interactuantes nos espazos locais-metropolitano-rexionais, nun marco no que quebra a concepción de cada entidade administrativa como lugar pechado, véndose substituída polo fluxo interlocal da poboación e a especialización de cada territorio administrativo en certas actividades, dada a evidente falta de correspondencia entre espazos sociais, económicos e administrativos, propiciada por unha mobilidade cada día maior, e xa nin sequera meramente física, que fan de Galicia unha gran cidade, pero dentro ou en contacto con outras cidades do policentrismo urbano ou metropolitano global que está a propiciar a mundialización.

Neste contexto que entraña un novo estilo relacional de goberno no que “*a xerarquía deixa paso á rede, ou o que é o mesmo, á negociación e á interacción;*”

<sup>9</sup> Aínda que falamos de parroquias de forma xenérica, é posible que, en bastantes supostos, a cerna da comunidade local galega xa non teña base parroquial, *stricto sensu*, senón, tal vez, de lugar, aldeá ou outro tipo de poboamento distinto da parroquia tradicional, ou mesmo veciños organizados a través de comunidades de montes ou de augas. Ao non caber a xeneralización, habería que estudar os supostos caso por caso, o que non repugna a un modelo non cartesiano, senón flexible, como o proposto a través da gobernanza multinivel.

Unha posible experimentación inicial podería aplicarse nalgunha das languidecentes parroquias *oficializadas* polo réxime local español a través das escasas entidades locais menores de Galicia, algunhas delas especialmente vinculadas ás súas comunidades de montes en man común.



Vista aérea da Lanzada

onde o monopolio governamental deixa paso á dispersión de responsabilidades e á pluralidade de actores”<sup>10</sup>, no que os distintos niveis institucionais comparten, cooperan e codeterminan, pero non compiten nin monopolizan as decisións sobre as diferentes áreas competenciais, primando a negociación e o consenso por riba da confrontación<sup>11</sup>, é no que cómpre valorar a notoria modernidade que posúe unha comunidade local da índole da parroquia. Coidemos que, como sinala un dos mellores expertos na cuestión, o profesor Joan Subirats, é tan necesario pensar localmente e actuar globalmente como pensar globalmente e actuar localmente. Afrontar con certas garantías de éxito o aparentemente imparabile fenómeno mundializador,

*“esixe reforzar os vínculos identitarios entendidos como un activo social. Sen dúbida non existe demasiado futuro para comunidades locais e para territorios illados e encerrados nas súas peculiaridades, pero tampouco o hai para conglomerados locais artificialmente creados ou para territorios só preocupados por explotar os seus recursos sen xerar sentido de pertenza”<sup>12</sup>.*

Este novo sistema adopta unha estrutura poliédrica e non xerárquica, no que cobran importancia singular as destrezas de desenvolvemento endógeno que asume cada territorio, o cal se activa e promove a partir das súas propias particularidades, nunha dinámica de estratexias novas que sinala o propio Subirats:

*“a capacidade de xestionar a rede de actores locais; a capacidade de mellorar a competitividade a través da aprendizaxe e a innovación permanentes; o fortalecemento da cohesión social e territorial, evitando a exclusión e a segregación social do espazo; a habilidade para o aproveitamento de recursos inmateriais como o capital social, ou os atractivos culturais e ambientais endógenos; e a utilización de instrumentos de mercadotecnia territorial (place marketing) ou as habilidades de relación (networking) e presión (lobbyng)”<sup>13</sup>.*

Nun entramado contextual así descrito, parece que a parroquia pode desempeñar un papel senlleiro nas estratexias de articulación do territorio galego, sempre e cando existan unhas directrices rexionais –autonómicas- de coordinación axeitadas:

*“Estamos asistindo á progresiva substitución das fronteiras entre territorios, entre estatutos competenciais, entre delimitacións institucionais rixidas, por dinámicas máis centradas nas capacidades dos actores para facer progresar os seus proxectos e as súas estratexias desde posicións de influencia e de articulación de recursos e complicitades. Xestionar as interdependencias entre comunidades locais, cidades e rexións, é o gran reto dun goberno do territorio que ha de superar a fase na que as fronteiras illaban e delimitaban. Hoxe o que temos é unha crecente interacción entre actores e institucións á marxe de ámbitos competenciais ou de terreos acoutados. Vanse substituíndo marcos xerárquicos e terreos de xogo preestablecidos por redes complexas e multidireccionais”<sup>14</sup>.*

## 4. Un modelo creativo para a parroquia galega do século XXI

Con tales premisas, a nosa proposta debería encontrar facilmente xa non só pleno acomodo, senón mesmo reclamar a súa pronta instauración no ámbito da Comunidade Autónoma galega. Probablemente, o avance de Galicia como nacionalidade histórica ten que se cimentar na revisión do seu modelo de

<sup>10</sup> Mar de Santiago Pérez: “Gobernación múltiple: ¿ciudadán multinivel?”, en Antonio-Carlos Pereira Menaut-Argimiro Rojo Salgado (coordinadores): *Multiconstitucionalismo e Multigoberno*, Santiago de Compostela, Universidade, 2005, p. 259.

<sup>11</sup> Cfr. *Ibid.*, pp. 258-259.

<sup>12</sup> Joan Subirats Humet e Mariona Tomàs: “Os gobernos locais en contornos *glocals* e en rede” en Argimiro Rojo Salgado-Enrique José Varela Álvarez: *A gobernanza metropolitana*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2007, p. 91.

<sup>13</sup> *Ibid.*, p. 92.

<sup>14</sup> *Ibid.*, p. 93.

governos locais, esquecendo a crónica inxustiza histórica na materia que podería xerar anovadas ineficiencias, atendendo ao auxe do local (ou do binomio local-rexional), onde o supralocal tamén é local e viceversa, como cabe comprobar por moi diversos factores, tales como a crecente articulación de rango local (non necesariamente municipal e, desde logo, non provincial) entre actores públicos e privados para promover estratexias concertadas de desenvolvemento e a súa organización para unha acción conxunta; ou a multiplicación de conflitos, reivindicacións e demandas sociais que se manifestan nos niveis territoriais locais, ben porque integran unha problemática concreta, intereses e situacións diversos (oposición a determinados proxectos infraestruturais, defensa do medio próximo, esixencia de postos de traballo na propia localidade, etc.), ben porque traducen unha aspiración global comunitaria, de carácter socioeconómico ou político-cultural. Asemade, a forza e lexitimidade que adquiriu o concepto de autonomía política e administrativa nas institucións de goberno local, constituíndose progresivamente unha democracia de base territorial ata o último e máis reducido chanzo; en fin, parece ser unha consecuencia lóxica dos factores que promoveron a creación dun espazo integrado europeo a través de macrorrexións e un sistema de cidades a escala europea.

Galicia ao tempo idiosincriticamente local e rexional e neses piares debe asentar a súa propia organización administrativa territorial, pivotando a través dun ente intermedio autóctono (chámese comarca, área metropolitana ou rexión urbana) que substitúa ás obsoletas catro provincias<sup>15</sup>, exercitando a dobre función de entidade representativa local e de elemento descentralizador para a eficaz e equitativa aplicación territorial das competencias ou funcións autonómicas<sup>16</sup>. Neste marco, as parroquias que se creen, sen necesidade de estendelas á totalidade do territorio galego (e, desde logo, sen homoxeneizar o seu réxime<sup>17</sup> dado que son substancialmente diferentes entre si), senón máis ben de xeito voluntarista e coa aquiescencia municipal, serían non só unidades profundamente participativas da convivencia social, senón, seguramente, entidades máis eficaces na óptima xestión dos sempre escasos recursos públicos ao ter os seus moradores un mellor coñecemento das súas propias problemáticas: principio de subsidiariedade en estado puro, que supere o estado meramente factual no que se encontra.

Nun contexto de reforma completa do modelo local en Galicia, no que se contemplase mesmo a posible federación de municipios a través de entes locais intermedios de tipo comarcal, máis que a supresión ou a fusión dos mesmos que sempre pode resultar traumática, na que se conserven as entidades locais de base (concellos e parroquias) como estruturas moi participativas, moi democráticas, pero facilitando a concentración competencial no ente intermedio comarcal, como estrutura territorial máis axeitada para garantir a eficacia das prestacións dos servizos públicos para o conxunto dos habitantes da comarca, o que reduciría as desigualdades entre cidadáns (en virtude de en que municipio residan) do actual réxime local español, tan recoñecedor da súa propia impotencia na aplicación equitativa desa prestación que ata o establece na lei básica do seu homoxeneizador modelo de réxime local (distintas funcións, competencias ou capacidades prestacionais, segundo o tramo de poboación no que se encadre o concello: parécenos increíble esta situación na



Cerdedo en Terra de Montes (Pontevedra)

<sup>15</sup> Isto non debería sequera ser obxecto de discusión por obvio, polo menos se xogamos no terreo da racionalidade (o que non é o caso).

<sup>16</sup> Lembremos o inaplicado artigo 41 do vixente Estatuto: "A Comunidade Autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos e entes dependentes da Xunta de Galicia. Tamén poderá delegar nas provincias, municipios e demais entidades locais recoñecidas neste Estatuto".

<sup>17</sup> Como acontece coas freguesías portuguesas, o cal é considerado un erro polos expertos lusos (e iso que hai tres categorías: rural, semiurbana e urbana), que evidencia a necesidade dun estudo en profundidade desas diferencias antes de legislar. Cfr. Artur Manuel Moura Baptista Pereira: "As freguesías no contexto da Administración pública portuguesa" en *Grial* nº 142, Vigo, Galaxia, 1999, p. 321.



Arou, Camariñas (A Coruña)

circunstancia dun Estado Social de Dereito con cada día máis e mellores recursos). A necesidade de reformar unha lei con máis de vinte anos semella ineludible e ata urxente.

Neste camiño encóntranse os nosos veciños portugueses á hora de analizar ás súas parroquias e, sen dúbida, poden ser o exemplo máis acaído dada non só a súa proximidade, senón tamén a idéntica substancia histórica e sociolóxica das parroquias galegas e portuguesas:

*“A freguesía, por ser a autarquía que se atopa máis próxima da poboación respectiva e como tal espacio privilexiado para a participación desta na vida colectiva e como elemento potenciador da súa identificación e materializador das súas aspiracións, arelas e intereses, é a que máis facilmente poderá contribuír na resolución dalgúns dos problemas cos que a poboación se enfrenta a cotío (...). O lexislador non aproveitou as posibilidades constitucionais da freguesía, antes*

*ó contrario, pois a realidade ten demostrado que `especialmente nas freguesías correspondentes a vilas, que non son sedes de concello, e nalgúns freguesías das grandes cidades, tense detectado un forte dinamismo local e unha importantísima contribución das freguesías no tocante á melloría da calidade de vida das persoas, tanto na vivenda como nas vías de comunicación, na cultura como no lecer”<sup>18</sup>.*

O avance na descentralización permitiría non só unha mellora da calidade democrática, senón que suporía afrontar desde mellores posicións os retos da globalización, dende un eficiente prisma endógeno. Un prototipo local que sexa *marca de galeguidade*, de país, no competitivo universo da mundialización, onde o que non se coñece a penas existe, cada día máis acerbamente, guste ou non; e son as nosas idiosincrasias, iso que nos fai diferentes dos demais, o que nos permitirá o devandito posicionamento, e non desde logo o mimetismo con algo que xa existe porque outros o fixeron e popularizaron nese novo ecumene globalizado<sup>19</sup>.

Nesta liña, o noso modelo parroquial non pode xa ser de areladas *parroquias rurais* como quere o vixente Estatuto; incluso nos actuais investimentos empresariais netamente rurais precísanse estruturas e apoios –financeiros, de transportes, etc.- nitidamente urbanos, e iso sen contar as recentes especializacións microlocais (parroquiais ou outras), con modernas operatividades e funcións de malla urbana, como vivenda, cultura do lecer, actividades deportivas, turismo e vacacións, etc. Os modos de vida en Galicia, xa que logo, hai tempo que deixaron de ser rurais con independencia de en que lugar do territorio galego se viva. Non esquezamos, ademais, que poden ser estas novas tramas parroquiais pezas clave (así o amosan experiencias comparadas) no freo da degradación ambiental do territorio, do conxunto do territorio, contribuíndo ao sostemento das poboacións, evitando a súa fuxida<sup>20</sup> a núcleos poboacionais urbanos xa desmesuradamente saturados, o que implica novos problemas ao conxunto das políticas públicas locais e, en última instancia, da propia Comunidade Autónoma<sup>21</sup>.

<sup>18</sup> *Ibid.* pp. 319-320.

<sup>19</sup> Sería como se centrásemos os nosos esforzos exportadores en loar a calidade do *noso chardonnay* acabado de plantar e desprezásemos os, eses si *nosos*, biseculares albariños ou godellos, porque o outro é o que cultiva todo o mundo. Ningunha lóxica, nin sequera a puramente economicista, resistiría semellante despropósito, polo que as razóns de que se faga habería que buscalas alén da lóxica.

<sup>20</sup> Neste intre máis de 8.000! núcleos de poboación galegos teñen menos de 10 habitantes e a maioría deles localízanse nas zonas máis altas da pirámide demográfica. Ademais, segundo recentes datos da Xunta de Galicia, 1.200 núcleos de poboación están na actualidade deshabitados e 700 contan con unicamente un veciño.

Parece claro que o suxerido modelo federalista resultaría o máis acaído para establecer o ente local de segundo nivel sen excesivos traumas, xa que se propiciaría a participación das entidades de primeiro nivel (concellos, quizais parroquias) na súa configuración. Non se esqueza que, dalgunha maneira, os actuais concellos galegos son unha sorte de mal deseñada federación de parroquias, xa que os divisores de principios do XIX do territorio galego en municipios tiveron que decidir en que parroquias se situarían as novas capitalidades municipais (por certo, con frecuencia sen empregar en absoluto criterios de mínima racionalidade como a centralidade ou o maior número de habitantes). Non estamos suxerindo que a aplicación dun modelo completamente novo seguindo este deseño vaia resultar sinxela e, nos primeiros tempos do seu exercicio, mesmo os resultados poden ser perniciosos e contraditorios cos obxectivos buscados, aínda que só sexa polas inercias dun prolongado pasado de mentalidade napoleónica, tan distinto do pretendido na nosa proposta. Pero tamén parece diáfano que unha federación de abaixo arriba (mesmo podendo engadir novos chanzos superiores) é o mellor modo de conciliar a participación democrática da comunidade local de base coa necesaria eficiencia na prestación dos servizos que lle debe corresponder a calquera administración pública para xustificar a súa existencia (ou a súa desaparición).

Restaría por sinalar a mera indicación<sup>22</sup> de que alí onde se creen estas parroquias contemporáneas, cumpriría formalizar uns órganos de dirección-coordinación lexitimados democraticamente e non necesariamente cun modelo unívoco: algunhas poderán preferir unha xestión mediante concello aberto ou asemblea veciñal<sup>23</sup>, e outras a través dos mecanismos da democracia representativa, elixindo mediante sufraxio órganos unipersoais ou colexiados (ou ambos), tal vez, matizados e complementados con algún instrumento de democracia directa como a revogación.

## Bibliografía

- **Baptista Pereira, Artur Manuel Moura** (1999), "As freguesías no contexto da Administración pública portuguesa", *Grial* 142, pp. 309-322.
- **De Santiago Pérez, Mar** (2005), "Gobernación múltiple: ¿ciudadán multinivel?", en Pereira Menaut, Antonio-Carlos & Rojo Salgado, Argimiro, *Multiconstitucionalismo e Multigoberno*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 251-286.
- **González Mariñas, Pablo** (1999), "Tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual", *Grial* 142, PP. 251-256.
- **González Mariñas, Pablo** (2002), "A parroquia en Galicia e Portugal cara ó século XXI", en López Mira, Álvaro Xosé (director), *Galicia e Portugal: A fronteira esvaída*, Ourense, Deputación provincial, pp. 19-34.
- **López Mira, Álvaro Xosé** (2000), *Un modelo de organización territorial para Galicia*, Madrid, UNED.
- **Subirats Humet, Joan & Tomàs, Mariona** (2007), "Os gobernos locais en contornos *glocals* e en rede", en Rojo Salgado, Armiro & Varela Álvarez, Enrique José, *A gobernanza metropolitana*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 89-128.

<sup>21</sup> Vid. con maior amplitude a nosa obra citada, pp. 479-507.

<sup>22</sup> A cuestión competencial trátase noutro capítulo deste libro.

<sup>23</sup> Por exemplo, nas entidades de menos de 100 veciños.

# 15 Elementos fundamentais do réxime xurídico das entidades parroquiais de Galicia no século XXI

**Pablo González Mariñas**

Profesor Titular de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña  
Do Corpo de Administradores Cívís Superiores do Estado

## 1. Consideracións previas

A tradición política, sociolóxica, cultural e administrativa galega ven reclamando dende moitos ámbitos o recoñecemento xurídico-formal, personalización e vitalización da parroquia. O propio Castelao constatou no seu “Sempre en Galiza” que a parroquia é

*unha das máis punxentes características da nosa Terra, e de ningunha maneira se debe prescindir da súa existencia (...) Non se concibe unha administración local galega sen conceder personalidade xurídica ás parroquias ruraes, con efectividade de goberno propio e de facenda propia ( cf. Castelao, 1961: 118).*

En troques, na praxe, a parroquia case nunca superou nin supera unha funcionalidade interna municipal e só en contadas ocasións aparece cualificada como entidade local galega de seu. É un dos temas típicos de “boa prensa e mala sorte” de que falaba o mestre Guaita, malia que tal meigallo teña pouco que ver co azar e si moito coa política centralista e uniformadora, que é secular característica do réxime local español.

Porén, é aínda posíbel a súa consagración legal e funcional na vizosa urdime do noso complexo tear orgánico-territorial?. Hai futuro para esta institución, de indubidábel avoengo e enraizamento en Galicia.

O aínda vixente Estatuto de Autonomía, inzado de potencialidade neste eido, deixa a lei do Parlamento de Galicia a regulación da organización territorial do país e, malia que indecisións políticas e discutíbeis resolucións do TC minorasen de facto estas posibilidades estatutarias, o certo é que o marco normativo está claro: parroquia e comarca son pezas obrigadas, aínda que non únicas e excluínates, da organización territorial galega. Obrigadas, porque a habilitación contida no artigo 40 do Estatuto non contén un título facultativo e discrecional, senón de necesario exercicio no correspondente marco interpretativo que representa o artigo 2.2 por relación coa obriga de defensa institucional da identidade de Galicia que impón o artigo 1.2 da norma estatutaria.



Este carácter “obrigado” da “peza parroquial” no mapa territorial galego ven avalado por unha longa tradición e por unha realidade de funcionamento efectivo durante séculos.

A cuestión é se o tempo e o acelerado cambio de circunstancias na evolución social, na contextura urbana e territorial e nas formas de vida dos nosos cidadáns eivou ou diminuíu gravemente as posibilidades reais da parroquia de ser aínda unha peza non xa histórica e estatutariamente obrigada, senón ademais útil nesa urdime territorial e, de selo, con que alcance. É cuestión que, xa que logo, debe tratarse, a parte dos aspectos identitarios e de patrimonio histórico e socio-político, importantes de seu e indiscutíbeis, en termos de conveniencia e funcionalidade.

Dende o meu punto de vista, cómpre entender superado o falso debate sobre a modernidade da parroquia rural galega. O antagonismo tradición-modernidade é, a este respecto, unha contraposición interesada e alimentada de tópicos. Alúdese, como teño referido noutro lugar, ao ruralismo, ao despoboamento das parroquias, ao exceso de niveis administrativos, ao localismo, á fragmentación, á superposición inconveniente de competencias... coa conseguinte acusación de arcaísmo, que faría das parroquias unha institución axeitada para as “as miudeces de aldea”, mas incompatíbel coa modernidade organizativa uniformista, demandante de eficacia extrema e axilidade administrativa (c.f. González Mariñas, 1999: 255).

Nestas apelacións non hai case nunca outra reflexión nin outro alento, só o unidireccional propósito de acabar co propio sen máis comedimento, sacrificándoo no altar dunha inexplicada “moderno-latría”, por obsoleto e entorpecedor daquela eficacia.

Por suposto, que todo razoamento que aluda ás posibilidades que as parroquias abren para unha vida local máis democrática, participativa e reforzadora de identidades e solidariedade colectiva veciñal é un razoamento que tende a caer en chan erno. E, para alén deso, repárese en que, nesta actitude, se parte sempre de que as entidades locais propias do estado (provincias, municipios e mesmo as “entidades locais menores”) son intocábeis. E como xa están establecidas e configuran os diversos chanzos de administración, quen sobra son as parroquias. Por certo, non serían as parroquias as autóctonas e xa reais entidades locais menores de Galicia, se non fose pola teimuda obsesión uniformadora dos lexisladores españois e a falla de valentía dos gobernos galegos para enfrontar decididamente a cuestión territorial?

Mas a historia é a gran disciplina da hora. A tradición non pode verse como memoria estática da comunidade senón como vida comunitaria pousada e asumida de antigo e que, dende o presente, diríxese proxectivamente ao futuro. E así está a acontecer coa parroquia. Son os mesmos feitos da praxe galega actual, real e cotián, quen está a demostrar un rexurdimento da parroquia como “espazo de identidade” e como “comunidade reflexiva”, dotada dunha grande capacidade de adaptación aos novos problemas formulados á cidadanía (c.f. Rodríguez Campos, 2009).



Lañas, Arteixo (A Coruña)



Este fenómeno non é ademais exclusivo de Galicia. Hai tempo que as teorías do estrutural-funcionalismo ven divulgando a tese de que a territorialidade xa non é relevante nos tempos que corren, que a globalización determina inelutabelmente unha cultura “desterritorializada” que desdebuxa o interese dos pequenos espazos, as pequenas patrias ou “matrias”... e que, xa que logo, carecería de sentido a formalización legal de micro- comunidades, por mais que podían estar cheas de identidade cultural e histórica e sentido de pertenza. Obvio é que nestas teorizacións da “fin do territorio” non deixan de operar inercias mentais difíciles de superar, sobre todo esa distorsionante identificación ‘amalgamadora’ de nación, estado e territorio, que segue a pesar sobre moitos como unha lousa mental que impide a orixinalidade do pensamento e das reformulacións territoriais.

Porén, tan ‘universalizador’ pensamento dista moito de se acomparar coa realidade de hoxe en día. Tanto en Europa como en América pode constatare, no peche do segundo milenio, “o xurdimento de tendencias neo-localistas, que recuperan a dimensión territorial da convivencia social”, o que ademais ocorre con especial frecuencia entre os xoves entre os 18 e 25 anos (c.f. Giménez, 1996: ). Revalorízanse así as pequenas comunidades veciñais, ao compás do medre do aprecio de valores novos ligados ao medio ambiente e a calidade de vida.

A recuperación da sensibilidade por estes espazos de pertenza, como son moitas anovadas parroquias galegas, con valores de defensa de dereitos cidadáns, de salubridade, de carácter ecolóxico, de identidade xeracional, ocupacional ou de pertenza cultural... non é así un fenómeno illado nin menos alimentado por meras retóricas de arcaísmo romántico. En realidade, esta conciliación entre tradición e modernidade, entre a dimensión local e a mundial globalizadora é unha das grandes cuestións do noso tempo.

Naturalmente, xa non se trata da vella parroquia de connotacións relixiosas, porque os tempos cambiaron, pero si dunha entidade flexíbel, con forte poder de cohesión e capacidade tuitivo-organizativa, para protexer os dereitos veciñais e mesmo para administrar determinados bens, satisfacer concretos servizos ou cohesionar as aldeas en mancomunidades de montes. Como di ben expresivamente o sociólogo Rodríguez Campos, a parroquia galega “ten a dobre propiedade de reunir a vivencia do tempo da tradición coa vivencia do tempo da modernidade” (véase capítulo 7).

En definitiva, a parroquia, cada día mais, está en condicións de representar unha estrutura eficaz para a defensa dos dereitos dos veciños fronte ás ameazas das implantacións industriais irrespectuosas co medio ou fronte a trazados aberrantes das vías de comunicación, fronte aos tendidos dos ferrocarrís de alta velocidade que esnaquizan, economicistamente, espazos de alto valor ecolóxico e cultural (pénsese, por exemplo, na “fraga de Cecebre” ameazada polo tendido do AVE), ou fronte á desmesurada cobiza urbanizadora. E, en sentido positivo, para achegar solucións realistas, eficaces e veciñalmente participadas a problemas non obsoletos, senón de hoxe en día, ligados nomeadamente á vitalización democrática local e á titularidade e prestación de diversos servizos.

A cuestión será, xa que logo, anovar, de seren conveniente, a parroquia ás esixencias actuais. A relación co territorio, coa parroquia neste caso, xa non é tan sinxela como antano: hoxe en día a pertenza territorial combínase con outras non territoriais. Como di Gilberto Giménez, o territorio perdeu o seu carácter “totalizante” (1996). E alguén dixo, con razón, que haberá que “reiventalo territorio”, supoño que en sentido menos “fiscista”, dada a irrupción dos novísimos sistemas de comunicación, que poden actuar como aglutinantes culturais e de pertenza (c.f. López Mira, 1999: 271).

A todo isto cómpre sumar a mestura de administracións, a confusión de competencias e a necesidade dunha gobernanza en rede. Son moitas as esixencias que o actual escenario sociolóxico, político e administrativo imponlle ás parroquias. Pero debemos tratar de lle configurar, dada a súa virtualidade e revitalización que entendemos necesaria, un marco axeitado, que determine cando menos o seu ámbito de implantación formal, a súa organización (gobierno e administración), competencias, financiamento, e relacións interadministrativas.

Estes catro aspectos fulcrais deben ser obxecto dun apuntamento inicial. Hai, paralelamente, catro datos con certeza de necesaria constatación previa, porque condicionan nomeadamente calquera réxime legal que para ás parroquias galegas se deseñe:

**a)** Dunha parte, a evolución acelerada da poboación galega e do seu asentamento cara a unha progresiva urbanización, con masivo abandono de amplas zonas do espazo inequivocamente rural e conseguinte fuxida ás cidades e os seus suburbios ou concellos próximos. Trátase dun éxodo rural que debilitou sen dúbida á parroquia (a cuarta parte das 3.786 existentes non superan os cen habitantes) e que trasladou en moitos casos a súa tradicional centralidade económica, social e cultural a espazos mais de maior dimensión: cabeceiras comarcais, vilas ou cidades próximas;

**b)** En segundo lugar, este fenómeno esvaeceu a categórica distinción “rural-urbano”, xerando espazos dificilmente catalogábeis, como non sexa dende as apelacións xa frecuentes ao “semiurbano” ou “rururbano”, deixando en desairado lugar a expresión “parroquia rural”, que é a que utiliza o actual Estatuto de Autonomía. Por iso, en Portugal consagraron legalmente unha tripla tipoloxía de parroquias (urbanas, semiurbanas e rurais), se ben non foron quen até hoxe de asentar réximes debidamente diferenciados e flexíbeis (c.f. Baptista, 1999: 315).

**c)** En terceiro lugar, a progresiva perda, durante un tempo, de conciencia social das parroquias urbanas. Durante as últimas décadas, as parroquias galegas seguiron a ser referentes importantes, tanto na cohesión identitaria e de pertenza, como para a administración dos montes de veciños, para as festas e actos culturais e tamén para a reclamación e, de selo caso, prestación de determinados servizos. Mas no ámbito urbano, en troques, o seu esvaemento e superación por outras subdivisións articuladoras do espazo municipal (barrios, distritos...) foi un dato indiscutíbel e de intensidade crecente.

Porén, as cousas parece que, como se expresou mais enriba, comezaron xa a mudar. Dende logo, en Portugal as Xuntas de Freguesía están a demostrar nos últimos tempos un forte dinamismo nos grandes centros urbanos. E así ocorre tamén nalgunha das grandes cidades galegas, abríndose un novo tempo de perspectivas para estes espazos e comunidades veciñais.

**d)** Un derradeiro aspecto previo que cómpre ter presente é a tipoloxía moi variada das nosas parroquias, tanto por poboación e extensión como por grao de vitalidade e proximidade ou non a zonas decididamente urbanas. E, sobre todo, polo feito de ter ou non masas comunais propias que administrar, dato moi peculiar e importante en Galicia, de xeito que para aquelas que si dispoñen de tales bens a constitución formal da entidade aparece non xa como conveniente senón mesmo necesaria.

Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)



Obvio é constatar que, nestas circunstancias, non procede deseñar un marco legal ríxido, uniforme, igualitario para as parroquias galegas, tal como aconteceu con elas en Portugal (sobre todo antes da reforma introducida pola Lei 23/97, do 2 de xullo) e tamén, secularmente, cos municipios en España. O réxime debe ser, en troques, flexíbel e a disposición da iniciativa das comunidades veciñais, que deben poder aquelalo ás súas específicas necesidades e esixencias.

## 2. Ámbito de implantación formal

Polo dito, entendemos que hoxe en día resulta imposíbel configurar a parroquia como unha entidade local territorial xeral, obrigatoria e que cubra todo o territorio con continuidade física. Cando menos, non é necesario.

Noutras palabras, non tería sentido pretender que a totalidade do territorio galego estea “dividido” en parroquias. Non é precisa a cobertura física territorial total, sen “no man’s lands”, senón unha peza funcional onde sexa precisa e requirida pola comunidade, o que non desmerece a súa importancia alí onde se constituía. Vai de seu que a parroquia existe e mesmo actúa de feito como tal en boa parte de Galicia. Mas se trata agora non xa do seu funcionamento “social” e operativo nalgúns ámbitos materiais, dende a xenérica posibilidade de personalización aberta pola LALGA de 1997 (artigo 1.2), senón da súa formalización e constitución en termos xurídicos como entidade local territorial, quer cal fose a forma da súa institucionalización e goberno.

A parroquia debería ser, así, unha “entidade dispoñíbel” para aquelas colectividades veciñais que, por razóns de conciencia social propia, de participación cidadá, de defensa de determinados dereitos e valores locais, de administración de bens propios, de mera funcionalidade administrativa e dos servizos, ou por varias delas ou todas elas en conxunto, quixeran formalizar a súa constitución, con personalidade, competencias e financiamento de seu. Todo iso sen prexuízo do seu debido ensamblaxe na organización territorial galega global e, nomeadamente, dentro do correspondente concello e, de selo caso, da protección de concretas relacións interadministrativas -directas ou indirectas- da parroquia con outras instancias territoriais.

## 3. Organización

As mesmas circunstancias de variada tipoloxía expresadas no punto anterior aconsellan que os órganos de dirección previstos legalmente para as parroquias non sexan uniformes nin impostos ás comunidades. Vai de seu que a organización parroquial ten de ser plenamente democrática e, xa que logo, vir lexitimada por principios de elección directa. Mas, a parte disto, o seu réxime orgánico debера ser flexíbel e xa que logo adaptábel á variada tipoloxía parroquial.

O réxime de “concello aberto” ou “assemblea veciñal” pode ser acaído a parroquias de non moita poboación, quizais non mais de cen habitantes (aproximadamente unha cuarta parte das existentes en Galicia), por mais que algúns autores, entre deles Fariña Jamardo, que estudou a institución e o seu funcionamento nas bisbarras da Limia, coloquen tal límite nos mil habitantes, que sería para eles a fronteira ou paso da democracia directa á democracia representativa (c.f. Fariña Jamardo, 1982: 7).

Porén, este número parece elevado en exceso de se ter presente que o réxime de concello aberto implica que o goberno e administración corresponden a un

alcalde e a unha asemblea veciñal da que forman parte todos os electores. Quizais por iso, a LBRL, cando trata do funcionamento en “concello aberto” coincide co criterio mais enriba expresado, ao referilo aos municipios de menos de cen habitantes, aínda que sen pechar os supostos, xa que tamén prevé a súa posíbel aplicación a

*“aqueles que tradicionalmente conten con este singular réxime de goberno e administración” e “aquehoutros nos que a súa localización xeográfica, a mellor xestión dos intereses municipais ou outras circunstancias o fagan aconsellábel” (artigo 29).*

En troques, para parroquias de mais poboación procedería actuar mediante os mecanismos da democracia representativa, elixindo un órgano unipersoal executivo, que pode recibir o nome de “presidente” (ou os tradicionais de “vigairo” ou “pedáneo”), e outro órgano colexiado de control, de nome “xunta parroquial”, composto polo presidente e un número de membros operativo e razoábel, tendo en conta o total de concelleiros que compoñan o respectivo concello. Este modelo dual é o que fixan as regras do artigo 45.2 da LBRL que, malia todo, non teñen carácter básico (STC 214/1989, do 21 de decembro), o que por outra parte non ten aquí, actualmente, maior interese, dado que o lexislador galego non cumpriu aínda co mandato do artigo 45.1 da propia LBRL, que ordena ás CCAA ditar leis que regulen as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio, para a administración descentralizada de “núcleos de poboación separados, baixo a súa denominación tradicional de casaríos, parroquias, aldeas, barrios, anteiglesias, concejos, pedanías, lugares anexos e outros análogos”. Sorprendentemente, a Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997, do 22 de xullo; en adiante, LALGA) dedica moita extensión ás “entidades locais menores”, tan estrañas polo xeral ao noso país, mas tan só unha referencia xenérica ás parroquias no seu artigo 1.2, que establece que terán a consideración de entidades locais territoriais e autonomía para a xestión dos seus intereses patrimoniais “nos termos que determinará unha lei do Parlamento de Galicia”, lei aínda non promulgada logo de mais de dez anos de vixencia da LALGA.

O modelo dual de goberno que se preconiza ten tamén, a parte do baseamento que lle proporcionaríaa LBRL, “un certo apoio -indica López Mira- no funcionamento tradicional dalgunhas parroquias galegas (“Xunta de Homes” de Taboadelo)” (2000), estudada por Alfredo García Ramos, e ademais resulta consonte con elementais esixencias de operatividade e eficacia decisoria e de control.

O órgano clave, non só de control, senón tamén resolutorio ten de ser a Xunta Parroquial, á que debe corresponder en todo caso: a aprobación dos orzamentos anuais; a administración e conservación do patrimonio; a regulación do aproveitamento dos bens comunais; e a adopción de acordos sobre disposición de bens e sobre operacións de crédito.

Preverase unha periodicidade non necesariamente uniforme das reunións da Xunta parroquial e un réxime de sesións flexíbel aínda que ben formalizado dende o punto de vista procedemental.

Resultaría tamén acaído abrir, como fixo a lei asturiana (Lei 11/1986, do 20 de novembro, pola que se reconece a personalidade xurídica da parroquia rural), un prazo para que as entidades locais menores constituídas, por iniciativa propia ou da xunta veciñal, puideran se acoller ao réxime das parroquias rurais cos beneficios derivados do sistema de axudas especiais previsto pola propia Lei.

Como é sabido, en Galicia existen tan só constituídas nove entidades locais menores: Arcos da Condesa (Caldas de Reis), Bembrive (Vigo), Chenlo (O Porriño), Morgadáns (Gondomar), Camposancos (A Guarda), Pazos de Reis (Tui),

Queimadelos e Vilasobroso (Mondariz) e Berán (Leiro). E, para alén deso, as entidades locais menores dificilmente poden considerarse entidades locais galegas de seu, senón da administración do estado en Galicia, polo que a súa conversión en parroquias contribuiría a unha desexábel harmonización e “galeguización” das entidades inframunicipais do noso territorio.

#### 4. Competencias, potestades e atribucións

Cómpre fuxir de establecer, polas mesmas razóns anteditas, unha cláusula xeral que atribúa ás parroquias competencia “para procurar a satisfacción dos propios intereses”, xa que a xenericidade desta ou parecida fórmula, dada a súa inconcreción, en nada contribúe a unha debida clarificación nin axuda a protexer un ámbito de competencia propio da parroquia fronte ao concello do que forme parte. En todo caso, os “exclusivos intereses da parroquia” si deben xogar como factor determinante de certas competencias cando materialmente coincidan cos de outras entidades territoriais.

Tamén non cómpre relacionar mediante ‘*numerus clausus*’ as competencias propias das parroquias. Como escribiu López Mira hai xa anos, este sistema

*“non parece o mais apropiado para unha estrutura que, como federativa, propende á coordinación, e na que moitas das decisións que se adopten nos órganos superiores comarcais terán o seu fundamento na representación parroquial que os conforman” (2000).*

Tanto este dato como a súa variada tipoloxía fan preferíbel enumerar a título indicativo un elenco de atribucións e competencias que, en cada caso, poderán ser asumidas polos entes parroquiais que se formalicen, segundo as súas necesidades e conveniencias. En definitiva, isto é tanto, ‘*servata distantia*’, como trasladar ao ámbito parroquial o clásico ‘principio dispositivo das competencias consagrado pola CE para as Comunidade Autónomas.

Con este criterio xeral, a realidade aconsella distinguir tres grupos de competencias: as propias, as submetidas a directrices de coordinación doutras administracións públicas, e aquelas que poden ser recibidas pola parroquia por delegación do respectivo concello ou doutros entes supramunicipais.

**a)** Poden ser asumidas como competencias propias, isto é, exercidas sen suxeición a ordes ou instrucións doutras administracións públicas:

- A administración, conservación e defensa do seu patrimonio, nomeadamente os montes veciñais en man común, a súa delimitación e deslinde, así como a regulación e ordenación do seu aproveitamento e utilización.

Xa se dixo mais enriba que é a existencia de montes veciñais en man común o que veu xustificando e segue a xustificar con máis peso a necesidade da constitución da maior parte das entidades parroquiais galegas, como así ten enfatizado a doutrina (c.f. Fariña Jamardo, 1975: 247), sen prexuízo doutras finalidades e funcións que os novos tempos achegan como acaídas e convenientes á esfera parroquial;

- A execución de obras e a prestación de servizos do seu exclusivo interese, sempre que sexa con fondos propios e non corresponda a outras entidades locais.

A posibilidade de realizar investimentos propios resulta unha atribución importante, que en Portugal, por exemplo, aparece aínda moi mediatizada polo concello, circunstancia da que, na miña opinión, debería fuxir o réxime das parroquias galegas;

- A conservación, mantemento e vixianza dos camiños rurais do termo parroquial, así como de todas as propiedades parroquiais e demais bens de uso ou servizo público de exclusivo interese parroquial, incluíndo parques infantís, campo da festa, casa de cultura, equipamentos deportivos, de lecer, cemiterios parroquiais, fontes, limpeza e marquesiñas de transporte público non obxecto de concesión.

Estas competencias propias deben ter sempre preferencia sobre as delegadas, para así reforzar a súa autonomía, evitando a submisión do ente a controis de mera oportunidade por parte doutras entidades territoriais ´superiores´ (Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa 98/12, do 18 de setembro).



Cexo, Vereia (Ourense)

**b)** En coordinación con outras administracións públicas que, en todo caso, debe perseguir a integración sistemática e harmónica do seu exercicio e non o condicionamento discrecional da autonomía parroquial e, de selo caso, por delegación que, agás imposición legal expresa, terá que ser aceptada pola entidade parroquial e levar asignados os recursos necesarios para o seu exercicio:

- Protección do medio ambiente;
- Salubridade e saneamento público básico;
- Defensa do patrimonio histórico-artístico;
- Equipamento social comunitario;
- Galescolas;
- Abastecemento de augas, iluminación pública e sumidoiros públicos; mercados e feiras; iniciativas de desenvolvemento local comunitario;
- Participación acaída no proceso de elaboración dos plans urbanísticos municipais e na xestión da disciplina urbanística;
- Participación nos sistemas locais de seguranza, de protección civil e de loita contra os incendios forestais.



Conxunto de hórreos de Salomonde. O Carballiño (Ourense)

c) Con maiores reservas habería que considerar a figura da chamada “asignación de competencias”, recollida en variada lexislación autonómica (mesmo a LALGA, artigos 174 e 186, entre outros, segue fielmente este criterio), xa que implica o risco de tomar aos entes ‘menores’, neste caso a parroquia, como mera administración indirecta -submetida xa que logo a poderes xerárquicos- desvirtuando a súa autonomía e potencialidade reivindicativa e participativa. Cumpriría, xa que logo, de entenderse conveniente a utilización desta técnica, unha regulación da referida “asignación de competencias” suficientemente garante da autonomía do ente parroquial, no marco da administración en rede que mais adiante se preconiza.

d) Este cadro de posibilidades competenciais non pode considerarse a marxe das potestades que deben seren recoñecidas á parroquia, para o asentamento da súa condición de entidade local formal, con capacidade para definir unha política propia, e para o mellor desenvolvemento das competencias que asuma e dos servizos que preste, así como diversas capacidades operativas dirixidas ao mesmo fin. Entre delas cómpre considerar:

- Todos os efectos xurídicos derivados do recoñecemento de personalidade xurídica: outorgamento de escrituras, representación e defensa en xuízo en calquera procedemento legal en defensa de intereses parroquiais, comparecencia en calquera actos e procedementos, incluídos os de información pública, etc;
- A potestade regulamentaria e de autoorganización;
- A potestade de programación ou planificación;
- A potestade de deslinde e de recuperación dos seus bens;
- A presunción de lexitimidade e de executar dos seus actos;
- A potestade de execución forzosa e sancionadora;
- A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos;
- A imposibilidade de embargo dos seus bens e dereitos nos termos previstos nas leis;
- A adquisición de terreos para o común e de inmobles para o desenvolvemento das actividades dos seus órganos de goberno e administración;
- A contratación de técnicos e petición de funcionarios ás administracións territoriais “superiores”;
- A formación de orzamentos propios e xestión financeira no seu ámbito patrimonial;
- O dereito de asociación ou posibilidade de se agrupar con outras parroquias, sempre que se respecte a continuidade xeográfica e a inserción no mesmo concello, para o desenvolvemento de programas ou proxectos de común interese;

- O dereito a participar, de selo caso, en empresas municipais ou da comarca;
- O dereito a formalizar convenios con outras entidades, territoriais ou non, para a realización de obras ou prestación de determinados servizos.

Estas precisións implican tomar partido na polémica doutrinal de considerar estas “entidades inframunicipais” (suscitada case sempre a respecto das “entidades locais menores”) ben como meras fórmulas de descentralización do municipio, que tería sobre delas total primacía, ou ben como entidade autónoma, territorial e con competencias propias e universalizadas a todos aqueles asuntos de exclusivo interese parroquial.

Vai de seu que aquí se apoia esta segunda concepción: non estaríamos así perante meros “órganos territoriais de xestión descentralizada” (na terminoloxía da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de modernización do goberno local, tamén chamada coloquialmente “de grandes cidades”), senón de entidades con personalidade e vida autónoma propia, todo iso sen prexuízo dun funcionamento non estanco, senón articulado coas entidades territoriais “superiores”, como mais adiante se expón.

## 5. Financiamento

Sen afán de exhaustividade, a facenda da parroquia poderá nutrirse, segundo as leis galegas determinen, de alomenos os seguintes recursos:

- a) Ingresos de dereito privado provintes de bens da súa propiedade ou nos que a parroquia teña participación individualizada ou consorcio;
- b) Donacións, herdanzas, legados e cesións para servizos propios da entidade;
- c) Rendementos patrimoniais;
- d) Taxas e prezos polos servizos da súa exclusiva xestión ou pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público parroquial;
- e) Ingresos procedentes de operacións de crédito;
- f) Multas por infracción das ordenanzas parroquiais;
- g) Prestacións persoais;
- h) Participación nos tributos municipais e transferencias e subvencións procedentes dos orzamentos do concello;
- i) Achegas doutras administracións públicas con carácter finalista pola participación en plans de actuación e inversións xerais.

Ao non se tratar dunha entidade necesariamente xeral para todo o territorio galego, non parece acaído oa réxime financeiro das parroquias galegas o sistema portugués do “Fondo Financeiro das Freguesías”, constituído por unha participación en diversos impostos (‘rendemento de persoas singulares’, ‘rendemento de persoas colectivas’ e IVE) (c.f. Baptista, 1999: 316).



## 6. Relacións interadministrativas

Xa se expresou supra que aquí non se concibe a parroquia como unha entidade municipal subalterna. A parroquia non é unha entidade de “grao inferior” suxeita á plena subordinación ao concello correspondente, que deba tutelala e condicionar a súa autonomía. En troques, enténdese como entidade territorial, autónoma e con intereses, financiamento e competencias propias, sen prexuízo das que poida recibir por transferencia ou delegación.

Mas é certo tamén que razóns de eficacia organizativa e de prestacións impiden crear novos espazos administrativos estancos, delimitados sobre círculos de intereses propios e exclusivos non sempre fáciles de concretar e separar. So pena de facer aínda mais complexo o mapa orgánico territorial galego, cómpre consideralas -así o fai López Mira noutro lugar deste libro- como “partes dun conxunto que reforce o papel idiosincrático e a calidade identitaria” de Galicia. É mais, a parroquia pode achegar ao sistema local, administrativo-prestacional, unha grande dose de “modernidade funcional”, desburocratizando os aparellos administrativos e favorecendo os principios da “multilevel governance”, nun esquema de participación en rede de axentes institucionais de goberno e axentes sociais. En definitiva, unha estrutura “poliédrica e non xerarquizada”. Ai ten cabida as fórmulas federais de exercicio das competencias de forma coordinada, baixo o principio da lealdade, aquí adxectivada de ‘local’, que recolle o artigo 10 da LBRL.

O anterior non é óbice para que se utilicen as técnicas traslativas e delegativas mais clásicas do noso réxime local (transferencia e delegación) operadas por outras entidades territoriais, nomeadamente concellos e comarcas e, sobre todo, flexíbeis fórmulas de cooperación e colaboración.

Nas reviravoltas do tempo, a parroquia debería recuperar parte do seu protagonismo de antano. Con certeza, o marco actual ten pouco que ver con aquel

Serres, Muros (A Coruña)



que deu vida histórica á parroquia. E pouco tamén coas formulacións teóricas que, correndo as décadas, tentaron de se transformar en realidade legal. Obviamente Galicia non é xa a do “vigairo” do século XVIII, de que falara Otero Pedrayo con evidente nostalgia, tamén non do vigairo de comezos do século XX, que inspirara a Leandro Carré a súa peza teatral “O corazón dun pedáneo” (A Coruña, 1921) e tampouco a mais cerca dos intentos de recuperación de Peña Novo ou das Bases de Cuevillas. Mesmo xa resulta difícil de aplicar a terminoloxía e o concepto legal e estatutario da parroquia “rural” nunha Galicia en proceso acelerado de urbanización. Porén, nada disto

empece ao seu anovado interese e oportunidade na mais actual administración en rede, e cunha alta dose de participación e, xa que logo, de implicación cidadán na vida pública local. Galicia ten aí un inmenso “capital social”, en forma de compromiso cívico dos veciños da parroquia, asentada en fortes lazos de lealdade ao lugar e de cooperación para loitar por beneficios comúns e se protexer fronte á inmisión depredadora de intereses mais poderosos.

Vai de seu que esta articulación da parroquia pende dunha reformulación global, de necesaria base estatutaria, da organización administrativa territorial, fundamentada esencialmente en concellos e comarcas e da que as parroquias, cos perfís que quedan apuntados, poderían constituír unha peza orixinal, flexíbel e práctica: conciliadora da tradición identitaria e da mais indiscutíbel modernidade participativa e democrática.

## Bibliografía

- **Almeida Calheiros, A.** “Freguesía enquanto unidade político-administrativa mínima en Portugal”. Universidade Católica Portuguesa de Braga.
- **Baptista Pereira, A.M.M.** “As freguesías no contexto da administración pública portuguesa”. Grial 142; TXXXVII, Galaxia, 1999.
- **Castelao, A.D.R.** “Sempre en Galiza”. Buenos Aires, 1961.
- **Fariña Jamardo, J.** “La parroquia rural en Galicia”. IEAL. Madrid, 1975.
- **Fariña Jamardo, J.** “Concellos abertos na Limia”. Xunta de Galicia. Santiago, 1982.
- **Fariña Tojo, J.** “Los asentamientos rurales en Galicia”. IEAL. Madrid, 1980.
- **Giménez, G.** “Territorio y cultura”; en “Estudios sobre las culturas contemporáneas”. Universidade de Colima; México, 1996.
- **González Mariñas, P.** “A parroquia en Galicia e Portugal cara ó século XXI”. En “Galicia e Portugal: a fronteira esvaída” (Director: Álvaro X. López Mira). Universidade de Vigo-Concello de Xinzo de Limia. Ed. Deputación Provincial de Ourense; 2002.
- **González Mariñas, P.** “Tradición e modernidade da parroquia e da comarca na Galicia actual”. Grial, 142; T. XXXVII; Galaxia, 1999.
- **González Mariñas, P.** “Territorio e identidade: Galicia como espacio administrativo”. Xunta de Galicia, EGAP. Santiago, 1994.
- **González Mariñas, P.** (Director) “A Lei de Administración local de Galicia”. EGAP-Xunta de Galicia. Santiago, 1998.
- **González Mariñas, P.** “Notas sobre a organización territorial administrativa”. En “Galicia 2010”. Santiago, 2000.
- **López Mira, A.X.** “Un modelo de organización territorial para Galicia”. Madrid; UNED, 2000.
- **López Mira, A.X.** “Gobernanza local en Galicia e áreas metropolitanas: a superación da mancomunidade de Vigo”. En “A gobernanza metropolitana” (Rojo Salgado e Varela Álvarez, directores). Xunta de Galicia, 2007.
- **López Mira, A.X.** “Territorio e democracia na visión de Michael Keating”. Grial, 142; T. XXXVII; Galaxia, 1999.
- **Oliveira, A. Cândido** “Direito das autarquías locais”. Coimbra Editora, 1993.
- **Rodríguez Campos, X.S.** “Os espazos da identidade: reflexión desde a antropoloxía social sobre a actualidade da parroquia rural galega”. USC (Facultade de Humanidades).
- **Rojo Salgado, A. e Varela Álvarez, E.** (directores) “A gobernanza metropolitana”. Xunta de Galicia. Santiago, 2007.

# 16 Turismo e parroquias

**Xosé Manuel Santos Solla**

Profesor Titular de Xeografía Humana  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. Presentación

Nos últimos anos o turismo pasou a ocupar un primeiro plano na axenda política galega. O que era unha actividade secundaria, moi concentrada espacial e temporalmente, mudou para se converter a partir da década de 1990 nun obxectivo prioritario para os gobernantes do país. A imitación do modelo de sol e praia dominante no Mediterráneo español dera lugar á crecemento importantes en núcleos como Baiona, Sanxenxo, Sada, Oleiros ou Viveiro que tiveron unha certa especialización turística utilizando como recurso principal o mar e xerando uns significativos procesos de construción de segundas residencias que ocupan principalmente os puntos de maior valor, a primeira liña de litoral.

Uns anos antes a transferencia de competencias á comunidade autónoma abría novas oportunidades para sectores cuxo desenvolvemento era excesivamente dependente dos intereses xerais do Estado, sempre virados para o Mediterráneo. Isto era especialmente certo no caso do turismo polas grandes implicacións que tiña para a economía española. Porén, nos primeiros momentos da autonomía apenas se lle prestou atención ao turismo na medida na que outras urxencias marcaban os ritmos políticos: ingreso na Unión Europea ou procesos de reconversión industrial. Polo tanto houbo que esperar un tempo antes de que os nosos gobernantes caeran na conta das enormes posibilidades que ofrecía o turismo.

É a finais da década de 1980 cando a maquinaria do turismo en Galicia comeza a se pór en funcionamento. A escusa perfecta era o ano santo xacobeo de 1993, o primeiro en 11 anos. As vantaxes que daba este evento eran obvias. A nivel xeral, en plena construción europea parecía oportuno revitalizar un fenómeno tan unido á propia identidade da Europa. No contexto español era sumar un fenómeno de masas a outros recentes que resultaran de grande éxito, como a olimpíada de Barcelona ou a exposición universal de Sevilla. Finalmente, no ámbito galego o camiño de Santiago permitía marcar un sendeiro propio e singular para o desenvolvemento turístico, incorporando tamén boa parte do territorio galego, especialmente as esquecidas comarcas interiores.

O éxito do xacobeo de 1993 e a proximidade doutros anos santos estimulou que o turismo se mantivese na primeira liña da actividade, sobre todo ao se comprobar



Monte do Gozo.  
Santiago de Compostela

os efectos que podería producir no conxunto da economía. Confiábase en que o turismo rural xunto cos camiños de Santiago dinamizasen boa parte da Galicia interior; que moitas vilas e cidades aproveitasen o seu rico patrimonio histórico-artístico para multiplicar o número de visitas. E, sobre todo, había esperanzas fundamentadas no turismo como ferramenta para a expansión do sector da construción, motor confeso ao que frecuentemente se acode para explicar as elevadas taxas de crecemento da economía galega.

Sexa como for, desde a década de 1990 o turismo en Galicia experimenta un crecemento considerable que se manifesta en todos os parámetros e que se estende por practicamente todo o territorio, diversificándose tamén no referente aos produtos ofertados. As cifras que se manexan non deixan lugar ás dúbidas. Galicia pasa a converterse nun dos destinos preferidos polo turismo doméstico español que xa non visita o noso país só no verán nin se limita a estar nas rías con escapadas esporádicas a cidades como Santiago, A Coruña, Vigo ou Pontevedra. Asistimos tamén a unha internacionalización do destino, que é moi evidente na capital galega, pero que se advirte igualmente, aínda que con menor intensidade, noutros lugares.

	1996	2006
Prazas hoteleiras	29.489	47.237
En hoteis 4-5*	5.581	12.532
Prazas TER	1.644	5.549
Turistas en hoteis	1.539.108	3.373.262
Noites en hotel	2.983.846	7.758.045

Fonte: Dirección Xeral de Turismo. Xunta de Galicia

Este cadro é contundente no seu contido e mostra perfectamente a evolución tan positiva á que nos estamos a referir. As prazas en hoteis no 2006 suman case 18.000 ás que había unha década atrás e este comportamento, máis moderado, practicamente se podería estender aos outros

tipos de aloxamentos regulamentados, excluindo as segundas residencias que, en todo caso, terían un comportamento aínda máis acelerado. No conxunto de Galicia



Praia do Orzán (A Coruña)

o total de prazas regulamentadas pasou, entre estas dúas datas, das 79.000 ás 111.000, é dicir máis de 30.000 novas prazas, un volume moi considerable.

Outro elemento moi importante que debemos considerar é a cualificación da oferta de aloxamentos. Tal e como se reflicte no cadro, os hoteis de 4 e 5 estrelas teñen experimentado un substancial crecemento de xeito que pasaron de supor o 19% do total de prazas hoteleiras ao 26,5%, é dicir un incremento superior aos 7 puntos en apenas unha década. Este dato tan simple nos está a dar algunhas pistas de por onde ten evolucionado o turismo galego.

Acorde cos datos anteriores temos tamén un crecemento, que podemos cualificar de moi importante, do número de viaxeiros e de pernoitas. Ademais non é proporcional porque estas últimas van a un ritmo máis rápido o que significa que a estadía media tamén ten aumentado desde 1,9 a 2,3 noites. Este dato é fundamental porque repercute moi directamente no gasto turístico. En calquera caso é un indicador máis das profundas transformacións que ten experimentado o turismo galego en tan breve espazo de tempo.

Deixamos para o final o dato correspondente ao turismo rural porque é o que máis nos interesa para enlazar nas relacións entre turismo e parroquia. Observamos, máis que nunca, o extraordinario crecemento; as cifras de 2006 multiplican por máis de 3 as de 1996. A explicación a este proceso tan acelerado é fácil na medida na que partimos dun fenómeno novo que comeza a tomar corpo na propia década de 1990. Pero isto non lle resta mérito e pon en evidencia o compromiso que o mundo rural e as administracións públicas adquiriron co desenvolvemento do turismo nesas áreas rurais. Con todo cómpre reflexionar máis profundamente sobre o fenómeno do turismo no espazo rural antes de adentrarnos no papel que a parroquia podería ter neste contexto.

## 2. Algunhas reflexións sobre o turismo rural

Como dicíamos, o turismo rural é un fenómeno moi recente en Galicia polo que sería inxusto facer unha valoración precipitada dos resultados conseguidos. Con todo, hai elementos que, tras máis dunha década, xa nos están a indicar por onde camiñamos. É bo lembrar as orixes e a filosofía coa que foi impulsado o turismo rural no noso país. Do punto de vista sectorial, a crise que comezaba a asollar o modelo de sol e praia recomendaba mudar as estratexias, en paralelo coas da demanda, creando esforzos para reforzar outras ofertas, como a rural ou a urbana. Alén disto, a transferencia de competencias ás comunidades autónomas permitiu a estas deseñar as súas propias políticas turísticas e, nese sentido, Galicia entendeu que o Camiño de Santiago e o turismo rural abrían novas oportunidades e se complementaban perfectamente entre elas.

Alén da visión sectorial turística, houbo, cando menos, outro elemento que é reiteradamente citado para explicar o rápido desenvolvemento desta oferta de turismo. Trátase da crise do mundo rural que se manifestaba, e aínda o fai, nun progresivo abandono da actividade agro-gandeira e nun vaciamiento demográfico por emigración e envellecemento. Os desequilibrados procesos de reaxuste impostos desde a Unión Europea así como o escaso valor social que se lle deu ao concepto rural, desembocaron nunha situación dramática para moitas parroquias rurais que entraron nunha espiral de desestruturación territorial, económica e socio-cultural. Ante este desolador panorama, unha das alternativas que se propuxeron foi a do turismo na medida na que podería axudar a manter as paisaxes naturais e culturais así como permitiría o contacto co dominante mundo urbano. Todo isto sen incrementar as producións agrícolas ou gandeiras, sometidas



Pazos de Areiteiro (Ourense)

a unha excesiva oferta, ou así o definían os discursos oficiais. Paradoxalmente, hoxe cando o noso agro está en gran parte desmantelado, a demanda que parece que se vincula aos bio-combustibles está a disparar os prezos dalgúns grans.

En calquera caso, o importante é que o turismo irrompe con forza a principios da década de 1990 no mundo rural galego. Os fondos públicos fan un grande esforzo para financiar establecementos de aloxamento que dan novas funcións ás vivendas tradicionais. A consecuencia máis visible foi a aparición dunha ampla e singular rede de casas de turismo rural que ofertaba camas e, nalgúns casos, actividades para facer. Ao tempo, diversos organismos e institucións comezaron a pór o turismo na súa axenda como unha das actividades prioritarias. Moitos concellos foron conscientes das posibilidades que se lle ofrecían e, con maior ou menor acerto, tamén se sumaron a este proxecto. Nun estudo realizado por Cuíñas e Santos (2003) se lles preguntaba a alcaldes e responsables municipais de turismo pola importancia que esta actividade tiña no desenvolvemento socio-económico do seu territorio; o valor medio foi de 7,3 sobre 10, sendo moitos concellos rurais os que daban as puntuacións máximas. Outros resultados interesantes tiveron a ver coas medidas tomadas nos últimos anos, entre as que destaca, sobre todo, a de promoción; ou os elementos diferenciadores das súas respectivas circunscricións entre os que destacaron o patrimonio natural e o histórico-artístico. Para o futuro, as accións máis urxentes serían as relacionadas coas infraestruturas e os equipamentos turísticos.

Do anterior se poden tirar algunhas conclusións interesantes. Destacaremos dúas que están interconectadas: o esforzo por crear aloxamentos e

Combarro. Poio (Pontevedra)



©Turgalicia

o descoñecemento xeneralizado do que debería ser o turismo. Relativamente á primeira, a perspectiva temporal permite afirmar que se creou unha magnífica rede de establecementos que axudou a recuperar e pór en valor parte do patrimonio arquitectónico popular. Mais este feito non foi abondo para podermos falar de éxito. Infelizmente apenas se fixo fincapé noutros aspectos fundamentais para o bo funcionamento do turismo. Xa vimos a excesiva preocupación pola promoción e polos recursos máis visibles do patrimonio, moitas veces reiterativos e, en todo caso, poucas veces recursos en si propios. Con frecuencia, moitos responsables públicos pensan que para atraer turistas chega cunha campaña promocional (con frecuencia escasamente eficaz), con aloxamento e coa riqueza artística e natural. Porén, isto non é suficiente.

De entendermos o turismo como un sistema, parece evidente que hai unha importante carencia de certos elementos que conformarían ese todo. Tal vez o máis salientable é a falta de produto turístico que debería ser un dos focos centrais da actividade. En palabras simples, cando un turista chega a unha área rural se encontra cunha alarmante ausencia de cousas a facer o que provoca ben o aborrecemento ben a visita aos lugares tradicionais, é dicir, o litoral ou os principais núcleos de poboación. Polo tanto, o impacto xerado sobre o territorio acostuma ser mínimo, limitándose frecuentemente á casa de turismo rural.

Tal vez o elemento central do esforzo era, como dixemos, xerar unha alternativa, ou un complemento, á escasa e debilitada actividade económica do mundo rural. Porén, aínda hoxe, pasado un período de tempo razoable, parece que iso non se ten conseguido e dá a impresión de que o turismo rural está máis ou menos desligado da realidade social e económica do territorio no que se asenta. Unha simple comparativa entre os concellos cun maior número de establecementos e a súa evolución demográfica, demostra que a dinámica na que estaban inseridos non se ten modificado malia a apertura destes negocios.

Concellos con maior número de establecementos de TER		
Concello	Poboación 1991	Poboación 2007
Arnoia (Ourense)	1.027	1.171
Arzúa (A Coruña)	6.932	6.529
Cervantes (Lugo)	2.372	1.841
A Estrada (Pontevedra)	21.947	21.908
Folgo do Courel (Lugo)	1.864	1.284
Pedrafita do Cebreiro (Lugo)	2.103	1.368
Silleda (Pontevedra)	9.619	9.053
Vila de Cruces (Pontevedra)	7.192	6.550

Fonte: IGE

É certo que se creou unha ampla rede pero moi difusa no espazo polo que a súa intensidade apenas é relevante nalgúns puntos do territorio. Analizando os datos anteriores podemos observar algúns matices de certo interese. En xeral, nos concellos máis rurais, correspondentes sobre todo á provincia de Lugo, a tendencia continúa a ser a mesma que en décadas pasadas, é dicir de perda significativa de poboación, agravado por unha estrutura por idades altamente envellecida. Nalgúns casos a situación é aínda máis grave se consideramos que están atravesados polo Camiño de Santiago polo que advertimos que, tampouco este fenómeno está a ter, aparentemente, impactos significativos. Hai outros concellos

nos que unha cabeceira comarcal de certa importancia contribúe a evitar maiores perdas pero aínda así o crecemento destes núcleos non impide as perdas moderadas, é o caso de Arzúa, A Estrada ou Silleda. Finalmente si podemos encontrar un exemplo que marca diferenzas a respecto dos anteriores e no que probablemente o turismo, rural e termal, está a ter un especial protagonismo; é Arnoia que conseguiu nos últimos anos mudar a súa tendencia negativa. Porén debemos ser moi precavidos ao valorar as cifras deste último concello onde, por cuestións electorais, se teñen manifestado bastantes problemas cos datos de poboación.

A realidade exposta nos últimos parágrafos obríganos a facer unhas reflexións continuas sobre o turismo rural en Galicia. Evidentemente, hai outras formas de turismo que tamén poden ter o seu impacto nas parroquias galegas pero pensamos que é esta última a que podería xerar unhas maiores consecuencias positivas na evolución destes territorios.

Casa de Labranza;  
Casa Milia. Arzúa



### 3. As relacións entre o turismo e a organización socio-territorial

O turismo é unha actividade que ten unhas implicacións territoriais evidentes e por tanto cómpre ter en consideración a organización socio-territorial do país. Para entendermos como funciona un territorio e todo o sistema socio-económico que o sustenta é importante sabermos diferenzar as distintas actividades que forman parte del e como interaxen entre elas. O turismo consome territorio debido á construción de infraestruturas e equipamentos para lle dar servizo. Ao mesmo tempo, os visitantes ocupan e utilizan espazos que deben compartir usos cos distintos sectores da poboación local que habitan neses lugares. Por exemplo, nunha cidade turista e residente conviven frecuentemente sobre un mesmo espazo aínda que a presión daqueles pode acabar por minimizar a presenza destes últimos para os que ese sector da urbe pode deixar de ter interese algún para a súa vida cotiá. O mesmo acontece no ámbito rural onde o turismo pode terminar por facer desaparecer certas actividades que son substituídas polo turismo.

Este proceso será máis rápido en función da capacidade de resistencia das actividades previamente establecidas. Nunha cidade a multifuncionalidade permite normalmente absorber as presións establecidas polo turismo e, en todo caso, favorece a especialización funcional dun sector da cidade contribuindo, deste xeito, o turismo a diversificar a base económica da urbe. No mundo rural isto é menos común na medida na que a base económica acostuma estar menos diversificada, a sociedade é máis fráxil e a prosperidade agro-gandeira ten sufrido fortemente na súa rendibilidade nos últimos decenios. Porén, paradoxalmente encontramos unha situación ben contraditoria. Por un lado, a xa indicada precariedade económica que sustentan moitas familias favorece a tendencia ao cambio e a rápida substitución de actividades. Pero, polo outro lado, os altos índices de envellecemento ofrecen unha alta resistencia ao cambio. Este último, con frecuencia, é resolvido coa transformación de terras agrícolas en forestais mantendo así un uso máis compatible co traballo previo desenvolvido polo labrego.



Paisaxe da Serra do Candán nas terras do Deza



O turismo é unha actividade demasiado novidosa e allea á súa formación laboral como para que penetre facilmente no mundo rural. Existen pois fortes resistencias na súa implantación. Unhas derivan de abrir a casa dun, a súa propia intimidade, aos foráneos. Outras son de tipo económico e consisten no rexeitamento a facer investimentos nun negocio que non saben como manexar por falta de formación específica nesta materia. Neste último sentido, o aloxamento é un bo exemplo de resistencia na medida na que non se trata só dun establecemento para durmir senón que hai que saber a que clientela nos diriximos, como comercializamos ou como nos posicionamos nos mercados. É certo que desde as administracións públicas ou desde as asociacións do sector se presta moita axuda pero iso non sempre é suficiente. Se falamos doutras iniciativas empresariais a situación tampouco mellora sobre todo se consideramos que moitas actividades complementarias están vinculadas co denominado turismo activo para o que moitas persoas das comunidades locais non se senten minimamente preparadas, ben por razón de idade ben por razóns de formación.

Temos así que o turismo no espazo rural non é unha actividade especialmente adaptada ás demandas de diversificación da poboación local. Existen algunhas excepcións como é a restauración ou o artesanado. Porén, este último coñeceu un longo período de crise que fixo que desaparecesen moitos deles tendo sobrevivido só unha parte reducida dos mesmos, frecuentemente demasiado vellos como para teren iniciativas que os impliquen nunha nova actividade. A elevada idade é, portanto, unha das grandes eivas coas que se encontra o mundo rural galego para se implicar con maior profundidade no turismo. A nosa reflexión leva a nos indicar que unha actividade tan dinámica e innovadora como o turismo demanda dunha sociedade tamén dinámica e innovadora para poder desenvolverse con éxito nun mundo extraordinariamente competitivo. Infelizmente, o mundo rural galego está nunha situación social de crise que o ten vaciado da maior parte dos seus elementos máis novos e, en todo caso, estes últimos están demasiado ocupados na viabilidade dunhas explotacións continuamente ameazadas.

Ao contrario do que acontece noutros lugares de Europa, en Galicia se quixo implantar unha actividade dinámica e innovadora sobre unha poboación que pouco conserva esas características. O proceso debeu ter sido exactamente o

contrario, fortalecer a actividade primaria e unha vez que isto ocorre procurar outras actividades complementares que sirvan para xerar rendas de apoio. O resultado final foi o xa coñecido. O turismo no espazo rural pasou a se converter nunha oportunidade máis de negocio que foi aproveitada por quen tiña medios e acceso á información. Acompañada dunha lexislación pouco afortunada, foron privilexiados os neorrurais e os propietarios das vivendas de maior calidade, frecuentemente os menos necesitados en termos económicos.

Diciamos que a lexislación era pouco afortunada porque facía unha clasificación xerárquica na que se encontraba no topo da mesma os establecementos que, como os pazos, corresponden aos grandes propietarios rurais (en moitos casos nin sequera rurais). Ao final da mesma estaba o agroturismo que vinculaba a existencia dunha explotación agraria cun aloxamento que non tiña porque ter necesariamente maior valor histórico, cousa que si se demandaba para as outras dúas tipoloxías. En definitiva, os propios agricultores non tiñan un trato preferente á hora de abrir un negocio de aloxamento rural.

O feito de que as iniciativas partisen de neorrurais ou das capas máis privilexiadas non axudou a crear sinerxias. Alén de que se produciu unha clara confusión entre turismo rural e aloxamento. O turismo rural aparece así como un conxunto illado de actuacións ao que permanecen alleas as poboación locais onde se insiren as instalacións. Isto non quere dicir que non se poidan visualizar moitos dos aspectos positivos que tamén se foron evidenciando. A posta en valor de parte do patrimonio construído; a creación de emprego, sobre todo feminino aínda que non sempre de calidade; ou o recoñecemento do papel da muller como soporte da actividade, son algúns aspectos que cómpre destacar, por mais que teñan de ser matizados.

O que é realmente significativo para o noso propósito é que non se creou un auténtico sistema de turismo rural senón que foron aparecendo elementos desconectados. Esta consideración é importante na medida na que non se produciu unha interacción entre o aloxamento e as outras partes que conforman o todo. Entre elas a paisaxe ou as comunidades locais. Estas apenas participan do que debiera ser unha actividade integrada no conxunto do territorio e da sociedade. Esta situación chega a manifestar situacións como que moitos turistas non visitan nunca os contornos máis próximos e no seu lugar se deslocan para as cidades e vilas máis próximas ou mesmo para as praias, ficando completamente ao marxe dos valores do lugar.

Significa isto, ao noso entender, que o turismo rural ten perdido toda aquela connotación vinculada ao desenvolvemento, e que foi comentada ao principio deste texto, para se converter nun negocio máis no que a filosofía inicial pasa a un segundo plano, se é que nalgún momento chega a se manifestar. Por tanto, parece tamén oportuno modificar desde o lado das administracións públicas aqueles elementos que lle daban singularidade ao lle querer incorporar o conxunto de matices que facían do turismo rural moito máis que unha simple actividade empresarial.



Pazo do Souto en Sísamo, Carballo (A Coruña)

## 4. As necesidades de cambio no turismo rural

Nun documento conxunto elaborado entre as tres universidades galegas (Pardellas, Sparrer, Santos, 2007) no que se reflexionaba sobre o futuro do turismo rural en Galicia se indicaban algunhas propostas de cambios que ían certamente encamiñadas na dirección sinalada.

Un dos puntos de suxestión marcados nese documento era a eliminación da actual clasificación dos establecementos de turismo rural que, como dixemos, é discriminatoria ao establecer unha xerarquía que pon máis énfase no valor histórico-arquitectónico da casa que nos servizos que presta. En consecuencia, estímase que resultaría máis eficaz fixar os mesmos criterios que se utilizan para os demais aloxamentos hoteleiros de tal xeito que, por exemplo, un pazo non ten por que ter unha categoría superior a unha casa de aldea simplemente polo feito de se tratar dun edificio histórico. Esta mudanza implicaría tamén terminar coas limitacións que teñen este tipo de establecementos que, xa que logo, deberían verse afectados unicamente pola lexislación urbanística ou de patrimonio e non por unha norma turística que lles impide ampliar as súas instalacións.

Considérase que este cambio normativo tamén sería bo na medida na que a extrema segmentación dos mercados nos pode levar a unha excesiva multiplicación das denominacións dos aloxamentos, feito que agravaría a actual situación de confusión que existe entre as comunidades autónomas e que impiden aos clientes ter unha certeza clara sobre as características do establecemento, designadamente os estranxeiros. Pensemos que en Galicia, alén das catro categorías de turismo rural, podemos encontrar hoteis rurais, gastronómicos, con

encanto, hotel monumento... e probablemente a listaxe tenderá a facerse cada día máis longa. Por tanto cómpre simplificala e homologala. Outra cousa diferente é que desde as administracións públicas se favorezan as asociacións que reúnan establecementos de características semellantes que defendan e promovan os seus intereses. Deste xeito un hotel instalado nun pazo, por exemplo, podería integrarse nunha asociación de pazos, noutra de establecementos gastronómicos e noutra de agroturismo. Sinalado o anterior, pensamos que non é conveniente esquecer que tamén o turismo pode seguir contribuíndo para o desenvolvemento rural. Neste sentido entendemos que hai algunhas accións que habería que implementar. De entrada falaremos de dúas: o agroturismo e a maior implicación das comunidades locais. Relativamente ao primeiro aspecto, parece relevante que se siga apoiando a diversificación de rendas ás persoas que teñen como primeira actividade a agricultura; isto non implica que, do lado do turismo,

Interior e exterior do Pazo da Bouzaca en Soar, San Lourenzo de Moraña (Pontevedra)



isto se faga exclusivamente por vía da creación de aloxamento senón utilizando outras fórmulas alternativas como pode ser o artesanato, a gastronomía, a realización de actividades na explotación agrícola ou a constitución de empresas de servizos.

En canto á segunda acción da que falabamos, o incremento da participación da poboación local no turismo, a súa implementación non é fácil. Xa dixemos que hai problemas de envellecemento, de falta de formación no sector ou de ausencia de interese real ante as acuciantes dificultades que teñen que afrontar moitos labregos. De todos os xeitos é bo facer propostas que traten de modificar esta tendencia. Se antes nos referíamos á necesidade de homologar as casas rurais cos hoteis, agora propomos a creación dun equivalente ás pensións urbanas nas que persoas con actividade agrícola poidan ofrecer aloxamento, compartido ou non cos propietarios da vivenda, sen que iso implique grandes reformas como a obrigatoriedade de que cada cuarto teña un baño individual. É certo que esta fórmula, que funciona ben en moitos países europeos, bate de fronte cunha demanda interna pouco acostumada a este tipo de oferta. A creación de actividades complementarias, unha necesidade recoñecida por todos, abre novas vías para integrar as comunidades locais no ámbito do turismo. Insistimos en que as dificultades son grandes mais cómpre facer deseños adaptados á realidade rural de cada territorio e ir modificándoos a medida que todo isto vaia evoluindo. A modo de exemplo podemos citar a gastronomía non só no ámbito da restauración senón tamén da aprendizaxe dos visitantes; a inmersión lingüística; as tradicións orais; a xestión do monte con fins turísticos; ter guías locais especializados para facer rotas de senderismo, etc.

As dificultades ás que estamos a facer referencia consideramos que se poden superar. Con frecuencia a falta de estímulos desde embaixo responde a actuacións pouco axeitadas desde a cima. Neste sentido, consideramos que no relativo ao turismo rural houbo unha ausencia de estratexias territoriais e sectoriais que deran resposta aos problemas cos que se enfrontaba o mundo rural en xeral e as economías agro-gandeiras en particular. Relativamente á visión territorial, un dos grandes problemas é que foron demasiados os actores que se ocuparon de fomentar o crecemento no número de establecementos de turismo rural, feito agravado por non teren, con moita frecuencia, ningún tipo de liña argumental máis que a do desenvolvemento para o que se dedicaron, entre outras cousas, a subvencionar e abrir casas de turismo rural. Acostuman ser actuacións illadas que non van acompañadas de propostas integrais para o territorio e que acaban tendo unha eficacia máis ben reducida. Alén disto, o carácter temporal de moitos destes proxectos fan que unha vez terminado o financiamento se dilúan os grupos que estiveron a traballar e non se dea continuidade ás propostas iniciadas ou previstas.

O resultado foi que diversos programas e iniciativas impulsadas por diferentes niveis administrativos subvencionaron a apertura de casas de turismo rural sen ningunha lóxica territorial procurando, en todo caso, que houbera unha rede de establecementos máis ou menos laxa pero que cubrixe todas as comarcas de Galicia, impedindo deste xeito unha especialización funcional e favorecendo o illamento de cada unha destas iniciativas. Tan só en determinados puntos do país se rexistrou unha certa concentración debido sobre todo a un maior esforzo dos grupos xestores destes programas ou iniciativas.

Pero se dicíamos que non houbo unha estratexia territorial, ou se existiu consideramos que foi errada, tamén hai que sinalar a falta dunha liña argumental do punto de vista sectorial o que impide observar calquera lóxica nas actuacións. Nesta



Son necesarias a creación e deseño de actividades complementarias como as rotas de senderismo

Sanxenxo  
(Pontevedra)



perspectiva decidiuse fomentar o turismo rural en base á apertura de establecementos de aloxamentos. Para iso houbo abundantes axudas públicas pero non se definiron elementos básico como o tipo de cliente ou os mercados alvo. Dito noutras palabras, non se construíu un sistema turístico rural no que, alén da indiscriminada promoción e creación de aloxamento, se fomentase a oferta complementar, a elaboración de produtos, a formación e a especialización, entre outras cousas.

Un dos resultados desta política foi que recaeu sobre os propietarios dos establecementos de aloxamento a presión de crear produto turístico como se fora deles a responsabilidade total da satisfacción do cliente. As consecuencias foron varias. Moitos destes propietarios limitáronse ao seu cometido hospitaleiro, incorporando unicamente algunhas recomendacións de actividades. Ante a común ausencia dunha oferta local, as súas acostuman ir dirixidas á visita ás principais cidades e vilas do contorno, así como ás praias ou monumentos ben coñecidos; en todo caso o seu grao de compromiso co ámbito local con frecuencia é baixo. Existen outros responsables destes establecementos cunha maior implicación nos intereses dos seus hóspedes tendo unha oferta propia no seu negocio, asociándose ou colaborando con empresas de servizos turísticos ou deseñando itinerarios e actividades que abranguen os ambientes máis locais. Nestes últimos casos sempre están presentes as dificultades derivadas da inexistencia ou escaseza desas empresas de servizos ou da pouca sensibilidade turística das administracións públicas, nomeadamente da municipal, que apenas presta unha atención profesionalizada a este sector o que pode redundar nun desleixo e caos paisaxístico contrario, por exemplo, ás demandas dos visitantes.

Falabamos hai un momento do papel da administración local. No caos dos organismos, públicos ou privados, que interveñen no turismo, os concellos teñen un papel fundamental. Como demostraron Cuiñas e Santos (2003), existe unha conciencia xeneralizada de que o turismo é unha actividade moi importante para o desenvolvemento da inmensa maioría dos municipios galegos. Porén este recoñecemento non acostuma ir acompañado dunhas políticas efectivas que sexan útiles para a eficacia do sector, dentro do que serían as competencias propias desta administración. É máis, resulta común que o departamento de turismo estea xunto

o de cultura e festas, reforzando uns estereotipos nos que se esquecen relacións tan significativas como as económicas, urbanísticas ou ambientais.

Pero se a nivel municipal encontramos estes problemas, outros non menos importantes son evidentes noutras escalas. Aínda co papel que poida ter a parroquia, a organización territorial turística debería considerar os ámbitos supramunicipais. Xa falamos de que aquí a desorde é ben significativa. Por iso é urxente pór algo de racionalidade na situación actual. Isto pasa por definir os territorios de preferente uso turístico, procurar a súa especialización e crear un órgano xestor que se encargue de xuntar e coordinar todas as partes interesadas (sector público, privado e sociedade civil), sendo a súa responsabilidade, entroutras, a de defender os intereses turísticos do territorio, denunciando mesmo actuacións que sexan incompatibles co desenvolvemento do sector, ou a de crear produto. Estes órganos técnicos deberan ser os únicos con capacidade para propor e, no seu caso, tomar as decisións no ámbito do seu territorio. O papel das deputacións debería limitarse ao apoio técnico e financeiro.

Por suposto, existe un importante labor que corresponde ao departamento de turismo da Xunta de Galicia. Por un lado está o de apoiar a creación destes entes xestores e dotalos de todos os instrumentos para que resulten eficaces. Polo outro lado, ten que exercer un control sobre as súas actividades facendo que cumpran e executen o seu programa. Neste sentido parece evidente a necesidade de que cada territorio defina nun documento plurianual as súas prioridades e o seu posicionamento no sector. Este paso resulta fundamental por dous motivos: o primeiro é evitar a improvisación na que frecuentemente caen todos os destinos ao non ter unha liña argumental na que basear as súas actuacións. O segundo é prescindir de competencias inútiles entre os territorios. Levado isto ao noso campo non parece lóxico que comarcas veciñas compitan nos mesmos segmentos de mercado. Fronte a isto o que hai que procurar son as complementariedades de tal xeito que se, por exemplo, unha comarca opta polo turismo activo a outra pode centrarse no sendeirismo, nas rotas de bicicleta de montaña, na gastronomía ou no enoturismo. Para que isto sexa posible evidentemente fai falla un órgano coordinador así como un documento que marque o camiño a seguir en cada etapa.



Gastronomía.  
Productos do bosque

## 5. A parroquia como un marco para o desenvolvemento turístico

Nesta análise escalar falta por definir o papel da parroquia. En principio somos firmes defensores de que para o turismo cómpre recorrer aos niveis supramunicipais como a base sobre a que estruturar os destinos turísticos. Porén tamén hai que valorar as achegas que poden ter as parroquias na medida na que representan a organización territorial máis próxima ás comunidades locais, polo menos cando falamos do mundo rural. O principal problema co que nos encontramos, alén da falta de recoñecemento e polo tanto de competencias, é que nas últimas décadas a parroquia ten entrado, designadamente a rural, nunha fonda crise que a ten debilitado significativamente como espazo identitario para a poboación. Neste proceso tivo moito a ver o baleirado demográfico que na práctica ten reducido ao mínimo e envellecido ao máximo os efectivos poboacionais de moitas parroquias de Galicia. Mais tamén hai que considerar o reforzamento dos concellos que de ser considerado un organismo alleo á división territorial clásica de Galicia, hoxe desenvolve un papel moi importante e fornece servizos imprescindibles para moitos habitantes da súa xurisdición, nomeadamente para os máis dependentes que son os que con frecuencia viven no rural.

Ponte sobre o río Arnoia  
en Allaríz (Ourense)



Malia o sinalado no parágrafo anterior pensamos que é interesante facer un esforzo para lle dar de novo contido á parroquia. Insistimos que desde a perspectiva turística non estamos ante un ámbito ao que lle se deberan dar competencias na planificación pero si sería bo que desenvolvera accións relativas ao produto coa activa implicación das comunidades locais. O uso turístico das masas forestais comunitarias, os camiños tradicionais, o patrimonio natural ou histórico-artístico local ou a tradición oral son algúns dos aspectos que se poden e se deben afrontar desde embaixo. Pero, relativamente a estas propostas, como é que se poden viabilizar?

De entrada pensamos que é imprescindible que esas comunidades parroquiais se organicen. Isto só pode ser mediante a concienciación das mesmas para que se impliquen nestes procesos. O papel fundamental ten que ser despregado desde o órgano xestor que é o encargado non só das estratexias turísticas da comarca senón tamén da dinamización social e polo tanto é competente para estimular aqueles territorios (neste caso parroquias) que polo seu especial interese consideren que teñen algo que ofertar.

Unha vez dado este paso cómpre facer efectiva a participación. Como indicábamos anteriormente son moitas as opcións que se poden fixar. Unha delas é o uso das masas forestais como espazos recreativos para o que se poden deseñar itinerarios ou organizar o apaño de produtos como froitas silvestres, cogomelos ou castañas. Alén de obter un maior aproveitamento económico tamén se estarían a mellorar as condicións ecolóxicas do bosque, habendo asemade un recoñecemento do seu valor e da súa plurifuncionalidade tanto por parte dos seus propietarios como dos novos usuarios. Falabamos tamén das posibilidades que ofrece a recuperación de congostras, carreiros e sendeiros en xeral para paseos tranquilos e evocadores a través das paisaxes galegas.

Felizmente no mundo rural pervive un forte carácter asociativo, malia o seu debilitamento nalgunhas zonas nos últimos anos. Asociacións de veciños ou (man)comunidades de montes teñen unha significativa presenza en moitas comarcas e poden ser a base para o reforzamento da parroquia, neste caso enfocada para o turismo. É certo que as masas forestais galegas sufriron na segunda metade do século XX unha fonda transformación que lles fixo perder

moito valor paisaxístico. Porén hoxe estamos nun proceso de reformulación da política forestal, probablemente acelerada despois dos lumes de agosto de 2006. Parece que estamos ante unha nova etapa na que instrumentos legais como a Lei da Paisaxe ou a de Montes van, ou deberían, servir para lle dar un novo protagonismo o monte e, polo tanto, tamén aos seus xestores que son, moitas veces, as comunidades locais. Por suposto que xa temos exemplos de boa xestión pero o que falta é implicar o sector turístico no forestal e viceversa; e para que isto sexa así ambos os dous teñen que darse de conta dos beneficios mutuos que suporía esa colaboración.

Evidentemente, pór a andar estes emprendementos require tamén un labor importante de preparación non só do territorio senón sobre todo da poboación local. Parece lóxico comezar por interesar a xente máis nova dándolle así unha oportunidade laboral que contribúa a fixar poboación. E aquí está o primeiro problema, o grave envellecemento de moitas parroquias, nomeadamente da Galicia interior. En calquera caso é imprescindible un programa formativo cunha forte carga experimental. A modo de exemplo podemos referirnos ás escolas obradoiro para recuperar camiños e valados tradicionais; os cursos de gastronomía que poden ser impartidos por habitantes do lugar, igual que a formación de guías na microhistoria, na identificación da flora e fauna, nos seus usos ancestrais, ou na interpretación da paisaxe. Como vemos, este tipo de actividades permitiría unir diferentes xeracións no proceso de transmisión de coñecementos servindo tamén para pór en valor a propia cultura local, abranguendo este concepto os patrimonios histórico-artístico, o natural e o inmaterial.

Por suposto, esta formulación teórica está chea de dificultades na súa implementación. Insistimos, máis unha vez, no forte envellecemento de moitas parroquias rurais que impide de xeito efectivo desenvolver calquera actividade



Ruta de sendeirismo PR-G34  
Terra Chá, Queguas



Finca Galea. Museo da  
Auga en Alfoz (Lugo)



que implique unha aposta a medio prazo e unha nova dinámica económica. Pero os problemas van alén destas cuestións demográficas e tamén afectan á propia concepción do territorio e á visión excesivamente sectorial que temos del. Pensamos que antes de afrontar novos procesos, como os que están vinculados co turismo, habería que actuar en coordinación en temas como a formación, o urbanismo, o medio ambiente, a agricultura ou os servizos, por exemplo, para conseguirmos xerar unha base humana e territorial sólida sobre a que construír un mellor futuro. O entrecruzamento de liñas verticais da cima para embaixo e viceversa, resultará fundamental.

## 6. Conclusións

Do que levamos escrito ate o momento sobre as relacións entre parroquia e turismo, resultan unhas conclusións talvez reiterativas de máis. De entendermos a complexidade do turismo e a situación actual da parroquia, nomeadamente da rural, é doado comprender as dificultades que se poden derivar desta vinculación. Relativamente ao primeiro aspecto temos que considerar que a actividade turística é moito máis que atraer visitantes e que require profesionalidade, dinamismo, innovación e unha base social e territorial moi sólida capaz de afrontar todos os retos que se derivan dos procesos de cambio que se xeren. En canto ao segundo elemento, pensamos que a parroquia na actualidade, polo menos a rural, non ten capacidade para se adaptar ás demandas e esixencias dun turismo responsable e sustentable. Porén e considerando que a parroquia non é o ámbito ideal para a planificación turística, cremos que é posible establecer vínculos de participación efectivos. Para isto cómpre actuar en ambos os sentidos.

Peregrinos chegando a Ribadiso en Arzúa (A Coruña)



Por un lado temos o turismo. Diciamos hai un momento que estamos ante unha actividade complexa que precisa dunha planificación moi profesional para acadarmos os resultados esperados. Implicar a parroquia no desenvolvemento turístico supón ter un plano territorial turístico no que se delimite ben o papel de cada ámbito de competencias, coordinándose os diferentes niveis administrativos

e os sectores públicos e privados. Só deste xeito é posible unha integración harmónica da parroquia na actividade turística; é dicir, definindo seu protagonismo e súas competencias. Tamén hai que partir da idea de que non todas as parroquias, ao igual que non todas as comarcas, deben ou teñen que apostar polo turismo.

Por outro lado está a funcionalidade actual da parroquia que, como xa sinalamos, é cada vez menos clara. Por iso se queremos revitalizala hai que lle dar contido e o turismo pode ser unha boa oportunidade. De xeito moi simple podemos comparar un destino turístico cun fogar de tal forma que ao igual que arrumamos a casa cando temos convidados, tamén coidamos, ou así debera ser, o noso entorno para recibir os visitantes que están a facer turismo. Isto significa que se queremos darlle oportunidades diferentes para o desenvolvemento turístico das parroquias hai que traballar nelas de maneira integral, formando en

hospitalidade e interpretación do patrimonio, pero tamén estimulando o mantemento dunha paisaxe viva que comprometa os espazos forestais cos agrogandeiros e con outras actividades. Na realidade isto é o máis complexo porque o envellecemento demográfico non favorece os cambios e porque falta unha vontade política explícita para enfrontar esta necesaria e profunda transformación. Alén disto tamén está o perigo de manter o equilibrio multifuncional sen que a agresividade do turismo absorba os outros sectores; precisamente este risco é o que recomenda, aínda máis, unha agricultura e gandería ben sólida para non se ver continuamente ameazada polo abandono ante calquera outra oportunidade.

## Bibliografía

- **CUÍÑAS, E. & SANTOS, X.** (2003), "Municipios y turismo en Galicia" Estudios Turísticos 158, 43-65.
- **Lois, R., Lage, M. & Álvarez, S.** (Coords.), (2002), Turismo rural e desenvolvemento territorial, Arzúa, Concello de Arzúa.
- **Lois, R., Sparrer, M. & Santos, X.** (varios anos), "Galicia", en La Actividad Turística Española en..., Madrid, AECIT.
- **Martínez, F.** (2004), Turismo rural en Galicia. Contribuciones al desarrollo sostenible, Santiago, Xunta de Galicia.
- **Pardellas, X., Sparrer, M. & Santos, X.** (Coords.), (2007), Análise da situación do turismo rural en Galicia, España e Europa, Santiago de Compostela, inédito.
- **Rodríguez, R. & Pérez, E.** (Coords.), (2004), Espacios y desarrollos rurales. Una visión múltiple desde Europa y Latinoamérica, Xixón, Trea.
- **Sparrer, M.** (2007), Turismo no espazo rural e desenvolvemento, Santiago, Xunta de Galicia.

# outras realidades: Portugal

- 17 **António Almeida Calheiros**  
A freguesia como unidade político-  
administrativa mínima em Portugal

# 17 A freguesia como unidade político-administrativa mínima en Portugal<sup>1</sup>

**António Almeida Calheiros**

Faculdade de Ciências Sociais do Centro Regional de Braga da Universidade Católica Portuguesa

## 1. Noción de freguesía

O termo portugués *freguesia* é un derivado do substantivo freguês, e este

*descende das expressões latinas filius ecclesiae (filhos da Igreja) e filius gregis (filho do rebanho). Contudo, será esta última que, na sua linha evolutiva, originará os étimos intermédios filiu gregis, filigrés, donde se formaram no castelhano e no português feligrés/freguês e feligrésia/freguesia, respectivamente» (Santos, 1995:4).*

Recibía o nome de *freguesia* unha comunidade de fieis que se agregaba territorialmente arredor dunha igrexa e que, como tal, os seus membros eran considerados fregueses do *pároco* ou sacerdote que a dirixía. Este concepto de *freguês*, inicialmente con connotación relixiosa e posteriormente con connotación político-administrativa, estendeuse ao mundo comercial. Por iso mesmo, este vocábulo tamén se usa frecuentemente en portugués para designar o conxunto de clientes de establecementos comerciais.

A *freguesia*, en Portugal, é a autarquía local de base. Como autarquía local está dotada de personalidade jurídica, e ten, no plano constitucional, a mesma dignidade ca o municipio, pese a indeleble preminencia deste en termos de significado. En termos constitucionais, a *freguesia* vén definida como

*uma pessoa colectiva territorial, dotada de órgãos representativos, que visa a prossecução dos interesses próprios das populações da própria freguesia. (Neves, 2004: 124).*

En canto realidade cultural, social e territorial, a freguesía portuguesa presenta características específicas:

*a freguesia portuguesa, que resulta directamente da paróquia religiosa, só tem como equivalente, pela origem e pelas atribuições, e mesmo assim de forma aproximada, as 'parishes' da Inglaterra que provêm também das paróquias religiosas e se tornaram 'paróquias civis', no fim do século XIX, com a reforma de 1894 (Oliveira, 2005: 20).*

Neste sentido, o concepto de *freguesia* en Portugal ten afinidade co de *paróquia*. Ten afinidade, mais non son equivalentes, dado que os criterios para a súa fundación poden ser distintos. Así, o cánon 518 do Código de Dereito Canónico determina que

---

<sup>1</sup> Este texto foi traducido do portugués ao galego por Gonzalo Navaza Blanco.

*a paróquia, em regra geral, seja territorial e englobe todos os fiéis de um território certo; onde porém for conveniente, constituam-se paróquias pessoais, determinadas por razão do rito, da língua, da nação dos fiéis de algum território, ou até por outra razão.*

De aquí se deduce que os criterios territoriais e os criterios persoais son determinantes na erección das *paróquias* relixiosas. Por outra banda, o nº 2 do cánón 515 do mencionado Código garante dinamismo ao nivel da configuración estrutural da parroquia, cando di que «compete exclusivamente ao Bispo diocesano erigir, suprimir ou alterar paróquias», despois de «ouvido o consello presbiteral».

Tales dinámicas non introduciron necesariamente grandes discrepancias entre os límites territoriais das *paróquias* e das *freguesias*. Na case totalidade dos casos estas dúas xurisdicións coinciden, pois as parroquias persoais son practicamente inexistentes. Isto formalmente, posto que na práctica, sobre todo nos medios urbanos e debido ao aumento da mobilidade, as parroquias acaban por ser máis persoais ca territoriais, en virtude das persoas congregadas nunha determinada comunidade en función dos ritos, símbolos e procesos comunicacionais.

Polas razóns apuntadas, o concepto de *freguesia* non pode, polo menos en termos formais, ser confundido co de *paróquia*, a pesar de que derivan un do outro.

Sintetizando, enténdese por *freguesia* o conxunto de lugares, casas, rúas e persoas, unidas por lazos identitarios, que están agrupadas nunha determinada circunscrición territorial. Entendemos aquí por lugares aqueles espazos identitarios onde a vida acontece e os vínculos de pertenza se reforzan. Como adoita ocorrer, e así ocorre en Portugal, as divisións político-administrativas separan comunidades, mesmo nos asentamentos humanos con forte identidade cultural. Por iso mesmo, o concepto de *freguesia* tamén debe englobar as casas e as rúas, como dúas realidades que o constitúen.

## 2. Orixe e evolución

A primeira organización política, militar e administrativa que tivo lugar na Península Ibérica foi promovida polo imperio romano, co propósito de dominar este territorio e promover o culto relixioso ao Emperador. A primeira división realizouse en 197 a.C., coa creación de dúas provincias: Hispania Citerior e Hispania Ulterior.

No ano 27 d.C., no tempo de Augusto, unha vez concluído o proceso de conquista, a Península Ibérica foi dividida en tres provincias: Bética (con capital en Córdoba), Lusitania (con capital en Mérida) e Tarraconense (con capital en Tarragona). Dado que as dúas últimas eran daquela inestables, foron consideradas como provincias imperiais, mentres que a primeira era una provincia senatorial, ou *sexa*, quen a gobernaba non era nomeado directamente polo Emperador, senón proposto polo Senado.

Hai investigadores, porén, que non concordan con esta división, relativa ás fronteiras das provincias saídas da reforma do ano 27 a.C. Así, Medina [et.al.] (1997<sup>2</sup>: 209-210), citando a Villatella (1990), afirma que a Lusitania abranguía os territorios ao norte do Texo e penetraba profundamente na Meseta castellana. Os territorios ao sur do Texo pertencían á provincia da Bética. Esta provincia, con todo, pola súa condición de senatorial, sempre foi cobizada polo Emperador Augusto, o mesmo que promoveu a reforma do ano 27 a.C. Por iso mesmo, o Emperador sempre procurou subtraer territorios á Bética, sobre todo os ricos en minería.

<sup>2</sup> Retirado do II volume da obra *História de Portugal*.



Primeira divisão provincial da Península Ibérica. Adaptação a partir de <http://pt.wikipedia.org>



Segunda divisão provincial da Península Ibérica. Adaptação a partir de <http://pt.wikipedia.org>



Segunda divisão provincial da Península Ibérica. Adaptação a partir de <http://pt.wikipedia.org>

Tamén segundo este autor, Agripa, por orde de Augusto, entre o 19 e o 18 a.C. realizou unha nova reorganización político-administrativa do territorio, incorporando na Provincia da Lusitania, as terras entre Texo e Guadiana, a Asturia e a Gallaecia.

Na última reforma de Augusto, ocorrida entre o 7 e o 2 a.C, a Asturia e a Gallecia quedan incorporadas á provincia Terraconense.

Coa reforma de Diocleciano (284-288 d.C.), as provincias pasan de tres a cinco: Gallaecia (Braga), Tarraconensis (Tarragona), Cartaginensis (Cartagena), Baetica (Sevilla) e Lusitania (Mérida). Nesta altura tamén é abolida a distinción entre provincia imperial e provincia senatorial.

As provincias, pola súa parte, estaban divididas en *conventus*. Esta división deuse no tempo do imperador Vespasiano (69-79 a.C.). O *conventus*, que correspondía a divisións administrativas e xudiciais máis pequenas, surtiu co obxectivo de facer máis eficaces a xestión e a administración do territorio. Cada *conventus* tiña unha capital, onde exercía as funcións xudiciais o Gobernador da Provincia, auxiliado por unha Asemblea, órgano consultivo, formada polos representantes das cidades que o compuñan.

Dentro da división político-administrativa do imperio romano aínda encontramos tamén a figura do municipio, como a unidade administrativa de base, e a figura da diocese, de ámbito xeográfico supraprovincial. Neste sentido, “toda a Hispânia constituía uma só diocese” (Santos, 1995: 8).

Esta é a división que acolle o Cristianismo, que se vai servir dela como instrumento de difusión da nova fe na Península Ibérica, introducindo algunhas alteracións e creando novas figuras. A principal alteración é que o concepto de *diocesis* ou *paroecia* pasa a designar non unha entidade supraprovincial, senón un conxunto de cidades e os seus territorios baixo a xurisdición do bispo. A difusión da nova doutrina dáse inicialmente nas cidades, estendéndose posteriormente ás zonas rurais. Sobre a base das fortificacións, poboados e explotacións agrícolas créase unha nova organización xeodemográfica. Contribuíu moito a ela a desintegración das institucións municipais, ocorrida no Período do Baixo Imperio (sec. III a V d.C.), como consecuencia da crise económica, profundas transformacións sociais, convulsións internas e presións militares externas sobre o Imperio.

A partir do século IV foise constituíndo unha vasta rede de parroquias, composta por igrexas públicas e igrexas privadas. As primeiras, embrións das igrexas parroquiais, localizábanse nun *vicus* (núcleo de poboación), eran patrimonio da diocese, dependían das autoridades episcopais e tiñan baptisterios e cemiterios propios. As segundas

pertencían aos señores privados, localizábanse preferentemente nunha *villa rustica* (explotación agrícola rural) e algunhas en aglomerados urbanos, posuían clero escollido polos propietarios, escolla suxeita a homologación episcopal, mais non tiñan baptisterio, cemiterio e festividades propias. Nese tempo a parroquia comeza a ser a unidade básica, ao tempo que a diocese aparece como un conxunto de parroquias reunidas baixo a xurisdición dun bispo.

No período suevo-visig3tico produciuse unha gran difusión da cristiá, coa fundación de innúmeras igrexas nos *vicos* e nas *villas rusticas*. Daquela séntese a necesidade de someter as igrexas particulares ás mesmas regras das restantes. Tamén nese período, concretamente no século V, a *parochia* deixa de ser entendida como un espazo xeográfico directamente administrado polo bispo, espazo designado como *diocesis*, e pasa a indicar unha circunscrición xeográfica de dimensión inferior, dotada de estruturas específicas, dependentes das institucións eclesiásticas e non de particulares, con capacidade para administrar bens propios, con maior autonomía relixiosa e cun clero local permanente e seleccionado.

Este escenario mantívose até a invasión árabe, aínda que no século VII se rexistra unha proliferación de parroquias, en virtude da conversión das basílicas ou oratorios en igrexas públicas (Santos, 1995: 10-15).

A ocupación árabe provocou un proceso de desorganización destas colectividade, determinada intrinsecamente pola tradición social visig3tica, que obrigaba aos propietarios nobres a acompañaren o rei nas súas campañas militares. A consecuencia inmediata foi o abandono das terras e a desorganización político-administrativa das vilas. Como os árabes non se interesaron polas terras de cultivo, dado o tipo de produción a que se dedicaban, viño e cereais, os antigos agricultores tiveron que asumir a explotación desas propiedades, as cales comezaron a dividirse en pequenas parcelas. O baleiro de poder deixado polos nobres foi enchido cos concellos de veciños.

*Nascem assim as reuniões de moradores e estabelece-se a autoridade colectiva dos vizinhos (a palavra latina que designa pequeno povoado é vicus; do genitivo vici deriva vizinho; o trabalhador da villa, vilanus, servus, é agora designado pelo lugar em que reside, e esta evolução reflecte uma libertação).*

Reunião dos habitantes da aldeia é a tradução da expressão *conventus publicus vicinorum*, que em alguns documentos designa esta nova forma de exercicio da autoridade popular local» (Saraiva, 1981:37).

Durante o período medieval asistíuse paulatinamente a un desmembramento das vilas rústicas e á aparición das freguesías rurais. É difícil definir o momento en que tal ocorreu. O proceso de declinio iníciase no século VIII. Nos séculos X e seguintes a realidade altérase. As vilas, dada a decadencia económica que as assolou, deixan de ser superficies agrarias, gobernadas por labradores-soldados, e pasan a designar pequenas comunas non suxeitas a protección nin a ningunha organización escrita. Estrutúranse nun forte sentimento identitario que une os detentores de pequenas vivendas rústicas reunidas arredor dun campanario.



Reconstrución dun vicus romano.  
Fonte:[http://usuarios.lycos.es/Uxi\\_o\\_Noceda/romanizacion\\_Castellano.html](http://usuarios.lycos.es/Uxi_o_Noceda/romanizacion_Castellano.html)



Sala de reunións da Cámara Municipal de Bragança<sup>3</sup>.  
Fonte:<http://www.bragancanet.pt/patrimonio/domus.htm>

<sup>3</sup> Esta construción da arquitectura civil románica, de principios do século XIV, foi levantada co propósito de substituír a tradición das reunións celebradas ao aire libre, nos claustros das igrexas, nas prazas públicas..., feito que ocorreu cando foi reducíndose o número de asistentes e na discusión só participaban os maxistrados dos concellos.

Nos séculos XI a XIII verificamos que o termo latino *vicus* (poboación) cae en desuso en detrimento da palabra *villa* ('vila'), a cal comeza a designar a poboación, a aldea, lugar ou casal.

A partir do século XIII, no plano político-administrativo, os vocábulos *vila* e *concelho* coinciden. Até as reformas liberais, elevar unha poboación a *vila* significaba en Portugal a creación dun novo concello.

O período da Reconquista caracterízase pola densificación da rede de parroquias, pois os oratorios, eremitorios e basílicas transformáronse rapidamente en igrexas bautismais, a pesar de que en moitos casos non posuían recursos suficientes para atender o sustento do clero que as sufragaba. Na súa erección subxacía a vontade expresa das comunidades, que xa se encontraban organizadas en municipios. Daquela moitos dos concellos eran uniparroquiais, razón pola que moitas veces se confundía *concelho* con *paróquia*, situación aínda hoxe existente. A mencionada densificación tiña maior incidencia ao norte do Mondego, dado que ao sur o período de permanencia árabe foi máis prolongado e a reconstitución do poboamento foi máis tardía. É tamén neste período histórico cando as sedes dos bispados, por necesidade dunha nova reorganización territorial, demográfica e socio-relixiosa, comezan a recibir o título de cidade (Santos, 1995: 20-25). Con todo, o concepto de cidade non se confunde coa *civitas* romana –a cal designaba preferentemente un determinado territorio e só despois a súa sede respectiva–, nin coa idea actual de cidade, xa que non era posible establecer, coma hoxe, unha xerarquía entre cidades, aldeas e vilas. As cidades de entón caracterizábanse sobre todo por posuíren superintendencia xurídica, e polas vivencias cidadás dos seus habitantes, os cales habitaban entre murallas, posuían gran poder económico, tiñan funcións de carácter militar, gran diversidade de actividades económico-profesionais e podían ascender á gobernación local. Nesta época, en Portugal a sede do municipio tamén era designada como a *vila*, e o espazo rural circundante, como o *termo* (Medina, 1997<sup>4</sup>: 254.255).

No século XI as *paróquias* comezaron a definirse como circunscricións territoriais.



Eremitorios portugueses no século XII. Fonte: Matoso et. al.; 1992: 186

*A atribuição às igrejas matrizes das funções de baptismo, confissão e sepultura para as comunidades residentes em determinado território, assim como as necessidades de prover a meios de subsistência ao clero com base no contributo dos fiéis, tornariam imperativo que mais cedo ou mais tarde se colocasse a questão de precisar e definir o âmbito espacial próprio de cada paróquia» (Santos, 1995: 31).*

As crises ocorridas no século XIV, crise económica, cisma de Avignon, peste negra..., viñeron a afectar a institución parroquial, que adquiriu autonomía fronte as influencias e os poderes das entidades laicas. Refórzase ao mesmo tempo a densidade da rede paroquial, acompañada de profundos sentimentos de autonomía ou de rivalidades coas poboacións veciñas. Nesta densificación, moitas das igrexas privadas convertéronse en igrexas parroquiais. Tal fenómeno verificouse en primeiro lugar nas zonas rurais, mais rapidamente atinxiu o espazo urbano

<sup>4</sup> Tirado do III volume da obra *História de Portugal*.



coa mesma intensidade e sentido evolutivo, o cal apuntaba para unha crecente importancia destas circunscrici3ns en termos de organizaci3n do espazo local, substituíndo a acci3n do Estado e reforzando continuamente os seus v3nculos relixiosos, culturais, educativos e asistenciais 3 poboaci3n.

Neste per3odo, o n3mero de *freguesias* portuguesas rondaba as 2500, cunha densidade m3is notoria ao norte do r3o Douro. Aparece ent3n a maxistratura parroquial designada *judex* (xuíz). Esta maxistratura trataba de casos tan diversos como os costumes, a representaci3n do poder central, a protecci3n dos labradores...

No relativo 3 delimitaci3n das *freguesias* portuguesas non abunda a informaci3n textual e cartogr3fica. A maior3a das fronteiras chegan aos nosos d3as en forma de dereito consuetudinario. Non obstante, verificamos dese3os m3is ou menos curiosos, xunto con, sobre todo nas 3reas rurais, delimitaci3ns de tipo f3sico (cursos de auga, montes, cami3os, r3as...) (Santos, 1995:27-31). Estas *freguesias*, por3n, amosaban zonas de descontinuidade, moitas encontr3banse nunha situaci3n de enclave e os seus limites territoriais eran disputados por diferentes xurisdic3ns.

No final do Antigo R3xime, a 3rea media das *par3quias* en Portugal oscilaba entre os 6 Km<sup>2</sup> no Minho, os 66 Km<sup>2</sup> no Alentejo e os 72 Km<sup>2</sup> no Algarve. Na base desta discrepancia est3 a dimensi3n da propiedade, a fertilidade dos solos, o poboamento disperso, a densidade demogr3fica e factores hist3rico-eclesi3sticos. Esta maior densidade ao Norte a3nda se mant3n hoxe. Daquela, final do Antigo R3xime, d3base unha media de 750 persoas por parroquia. Por outro lado, a Administraci3n Central non tutelaba ning3n 3rgano inframunicipal. Por parte, sobre todo a partir do Concilio de Trento, eran os p3rrocos quen asum3a o control e rexistro das poboaci3ns. Isto non significa que a mesma Administraci3n Central non se servise da estrutura parroquial para realizar pesquisas, difundir directivas e impo3er tributos (Oliveira, 1996: 45.46). Non obstante, neste estado de cousas, como aconteceu no Reinado de D. Jo3o V, co lanzamento en 1721 das “Mem3rias Parroquiais”, os p3rrocos asum3an un papel importante de intermediarios culturais (Silva, 1985:14).

**Cadro 1. Dimensi3n das fregues3as en Portugal en 1789 (1)**

Provincia	3rea (Km <sup>2</sup> )	Habitantes	N3mero de fregues3as	Fregues3as por 100Km <sup>2</sup>	3rea por fregues3a (Km <sup>2</sup> )	Habitantes por fregues3a
Minho	7 270	708 213	1 327	18,3	5,5	533,7
Tr3s-os-Montes	10 990	247 958	679	6,2	16,2	365,2
Beira	22 557	876 131	1 292	5,7	17,5	678,1
Estremadura	18 110	683 569	494	2,7	36,7	1 383,7
Alentejo	25 087	297 359	369	1,5	68,0	805,9
Algarve	4 960	99 540	71	1,4	69,9	1 402,0
Total	88 974	2 912 770	4 232	4,8	21,0	688,3

Fonte: Censo de Pina Manique, citado por Santos (1995:37)

En 1789 exist3an 4.232 *par3quias* ou *freguesias*. Unha vez m3is notamos que no Minho e na Beira a dimensi3n media 3 menor, ofrecendo tam3n Tr3s-os-Montes un 3ndice inferior 3 media global do Portugal continental (21,0). Esta situaci3n rep3tese no 3ndice da media de habitantes por fregues3a. Tr3s-os-Montes presenta, no relativo a este indicador, o rexistro m3is baixo, seguido do Minho e da Beira. A densificaci3n das parroquias atinxe o seu punto m3ximo nestas d3as 3ltimas rex3ns.

Co liberalismo apareceu a parroquia civil, creada en 1830 a trav3s da integraci3n da estrutura eclesi3stica parroquial no sistema pol3tico. Con todo, nesa altura

5 Seguindo a Santos (1995:37), corr3xense os datos da Estremadura e o n3mero de fogos foi convertido en n3mero de habitantes multiplic3ndoo por 3,9, ratio extra3da das T3boas Topogr3ficas e Estat3sticas, de 1801. A 3rea foi calculada polo autor.

aínda non tiña a designación de *freguesia*, senón o de *junta paroquial*, a cal tiña como atribucións reparar as igrexas parroquiais, administrar as rendas e as escolas da Igrexa, coidar da conservación de fontes, pozos, pontes, camiños e baldíos, ademais de atender á saúde pública e vixiar as escolas do ensino primario. En 1835 este órgano pasa tamén a administrar os cemiterios. Así e todo, xa antes desda data as parroquias tiñan funcións públicas, como os censos electorais e os asentos equivalentes aos do rexistro civil. Nesa altura, a *junta paroquial* era nomeada polos veciños da parroquia, presidida polo rexedor e composta, consonte o número de *fogos*, por tres, cinco ou sete elementos. O rexedor da parroquia asumía tamén, por decreto de 26 de Novembro de 1930, as funcións de maxistrado, correspondéndolle manter a orde pública e xulgar as causas civís de ata 1200 reis. Nos municipios cunha soa parroquia eran os propios municipios os que asumían esas funcións.

O 28 de xuño de 1833 foi promulgado un decreto onde se fai referencia explícita ás freguesías, elevándoas á categoría de entidades xurídicas e políticas. Nas eleccións marcadas para o ano seguinte, referentes aos municipios e aos deputados ás Cortes, as freguesías xa constituían en Portugal o círculo de base. Aos párrocos atribuíáselles a incumbencia de rexistrar os fregueses con dereito a voto, competencia que pasou, en 1835, para as *juntas da paróquia*, cando estas se integraron na organización administrativa portuguesa, pola lei de 25 de abril e decreto de 18 de xullo dese mesmo ano.

Tres anos antes, polos decretos de 16 de marzo e 30 de xullo, foron abolidos os *dízimos* e, en substitución, despois de recoñecida a importancia da relixión, arbitrouse unha *côngrua* para o sustento do clero. Como renda da parroquia, a *côngrua* pasou a ser administrada provisoriamente pola *junta paroquial*, que tiña obrigación de prover ao sustento do párroco. As freguesías pequenas, con rendas mensuais mínimas para o párroco, na orde dos cen mil reis, podían solicitar anexionarse a outras do mesmo municipio. As derramas e contribucións dunha parroquia afectaban non só aos seus fregueses, senón tamén a todos os cidadáns externos que tivesen rendementos de propiedade no termo parroquial. A recadación e administración das *côngruas* correspondía á *junta concelhia*, formada por representantes da diocese, do municipio e da freguesía. Os proveitos divulgábanse na porta da igrexa parroquial (Santos, 1995: 41-45).

Inspiradas na matriz político ideolóxica francesa moderada e centralista, as reformas político-administrativas estaban eivadas de tendencias centralizadoras por parte do Estado, que procuraba reducir a dispersión administrativa do Antigo Réxime. Esta tendencia agravouse coa invasión francesa e a fuga da monarquía para o Brasil. Sentíase a necesidade de instituír un poder forte, xerarquizado e concentrado no Terreiro do Paço lisboeta, para o cal se nomearon axentes do Estado xunto do poder local e se instituíu unha figura sen enraizamento na administración portuguesa anterior, o *distrito*, sometido ao control dos ministros do Reino (Oliveira, 1996: 195.196).

As *freguesias*, como unidades político-administrativas de base, encontrábanse nunha encrucillada entre a afirmación do local, a ruptura lenta –sobre todo nas zonas rurais– cos poderes tradicionalmente instalados, a ignorancia do pobo e a vontade centralizadora do Estado. A isto non é alleo o traxecto transcorrido desde a súa fundación até a súa plena afirmación. Desde a lei de 25 de abril e o decreto de 18 de xullo que a instituíron até a súa consagración no Código Administrativo de 1878, pasou por múltiples vicisitudes. Na lei de 29 de outubro de 1840, as freguesías perden o estatuto autárquico, e os rexedores parroquiais pasan a ser delegados dos administradores municipais (Santos, 1995: 48). Na base desta



António Bernardo da Costa Cabral.  
Fonte:[http://pt.wikipedia.org/wiki/Imagem:Antonio\\_Bernardo\\_da\\_Costa\\_Cabral.jpg](http://pt.wikipedia.org/wiki/Imagem:Antonio_Bernardo_da_Costa_Cabral.jpg)



Cadro 4. Competencias das Xuntas de Parroquia								
Competencias das Xuntas	1835	1836	1842	1867	1878	1886	1896	1900
Inventario e administracións de bens e rendas								
» » » » da fábrica da igrexa								
Conservación das igrexas								
Requirir ou elaborar ordenanzas								
Elaboración do censo electoral								
Relación de indixentes								
Ámparo dos expósitos								
Represión da mendicidade								
Afrontar os gastos de culto								
Inventario e regulación de baldíos e bens dos veciños								
Censo de habitantes								
Obras de interese público								
Establecementos de beneficencia								
Ensino primario								
Camións veciñais								
Cemiterios								

Fonte: Santos, 1995: 52

Unha análise sucinta dos cadros expostos indícanos que, no inicio, as freguesías eran elixidas directamente por un período dun ano. Esta situación, por insustentable, o mesmo ca as seguintes, foi corrixida logo coa entrada en vigor do Código Administrativo de 1878.

Por outro lado, a pesar de as xuntas teren presidencia propia, a execución das deliberacións competía ao rexedor, o cal acumulou, entre 1836 e 1867, esta función con outras pertencentes ao órgano executivo. O Código Administrativo de 1878 retiroulle funcións executivas, que pasaron a ser exercidas polo Presidente da freguesía elixido. Aínda así, o rexedor detentaba o dereito de participar con voto consultivo nas sesións das xuntas de parroquia, o mesmo ca o párroco, cando as decisións afectasen materia de interese eclesiástico ou tivesen relación coa administración da fábrica da igrexa.

As competencias atribuídas entón eran moi exiguas, dados os parques medios de que dispuñan as xuntas. Como podemos ver nos cadros, as atribucións do rexedor eran moito máis amplas ca as das xuntas de freguesía. Ademais, o rexedor, non sendo cargo elixido, competía cos órganos elixidos polas poboacións. De entre as funcións que sempre lle estiveron atribuídas destacamos a do mantemento da orde pública, a de informar ao maxistrado do concello, a de vixiar locais e establecementos públicos, exercer funcións delegadas e comunicar crimes e delitos. Estas funcións de fiscalización e representación mantivéronse e foron reforzadas no Estado Novo. Cómpre salientar que o máximo grao de competencias foi atinxido en 1836.

As competencias das xuntas de freguesía tampouco podían ser moi ampliadas, dado que as rendas percibidas eran escasas. Só a partir de 1867, conforme se pode ver no cadro 5, recibiu subvencións de autoridades superiores, pois os outros in-

Cadro 5. Rendas das freguesías								
Receitas das freguesías	1835	1836	1842	1867	1878	1886	1896	1900
Bens e dereitos da fábrica da igrexa								
Terreos en cemiterios								
Esmolas, oblacións e donativos								
Multas								
Derramas e fintas sobre moradores								
Empréstitos								
Rendemento ou cesión de bens propios								
Rendemento de baldíos e outros bens comúns								
Xuros de fondos públicos								
Rexistro civil								
Adicionais a impostos								
Taxas sobre uso de bens								
Subvencións concedidas pola superioridade								
Tarifas								

Fonte: Santos, 1995: 53

gresos procedían de rendas, doazóns, multas e cesións. O Código Administrativo de 1878, porén, amplía as atribucións, a autonomía e as fontes de financiamento das freguesías. Así e todo, até a implantación da República continuou incrementándose a tendencia centralizadora.

No que respecta ás dinámicas evolutivas vemos que, entre 1789 e 1836 (cadro 6), o número de freguesías diminuíu de 4232 a 4050. A causa deste descenso foi a necesidade de fusións de parroquias, determinada pola escaseza de recursos xerados para garantir o sustento do clero.

Cadro 6. Dimensión das freguesías en 1836

Provincia	Área (Km <sup>2</sup> )	Habitantes	Número de freguesías	Freguesías por 100Km <sup>2</sup>	Área por freguesía (Km <sup>2</sup> )	Habitantes por freguesía
Aveiro	2 739	202 689	173	6,3	15,8	1 171,6
Beja	10 977	93 721	107	1	102,6	875,9
Braga	2 625	206 251	520	19,8	5	500,5
Bragança	6 609	113 961	437	6,6	15,1	260,8
Castelo Branco	7 223	117 212	155	2,1	46,6	756,2
Coimbra	4 440	231 432	241	5,4	18,4	960,3
Évora	7 594	80 510	115	1,5	66	700,1
Faro	4 960	107 917	60	1,2	82,7	1 798,6
Guarda	5 955	180 198	409	6,9	14,6	440,6
Leiria	3 500	108 110	116	3,3	30,2	932
Lisboa	6 767	435 141	220	3,3	30,8	1 977,9
Portalegre	5 782	78 736	92	1,6	62,8	855,8
Porto	2 369	394 194	393	16,6	6	888,5
Santarém	6 614	147 592	131	2	50,5	1 126,7
Setúbal	...	...	...	...	...	...
Viana do Castelo	2 264	161 475	293	12,9	7,7	551,1
Vila Real	4 405	164 996	275	6,2	16	600
Viseu	4 151	232 069	313	7,5	13,3	741,4
Total	88 974	3 065 204	4 050	4,6	22	756,8


Fonte: Santos, 1995: 53

Tal como ocorría en 1789, a maior densidade da rede parroquial dáse na rexión Norte, cunha maior atomización nos distritos de Braga, Porto e Viana do Castelo. A rexión Centro, coa excepción de Castelo Branco, ofrece una situación lixeiramente máis favorable, aínda que o índice de densidade sexa tamén superior á media total de Portugal continental, así como a área por freguesía que, coa excepción dos distritos de Leiria e de Castelo Branco, é inferior á media xeral. Os distritos con menos freguesías por área e con áreas máis extensas continúan a ser os do Alentejo e do Algarve. No que se refire ao indicador do número de persoas por freguesía, a maior densidade dáse nos distritos de Lisboa, Faro, Aveiro e Santarém. E á inversa, os distritos da rexión Norte, coa excepción do Porto, son os que teñen menos habitantes por freguesía.

Analizando agora a evolución do número de freguesías entre 1836 e 1995, verificamos que houbo, en todo o Portugal continental, unha caída abrupta entre 1936 e 1840/46, provocada polas situacións anteriormente apuntadas, nomeadamente a escaseza de recursos para o sustento do clero.

Entre 1840/46 e 1936 a situación parece estabilizarse en todo o territorio portugués. A razón deste equilibrio foi un comportamento tendencialmente estable dos distritos das rexións Norte e Centro e da rexión autónoma da Madeira, un crecemento do número de freguesías da rexión do Algarve e da rexión autónoma dos Açores, que contrarrestaron as caídas rexistradas nos distritos das rexións de Lisboa e Vale do Tejo e do Alentejo. Entre 1936 e 1950 dáse un descenso provocado pola acentuada caída que se produciu no distrito de Braga, que perdeu 108 freguesías. A partir de 1950 e até a *Revolução de Abril* rexistrouse un lixeiro crece-

mento, seguido dun período de estabilidade até 1980. A partir da década de 1980 a tendencia foi o aumento do número de freguesías, sobre todo nos distritos de Lisboa, Santarém, Setúbal e Faro (Santos, 1995: 59). Esta tendencia está relacionada co fenómeno da urbanización, da suburbanización e da desurbanización.



Fonte: Santos, 1995: 59

Analizando agora o nivel das atribucións no período que seguiu á implantación da República, podemos afirmar que as autarquías pasaron a ter órganos executivos propios, viron ampliadas as súas competencias e gañaron autonomía respecto da Igrexa. Ese é o contexto histórico en que a *paróquia* adquire a designación de *freguesia*.

Coa República dáse a separación entre o poder civil e o poder eclesiástico. Esta separación, porén, pretendía someter a igrexa ao poder político, xa que co lema da separación de poderes e da igualdade entre os diferentes credos relixiosos, o Estado utilizou todos os instrumentos de represión clerical ao seu alcance, nacionalizou a propiedade relixiosa, utilizou espazos de culto, segundo eles gratuitamente cedidos ás autoridades eclesiásticas, para reunións das xuntas de freguesía, dificultou a comunicación dentro da organización eclesial e impediu a elexibilidade de membros do clero para estes órganos político-administrativos de base. Co ascenso de Sidónio Pais ao poder, foi restaurado todo o relativo á liberdade de culto, de ensino e de difusión de documentos.

En termos político-administrativos, o sistema autárquico continuou a rexerse polo código de 1878, dada a inestabilidade governativa. Ao tempo, a lei 88 de 7 de agosto de 1913 consagra, respecto dese mesmo código, a independencia dos órganos autárquicos e dos seus representantes fronte ao poder central, ademais de dotar as autarquías de órganos propios executivos para implementaren as deliberacións dos corpos administrativos. Neste período, a Xunta de Freguesía estaba composta por cinco elementos elixidos trienalmente por sufraxio, onde o presidente, con funcións executivas, era escollido entre os membros electos (Santos, 1995: 61-65). A pesar das boas intencións,

*manteve-se a divisão político-administrativa do constitucionalismo monárquico no contexto de uma prática jacobina, onde o poder central continuou a tutelar, de facto, o poder local e as autarquias (Oliveira, 1996: 264).*

Auto de proclamación da República Portuguesa.  
Fonte: <http://blogs.3e.com.pt/media/blogs/resistir/2autodoproclamacao1910.jpg>

As competencias das parroquias, con excepción da administración, bens e rendementos das igrexas, continúan a ser as mesmas emanadas do código de 1878. Entre os ingresos máis salientables temos as contribucións directas e os empréstitos. A pesar das restricións impostas a estes empréstitos, a verdade é que se produciu un elevado endebedamento do poder local.

Coa lei 621, de 1916, as parroquias civís pasan a designarse freguesías, e todo o corpo administrativo das mesmas pasa a constituír a Xunta de Freguesía. Definíronse tamén criterios para a constituición de novas freguesías. Estas tiñan que ter un mínimo de oitocentos habitantes, a solicitude debía ser subscrita por un terzo da poboación e votada por dous terzos (Santos, 1995: 64-66).

Coa instauración do Estado Novo, ocorrida co golpe militar de 1926, deuse un retroceso na independencia e autonomía das xuntas de freguesía. No Estado Novo disolvéronse os corpos administrativos elixibles e foron substituídos por comisións administrativas, as cales deberon esperar dez anos para que existise unha lei que as regulase, permitindo este hiato de tempo a creación das condicións para a construción e consolidación do Estado Novo (Oliveira, 1996: 304.305).

A Constitución de 1933 deulle á freguesía una relevancia especial na organización político-administrativa portuguesa, xa que era a única elixida directamente polos *chefes de familia*.

O Código Administrativo de 1936-40, aprobado polo Decreto-lei 31.095, de 31 de Decembro de 1940, afirma, no artigo 1.º, que «o territorio do continente divide-se em concelhos e se agrupam em distritos e províncias».

A freguesía, segundo o artigo 196 do mesmo Código, é considerada como «o agregado de familias que, dentro do territorio municipal desenvolve uma acção social comum por intermédio de órgãos próprios».

O artigo 199 define o universo dos electores e os elixibles, dicindo que «pertence privativamente às famílias, representadas pelos respectivos chefes, o direito de eleger as juntas de freguesia».

O artigo seguinte clarifica o concepto de *chefe de família*, dicindo que se considera como tal:

- 1.º o cidadão português com família legitimamente constituída que com ela viva em comunhão de mesa e habitação e sob sua autoridade;
- 2.º A mulher portuguesa, viúva, divorciada ou judicialmente separada de pessoas e bens, ou solteira, maior ou emancipada, quando de reconhecida idoneidade moral, que viva inteiramente sobre si e tenha a seu cargo ascendentes, descendentes ou colaterais;



O Estado Novo como mediador de conflitos entre freguesías.  
Fonte: [http://www.sobreira.net/images/limites\\_Sobreira\\_recar ei.jpg](http://www.sobreira.net/images/limites_Sobreira_recar ei.jpg)

3. ° O cidadão português, maior ou emancipado, com mesa, habitação e lares próprios.

Conforme podemos constatar, o único órgano político-administrativo elixido estaba lonxe ser ratificado por sufráxio universal, e existía unha discriminación de xénero. A emancipación a que alude o presente artigo só era concedida a maiores de 21 anos.

O artigo 247 define a composición da junta de freguesia, composta «de três vogais, eleitos quadrienalmente, pelos chefes de família».

As atribucións e competencias das xuntas de freguesía definíanse no artigo 253. Segundo o mesmo, competíalles deliberar:

1. ° Sobre a elaboración, conservación e revisión anual do recenseamento dos chefes de família;

2. ° Sobre a organización, conservación e revisión anual do recenseamento dos pobres e dos indigentes da freguesía;

3. ° Sobre o modo de fruição de bens, pastos e quaisquer frutos do logradouro comum e exclusivo da freguesía ou dos moradores de parte dela.

Na freguesía mantense a figura do *regedor*, nomeado pelos *Presidentes das Câmaras*, podendo ser destituídos por estes ou, no caso de Lisboa e do Porto, polos gobernadores civís (artigo 272). Ao rexedor tamén lle competía a función de «policiamento municipal e geral» (artigo 277).

Malia que o Estado Novo asumíu a autarquía como unidade político-administrativa de base, o rexedor, en tanto que representante dun órgano xerárquico superior, acababa por actuar coma un poder paralelo e con máis forza política executiva.

Coa instauración da Democracia en Portugal, ocorrida en 1974, as xuntas de freguesía viron reforzadas as súas competencias e lexitimado o seu poder. Como órganos do Estado, beneficiándose dos principios de autonomía e descentralización da administración pública.

Cadro 7. Dimensión das freguesías portuguesas en 1994						
Provincia	Área (Km <sup>2</sup> )	Habitantes	Número de freguesías	Freguesías por 100Km <sup>2</sup>	Área por freguesía (Km <sup>2</sup> )	Habitantes por freguesía
Aveiro	2810	654350	208	7,4	13,5	3145,9
Beja	10223	169438	98	1,0	104,3	1729,0
Braga	2672	748195	512	19,2	5,2	1461,3
Bragança	6609	157810	298	4,5	22,2	529,6
Castelo Branco	6679	214854	159	2,4	42,0	1351,3
Coimbra	3948	427684	207	5,2	19,1	2066,1
Évora	7393	173654	88	1,2	84,0	1973,3
Faro	4960	341408	78	1,6	63,6	4377,0
Guarda	5519	188166	336	6,1	16,4	560,0
Leira	3519	426152	148	4,2	23,8	2879,4
Lisboa	2756	2048190	215	7,8	12,8	9526,5
Portalegre	6066	134169	86	1,4	70,5	1560,1
Porto	2395	1641665	385	16,1	6,2	4264,1
Santarém	6734	444890	191	2,8	35,3	2329,3
Setúbal	5100	712594	81	1,6	63,0	8797,5
Viana do Castelo	2256	250061	290	12,9	7,8	862,3
Vila Real	4329	236297	266	6,1	16,3	888,3
Viseu	5004	401871	372	7,4	13,5	1080,3
Continente	88974	9371448	4018	4,5	22,1	2332,4
Açores	2334	237795	149	6,4	15,7	1595,9
Madeira	795	253427	53	6,7	15,0	4781,6
Total	92130	9862670	4220	4,6	21,8	2337,1

Fonte: Santos, 1995: 84



Con todo, o escenario non se alterou no relativo á densidade da rede de freguesías. Esta continúa a ser superior nos concellos da rexión Norte, malia o feito de que, coa excepción do distrito de Viana do Castelo, que se mantivo, viron aumentada a súa superficie. Se é verdade que a redución en Viana do Castelo e en Vila Real tamén se debeu á diminución da superficie do distrito, casos coma o de Bragança, onde a superficie seguiu sendo a mesma, a redución foi a máis elevada do Continente. É evidente que o indicador de habitantes por freguesía ascendeu sorprendentemente, sobre todo en Lisboa, Porto, Setúbal e Aveiro.

Á inversa, continúan a ser os distritos das rexións do Alentejo e do Algarve os que presentan menor número de freguesías e freguesías con área máis extensa, a pesar de seren tamén os que teñen menor densidade de poboación.

### 3. Órganos actuais, competencias e modelos de financiamento

Segundo o artigo 244 da Constitución Portuguesa de 1976, «os órganos representativos da freguesía são a assembleia de freguesia e a junta de freguesia». O nº 1 do artigo seguinte afirma que «a assembleia de freguesia é o órgano deliberativo da freguesia», mentres que o artigo 246 di que «a junta de freguesia é o órgano executivo colegial da freguesia».

O artigo 4º da Lei 169/99, de 18 de setembro, establece que

*a assembleia de freguesia é eleita por sufrágio universal, directo e secreto dos cidadáns recenseados na área da freguesia, segundo o sistema de representación proporcional*

O artigo seguinte da mesma lei define a composición da asemblea de freguesía da seguinte forma:

1. *A assembleia de freguesia é composta por 19 elementos quando o nº de eleitores for superior a 20.000, por 13 membros quando for igual ou inferior a 20000 e superior a 5000, por 9 elementos quando for igual ou inferior a 5000 e superior a 1000 e por 7 elementos quando for igual ou inferior a 1000.*

2. *Nas freguesias com mais de 3000 eleitores, o número de membros atrás referido é aumentado de mais 1 para cada 1000 eleitores para além daquele número.*

3. *Quando, por aplicação da regra anterior, o resultado for par, o número de membros obtido é aumentado de mais um.*

O nº 1 do artigo 10 define a composición da mesa da asemblea, formada por un presidente, un 1º secretario e un 2º secretario. A elección dos membros faise por escrutinio directo, segundo a alínea b), do nº 1, do artigo 17º da mesma lei. O nº 2 do artigo 10º indica que

*a mesa é eleita pelo período do mandato, podendo os seus membros ser destituídos, em qualquer altura, por deliberação tomada pela maioria do membro legal dos membros da assembleia.*

O artigo 17º define as competencias da asemblea de freguesía. Dun modo moi sucinto podemos dicir que corresponden a un carácter deliberativo, de apreciación de políticas, fiscalizador e de aprobación de planos e proxectos de actividades. Ademais diso, segundo a alínea c) do mesmo artigo, compételle elaborar e aprobar os seus estatutos, documento importantísimo para definir o modo de funcionamento da asemblea. A lei 5-A/2002, de 11 de xaneiro, engade máis competencias á asemblea de freguesía, no ámbito da fiscalización (relativa á ocultación de información por parte da xunta ou dos seus membros), da aprobación de referendos locais e da avaliación do patrimonio. Permite tamén que o relatorio de actividades e os docu-

mentos de presentación de contas (alínea b do n.º 2 da Lei 169/99, de 18 de setembro) poidan ser alterados, e a deliberación acerca do tempo parcial ou total dedicado polo Presidente da xunta ao órgano pasa a ser vinculante mesmo sen a maioría absoluta. Debemos referir aínda que, de acordo co artigo 18.º,

*a assembleia de freguesia pode delegar, nas organizacións de moradores, tarefas administrativas que não envolvam o exercicio de poderes de autoridade, nos termos que vierem a ser regulamentados.*

O artigo 21.º desta lei consagra unha figura *sui generis* no cadro administrativo de Portugal: o plenario. Así, segundo o n.º 1 do mesmo artigo, «nas freguesias com 150 eleitores ou menos, a assembleia de freguesia é substituída polo plenario dos cidadáns eleitores». O plenario ten potestade deliberativa sempre que, segundo o n.º 2 do mesmo artigo, estea presente polo menos o 10% dos cidadáns

Freguesía de Porreiras (Paredes de Coura), formada por plenario de cidadáns electores (eleccións autárquicas de 2005).  
Fonte: <http://www.freguesiasdeportugal.com/distritoviana/05/porreiras/fotos.htm>



electores censados na freguesía. Este caso configura unha situación de democracia directa.

No que concerne á constitución da Xunta de Freguesía, o n.º 2 do artigo 23.º da Lei 169/99, de 18 de setembro, establece que esta xunta está formada «por um presidente e por vogais, sendo que dois exercerão as funções de secretário e de tesoureiro». A mesma lei define tamén, no seu artigo 24, a composición do órgano. Así, en termos de composición:

*1- Nas freguesias com mais de 150 eleitores, o presidente da junta é o cidadão que encabeçar a lista mais votada na eleição para a assembleia de freguesia e, nas restantes, é o cidadão eleito pelo plenário de cidadãos eleitores recenseados na freguesia.*

*2 - Os vogais são eleitos pela assembleia de freguesia ou pelo plenário de cidadãos eleitores, de entre os seus membros, nos termos do artigo 9.º tendo em conta que:*

*a) Nas freguesias com 5000 ou menos eleitores há dois vogais;*

*b) Nas freguesias com mais de 5000 eleitores e menos de 20 000 eleitores há quatro vogais;*

*c) Nas freguesias com 20 000 ou mais eleitores há seis vogais*

Téñase en conta que os mencionados vogais, segundo a alínea a), do n.º 1 do artigo 17.º da lei 169/99, de 18 de setembro, son elixidos pola asemblea de freguesía mediante voto secreto.

As competencias da Xunta de Freguesía son moi vastas. Poden ser propias ou delegadas. A seguir expomos o conxunto de competencias definidas pola devandita lei.

Así o n.º 1 do artigo 34.º di que:

*Compete à junta de freguesia no âmbito da organização e funcionamento dos seus serviços, bem como no da gestão corrente:*

*a) Executar e velar pelo cumprimento das deliberações da assembleia de freguesia ou do plenário dos cidadãos eleitores;*

*b) Gerir os serviços da freguesia;*

- c) Instaurar pleitos e defender-se neles. podendo confessar. desistir ou transigir se n3o houver ofensa de dereitos de terceiros;
- d) Gerir os recursos humanos ao servico da freguesia;
- e) Administrar e conservar o patrim3nio da freguesia;
- f) Elaborar e manter actualizado o cadastro dos bens m3veis e im3veis da freguesia;
- g) Adquirir os bens m3veis necess3rios ao funcionamento dos servicos e alienar os que se tornem dispens3veis;
- h) Adquirir e alienar ou onerar bens inoveis de valor at3 200 vezes o 3ndice 100 da escala salarial das carreiras do regime geral do sistema remunerat3rio da funcao p3blica;
- i) Alienar em hasta p3blica, independentemente de autorizao do 3rg3o deliberativo, bens im3veis de valor superior ao da al3nea anterior, desde que a alienao decorra da execucao das opcoes do plano e a respectiva deliberao seja aprovada por maioria de dois tercos dos membros em efectividade de funcoes;

Cadro 8. **Inventario do POCAL (Plano Oficial de Contabilidade das Autarquias Locais) – Relaci3n de bens mobles, inmuebles e autom3biles**

DESIGNACAO	TOTAL	PARCIAL(%)	NULO
<b>BENS MOVEIS</b>			
ARROLAMENTO E DESCRICAO			
AVALIACAO			
CLASSIFICACAO			
<b>BENS IMOVEIS</b>			
ARROLAMENTO E DESCRICAO			
AVALIACAO			
CLASSIFICACAO			
<b>VIATURAS</b>			
ARROLAMENTO E DESCRICAO			
AVALIACAO			
CLASSIFICACAO			

Fonte: Pocal

- j) Designar os representantes da freguesia nos 3rg3os das empresas em que a mesma participe;
- 1) Proceder 3 marcao das faltas dos seus membros e 3 respectiva justificao.

A lei 5-A/2002, de 11 de xaneiro, completa a redaccio da al3nea h) do artigo anterior, xerarquizando os valores em funcao do n3mero de electores.

Segundo o n3 2 do mesmo artigo, compete 3 xunta, no 3mbito do planeamento da respectiva actividade e no da xestio financeira:

- a) Elaborar e submeter a aprovao da assembleia de freguesia ou do plen3rio de cid3os eleitores as opcoes do plano e a proposta do oramento;
- b) Elaborar e submeter a aprovao da assembleia de freguesia ou do plen3rio de cid3os eleitores as revisoes 3s opcoes do plano e ao oramento;
- c) Executar as opcoes do plano e o oramento;
- d) Elaborar e aprovar o relat3rio de actividades e a conta de gerencia a submeter 3 apreciao do 3rg3o deliberativo;
- e) Remeter ao Tribunal de Contas, nos termos da lei, as contas da freguesia

A lei 5-A/2002, de 11 de xaneiro completa a al3nea c) do artigo anterior e reescribe completamente a d), d3ndolle a seguinte redaccio:

*elaborar e aprovar a norma de controlo interno, quando aplic3vel nos termos da lei, bem como o invent3rio de todos os bens, dereitos e obrigaoes patrimoniais e respectiva avaliacao e ainda os documentos de prestao de contas, a submeter 3 apreciao do 3rg3o deliberativo.*

As competencias das Xuntas de Freguesia em materia de ordenao do territorio e urbanismo est3n plasmadas no n3 3 do artigo 343 da Lei 169/99 de 18 de setembro, o cal establece que

compete à junta de freguesia no âmbito do ordenamento do território e urbanismo:

a) Participar, nos termos a acordar com a câmara municipal, no processo de elaboração dos planos municipais de ordenamento do território;

b) Colaborar, nos termos a acordar com a câmara municipal, no inquérito público dos planos municipais de ordenamento do território;

c) Facultar a consulta pelos interessados dos planos municipais de ordenamento do território;

d) Aprovar as operações de loteamento urbano e obras de urbanização respeitantes a terrenos integrados no domínio patrimonial privado da freguesia, de acordo com o parecer prévio das entidades competentes, nos termos da lei;

e) Pronunciar-se sobre projectos de construção e ocupação da via pública, sempre que tal lhe for requerido pela câmara municipal;

Classificador económico dos  
ingresos das autarquias locais.  
Fonte: Pocal

	A	B	C	D	E	F	G	H	I
1	<b>NOVO CLASSIFICADOR ECONÓMICO DAS RECEITAS DAS AUTARQUIAS LOCAIS (Adaptação do classificador das receitas públicas aprovado pelo Decreto-Lei n.º 262/2002, de 14.02)</b>								
2	Capítulo	Grupo	Artigo	Parágrafo	Subparágrafo	DESIGNAÇÃO			
3	<b>RECEITAS CORRENTES</b>								
4	01					Impostos directos *			
5	01	02				Outros			
6	01	02	02			Imposto municipal sobre imóveis *			
7	01	02	03			Imposto municipal sobre veículos			
8	01	02	04			Imposto municipal sobre as transacções onerosas de imóveis			
9	01	02	05			Despesa			
10	01	02	07			Impostos abolidos *			
11	01	02	07	01		Contribuição autárquica			
12	01	02	07	02		Imposto municipal de siza			
13	01	02	99			Impostos directos diversos *			
14	02					Impostos indirectos *			
15	02	02				Outros			
16	02	02	06			Impostos indirectos específicos das autarquias locais *			
17	02	02	06	01		Mercados e feiras *			
18	02	02	06	02		Loteamentos e obras *			
19	02	02	06	03		Ocupação da via pública *			
20	02	02	06	04		Condições *			
21	02	02	06	05		Publicidade *			
22	02	02	06	06		Saqueamento *			

f) Executar, por empreitada ou execução directa, as obras que constem das opções do plano e tenham dotação orçamental adequada nos instrumentos de gestão previsional, aprovados pelo órgão directivo.

O nº 4 explicita as competências da Junta de Freguesia no âmbito dos equipamentos integrados no respectivo património:

a) Gerir, conservar e promover a limpeza de balneários, lavadouros e sanitários públicos;

b) Gerir e manter parques infantis públicos;

c) Gerir, conservar e promover a limpeza dos cemitérios;

d) Conservar e promover a reparação de chafarizes e fontanários de acordo com o parecer prévio das entidades competentes, quando exigido por lei;

e) Promover a conservação de abrigos de passageiros existentes na freguesia e não concessionados a empresas.

O nº 5 descreve as competências “no âmbito das suas relações com outros órgãos autárquicos:

a) Formular propostas ao órgão deliberativo sobre matérias da competência deste;

- b) Elaborar e submeter à aprovação do órgão deliberativo posturas e regulamentos com eficácia externa, necessários à boa execução das atribuições cometidas à freguesia;
- c) Deliberar e propor à ratificação do órgão deliberativo a aceitação da prática de actos inseridos na competência de órgãos do município. que estes nela pretendam delegar.”

Segundo o nº 6 do mesmo artigo, tamén compete á Xunta de Freguesía:

- a) Colaborar com os sistemas locais de protecção civil e de combate aos incêndios;
- b) Praticar os actos necessários à participação da freguesia em empresas de capitais públicos de âmbito municipal, na sequência da autorização da assembleia de freguesia;
- c) Declarar prescritos a favor da freguesia, nos termos da lei e após publicação de avisos, os jazigos, mausoléus ou outras obras, bem como sepulturas perpétuas instaladas nos cemitérios propriedade da freguesia, quando não sejam conhecidos os proprietários ou relativamente aos quais se mostre que, após notificação judicial, se mantém desinteresse na sua conservação e manutenção de forma inequívoca e duradoura;
- d) Conceder terrenos, nos cemitérios propriedade da freguesia, para jazigos, mausoléus e sepulturas perpétuas;
- e) Fornecer material de limpeza e de expediente às escolas do 1.º ciclo do ensino básico e estabelecimentos de educação pré-escolar;
- f) Executar, no âmbito da comissão recenseadora, as operações de recenseamento eleitoral, bem como as funções que lhe sejam cometidas pelas leis eleitorais e dos referendos;
- g) Proceder ao registo e ao licenciamento de caniños e gatídeos;
- h) Conhecer e tomar posição sobre os relatórios definitivos de acções tutelares ou de auditorias levadas a efeito aos órgãos ou serviços da freguesia;
- i) Dar cumprimento, no que lhe diz respeito, ao Estatuto do Direito de Oposição;
- j) Deliberar as formas de apoio a entidades e organismos legalmente existentes, nomeadamente com vista à prossecução de obras ou eventos de interesse para a freguesia, bem como à informação e defesa dos direitos dos cidadãos;
- l) Apoiar ou participar, pelos meios adequados, no apoio a actividades de interesse da freguesia. de natureza social, cultural, educativa, desportiva recreativa ou outra;
- m) Proceder à administração ou à utilização de baldios sempre que não existam assembleias de compartes, nos termos da lei dos baldios;
- n) Prestar a outras entidades públicas toda a colaboração que lhe for solicitada, designadamente em matéria de estatística, desenvolvimento, educação, saúde, acção social, cultura e, em geral, em tudo quanto respeite ao bem estar das populações;
- o) Lavrar termos de identidade e justificação administrativa;
- p) Passar atestados nos termos da lei;
- q) Exercer os demais poderes que lhe sejam confiados por lei ou delegação da assembleia de freguesia.

Registo virtual de cans e gatos dunha Xunta de Freguesía. Fonte: Junta de Freguesia do Lourical

O nº 7 da mesma lei refire que «a alienação de bens e valores artísticos do património da freguesia é objecto de legislação especial.

O artigo 35 define as competencias que poden ser delegadas no presidente. Así

*nas freguesias com 5000 ou mais eleitores. a junta pode delegar no presidente a sua competência, salvo quanto às matérias previstas nas alíneas h) e j) do n.º 1, a), b) e d) do n.º 2 e a), b), d) e e) do n.º 3, no n.º 5 e nas alíneas h), i), j), l) e m) do n.º 6 do artigo anterior.*

A lei 5-A/2002 de 11 de xaneiro amplía as competencias descritas no número anterior a todas as freguesías. Tamén prescribese que a delegación de competencias do presidente pode cesar en calquera momento, sempre que a xunta de freguesía o considere oportuno. Tamén pode haber revogación dos actos e dos recursos das

**Registo Virtual**  
REGISTRO LICENCIAMENTO DE CANIÑOS E GATÍDEOS

Nome: \*

Data de Nascimento:  Estado Civil:

Profissão:

Bilhete de Identidade:  de

Assunto de identificação:

Natural da Freguesia:  Concelho:

Título de   
e de

Residente em: \*

Município:  Arquivo:  Código Postal:

Telefone: \*  Telemóvel:

E-mail:

Idade em:

\* Campos de preenchimento Obrigatórios

Documentos necessários:

decisións tomadas, sempre que o delegante o considere oportuno e exista fundación para remitir o recurso ao plenario da cámara, o cal deberá ser analizado no prazo máximo de 30 días a partir da súa recepción.

O artigo 36 da lei nº 169/99 de 18 de setembro define os protocolos de colaboración con terceiras entidades, afirmando que

*as competências previstas na alínea e) do nº 1, no nº 4 e na alínea 1) do nº 6 do artigo 34º podem ser objecto de protocolo de colaboração, a celebrar com instituições públicas, particulares e cooperativas que desenvolvam a sua actividade na área da freguesia, em termos que protejam cabalmente os direitos e deveres de cada uma das partes e o uso, pela comunidade local dos equipamentos.*

Por último, o artigo 37º define que a xunta de freguesia pode exercer actividades da competencia da cámara municipal cando for delegada por esta e aprobada polos órganos representativos da freguesía.

O financiamento das autarquías obedece a Lei das Finanzas Locais, Lei 42/98, de 6 de Agosto. Os principios que rexen o financiamento das freguesías são: o principio de solidariedade (xusta distribución dos recursos públicos polo Poder Central e polo Poder Local); o principio de igualdade activa (distribución dos recursos polas autarquías co obxectivo de diminuír as asimetrías rexionais) e o principio da autonomía financeira (atribuíndolles ás freguesías finanzas propias e a posibilidade de xestionaren o seu patrimonio).

As freguesias teñen rendas propias, transferencias obrigatorias dos Orzamentos do Estado e un fondo específico (*Fundo de Financiamento das Freguesias*). Ademais, a freguesía tamén ten a posibilidade de acceder ao réxime do Crédito.

## 4. O papel da freguesía no desenvolvemento local

Ao referírmonos ao papel das freguesías no desenvolvemento local, facémolo tendo presentes non só as particularidades específicas de cada unha delas, senón tamén as potencialidades e fragilidades que resultan do cruzamento entre as expectativas dos electores e os restricións debidas ao limitado dos recursos.

Por esa razón, inicialmente faremos distinción entre entre freguesías urbanas, semiurbanas e rurais, e despois abordaremos a importancia desas freguesías en materia de ordenación do territorio e de gobernación.

### 4.1 Tipos

A efectos de ordenación do territorio, as freguesías portuguesas clasifícanse en urbanas, semiurbanas e rurais, segundo a dimensión da poboación. Pertencen ás urbanas aquelas con 5000 ou máis habitantes residentes, xunto coas das cidades de Lisboa e do Porto. As semiurbanas posúen unha poboación residente igual ou superior a 800 persoas e inferior a 5000 (Trindade, et.al., 2003: 13). As restantes son consideradas freguesías rurais. O Instituto Nacional de Estatística engade a estes tipos os criterios de densidade poboacional. Así, as urbanas terían de posuír unha densidade superior a 500 hab./Km<sup>2</sup>, mentres que para as semiurbanas esíxese un índice superior a 100 hab./Km<sup>2</sup> e inferior ou igual a 500 hab./ Km<sup>2</sup>. Ao




Município de Oliveira de Frades.  
Adaptação a partir de  
<http://www.minhaterra.com.pt>



Enclaves das freguesias de San Miguel e Santa Eufémia no concelho de Penela.  
Adaptação a partir de  
<http://www.minhaterra.com.pt>



Freguesia de S. Bartolomeu em Vila Viçosa. Adaptação a partir de  
<http://www.minhaterra.com.pt>



as encadra. Se as pretensións, derivadas das competencias que lle son atribuídas, requiren recursos financeiros necesarios para a súa execución, as condicións efectivas postas á súa disposición estrangulan, na esmagadora maioría dos casos, as esixencias resultantes das expectativas xeradas entre electores e representantes electos. Este estrangulamento é basicamente financeiro, dado que o marco jurídico que regula a relación entre o Poder Central e Poder Local, que encadra os dous niveis da administración autárquica, concello e freguesía, delimita inequivocamente as atribucións dos diferentes órganos político-administrativos. A pesar de que o 10º Congreso Nacional da ANAFRE (Associação Nacional das Freguesias) refería nas súas conclusións a necesi-

dade dunha maior clarificación no relativo ás competencias e atribucións propias das freguesías, nótase que o maior atranco é de orde financeira. Neste sentido, este órgano asociativo reclama un incremento real dos recursos financeiros, a fixación dunha dotación mínima de 3000 € para o funcionamento da Freguesía, a posibilidade de accederem ao crédito a medio longo prazo nas mesmas condicións das Cárteras Municipais e a necesidade de garantir, en termos legais ou financeiros, condicións para unha intervención político-social máis eficaz. As outras reivindicacións refírense á revisión dos Estatutos dos Representantes Locais, ao rexeitamento de calquera reforma administrativa que atente contra a vontade das propias freguesías, ao estímulo do asociacionismo, a asegurar a participación da ANAFRE



nas mesas de concertaci3n social e a defender a s3a participaci3n no Comit3 das Rexi3ns e no Congreso dos Poderes Locais e Rexionais de Europa<sup>8</sup>.

As3 e todo, non podemos deixar de cuestionar a validez que a fregues3a poida ter, en canto unidade pol3tico-administrativa m3nima en Portugal, en materia de planeamento territorial. Esta validez 3 moi dubidosa, dado que a escala municipal, canto m3is a inframunicipal, semella inaxeitada para as esixencias dun planeamento territorial coherente e eficaz. A mobilidade de fluxos (humanos, econ3micos e de informaci3n) require modelos de planeamento que ultrapasem estas escalas diminutas. Pode arg3irse que as incongruencias en materia de ordenaci3n do territorio, ao nivel das fregues3as, est3n salvaguardadas polo n3 3 do artigo 343 da Lei 169/99, de 18 de setembro. Con todo, c3mpre non esquecer que os presidentes das xuntas representan a “vanguardia” dos presidentes das c3maras municipais en materia electoral. Este feito provoca algunhas distorsi3ns ao nivel do planeamento territorial, posto que se xeran din3micas desiguais, resultantes da representatividade social que presentan as fregues3as, o que relega algunhas 3 marxinalidade pol3tica.

Outro dos obst3culos ten que ver coa relaci3n dos diferentes3rganos das autarqu3as locais. Podemos detectar que a asemblea de fregues3a goza de maior estabilidade pol3tica ca a asemblea municipal e o goberno do concello. O presidente da xunta de fregues3a 3, como xa vimos, elixido pola asemblea de fregues3a, 3nico3rgano sometido a escrutinio. Neste sentido, atopamos dous escenarios posibles: que o goberno se dea en maior3a absoluta ou en minor3a.

Canto 3 a asemblea municipal e ao presidente da c3mara, a situaci3n 3 ben distinta, dado que estes3rganos son votados en listas separadas. Deste xeito, os escenarios de goberno xa non ser3n dous, sen3n catro: maior3a na c3mara e na asemblea municipal; minor3a na c3mara e na asemblea municipal; maior3a na c3mara e minor3a na asemblea municipal; minor3a na c3mara e maior3a na asemblea municipal.

Debemos engadir a todo isto o caso peculiar da asemblea municipal composta por membros non directamente elixidos; refer3monos aos presidentes das xuntas de fregues3a que fan parte dela por “iner3ncia”<sup>9</sup>, a3nda que en n3mero inferior aos elixidos directamente. Aqu3 radican algunhas das perversi3ns que podemos detectar ao nivel do Poder Local. Entre algunha disciplina partidaria que se vai conseguindo e a captaci3n da vontade dos presidentes das xuntas, mesmo de partidos diferentes, o executivo municipal vai tentando facer posible a gobernabilidade, sobre todo cando non se conseguen establecer alianzas que permitan ter a maior3a absoluta nos dous3rganos. As3 e todo, estas din3micas, consagradas no artigo 251 da Constituci3n da Rep3blica Portuguesa, contrari3n a esencia das regras democr3ticas, ben ao nivel da representaci3n, ben ao da importancia dada 3 pr3pria asemblea como3rgano fiscalizador do executivo. Os presidentes das xuntas de fregues3a participan nun3rgano para o cal non foron lexitimados por voto popular, defenden intereses da “pol3tica parroquial” e non do concello e exercen a s3a acci3n na dependencia funcional e financeira do presidente da c3mara, suxeit3ndose a pactos

Caricatura de Rafael Bordalo Pinheiro<sup>10</sup>. Fonte: Biblioteca Nacional de Portugal



<sup>9</sup> O primeiro elixido da lista a Asemblea da Fregues3a, que ocupar3, tras a victoria electoral desa lista, o cargo de Presidente da Junta, pasa a ser deputado da Asemblea Municipal, a3nda que non sexa parte da lista de sufr3gio para este3rgano. Cando acontece deste xeito d3se que esta persoa 3 membro por “iner3ncia” do cargo.

<sup>10</sup> Nesta caricatura, titulada *Elei33es em Lisboa. Um pontap3 magistral*, Rafael Bordalo Pinheiro caracteriza o Z3 Povinho que, tomando conciencia de ser un cidad3n contribuinte que esixe transparencia nas contas p3blicas, d3 un puntap3 no pote de carneiro com patacas. Logo das elei33es, os pol3ticos ofrec3anlles este prato aos seus electores.

pautados por unha xeometría variable, dado que moitas veces alteran o seu sentido de voto en función dos beneficios derivados do “presidencialismo municipal”. De forma máis ou menos consciente están a colaborar na afirmación do “presidencialismo local”. Como se iso non bastase, os deputados da Assembleia da República chegaron a un *forcing* para alterar a lei que regula a elección e o funcionamento dos executivos municipais e da asemblea municipal. Malia non coñecermos en detalle as propostas que se están a discutir, as cales poderán acabar transformándose en lei, parécenos extemporánea esta iniciativa, dado que a Constitución da República Portuguesa prevé que o presidente da cámara sexa elixido directamente polo pobo, e permite a aberración de existiren no órgano da asemblea municipal membros natos, non elixidos. Di o sentido común que inicialmente debería alterarse a Constitución e só despois proceder á alteración da lei, mais en Portugal o sentido común non existe.

As propostas que están sobre a mesa prevén tamén, so o falso argumento de estabilidade, que os executivos municipais sexan monopartidarios. Polo de agora, os concelleiros que integran o executivo son elixidos segundo o método de Hondt. Ao longo destes trinta e catro anos de democracia en Portugal non temos coñecemento da existencia de casos ingobernabilidade causados por executivos minoritarios. A esmagadora maioría das cámaras posúen maiorías robustas, e onda non, souberon establecer alianzas estables. Compréndese a bondade do lexislador que procurou integrar nos executivos os partidos menos votados, procurando non excluír a ninguén do proceso, cando viviamos os períodos difíciles que seguiron a Revolución de Abril. Este sistema ten funcionado, e só o afán de algúns que pretenden transformar un Estado de partidos nos partidos do Estado pode xustificar estas iniciativas.

Non sei até que punto as novas propostas van combater o “presidencialismo local” ou, á inversa, o van reforzar, sexa ao nivel do “presidencialismo da freguesía” ou ao do “presidencialismo municipal”, moi idénticos nas dinámicas aínda que con xéneses diferentes e diferentes restricións.

As diferentes xéneses fundaméntanse no presuposto de que canto máis próximo estea dos cidadáns o poder, menor é a importancia das vertentes partidarias e de manipulación de masas en materia de elección dos diferentes órganos do poder, dado que as fidelidades partidarias son substituídas pola relación dos representantes elixidos cos electores, por máis que isto poida supoñer algúns danos á propia democracia, posto que a personalización do poder conduce á tentación do autismo e do autoritarismo.

O “presidencialismo da freguesía” estrutúrase na imaxe do propio elixido, e no feito asumido de que o primeiro nome da lista máis votada é presentado desde a campaña electoral como o candidato á presidencia. O “presidencialismo municipal” resulta da elección directa e dos poderes que a lei lle atribúe.

Con todo, as dinámicas son idénticas, porque tanto un coma o outro asumen «um papel central, também à semelhança do Governo da República ou do governo das regiões autónomas» (Oliveira, 2005: 145). Todas as dinámicas destes órganos xiran arredor do centralismo presidencial.

Non obstante, as esixencias impostas polo eleitorado ao presidente da xunta son ben máis inflexibles se as comparamos coas impostas ao presidente da cámara. Ademais do sufraxio directo, tamén a fiscalización é directa e tenaz, podendo perder elección por aspectos de menor importancia. Por iso mesmo, se en materia de planeamento territorial a escala inframunicipal non ten sentido, en materia de gobernabilidade asúmese como un factor crítico de éxito para a revi-

talización da propia democracia. É nesta confrontación onde podemos detectar as potencialidades e as dificultades que se lles presentan ás freguesías, dado que, calquera que sexa a opción de reforzo ou de extinción, sempre se ha perder algunha cousa para gañar algo.

## Bibliografía

- **Medina, J. [et. al.]** (1997), *História de Portugal. Dos tempos pré-históricos aos nossos dias*, II Vol., Clube Internacional do Livro, Amadora.
- **Medina, J. [et. al.]** (1997), *História de Portugal. Dos tempos pré-históricos aos nossos dias*, III Vol., Clube Internacional do Livro, Amadora.
- **Neves, M.J.** (2004), *Governo e administração local*, Coimbra Editora, Coimbra.
- **Oliveira, C. [et. al.]**, (1996), *Historia dos municípios e do poder local. Dos finais da Idade Média a União Europeia*, Círculo de Leitores.
- **Silva D.** (1985), *Entre Homem e Cavado em meados do sec. XVII. Memórias paroquiais*, Gráfica Cruz, Braga.
- **Santos, A.** (1995), *As freguesias. História e actualidade*, Celta Editores, Oeiras.
- **Trindade, A.** (2003), *Administrar a freguesia*, Fundação Bissaya Barreto/Instituto Superior Bissaya Barreto, Coimbra.

## Outras Fontes Bibliográficas

- Biblioteca Nacional de Portugal
- Código Administrativo de 1936/40
- Constituição da República Portuguesa, 1976
- Decreto-Lei 31.095, de 31 de Dezembro de 1940
- Lei 169/99, de 18 de Setembro
- Lei 5-A/2002, de 11 de Janeiro
- Lei 42/98, de 6 de Agosto
- POCAL
- Site da Junta de Freguesia do Louriçal

## Fontes Web

[http://pt.wikipedia.org/wiki/Invas C3 A3o\\_romana\\_da\\_Pen C3 ADnsula\\_Ib C3 A9rica](http://pt.wikipedia.org/wiki/Invas%C3%A3o_romana_da_Pen%C3%ADnsula_Ib%C3%A9rica), (consultado en 07/11/2007)

<http://metaweb.ine.pt/sim/conceitos/conceitos.aspx?ID=PT&menuBOUI=16944>, (consultado en 20/12/2007).

<http://metaweb.ine.pt/sim/conceitos/conceitos.aspx?ID=PT&menuBOUI=16944> (consultado en 10/12/ 2007)

<http://www.anafre.pt/> (consultado en 10/12/2007)

<http://www.minhaterra.com.pt/> (consultado en 15/01/2008)

[http://pt.wikipedia.org/wiki/Imagem:Antonio\\_Bernardo\\_da\\_Costa\\_Cabral.jpg](http://pt.wikipedia.org/wiki/Imagem:Antonio_Bernardo_da_Costa_Cabral.jpg) (consultado en 15/04/2008)

<http://www.freguesiasdeportugal.com/distritoviana/05/porreiras/fotos.htm> (consultado en 15/04/2008)

[http://www.sobreira.net/images/limites\\_Sobreira\\_recarei.jpg](http://www.sobreira.net/images/limites_Sobreira_recarei.jpg) (consultado en 15/04/2008)

<http://blogs.3e.com.pt/media/blogs/resistir/2autodoproclamacao1910.jpg> (consultado en 15/04/2008)

# cartografía, espazo sentido e percibido

- 18** **Gonzalo Méndez Martínez**  
A representación da parroquia na  
cartografía antiga
- 19** **Fernando García Pazos**  
O mapa de parroquias de Galicia.  
Problemática da demarcación territorial  
da parroquia na cartografía actual

# 18 A representación da parroquia na cartografía antiga

**Gonzalo Méndez Martínez**

Profesor Titular de Geodinámica Externa  
Universidade de Vigo

A evolución da cartografía galega nos últimos catrocentos anos é unha busca continua da mellora das representacións a través da precisión das posicións e do detalle da información. A denominación das parroquias con indicación da súa sede e a delineación dos límites son exemplo desta evolución. Porén, o proceso ata chegar á representación parroquial na segunda metade do século XVIII é lenta e infrutuosa. Ademais, o elevado custe da edición e o escaso interese público do obxecto de representación (baixo coñecemento cartográfico) limitará as obras frecuentemente ao seu carácter manuscrito.

A cartografía, como plasmación gráfica do territorio e da súa historia, reflicte o xeito de organizarse dos pobos con especial atención aos distintos límites territoriais. Por iso a cartografía histórica de Galicia rexistra os procesos de organización interna e a progresiva definición de lindes.

Na historia da cartografía de Galicia a parroquia amósase, recorrentemente, como un problema de representación desde dous puntos de vista. O seu grande número imposibilitou ou dificultou a representación nos mapas de conxunto (Galicia, dioceses ou provincias); e os problemas de delimitación obrigaron a non recoller os seus lindes nos documentos cartográficos, agás os que acompañaron os frecuentes preitos por delimitacións parroquiais e outros de escala de detalle.

O proceso de definición de lindes na cartografía antiga galega é, en xeral, un proceso lento. Nos inicios predomina a delimitación difusa mediante macrotoponimia, que identifica zonas do mapa sen trazar liñas que definan os límites. Só coa mellora das representacións, co incremento dos detalles e aumento da escala, no século XVIII aparecerán as delimitacións de bispados, arciprestados, coutos e demais xurisdicións territoriais. As novas divisións territoriais da primeira metade do século XIX, provincias, partidos e concellos, terán igual reflexo na cartografía. Pola contra, as lindes das parroquias, polas dificultades derivadas da súa extensión, da necesidade de escalas de moito detalle, da falta de precisión ou unanimidade sobre a súa posición ou trazado, só aparecerán, e de xeito moi parcial, nos séculos XVIII e XIX. Non poderemos dispor dun mapa de parroquias de toda Galicia ata a segunda metade do século XX.

No presente traballo trataremos de sintetizar este proceso de definición de lindes territoriais galegas a través dos mapas máis significativos que foron introducindo a información e progreso no coñecemento do noso territorio, así como dos proxectos cartográficos que contribuíron ao progreso da representación cartográfica da parroquia galega. Partindo dos diferentes estudos realizados sobre a cartografía galega antiga (Méndez, 1993, 1994, 2000; Méndez, coord., 1991) establecemos unha estrutura para o presente traballo que se inicia cos antecedentes de representación das parroquias e xurisdicións nos séculos XVI e XVII, segue atendendo especialmente aos esquemas gráficos do catastro de Ensenada, aos mapas galegos na “España Sagrada” e ás compilacións de Tomás López no século XVIII, para rematar coa achega de Domingo Fontán e o seu mapa de Galicia e as representacións cartográficas nos expedientes e preitos das desamortizacións, no século XIX.

## 1. A cartografía galega dos séculos xvi e xvii: antecedentes na representación das parroquias e xurisdicións

A finais do século XVI e principios do XVII realízanse os primeiros mapas que teñen a Galicia como obxecto da representación. Estes primeiros mapas son o dobremente titulado “Galitia” e “Galizia hisp.” de Johannes Metellus (Méndez, 1999, 2000), impreso en Colonia en 1595, a “Descripcion del Reyno de Galizia” de Hernando Ojea, publicado en Amberes en 1603 dentro do “Theatrum Orbis Terrarum” de Abraham Ortelio (Méndez, 1994, 2000), aínda que reutilizando a mesma prancha de gravado en anos posteriores, e o tamén dobremente titulado “Galitia” e “Galizia” de Cyprian Eichovius, impreso en “Vrsellis” en 1604 (Meurer, 1988). O mapa de Metellus consiste nunha ampliación do sector noroccidental do mapa de Península Ibérica publicado por Ortelio en 1570 e o de Eichovius parece ser unha réplica do de Metellus. A calidade de ambos é limitada e non teñen información de interese para o tema que aquí abordamos. Porén, o mapa de Ojea introduce novidades que podemos analizar. Trátase do primeiro mapa de Galicia



Descripcion del Reyno de Galizia de Hernando Ojea (1603)

realizado con información orixinal por un autor local, con coñecemento directo do territorio representado, polo que a pesares dos seus moitos erros non foi superado en moito tempo, o cal levou a que fose copiado por numerosos editores nos seus atlas (Mercator-Hondius a partires de 1611 e Blaeu desde 1635, entre outros).

O mapa de Ojea caracterízase pola forma romboidal que asigna ao territorio galego (Méndez, 2000), desprazando, en xeral, as disposicións N-S cara ao NNO-SSE ou incluso NO-SE. Estreita enormemente as rías ata facelas parecer desembocaduras de ríos. A información cinguese case que exclusivamente ás principais poboacións cos seus topónimos e á rede hidrográfica. Engade os nomes dalgunhas comarcas e arciprestados pero non chega a delimitalos, como tampouco delimita Galicia de xeito lineal, senón coa redución da información e referencias rotuladas aos reinos limítrofes. A cartografía antiga de Galicia ofrece xa desde este documento unha relación considerable de territorios diferenciados. O mapa de Ojea indica un total de trece comarcas ou arciprestados mediante unha rotulación destacada. Comparando cos demais mapas da península o feito non é novo aínda que tampouco xeneralizado pois só nalgúns mapas da edición de 1588 do “Theatro de la Tierra Vniversal” aparece indicación de comarcas ou outros ámbitos territoriais semellantes.

O modelo cartográfico establecido por Ojea para Galicia vaise manter por diferentes autores durante todo o século XVII e parcialmente durante o XVIII. Entre as versións máis destacadas están o mapa «Gallaecia regnum» de 1611 nos atlas Mercator-Hondius e posteriormente nos de Janssonius e os seus herdeiros e a «Gallaecia, Regnum, descripta a F. Fer. Ojea Ord. Praed. et postmodum multis in locis emendata et aucta» de Willem J. Blaeu de 1635. Estas versións introducen un límite lineal para Galicia tanto polo leste como polo sur. Posiblemente, a modificación máis importante realizada sobre o mapa de Ojea podémola atopar na versión de Gerardum Valk e Petrum Schenk, impresa en Amsterdam en torno ao ano 1700, na que podemos atopar unha primeira representación dos bispados galegos, que son rotulados e delimitados.

Gallaecia Regnum de Hernando de Ojea na súa edición de Valk e Schenk (ca. 1700)



Non atopamos melloras na representación de ámbitos xurisdiccionais galegos na cartografía ata a segunda metade do século XVIII cando o catastro de Ensenada, a representación de bispados na España Sagrada do padre Flórez e as compilacións de Tomás López nos ofrecen unha diversidade de temas e modos de representación.

## 2. O impulso estatal e as contribucións particulares no progreso cartográfico do século xviii

O século XVIII caracterizouse, no que á representación do territorio galego se refire, en primeiro lugar polo intento de coñecemento xeográfico e cartográfico desenvolvido a través do grande proxecto coñecido como catastro de Ensenada; despois pola contribución que diversos ilustrados e eruditos fixeron a través da “España Sagrada” de padre Henrique Flórez; e, por último, pola actividade do xeógrafo Tomás, López, apoiado pola coroa, que compilará multitude de mapas e informes de colaboradores locais e conformará atlas con diversos mapas das terras galegas.

### 2.1 A cartografía no catastro de Ensenada

Entre a cartografía que na segunda metade do século XVIII nos vai permitir facer unha aproximación á representación de ámbitos territoriais menores atópanse os esbozos e mapas do Catastro de Ensenada. Posto en marcha mediante decreto de Fernando VI en 1749 co obxectivo de coñecer as producións e rendas nas provincias do Reino de Castela, executouse entre os anos 1750 e 1754.

A referencia á formación de mapas e esbozos para o Catastro atópase dentro de “Las Respuestas Generales” (Méndez, 1994). No “Interrogatorio a que han de satisfacer, bajo de Juramento, las Justicias, y demás Personas, que haràn comparecer los Intendentes en cada Pueblo” inclúense corenta apartados con preguntas sobre o pobo ou territorio que se aborda, acerca de calquera extremo de interese para a facenda pública. O interrogatorio era contestado polos expertos e notables de cada localidade, que reunían a tal efecto. A terceira cuestión do Interrogatorio contén a seguinte petición de información:

*3. Què territorio ocupa el Termino, quanto de Levante à Poniente, y del Norte al Sùr: y quanto de circunferencia, por horas, y leguas: què linderos, ò confrontaciones; y què figura tiene, poniendola al margen.*

A xeito de exemplo de resposta á terceira cuestión transcribimos a que se deu sobre Pontevedra “a veinte y tres dias del mes de octubre, de mill sietecientos cincuenta y un años” por un amplo abandono de expertos:

*A la tercera digeron, que el territorio, que ocupa el termino de esta Villa, es de L. á P. como un quarto de legua, y del N. al S. como quarto y medio de legua, y de circunferencia, poco mas de una legua, ò dos oras de camino; y que los linderos y confrontaciones de dicho termino, son, por el L. con el termino dela feligresia de Santa Maria de Mourente, y m[...?] que llaman la Seca: Por el N. con el dela feligr. de Sn. Salvador de Leriz, y marco dela Santiña: Por el P. con el termino en parte dela feligresia de San Pedro de Campañoo, y Rio de Puente de Cabras, que la divide, y con el termino de San Salvador de Poio pequeno en parte, y Ria de esta Villa en el sitio, que llaman la Barca: Y por el S. con el dela de San Martin de Salcedo, y Marco del Gorgullon; y la figura que tiene su casco, y poblacion es obalada, y no del todo plana, sino es con alguna eminencia en el promedio deella, y es la que ba al margen<sup>1</sup>*


<sup>1</sup> Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Catastro de Ensenada




Inda que non consta neste caso ningunha figura á marxe, temos unha relación de parroquias estremeiras.

Aínda así, noutros casos podemos contar con diferentes tipos de mapas ou esbozos, ou simples esquemas cartográficos. Trátase tanto de pequenos esquemas inseridos dentro do interrogatorio nas marxes dos folios, como outros documentos que ocupan folla propia. Baseándonos na forte semellanza ou unidade de estilo existente entre distintos documentos gráficos estudados, consideramos que no proceso de cartografado parece que puido ter influencia decisiva o intendente real, quen establecería as normas ou criterios para a confección dos mapas e esbozos ou ben dirixiría a delineación destes. É o caso dos esquemas cartográficos da “[Feligresía y Coto de San Jorge de Azevedo]”, “[Feligresía Santiago de Casardeita]”, “[Feligresía de Santa María de Entrimo]” e “[Feligresía de Santa Cristina de Freijo]”, da provincia de Ourense, inseridos todos eles en interrogatorios do Catastro nos que Francisco Antonio Araujo e Mezeta foi o intendente. Tamén se atopa semellanza estilística propia de ser obra dun mesmo autor nos pequenos mapas “Oseiro” e “Suebos” correspondentes a senllos interrogatorios realizados no actual concello de Arteixo (A Coruña). E igual sucede cos diversos mapas de xurisdicións pertencentes á antiga provincia de Santiago que teñen abundantes trazos comúns: “[Mapa de la jurisdicción de A Lanzada...]”, “[Mapa de la parte oriental de la jurisdicción de Pontevedra...]”, “[Mapa de la parte meridional de la jurisdicción de Pontevedra...]” e “[Plano del núcleo de Cangas...]”.

Interrogatorio do Catastro de Ensenada (1753) co contorno das parroquias de Chapela e Teis (actualmente en Redondela e Vigo)



Algúns destes mapas son exemplo da información que podemos esperar deste tipo de documentación. Así, o mapa da xurisdición da Lanzada, ou os mapas das partes oriental e meridional da xurisdición de Pontevedra rotulan as parroquias que compoñen o ámbito de representación, engadindo o trazado das lindes, e só nalgún caso engaden información complementaria, como poden ser outros lugares, ou os trazado dos ríos e o emprazamento dos muíños.



Parroquia de Oseiro  
(Arteixo). Extraído do  
Catastro de Ensenada (1752)

## 2.2 A cartografía galega na “España Sagrada”.

Ata a segunda metade do século XVIII son escasísimos os documentos cartográficos impresos en España, porén, nesta segunda metade de século vanse imprimir, entre outros, os mapas das dioceses galegas inseridos na «España Sagrada. Theatro Geographico Historico de la Iglesia de España» do padre Henrique Flórez de Setién y Huidobro, que constitúen unha serie de contribucións contribucións realizadas desde a propia Galicia.

A «España Sagrada» (Méndez, 1994, 2000) é unha historia eclesiástica de España en cincuenta e seis tomos, dos que os primeiros vintenove son obra de Flórez. Entre as súas ilustracións hai algúns encartes cartográficos nos que colaboran diversos ilustrados e intelectuais pertencentes ou coñecedores dos territorios representados. Aínda que Galicia non está completa, os cinco bispados que a representan son boa mostra do interese e crecente grao de calidade cartográfica que acadan algúns profesionais alleos á cartografía.

En 1761, “Delineado por D. Manuel Sutil. Cura de La Bañeza” o «Mapa del obispado de Astorga» inclúe as zonas das actuais provincias de Lugo e Ourense que pertencían a dita xurisdición eclesiástica. Está debuxado a unha escala aproximada de 1:508000 e comprende as terras galegas de Valdeorras, Robleda, Caldelas, Trives e Queiroga. Representa a delimitación do bispado, rede hidrográfica e camiños, con indicación de pontes, montes, etc. A extensa toponimia trata de recoller o conxunto de parroquias da xurisdición pero non traza máis límites que os do bispado de Astorga.

O coruñés José Andrés Cornide de Saavedra y Folgueira (1734-1803) fai patentes os seus amplos coñecementos xeográficos nas distintas obras por el escritas. Na España Sagrada publicou o «Mapa de el obispado de Orense» (1763) e o mapa «Obispado de Mondoñedo» (1764), gravados ambos en Madrid por Tomás López, a quen remitiu outros mapas para utilizar nas súas compilacións.

Obispado de Mondoñedo de Joseph Cornide (1764)



No «Mapa de el obispado de Orense», con escala en “Leguas comunes de Galicia”, aproximada a 1:415000, Cornide representa tanto o territorio do bispado como zonas limítrofes, trazando a rede hidrográfica, camiños, toponimia maior e parroquial, límites da xurisdición eclesiástica, etc.; información que na súa maioría non foi publicada nunca antes. Porén, no mapa «Obispado de Mondoñedo», a escala aproximada de 1:276000, Cornide empregando o mesmo modo e contidos que no anterior, inclúe a delimitación de arcedinatos, decanatos e chantrías. No ángulo superior dereito insire o «Arcedianato de Mellid pertenciente al Obispado de Mondoñedo, y separado tres leguas de su confin debaxo de Sobrado».

Mapa general del obispado de Lugo gravado por Tomás López (1768)



O mapa do «Obispado de Tuy dividido en arciprestazgos» (1767) foi trazado por un relixioso, o padre Rosendo Amoedo. Impreso a unha escala aproximada de 1:222000, contén información planimétrica semellante á dos outros bispados. Destaca na súa relación de dezasete signos distintos para clasificar as poboacións, o intento de recoller as parroquias e de agrupalas por arciprestados.

Aínda que gravado en 1768, o «Mapa general del obispado de Lugo Delineado con la posible exactitud de orden de el Yllmo. Señor Don Juan Saenz de Buruaga, Obispo y Señor de dicho obispado», de autor descoñecido, non foi utilizado para ilustrar a España Sagrada ata o ano 1796. Está realizado a unha escala aproximada de 1:297000 e nel represéntanse as montañas, os ríos e camiños, pontes, poboacións, etc. Distínguense se as poboacións son cidades, vilas ou aldeas, as ordes relixiosas nelas situadas (beneditinos, bernardos, bentos, dominicos ou da Orde de San Xoán), vilas con feira, enclaves doutras xurisdicións na de Lugo, etc. Delimita e rotula os arciprestados, con inclusión das sedes das parroquias que as integran.

Todos estes mapas teñen en común a representación de información de carácter eclesiástico superposta á convencional. Xunto cos límites das respectivas dioceses e referencia ás estremeiras, algúns contan cos límites dos arciprestados ou indicación detallada do tipo de conventos que hai en cada localidade. A información sobre poboacións, hidrografía e relevo mellora sensiblemente toda a publicada anteriormente, aumenta a escala e increméntase a cantidade de información, empregándose unidades de medida locais. É moi destacable a contribución do conxunto de mapas de Galicia inseridos na «España Sagrada» á representación da rede de camiños, nunca antes representada, a excepción, de pequenas referencias.

Os mapas galegos publicados na «España Sagrada» teñen en común, así mesmo, ter sido gravados todos eles en Madrid por Tomás López, quen sobresaía por aquel entón como experto gravador de cartografía e quen usou a información contida nestes e noutros mapas para a confección dos seus a finais do século XVIII. Como podemos comprobar, neste serie de mapas de bispados bótase en falta a existencia dun mapa do arcebispado de Santiago. Descoñecemos o motivo desta ausencia, máxime cando Tomás López cita a existencia dun anónimo que consultou e tivo presente para a confección do seu mapa de Galicia impreso en 1784, ao que nos referiremos máis abaixo.

### 2.3. O proxecto de mapa de España e as relacións xeográficas enviadas a Tomás López

Tomás López y Vargas Machuca (1731-1802), grazas á política de formación de científicos e técnicos españois no estranxeiro desenvolvida por Ensenada, foi pensionado para completar a súa formación e aprendizaxe en París, onde permaneceu desde 1752 hasta 1760. Alí asistiu a distintos cursos para completar a súa formación matemática e aprendeu gravado no taller de Jean Baptiste Bourguignon d'Anville, xeógrafo real. Neste taller ou gabinete foi moi posiblemente onde se instruíu na formación de mapas mediante o emprego de diversas fontes, no que se deu en chamar a topografía eclesiástica.

Como sinala Capel (1982) Tomás López foi “á vez o erudito xeógrafo que reunía e sintetizaba os materiais, o gravador experimentado e o editor dos seus mapas”. Dedicouse a todas estas actividades hasta o seu falecemento, aínda que axudado nos seus últimos anos de vida polos seus fillos. En relación con Galicia,

tal e como se verá no seguinte apartado, realizou mapas e gravou outros de distintos autores.

A estancia de Tomás López en París para formarse está en relación directa co proxecto de levantamento do mapa de España presentado por Jorge Juan e Antonio de Ulloa ao Marqués de la Ensenada. Aínda que o proxecto non prosperase, parece que permaneceu vivo na vontade de Tomás López, quen recibe apoio institucional para o seu “Gabinete Geográfico”. O anterior proxecto, xunto co dea Real Academia de la Historia, da que era membro, de elaborar un “Diccionario Geográfico de España”, parecen ser as motivacións de que poucos anos despois do seu regreso a España inicie o envío dun interrogatorio.

O plan de confección do mapa de España a través dun interrogatorio parece que empezou a levalo a cabo en 1766 (Olarán, 1987). Para iso imprimiu unha carta e un interrogatorio, que enviou a distintas autoridades locais, párrocos, etc.

O texto da carta enviada por Tomás López xunto co interrogatorio e asinada polo propio López é o seguinte:

*Muy Señor mio: hallándome executando un mapa y descripción de esa Diócesis, y deseando publicarle con el acierto posible, me pareció indispensable suplicar a V... se sirva responder a los puntos que la comprenda del interrogatorio adjunto.*

*Es muy propio en todas clases de personas concurrir con estos auxilios a la ilustración pública, y mucho más en las graduadas por su saber y circunstancias como V... y como otros lo executaron en otros Obispados.*

*Por este medio discurro desterrar de los Mapas extranjeros, de las descripciones y Geografías de España, muchos errores que nos ponen; unos cautelosamente, otros ocultando nuestras producciones y ventajas, para mantenernos en la ignorancia, con aprovechamiento suyo; y por este fin de cosas que V... sabe, y no es asunto de esta carta.*

*Si V... lo permite daré cuenta de su nombre y circunstancias en el prólogo de la obra, como concurrente con su mediación y trabajo, sin olvidar todos los sugetos que a V... en el encargo. Se servirá V... poner la cubierta al geografo de los dominios de S.M. que firma abaxo.*

*Dios guarde la vida de V... muchos años.*

*Madrid y...*

*Besa la mano de V... su más atento servidor.<sup>2</sup>*

Por outra banda, o interrogatorio constaba de quince cuestións sobre a descrición do territorio, a súa produción, mercado, equipamentos, etc. e incluía; preguntas sobre a historia local. Polo seu interese para a descrición dos territorios que Tomás López se propón cartografiar, transcribimos as cinco primeiras preguntas do interrogatorio:

*1) Si es lugar, villa o ciudad, a qué vicaria pertenece; si es Realengo, de señorío o mixto, y el número de vecinos.*

*2) Si es cabeza de vicaria o partido, parroquia, anexo y de qué parroquia, y si tiene convento, decir de que origen y sexo, como tambien si dentro de la población o extramuros hay algun santuario e imagen célebre, declarar su nombre y distancia; asi mismo el nombre antiguo y moderno del pueblo, la advocacion de la parroquia y el patrón del pueblo.*

*3) Se pondrá quantas leguas dista de la principal o metrópoli, cuánto de la cabeza de partido y cuántos quartos de legua de los lugares confinantes, expresando en este último particular lo que estean al Norte, al Mediodía, Levante o Poniente, respecto del lugar que responde, y cuántas leguas ocupa su jurisdicción.*

*4) Dirá si está a orilla de algun rio, arroyo o laguna, si a la derecha o a la izquierda de él baxando agua abaxo; dónde nacen estas aguas, en dónde y con quien se juntan, y cómo se llaman; si tienen puentes de piedra, de madera o de barcas, con sus nombres, y por qué lugares pasan.*

<sup>2</sup> Texto tomado de Olarán, 1987.


5) Expresaran los nombres de las sierras, dónde empiezan a subir, donde a baxar, con un juicio razonable del tiempo para pasarlas o de su magnitud; declarando los nombres de sus puertos, y en donde se ligan y pierden o conservan sus nombres estas cordilleras con otras.

Ao final unha nota solicitaba a remisión dun mapa ou plano do territorio sobre o que se está a cumprimentar o interrogatorio:

*Nota. Procurarán los señores formar unas especies de mapas o planos se sus respectivos territorios, de dos o tres leguas en contorno de su pueblo, donde pondrán las ciudades, villas, lugares, aldeas, granjas, caserías, ermitas, ventas, molinos, despoblados, rios, arroyos, sierras, montes, bosques, caminos, etc., que aunque no esté hecho como de mano de un profesor, nos contentamos con una sola idea o borrón del terreno, por lo que lo arreglaremos dandole la ultima mano. Nos consta que muchos son aficionados a la geografía y cada uno de éstos puede demostrar muy bien lo que hay al contorno de sus pueblos.*

A partires desta cartografía, así como das respostas aos interrogatorios e mapas e planos adxuntos, Tomás López elaborou no seu gabinete boa parte dos mapas por el publicados, entre eles o de Galicia.

*A documentación compilada por López durante os anos que durou o seu proxecto para a confección do mapa de España, conforma un conxunto moi irregular entre o que se conservan diversos mapas de ámbitos moi diferentes do territorio galego. Consérvanse, así mesmo, os pequenos mapas que o propio López confeccionaba a xeito de interpretación dos mapas e textos que lle facilitaban os seus colaboradores. Entre todos estes documentos podemos atopar algúns mapas de parroquias no que se reflicte o método da topografía eclesiástica que estableceu o cartógrafo francés M. Chevalier e que López aprendeu do tamén cartógrafo francés Jean Baptiste Bourguignon d'Anville na súa estancia parisiense.*



Arciprestado de Santa Marta de Ortigueira e as súas parroquias (1775) na compilación de Tomás López

## 2.4. A cartografía de gabinete de Tomás López

Tomás López é, sen lugar a dúbidas, unha das figuras máis coñecidas da historia da cartografía española. Mentres os mapas galegos inseridos na «España Sagrada» do padre Flórez supoñen novas contribucións á cartografía galega e española, aínda que carezan do rigor desexable, e as cartas náuticas realizadas por Vicente Tofiño de San Miguel, coetáneo de López, supoñen a introdución do método científico nos levantamentos, os mapas producidos no estudo de Tomás López son o máis claro expoñente da denominada cartografía de gabinete, como se pode comprobar en varios mapas do territorio galego que confeccionou a diferentes escalas.


En Galicia, Tomás López é coñecido polo seu «Mapa Geographico del Reyno de Galicia: Contiene las Provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy» impreso en Madrid no ano 1784, e coñecido como o “mapa das sete provincias galegas”. Inseriuse no “Atlas particular de los Reynos de España, Portugal e islas adjacentes” impreso en Madrid en 1790. O mapa representa Galicia na súa totalidade, establecendo os límites das súas sete provincias. Foi impreso en Madrid en catro follas, a unha escala próxima a 1:332000. Fronte aos mapas anteriores, onde a densidade toponímica estaba limitada nuns casos polo pequeno formato empregado e, por conseguinte, a pequena escala e noutros pola falta de fontes de onde obtelos, o «Mapa Geographico del Reyno de Galicia» supón un considerable incremento do número de vilas e lugares representados e nomeados. Mediante os signos distingue “Ciudad”, “Villa grande”, “Villa”, “Lugar o Aldea” e “Parroquia”, complementando mediante outros signos a información para indicar servizos de que dispón a localidade, autoridades nela asentadas ou clases de conventos alí emprazados. Igualmente increméntase a rotulación de hidrónimos e orónimos así como nomes de comarcas.

Mapa Geographico del Reyno de Galicia: Contiene las Provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy de Tomás López (1784).



Así, no Mapa Geographico del Reyno de Galicia representáanse as sedes das parroquias, por zonas ao completo, pero con erros en canto á posición xeográfica, aínda que manteñen, en xeral, unha correcta posición relativa de unhas respecto das outras. Resulta de interese a observación realizada polo autor no marxe do mapa: «El numero de Pueblos de este Reyno es tan grande, que no seria posible escribirlos con claridad, en diez y seis pliegos iguales cada uno al cuarteron de este mapa...». Escúsase polo tanto López das limitacións da súa obra, pero identifica simultaneamente un problema da cartografía galega que non atopará solución ata o século XX.

As vías de comunicación, que nos mapas de toda Galicia anteriores non aparecían trazadas, ou ben limitábanse a representar as máis importantes, aparecen agora cumpridamente representadas, dando oportuna información sobre os seus percorridos, pobos que comunican e ríos que atravesan, xa por ponte, xa en barca. Á parte dos erros cometidos por Tomás López no mapa, produto do método de traballo, é de resaltar que por primeira vez son correctamente representados os límites de Galicia con Asturias. Fronte á anterior confusión doutros autores entre os ríos Eo e Navia, arrastrada desde Hernando Ojea, Tomás López traza e distingue correctamente as redes hidrográficas de ambas cuncas, corrixindo o grave erro que duraba xa case que douscentos anos.



Mapa da Feligresía de Carracedo de Tomás López



Ademais dos da totalidade de Galicia, Tomás López delineou e gravou en 1787 mapas dos coutos, freguesías, vilas e lugares pertencentes ao “Partido de Castrotorafe, del Orden de Santiago” que se inseriron no “Atlas de las Órdenes Militares” (López e Manso, 2006). Trátase dun conxunto singular impreso sobre dúas follas no que por primeira vez atopamos impresos os mapas de parroquias, tanto con definición das súas lindes como coas entidades que conforman a parroquia, para o que López acudiu a diversas escalas entre o 1:61000 e o 1:214000 (aproximadamente). Corresponden a Galicia os mapas “Cotos de Roas, Crescente y Quintela”, “Cotos de Rocha de Narla y Villar de Donas”, “Cotos de Garabanes y La Barra”, “Cotos de Codosedo, Villar de Santos y San Munio”, “Cotos de Courel, con sus Feligresias y pueblos menores de cada una y tambien el Coto de Visuña”, “Feligresia de Carracedo” e “Feligresia de Campobecerros : Compuesta de quatro Lugares” impresos en Madrid en 1787 xunto con outros mapas de territorios non pertencentes a Galicia.

A empresa familiar dos López, o “Gabinete Geográfico” continuará co labor do seu fundador á morte deste en 1802. Cando se fai unha nova edición do mapa de Galicia en 1816 “Revista y aumentada por Don Juan López” non se inclúe ningún cambio, a pesares de que anos antes xa se publicaran as cartas náuticas de Tofiño, de indubidable e recoñecida calidade, que evidenciaban os grandes erros dos mapas de Tomás López, polo menos en canto ao perfil costeiro.

### 3. O século XIX: continuísmo e introdución da cartografía matemática

De todos os feitos relacionados coa cartografía galega do século XIX e a representación das diferentes xurisdicións, con especial atención ás parroquias, cremos que se debe salientar certo continuísmo na representación dos bispados e do conxunto galego que remata cando Domingo Fontán vai facendo públicos os

Mapa Geografico del Arzobispado de Santiago de Angel Marín (1825)



resultados da súa impresionante obra, a Carta Xeométrica de Galicia, rematada en 1834 e publicada na súa totalidade en 1845.

Se na España Sagrada do padre Flórez botábase en falta un mapa do arcebispado de Santiago, o baleiro quedará cuberto coa publicación en 1826 do “Mapa Geografico de el Arzobispado de Santiago, Dividido en treinta y seis Arziprestazgos: contiene las Provincias de Santiago, Coruña y parte de las de Betanzos, Lugo y Tui...” obra de Angel Marín e que fora gravado o ano anterior. Cunha escala aproximada de 1:255000, representa os arciprestados, establecendo os seus límites e denominación, indica as distintas poboacións distinguíndoas pola súa importancia, e indica os límites de provincias e os do arcebispado. O mapa volveuse a gravar e publicar en 1830 coa seguinte aclaración.

*Nota. Con el fin de corregir las equivocaciones que padecio el grabado en la impresion de 1826 en el orden de Montañas, Valles, Nombres de algunas Parroquias y situacion de otras, tubo a bien Autor dar de nuevo al grabado el presente plano.*

### 3.1. A «Carta geometrica de Galicia» de Domingo Fontán

Na primeira metade do século XIX asistírase á progresiva introdución de métodos e técnicas científicas na cartografía do territorio, tal como desde finais do século XVIII viña sucedendo coa náutica, que ten o seu grande exemplo na obra de Vicente Tofiño de San Miguel. Neste período destaca o grupo de científicos e intelectuais formados na Universidade de Santiago coa moi coñecida figura de Domingo Fontán. Outro aspecto moi importante deste período é a existencia dun proceso de coñecemento xeográfico e levantamento cartográfico de Galicia, co fin principal de alcanzar unha máis correcta organización e administración do territorio e do que os resultados principais foron a división en provincias, partidos e concellos e a delineación da «Carta geometrica de Galicia» por Domingo Fontán (1788-1866) (Méndez, 2005).



Detalle da Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán

Desde 1817 e durante dezasete anos, Fontán dedicárase á elaboración da súa «Carta Geométrica de Galicia». Toma a decisión de iniciar o mapa a pesares de non contar con apoio oficial, con consciencia de que a solución aos problemas de desenvolvemento de Galicia, especialmente os problemas de comunicacións, precisaban da existencia dun bo mapa do territorio, mapa que debe cumprir os requisitos de fiabilidade marcados polo desenvolvemento das ciencias fisicomatemáticas, aínda que coa limitación de ser un labor individual. Fontán entendía e defendía a necesidade do soporte cartográfico como apouso e referencia de todos os feitos socioeconómicos localizables espacialmente. O avance dos traballos permitiu obter algúns resultados previos á conclusión do conxunto de Galicia, como as súas colaboracións de Fontán para o «Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal» de Sebastián de Miñano, e outros impresos e manuscritos, mesmo para o establecemento das novas divisións durante o trienio liberal, no que Fontán ocupou o cargo de secretario da Deputación Provincial de Galicia.

O primeiro de decembro de 1834 presenta Domingo Fontán o manuscrito da «Carta Geométrica de Galicia» ante a Raíña Gobernadora, María Cristina de Borbón, aínda que a necesidade de atopar un experto gravador para a publicación da carta fixo que non fose ata 1845, levándose adiante o labor en París, baixo a dirección do autor, por L. Bouffard, quen ante o gran tamaño do mapa, cunha caixa de 215 x 234 cm, gravou a Carta Geométrica de Galicia en doce seccións. Unha das características máis importantes da carta é a súa escala. “Levantada y construída na escala del cienmilésimo” (1:100000), coincide coa dos mapas oficiais doutros países europeos que escolleron a mesma ou parecida proporción; ademais, a súa elaboración supuxo un feito moi relevante: a introdución do sistema métrico. A carta representa non soamente o territorio galego, senón tamén toda unha franxa de Asturias, León e Zamora, así como algunha porción de Portugal. Iso é consecuencia lóxica dun dos obxectivos buscados polo autor para a obra: o trazado das infraestruturas de acceso a Galicia.

Detalle da Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán. Vigo e Tui



Fontán coñecía perfectamente o territorio galego como resultado do levantamento cartográfico que realizou e por iso participou nos procesos de divisións e reorganización territorial, aínda así, a pesares de recoller na cartela do seu mapa o subtítulo “Dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra; y subdividida en Partidos y Ayuntamientos...”<sup>3</sup>, tivo que engadir máis abaixo que “No se grabó la division de los Partidos y Ayuntamientos en razon de su interinidad”. Con esta limitación o mapa de Fontán mantívose como o máis completo mapa de Galicia ata ben entrado o século XX, acompañado en tal tempo polas versións reducidas e engadidas feitas por Coello, cando o labor do Instituto Geográfico y Estadístico ou Instituto Geográfico y Catastral e a posterior concorrencia do Servicio Geográfico del Ejército empezaron a dar os seus froitos. Aínda así, Fontán alcanza o maior grao de detalle dentro da cartografía antiga galega para o conxunto do país e ofrece no seu mapa non só os nomes das parroquias e a posición das sés, senón os nomes de multitudes de lugares das distintas categorías que clasifica na súa extensa relación de signos.


#### 4. A parroquia na cartografía dos preitos e das desamortizacións

A documentación cartográfica manuscrita dos séculos XVIII e XIX que acompaña aos preitos e expedientes de desamortización recolle tanto a representación gráfica de propiedades en litixio, como a plasmación de operacións catastrais. En xeral apréciase un incremento da escala na cartografía manuscrita do século XIX, fronte á do século XVIII. Tamén se aprecia unha certa e progresiva profesionalización dos autores dos planos ou mapas. Trátase xeralmente de planos con máis calidade estética que fidelidade de representación, abundantes de colorido e moi vistosos. Mesturan con frecuencia a visión ortogonal da superficie co alzado dos elementos existentes nela, ofrecendo información sobre a forma das parcelas e os seus usos, sebes, toponimia menor, forma, disposición e fins das construcións, etc.

Respecto do tema que centra a nosa atención, os mapas manuscritos integrados na documentación dos preitos e expedientes de desamortización poden ter utilidade para a definición precisa dos lindes das parroquia ou outras xurisdicións, especialmente ao non ser estraños que as propiedades que se desamortizan, conteñan lindes coincidentes cos da parroquia, ou mesmo que o preito teña que ver coa pertenza dunha propiedade a unha ou outra parroquia como é o caso dos mapas ou planos correspondentes ao litixio mantido entre os veciños de San Miguel de Tabagón e os do Rosal pola titularidade das illas Canosa e Torroeira nas desembocadura do Miño a principios do século XVIII, ou o “Plano topografico del Coto de San Mauro de Arra y division de la Parroquia de Santa Maria Adina de Portonovo”, obra de Santiago Estevez, asinada en Santiago, a 28 de febreiro de 1834. Realizado a escala aproximada de 1:5750, comprende parte das parroquias de Arra e Adina no actual concello de Sanxenxo e procede dun preito sobre a pertenza dun veciño a unha ou outra parroquia.

<sup>3</sup> O exemplar manuscrito, de 1834, titúlase: “Carta Geométrica de Galicia. Dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra, y subdividida en Partidos judiciales, ó Alcaldías mayores”.

Plano do século XIX coa delimitación do Couto de Vilaboa (Culleredo - A Coruña). Extraído dun expediente da Audiencia Territorial. A.R.G. col. cart. A.T.10



## 5. A modo de conclusións

A representación da parroquia na cartografía antiga aparece asociada fundamentalmente á cartografía manuscrita dos séculos XVIII e XIX xerada como complemento gráfico nos preitos, como pequenos esquemas no catastro de Ensenada ou como minutas nas compilacións de Tomás López. Por iso, converteuse en información de uso restrinxido, agás algúns casos nos que polo feito de ser impresos, adquiren unha maior proxección.

A limitada representación da parroquia tería a súa explicación na dificultade de representar os seus límites nas escalas ao uso na cartografía impresa dos séculos anteriores ao XX, polo que só foron representadas ás xurisdicións de maior rango (reino, provincias, bispados, arciprestados e, xa no século XIX, partidos e concellos).

Se ben non hai un inventario completo da cartografía galega antiga conservada, a análise das mostras coñecidas induce a non esperar grandes cambios ou novidades ao respecto. Porén, poderemos atopar nalgúns casos documentos que veñan a amosar cal era a situación dos lindes nun lugar e momento dado da nosa historia. A pesares das limitacións da información cartográfica conservada, cómpre o estudo e publicación, incluíndo a difusión por medios electrónicos, de todo a documentación cartográfica referida.

## Bibliografía

- **Capel, Horacio** (1982). *Geografía y matemáticas en la España del siglo XVIII*. Oikos-tau ediciones. Barcelona.
- **López Gómez, Antonio e Manso Porto, Carmen** (2006). *Cartografía del siglo XVIII*. Tomás López en la Real Academia de la Historia. Real Academia de la Historia. Madrid.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (1993). *La documentación cartográfica sobre Galicia existente en sus archivos. Catalogación y análisis geográfico hasta 1900*. Teses en microficha número 290. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (1994). *Cartografía antigua de Galicia*. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (1999). "Cartografía de Galicia do século XVI: o mapa de J. Metellus (1595)". En: *Pontevedra, Revista de Estudos Provinciais*, 14. Pp. 11-26. Diputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (2000). *Cartografía de Galicia, séculos XVI ó XIX: Colección Puertas-Mosquera*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (2005). *Domingo Fontán*. Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- **Méndez Martínez, Gonzalo** (Coord.) (1991). Colección Cartográfica Martínez-Barbeito. Arquivo do Reino de Galicia. Colección Catálogos de Exposicións. Consellería de Cultura e Xuventude. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- **Meurer, Peter H.** (1988). *Atlantes Colonienses. Die Kölner Schule der Atlaskartographie 1570-1610*. Verlag Dietrich Pfahler.
- **Olarán Múgica, Clotilde** (1987). *Índices de las relaciones geográficas enviadas a Tomás López que se conservan en el gabinete de manuscritos de la Biblioteca Nacional*. Biblioteca Nacional. Madrid.

# 19 O mapa de parroquias de Galicia. Problemática da demarcación territorial da parroquia na cartografía actual

**Fernando García Pazos**

Galicia posúe unha poboación espallada en numerosos asentamentos, cunha organización sobre o territorio difícil de entender sen a parroquia. Esta demarcación, enraizada na idade media, logrará sobrevivir no tempo a estruturas territoriais impostas por diferentes sistemas de administración nun determinado contexto socioeconómico.

A nosa paisaxe non é algo casual, nin é arbitrario o espallamento da poboación sobre o territorio galego, como tampouco resulta inexplicable a vixencia dunha división territorial como a parroquia. O territorio, tal como hoxe aparece ante nos, é o resultado dun longo proceso de construción histórica, na que as vivencias dos nosos antepasados na súa relación co entorno deixaron a súa pegada na paisaxe actual.

Neste senso, resultan moi evocadoras as palabras do insigne Otero Pedrayo<sup>1</sup>, inspiradas mentres ollaba o mapa de Domingo Fontán, nas que nos deixa entrever como ninguén a fondura dun tecido de interrelacións que caracterizan un territorio:

*É emocionante deterse nos enxamios de parroquias que poboan os vales e as costas fértiles, e como se van espaciando nas altas chairas e gándaras batidas polo vento das cumes. Saudamos as Ermidas brancas, nos seus altares de montículos, os grandes “Pazos” barrocos que imaxinamos inmersos no seu acompañamento de searas e bosques. Impoñen os grandes mosteiros, sistemáticas organizacións de silencios, soidades e aspiracións. Pero sobre todo conmóvenos o po denso, desigual, como de materia humana orixinaria das aldeas cos seus topónimos expresivos, ásperos ou suaves, célticos, xermánicos, latinos<sup>2</sup>.*

Na actualidade este “enxamio” de preto de 3.800 parroquias, identificadas co seu propio topónimo, veñen a ser o referente espacial para máis de 30.000 aldeas ou lugares.

A representación cartográfica deste territorio, que forma unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada (Lisón Tolosana, 1990:70), permítenos achegarnos á análise dunha estrutura territorial, onde as dinámicas de interdependencia entre os núcleos de poboación e as súas vinculacións co

<sup>1</sup> Otero Pedrayo (1888-1976) opinaba que a parroquia era unha “unidade vital antiga, geográfica, eterna”.

<sup>2</sup> Texto extraído da Dedicatoria de D. Ramón Otero Pedrayo ao mapa facsímile editado pola Asociación do Corpo Nacional de Topógrafos e impreso nos talleres do Instituto Xeográfico e Catastral en Madrid, decembro de 1974.



Portosín (Porto do Son- A Coruña)

territorio, poñen de manifesto a importancia dos apegos, sentimentos colectivos e de identidades existentes dentro dun marco territorial que forma parte dun sistema cultural.

As “fronteiras” da parroquia marcaron o escenario das actividades da comunidade veciñal e das atribucións administrativas tanto eclesiásticas como civís. Hoxe en día, estes lindes quedan consolidados na demarcación administrativa dos concellos, e seguen a ser reivindicados na defensa dos montes veciñais ou lembrados nas festas do patrón.

Que mellor documento que o mapa, unha das maiores expresións conceptuais na que se representa a mirada do home sobre o seu propio entorno, para abordar esta demarcación desde unha perspectiva xeohistórica, que nos axude a comprender certos procesos de construción social do territorio no tempo e as súas implicacións na organización espacial.

A cartografía da súa delimitación resulta complexa, pois algunhas das súas referencias xeográficas perdéronse; outras foron atopadas nos documentos pero esquecidas no territorio; e moitas ficaron vacilantes na memoria dos máis vellos do lugar. Todo isto dificulta a precisión do termo parroquial do que queda constancia en diferentes fontes documentais e nas testemuñas de veciños máis ou menos fiables.

Na actualidade, a reconstrución do espazo parroquial nas súas dimensións reais vese facilitado coa utilización das novas tecnoloxías informáticas aplicadas a cartografía. O paso do mundo analóxico ao dixital supuxo unha total “revolución” no tratamento dos datos xeográficos. Introdúcense técnicas modernas de captura de información que facilitan a verificación e continua actualización da información. A utilización da ortofoto e de aplicacións de análise de información xeográfica permiten a consulta de múltiple información xeorreferenciada de diferente tipo e procedencia, sexa documental ou recollida mediante enquisa no campo. Amplifícase a súa utilización en diferentes eidos da actividade pública e privada así como a súa difusión por internet.



Partindo destas premisas, o mapa de parroquias pretende recoller a cartografía dun feito territorial que se mantén sen grandes cambios na área rural e dilúese no espazo urbano. A divisoria parroquial configúrase como unha capa de información territorial que xunto con outras serve de referencia no estudo do territorio e, ao mesmo tempo, de apoio a todo tipo de actuacións que procuren ser coherentes co expresado no Manifesto por una Nova Cultura do Territorio (2006):

*As características naturais de cada territorio e a existencia nel de trazos e formas que proveñen do pasado conférenlle singularidade e valores de diversidade. Por iso, o territorio debe ser entendido como recurso, pero tamén como cultura, historia, memoria colectiva, referente identitario, ben público, espazo de solidariedade e legado. A nova cultura do territorio debe ter como primeira preocupación atopar o xeito para que, en cada lugar, a colectividade poida gozar dos recursos do territorio e preservar os seus valores para as xeracións presentes e vindeiras.*

## 1. A Parroquia como entidade territorial

A parroquia constitúe un territorio organizado e delimitado cunha estrutura interna que se fundamenta noutras preexistentes aproveitadas pola Igrexa no seu momento. Non se pode entender esta entidade territorial sen a súa relación directa con asentamentos que, xa dalgún xeito, marcaban o territorio, como os castros ou as quintas (villae), ata acadar a parroquia<sup>3</sup>. Se ben no século VI consta a existencia da parroquia no documento do Parochiale Suevum, será no século XII cando se consolida como principal referencia da agrupación dos distintos asentamentos de poboación, conformando un espazo cunhas relacións económicas, sociais e culturais propias que chegan a manterse ata os nosos días.

Podemos considerar a parroquia como paradigma de demarcación histórica, como queda patente no seu propio proceso de formación como entidade territorial diferenciada, onde se mestura o espazo privado e o comunitario.

Núcleo de Vilarello en Donís (Cervantes - Lugo)



Na paisaxe da parroquia, o espazo privado está formado pola superficie agrícola, máis ou menos continuo, ou repartido en pequenos anacos, cerrados e separados por extensión de monte. Pertencentes ás distintas “casas”, forman os lugares ou aldeas de tamaño variable que en maior ou menor número conformarán a parroquia (Bouhier, 2001, 82).

No espazo comunitario atopamos o centro parroquial, os montes veciñais, os ríos e a rede de camiños. O centro parroquial está formado pola igrexa, situada en pleno campo ou nunha aldea, e presidida pola imaxe do patrón da parroquia<sup>4</sup>; no seu entorno está o adro, lugar de relacións sociais, de xuntanza e de festa; e o cemiterio, onde os mortos descansan no campo santo preto dos vivos. Unha rede de camiños, “por onde vai e ven a ledicias das festas e a tristura dos enterros” a dicir de

Castelao, comunica as distintas aldeas con este centro neurálxico. Neste espazo ponse de manifesto a forte vinculación coa institución eclesiástica, que desempeña unha serie de funcións unificadoras da vida parroquial, fundamentadas tanto no

<sup>3</sup> Esta relación é posta de manifesto por diferentes autores, desde Castelao para quen o castro celta se transformou na “villa” romana e será esta a orixe da parroquia; ou Otero Pedrayo para quen onde había un castro levantouse un campanario; ata o xeógrafo francés Abel Bouhier que no mesmo sentido sinala que “ (...) se a cada parroquia non lle corresponde obrigatoriamente un castro, en troques, a cada castro correspóndelle con moita frecuencia unha parroquia” (Bouhier, A., 2001, 1186-1188).

<sup>4</sup> Símbolo de protección dun territorio concreto e referencia festiva para a comunidade. Insírese como parte do propio topónimo da parroquia, sendo un referente identitario asumido e recoñecido polos veciños.

seu poder xurídico<sup>5</sup> coma no seu influxo moral. Deste xeito, quedan establecidos unha serie de lazos de relación entre lugares de veciñanza que doutra forma serían inexistentes (Fernández de Rota, 1984, 130-148).

Durante moito tempo desenvolverase neste marco a acción dunha sociedade autárquica na que as prácticas comunitarias como aproveitamento común dos montes, arranxo de camiños, axudas nas diferentes tarefas agrícolas, e outros servizos de axuda mutua quedan circunscritos a un territorio perfectamente diferenciado doutros.

Todo isto fai da parroquia un espazo de convivencia no que o peso das inercias e a forza do sistema de relacións explica a persistencia temporal desta división e, ao mesmo tempo, convértese no principal escenario das actividades veciñais (García Álvarez, J., 2003, 71). A administración asumirá e aproveitará este contexto para establecer un maior control e xestión da actividade dos individuos sobre o territorio. Neste senso, fálanos Lisón Tolosana das “funcións parajurídicas” da freguesía, como as chamadas a quintas, a vacinación, as escolas unitarias, referencia para os traballos da concentración parcelaria, do catastro de rústica de facenda, na regulación sobre os montes veciñais en man común, ou para a localización das mesas electorais (Lisón Tolosana, 1990:70). Actualmente segue sendo considerada como unidade de referencia territorial para o ordenamento do territorio, como se pon de manifesto na lei de Adaptación do Solo de Galicia (LASGA) (Lei 11/85) e en actuacións máis recentes como son a fixación dos prezos das terras no Banco de Terras de Galicia, ou na delimitación das Unidades de Xestión Forestal<sup>6</sup>.

Non cabe dúbida ningunha da alta consideración da parroquia como unidade organizativa no territorio, na que pensadores e políticos galegos, nas primeiras décadas do século XX, chegarían a propoñer unha reordenación territorial de Galicia en base a parroquia e, incluso, ponse de manifesto a necesidade de dotala de recoñecemento xurídico. Hoxe en día, esta aspiración aínda segue latente no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia<sup>7</sup>.



Paisaxe na comarca do Barbanza

## 1.1 A parroquia unidade de referencia na organización administrativa do territorio

Para unha mellor comprensión da realidade actual da parroquia é necesario aproximase ao sentido que ten como unidade organizativa tanto na administración

<sup>5</sup> Só no ámbito da igrexa posúe personalidade xurídica pública (canon 515). No Acordo sobre Asuntos Xurídicos entre o Reino de España e a Santa Sé, outórgase recoñecemento de personalidade xurídica civil ás dioceses, parroquias e outras circunscricións territoriais en canto a teñen canónica (Art. I, n 2.) Este carácter de pública débese á constitución da mesma por parte da autoridade competente e non por iniciativa ou interese privado (Maceira Gago, 2000, 27).

<sup>6</sup> Ver capítulo 12: A parroquia e a planificación territorial.

<sup>7</sup> “Art..27. No marco do presente Estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: 2º. Organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia

eclesiástica como na civil. Nunha e noutra a relación espazo-territorio-poboación son interpretadas de xeito diferente e os lindes territoriais perden gran parte do seu carácter funcional do pasado. Isto nos leva a pensar na consideración que fai García Álvarez sobre a utilización da división dos límites que, en certo casos, redúcese a:

*...especie de marcos preestablecidos, y en cierto modo estáticos, que son necesarios o cómodos a efectos estadísticos y que se asumen acríticamente como si su presencia apenas tuviera implicaciones sobre el espacio que delimitan: una suerte de “contenedores territoriales” en la expresión de Agnew, o de “escenarios congelados” según Allan Pred, en los que se despliegan los procesos y hechos objeto de la investigación. (García Álvarez, J., 2003, 70.*

A parroquia do século XX deixa de ser un todo para irse pouco a pouco debilitando como entidade territorial de referencia. Redúcese a un escenario conxelado, no que a convivencia evoluciona a novas formas, onde é evidente a perda de forza da igrexa como elemento integrador e de cohesión, aínda que se manterá, preferentemente, como espazo “colector” de poboación, a efectos da organización administrativa no concello e dos organismos de estatística.

Vilapena en Trabada (Lugo)



Neste contexto podemos diferenciar:

- a) A parroquia como territorio de convivencia. Seguen vixentes as vinculacións históricas dos veciños co seu territorio e a súa identidade como colectivo, á marxe de calquera alteración motivada por cuestións administrativas eclesiásticas ou civís. Os seus lindes a penas son modificados, no espazo urbano desaparece.
- b) A freguesía, territorio baixo a xurisdición eclesiástica. Ante mudanza das circunstancias, a Igrexa introduce modificacións na súa organización territorial. Os arranxos parroquiais provocaron alteracións nos lindes da parroquia que non foron sempre asumidos.
- c) Por último, a entidade colectiva, unidade estatística territorial, que ás veces se coñece como parroquia “civil” por non ter status eclesiástico, só

administrativo. É unha unidade territorial basicamente estatística coa que o INE asume a realidade territorial da parroquia. Coincide totalmente coas anteriores no ámbito rural, mentres que no urbano se desvincula.

### 1.1.1 A parroquia eclesiástica

A freguesía ten como principal razón de ser a existencia dunha igrexa, que congrega á parroquia dos vivos, e un cemiterio, a parroquia dos mortos. En torno a esta realidade a parroquia eclesiástica ten unhas bases constitutivas e funcionais que son de carácter xurídico, económico e demográfico. Estas a penas sufriran cambios profundos ata ben chegado o século XIX, que será cando se produza unha profunda reforma xurídica, unha desvinculación económica co territorio (perda da percepción de rendas) e reorganización territorial (arranxos parroquiais) baixo parámetros demográficos. A parroquia eclesiástica inicia un proceso no que o principio territorial cada día vai sendo menos vital, obrigada pola mudanza dos tempos e o irreversible da evolución sociolóxica (Chao Rego, 1970, 89).

A organización territorial da Igrexa Latina ten a diocese como primeira unidade administrativa eclesiástica<sup>8</sup> baixo o goberno do bispo. O seu territorio queda dividido en parroquias<sup>9</sup>, que se agrupan en unidades maiores denominadas arciprestados para facilitar a coordinación da acción pastoral dentro do termo da diocese.

Nos primeiros tempos o territorio da diocese abarcaría pouco máis que a cidade, reducíndose a unha pequena comunidade de fieis. Será coa expansión do cristianismo fóra da urbe cando aumente o seu espazo de actuación. No século VI, atopamos unha primeira división do territorio en dioceses e parroquias, como así aparece no documento do Parochiale Suevum ou Divisio Theodomiri. Pero será no século XIII, cando a diocese terá unha fisionomía próxima a actual, cunha organización territorial que, nos seus inicios, se adapta aos límites das xurisdicións civís do imperio romano e que, en moitos casos, chegarán ata o século XIX con poucas modificacións<sup>10</sup>. Posteriormente, fixéronse unha serie de modificacións na procura de axustar esta división á civil<sup>11</sup>, pero non chegaría a completarse. Isto queda patente na actual organización eclesiástica da Comunidade Autónoma de Galicia, que non está integrada na súa totalidade na Provincia Eclesiástica de Galicia ou Arquidiocese Metropolitana de Santiago de Compostela, pois preto de 200 parroquias do sector oriental ourensán dependen do bispado de Astorga.

A Provincia Eclesiástica de Galicia está formada pola Arquidiocese de Santiago (Metropolitana), e as dioceses sufragáneas de Lugo, Ourense, Mondoñedo-Ferrol, e Tui-Vigo.



A Ponte Ulla, Vedra (A Coruña)

<sup>8</sup> Actualmente, e por influencia do Concilio Vaticano II, díse que a Igrexa Católica se organiza mediante Igrexas particulares, sendo a diocese prototipo da igrexa particular "una porción del pueblo de Dios, cuyo cuidado pastoral se encomienda al Obispo con la cooperación del presbítero" (Canon 369), que comprende a todos os fieis que habitan dentro dun territorio determinado (Canon 369,372). <http://www.iuscanonicum.org> (consultado en febreiro de 2008).

<sup>9</sup> No código canónico (515) aparece definida como : "1. La parroquia es una determinada comunidad de fieles constituida de modo estable en la Iglesia particular, cuya cura pastoral, bajo la autoridad del Obispo diocesano, se encomienda a un párroco, como su pastor propio. 2. Corresponde exclusivamente al Obispo diocesano erigir, suprimir o cambiar las parroquias....3. La parroquia legítimamente erigida tiene personalidad jurídica en virtud del derecho mismo."

<sup>10</sup> No século XIV, procédese ao axuste dos lindes internacionais entre Portugal e España na diocese de Tui-Pontevedra cedendo as freguesías dos arcedianatos portugueses de Valença do Miño, Cerveira e Labruja a diocese de Braga.

<sup>11</sup> No Concilio Vaticano recoméndase que no posible as circunscricións eclesiásticas coincidan coas civís.


**Dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia**

Diocese	Superf. Km <sup>2</sup>	Arciprestado	Nº parroq. eclesiásticas
Santiago de Compostela	8.545,65	47	1070
Lugo	7.780,38	55	1138
Ourense	5.281	28	735
Mondoñedo-Ferrol	4.405	7	422
Tui-Vigo	1.721	17	276
Astorga	1.700	5	185
<b>Total</b>		<b>162</b>	<b>3798</b>

Fonte: Guías diocesanas correspondente a cada diocese

Extensión da diocese e  
Mapa da división  
diocesana de Galicia

**Dioceses existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.**  
Porcentaxe superficie das diocesis sobre o total da Comunidade



Esta división territorial sofre modificacións ao longo do tempo motivadas tanto por arranxos territoriais producidos entres as propias dioceses como por cambios que obedeceron a cuestións de axustes aos límites político administrativos. Así quedará plasmado no texto dos Concordatos entre España e a Santa Sede de 1851 e de 1953, e que resumimos nos seguintes puntos:

- a) Adecuación dos lindes da Provincia Eclesiástica cos da Comunidade Autónoma, agás o sector NE ourensán pertencente á diocese de Astorga. En 1954 procédese ao axuste dos lindes da rexión histórica de Galicia con motivo da creación da Arquidiocese de Oviedo, ata entón diocese sufragánea da sede Compostelá (Torres Luna e Durán Villa, 1999). A diocese de Lugo recibe de Astorga 19 parroquias e perde 27.
- b) Axuste dos lindes das dioceses co da provincia administrativa. Só as de Tui-Vigo e Ourense acomodan as súas respectivas fronteiras ás das provincias civís. Porén, non se verán afectadas a diocese de Mondoñedo que reparte o seu territorio entre as provincias civil de Lugo e A Coruña; a diocese de Santiago que se estende polas provincias da Coruña (77% da superficie) e Pontevedra (33% territorio); e a diocese de Lugo, que comprende parroquias das provincias de Lugo, Coruña e Pontevedra.

Dentro do marco territorial da diocese, a parroquia é a primeira unidade territorial na que esta dividida. A súa creación estará exposta a distintos avatares que a converten, en ocasións, nun territorio fóra do control do bispo, sometido ao poder exercido por señores e mesmo mosteiros. O Concilio de Trento (1545-1563) suporá un gran paso adiante na regularización do seu funcionamento e organización do espazo territorial da diocese e a súa relación coa parroquia, que perdurará ata o século XX. Neste concilio reafirmábase o poder do bispo no territorio da diocese e intentábase poñer couto ao abuso sobre o beneficio eclesiástico exercido polos señores que contempla as parroquias como verdadeiras

propiedades para o seu propio proveito, o que supoñía a quebra da unidade territorial ante a situación de parroquias fóra do poder do bispo<sup>12</sup>.

Isto incidirá directamente na determinación das condicións necesarias para a creación ou eliminación dunha parroquia. Estas serán o aumento ou diminución da poboación, a falta de recursos para sostén do culto e do párroco, ou ante as necesidades impostas polas condicións topográficas e extensión da parroquia que dificulta o acceso á igrexa.



O pazo e a igrexa identifican os poderes que marcaron a organización territorial ao longo do tempo. O Allo en Zas (A Coruña)

Este proceso estará condicionado polo feito de que o territorio da parroquia é obxecto de percepción de rendas e a base do dote benefical, sostén do clero. Polo tanto, tratarase de non alterar a demarcación do territorio parroquial para non modificar o beneficio que lle corresponde. Para isto nuns casos na busca de mellorar o beneficio procédese á unión de dúas ou máis parroquias por “confusión”, quedando un só beneficio, ou por “sujeción” cando cada igrexa mantén o seu territorio e demarcación; unha queda como *matriz* e outra como *anexo* baixo a autoridade dun mesmo cura ou, nalgún caso, cun vicario de apoio (Golmayo, 1878).

Esta vinculación económica supón un elemento integrador da institución parroquial co territorio no que se asenta, e explica en gran parte os poucos cambios que se experimentan na evolución no número de parroquias ao longo do tempo, como se pon de manifesto no seguinte dato: no ano 1623<sup>13</sup> con 3.738 parroquias mentres que actualmente non chegan ás 3.800, non tendo en conta as eclesiásticas das cidades.

Todo isto mudará no século XIX, coa aplicación do Concordato de 1851 que implica unha importante reforma xurídica ao supoñer “a perda de boa parte do dote benefical dos párrocos como consecuencia da nacionalización das propiedades eclesiásticas” (Barreiro, 2009). Os bispos, asumindo os acordos

<sup>12</sup> As leis emanadas do concilio tridentino serían recollidas e aceptadas polo propio rei Felipe II a través da Real Cédula do 12 de xullo de 1564 (Nuria Suárez., 2005 pp. 44-64)

<sup>13</sup> Dato achegado por Fariña Jamarido a partir da obra de Tomás López González: *Censo de poboación de las provincias y partidos de la Corona de Castilla, según resulta de los libros y registros que del siglo XVI se custodian en el Real Archivo de Simancas*. Madrid 1829 (Fariña Jamarido, 1981, 420).

establecidos entre Estado e Igrexa, veranse na obriga de acometer unha reorganización interna da demarcación parroquial tendo presentes as regras e as bases previamente establecidas<sup>14</sup>.

En cada unha das dioceses acometéronse os correspondentes arranxos parroquiais cunhas repercusións na delimitación do territorio parroquial de diferente alcance<sup>15</sup>. En efecto, as alteracións sobre o espazo parroquial serán nulas, cando se procede á fusión de parroquias modificando tan só a súa categoría de principal ou anexo<sup>16</sup>, a diferenza de cando se procede á agregación de núcleos que implica alteracións importantes dos lindes territoriais da parroquia. Ante esta forma de proceder existirá un rexeite por parte da poboación que defende a súa identidade de colectivo<sup>17</sup>.

Os arranxos parroquiais, en moitos casos, son consolidados pola propia administración municipal, tralo acordo suscrito entre Estado e Igrexa. Son publicados polo BOE e no BOP con carácter de obrigado cumprimento (Fariña Jamaro, 1990:83). A pesar disto, non existe unha total coincidencia nos dous ámbitos administrativos, existindo numerosas modificacións relativas a agregación ou desagregación de núcleos de poboación que figuran nos arranxos parroquiais, pero que non serán asumidos pola administración civil como queda patente no propio Nomenclátor de poboación.

Na actualidade estamos ante un proceso imparabile no que se crean novas parroquias na área urbana e nas súas proximidades<sup>18</sup>, e van desaparecendo no espazo rural onde a regresión demográfica é patente.

Nas cidades a parroquia perde o seu carácter territorial e redúcese a unha xurisdición relixiosa que abarca un novo espazo como é o barrio ou conxunto de rúas. No concello da Coruña das oito parroquias existentes no medievo, cinco integraban a cidade, e na actualidade chegan ás 30. En Ferrol que contaba en 1854 cunha parroquia, acadará as oito en 1965, para chegar en 1991 ás 17 (Torres Luna et al., 1991,626). En Lugo hasta 1891 había dúas, mentres que en 1950 serán catro.

No medio rural suprímense parroquias: 36 na diocese de Lugo e preto de 30 na de Santiago. A desaparición nestas do servizo pastoral non sempre implica a perda de conciencia de pertenza a un territorio por parte dos seus habitantes<sup>19</sup>. Isto explica a vixencia de certas parroquias como referencia na organización interna do concello, que son denominadas *parroquias civís* ante a perda do seu status eclesiástico.

Na actualidade, a organización eclesiástica parte de novos criterios e a súa demarcación dilúese ante a mobilidade espacial da poboación e as novas

A expansión do núcleo urbano de Ferrol (A Coruña) supón a creación de parroquias eclesiásticas tanto no propio concello como no próximo de Narón



<sup>14</sup> Ver nesta mesma obra o capítulo 5: *A reforma parroquial de 1867: a diocese de Santiago de Compostela*, de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

<sup>15</sup> Destaca na Arquidiocese de Santiago de Compostela o feito polo Bispo García Cuesta en 1867 que suprime 22 parroquias e crea 15. En Lugo no Arreglo do Padre Aguirre (1890) chéganse a suprimir 36 parroquias canonicamente en tanto se crean 14 novas; en Mondoñedo, no ano 1895 créanse unhas 17 novas parroquias.

<sup>16</sup> A referencia á categoría de principal ou matriz e anexo baséase na residencia do párroco na parroquia. O anexo é unha parroquia que o cura comparte con outra na que este reside.

<sup>17</sup> Son moi significativo os datos achegados polo profesor Barreiro Fernández, ao sinalar que, no arranxo parroquial da Diocese de Santiago de 1867 - tratado no capítulo 5 desta mesma obra - das 22 parroquias suprimidas aínda seguen vixentes 15 no Nomenclátor actual.

<sup>18</sup> Os Tilos no concello de Teo é un exemplo de parroquia creada no entorno dun núcleo urbano. Preto de Santiago, formase este asentamento de carácter urbano que se integra no espazo rural a modo de illa. Os seus habitantes de mentalidade *urbanita* prefiren vivir nun entorno rural, ao tempo que acoden a traballar diariamente á cidade.

<sup>19</sup> Cfr. González Reboredo, X.M., véxase capítulo 6.

**Núcleos urbanos con máis dunha parroquia eclesiástica**

Diocese	Núcleo urbano	Nº parroquias no núcleo
<b>Mondoñedo-Ferrol</b>	Ferrol	17
	Viveiro	2
<b>Santiago de Compostela</b>	A Coruña	33
	Santiago de Compostela	14
	Pontevedra	5
	Betanzos	2
	Marín	2
	O Caramiñal	2
<b>Lugo</b>	Vilagarcía de Arousa	2
	Lugo	10
	Sarria	3
	Monforte	3
	Portomarín	2
<b>Ourense</b>	Ourense	17
<b>Tui-Vigo</b>	Vigo	33

formas de asentamento. No seno da igrexa búscanse solucións aos problemas derivados do despoboamento, da redución dos efectivos do clero<sup>20</sup> e da súa elevada idade, mediante novas formas de actuar no territorio, como pode ser a creación de Unidades de Acción Pastorais. Estas unidades veñen a ser unha concentración de parroquias máis o menos próximas, e con certa homoxeneidade. O resultado é un territorio moito máis amplo no que o bispado procura que haxa un centro onde situar a vivenda dos sacerdotes, dispoñer dun arquivo conxunto e tamén dun lugar para a celebración de reunións. A capital de cada unha destas unidades fana coincidir con aqueles lugares nos que xa existen casas parroquiais e reitorais en bo estado<sup>21</sup>.

Na actual sociedade, a igrexa deixa de ser centro de converxencia dun modelo territorial moi modificado pola introdución de novas relacións espaciais do home co seu entorno. A parroquia vai perdendo o seu carácter de *vinculo territorial* e tende a consolidarse como unha comunidade de fieis asentada sobre un territorio do que xa non é perceptora de renda algunha. Non cabe dúbida que certas inercias da historia perduran na identidade territorial (toponimia e certos costumes e aspectos afectivos), pero van desaparecendo pouco a pouco ante as sinerxías dos novos tempos e xeitos de relacionarse co territorio.

### 1.1.2 A parroquia na administración civil

A parroquia vai servir de principal referente territorial para as autoridades administrativas que tratan de xestionar e controlar un espazo cunha poboación espallada.

<sup>20</sup> Na diocese de Lugo con máis de 1130 parroquias pouco máis que teñen uns 240 sacerdotes cunha media de idade que se aproxima aos 70 anos, e por contra as ordenacións son moi poucas.

<sup>21</sup> Así na zona de Vila de Cruces, atendida por un só cura, fórmase unha destas unidades con Oirós, Besexos, Bodaño e Asorei, con misas todos os domingos en Oirós e alternas en Bodaño e Besexos, en tanto en Asorei queda suprimida. Existen outras que equivalen a municipios civís como as atopadas en Rodeiro e Agolada.



Ata o século XIX, existe unha división do territorio de tipoloxía moi variada e imprecisa. Neste senso, sinala Río Barja a existencia de “unha imaxe de anárquico reparto do país” con xurisdicións carentes de unidade xeográfica que explica a total falla de

*estabilidade ou continuidade político-territorial dado o carácter persoal dos señoríos, condicionados por unha dinámica de herdanzas, compras, doazóns... (Río Barja,F,1990:12).*

Nunha mesma parroquia chegan a mesturarse xurisdicións e dereitos de señoríos, e incluso poden aparecer separadas por falta de continuidade do territorio xurisdiccional ao que pertencen. No mapa elaborado no ano 2005 polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo segundo datos extraídos do Catastro da Ensenada,ponse de manifesto a fragmentación do territorio dividido en xurisdicións señoriais sobre unha estrutura parroquial, ás veces rota, pero que tende a manter os seus límites.

Extracto do mapa de xurisdición e parroquias da provincia de Lugo segundo datos do Catastro del Marqués de la Ensenada. Con liña descontinua aparece o límite da xurisdición cando non coincide coa parroquial



En 1785 o Conde de Floridablanca intentará poñer certa orde nesta división territorial “caótica”. Aínda que esta iniciativa duraría pouco, será o antecedente inmediato á remodelación definitiva de 1833.

Non será ata chegada a Constitución de 1812 cando se inicie un verdadeiro proceso de reforma administrativa en todo o territorio español que suporía a abolición dos “dereitos e privilexios” de certas clases sociais, e unha profunda reorganización administrativa coa creación das provincias e os concellos.

No ano 1813, na deputación de Galicia, dítanse unhas regras para a formación dos concellos. En Galicia pártese da base de que, baixo a denominación de “vila”, debe entenderse a parroquia enteira, referente territorial que agrupa a poboación espallada deste país. Establécese un número de veciños (mil “almas”), unha superficie mínima, e acórdase non dividir lugares, nin parroquias, a non ser que a distancia ou a orografía o determinasen (Fariña Jamardo, 1990:26).

Estas condicións eran difíciles de cumprir pola grande maioría das parroquias galegas que, se ben tiñan a superficie, case nunca tiñan os veciños requiridos para formar concello, o que levaba á necesidade de ter que agruparse varias para poder formar concello. Isto propiciará a constitución dos concellos nas vilas que cumprían mellor os requisitos de superficie e de poboación.

Van ser diferentes os avatares que acontecen na formación dos concellos. Atopan numerosas dificultades para cumprir co regulamentado. Os “manexos” dos personaxes máis significados das distintas parroquias para integrarse nun ou noutro concello co fin de manter o seu “status social”, así como os avances e

#### Distribución territorial en 1785 segundo o Censo de Floridablanca

Provincia	Xurisdición	Coutos	Vilas	Cidades
<b>Santiago</b>	101	20	27	1
<b>Ourense</b>	149	44	24	1
<b>Lugo</b>	131	48	9	1
<b>A Coruña</b>	17	7	1	1
<b>Betanzos</b>	43	9	10	1
<b>Mondoñedo</b>	30	16	3	1
<b>Tui</b>	38	11	21	1
<b>Total</b>	509	155	95	7

retrocesos no sistema político español da época, fará que o proceso de constitución de concellos soamente se consolide a partir de 1870, despois de 55 anos de levar a cabo os primeiros intentos.

O concello crea un novo marco territorial. O linde da parroquia serve para delimitar o termo municipal, que o consolida como propio. Ao mesmo tempo, a parroquia queda “institucionalizada” historicamente como marco da organización dos asentamentos de poboación dentro da xurisdición do concello, sen esquecer que na súa organización administrativa, alcanza unha especial relevancia para a xestión desde as chamadas a quintas ata a concentración parcelaria e, en xeral, no sistema estatístico como queda reflectido na organización das circunscricións do sistema electoral e do estatístico<sup>22</sup>.



Vista de Maceda (Ourense)

Hoxe, xa nos quedan lonxe os tempos nos que a división municipal sería cualificada por diversos autores como unha “desgracia nacional” e algo imposto, artificial e antinatural. Esta “federación” de parroquias será o marco no que se establezan novas relacións espaciais poñendo de manifesto o dito por Francésc Nadal:

*Una vez instaurada la nueva división territorial, sus instituciones y burócratas tejerán una red de comunicaciones, entidades culturales, sistemas de informaciones y estadísticas, que resultará no solo difícil de romper, sino que pocos políticos que llegen al poder decidirán prescindir de la misma (Nadal, 1990:108)*

## 2. Particularidades e modificacións no territorio da parroquia ante a reorganización administrativa

Son moitas as alteración feitas polas autoridades civís ou eclesiásticas, dentro das funcións que lles competen, desde a decretada polo Gobernador Civil de cada provincia e publicado no BOP no proceso da creación dos concellos, ata a feita por parte do bispado con motivos dos arranxos parroquiais. Estas modificacións, a

<sup>22</sup> No Nomenclátor de poboación de 1887 xa é recoñecida a parroquia como “cierta unidad en el orden civil y administrativo, compuesta por entidades de población”

pesar da existencia dun acordo entre Igrexa e Estado, non sempre coincidiron, o que provoca incoherencias entre a parroquia eclesiástica e a considerada pola administración civil. Así mesmo, produciuse unha certa disfunción entre a realidade territorial da parroquia coa considerada nos ámbitos administrativos oficiais que non respectaron a integridade territorial da parroquia.

Estes procesos dan lugar á existencia dunha serie de particularidades que caracterizan a división territorial de Galicia e que a continuación pasamos a comentar.

## 2.1 Parroquias constituídas como entidades locais menores.

Na lexislación de réxime local, no Estatuto municipal de 1924, ábrese para a parroquia a posibilidade de adquirir unha certa autonomía mediante a súa conversión en entidade local menor a petición da maioría dos veciños. Malia a que a parroquia non era considerada como entidade administrativa, estas entidades estaban provistas de plenos poderes e dereitos para administración dos seus bens, cos seus propios órganos de goberno e representantes ante o concello. Por distintos motivos, poucas serían as que se acollesen a esta posibilidade de adquirir poder autónomo dentro do municipio e cun status xurídico propio. Na actualidade, só nove parroquias están constituídas como entidades locais menores. Destas, oito localízanse na provincia de Pontevedra: Arcos da Condesa (Caldas de Reis), Bembrive (Vigo), Camposancos (A Guarda), Chenlo (Porriño), Morgadáns (Gondomar), Pazos de Rei (Tui), Queimadelos e Vilasabroso (Mondariz); e na provincia de Ourense está a de Berán (Leiro).

No seu momento houbo algunhas que sendo entidades locais menores terminaron constituíndose en concellos como: Negueira de Muñiz, Rábade, Ribeira de Piquín, Pontecesures e Mondariz-Balneario.

## 2.2 Alteracións na delimitación das parroquias.

A formación dos concellos e os arranxos parroquiais provocaran alteracións substanciais no territorio da parroquia: por diminución da súa superficie debido á creación doutras novas, ou para agrandar as existentes con núcleos pertencentes ao concello do que forman parte e, incluso, doutro alleo. Tamén dará orixe a particularidades que obedecen a diferentes motivos nos que se mestura intereses particulares e inercias históricas de anteriores divisións territoriais. Esta realidade quedará reflectida no Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades locais que xa en 1863 especificaba que o termo municipal debe de estar formado por territorios continuos, pero poderán manterse as situacións de discontinuidade que sexan recoñecidas.

Así pois, tanto as alteracións feitas pola Igrexa mediante os arranxos parroquiais como a formación dos concellos e a súa delimitación, van romper a integridade territorial dalgúns parroquias. Aínda así, a súa incidencia será moitas veces relativa, pois non sempre serán coincidentes nin asumidas por ambas as dúas administracións, nin tampouco implicará a completa aceptación desta polos veciños que se rebelan ao non ser respectada a súa conciencia identitaria<sup>23</sup>.

Porén, inténtase manter intacto o territorio parroquial<sup>24</sup>. Traspasarase na súa totalidade na maioría dos procesos nos que se modifica a extensión dos concellos,

<sup>23</sup> No concello de Pol (Lugo), en 1956 por Real Decreto, os lugares de Candal, Leira e Vilanude, da parroquia de San Martiño de Lúa pasan a ser agregados ao de Meira, pero non chega a ser efectivo este cambio pois na actualidade seguen asignados a Pol.

<sup>24</sup> O concello de Ribadavia amplía o seu termo municipal en 1925 coa incorporación da parroquia de Regodeigón pertencente a Beade.

como cando se procede á súa nova creación como sucedería en Cariño, A illa de Arousa e Burela.

A continuación expoñemos diferentes exemplos que amosan as alteracións e modificacións da extensión da parroquia debido a diferentes actuacións (Fariña Jamardo, 1990:217-222).

**a)** Desagregación de núcleos entre parroquias tanto por cuestións administrativas civís como eclesiásticas.

- No concello de Melón (Ourense), a parroquia de Quins perde as entidades Prexigueiro e Granxa de Outeiro que pasan ao concello de Ribadavia (Ourense) para ampliar o seu termo municipal en 1925.

- No concello da Fonsagrada (Lugo), en 1969 a parroquia de San Xoán de Baos incorpora unha parte dos seus núcleos en Ribeira de Piquín, e o resto adscribíense ás parroquias lindeiras.

- No concello de Triacastela (Lugo), en 1996 agrégase a parroquia de Santo Isidro de Lamas do Biduedo o núcleo de Meizarán de Santa Lucía de Alence (As Nogais). En Ortigueira (A Coruña), o núcleo de Furadiña, da parroquia de Ladrado, foi incorporado en 1906 a parroquia de Espasante.

- No concello de Forcarei (Pontevedra) producírase unha modificación a efectos político-administrativos coa agregación dos lugares de Graña de Cabanelas, Leboso e Rozados á parroquia de Quintillán, pertencentes á parroquia de Acibeiro.

- A formación de novas parroquias suporá importantes cambios. A creación da parroquia de San Mamede de Pontes no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña) farase a partir da segregación das parroquias de San Xoán de Freixo e de Sta. María das Pontes. Na provincia de Ourense, no concello de San Cristovo de Cea, fórmase unha nova parroquia a de Sta. María de Cobas cos lugares das parroquias de Oseira: Ardesende, Bustelo, Cobas, Mosteiro, Ricobelo, e da de Cea: A Grela.

**b)** Atopámonos con enclaves territoriais, superficie de terreo pertencente ao termo municipal dun concello, que se asenta noutro. Terían a súa orixe no antigo réxime, onde atopamos parroquias pertencentes a xurisdicións do novo concello no que foron integrados<sup>25</sup> e outras constituían coutos redondos<sup>26</sup>. Noutros casos foi por cuestión de componendas dos veciños ou razóns políticas ocasionais como o acontecido na provincia de Pontevedra con Vilacoaba e Uma no concello de Salvaterra que están no termo municipal de Pontearreas.

**c)** Existen parroquias separadas por franxas de territorio doutro concello, como a parroquia de Doade pertencente ao concello de Sober (Lugo) que ten unha parte separada no concello de Monforte de Lemos; e Oseira do concello de Santo Cristovo de Cea cunha parte no concello de Piñor.

**d)** Parroquias divididas dentro do mesmo concello. San Vicente de Vigo no concello de Boqueixón, ou San Miguel de Bréamo no concello de Pontedeume, Noicela no concello de Carballo ou a de Lanzós na concello de Vilalba.



San Vicente de Vigo parroquia co territorio separado polo pertencente a Santa María de Lama

<sup>25</sup> Bruma, parroquia de Mesía (A Coruña), aparece localizada a modo de illa no concello de Ordes; Rabal, pertencente ao concello de Oimbra, aséntase no termo de Verfín.

<sup>26</sup> Como o de Doade ou a do Temple, ou lugar de Vilaríño Frío, dependente do mosteiro e parroquia de Oseira.

e) Parroquias illas que teñen o seu territorio dentro de outra. Temos a de San Xoán de Castro de Rei, no concello de Castro de Rei (Lugo) e a de Ribadavia (San Domingos) no de Ribadavia (Ourense).

f) Parroquias divididas polo linde do concello.

Resulta difícil entender como se puido producir esta división do territorio da parroquia no momento de aprobar o deslinde municipal. Esta situación aparece reflectida no nomenclátor do INE sendo considerada como entidade colectiva cada unha destas partes no concello respectivo. A provincia de Ourense é onde se rexistran un maior número destes casos como se pode observar na seguinte táboa.

#### Parroquias con territorio dividido polo linde do concello

Provincia	Parroquia	Concello*	
Lugo	Ambosores (Santa María)	Muras	Ourol
Lugo	O Sisto (Santa María)	Muras	Ourol
Lugo-Pontevedra	Ramil (San Martiño)	Palas de Rei (Lugo)	Agolada (Pontevedra)
Ourense	A Alberguería (Santa María)	Laza	Vilar de Barrio
Ourense	A Illa (San Lourenzo)	Entrimo	Lobios
Ourense	A Mezquita (San Pedro)	A Merca	Taboadela
Ourense	As Chás (San Xoán)	Montederramo	Maceda
Ourense	Cantoña (San Mamede)	Paderne de Allariz	Baños de Molgas
Ourense	Casardeita (Santiago)	Ramirás	Celanova
Ourense	Coucreiro (San Vicente)	Paderne de Allariz	Baños de Molgas
Ourense	Covas (San Xoán)	Maceda	Montederramo
Ourense	Esposende (Santa Mariña)	Cenlle	Ribadavia
Ourense	Freixido (Sagrado Corazón de Xesús)	Larouco	Petín
Ourense	Fumaces e A Trepá (Santa María)	Riós	Vilardevós
Ourense	Gual (San Martiño)	A Peroxa	Coles
Ourense	Longoseiros (Santa Mariña)	Boborás	Carballiño
Ourense	Loña do Monte (San Salvador)	Nogueira de Ramuín	Esgos
Ourense	O Barón (San Fiz)	O Carballiño	San Amaro
Ourense	O Regueiro (San Pedro)	Boborás	O Irixo
Ourense	Os Pensos (San Pedro)	Esgos	Xunqueira de Espadanedo
Ourense	Parada da Serra (San Lucas)	A Gudiña	Vilariño de Conso
Ourense	Penosiños (San Salvador)	Ramirás	Gomesende
Ourense	Portomourisco (San Víctor)	Petín	Larouco
Ourense	Quins (Santa María)	Ribadavia	Melón
Ourense	Rebordondo (San Martiño)	Cualedro	Monterrei
Ourense	Pentes (San Mamede)	A Gudiña	Vilariño de Conso
Ourense	San Martiño de Grou (San Martiño)	Lobeira	Lobios
Ourense	San Vitoiro da Mezquita (San Vitoiro)	Allariz	A Merca
Ourense	Santa Comba (San Trocado)	Bande	Lobeira
Ourense	Trasalba (San Pedro)	Amoeiro	Ourense
Ourense	Triós (San Pedro)	Pereiro de Aguiar	Esgos
Ourense	Viña (San Román)	San Cristovo de Cea	Vilamarín

\* Na primeira columna aparece o concello no que se sitúa a igrexa parroquial, no seguinte estaría o resto do territorio da parroquia con un ou varios núcleos de poboación.

En moitas destas parroquias atopamos algún núcleo de poboación dividido polo linde municipal como acontece no núcleo de Pardeconde, nos Pensos (San Pedro); ou con Outeiro, na Mezquita (San Pedro). No nomenclátor estes casos van desaparecendo ao ser integrados na parroquia á que pertence no concello no que están localizados.

Algo máis singular é a parroquia de Ramil (San Martiño) dividida entre dúas provincias: Pontevedra e Lugo, e dous concellos: Agolada (Pontevedra) e Palas de Rei (Lugo). Como tamén resulta singular a confusión existente entre os concellos de Alfoz e Valadouro coa parroquia de Ferreira, onde a divisoria divide o núcleo de Reirado, provocando a mestura de terreos e vivenda dun e outro concello.

Se analizamos os datos do nomenclátor de diferentes anos podemos observar parroquias que en 1960 compartían territorio e poboación en dous concellos e que actualmente aparecen integradas nun dos concellos en tanto desaparecen doutro (ver figura 9). Pasan a figurar como núcleo pertencente a unha entidade colectiva (parroquia) do concello ao que están adscritos. A administración municipal impón novos vínculos que afectan tanto á poboación como ao seu territorio. Non importa que os veciños protesten e, nalgúns casos, seguen a manter as súas vinculacións coa súa parroquia, sobre todo no que compete aos rituais relixiosos e ao cemiterio.

#### Parroquias divididas entre concellos e desaparecidas no nomenclátor

Parroquia	Observacións
Rubiana (Santa María)	Pertencente a Rubiá. Desaparecida no Barco como tal, tiña un núcleo de 56 habitantes en 1960
Longoseiro (Santa Marina)	Pertencente ao Carballiño. Desaparecida en Boborás onde tiña un núcleo de 20 habitantes en 1960.
Sabucedo (San Salvador)	Pertencente á Porqueira. Desaparecida en Xinzo de Limia onde tiña un núcleo de 16 habitantes en 1960.
Chas (San Juan)	Pertencente a Montederramo. Desaparecida en Parada de Sil onde tiña núcleo con 11 habitantes en 1960.
Acebedo (San Jorge)	Pertencente a Celanova. Desaparecida en Ramirás onde tiña un núcleo de 33 habitantes en 1960.
Quines (Santa María)	Pertencente a Ribadavia. Desaparecida en Melón. Núcleo en Foramontaos con 268 habitantes
Casardeita (Santiago)	Pertencente a Ramirás. Desaparece en Celanova como entidade colectiva constituída por un núcleo de 36 habitantes.

g) Núcleos divididos pola divisoria parroquial. A existencia de lugares ou aldeas divididos polo linde parroquial, en ocasións coincidente co municipal, poñen de manifesto a forza da división territorial ante o seu sentimento de pertenza a un espazo diferenciado, aínda que funcionen como lugar único nas súas relacións cotiás. Moitas destas situacións obedecen a un desbordamento

#### Exemplo de núcleos divididos polo linde da parroquia

Provincia	Concello	Lugar	Parroquia	
A Coruña	Boqueixón-Santiago	Zaramacedo	Lamas (Boqueixón)	
A Coruña	Culleredo	Acea da Má	Rutis	Culleredo
A Coruña	Monfero	O Castro	Doroña	Grandal
Lugo	Castro de Rei - Cospito	Vilariño	Outeiro (Santa María)	Muilmenta (Santa Mariña)
Lugo	A Pontenova - Riotorto	Folgueirúa	Xudán (Santa María Madanela)	A Órrea (Santa Comba)
Ourense	A Peroxa	O Conchouso	Gual (San Martiño)	Vilarrubín (San Martiño)
Pontevedra	Meis	Silván	A Armenteira (Santa María)	Meis (San Salvador)
Pontevedra	Pontecaldelas	Caritel <sup>27</sup>	Caritel	Forzans

<sup>27</sup> Caritel, núcleo dividido entre as parroquias de Caritel e Forzans (Pontecaldelas). Este núcleo pertence á diocese distintas. A primeira delas corresponde á diocese de Santiago e a outra á de Tui-Vigo.



O Conchouso no concello da Peroxa (Ourense) está dividido entre as parroquias de Gual e Vilarrubín

do seu crecemento a un lado e outro da divisoria, así como a certas incoherencias da división administrativa acometida no seu momento.

Son evidentes as discordancias entre administración civil e a eclesiástica, pero, non esquezamos que tamén o son coa propia realidade territorial da parroquia asumida polos seus propios habitantes. Entidades de poboación que forman parte enteiramente dun concello<sup>28</sup>, eclesiasticamente están integradas na parroquia doutro concello, ou entidades que pertenceron en tempo a parroquias distintas das que forman parte hoxe<sup>29</sup>.

## 2.3 A parroquia unidade de referencia estatística: a entidade colectiva

A estrutura administrativa do concello asume a parroquia como principal unidade territorial na xestión dos recursos existentes no seu territorio. Pola súa parte, o Instituto Nacional de Estatística -INE-, asume a parroquia como unha unidade estatística específica, que aparece reflectida no nomenclátor baixo o nome de entidade colectiva.

A coincidencia de entidade colectiva e parroquia no rural é o territorio parroquial imponse como referente espacial ante a forte vinculación existente entre os lugares que se sente pertencentes a un colectivo; non sucede o mesmo no espazo urbano no que presenta certas particularidades.

Nas áreas urbanas a demarcación territorial non é respectada, desaparece como tal ou, simplemente, permanece desprovista do seu significado orixinal. O volume de poboación será determinante na creación, modificación ou supresión das entidades colectivas.

### Núcleos diferenciados das entidades colectivas

Código INE	Entidade colectiva
1500900	Betanzos
1503000	A Coruña
1503600	Ferrol
1505600	Negreira
1505700	Noia
1506200	A Serra de Outes
1506700	A Pobra do Caramiñal
1507800	Santiago de Compostela
2701600	Chantada
2702800	Lugo
2703000	Mondoñedo
2703100	Monforte de Lemos
2705700	Sarria
2706600	Viveiro
2790200	Burela
3205400	Ourense
3603800	Pontevedra
3605700	Cíes
3605700	Vigo

Nunha viaxe imaxinaria dende o centro urbano cruzando a súa área de expansión ata introducirmos no rural poderíamos observar a distinta consideración da parroquia na súa asimilación como entidade colectiva por parte do INE.

### 2.3.1. Parroquias no núcleo urbano e na súa periferia

Desaparece como entidade de carácter territorial. Existe a parroquia eclesiástica, que se reduce a unha xurisdición relixiosa que abarca un barrio ou agrupación de rúas. Como tal, non constitúe referencia administrativa de ningún tipo. A efectos estatísticos estamos ante un espazo determinado cunha alta densidade de poboación que dá lugar a un núcleo cunha determinada

<sup>28</sup> Alxán, enclavado no concello de Soutomaior, eclesiasticamente pertence a Santa María do Viso do concello de Redondela. Comenta Farriña Jamardo que en 1853 os veciños reclaman a súa adscrición ao concello de Soutomaior, así como a existencia dunha ermida no monte de Alxán, que dín de Redondela para malestar dos seus veciños.

<sup>29</sup> Penanzas, da parroquia de Padrenda, e que foi da de Bóveda, as dúas no concello de Vilar de Barrio; Termiñana e Veigamuíños, que foron da parroquia de Xaogaza, hoxe na da Proba no Barco de Valdeorras.

poboación, pero que non sabemos que superficie territorial concreta ocupa. No nomenclátor do Instituto Nacional de Estadística, estas áreas urbanas, son núcleos que constitúen entidades singulares que non son recoñecidas dentro de ningunha entidade colectiva, polo que a súa codificación como tal entidade colectiva é 00.

Na análise destes núcleos desde os datos do Nomenclátor observamos como, ao longo do tempo, o espazo territorial da parroquia vese sometido a diferentes modificacións que estatisticamente foron reflectidas baixo criterios dispares. Neste contexto poderíamos diferenciar os sete “grandes” núcleos urbanos, a súas áreas inmediatas e os pequenos núcleos ou vilas.


a) Nos primeiros, núcleos urbanos correspondentes a catro capitais provinciais xunto con Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo, a organización parroquial presenta certas particularidades. Se cotexamos a información existente no Nomenclátor de 1960 e o correspondente ao 2006, podemos observar como en Santiago de Compostela<sup>30</sup> desaparecen catro parroquias; nove en Ourense<sup>31</sup>, outras catro en Vigo, en tanto no concello de Lugo absorberá a parroquia de Santiago de Saamasas. Neste senso, a integracións de parroquias externas ao núcleo urbano ante a súa expansión, seguen un criterio pouco claro. Istoponse de manifesto na parroquia de Santa María de Oza no núcleo urbano da Coruña e na de Bouzas no de Vigo. Ambas parroquias forman un contínuum co núcleo urbano, pero o seu tratamento é diferente. Mentres que Oza é diferenciada como entidade colectiva, a parroquia de Bouzas desaparece no núcleo de Vigo. Tamén resulta curioso que a parroquia de Freixido en Vigo no ano 1991 non figura como entidade colectiva ao considerarse parte do núcleo urbano; en tanto no ano 2006 aparece diferenciada como tal entidade.

A falta dun certo criterio fai complicado calquera tipo de análise evolutiva destas entidades colectivas que ocupan un espazo territorial do que descoñecemos a súa delimitación. Sería conveniente determinar as dimensións destas entidades singulares que non están asignadas a ningunha entidade colectiva, e así poder recoñecer o ámbito territorial que abarcan.

b) Parroquias na periferia da cidade no medio rural. Nestas áreas o territorio parroquial ás veces mantense, pero a súa identidade dilúese. O seu espazo salpicado pola ocupación de polígonos industriais, áreas de servizos e residenciais supoñen a introdución de vinculacións alleas á súa realidade. As aldeas abocadas á súa desaparición quedan como elementos residuais e mestúranse con áreas urbanas. Nesta situación a entidade colectiva pode ser coincidente co territorio parroquial ou ser diminuído coa incorporación do espazo densamente poboado ao núcleo urbano. Sírvanos de exemplo a área de urbana da Coruña onde as parroquias de San Vicenzo de Elviña, San Pedro de Visma e San Cristobal das Viñas, consideradas entidades colectivas polo INE,



Núcleo da Serra de Outes pertencente á parroquia de San Pedro de Outes



1. Vila Grande de Vigo
2. Santiago de Vigo
3. O Urbión de Vigo
4. San Xosé de Azaña
5. Santa Anxela de Vigo
6. San Francisco de Asís de Vigo
7. O Sagrado Corazón
8. O Sagrado Corazón de Vigo
9. San Francisco de Asís de Vigo
10. San Francisco de Asís de Vigo
11. San Francisco de Asís de Vigo
12. Santa Eufemia das Neves
13. San Xosé de Azaña
14. San Xosé de Azaña
15. O Sagrado Corazón de Vigo
16. San Xosé de Azaña
17. San Xosé de Azaña
18. San Xosé de Azaña
19. San Xosé de Azaña
20. San Xosé de Azaña
21. San Xosé de Azaña
22. San Xosé de Azaña
23. San Xosé de Azaña
24. San Xosé de Azaña
25. San Xosé de Azaña
26. San Xosé de Azaña
27. San Xosé de Azaña
28. San Xosé de Azaña
29. San Xosé de Azaña
30. San Xosé de Azaña

Mapa coas parroquias eclesiástica do concello de Vigo. Fonte: [http://es.wikipedia.org/wiki/Imaxe:Vigo\\_mapa\\_parroquial.png](http://es.wikipedia.org/wiki/Imaxe:Vigo_mapa_parroquial.png). Elaborado por Susana Freixeiro.

<sup>30</sup> Desaparecen no concello de Santiago as seguintes: Santiago (Santa Susana de Afuera), Santiago (Santa María de Salomé), Santiago (San Félix de Afuera) e Santiago (Santa María de Sar de Afuera). En Vigo Bouzas (San Miguel P.); Coya (San Martín P.); San Simón (Sagrado Corazón de Afuera), Vigo (Sagrado Corazón, P., Santa María, P., Santiago, P., Virgen da Fátima, P.)

<sup>31</sup> En Ourense son Cabeza de Vaca (San Benito), Mende (San Roque), Noalla (San Salvador), Ourense (Santiago de Afuera), Ourense (S. Francisco de Regis, Sta. Eufemia del Centro, Sta Eufemia Del Norte, Ourense (San Benito de Afuera), Ourense (San Francisco de Regis de Afuera), Ourense (San Roque de Afuera), Ourense (Santísima Trinidad de Afuera), e Veintiuno (Santa Teresita)



séguese a manter a súa demarcación territorial como referencia, aínda que se perde no contacto coa área de crecemento do núcleo urbano. A mesma organización eclesiástica ante o aumento de poboación crea novas parroquias dentro destes territorios. Os novos asentamentos consecuencia da expansión da cidade fan desaparecer os primixenios e as relacións existentes entre eles, e por tanto, a súa relación como colectivo parroquial. Neste proceso de invasión urbana, unha parte do territorio parroquial queda como residual da parroquia primitiva e mantense como entidade colectiva, pero xa non coincide co espazo territorial do momento da súa creación<sup>32</sup>.

Isto suporá un problema para cartografar este territorio ante a discordancia existente entre o espazo correspondente a entidade colectiva cuns núcleos de poboación asignados e o territorio, que realmente tería como parroquia no momento da súa creación. A delimitación da entidade colectiva e da parroquia daríanos dúas cartografías diferentes. Pola nosa parte intentamos integrar as dúas procurando respectar, sempre que é posible, os límites territoriais orixinais. Nestes cintos urbanos, créanse importantes áreas residenciais máis ou menos próximas ao centro urbano como son: na zona de Ferrol, San Valentín (Fene) e as parroquias creadas a partir de San Martiño de Xubia (San Xosé Obreiro, Santiago Apóstolo, Santa Icíá e Nosa Sra. dos Desamparados). Nas proximidades de Santiago aparecerá en 1993 os Tilos (Teo). Nestes casos a creación da parroquia eclesiástica tamén suporía o de entidade colectiva.

c) Por último, as parroquias existentes nas vilas con un tecido urbano propio. A súa función como centro comercial e administrativo provoca un aumento da concentración de poboación en torno ao núcleo urbano e, por tanto, establécese dentro desta unha diferenciación entre zona rural e zona urbana. Esta situación dá lugar a que no nomenclátor sexan diferenciadas polo seu carácter urbano as vilas de Negreira e A Pobra do Caramiñal e a Serra de Outes. Se ben a primeira ten a consideración de parroquia cuns lindes recoñecibles, nas outras non existen como tales, pois son simples núcleos de poboación. Na Pobra do Caramiñal este núcleo absorbería parte do espazo territorial corresponde a Santa María Antiga do Caramiñal e Pobra do Deán ou Castelo<sup>33</sup>. No caso da Serra de Outes ven a ser un núcleo diferenciado dentro da parroquia de Outes. Singular tratamento teñen certos núcleos urbanos no Nomenclátor do INE, que sendo unidades parroquiais, aparecen desdobladas en dúas entidades colectivas para así diferenciar a parte urbana do rural. Son estes os casos de Baiona (Santa María de Fóra), Carril (San Martín P.), Sobrán (San Martín de Afora P.), Caldas de Reis (San Tomé e Santa María) e Arealonga (Santa Baia P.) -agora Vilagarcía (Santa Baia)-, Moaña (San Martiño e Virxe do Carmen). Neste último caso no concello de Moaña, a nova entidade colectiva creada fórmase coas entidades singulares de Sabaceda e Quintela, que a súa vez están compartidas por Moaña (San Martiño) e Moaña (Virxe do Carme). A delimitación desta entidade colectiva non pode ser precisa ante a falta de información sobre o espazo territorial ocupado polas entidades implicadas (Sabaceda e Quintela), que terían que ser divididas entre tres zonas correspondentes ás tres entidades colectivas.

Tamén podemos falar de proceso singular no caso que se dá no concello de Narón, dado que desde o ámbito da administración municipal avógase pola

Delimitación imprecisa (líña cor verde) da parroquia Moaña (San Martiño e Virxe do Carme)



<sup>32</sup> No concello de Ourense o aumento do núcleo urbano fixo que o territorio da parroquia de Montealegre asociado a entidade colectiva do mesmo nome quede reducido tan só o lugar da Granxa.

<sup>33</sup> A Pobra do Deán ou Castelo non aparece nos últimos anos no Nomenclátor do INE pasando a formar parte da entidade colectiva do Caramiñal.

supresión dunha serie de parroquias como entidades colectivas, e deste xeito queda só a entidade de Narón, capital do concello<sup>34</sup>.

### 2.3.2 Parroquias na área rural

Coinciden parroquia eclesiástica e entidade colectiva, salvo algunha excepción. Así rexístranse situacións nas que parroquias que non figuran como entidades colectivas no INE, seguen mantendo o seu status eclesiástico e a súa conciencia como tal polos veciños.

#### Parroquias que non figuran como entidades colectivas

Provincia	Concello	Parroquia	Entidade colectiva na que se integra
A Coruña	Cedeira	Teixido (Santo André)	Régoa (Santa María)
A Coruña	Valdoviño	Lourido (San Bartolomeu)	O Sequeiro (Santa María)
A Coruña	Padrón	Rumille (Santa María)	Carcacia ( San Pedro)
Lugo	Monterroso	San Lourenzo de Pedraza e Gundín	Santa María de Pedraza
Lugo	Portomarín	Portomarín (San Pedro)	Portomarín (San Nicolao)
Ourense	Arnoia	Remuíño (Santo Antón)	Arnoia (San Salvador)
Pontevedra	Agolada	Basadre (Santo Estevo)	Basadre (Santa María)
A Coruña	Pobra do Caramiñal	A Pobra do Deán	O Caramiñal
Ourense	A Rúa	Fontei	A Rúa

Outra que desaparece será a parroquia de Veigas de Camba ao ser anegado o seu territorio polo encoro das Portas. Só quedarán os lugares de Venda do Bolaño e A Venda da Capela, que pasaron a depender das parroquias de San Lourenzo de Pentes e Parada da Serra da Gudiña.



Santo André de Teixido, parroquia eclesiástica do concello de Cedeira que non é entidade colectiva no nomenclátor do INE, pero aparece como parte da de Régoa (Santa María)

<sup>34</sup> A petición do concello, no *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*, publicado pola Xunta de Galicia, suprímese as parroquias de Xubia (San Xosé Obreiro), Xubia (Santiago Apóstolo), Xubia (Santa Rita), Xubia (Santa Ixia) e Xubia (Nosa Sra. Desamparados), parroquias creadas no século XX e actualmente están dentro do núcleo urbano. No nomenclátor do INE seguen aparecendo diferenciadas.

No cotexo feito por Fariña Jamardo das entidades colectivas reflectidas nos nomenclátors desde 1836 ata 1981, obsérvase como as modificacións das parroquias no contexto municipal corresponden ás zonas de expansión urbanas ou ao entorno inmediatos das cidades, por contra no medio rural serán mínimas. O resultado deste cotexo será de 228 altas e 108 baixas. As altas prodúcense por segregación de parte ou partes da parroquia, para forma unha nova; e as baixa por agregación, a outra ou outras, da parroquia que desaparece.

Por último, cómpre resaltar que o INE para a delimitación das entidades singulares formadas por núcleo e diseminado, emprega un criterio cuantitativo<sup>35</sup>, sendo o número de edificacións (mínimo 10) ou de poboación (máis de 50 habitantes) o determinante de consideración de núcleo, ao que se lle engade a variable de distancia máxima a núcleo (200 m.) para diferenciar a categoría de diseminado de núcleo. Con estes parámetros resulta complexo precisar o linde entre núcleo e diseminado nunha Galicia de poboación tan espallada, polo que os resultados acadados son dispares.

Por tanto, sería necesario que o Nomenclátor contemplase na súa metodoloxía a introdución da referenciación xeográfica dos datos de poboación das entidades, na que criterios estatísticos e de planificación urbana, entre outros, sexan considerados para determinar o seu ámbito territorial. Na realización do novo censo no ano 2011, aproveitando os medios que proporcionan as novas tecnoloxías aplicadas á cartografía, poderíase facer unha recollida de datos sobre cartografía, na que se reflicte a localización de núcleos e as divisións de entidades singulares e colectivas, para coñecer a que territorio pertence a información proporcionada (Benabent F. de Córdoba, 1999:141).

A orografía do territorio, os recursos propios do territorio e a súa explotación, o peso demográfico ou os intereses dos señores da terra e ata dos seus habitantes, influirán nas dimensións do espazo parroquial Parroquia de San Fiz de Asma, Chantada (Lugo), na que o río Miño serve de fronteira parroquial

### 3. Consideracións sobre os límites da parroquia

Na actualidade, a recuperación da liña divisoria da parroquia resulta complicada, pola desaparición ou descoñecemento de referencias xeográficas. A memoria da colectividade esquece uns lindes que son invocados para pouco máis que a defensa da propiedade comunal ou reivindicando costumes non respectadas. O coñecemento do discorrer da liña divisoria pérdese ante as profundas mudanzas que se produciron na paisaxe, por mor dos diversos procesos de ocupación e uso do solo (a concentración parcelaria, a rede viaria, urbanizacións, o abandono do agro), e das inercias dun novo modelo de organización administrativa, que implican alteracións na estrutura territorial e a modificación das interrelacións existentes no territorio.



<sup>35</sup> Ver capítulo 13: *A parroquia no ámbito estatístico* de Colmenero Álvarez e Lema Devesa.

Noutros tempos, as fortes vinculacións dos habitantes coa terra, principal factor económico e social, implicaría a necesidade de coñecer, marcar e facer visibles uns lindeiros que supoñían dereitos e obrigas duns e outros. Estes lindes acadarían unha especial transcendencia por ser as extremas dun espazo pechado sobre si mesmo, onde o sagrado e o profano se mesturan (Lisón Tolosana, 1990:124)<sup>36</sup>.

Desde a idade media ata non hai moito, xente de distinta condición (reis, señores, bispos, abades, veciños) buscan o linde da parroquia para a defensa de xurisdicións, señoríos, coutos, doazóns, privilexios, cobranzas de impostos, foros, etc. As vinculacións da parroquia coa propiedade señorial poñen de manifesto a importancia que terá esta demarcación. Para resolver conflitos de xurisdicións, terán que recorrer á realización de apeos para comprobar o linde “antigo” da man “de homes bonos”. En certas ocasións, apelaran ao Rei, que nomeará a *pesquisidores* para dirimir disputas co apoio das testemuñas dos vellos. Chegaranse a facer as visitas de términos onde interveñen xoces, escribanos, peritos e numerosos testemuñas para verificar as extremas da xurisdición, do couto ou da parroquia (Ferro Couselo, 1952, 49). Este aspecto da parroquia como territorio sobre o que se ten uns dereitos e se obteñen unhas rendas, podemos dicir que actualmente desapareceu, en tanto segue vixente o feito de ser un territorio co que se identifica un colectivo determinado e se diferencia doutro. Neste senso, Fernández de Rota, recalca o papel da liña divisoria como separación duns “centros domésticos” doutros. O límite entre “casas” é claro, aínda que o sentido de identidade comunal destas pode ser máis confuso, como é o caso dos lugares con casas a ambos lados da divisoria parroquial (Fernández de Rota, J.A., 1984, 150), aspecto este recollido pola estatística oficial na entidade colectiva.

A día de hoxe, podemos atrevermos a dicir que o linde da parroquia, dentro da xurisdición administrativa do concello, queda nun segundo plano, esvaecido ante a falta de forza xurídica. Só queda para os seus habitantes, que manteñen latente un espírito identitario e diferencial dentro do termo municipal cun ámbito cultural propio que, en certos casos, se reforza coa xestión da propiedade dos montes veciñais de man común, ou polo propio uso dado polo concello na xestión do seu propio territorio.

### 3.1 Referencias da delimitación parroquial na paisaxe e nos documentos

A parroquia posúe uns lindes que se fan visibles e recoñecibles nos accidentes xeográficos. Na paisaxe descubrimos como a liña divisoria no seu decorrer pola orografía divaga polo alto dos montes ou polo fondo dos vales; arrimada aos cursos de auga, seguindo tramos de camiños (moitos deles hoxe perdidos) ou utilizando os “sacros” lindeiros de leiras e montes formados polos cómaros, valados e murallas; sen esquecer as fontes e ata a casa dalgún veciño, que será referencia válida de dita demarcación.

Nestas divisorias atoparemos testemuñas fiables a modo de verdadeiros marcos perfectamente identificables como: penedos, pedras fitas, moreas de terra e pedras (mámoas) visibles no horizonte. Deste xeito, certos elementos xeográficos adquiren un valor engadido pola súa función como marcos de termo.

Dólmen Barbanza:  
O monumento megalítico pola  
súa presenza visible na paisaxe  
utilízase como marca de deslinde



<sup>36</sup> Lisón Tolosana sinala como o paso real dos límites está ritualizado, sendo significativo que a procesión de ánimas non traspasa os lindes parroquiais e ata o mesmo demo chegará a ser expulsado máis alá da demarcación parroquial.

Na documentación histórica desde o século X ao XIX, son abundantes as referencias xeográficas sobre esta delimitación aparecendo como *per terminos antiquos* ou cláusulas de *a montes e a fontes*.

Na marca dos lindes utilizaranse elementos singulares na paisaxe como son as rochas, que polo seu tamaño, emprazamento e visibilidade, son idóneas por destacar na paisaxe e, por tanto, son fáciles de atopar na comprobación dos límites. Ferro Couselo no seu traballo sobre petroglifos de termo, sinala como numerosas pedras aparecen con inscricións que sinalan a súa función de marcos de delimitación. Son as chamadas *petra scripta*, nas que aparecen debuxos desde cruces, letras iniciais da parroquia ata outras formas. A toponimia ofrécenos testemuñas destas marcas de termo como no Marco de Outeiro da Cruz, en clara alusión a cruces de termo; ou simplemente unha pedra: Padrón do Marco, Pedra do Acordo, ou Marco dos Catro Abades, Peñasco dos Catro Clérigos en Santa Eulalia de Urros. Moitas delas encerran lendas ou contos sobre o proceso destes lindes, deixando constancia do acordo con reunións festivas ou doutras menos ledas no lugar do conflito. Tamén as voces como *couto*<sup>37</sup> e *arrotea*<sup>38</sup> remítennos a procesos de delimitación (Ferro Couselo, J, 1952, 41-150, Rodríguez Álvarez, R., 2003:55).



Mapa da parroquia de Narla coa localización de mámoas. Resaltadas as próximas aos lindes. Elaborado polo SITGA. Fonte: Datos de campo do Grupo de Investigación 1520 da Universidade de Santiago de Compostela

Resulta singular e moi significativo o aproveitamento dos mesmos monumentos megalíticos como marcos. Martín-Torres, nun estudo feito sobre estes sinala que o feito de ser construcións con presenza moi visible na paisaxe outorgáralles un papel activo na demarcación do espazo no que eran emprazados. Na súa función de marcos de termo aparecen xa desde o medievo en documentos de expedientes de apeo e como tales podemos velos no século XVIII no Catastro da Ensenada<sup>39</sup>. Este autor afirma como o megálito, de ser unha obra de homes pasa a converterse nun “accidente geográfico”, perfectamente asimilado xa polo entorno. Esta función de marco contribuíu á súa conservación perdurando aqueles que están situados nas zonas das divisorias máis elevadas e normalmente incultas (Martín-Torres, 2001, 43-45, Ferro

Couselo, J. 1952:27). A continuación podemos observar no seguinte mapa unha relación de mámoas localizadas no concello de Friol en torno á parroquia de Narla.

Todas estas referencias que podemos atopar na paisaxe aparecen en distintos documentos, destacando sobre todos eles o Catastro da Ensenada, feito en Galicia entre os anos 1750 e 1760. Este documento ten unha especial importancia por acercarnos a reconstrución do territorio da parroquia a partir das respostas ás preguntas do Interrogatorio<sup>40</sup>, onde na súa terceira pregunta se require:

3. *Que territorio ocupa el Termino, quanto de levante a poniente, y del Norte al Sur: y quanto de circunferencia, por horas y leguas: qué lindero, o confrontaciones; y qué figura tiene, poniéndola al márgen.*

A información achegada desde esta fonte non é uniforme, presentado parroquias con abundantes referencias xeográficas na descrición da súa liña divisoria, en tanto noutras non teñen ningunha ao aparecer integradas dentro dunha xurisdición, que é o territorio con información sobre o linde.


<sup>37</sup> Xa na idade media era empregado como sinónimo de marco ou termo, así nos atopamos con Pena de Coto Posteriormente ampliará o seu significado ao contido, o territorio marcado.

<sup>38</sup> Sinónimo de rozadas ou britadas, moi frecuente nas zonas de límites por estar relacionado co costume de deixar incultos os terreos limítrofes

<sup>39</sup> Este autor nun estudo feito sobre 266 freguesías que conformaban a provincia antiga de Betanzos, sinala que é unha das referencias de termo máis citadas explicitamente, despois das fontes e os cursos de auga.

<sup>40</sup> Neste traballo consideran a parroquia como unidade territorial básica e aparece sempre individualizada, formando caderno á parte en bastantes casos, excepto cando a parroquia pertence a xurisdicións distintas, a pesar de que as unidades territoriais individualizadas que se consideraron para a formación do Catastro foron as civís: xurisdicións, partidos e coutos.

Existen outras fontes nas que se poden atopar referencias máis ou menos directas sobre o termo parroquial, como pode ser o Catálogo de expedientes de veciños da Real Audiencia (de 1522 a 1859)<sup>41</sup>, ou estudos recentes nos que, en moitos casos, fan reconstrucións dos lindes a partir das testemuñas dos veciños ao Catastro do Ensenada. Trátase de investigacións de diferente envergadura na que se aborda o estudo descritivo e histórico sobre unha comarca, concello ou parroquia<sup>42</sup>.



Texto extraído da Pregunta do Interrogatorio do Catastro da Ensenada da parroquia de Narla (Friol-Lugo). Fonte: <http://pares.mcu.es/catastro>

## 3.2 Información dos lindes da parroquia en documentos cartográficos

No último século acometéronse diversos traballos nos que se reflicte a información sobre a división territorial da parroquia no mapa. Esta será utilizada como referente de localización ou de liña de acoutamento dun espazo determinado.

Atopámonos cos expedientes de deslinde de concellos, nos que o linde da parroquia marca o que será o do concello; os mapas resultantes da xestión da concentración parcelaria, que determinan o espazo afectado pola actuación; os levantamentos feitos para dirimir as propiedades dos montes veciñais en man común, que serve para establecer o linde entre propiedades pertencentes a parroquias ou lugares de parroquias diferentes; e por último, nos traballos catastrais que sen estar reflectidos na cartográfica, amosan referencias a esta ao utilizarse para o apoio na identificación e localización de fincas.

A utilización destas fontes como referente para a reconstrución do linde parroquial, ten un diferente alcance, pois ningunha abarca a totalidade das parroquias e a finalidade dos traballos vai a determinar a precisión e calidade do termo da parroquia.

### 3.2.1. Expedientes de deslinde de concellos

Son moitos os expedientes de deslinde que se tramitaron ao longo do século e medio, non só entre concellos, senón entre parroquias do mesmo concello, preferentemente sobre a pertenza de montes veciñais; e dos que moitos despois de esgotar a vía administrativa pasaron á xudicial.

Resultan complexos e de enorme importancia para os intereses de concellos e a seus habitantes. Por isto, para o levantamento da acta de deslinde, farase precisa a comparecencia desde o alcalde, tres concelleiros, o secretario, un perito mais os

<sup>41</sup> Nesta documentación dirímense conflitos da vida comunitaria tradicional: explotacións de montes e baldíos, aproveitamentos de augas, mesmo a delimitación de termos parroquiais

<sup>42</sup> Podemos destacar o traballo de Julio Dávila Díaz sobre a Geografía Descriptiva de la Comarca de Ortigueira, no que se deixa constancia de que os lindes foron confrontados sobre o propio terreo. Outros exemplos son o estudo feito sobre a parroquia de Trobo -Begonte, Lugo ou da totalidade do concello en Boqueixón na provincia da Coruña, que chegou a publicar un mapa coa súa delimitación parroquial

veciños coñecedores do terreo. Esta acta é remitida ao Goberno civil, e cada concello que intervén, queda cada un coa súa. Desde o ano 1924, o Instituto Xeográfico Nacional intervén nestes expedientes facendo o correspondente informe. A información correspondente á primeira delimitación no século XIX, é á que se lle vén dando maior validez sobre outras posteriores<sup>43</sup>. Neste documentos ponse de manifesto a dificultade para trazar a liña divisoria do termo municipal, que se apoia na da parroquia. Isto traducirase na existencia de disputas que fixeron necesaria a creación dunha Comisión Galega de Delimitación Territorial<sup>44</sup>.

Na análise da cartografía actual pódese observar como a falta de harmonización e de actualización desta información provoca a disparidade entre os trazados existentes nas distintas fontes cartográficas: o Catastro de Rústica, a Cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia, as bases dispoñibles do IGN ou as propias do concello. Dos problemas do deslinde municipal, do que no seu día se levantou acta, podemos darnos conta da dificultade que supón a demarcación parroquial sen unha documentación axeitada.

Límite entre Cariño e Ortigueira.  
Liña vermella, linde que aparece na cartografía 1:5.000 da Xunta de Galicia; en cor amarela, o que aparece na base do SITGA procedente do IGN



### 3.2.2. A parroquia na cartografía dos montes veciñais


Na Lei de Montes Veciñais en Man Común do 27 de xullo de 1968 e no seu Regulamento do 9 de marzo de 1970 aparecen definidos como:

*Montes pertencentes ós veciños agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos, barrios e outros similares non constitutivos formalmente en entidades municipais que, con independencia do súa orixe veñan aproveitándose consuetudinariamente en réxime de comunidade, exclusivamente polos integrantes de ditas agrupación na súa calidade de membros das mesmas*

O historiador Xesús Balboa sinala que poden ser titulares dos montes veciñais dende unha pequena aldea ata unha parroquia, ou a varios núcleos de poboamento que non chegan a formar parroquia e, incluso, chegan a existir montes pertencen a distintas parroquias limítrofes cun aproveitamento “en mixtiión” do monte.

A administración civil utilizará a parroquia como principal referencia na asignación das propiedades comunais, sobre todo, nos casos de disputa entre comunidades pertencentes a aldeas de diferentes parroquias. Isto pódese comprobar na formación dos expedientes de excepción da desamortización, agrupados por parroquias aínda que ás veces a comunidade se reduce aos lugares.

Porcentaxe de superficie de monte comunal por provincia



<sup>43</sup> Sirva como exemplo o problema dos deslindes entre os concellos de Forcarei e Cerdedo no que se discute a validez dos lindes acordados en 1889 diferentes aos establecidos en 1942 con motivo dos traballos da elaboración do mapa topográfico nacional e da formación do parcelario do catastro. Serán aprobados os acordados na acta levantada en 1889 por ser un deslinde feito con carácter xurisdiccional. <http://www.xunta.es/Doc/Dog2007.nsf/FichaContenido/23BE?OpenDocument>

<sup>44</sup> No Decreto 370/1998, do 10 decembro establécese a natureza das súas funcións: participación decisiva na elaboración do mapa municipal de Galicia, emisión de informes en todos os expedientes de alteración dos límites municipais e procedementos de demarcación e deslinde dos termos municipais, que se deriven de conflitos formulados entre os municipios afectados.

O deslinde destes montes resulta problemático ante a ausencia de base histórica ou documental nos expedientes, o que provoca:

- a) Alteracións destes lindes ao verse estas superficies reducidas ante apropiacións indebidas por parte da propiedade individual e polos montes de utilidade pública.
- b) Numerosos conflitos entre parroquias e lugares que conduce á existencia de numerosos litixios nos que o linde parroquial -en certos casos coincidente co municipal- é cuestionado<sup>45</sup>.

Ante estes problemas na delimitación destas propiedades comunais, na lei do 13/1989, do 10 de Outubro, de Montes Vecinales en Mano Común, obrígase aos Xurado de Montes a achegar a planimetría necesaria para a resolución clasificatoria do monte. Nesta fíxanse a superficie e os lindes deste.

As présas e os medios cos que se fan estes traballos provocarán a falta de rigor na tramitación dos expedientes de clasificación e unha documentación gráfica deficiente (Bravo Portela, 1995). Os esbozos ou planos nos que se basean as Resolucións son impresos xeralmente con erros de distinta gravidade na precisión dos lindeiros. Por último, moitos dos deslindes feitos nos anos 60 e 70 non sempre teñen en conta os lindes das parroquias. Por tanto, esta información só se pode utilizar con moitas reservas e unicamente de orientación.

Estas casuísticas fan que non sempre o deslinde do monte comunal sexa unha referencia útil para o noso obxectivo de delimitación parroquial.

Nestes momentos, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural, está a dixitalizar estes lindes para a elaboración dunha cartografía vectorial coa súa corresponden base de datos. Así mesmo abríronse unha liña de axudas para acometer os traballos necesarios para o deslinde, previo acordo das distintas partes.

A información utilizada como referencia para a delimitación da parroquia procede das fichas que acompañan as carpetas da catalogación de montes veciñais, así como da información cartográfica dixitalizada a partir dos mapa anexados a esta.

Parque eólico na Península do Barbanza: Os montes veciñais son obxecto de controversias debido a confluencia de diferentes intereses económicos, isto será unha importante motivación para fixar os seus lindes



### 3.2.3. Os planos da concentración parcelaria

Nos traballos da concentración parcelaria o deslinde parroquial serve de marco, para determinar o espazo afectado por unha determinada actuación encamiñada a ordenar o territorio establecendo unhas dimensións racionais das unidade de explotación<sup>46</sup>. No Decreto de concentración contéplase que o perímetro da zona veña delimitado e, nun principio, coincida cos lindes da parroquia. Se o perímetro da zona é superior ou inferior á parroquia, terá que xustificarse. Por tanto, o linde da parroquia é necesario para determinar o espazo de actuación. Aínda así, non sempre serán recollidos na súa totalidade segundo se o tipo da actuación é sobre a totalidade da parroquia ou tan só unha parte. Estes traballos non teñen como obxecto o facer unha cartografía da demarcación

<sup>45</sup> Na seguinte páxina de internet pertencente á Organización Galega de Comunidade de Montes Veciñais, pódense ver diferentes casos de conflitos sobre a delimitación monte comunal. [http://www.orgacmm.org/xteimas/teim-20\\_xurado\\_e\\_liortas\\_varias](http://www.orgacmm.org/xteimas/teim-20_xurado_e_liortas_varias)

<sup>46</sup> A unidade mínima de explotación vén a estar integrada pola casa, as terras adscritas a esta, os elementos de traballo, o gando e as instalacións.





Plano concentración parcelaria de Zona San Xoán de Macendo en Boiro. O monte veciñal queda fóra da concentración

da parroquia, pero a necesidade de utilizar esta referencia ofrécenos información sobre os mesmos.

Esta información tampouco abarcará toda Galicia, pois os traballos da concentración afectan a un 25% do seu territorio. Todo isto reduce considerablemente o número de parroquias que teñen unha completa delimitación do seu territorio.

A utilización desta fonte presentou limitación no seu uso, ao non poder dispor dun fondo dixital único que recolla o conxunto destes traballos, e por tanto utilizar de referencia.

### 3.2.4. As referencias na información catastral

Nos traballos catastrais recórrese á parroquia para a xestión dos traballos de recollida de información sobre o territorio, pero iso non implica a súa inclusión como referencia territorial.

Nas fichas de identificación das parcelas non sempre vén reseñada na localización a parroquia ou lugar. Tampouco aparece, de xeito sistemático, na cartografía do parcelario onde veñen identificados algúns paraxes. Isto dificulta e limita a súa utilización para o recoñecemento da demarcación parroquial.

Sen dúbida ningunha, nos traballos catastrais, feitos polo ano 1950, as referencias sobre a parroquia na localización das propiedades eran máis utilizadas e mellor recoñecidas. As vinculacións coa terra eran máis fortes, polo que na análise dos datos do seu parcelario pódese rastrear moitos destes lindes, máis con certas limitacións pois cada unha das parcelas ten asignado como referencia xeográfica de localización o topónimo dun lugar ou paraxe, a partir deste pódese inferir a pertenza a unha ou outra parroquia<sup>47</sup>.

A consulta a través da súa oficina virtual en internet <http://ovc.catastro.meh.es>, permitiunos facer unha análise conxunta da ficha de identificación da parcela na cartografía existente. A información cartográfica que se pode visualizar a través da páxina web non abarca a totalidade de Galicia. Non contén unha información da parroquia organizada de forma

Consulta referencias catastro e ortofoto



ordenada nin xerarquizada, polo que a súa utilización queda moi limitada, non podendo facer unha consulta sistemática sobre a súa base de datos, reducíndose a comprobacións naquelas zonas nas que as parcelas se poden identificar directamente ou indirectamente coa parroquia.

<sup>47</sup> Neste senso o traballo feito por Juan Luis Dalda sobre a parroquia de Carnoedo do concello de Sada (A Coruña) vén a ser un exemplo moi significativo das posibilidades que ofrece a utilización desta fonte para a reconstrución da paisaxe existente. Ver capítulo 10.

## 4. O Mapa de Parroquias. Cartografía dunha unidade territorial

Durante moito tempo, o coñecemento do perfil da parroquia forma parte dun acervo cultural que se transmite oralmente de pais a fillos. Dan conta deles nos documentos, quédannos as súas referencias na paisaxe, que a toponimia fai evidente. Mais a súa imaxe e forma non son definidas, non pasan dun intento de esbozo recollido nas marxe das follas do Catastro da Ensenada.

Moito teríamos que esperar ata acadar un mapa de toda Galicia no que se puideran visualizar as liñas que debuxan, a modo de gran mosaico, o parcelario parroquial, un espazo sentido e recoñecido ao longo do tempo. A súa cartografía fixa e tanxible, unha “xeografía” percibida que segue subxacente na estrutura territorial.

### 4.1 Antecedentes da parroquia na cartografía actual

No Catastro da Ensenada, na terceira pregunta do Interrogatorio, xa se considera necesario coñecer a forma da parroquia, para o que se require“(.)que figura tiene, poniéndola al márgén”. Así, na beira das follas das resposta ao Interrogatorio, visualizamos formas e figuras diversas, máis alongadas ou redondeadas, que de xeito simple, salvo algunhas excepcións, déixannos o perfil dun territorio.

Durante anos a parroquia figuraría no mapa como topónimo localizado na proximidade dunha icona representativo da igrexa. Así, aparecerán no mapa de Fontán sen poder saber ata onde chega o seu territorio, así como no resto da cartografía oficial.

Será desde a Universidade de Santiago de Compostela onde, por iniciativa dalgúns profesores do departamento de Xeografía, darase comezo a unha serie de traballos encamiñados á procura dunha cartografía que recolla a delimitación parroquial.

No ano 1976 publícase un mapa no que son localizadas mediante un punto 3.773 parroquias rurais<sup>48</sup>. Será no ano 1979 cando se presente o Mapa de Límites de las Parroquias de Galicia, a escala 1:200.000, no que apareza o trazado dos límites das parroquias, que se identifican mediante a inscrición do número que se lle asignara no Mapa de Localización de las Parroquias de Galicia. Por vez primeira darase o dato correspondente á superficie da parroquia, obtida da planimetría.

Sobre a precisión destes lindes os autores comentan que non pretenderon a súa exactitude, pois

*(..) La realidad dice que una delimitación de este tipo es imposible de llevar a cabo. De hecho el límite entre parroquias no es una línea en su sentido estricto. Se trata, más bien, de una sutil divisoria “moral” que se adapta al medio, sobre todo a la topografía, y que tiene raíces históricas. (Miralbes Bedera, et alter, 1979:7).*

Desta maneira, este mapa achéganos unha primeira visión completa do mosaico parroquial de Galicia, múltiples espazos fronteirizos de realidades pechadas cada unha co seu propio territorio. A parroquia adquire unha forma ata agora descoñecida, o seu debuxo non deixará que quede esquecida na memoria colectiva. A súa delimitación aproximada vai a permitir obxectivizar unha información sobre os lindes, que facilita a súa utilización nos máis diversos ámbitos e, polo tanto, a posibilidade de verificar e mellorar a súa precisión.



Parte do Mapa de Límites de Parroquias de Galicia do ano 1979

<sup>48</sup> Nesta publicación *Galicia. Mapa e Índice de Localización Geográfica de sus parroquias*, achegábase un mapa esbozo a escala 1:500.000 coa localización das parroquias mediante punto cun número que se identifica nuns índices co seu correspondente topónimo.



Dentro deste proxecto atopamos o Xeoportal do SITGA, que conta cos servizos mínimos recomendados pola IDE. Neste portal pódese acceder á visualización e superposición de diversos contidos xeográficos, catálogo de datos para consultar información sobre entidades incluídas na cartografía -metadatos-, así como a súa localización xeográfica -servizo de nomenclátor-, ou mesmo a descarga de mapas publicados ou a elaboración de certos mapas temáticos.

Desde o Proxecto Parroquias de Galicia, acometido no SITGA, abórdase a cartografía da parroquia desde a perspectiva que supón a completa integración da información relativa á súa delimitación territorial na IDEG. Esta iniciativa implica un proceso de recompilación da información existente en diferentes fontes cartográficas nas que esta demarcación é unha referencia territorial: planos da concentración parcelaria ou nos correspondentes á delimitación de montes veciñais en man común, para obter unha capa coa demarcación parroquial que sexa un referente con garantías para calquera usuario. Tamén implica a súa integración con bases de datos espaciais con información sobre o seu territorio para poder xerar consultas de distinta índole e facilitar a elaboración de mapas temáticos.



<http://sitga.xunta.es>

#### 4.3.1. Procesos de captura e actualización da información do límite de parroquias

Os obxectivos anteriormente expostos supoñen abordar a elaboración do mapa de parroquias na que se terá en conta a consulta e utilización de toda a información xeorreferenciada, moita da cal pode estar relacionada coa delimitación da parroquia. Por tanto, os procesos de captura e actualización faranse aproveitando as posibilidades que ofrecen ao relacionar múltiples datos xeográficos procedentes de diferentes fontes tanto cartográficas como documentais, ao tempo que se pode chegar a traballar virtualmente sobre o territorio mediante a utilización da ortofoto.

##### a) Ortofoto do SIXPAC<sup>49</sup>

O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas, consta dun mosaico de ortofotos dixitais do ano 2003 e a escala 1:5.000, que abarca todo o territorio galego. Permítenos a súa visualización xunto con diferentes capas de información procedentes de cartografía base do SITGA.

A partir da ortofoto e coa capa dos lindes de parroquia elaboráronse documentos que se utilizaron en traballos de diferentes proxectos, nos que se realizaron procesos de verificación do linde parroquial mediante enquisa de campo.

##### b) Cartografía base de referencia.

A dispoñibilidade de cartografía dixital xeorreferenciada facilitan unha gran cantidade de información (orografía, a hidrografía, rede viaria, núcleos de poboación e toponimia), que serve de apoio para a localización de referencias xeográficas coñecidas ou documentadas sobre o linde da parroquia.

Neste proceso utilizouse a cartografía do Instituto Geográfico Nacional (1:25.000) e da D.X. de Urbanismo da Xunta de Galicia (1:5.000). Ningunha destas fontes dispón de información de lindes de parroquias.

Utilización de diferentes capas de información de distintas fontes cartográficas



<sup>49</sup> O Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) é unha base de datos oficial de referencia para a identificación de parcelas agrícolas, de utilización obrigatoria en España para realizar as solicitudes de axudas directas da PAC que requiran declarar superficies. A consellería de Medio Rural, a través do FOGGA, é a responsable da explotación e mantemento do SIXPAC en Galicia <http://mediorural.xunta.es/fogga/sixpac/index.php>



Na foto pódese observar a detección dun erro no linde da parroquia ante situación dun núcleo dividido entre dúas parroquias

- A hipsometría e a hidrografía serán elementos que serviran para detectar fronteiras naturais polas que discorre a liña divisoria. Axustaranse moitos destes lindes seguindo as curvas de nivel polos outeiros e vales, ou polos ríos, maila que non sempre o linde vai polo río chegando incluso a non respectalo<sup>50</sup>.

- A rede viaria resulta outro elemento a ter en conta, aínda que moitos son os camiños que desapareceron ante as profundas mudanzas da paisaxe. Moitas das referencias documentais que se fan a estes son difíciles de atopar ante o desuso destas vías.

- Os asentamentos de poboación. Son un dos principais referentes utilizados, e o menos discutido en canto adscripción parroquial. Por este motivo, procedeuse á verificación da correcta localización de cada núcleo en relación co espazo parroquial.

Nunha primeira fase completouse a localización de todas as entidades singulares relacionadas no nomenclátor do INE, acadando as preto de 30.000 entidades. Nunha segunda fase procedeuse á verificación da súa situación e á realización das correccións oportunas no linde o no núcleo. Neste proceso foi fundamental a utilización da ortofoto, que permitiu unha maior precisión na identificación do núcleo. Atopáronse erros de distinta consideración no linde da parroquia, imputables á falta de precisión das cartografía utilizadas con anterioridade. Porén, a precisión da demarcación seguindo este criterio non é absoluta, tendo en conta que se carece dunha delimitación do ámbito territorial da entidade singular, que no caso de ser diseminado a indefinición resulta maior. Unha vez máis ponse en evidencia o interesante que sería ter feita unha delimitación espacial da entidade singular (lugar, aldea, barrio..), sexa núcleo ou diseminado. Esperemos que nun futuro próximo se acometa este traballo, xa que as posibilidades que nos proporcionan os medios tecnolóxicos fan doado poder asociar a información estatística a unha cartografía precisa do territorio ao que fai referencia.

- A toponimia. As abundantes referencias toponímicas da cartografía 1:5.000 fixeron posible atopar nomes documentados que estaban relacionados co linde da parroquia.

c) Utilización das referencias aos lindes das parroquias da cartografía dos montes veciñais en man común.

Utilizamos a cartografía pertencente á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural. Esta información coa correspondente base de datos asociada a ela. Esta información é dunha enorme valía, pois achéganos ao linde nunhas zonas nas que a súa investigación se complica ante a falta de referencias difíciles de localizar ou esquecidas. Nesta documentación, o interese dos propios veciños por demarcar a súa propiedade común dá lugar a que, en certos casos, se teña que precisar e documentar o linde da parroquia.

Esta información non abarca a totalidade das parroquias de Galicia, nin tampouco podemos afirmar categoricamente que se correspondan cos lindes antigos, pero serven para aproximarnos a súa realidade e para validalos polo seu uso actual. Non podemos esquecer que aínda segue a haber preitos por desacordo no trazado destes.

A base cartográfica na que aparece o linde dos montes ten grandes eivas por tratarse dunha dixitalización dunha información recollida no seu día sobre mapas de diferentes escala. Actualmente estase a proceder á súa revisión e á formación dunha base cartográfica con datos asociada a ela, para a súa integración nun sistema de información xeográfica.

<sup>50</sup> Un destes casos sería o propio concello de Santiago no que a parroquia de Barcela continua máis alá do río Tambre no concello de Oroso.

Partindo desta documentación consultáronse máis de 1000 parroquias, das que preto de 550 sufriron algún tipo de modificación no límite, polo que sofren importantes cambios nas medicións das áreas superficiais das mesmas.

**d) Referencias na planimetría da concentración parcelaria.**

Neste proceso de verificación dos lindes utilizouse un traballo no que, a partir da imaxe satélite Spot do 1995 e dunha Landsat do ano 1997, se xerou un mapa das zonas afectadas pola concentración parcelaria en todo o territorio de Galicia. A relación desta información coa parroquial non nos permite acadar unha gran precisión, pero si detectar erros de consideración que posteriormente son verificados e corrixidos.

Nun futuro próximo poderase ter unha base cartográfica única con todas as zonas concentradas. Isto posibilitará a súa utilización de maneira sistemática para mellorar a precisión do linde parroquial.

**e) Consulta da documentación cartográfica e fichas do parcelario do Catastro de Rústica a través da oficina Virtual.**

Na ficha que identifica cada parcela aparecen datos de localización, nos datos de localización aparece contemplada a parroquia coa abreviatura PQ, tamén válida para parques. Por tanto, non existe unha identificación da parcela coa parroquia, salvo excepcións, nin tampouco criterio ningún na súa utilización<sup>51</sup>, nin vinculación ningunha co seu espazo territorial. Resulta difícil chegar a facer unha análise sistemática desta fonte para a recuperación da delimitación parroquial. Se ben o polígono que agrupa un certo número de parcelas chega ata certo punto a manterse dentro do linde municipal, coa parroquia non mantén relación concreta ningunha.

Por outra parte, tampouco nestas fichas de parcelas se consigna en todas elas a localización na parroquia ou lugar que se poida asignar a este. Se ben o polígono chega ata certo punto ao manterse dentro do linde municipal, a parroquia non existe.


A consulta deste documentación para delimitación de parroquia fíxose de xeito puntual para comprobar a súa validez e posibilidades de utilización. Foi posible naqueles casos no que na ficha da parcela viña, no apartado de localización, consignada a parroquia ou lugar.

Tamén se empregaría para a identificación de certos núcleos e para aproximarnos a unha delimitación destes a partir das parcelas que tiña asociado segundo aparecía indicado na súa ficha correspondente. Este método utilizaríase para modificar o linde cando coincidía no seu paso entre dous núcleos de poboación de diferente parroquia.

**f) Achega de traballos de campo de proxectos e de colaboradores no territorio.**

Co fin de recoller a maior cantidade posible de información para a verificación dos lindes parroquiais da cartografía base do SITGA, acometéronse diferentes iniciativas encamiñadas a que certos proxectos que se estaban a realizar no SITGA e que tiñan a parroquia como referente do seu estudo, tivesen en conta nos seus traballos o contraste da demarcación da parroquia. Así mesmo, realizáronse xestións con certas entidades, para as que a parroquia serve de ámbito de actuación no seu traballo, para que colaborasen nos procesos de revisión dos lindes.

- Proxecto Toponimia de Galicia. Neste estase a recoller toda a toponimia existente no territorio mediante enquisa de campo. A parroquia serve de referencia na súa localización. A enorme cantidade de referencias achegadas



Espazo territorial delimitado do monte veciñal (liña en verde), identificado na ficha correspondente, axuda a precisar o linde da parroquia. Fonte: SITGA



Utilización de información do Catastro de Rústica, ortofoto e cartografía base que permiten verificar algunhas zonas do linde parroquial

<sup>51</sup> No concello de Cambre do total de parroquia só aparecen 2 de 12, e no de Lalín tan só aparecen 4 de 47.

e identificadas sobre ortofoto con delimitación parroquial, proporciona unha certa garantía na verificación dos lindes. A información utilizada deste proxecto abarca pouco menos dunha cuarta parte do territorio, pois este proxecto aínda non está rematado para toda Galicia.

- Proxecto de colaboración coa institución de Correos. Comprobación de lindes de parroquias en concellos coa colaboración da institución de Correos, mediante o equipo de dimensionamento, encargados da organización dos reparto de correos. Esta comprobación abarcaría uns 150 concellos, o que supuxo modificacións en preto de 60 concellos. Esta información redúcese á verificación dos lindes con respecto aos núcleos de poboación e nas súas inmediacións.

- Realización de xestións con concellos, asociacións veciñais<sup>52</sup> e mancomunidades de montes veciñais<sup>53</sup>. Facilitouse cartografía para a comprobación en campo das delimitacións correspondentes a súas parroquias.

- Colaboración co bispado de Ourense, que nos proporciona información sobre a división parroquial do concello de Ourense así como doutros concellos da súa diocese.

g) Elaboración dunha páxina na internet para consulta da información dos lindes parroquiais.

A actualización da información xeográfica resulta custosa, polo que para optimizar traballos de campo e a captura da información in situ, púxose en marcha no SITGA unha páxina en internet na que se poden visualizar os lindes das parroquias e os núcleos de poboación, xunto con outra información de referencia.

Esta páxina proveuse dunha serie de ferramentas que permiten tanto a introdución de texto como o debuxo de liña para marcar as correccións que se consideren oportunas.

Con esta iniciativa trátase de facilitar aos usuarios a detección de erros tanto na demarcación parroquial como na localización de entidades de poboación, para a súa posterior corrección. Mediante este proceso quérese aproveitar a información que o propio usuario pode achegar partindo da seu contacto directo co terreo. Feitas as correccións oportunas ou engadida a información considerada polo usuario, procédese ao seu envío ao SITGA, onde se verifica e contrastan os datos recibidos antes de modificar a base cartográfica.

As referencias territoriais que achega a propia visualización da ortofoto do SIXPAC, xunto coa hidrografía e a toponimia dos núcleos de poboación proporcionan unha valiosa información xeográfica para a verificación e corrección tanto da demarcación territorial como da situación e identificación de núcleos de poboación. Con esta mecánica de traballo preténdese acadar unha maior precisión na información e unha actualización inmediata.



Consulta de información sobre o mapa de parroquias na internet. <http://sitga.xunta.es/parroquias>

Sobre o mapa pódense facer correccións e introducir información. En vermello texto introducido e liña modificada



<sup>52</sup> Destacamos entre outras a asociación cultural Columba da parroquia de Covas no concello de Ferrol, <http://www.sociedadecolumba.com>

<sup>53</sup> A mancomunidade de montes do Val Miñor que abarca os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, a comunidade de montes da Lama, ou a de Terra Chá para comprobación en cinco parroquias do concello de Guitiriz e unha parroquia do concello de Friol, son un exemplo desta iniciativa.

#### 4.3.2. Metadatos da parroquia

Os metadatos, ou “datos sobre os datos”, consisten en informacións que acompañan a cada capa de datos espaciais informando sobre as súas características. A documentación dos datos posibilita un mellor aproveitamento da información ao quedar definidos parámetros como son o ámbito xeográfico, a escala, procesos realizados sobre a capa, extensión temporal dos datos, etc. A xeración dos metadatos segue uns requirimentos aprobados pola Comisión da UE, e o seu acceso por parte dos usuarios prodúcese mediante o uso dos catálogos desde as IDE.

A ficha de metadatos correspondente á parroquia achega información como a identificación na que aparecen título, descrición, coordenadas e punto de contacto da entidade encargada da xestión ou elaboración desta información, e o tipo de arquivo gráfico para visualizar o mapa.

A información sobre a organización de datos espaciais referente á parroquia pódese resumir na seguinte: un obxecto de tipo Área que fai un total de 3794 obxectos. Esta entidade ten como atributos CODPARRO (Código unívoco para cada parroquia), NOME (Topónimo oficial), e SUP (Superficie da área calculada automaticamente). E por último, na Información de Referencia de Metadatos, aparecen os datos sobre a última data de revisión (12 de novembro de 2008), a futura revisión e o organismo encargado da xestión destes datos.



<http://sitga.xunta.es/Sitga/sitga/BusquedaCatalogo/catalogo.as>

### 4.4 A representación cartográfica da parroquia no mapa 1:200.000

Na metodoloxía utilizada buscouse acadar unha maior precisión no trazado do linde mediante a consulta de referencias en documentos tanto escritos como cartográficos, nos que aparece a parroquia como unidade territorial.

Para a súa representación no mapa seguíronse unha serie de criterios nos que se ten en conta as diferenzas indicadas entre entidade colectiva e a parroquia propiamente dita. Con tal obxecto, facemos as seguintes consideracións:

- a) Tratamos de reflectir na cartografía os lindes recoñecidos e asumidos polos veciños, para o que nos apoiamos tanto en información recollida en campo mediante enquisa como en documentación histórica (Catastro Marques de la Ensenada e outros) ou en traballos cartográficos que a utilizarían como referencia (concentración parcelaria e montes veciñais comunais).
- b) Partimos da consideración da parroquia como entidade colectiva, figura estatística asumida pola administración civil, que agrupa as entidades singulares de poboación existentes nun municipio e resulta coincidente na súa práctica totalidade coa eclesiástica.
- c) Non son contempladas as parroquias canónicas, que non son consideradas como entidades colectivas polo Instituto Nacional de Estadística (INE), polo que non se representan as situadas nos núcleos urbanos.
- d) Non son consideradas as entidades colectivas, que cun criterios estatístico son creadas a partir da diferenciación do rural do urbano dentro dunha mesma parroquia. Exemplos disto son Baiona, Moaña, Carril e Outes.
- e) A localización do símbolo da parroquia establécese no punto no que se atopa o edificio da igrexa. Este elemento serve de principal referencia na identificación do territorio da parroquia.





Parroquia co territorio fragmentado en dous concellos

f) Son sinaladas cunha simboloxía particular: as parroquias divididas polo linde municipal, as parroquias con territorio fragmentado dentro do mesmo concello e as parroquias que provocan unha discontinuidade no territorio do concello ao estar separadas dentro doutro.

g) As parroquias con territorio fragmentado polo linde municipal, aquelas con territorio discontinuo que teñen o seu territorio fragmentado en dous concellos, son sinaladas cunha simboloxía que nos indica o territorio que lle corresponde.

h) Cada unha das parroquias é identificada co topónimo correspondente, de acordo co establecido pola Lei de normalización lingüística, que no seu artigo 10 estipula que “os topónimos terán como única forma oficial a galega”.

i) Na base cartográfica que está integrada no sistema de información xeográfica, cada unha das áreas que representa a parroquia identifícase co código que o INE lle asigna como entidade colectiva. Están representadas tódalas entidades colectivas, sexan ou non parroquias<sup>54</sup>, a diferenza do feito no mapa. Isto busca acadar unha vinculación entre as áreas representadas no mapa e os datos existentes nas fontes estáticas oficiais correspondentes ás entidades colectivas. Deste xeito pódese realizar diferentes consultas interactivas entre ambas bases para xerar distinta cartografía temática. Poderíamos dicir que se pode falar dun certa diferenza, non moi significativa, a existente entre o mapa de parroquias publicado en papel e o mapa de entidades colectivas.

j) Por último, o linde da parroquia reflectido no mapa non ten carácter administrativo nin valor xurídico. A cartografía da demarcación territorial da parroquia pretende ser unha base cartográfica que sirva de orientación e, así ser unha referencia útil na xestión e no estudo do territorio.

## 5. A Parroquia, paradigma dunha demarcación territorial nos tempos da aldea global

Esta nova publicación do mapa de parroquias supón un gran avance na reconstrución dunha estrutura territorial de Galicia, que ten unha especial relevancia para comprender o proceso de construción social dun territorio. A aplicación das novas tecnoloxías posibilitáanos abordar a demarcación territorial utilizando información xeorreferenciada de distinta cartografía, así como permitiu que os novos proxectos de actuación sobre o territorio tivesen o linde da parroquia como referencia para a súa verificación e corrección.

Na actualidade, a delimitación da parroquia, ao ser unha capa de información da cartografía base ou de referencia, pasa a ser un dato que a súa propia utilización converte nunha información en estado de continua revisión ou verificación, en tanto, dalgún xeito, non se levante acta e sexa marcado sobre o territorio. O documento cartográfico deixa de ser algo estático e de difícil e custosa actualización, para ser algo dinámico e vivo, do que a demarcación parroquial saca proveito no seu intento de acadar un linde do acordo, non conflictivo para as partes, que non ten por que ser o linde “antigo”. Convértese o mapa nun documento que co paso do tempo vai recollendo as testemuña da realidade dun territorio froito da resolución de conflitos, da investigación na documentación

<sup>54</sup> Isto obriga a delimitar as entidades urbanas (xa comentamos nun apartado anterior deste capítulo) como nos casos da Serra de Outes, ou de Baiona (diferencian núcleo urbano: Santa María, do rural: de Santa María de Fóra) entre outras. Non son parroquias eclesiásticas e o seu deslinde faise dun xeito impreciso ante a falta de datos e axústase ao espazo urbano.

histórica ou de acordos entre os veciños. Polo tanto, somos conscientes de que o trazado da divisoria parroquial presentada neste mapa debe seguir mellorando para acadar unha maior precisión.

No marco do Proxecto de Parroquias de Galicia, no que se elaborou este mapa, quixéronse abrir novos camiños na investigación do límite parroquial, acometendo iniciativas de perspectivas diferentes, co obxectivo de mellorar a súa precisión e aumentar as posibilidades do uso desta cartografía:

- Elaboración dunha cartografía histórica tendo a parroquia como unidade territorial de referencia. Nesta liña iniciamos unha revisión histórica do linde parroquial buscando no Catastro da Ensenada referencias xeográficas e valorando as posibilidades da utilización desta fonte documental dunha forma sistemática. A gran cantidade de información que achega este documento faría necesario un proxecto exclusivo. Unha primeira iniciativa que facilitaría a consulta do Catastro da Ensenada sería a vinculación do mapa de parroquias coa documentación referente ao Interrogatorio, para desta maneira o investigador poder traballar co documento ao tempo que visualiza o territorio con información de cartografía base.

Proxectos como DIGMAP<sup>55</sup>, Discovering our Past World with Digitised Maps, “Descubrir o noso mundo pasado a través dos mapas dixitalizados”, ou doutras iniciativas vinculadas ao Patrimonio Cartográfico no marco das IDEs<sup>56</sup>, serven para definir as pautas a seguir para a integración da información procedente da xeografía e da historia, podendo establecer a relación de información de múltiples fontes de cartografía antiga e documentación relacionada con esta, tendo como referencia tanto a toponimia como a parroquia como marco territorial.

- A delimitación do ámbito territorial de cada unha das entidades singulares (núcleo e diseminado) así consideradas polo INE, partindo dun criterio común que reflecta a realidade territorial existente e recolla a perspectiva tanto dos distintos xestores do territorio como a do propio habitante.

- Acometer a completa integración das informacións sobre os lindes parroquiais existentes tanto na cartografía da concentración parcelaria como na xerada pola delimitación das comunidades de montes veciñais, así como outras procedentes de traballos nos que sirva de referencia.

- Disponibilidade da información da parroquia no Xeoportal, desde a que se pode obter diferente información asociada á base de datos como poden ser as densidades de poboación o de poboamento.

- Ponse en marcha a iniciativa de acadar unha cartografía participativa. O progreso no campo das IDE é avanzar cara á colaboración dos usuarios. Dentro dos procesos de revisión da información sobre os lindes parroquiais, iniciamos esta fórmula de traballo, mediante a visualización en internet da información e a posibilidade de xerar, con certas limitacións, un documento con notas de corrección para mellorar a base cartográfica. Consideramos que esta fórmula máis evolucionada será moi útil para a actualización da cartografía nun futuro próximo.

Páxina de acceso a Cartografía de Galicia do SITGA



<sup>55</sup> Nace no ámbito dos arquivos e as bibliotecas. Esta proxecto está vinculado coa visión das “Bibliotecas Digital Europea”, co propósito de converterse na principal fonte internacional e servizo de referencia para mapas antigos e bibliografía relacionada. <http://www.digmap.eu/doku.php>

<sup>56</sup> Parte desde o eido da cartografía. Formouse no ano 2008 un grupo de traballo interdisciplinar de Patrimonio Cartográfico nas IDE, ao carón do Consello Superior Geográfico de España, que ten por obxecto o uso e a promoción do paradigma IDE como medio para a difusión de documentación xeográfica de tipo histórico.

- Integración da información parroquial para a súa utilización en medios como Google Earth, que permite visualizar o límite parroquial neste medio coas posibilidades que este ofrece, tanto pola enorme cantidade de referencias xeográficas contidas como as ferramentas das que está provisto, que dan outra perspectiva do territorio e serven de axuda na súa análise.

Mostaz no Folgoso do Courel



Nin o ser humano nin o espazo xeográfico que na actualidade dan forma á paisaxe son os mesmos. Tampouco as divisorias parroquiais, noutros tempos máis sentidas a modo de “fronteiras”, teñen o mesmo significado. O seus trazados van esmorecendo na memoria, pérdense ante as novas vinculacións do home co territorio, que desencrava a súa actividade da proximidade e a distancia xa non o limita. Os numerosos lazos que nos vinculan co lugar fano dun xeito transitorio e feble. Nestes tempos da aldea global sen fronteiras aparentes, consumidores do efémero, a cartografía da parroquia fainos reflexionar sobre a vixencia dun espazo que, orixinario do medievo, forma parte da nosa realidade territorial e que segue saíndo na radiografía do seu estudo. A súa presenza segue sendo percibida; na súa toponimia lémbra-nos a fondura do seu pasado, inesquecible nesa paisaxe invisible e latente naquela outra visible, malia a non ter o recoñecemento tantas veces aspirado. O seu legado cultural é todo un patrimonio a considerar se pretendemos acadar un desenvolvemento coherente do territorio.

## Bibliografía

- **Balboa López, Xesús** (1990). *O Monte en Galicia*, Vigo:Xerais de Galicia
- **Benabent F. de Córdoba, M.** (1999): *La base territorial de referencia del nomenclátor de población, una propuesta para su mejora*. Boletín de la AGE nº 27, 137-142.
- **Bispado de Mondoñedo-Ferrol** (1996):*Nomenclátor Diocesano de Mondoñedo-Ferrol*, Ferrol.
- **Bouhier, A.** (1979): *La Galicie.Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agrario*.La Roche-sur-Yon, Vendée: Université de Poitiers.
- **Bouhier, A.** (2001): *Galicia. Ensaio Xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela:Xunta de Galicia.
- **Bravo Portela, A.** (1995). "Los montes vecinales, una realidad compleja" en *Congreso de Montes Veciñais*. Xunta de Galicia, pp,261-277.
- **Casas Torres, J. M., Miralbés Bedera, M.R. e Torres Luna M. P. de** (1976): *Galicia. Mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*. Santiago de Compostela: Universidade; Instituto de Geografía del Patronato Alonso de Herrera del CSIC.
- **Chao Rego, Xosé**, (1970)"oustáculos estreitará pra que a parroquia sexa en verdade un siño do Reino de Deus", en *A parroquia Hoxe*, Vigo, pp.89-92
- **López Valcarcel, A.** (1991). "Apendice III. Pieza eclesiástica en 1755", en *Episcopologio lucense*, separata de: la revista Liceo Franciscano, año XLIII. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- **Fariña Jamardo, Xosé** (1990): *Os concellos galegos. Parte Xeral*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza
  
- **Fariña Jamardo, Xosé** (1996): *A parroquia rural en Galicia*. Santiago de Compostela: Escola Galega da Administración Pública.
- **Fernández de Rota, J.A.** (1984): *Antropología de un viejo paisaje Gallego*. 1984, Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- **Fernández Otero, J.C., coord.** (2001) *Guía da Diócesis de Ourense*. Ourense.
- **Ferro Couselo, J.** (1952): *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. Ourense: Talleres gráficos de Miguel López Elizalde.
- **García Álvarez, J.** (2003): "El estudio Geohistórico de las divisiones territoriais subestatales en Europa y América Latina. Actualidad y Renovación", *Investigaciones Geográficas*. Alicante, nº 31, pp. 67-87. Versión electrónica dispoñible en: <http://www.cervantesvirtual.com/portal/IIIGG/>
- **Giménez, G.** (1996): *Territorio y Cultura. Estudios sobre las Culturas Contemporáneas*. México: Universidad de Colima, diciembre, vol. II, nº 4 pp. 9-30.
- **Golmayo, P.B.** (1878): *Instituciones del Derecho canonico*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 1999. <http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/03693952011336051954480/index.htm> (consultado xaneiro 2008)
- **Obispado de Tuy** (1980): *Nomenclátor- Estadística de la Diócesis de Tuy-Vigo*.Vigo.
- **Santiago de Compostela, Arquidiocese**, (1992): *Guía del Arzobispado de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Arzobispado, Delegación de Sociología y Estadística
- **Obispado de Astorga** (1998): *Guía Diocesana 1998. Obispado de Astorga*. Astorga.
- **Lisón Tolosana, C.** (2004):*Antropología cultural de Galicia*. Madrid.
- **López Valcarcel, A.** (2001). Guía de la diócesis de Lugo. Lugo.
- **Maceira Gago, Antonio D.** (2000): *O Arciprestado de Ribadulla*. A Coruña:Fundación Caixa Galicia.
- **Martinón-Torres, Marcos** (2001): *Os monumentos megalíticos despois do megalitismo. Arqueoloxía e Historia dos megalitos galegos a través das fontes escritas (s.VI-s.XIX)*. Valga: Concello de Valga
- **Nadal, F.** (1990): "Delimitar territorios, territorializar a los hombres", en Capel, H (coord.): *Los espacios acotados. Geografía y dominación social*, Barcelona, pp. 95-112

- **Nuria Suárez.** (2005): "La Parroquia eclesiástica colonial. Bases Constitutivas. El caso de San Buenaventura de Ejido" *Presente y Pasado*. Revista de Historia. Año X. Volume 10. nº19. Enero-Junio, páx.48.
- **Otero Pedrayo, R.** (1927): *Problemas de Xeografía galega. Notas encol das formas de poboazón labrega*, en Nós, ano IX, nº 45, pp. 8-13.
- **Pazo Labrador A.J., Santos Solla, J.M.**, (1995): *Poboación e territorio: as parroquias galegas nos últimos cen anos*. A Coruña.
- **Precedo Ledo, A. e Gallego Priego Manuel**, dir. (2001): *Mapa de Límites das Parroquias. Cartografía territorial básica de Galicia*, Santiago de Compostela.
- **Rodríguez Álvarez, M.E., dic.** (2008). *Guía. Diócesis de Ourense*. Ourense.
- **Rodríguez Álvarez, Roberto** (2003). *Os gravados ruprestres históricos do concello de Oia: unha proposta para o seu estudio*. Revista de estudos miñoranos nº 3.pp
- **Sánchez Pulido, José** (1995). "Deslinde y amojonamiento de montes vecinales" en *Congreso de Montes Veciñais*. Xunta de Galicia, pp.203-211.
- **Toffler, A.** (1995), *El "shock" del futuro*. Barcelona.
- **Torres Luna, M<sup>a</sup>. P. de, Miralbés Bedera, R., y Pérez Iglesias, M.** (1978): *El mapa de las parroquias rurales de Galicia y sus aldeas*, en *Misceláneas de Geografía de Galicia en homenaje a Otero Pedrayo*. Santiago: Universidade, Servicio de Publicaciones.
- **Torres Luna M<sup>a</sup>. P. de, Pérez Farifia, M.L., Chantada Acosta, J. R.** (1985): *Las Parroquias de Galicia : cartografía y estadística*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- **Torres Luna M<sup>a</sup>. P. de, Pazo Labrador, Alberto J.** (1994): *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- **Torres Luna, M<sup>a</sup>. P. de, Santos Solla, J.M, Pérez Farifia, M.L.,** (1994): *Municipios y parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- **Torres Luna, M<sup>a</sup>. P. de, e Durán Vila F.R.** (1999): *La diócesis de Mondoñedo-Ferrol. El territorio y el clero (1960-1996)*, Centro de Estudios Mindonienses. Anuario de estudio Histórico-Teolóxicos de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol, pp.619-636.
- **Xunta de Galicia** (2001): *Galicia 1:200.000. Mapa de parroquias*. Santiago de Compostela.
- **Xunta de Galicia** (2002) *Real Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de veciños. I Catálogo*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- **Xunta de Galicia** (2005) *O Catastro do Marqués de la Ensenada*. Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

## Referencia de fontes documentais en internet

- **Arquidiocese de Santiago:** <http://www.archicompostela.org/>
- **Bispado de Lugo:** <http://www.diocesisdelugo.org/>
- **Bispado de Ourense:** <http://www.obispadodeourense.com/>
- **Catastro de la Ensenada. Respuestas Generales:** <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- **Instituto Galego de Estatística:** <http://www.ige.eu/web/>
- **Instituto Nacional de Estadística:** <http://www.ine.es/nomen2/index.do>
- **Oficina Virtual do Catastro:** <https://ovc.catastro.meh.es/CYCBienInmueble/OVCConsultaBI.htm>
- **Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común:** <http://www.orgaccmm.org/xCOMEZO/INICIOentoOa.htm>, (consultado marzo 2008)
- **Sistema de Información Territorial de Galicia:** <http://sitgaideg.xunta.es/parroquias/>
- **Sistema de Información Territorial de Galicia:** <http://sitga.xunta.es>
- **Wikipedia:** [http://es.wikipedia.org/wiki/Usuario:Susana\\_Freixeiro#Susana\\_Freixeiro](http://es.wikipedia.org/wiki/Usuario:Susana_Freixeiro#Susana_Freixeiro) (consultado setembro 2008)



PROXECTO  
PARROQUIAS  
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Turismo



TURGALICIA  
Dirección Xeral de Turismo



xacobeo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Rural



mediorural



SOCIEDADE PARA O  
DESENVOLVEMENTO COMARCAL  
DE GALICIA



SITGA

SISTEMA DE INFORMACIÓN  
TERRITORIAL DE GALICIA  
sitra.galicia.es